



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 486

VIII lexislatura

8 de xuño de 2011

Fascículo 2

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

5.3. Valedor do Pobo

5.3.2. Informes do Valedor do Pobo

- 08/IVAL-0003(65341)

Valedor do Pobo

Informe anual correspondente ao ano 2010

[144855](#)

5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

5.3. Valedor do Pobo

5.3.2. Informes do Valedor do Pobo

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 7 de xuño de 2011, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite, traslado á Comisión de Peticións e publicación

- 08/IVAL-0003(65341)

Valedor do Pobo

Informe anual correspondente ao ano 2010

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2011

José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º



INFORME DO VALEDOR DO POBO
AO PARLAMENTO DE GALICIA

ANO 2010

INDICE XERAL

Páxina

CAPÍTULO 1. RESUMO DAS QUEIXAS POR ÁREAS	1
1.1. Área de emprego público e interior.....	3
1.1.1. Introducción	5
1.1.2. Queixas recibidas e estado de tramitación	5
1.1.3. Queixas admitidas a trámite	6
1.1.3.1. Emprego público	7
1.1.3.2. Orde pública	21
1.1.3.3. Tráfico	21
1.1.4. Queixas non admitidas a trámite	23
1.1.5. Queixas remitidas ao <i>Defensor del Pueblo</i>	24
1.1.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de emprego público e interior	25
1.2. Área de urbanismo e vivenda	91
1.2.1. Introducción	93
1.2.2. Queixas recibidas e estado de tramitación	94
1.2.2.1. Queixas sobre urbanismo	96
1.2.2.2. Vivenda	105
1.2.3. Queixas non admitidas a trámite	110
1.2.4. Queixas remitidas ao <i>Defensor del Pueblo</i>	111
1.2.5. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de urbanismo e vivenda	112
1.3. Área de medio ambiente	165
1.3.1. Introducción	167
1.3.2. Queixas recibidas e estado de tramitación	173
1.3.3. Queixas admitidas a trámite	174
1.3.3.1. Os prexuízos ocasionados polo botellón e en xeral polo consumo de alcohol na rúa	174
1.3.3.2. As localidades con graves problemas de contaminación acústica sen tratamento adecuado: a falta de eficacia á hora de abordar as zonas acusticamente contaminadas por saturación.....	181
1.3.3.3. Locais sen licenza, que non se axustan ao tipo de licenza que teñen, ou que transmiten niveis de ruídos superiores aos permitidos.....	185
1.3.3.4. Incumprimento dos horarios de peche dos locais de ocio.....	189
1.3.3.5. A contaminación acústica e outros problemas ambientais creados por actividades comerciais, industriais ou de diferente tipo	191
1.3.3.6. Tratamento do dereito de acceso á información ambiental e a participación cidadá en materia de medio ambiente	193
1.3.3.7. Avaliación de impacto ambiental.....	195

1.3.3.8. A xestión das augas continentais: os vertidos e as depuradoras ...	195
1.3.3.9. A frecuente carencia de licenza de actividade das antenas de telefonía móbil	196
1.3.3.10. As responsabilidades en materia de animais domésticos e de animais perigosos.....	197
1.3.4. Queixas non admitidas a trámite.....	199
1.3.5. Queixas remitidas ao <i>Defensor del Pueblo</i>	200
1.3.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de medio ambiente.....	201
 1.4. Área de educación	 269
1.4.1. Introducción: A situación da educación en Galicia	271
1.4.2. Queixas recibidas e estado de tramitación	272
1.4.3. Queixas admitidas a trámite.....	274
1.4.3.1. Os chamados recursos educativos complementarios	274
1.4.3.2. O transporte escolar	276
1.4.3.3. Os comedores escolares	279
1.4.3.4. A calidade do sistema educativo.....	282
1.4.3.5. A escolarización.....	283
1.4.3.6. A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.....	285
1.4.3.7. Os cadros de persoal de profesorado	296
1.4.3.8. As condicións dos centros docentes.....	297
1.4.3.9. As ensinanzas de réxime especial: especial referencia ás Escolas Oficiais de Idiomas	299
1.4.3.10. As escolas infantís: insuficiencia da rede pública de garderías e os problemas do programa do cheque infantil	303
1.4.3.11. A educación universitaria	306
1.4.4. Queixas non admitidas a trámite.....	309
1.4.5. Queixas remitidas ao <i>Defensor del Pueblo</i>	309
1.4.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de educación	310
 1.5. Área de industria, comercio e turismo	 355
1.5.1. Introducción	357
1.5.2. Queixas recibidas e estado de tramitación	357
1.5.3. Queixas admitidas a trámite.....	358
1.5.3.1. Industria	358
1.5.3.1.1. Subministración de enerxía eléctrica	359
1.5.3.1.2. Comunicacions telefónicas e electrónicas	364
1.5.3.2. Consumo	364
1.5.3.3. Comercio.....	365
1.5.3.4. Turismo	366
1.5.4. Queixas non admitidas a trámite.....	367
1.5.5. Queixas remitidas ao <i>Defensor del Pueblo</i>	367

1.5.6. Observacións	368
1.6. <i>Área de agricultura, gandería e pesca</i>	371
1.6.1. Introducción	373
1.6.2. Queixas recibidas e estado de tramitación	373
1.6.3. Queixas admitidas a trámite	374
1.6.4. Queixas non admitidas a trámite	377
1.6.5. Queixas remitidas ao <i>Defensor del Pueblo</i>	377
1.6.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de agricultura, gandería e pesca	379
1.7. <i>Área de servizos sociais</i>	385
1.7.1. Introducción: A aplicación da Lei de Dependencia	387
1.7.1.1. Os problemas observados en relación coa aplicación da Lei de dependencia	387
1.7.1.2. A información estatística achegada pola administración auto- nómica	391
1.7.2. Queixas recibidas e estado de tramitación	395
1.7.3. Queixas admitidas a trámite	395
1.7.3.1. Os atrasos constatados nos procedementos	395
1.7.3.2. Os abundantes casos de falecemento antes da aprobación da prestación ou servizo con atraso no procedemento	402
1.7.3.3. A falta de aboamento de atrasos en casos de falecemento con PIA aprobado	408
1.7.3.4. A preferencia dos servizos sobre as prestacións económicas	410
1.7.3.5. O déficit de prazas no catálogo de servizos	413
1.7.3.6. Os problemas dalgúns centros residenciais e centros de día ou de noite	415
1.7.3.7. As necesidades específicas de determinados grupos de dependen- tes, en especial dos discapacitados intelectuais: os recursos com- plementarios para casos xustificados	418
1.7.3.8. A retirada de fondos complementarios antes achegados pola ONCE para atención dos seus afiliados con discapacidade intelectual	421
1.7.3.9. Problemas co servizo de apoio á mobilidade persoal ou tranpor- te adaptado (065)	424
1.7.3.10. Fomento da accesibilidade	425
1.7.3.11. Amplos atrasos nas valoracións de discapacidades	427
1.7.3.12. As reclamacións por rendas de integración social, axudas de emergencia social ou doutro tipo	428
1.7.3.13. Asistencia ás persoas sen teito	429
1.7.4. Queixas non admitidas a trámite	429

1.7.5. Queixas remitidas ao <i>Defensor del Pueblo</i>	430
1.7.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de servizos sociais	431
1.8. <i>Área de emigración e traballo</i>	637
1.8.1. Introducción	639
1.8.2. Queixas recibidas e estado de tramitación	641
1.8.3. Queixas admitidas a trámite	642
1.8.4. Queixas non admitidas a trámite	645
1.8.5. Queixas remitidas ao <i>Defensor del Pueblo</i>	646
1.9. <i>Área de sanidade</i>	647
1.9.1. Introducción	649
1.9.2. Queixas recibidas e estado de tramitación	661
1.9.3. Queixas admitidas a trámite	662
1.9.4. Queixas non admitidas a trámite	669
1.9.5. Queixas remitidas ao <i>Defensor del Pueblo</i>	670
1.9.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de sanidade	671
1.10. <i>Área de xustiza</i>	675
1.10.1. Introducción	677
1.10.2. Queixas recibidas e estado de tramitación	686
1.10.3. Queixas admitidas a trámite	687
1.10.4. Queixas non admitidas a trámite	689
1.10.5. Queixas remitidas ao <i>Defensor del Pueblo</i>	689
1.11. <i>Área de administración económica e transportes</i>	691
1.11.1. Introducción	693
1.11.2. Queixas recibidas e estado de tramitación	694
1.11.3. Queixas admitidas a trámite	695
1.11.3.1. Facenda	695
1.11.3.1.1. Facenda autonómica	695
1.11.3.1.2. Administración municipal	697
1.11.3.2. Ordenación da actividade económica	700
1.11.3.3. Transportes	701
1.11.3.4. Outros	701
1.11.4. Queixas non admitidas a trámite	702
1.11.5. Queixas remitidas ao <i>Defensor del Pueblo</i>	704
1.11.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de economía e transportes	705

1.12. Área de obras públicas e expropiacións.....	711
1.12.1. Introducción	713
1.12.2. Queixas recibidas e estado de tramitación	713
1.12.3. Queixas admitidas a trámite	714
1.12.3.1. Os atrasos na fixación e pagamento dos prezos xustos nas expropiacións forzosas	714
1.12.3.2. Problemas relacionados coa expropiación de vivendas	718
1.12.3.3. Os danos por obras públicas e a responsabilidade patrimonial da Administración	721
1.12.3.4. A xestión do dominio público hidráulico	722
1.12.4. Queixas non admitidas a trámite	723
1.12.5. Queixas remitidas ao <i>Defensor del Pueblo</i>	723
1.12.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de obras públicas e expropiacións	725
 1.13. Área de corporacións locais, servizos municipais e protección civil.....	731
1.13.1. Introducción	733
1.13.2. Queixas recibidas e estado de tramitación	733
1.13.3. Queixas admitidas a trámite	734
1.13.3.1. Dereito de participación nas corporacións locais	735
1.13.3.1.1. O dereito dos membros das corporacións de acceso á información e documentación municipais.....	735
1.13.3.1.2. Dereito de participación do veciño na actividade municipal	736
1.13.3.1.3. Organización e funcionamento das corporacións locais	737
1.13.3.2. Servizos das corporacións locais	738
1.13.3.2.1. Servizos locais	738
1.13.3.3. Protección civil e outros	741
1.13.4. Queixas non admitidas a trámite	742
1.13.5. Queixas remitidas ao <i>Defensor del Pueblo</i>	742
1.13.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de corporacións locais, servizos municipais e protección civil.....	744
 1.14. Área de menores	773
1.14.1. Introducción	775
1.14.2. Análise dos expedientes tramitados	776
1.14.3. Actividade de pedagogía de dereitos.....	782
1.14.4. Seguimento do informe extraordinario do Valedor do Pobo sobre menores en situación de desprotección.....	785
1.14.5. Resolución do Valedor do Pobo en materia de menores.....	787

	<u>Páxina</u>
1.15. <i>Área de cultura e política lingüística</i>	795
1.15.1. Introducción	797
1.15.2. Queixas recibidas e estado de tramitación	797
1.15.3. Queixas admitidas a trámite	798
1.15.3.1. A protección do patrimonio cultural	798
1.15.3.2. Deportes	799
1.15.3.3. Os dereitos lingüísticos no ámbito das administracións públicas	799
1.15.4. Queixas non admitidas	803
1.15.5. Queixas remitidas ao <i>Defensor del Pueblo</i>	804
1.15.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de cultura e política lingüística	805
 1.16. <i>Área de sociedade da información</i>	 839
1.16.1. Datos xerais e introdutorios	841
1.16.2. Análise dos expedientes tramitados	843
1.16.3. Actividade de pedagogía de dereitos	846
1.16.4. Resolución do Valedor do Pobo en materia de sociedade da información	849
 1.17. Queixas de oficio	 851
 CAPÍTULO 2. ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DO DEBER DE COLABORACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS NAS INVESTIGACIÓNS DA INSTITUCION	 869
2.1. O Deber legal de colaboración nas investigacións da Institución	871
2.1.1. As advertencias constrinxentes	872
2.1.2. Administracións ou órganos aos que se reiterou a petición de informe ata en dúas ocasións, e o número de veces en que tal circunstancia se deu	877
 CAPÍTULO 3. AS RESPOSTAS ÁS RESOLUCIÓNS FORMULADAS POLO VALEDOR DO POBO	 881
3.1. As respostas das Administracións ou órganos aos que se dirixiu algunha resolución	883
3.1.1. Introducción	883
3.1.2. Respostas das diferentes administracións e órganos ás resolucións do Valedor do Pobo	885

3.1.3. Resumo das resolucións do Valedor do Pobo e da súa aceptación polas correspondentes administracións	888
3.1.4. As respostas ás resolucións	890

CAPÍTULO 4. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS..... 897

4.1. Actividades parlamentarios. Informes ordinarios e extraordinarios	899
4.1.1. Informe ordinario	900
4.1.2. Informe extraordinario	902
4.2. Outras actividades da institución	903
4.2.1. Contratación pública	903
4.2.2. Campaña de divulgación de dereito	903
4.2.3. Vinte anos do Valedor.....	904
4.2.4. Sesións de portas abertas.....	905
4.2.5. Publicacións	906
4.2.6. Presenza en internet	907
4.3. Visitas e actos oficiais e protocolarios	908
4.3.1. Recepcións na sede da institución	908
4.3.2. Encontros institucionais	910
4.3.3. Outros actos protocolarios.....	911
4.4. Reunións de traballo nacionais e internacionais	919
4.5. Relación con outros comisionados autonómicos	934
4.6. Comunicacións e/ou Conferencias	935

CAPITULO 5. APÉNDICE ESTATÍSTICO 937

5.1. Introducción	939
5.2. Entradas e saídas de documentos	939
5.3. Queixas iniciadas no ano 2010.....	941
5.3.1. Comparación con exercicios anteriores.....	943
5.3.2. Distribución de expedientes pola súa natureza	945
5.3.3. Distribución das queixas segundo as áreas da administración pública ás que se refiren	946
5.3.4. Algúns datos sociolóxicos reflectidos nas queixas	948
5.3.5. Entrada de queixas por meses	952
5.4. Distribución das queixas por razón das provincias e municipios de procedencia	954
5.4.1. Por provincias.....	954
5.4.2. Por concellos	956
5.5. Curso dado as queixas recibidas.....	964
5.6. As causas de non admisión por áreas	967
5.7. Distribución das queixas admitidas por razón das áreas da administración pública ás que se refiren	969

5.8.	Distribución das queixas referidas á administración pública galega, segundo niveis.....	970
5.9.	Distribución das queixas que se refiren á Xunta de Galicia, segundo consellerías.....	972
5.10.	Queixas referidas ás deputacións provinciais e aos concellos	974
	5.10.1. Queixas referentes ás Deputacións Provinciais	974
	5.10.2. Queixas referentes aos Concellos	974
	5.10.2.1. A Coruña	974
	5.10.2.2. Lugo.....	977
	5.10.2.3. Ourense.....	979
	5.10.2.4. Pontevedra	981
Anexo.	Liquidación do orzamento (artigo 37.4 da Lei 6/84).....	983

CAPÍTULO 1

RESUMO DAS QUEIXAS POR ÁREAS

1.1 ÁREA DE EMPREGO PÚBLICO E INTERIOR

1.1.1 INTRODUCCIÓN

No transcurso do ano 2010 nesta área, que comprende as materias de emprego público, seguridade cidadá e tráfico, recibimos 229 queixas. Se facemos unha desagregación por materias, constatamos que 168 facían referencia a emprego público ou función pública, o que supón un 73% do total, 45 ao tráfico e seguridade viaria, cunha porcentaxe do 20%, e 16 a reclamacións pola intervención das forzas e corpos de seguridade, cunha porcentaxe do 7%, cando no ano 2009 as porcentaxes foron, respectivamente, do 56%, do 19%, e do 25%. Das 229 queixas recibidas, 169 foron admitidas a trámite; destas rematamos 125, e 44 continúan en trámite. Das 60 queixas restantes, 21 remitímolas ao Defensor del Pueblo porque se referían a cuestións competencia da Administración Xeral do Estado (así se lle participou ao autor de cada queixa), e 39 non puideron ser admitidas a trámite dado o seu contido. Aos promotores destas últimas informámoslos das razóns polas que a súa queixa non podía ser atendida por esta institución. Tamén tramitamos 8 queixas do ano 2008, das que concluímos 8, e do ano 2009 concluímos 125 das 127 que foron obxecto de tramitación.

Este ano debemos destacar, pola súa relevancia social, as diferentes queixas recibidas en relación con diferentes procesos selectivos convocados polo SERGAS. Como conclusión vímonos obrigados a formular unha ampla recomendación á Consellería de Sanidade, ao constatar importantes irregularidades postas de manifesto a través dun informe da propia administración autonómica. Os detalles destas reclamacións tratámoslos máis adiante.

1.1.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

As queixas recibidas nesta área ao longo deste ano 2010 foron 229, cuxo estado de tramitación é o seguinte:

Iniciadas	229	
Admitidas	169	74%
Non Admitidas	39	17%
Remitidas ao Defensor del Pueblo	21	9%

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	125	74%
En trámite	44	26%

Tamén foron obxecto de trámite ao longo deste ano 2010 diversas queixas presentadas en anos anteriores:

Ano de Presentación	En trámite ao31-12-09	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-2010
2008	7	1	8	8	0
2009	114	13	127	125	2

1.1.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

Como vemos no anterior cadro, durante o ano 2010 foron admitidas a trámite 169 queixas, un 74% das presentadas, das que foron concluídas 125, un 74% das admitidas. Para o estudo sistemático das queixas admitidas a trámite considérase conveniente a súa distribución nos seguintes sectores que integran esta área.

1.1.3.1 Emprego Público

Dentro desta sección recibíronse queixas referidas a persoal funcionario ou laboral da administración autonómica e dos concellos galegos, outras referidas a persoal funcionario ou laboral docente, e outras a persoal funcionario, laboral ou estatutario, do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

Persoal funcionario ou laboral da administración autonómica e dos concellos

Unha vez máis en este ano recibimos varias queixas referidas a procesos selectivos convocados pola administración autonómica. Formulouse unha inquietude que se repetiu en varias queixas sobre o atraso ou dilación excesiva no desenvolvemento de distintos procesos selectivos.

Por parte de 232 opositores formulouse queixa debido, segundo indicaban, á grave situación causada polos atrasos por parte da Xunta á hora de tramitar a Oferta de Emprego Público (OPE) de 2008, atrasos que constitúen un claro prexuízo económico para eles e unha vulneración dos seus dereitos e da legalidade vixente (Q/2148/10). Sinalaban que máis de 440 opositores dos grupos CI e C2 vían impotentes como, transcorridos xa máis de dous anos e medio desde a publicación da OEP, aínda non tomaran posesión das súas prazas. Indicábase que a causa do atraso era o medio elixido de terminación de cada oposición, o que estaba facendo que os considerables atrasos nuns grupos se trasladasen aos outros, e a decisión de pospoñer as tomas de posesión á resolución do concurso de traslados pendente. A Consellería de Facenda respondeu que en breve podería solucionarse o problema respecto dalgúns dos opositores afectados, e que non se ía seguir o criterio inicialmente adoptado de distribuír por espazos de tempo as resolucións dos procesos, co que se axilizarían os procedementos. Sinalou que estaba previsto culminalos en marzo. Ao peche do Informe encontrámonos á espera de recibir unha información complementaria que confirme esta solución.

Tamén se formulou o caso dun proceso correspondente a unhas prazas incluídas na oferta pública de emprego público do 2005, con proceso selectivo convocado no 2006; no 2010 aínda non finalizara, aínda que xa se publicara a orde elevando a definitiva a

proposta de aspirantes que superaran o proceso selectivo. Noutro proceso, iniciado no ano 2008, algúns opositores dirixíronse a esta institución poñendo de manifesto que en maio de 2009 se publicara a relación de aprobados do terceiro exercicio; producírase un longo período de tempo de silencio por parte do tribunal encargado do dito proceso, ata novembro do mesmo ano, en que se declarou todos os aspirantes exentos da realización do 4º exercicio (galego); e por último, en maio de 2010, íase convocar os aprobados para a elección de destino. Nos dous supostos superouse abondo o prazo de duración (9 meses) establecido na lei autonómica 6/2001, do 29 de xuño, para os procesos selectivos de persoal funcionario ou de persoal laboral. Noutra queixa a súa autora facía referencia á convocatoria en xaneiro de 2009 de prazas de persoal laboral fixo polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, pero co cambio de Goberno da Xunta paralizárase, polo que en novembro de 2009 aínda se descoñecía a solución que se tomaría con respecto ao dito proceso. Neste caso, segundo a información que nos foi facilitada, interpuxérase un recurso contencioso-administrativo contra a dita convocatoria.

No ano 2009 presentounos a mesma autora dúas queixas referidas a dous procesos selectivos da Xunta de Galicia, un para ingreso no corpo auxiliar, subgrupo C2, e outro para ingreso no corpo administrativo, subgrupo C1. O motivo esgrimido pola autora de ambas as queixas era a súa desconformidade coas resolucións do 9 de novembro de 2009 dos correspondentes tribunais publicadas no DOG, acordando a exclusión de cinco opositores por desprenderse, como consecuencia das investigacións realizadas, que estes coñecían o contido do primeiro exercicio da fase de oposición antes da súa celebración e contra as que interpuxera en prazo recurso de alzada. Como a administración autonómica estaba en prazo para resolver o dito recurso participóuselle á autora de ambas as queixas que debería esperar a que a dita administración se pronunciase. Posteriormente, xa no 2010, a autora das queixas se dirixiu de novo a esta institución solicitando a súa reapertura por non estar conforme coa resolución adoptada, que desestimaba os seus recursos de alzada. Despois de examinar as súas alegacións e as resolucións estas eran congruentes cos feitos acontecidos e estaban suficientemente motivadas, polo que non observabamos que a Consellería incorrese nunha infracción do ordenamento xurídico ou un comportamento irregular que menoscabase o exercicio dun dereito.

Por un participante no proceso selectivo para ingreso no corpo de xestión, subgrupo A2, da Xunta de Galicia, presentóusenos unha queixa (886/10), na que manifestaba que presentara un recurso de reposición ante a Consellería de Facenda contra a Orde do 26 de xuño de 2009, pola que se convocara o dito proceso selectivo, e que a pesar do tempo transcorrido non se lle contestara ao seu recurso pola dita Consellería. O motivo alegado no dito recurso era a súa desconformidade coa valoración, na fase de concurso, do traballo desenvolvido no subgrupo C1, pois a puntuación que se outorgaba estaba en función do nivel de complemento de destino correspondente ao posto de traballo que se estivese ocupando o día de publicación da convocatoria, malia que aqueles que estivesen ocupando un posto en comisión de servizo se lles tería en conta o nivel de complemento de destino do seu posto de orixe e non o do posto que se estivese ocupando en comisión. Despois de solicitar e recibir o pertinente informe da Dirección Xeral da Función Pública (DXFP), do que se deducía que non se resolvera de forma expresa un recurso promovido polo afectado, formulamos a seguinte recomendación: *“Que esa Dirección Xeral deberá adoptar as medidas tendentes á resolución expresa e á súa notificación das solicitudes e recursos que se lle formulen, adecuándose no seu proceder aos prazos establecidos na Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, e demais normativa aplicable. E consecuentemente, deberase proceder á resolución, no prazo máis breve posible, do recurso interposto polo autor desta queixa”* (véx. a resolución núm. 2 das desta área). A DXFP sinalara que debido ao gran volume de expedientes en tramitación, como consecuencia da entrada constante de reclamacións e recursos, o recurso potestativo de reposición valorara, pero non foi obxecto de resolución expresa, polo que o interesado debeu entendelo desestimado despois de transcorrer os prazos correspondentes, segundo o establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico da administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC). Sen embargo, ao respecto esta institución véñse pronunciando de forma reiterada nos seus informes anuais sobre a obrigação da administración de contestar de forma expresa ás reclamacións ou recursos que os cidadáns lle presenten, tal como se establece no artigo 42 da dita LRXAP-PAC, posto que a falta de resposta a un recurso administrativo ou incluso a súa resolución tardía abocan ao cidadán a acudir aos tribunais de xustiza para resolver conflitos coa administración que quizais (unha boa parte deles) non terían porqué chegar á vía xudicial, o que trae consigo gastos e molestias evitables e unha sobrecarga dos tribunais do

contencioso-administrativo. Finalmente, á recomendación contestóusenos achegando unha copia da resolución pola que se desestimaba o recurso de reposición, do que se desprende a súa aceptación. O texto íntegro desta resolución recóllese no anexo desta área.

Referente aos procesos selectivos convocados polas entidades locais recibimos queixas nas que se manifestaba a desconformidade co desenvolvemento dos ditos procesos, poñendo en dúbida a imparcialidade dos tribunais encargados da selección. Ao respecto constatamos que na maioría dos casos os ditos tribunais non incorrían nas irregularidades denunciadas e ademais os membros destes na súa maioría non tiñan vinculación co concello que convocara o proceso selectivo en cuestión, pois tratábase de funcionarios que tiñan o seu destino en concellos doutras localidades.

Non obstante o anterior, consideramos conveniente facer referencia a dúas queixas presentadas no 2009 (Q/1868 e 2042/09), nas que as súas autoras manifestaban a súa desconformidade coa realización dun proceso selectivo convocado ese ano polo concello de Monforte de Lemos, consistente nun concurso-oposición para a cobertura de once prazas de auxiliar administrativo. Despois de recibir e estudar en profundidade as informacións solicitadas ao dito concello e as alegacións de cada unha das reclamantes considerouse conveniente formularlle a seguinte recomendación: *“Que por ese concello se deberá ter en conta que as bases de convocatoria de todas as probas selectivas, despois de firmes, constitúen lei e vinculan a administración, os tribunais que xulgan as ditas probas e os que toman parte nelas”* (véx. a resolucións núm. 3 e 4 das desta área). Tomouse a decisión de formular a dita recomendación ao considerar que por parte do tribunal encargado da selección non se actuou de acordo co establecido nas bases por informar aos opositores no momento da realización do exercicio que dispoñían dun prazo de dez días hábiles a fin de presentar documentación para poder valorar adecuadamente a fase de concurso, cando nas bases se establecía que tal documentación acreditativa dos méritos debería presentarse canda a solicitude para participar no dito proceso, engadíndose que o incumprimento deste requisito impediría que o tribunal tivese en conta estes na correspondente fase de avaliación; e tamén por non realizar a fase de concurso con anterioridade á fase da oposición, cando se establecía nas bases de forma expresa que a fase de concurso sería anterior á de oposición.

Ademais no expediente (Q/2042/09) formulóuselle outra recomendación ao dito concello nos seguintes termos: *“Que ese concello deberá adoptar as medidas tendentes á resolución expresa e á súa notificación das solicitudes e recursos que se lle formule, adecuándose no seu proceder aos prazos establecidos na Lei 30/1992, modificada Lei 4/1999, e demais normativa aplicable. E consecuentemente, deberase proceder á resolución, no prazo máis breve posible, do recurso interposto pola autora desta queixa”* (véx. a resolución 4 das desta área). Formulouse pola falta de resolución do recurso que a autora de esta queixa presentou ante o concello. A este respecto debemos salientar, como xa se fixo constar anteriormente, que esta institución se vén pronunciando de forma reiterada nos seus informes anuais sobre a obrigaón da administración de contestar de forma expresa ás reclamacións ou recursos que os cidadáns lle presenten.

Con respecto á recomendación relativa á vinculación da administración e dos tribunais ás bases da convocatoria formulada en ambos os expedientes, polo Concello de Monforte de Lemos contestóusenos que o tribunal actuou en todo momento de acordo coas bases de selección das ditas probas; de acordo co establecido no punto VIII desas bases *“o tribunal pode tomar os acordos precisos para o bo fin da oposición”*, e en consecuencia manifestaba que o tribunal podía tomar o acordo de establecer *“a habilitación de prazo de dez días: facer constar que se realiza en beneficio de todos os aspirantes e que non xera indefensión a ningún deles, incluída a propia autora da queixa”*. Ante esta contestación dirixímonos ao dito concello insistíndolle de novo que nas bases, na súa alínea IV, establecían, entre outras cuestións, que *“igualmente, os aspirantes terán que xuntar á súa solicitude os documentos acreditativos dos méritos que aleguen. O incumprimento deste requisito impedirá que o tribunal teña en conta estes na correspondente fase de avaliación”*. Polo tanto insistíámoslle en que o tribunal tiña que aterse ao establecido nesta alínea das bases e proceder á valoración dos méritos que figurasen nos documentos presentados por cada solicitante xunto coa súa solicitude, e non tomar o acordo de conceder aos opositores un prazo de dez días hábiles para presentar documentación acreditativa dos méritos, pois tal acordo ía en contra do que claramente se establecía nas bases e en consecuencia era ilegal, porque as bases son lei e vinculan a administración, os tribunais e participantes nos procesos. En consecuencia concluíamos que da súa contestación se desprendía a non aceptación da nosa recomendación sen causa xustificada

e que así o fariamos constar no Informe ao Parlamento de Galicia, de acordo co establecido no art. 33.2 da Lei do Valedor do Pobo.

Por outra parte, con respecto á outra recomendación formulada na queixa 2042/09 acerca da obrigación da administración de resolución expresa das solicitudes e recursos, o devandito concello contestounos que *“as actuacións do tribunal respectaron en todo momento o establecido na Lei 30/92, do 26 de novembro, que regula a lei de réxime xurídico e procedemento administrativo común, e que a persoa que presenta esta queixa era coñecedora en todo momento de que as súas pretensións foron denegadas polo tribunal, xa que non se modificou nin na fase de concurso nin na fase da oposición”*. Ante esta contestación insistímoslle de novo ao Concello de Monforte de Lemos en que a administración está obrigada a ditar resolución expresa en todos os procedementos, segundo se establece no artigo 42.1 da Lei 30/1992, e en consecuencia participámoslle que considerabamos como non aceptada esta recomendación, e que así o fariamos constar no informe correspondente a este ano, de acordo co art. 33.2 da Lei do Valedor do Pobo.

O texto íntegro destas resolucións remitidas ao Concello de Monforte de Lemos recóllense en anexo de resolucións.

Persoal funcionario ou laboral docente

Ao longo deste ano as queixas presentadas por persoal que presta os seus servizos na administración educativa nesta comunidade non foron numerosas. No referente a procesos selectivos para acceder á condición de docente tramitamos algunhas queixas nas que os seus autores manifestaban o seu interese en que se lles facilitase as notas de forma desagregada das diversas partes englobadas nunha proba única da correspondente fase da oposición. A este respecto debemos destacar que nas bases das correspondentes convocatorias se establecía que o tribunal soamente faría pública a nota final e global da proba e esta disposición estaba amparada no Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aprobou o regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes, a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que no se artigo 61.1 establecía que *“a fase de oposición constará dunha única*

proba estruturada en dúas partes, que non terán carácter eliminatorio. O tribunal só fará pública a nota final e global da proba”.

En materia retributiva presentóusenos unha queixa por representantes sindicais denunciando o incumprimento dun acordo asinado entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, as organizacións patronais e as organizacións sindicais do ensino privado concertado, relativo ás condicións laborais para os anos 2008, 2009 e 2010 e á calidade do ensino. Segundo se nos informou existían razóns orzamentarias polas que non era posible aplicar o establecido no dito convenio no 2010, a pesar do interese mostrado pola Consellería.

Como consecuencia das nosas xestións púidose axudar os autores dalgunhas queixas na resolución das súas peticións relativas a atrasos na concesión de axudas pendentes, recoñecemento de antigüidade ou irregularidades no aboamento de retribucións pendentes. Tamén a nosa intervención contribuíu á resolución dunha situación denunciada pola autora dunha queixa acerca do incumprimento do establecido na norma 9 da resolución do 29 de xaneiro de 2009 da Consellería de Educación, sobre rotación nas quendas de traballo do persoal subalterno nun centro educativo.

Persoal funcionario, laboral ou estatutario do Servizo Galego de Saúde (SERGAS)

a) As irregularidades detectadas nos procesos selectivos do SERGAS

Como adiantamos, as queixas de maior relevancia nesta orde foron as promovidas por tres deputados do Grupo Parlamentario do PSdeG (Q/1073/10) e por diferentes opositores (Q/2064, 2167, 2346, 2347, 2348, 2349, 2350, 2351, 2352, 2353, 2354, 2355 e 2391/10) debido a irregularidades nalgúns procesos selectivos do SERGAS. Expresábase que existen graves sospeitas en relación con diferentes procesos selectivos para o acceso ao emprego público o SERGAS, causando unha importante alarma social polo desamparo ao que se están vendo sometidos miles de opositores. Os reclamantes poñían de manifesto unha concatenación de casualidades nestas oposicións, saídas á luz pública despois das denuncias sindicais, as informacións de prensa e tamén as reclamacións de opositores. O feito de que persoas que traballan no departamento onde se elaboran e preparan os

procesos selectivos acaben obtendo as puntuacións máis altas entre máis de 7500 persoas, “ou ben é un milagre ou ben unha inmensa casualidade, que debe ser desvelado con transparencia e a correspondente investigación oficial”, sinalábase, como tamén relacións familiares sospeitosas, e fallos na custodia dos exames.

Como conclusión da correspondente investigación formulamos á Consellería de Sanidade unha recomendación (véx. a resolución 5 das desta área). A recomendación refírese a que, á vista dos incumprimentos e irregularidades nos procesos selectivos obxecto da presente queixa, constatados a través da inspección realizada pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa (DXARA), dos que se dá detallada conta no informe correspondente elaborado por ese órgano, con urxencia se proceda a dar efectividade a todas as indicacións do referido informe. En concreto, debería resolverse:

1. A separación dos actuais procesos selectivos das persoas que forman parte dos tribunais e que deberan absterse de formar parte deles.

2. A realización dunha avaliación estatística para comprobar ata que punto nos encontramos ante unha casualidade moi improbable, de acordo co parámetro de comportamento dos concorrentes nas diferentes categorías.

3. A profunda revisión dos procedementos selectivos que inclúa a definición dun protocolo preciso de actuación que garante a confidencialidade do proceso, as funcións e responsabilidades dos membros dos tribunais, concretando con nitidez as actuacións que en cada fase teñen que realizar, e a participación que, se fose o caso, deba de ter o persoal da Dirección de Recursos Humanos do SERGAS (DRH) encargado da organización dos procesos selectivos, asegurando en todo caso a designación formal dese persoal, ben como membros dos tribunais, ben como persoal colaborador destes.

4. Finalmente a Consellería de Sanidade debería reclamar da DXARA que a investigación e as conclusións do informe de inspección, impulsadas pola primeira, se complementen coa realización de informes para cada un dos tribunais, nos cales deberían valorarse adecuadamente as eventuais responsabilidades dos opositores implicados, de acordo co xa concluído no informe de inspección, de tal forma que os tribunais poidan

coñecer con detalle as irregularidades individuais e decidan sobre as consecuencias que estas poidan ter para eses opositores implicados.

Respecto a todos estes aspectos a Consellería mencionaba que se puxo en marcha a análise estatística recomendada, coa colaboración do Instituto Galego de Estatística (punto 2), e que estaba en curso a profunda revisión dos procedementos selectivos que incluía os aspectos citados tanto no informe de inspección da DXARA como na parte resolutiva da recomendación do Valedor do Pobo (punto 3). non obstante, restaba coñecer o resultado e valoración da análise estatística, e tamén a conclusión do proceso de reforma, aínda en curso; por tanto, restaba coñecer a efectividade da recomendación nestes ámbitos. Sen embargo, os puntos 1 e 4 non se aclaraban. En relación co 1 a Consellería limitouse a indicar que determinadas persoas “xa non traballan” na DRH, e en relación co 4, sinalou que solicitara informe individual de cada proceso selectivo auditado, sen concretar o resultado final.

Á vista do anterior de novo nos diriximos á Consellería de Sanidade para urxir a resposta (o prazo de resposta e efectividade da recomendación xa concluíra -un mes-) a todos os puntos da recomendación, e, en caso positivo, sobre a efectividade desa aceptación, concretado os actos polos que debía entenderse cumprida. Indicamos que dadas as circunstancias (os procesos selectivos encontrábanse moi avanzados), a resposta debería ser achegada en breve prazo no que se refire especialmente aos puntos 1 e 4 da recomendación. Seguimos recibindo respostas non concluíntes ou con expresións certamente ambiguas, polo que despois de varias comunicacións se remitiu un fax á DRH requirindo coa máxima urxencia (vía fax) o seguinte: -Copia da resolución da exclusión formal dos 3 membros dos tribunais citados no Informe da DXARA e que deberían terse abstido de formar parte deles, e, en caso de non producirse en todos ou en caso algún, expresión detallada das razóns desa falta de efectividade da recomendación formulada. - Información detallada sobre a situación nos procesos selectivos de todos os opositores implicados, con mención expresa do seu nome e da súa concreta situación. -Copia dos informes xerais e individuais trasladados aos tribunais. -Copia da información estatística tamén trasladada aos tribunais. Como resposta a DRH achegou 4 informes individuais da DXARA (Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), cada un

referido aos diferentes procesos selectivos cuestionados, e 4 informes estatísticos relativos a 4 casos de opositores tamén implicados. Sen embargo, entre a información achegada non se encontraba algún dos documentos requiridos, en concreto a resolución da exclusión formal dos membros dos tribunais citados no Informe da DXARA e que deberían terse abstido. Ese documento foi enviado finalmente vía telemática: resolución do 13 de decembro de 2010 pola que se modifica a resolución do 15 de xullo de 2009, da DRH do SERGAS pola que se nomean os tribunais cualificadores do proceso selectivo de persoal estatutario do organismo (DOG 238, do 14 de decembro). Tamén se achega a resolución do 15 de xullo de 2009, da DRH do SERGAS, pola que se nomean os tribunais cualificadores do proceso selectivo de persoal estatutario do organismo (DOG 145, do 27 de xullo de 2009). Na resolución consta o nomeamento de novos presidentes, presidentes suplentes e vogais suplentes para o relevo dos membros implicados.

En relación con todo o ata agora exposto debemos concluír, en primeiro termo, que despois da aceptación formal das recomendacións por parte da Consellería, o noso interese centrouse en coñecer a virtualidade desa aceptación, é dicir, os concretos actos que ese órgano levara a efecto para dar efectividade aos diferentes aspectos desta, algo que era preciso coñecer con especial urxencia no caso das recomendacións 1 e 4 (separación dos membros dos tribunais implicados, e remisión dos informes individuais relativos ao comportamento dos opositores tamén implicados), polo coñecido avance dos procesos selectivos e, por tanto, pola posible consumación dos eventuais prexuízos que pretendían evitarse.

Pois ben, respecto da primeira das recomendacións, a separación dos actuais procesos selectivos das persoas que formaban parte dos tribunais e que deberían terse abstido neles, a Consellería dilatou unha resposta clara respecto da efectividade desta medida, ata o punto de que foi preciso, despois das reiteradas respostas ambiguas, requirir que se achegasen os documentos relativos á separación. Finalmente coñecemos que esa separación só tivo lugar de forma clara o 14 de decembro de 2010, data na que se publica oficialmente a resolución de separación do día anterior, 13 de decembro; por tanto, a separación tivo lugar un día antes da reunión dos tribunais, o 15 de decembro. En calquera caso, resulta claro que finalmente se separou os membros dos tribunais aludidos no

informe de inspección; o terceiro, que só se mencionaba de forma incidental no informe, non ten vinculación cos aspirantes da DRH, e non forma parte dos tribunais das categorías afectadas, segundo aclarou a Consellería.

Polo que se refire á recomendación 2ª (a realización dunha avaliación estatística), a Consellería achega informes individuais elaborados polo Instituto Galego de Estatística e referidos a cada un dos opositores implicados e a cada un dos procesos nos que concorren. En concreto achéganse informes de JVB, no que se sinala que “supera o percentil 75% en máis de 1,5 veces ...”; de LPS, que resulta “extremo” (“supera o percentil 75% en máis de 3 veces ...”) nos procesos de persoal de servizos xerais e grupo auxiliar da función administrativa; e de JIC, no proceso de ATS/DUE, cuxo comentario resulta de pouca relevancia. Os informes estatísticos foron trasladados aos tribunais, polo que pode entenderse que a recomendación foi atendida.

No relativo á 3ª recomendación (profunda revisión dos procedementos selectivos), a Consellería indicou que empezou con parte de reformas hai tempo (o 8 de abril de 2010 aprobáronse novas exixencias dos procesos selectivos), e ademais constituíuse unha comisión técnica para este efecto, que, segundo se indica, celebrou tres reunións, a última o pasado mes de novembro, na que se acordou elaborar unha instrución de constitución dos tribunais, onde, ademais de recoller as novas normas aprobadas polo Consello da Xunta o 8 de abril de 2010, se detallan de forma pormenorizada as funcións de cada un dos membros dos tribunais, funcións que non foron establecidas con carácter previo nin na OPE 2006 nin na OPE 2008. No seo desta comisión estanse analizando os distintos aspectos de mellora así como definindo as medidas a implantar nos futuros procesos selectivos. Por tanto, pode concluírse que a recomendación está tendo efectividade, aínda que, debido ao seu carácter progresivo, restan algunhas concrecións, como a propia Consellería indica, razón pola cal permanecemos á expectativa para coñecer o resultado final das melloras futuras ou por concretar, que aínda se analizan na comisión técnica.

Polo que se refire á 4ª recomendación (os informes para cada un dos tribunais nos que se valoren adecuadamente as eventuais responsabilidades dos opositores implicados), a última resposta da Consellería acompáñase de 4 informes da DXARA, en concreto “Informes sobre as presuntas irregularidades no proceso selectivo da OPE do SERGAS

2009-2010 na categoría de (cada unha das analizadas)”. Os informes teñen data do 14 de decembro de 2010 e emítense, segundo consta neles, “en cumprimento das recomendacións feitas polo Valedor do Pobo na súa resolución de data 13 de outubro de 2010 en relación cos procesos selectivos investigados”. Consisten basicamente no xa expresado no anterior informe global, sistematizado de tal forma que se menciona o que se refire ao específico proceso avaliado, engadindo *in fine* unha valoración de eventuais responsabilidades dos opositores implicados. Estes informes foron trasladados aos tribunais correspondentes, polo que pode concluírse que a recomendación aceptada xa tivo efectividade.

Como conclusión debe subliñarse que as principais irregularidades detectadas se concretan na participación no proceso como membros de tribunais de persoas que deberían terse absterido polas razóns legais amplamente descritas ao longo da investigación, persoas nas que ademais concurrían relacións familiares e de xerarquía respecto dos opositores; e na presenza de opositores que participaron como colaboradores nos procesos por ser traballadores do cadro de persoal ou de facto da DRH, incursos por tanto en causa de abstención, sen que advertiran desa circunstancia.

Ademais, en termos xerais observáronse un número considerable de incumprimentos e irregularidades, como os denomina o informe da inspección, e estes aprécianse en case todas as fases dalgúns procesos; observáronse na designación dos membros dos tribunais, nas causas de abstención deles, nas funcións e responsabilidades dos tribunais, nos procesos de elaboración dos contidos dos exames, nas actuacións de persoal colaborador do tribunal, na custodia dos contidos de exames, no proceso de impresión dos cuestionarios de preguntas, no proceso de impresión de modelos de respostas, na participación dos tribunais no día da celebración dos exames, no proceso de entrega por parte do tribunal do modelo de respostas correctas, no proceso de corrección de exames, e no proceso de análise e resolución de impugnacións. Precisamente por este motivo era preciso non só corrixir de forma clara as máis graves irregularidades, senón tamén prever outro protocolo de actuación xeral, cousa que, como vemos, se ten avanzada, pero que aínda non se concretou nalgúns aspectos.

Agora resta por coñecer a posición adoptada polos tribunais (que xa non teñen no seu seo os membros que deberan terse abstido) respecto dos opositores implicados, dos que agora ten nun detallado coñecemento (aínda que nalgún caso podería ter sido máis concreto ou complementar o informado con anterioridade). Esta decisión final resultará fundamental na valoración global do obxecto da queixa.

Ademais da defensa xeral dos principios constitucionais que rexen os procesos selectivos (igualdade, mérito e capacidade) e da legalidade común que os concreta, un dos propósitos principais á hora de formular as recomendacións e tamén á hora de urxir a súa efectividade era preservar os procesos de calquera posible impugnación global que se baseara na falta de consideración por parte dos tribunais dos datos obrantes no primeiro informe de inspección, realizado xa en xullo de 2010, nas recomendacións do Valedor do Pobo, e finalmente nos informes individualizados de inspección. Por iso, o labor pendente resulta de suma importancia en relación co feito ata agora para a preservación dos moitísimos opositores que concorreron aos procesos de forma lexítima e que non deberan ver prexudicado o seu considerable esforzo e bos resultados por algo que debería terse evitado. Neste sentido é de destacar que ademais da reclamación promovida en termos xerais polos deputados do Parlamento de Galicia e que se coñece neste procedemento, tamén se promoveron diferentes queixas de opositores afectados negativamente polas irregularidades detectadas nos membros de tribunais e noutros opositores, polo posible trato de favor destes en detrimento deles, circunstancia que fai necesario reclamar unha adecuada e pormenorizada análise dos datos que deberían obrar hai tempo en poder dos tribunais, argumento que foi fundamento das recomendacións e sobre todo da nosa insistente reclamación para a súa rápida efectividade.

Así pois, conclúese que as recomendacións formuladas foron aceptadas e tiveron efectividade. Non obstante, permanecemos á expectativa en relación aos aspectos da revisión dos procedementos selectivos que aínda restan por concretar. Polo que respecta aos opositores implicados indicamos á Consellería que entendíamos que este era un aspecto clave para realizar unha última valoración da presente queixa, para deixar constancia da limpeza última dos procesos selectivos e para preservalos de posibles impugnacións baseadas nalgunhas circunstancias das que desde hai tempo se deixou

constancia no informe de inspección, posteriormente confirmado. Finalmente coñecemos que os implicados foran excluídos das probas pola propia Consellería.

b) Outras queixas referidas ao SERGAS

No informe correspondente a 2009 faciamos referencia a que autores de diversas queixas manifestaban o seu malestar porque malia que desde decembro de 2008 estaban operativas as listas de contratación temporal da categoría de técnico de farmacia, sen embargo as ditas listas non estaban sendo utilizadas e no seu lugar seguíase a contratar auxiliares de enfermería para desempeñar as funcións propias de técnicos de farmacia. A razón que se nos aduciu para a súa non utilización estaba en que a dita categoría non figuraba como recoñecida no SERGAS, pero que se estaba traballando para que a creación desta nova categoría fose realidade no prazo máis breve posible. Sobre esta mesma cuestión recibimos neste ano outra serie de queixas, polo que procedemos a solicitar nova información do SERGAS, e informóusenos que despois das diversas xestións realizadas ao efecto se procedeu á creación da categoría estatutaria de persoal técnico en farmacia mediante Decreto 9/2010, do 21 de xaneiro (DOG 12-2-10), polo que as listas de selección de persoal técnico en farmacia xa publicadas serían plenamente operativas para a oferta e formalización das vinculacións temporais que os centros poidan precisar para a cobertura das súas necesidades asistenciais.

Recibimos outra serie de queixas nas que os seus autores manifestaban o seu malestar porque por parte do SERGAS, para a elaboración das listas de contratación laboral temporal e de persoal interino, posiblemente non se fose a ter en conta o resultado das oposicións realizadas no ano 2009, correspondentes á Oferta Pública de Emprego 2008. A este respecto o dito servizo informounos que co obxectivo de simplificar o procedemento e introducir unha maior axilidade na fase de elaboración das ditas listas, unificando criterios de selección de persoal estatutario fixo e temporal, a administración e organizacións sindicais estaban traballando na elaboración dun novo pacto sobre a selección de persoal estatutario temporal no ámbito do SERGAS e entidades públicas adscritas á Consellería, e que neste se valorará a participación das persoas aspirantes nos procesos selectivos convocados polo dito servizo nunha porcentaxe superior á asignada a tal mérito no Pacto do 24 de maio de 2004.

1.1.3.2 Orde Pública

Un ano máis a maioría das queixas que se presentan sobre materias de orde pública refírense a actuacións de organismos da Administración Xeral do Estado. Corresponde coñecerlas ao Defensor del Pueblo, polo que procedemos a darlle traslado para o seu coñecemento e á vez comunicamos tal circunstancia aos seus autores. Non obstante, algunhas foron obxecto de tramitación por esta institución por estar implicados órganos autonómicos ou algunha administración local. Así sucedeu con dúas queixas nas que o seu autor facía referencia a que os concellos de Neda e de Lugo procederan á instalación de cámaras de vídeo vixilancia sen contar coa autorización prevista na Lei orgánica 4/1997, do 4 de agosto. En ambos os casos informáronnos os ditos concellos que non procederan á instalación das cámaras de vídeo vixilancia suxeitas á autorización prevista na dita lei.

1.1.3.3 Tráfico

Moitas das queixas que se nos presentan relativas ao tráfico fan referencia a actuacións das xefaturas provinciais de tráfico, que por tratarse dun órgano da Administración Xeral do Estado son competencia do Defensor del Pueblo. Agora ben, cada ano é máis frecuente que se nos presenten queixas referidas ao tráfico urbano, competencia dos concellos. Tamén recibimos algunhas queixas referidas ao estado e sinalización de vías competencia da Xunta de Galicia e das deputacións provinciais galegas.

Ao longo deste ano tramitamos algunhas queixas de 2009 e outras deste ano nas que os seus autores nos transmitían o seu malestar pola forma en que estaba regulado o tráfico nalgúns rúas por parte dos concellos, o que nalgúns casos incluso afectaba á seguridade viaria. Dirixíranse a estes para reclamar a adopción das correspondentes medidas. Nestes casos dirixímonos aos concellos afectados en solicitude das oportunas informacións; con elas constatamos que examinaran a situación denunciada e adoptaran as medidas que os estudos técnicos aconsellaban como máis adecuadas para resolver os feitos denunciados. Nestes casos, á parte de facilitar a información recibida, indicábase aos reclamantes que a Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria atribúe aos municipios a ordenación e o control do tráfico nas vías urbanas da súa

titularidade, así como a súa vixilancia por medio dos axentes propios, a denuncia das infraccións que se cometan nas ditas vías, e a sanción destas, e que tamén lles corresponde, como titulares das vías, a responsabilidade do seu mantemento nas mellores condicións posibles de seguridade para a circulación e a instalación e conservación das adecuadas sinale e marcas viarias. Participábaselles que eran os municipios os competentes para adoptar aquelas medidas que, en base aos estudos técnicos correspondentes, considerasen máis adecuadas para a mellora das seguridade viaria nas súas rúas, pero sen verse compelidos a adoptar todas aquelas medidas propostas polos autores das queixas ou por calquera outro veciño.

Como consecuencia da nosa actuación, atendendo algunhas queixas referidas a deficiencias concretas en vías autonómicas, por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras adoptáronse as medidas oportunas para a súa solución. Algúns interesados dirixíronse a esta institución manifestando a súa satisfacción e agradecemento.

Por último, consideramos conveniente referirnos a unha queixa iniciada no 2008 (Q/1502/08) na que o seu autor manifestaba que se dirixira por escrito ao Concello de Vilagarcía de Arousa dando conta do proceder dun axente da Policía Local con respecto á súa persoa, cando o denunciara por estacionar o seu vehículo en dobre fila. Despois de solicitar diversos informes do dito concello considerouse conveniente, á vista da última información recibida, formular ao Concello de Vilagarcía de Arousa a seguinte recomendación: *“Que ese Concello deberá adoptar as medidas tendentes á resolución expresa e á súa notificación das solicitudes e recursos que se lle formulen, adecuándose no seu proceder aos prazos establecidos na Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999 e ao establecido no Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolveu a Lei autonómica 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais”* (véx. a resolución 1 das desta área). Do exame das informacións facilitadas polo concello desprendíase que en ningún momento se contestou o escrito presentado polo autor da queixa denunciando a actuación dun axente da Policía Local. Como xa tivemos ocasión de indicar, pola nosa parte indicamos ás administracións que teñen a obrigaón de contestar de forma expresa (art. 42 da Lei 30/1992 -LRXAP-PAC-). Ademais, o art. 112 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de

policías locais, establece que *“de iniciarse o procedemento como consecuencia de denuncia deberá comunicarse á persoa denunciante o acordo de iniciación ou arquivo”*. Á recomendación contestóusenos que *“este concello de Vilagarcía de Arousa acepta a recomendación do Valedor do Pobo e adoptará as medidas tendentes á resolución expresa, en tempo e forma, de notificación de solicitudes e recursos que se formulen nos distintos expedientes que se tramiten nesta entidade”*.

1.1.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Durante 2010 non foron admitidas a trámite 39 queixas, un 17% do total das recibidas. Non obstante, aos autores de cada unha destas queixas informóuselles das causas polas que a súa queixa non podían ser obxecto de tramitación por esta institución. As causas foron as seguintes:

A) Non indicios de irregularidade da administración

Foron 6 as queixas non admitidas a trámite por esta causa, pois do seu estudos constatamos que os organismos administrativos que interviñeran o fixeran consonte a normativa vixente.

B) Non actuación administrativa previa

No foron admitidas a trámite 24 queixas por esta causa, posto que do seu estudo desprendíase que os seus autores aínda non se dirixiran á administración afectada ou había moi pouco que se dirixiran a ela e, en consecuencia, informamos que deberían dirixirse á administración ou ben esperar a que esta examinase as súas alegacións e puidese adoptar a resolución correspondente.

C) Intervención xudicial

Tivemos que participarlle aos autores de 4 queixas que non podiamos admitir a trámite a súa queixa, porque, ou estaban pendentes da correspondente resolución xudicial, ou xa se producira un pronunciamento por parte dun xuíz ou tribunal, ou o asunto sometido á nosa consideración debería interpoñerse ante os organismos xudiciais competentes.

D) Non competencia do Valedor

En 2 queixas tivemos que participarlle aos seus autores que non podíamos admitir a trámite a súa queixa por esta causa, á vista de que a cuestión presentada quedaba fóra das competencias do Valedor.

E) Relación xurídico privada

Nunha queixa comprobamos que o asunto denunciado ante esta institución tiña un carácter netamente privado e, en consecuencia, tivemos que absternos de intervir.

F) Queixa non concreta

Una queixa non se admitiu a trámite porque da súa lectura non se alcanzaba a comprender con claridade o seu motivo.

G) Queixa anónima

En base ao establecido no artigo 21 da lei reguladora desta institución non puidemos admitir a trámite unha queixa anónima.

1.1.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

Ao longo deste ano 2010 remitíronse 21 queixas ao Defensor del Pueblo porque se referían a actuacións de organismos dependentes da Administración Xeral do Estado.

Sete destas vinte e unha queixas facían referencia a cuestións relacionadas con situacións administrativas do persoal da Administración Xeral do Estado ou con procesos selectivos convocados por ela. Nunha queixa reclamábase do Defensor del Pueblo que procedese á interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei galega 3/2010, do 23 de xuño, dictada a raíz da publicación do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público. Nove queixas referíanse a cuestións relacionadas coas competencias das xefaturas provinciais de tráfico e as catro restantes a cuestións relacionadas con actuacións das Forzas de Seguridade do Estado.

1.1.6 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE EMPREGO PÚBLICO E INTERIOR

1.- Recomendación dirixida á Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vilagarcía de Arousa, en data 21 de xuño de 2010 para que se resolvan expresamente as solicitudes e recursos que se lle presenten. (Q/1502/08).

Nesta institución abriuse o expediente arriba indicado, como consecuencia da queixa presentada o 22-7-08 por D. J.V.G.C, na que nos indicaba que remitira un escrito a ese concello dando conta do proceder do axente da policía local núm. 92607 con respecto a súa persoa o día 5 de xullo de 2008 arredor das 12.20 horas, cando procedeu a denunciar o seu vehículo que deixara estacionado en dobre fila.

Admitida a trámite a queixa solicitouse con data 6 de agosto de 2008 informe dese concello. A esta petición de informe por ese organismo contestóusenos mediante escrito de 18-9-08, saída de 23-9-08, núm. 9492. Á vista desta información considerouse conveniente solicitar dese organismo con data 24-11-08 un novo informe, que nos foi remitido con data 26-1-09, saída núm. 708. Logo de trasladar o dito informe ao autor da queixa, este remite un novo escrito a esta institución. Á vista do exposto nel considérase conveniente solicitar unha nova información a ese concello con data 10-8-09 para que se nos informase sobre as novas alegacións formuladas e sobre a tramitación dada a denuncia dirixida polo Sr. G.C. a ese organismo. A esta nova petición de información contestóusenos mediante escrito do 15-9-09, saída de 17-9-09, núm. 10904, no que se facía constar, entre outras cuestións, que *“o Sr. G.C. non respectou a normativa de tráfico e seguridade cidadán e polo tanto foi denunciado e por outra banda o policía local núm. 92607 cumpriu co seu deber de policía ao velar pola aplicación da devandita lexislación, de aí que a súa actuación non fora sancionada a través de ningún expediente disciplinario”*.

Logo de trasladar esta nova información ao autor da queixa, este remite un novo escrito no que fai referencia a que ese organismo non lle deu a máis mínima resposta desde o 17-7-08, data na que denunciou ante ese organismo o dito policía local e que seguía sen comunicárselle a resolución, con indicación do recurso ou recursos que podería interpoñer

contra a mesma, pois así o dispón o artigo 89.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXAP e do PAC), incumprindo a obriga de resolver expresamente a súa denuncia que lle impón a artigo 42.1 da mesma lei.

Á vista desta nova alegación formulada polo autor da queixa, dirixímonos de novo a ese concello mediante escrito de 18-3-10 para que se nos especificasen as razóns polas que non se procedeu a dar resposta ao escrito do 17-7-08 que o autor desta queixa dirixiu a ese organismo para que se procedera a incoar expediente disciplinario ao axente núm. 92607 da policía local dese ente local. A esta última petición de informe contestóusenos por ese concello o seguinte:

“O motivo de que esta Alcaldía non contestara o escrito presentado polo Sr. G.C., foi debido a que non se considerou oportuno iniciar expediente disciplinario ao policía local.

Por outra banda, considérase que logo de efectuar a resposta ao Valedor do Pobo en dúas ocasións, o expediente debe archivarase, xa que, a escasa entidade dos feitos non xustifica os continuos requirimentos ao Concello de Vilagarcía de Arousa”.

Do exame detido e conxunto das informacións facilitadas por ese concello e das alegacións formuladas nos seus escritos polo autor da queixa despréndese que por ese concello en ningún momento se lle contestou ao escrito que con data 17-7-08 o autor da queixa dirixiu a ese organismo. A este respecto debemos resaltar que esta institución vén pronunciándose de forma reiterada nos seus informes anuais sobre a obriga da administración de contestar debidamente ás reclamacións ou recursos que os cidadáns lle presentan e así no informe correspondente ao ano 1996, entre outras precisións, facíase constar que “desde a perspectiva do noso texto constitucional, o artigo 103.1 da Constitución establece taxativamente: “A administración pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito”. Neste senso, o principio de eficacia esixe das administracións públicas que se cumpran razoablemente as expectativas que a sociedade lexitimamente lle demanda. Agora

ben, unha das máis importantes tradúcese no deber da administración de resolver expresamente as peticións e reclamacións que lle presenten os particulares, xa que o coñecemento cabal polo administrado da fundamentación das resolucións administrativas, constitúe un presuposto inescusable para unha axeitada defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A este respecto, cómpre subliñar a intención que, en relación coa problemática suscitada polo silencio administrativo, anima o lexislador na recente reforma do procedemento administrativo común. Na exposición de motivos da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sinálase literalmente que “el silencio administrativo, positivo o negativo, no debe ser un instituto jurídico normal, sino la garantía que impida que los derechos de los particulares se vacíen de contenido cuando su Administración no atiende eficazmente y con la celeridad debida las funciones para las que se ha organizado”. Así mesmo se indica: “el objeto de la Ley no es dar carácter positivo a la inactividad de la Administración cuando los particulares se dirijan a ella; el carácter positivo de la inactividad de la Administración es la garantía que se establece cuando no se cumple el verdadero objetivo de la ley, que es que los ciudadanos obtengan respuesta expresa de la Administración y, sobre todo, que la obtengan en el plazo establecido”.

Dende esta perspectiva, non debe esquecerse que o primeiro dos preceptos da Lei 30/92 dedicado ao silencio administrativo é o artigo 42, que se titula “obligación de resolver”, poñéndose de manifesto neste precepto a importancia e primacía que quixo dar o lexislador ao deber da administración de ditar resolucións expresas.

En relación con este deber da administración de resolver expresamente, tamén cómpre facer un breve comentario sobre os supostos que o artigo 42 sinala como exceptuados da obrigaón de ditar resolución expresa; serían os procedementos administrativos nos que se produza a prescrición, a caducidade, a renuncia ou o desestimando, así como os relativos ao exercicio de dereitos que só deban ser obxecto de comunicación á administración, ou aqueles nos que se producise a perda sobrevida do obxecto do procedemento. Consideramos que aquí se advirte unha inexactitude na

terminoloxía do precepto legal referido, xa que non debería confundirse a resolución expresa coa resolución sobre o fondo, pois malia que é certo que en todo caso debe ditarse resolución expresa sobre un asunto, non é menos certo que non sempre esa resolución terá que abordar necesariamente o fondo do asunto controvertido, como ocorre nos casos exceptuados antes mencionados.

En conclusión, o feito da non contestación a un recurso administrativo ou mesmo a súa resolución tardía abocan ao cidadán a acudir aos tribunais de xustiza para resolver conflitos coa administración, que quizais unha boa parte deles non terían porque chegar á vía xudicial, o que por outra parte trae consigo tamén unha sobrecarga, claramente comprobada na realidade, dos tribunais do contencioso-administrativo.

Debemos resaltar que o artigo 42 antes referido foi modificado pola Lei 4/1999 establecendo que “nos casos de prescripción, renuncia do dereito, caducidade do procedemento ou desestimando da solicitude, así como a desaparición sobrevida do obxecto do procedemento, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables”. Con esta modificación o lexislador abunda na obriga da administración de ditar resolución expresa.

A maior afondamento e con respecto a denuncia que o autor da queixa dirixiu a ese concello debemos resaltar que no artigo 112 do título V (do réxime disciplinario) do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, se establece o seguinte: *“De iniciarse o procedemento como consecuencia de denuncia deberá comunicarse á persoa denunciante o acordo de iniciación ou o arquivo”*.

Por todo o antedito e dado que o artigo 20 da Lei 6/84, de 5 de xuño do Valedor do Pobo encomenda a esta institución velar porque a administración resolva expresamente, no tempo e na forma, as peticións e recursos que lle fosen formuladas, esta institución

diríxese a V.S., de conformidade co establecido no artigo 32.1 da mesma Lei, formulándolle a seguinte **RECOMENDACIÓN**:

Que ese Concello deberá adoptar as medidas tendentes a resolución expresa e a súa notificación das solicitudes e recursos que se lle formulen, acomodándose no seu proceder aos prazos establecidos na Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, e ao establecido no Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolveu a Lei autonómica 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policía locais.

Resposta do concello de Vilagarcía de Arousa: recomendación aceptada.

2.- Recomendación dirixida á Dirección Xeral da Función Pública en data 13 de xullo de 2010, para que se resolvan expresamente as solicitudes e recursos que se lle presenten. (Q/886/10).

Nesta institución abriuse o expediente arriba indicado, como consecuencia da queixa presentada o 26-3-10 por D. F.G.A, con enderezo en Vigo, na que nos indicaba que contra a orde do 26 de xuño de 2009 pola que se convocou proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna, no corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia (subgrupo A2), presentou en tempo e forma un recurso de reposición ante esa Consellería, sen que a pesar do tempo transcorrido, se lle contestase por ese organismo. Tamén manifestaba no seu escrito de queixa que o motivo desta é a súa desconformidade coas bases aprobadas na dita orde no referente á valoración, na fase de concurso, do traballo desenvolvido no subgrupo C1, xa que a puntuación que se outorga está en función do nivel de complemento de destino correspondente ao posto de traballo que se ocupe o día de publicación da convocatoria, aínda que a aquelas persoas que estean a ocupar un posto en comisión de servizo se lles terá en conta o nivel de complemento de destino no seu posto de orixe e non o do posto que ocupe en comisión, o cal, ao seu entender, vai en contra do principio constitucional de igualdade, mérito e capacidade no acceso ás funcións e cargos públicos.

Admitida a trámite a queixa solicitouse con data 8 de abril de 2010 informe da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda. A esta petición de informe

contestóusenos mediante escrito do 7-6-10, saída do 8-6-10 núm. 010503, ao que se achegaba o escrito desa Dirección Xeral do 3-6-10, emitindo informe referido a esta queixa. No devandito informe desa Dirección Xeral facíase constar, entre outras cuestións, o seguinte:

“Polo que se refire á resolución do procedemento, cómpre sinalar que o gran volume de expedientes en tramitación existente na Dirección Xeral naqueles intres consecuencia da entrada constante de reclamacións e recursos, motivou que o citado recurso potestativo de reposición, aínda que foi valorado nesta dirección xeral, non foi obxecto resolución expresa, polo que o interesado debeu entendelo desestimado, logo de transcorreren os prazos correspondentes, segundo o establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Por último, sinalar que a propia orde do 26 de xuño de 2009, establecía na súa disposición derradeira, o seguinte:

"Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase impugnar directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 14.2º do mesmo texto legal. "

Por outra banda, o artigo 46.1 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, dispón:

“Artigo 46.

1. El plazo para interponer el recurso contencioso-administrativo será de dos meses contados desde el día siguiente al de la publicación de la disposición impugnada o al de la notificación o publicación del acto que ponga fin a la vía administrativa, si fuera expreso. Si no lo fuera, el plazo será de seis meses y se contará, para el solicitante y otros posibles interesados, a partir del día siguiente a aquél en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto.

Al respecto, es conveniente subrayar que este centro directivo no tiene constancia de la interposición de recurso contencioso-administrativo contra la Orden del 26 de junio de 2009 por la que se convoca proceso selectivo para el ingreso, por el turno de promoción interna, en el cuerpo de gestión de la Xunta de Galicia, subgrupo A 2, por parte del señor G.A.

Ante esta información desa Dirección Xeral debemos resaltar que esta institución vén pronunciándose de forma reiterada nos seus informes anuais sobre a obriga da administración de contestar debidamente ás reclamacións ou recursos que os cidadáns lle presentan e así no informe correspondente ao ano 1996, entre outras precisións, se facía constar que desde a perspectiva do noso texto constitucional, o artigo 103.1 da Constitución establece taxativamente: “A administración pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito”. Neste senso, o principio de eficacia esixe das administracións públicas que se cumpran razoablemente as expectativas que a sociedade lexitimamente lles demanda. Agora ben, unha das máis importantes tradúcese no deber da administración de resolver expresamente as peticións e reclamacións que lle presenten os particulares, xa que o coñecemento cabal polo administrado da fundamentación das resolucións administrativas, constitúe un presuposto inescusable para unha axeitada defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A este respecto, cómpre subliñar a intención que, en relación coa problemática suscitada polo silencio administrativo, anima ao lexislador na recente reforma do procedemento administrativo común. Na exposición de motivos da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento

administrativo común, sinálase literalmente que *“el silencio administrativo, positivo o negativo, no debe ser un instituto jurídico normal, sino la garantía que impida que los derechos de los particulares se vacíen de contenido cuando su Administración no atiende eficazmente y con la celeridad debida las funciones para las que se ha organizado”*. Así mesmo se indica: *“el objeto de la Ley no es dar carácter positivo a la inactividad de la Administración cuando los particulares se dirijan a ella; el carácter positivo de la inactividad de la Administración es la garantía que se establece cuando no se cumple el verdadero objetivo de la ley, que es que los ciudadanos obtengan respuesta expresa de la Administración y, sobre todo, que la obtengan en el plazo establecido”*.

Dende esta perspectiva, non debe esquecerse que o primeiro dos preceptos da Lei 30/92 dedicado ao silencio administrativo é o artigo 42, que se titula *“obligación de resolver”*, poñéndose de manifesto neste precepto a importancia e primacía que quixo dar o lexislador ao deber da administración de ditar resolucións expresas.

En relación con este deber da administración de resolver expresamente, tamén cómpre facer un breve comentario sobre os supostos que o artigo 42 sinala como exceptuados da obrigaón de ditar resolución expresa; serían os procedementos administrativos nos que se produza a prescrición, a caducidade, a renuncia ou o desestimando, así como os relativos ao exercicio de dereitos que só deban ser obxecto de comunicación á administración, ou aqueles nos que se producira a perda sobrevida do obxecto do procedemento. Consideramos que aquí se advirte unha inexactitude na terminoloxía do precepto legal referido, xa que non debería confundirse a resolución expresa coa resolución sobre o fondo, pois malia que é certo que en todo caso debe dítarse resolución expresa sobre un asunto, non é menos certo que non sempre esa resolución terá que abordar necesariamente o fondo do asunto controvertido, como ocorre nos casos exceptuados antes mencionados.

En conclusión, o feito da non contestación a un recurso administrativo ou mesmo a resolución tardía deste abocan o cidadán a acudir aos tribunais de xustiza para resolver conflitos coa administración, que quizais unha boa parte deles non terían porque chegar á vía xudicial, o que por outra parte trae consigo tamén unha sobrecarga, claramente comprobada na realidade, dos tribunais do contencioso-administrativo.

Debemos resaltar que o artigo 42 antes referido foi modificado pola Lei 4/1999 establecendo que “nos casos de prescripción, renuncia do dereito, caducidade do procedemento ou desestimando da solicitude, así como a desaparición sobrevida do obxecto do procedemento, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables”. Con esta modificación o lexislador abunda na obriga da administración de ditar resolución expresa.

A maior afondamento debemos resaltar, recollendo a opinión de D. José Antonio Domínguez Luís, profesor de Dereito Administrativo da Universidade Carlos III de Madrid, no seu comentario sobre “Tutela xudicial e non preclusividade do prazo reacional fronte ao silencio administrativo negativo”, que *“el incumplimiento por parte de la Administración de su obligación de resolver expresamente los procedimientos sitúa en abierta desventaja al interesado, en tanto que aquella solo tiene que esperar a que la eventual pasividad o falta de diligencia de éste legitime su ilegal proceder. Con ello lo que se propicia en definitiva es una Administración ineficaz que contraviene uno de los principios básicos del artículo 103 de la Constitución que ordenan su estatuto como organización pública. En otros términos, el fundamento de la obligación de resolver que atañe a la Administración Pública descansa en el carácter instrumental de ésta en cuanto organización que ha de servir con objetividad los intereses generales con base en los principios de eficacia y servicio a todos los ciudadanos”*.

Por todo o antedito, esta institución diríxese a V.S., de conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulándolle a seguinte **RECOMENDACIÓN:**

Que esa Dirección Xeral deberá adoptar as medidas tendentes á resolución expresa e á súa notificación das solicitudes e recursos que se lle formulen, acomodándose no seu proceder aos prazos establecidos na Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, e demais normativa aplicable. E consecuentemente, deberase proceder á resolución, no prazo

máis breve posible, do recurso interposto polo autor desta queixa.

Resposta da Dirección Xeral da Función Pública: recomendación aceptada.

3.- Recomendación dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Monforte de Lemos, en data 25 de agosto de 2010, para que nas probas selectivas se teña en conta que as bases da convocatoria, unha vez firmes, constitúen lei e son vinculantes para a Administración, os tribunais e os opositores. (Q/1868/2009).

Nesta institución abriuse o expediente arriba indicado, como consecuencia da queixa presentada o 22-9-09 por unha opositora ao proceso selectivo convocado por ese concello para a cobertura de 11 prazas de auxiliar administrativo, na que nos indicaba que se presentou ao dito proceso selectivo que se realizou o día 10 de agosto de 2009 e que no dito proceso se produciron diversas irregularidades. En primeiro lugar comeza con dúas horas de atraso. O exame ten un gran número de preguntas que non entran no temario, pero ademais permítese que aqueles candidatos que o desexen entreguen o exame cumprimentado a un membro de tribunal para que este saia fóra da aula a facerlle unha fotocopia para que logo o opositor poida ter constancia do que fixo. Así moitos interinos que traballan no concello e se presentaron á proba, entregáronlle o seu exame a compañeiros do concello que formaban parte do tribunal e estes saíron da aula co exame para, aparentemente, facerlle unha fotocopia; ao cabo dun tempo este membro do tribunal (porque só ía un) volvía aparecer co exame e coa copia na aula; a copia era para o opositor e o presunto orixinal era para o tribunal. Tamén manifesta que impugnou oito preguntas que non se axustaban ao temario, das cales se lle dá a razón en catro, que son anuladas, e en dúas se lle dá a razón en parte, que non son anuladas, pero se dan por correctas dúas respostas. Sobre esta cuestión manifesta que sobre este acordo só se lle informa a mesma, porque non figura na cadro das respostas correctas e non se lle comunica ao resto dos candidatos (os cales deberían estar informados das alteracións das preguntas). Por último pon de manifesto que en ningún momento se lles informou aos opositores dos prazos para poder facer alegacións, impugnacións ou reclamacións.

Nun novo escrito remitido pola autora desta queixa fai constar tamén que polo tribunal examinador procedeuse a descontar puntos aos opositores polas preguntas incorrectas, cando nas bases da convocatoria non figuraba tal circunstancia. Así mesmo indica que nas bases se establecía que o concurso tería que ser anterior á fase da oposición; ademais ampliouse o prazo para presentar documentos para a fase do concurso, cando xa se tiña realizado o primeiro exame da oposición. Tamén indica que ao segundo exercicio non asistiu o presidente do tribunal e as comunicacións realizadas despois do 1º exame xa non foron asinadas polo dito presidente nin polo suplente senón pola secretaria do tribunal.

Admitida a trámite a queixa solicitouse con data 16 de novembro de 2009 informe dese concello. A esta petición de informe contestóusenos mediante escrito do 10-12-09, saída do 11-12-09, núm. 8548, no que de forma conxunta se daba contestación ás nosas peticións de informe referidas aos expedientes de queixa desta institución A.4.Q/1868/09 e A.4.Q/2042/09.

Logo de trasladar á autora da queixa a información facilitada por ese concello, ela mesma nun novo escrito fai constar que moitas das súas preguntas non foron respondidas por ese organismo no dito escrito. Á vista deste novo escrito da autora da queixa e das alegacións por ela formuladas dirixímonos de novo a ese concello para que se nos facilitase unha nova información, referida exclusivamente a este expediente de queixa, sobre as novas alegacións.

A esta nova petición de informe, por ese organismo contestóusenos mediante escrito do 10-6-10, saída do mesmo día 10 de xuño, núm. 4387.

Do exame detido e conxunto das informacións facilitadas por ese concello e das alegacións formuladas pola autora da queixa pódense precisar as seguintes circunstancias:

1º.- Que no BOP de Lugo núm. 037, do 14 de febreiro de 2009, publicáronse as “bases para a convocatoria de concurso oposición libre para a provisión de once prazas de auxiliar administrativo, escala de administración xeral”. Posteriormente no BOP de Lugo núm. 101, do 6 de maio de 2009, procedeuse a publicar de novo as bases da dita

convocatoria, despois de que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 30 de abril do actual, prestou aprobación á modificación das bases da convocatoria de once prazas de auxiliar administrativo. Na alínea primeira das ditas bases (I.- Normas xerais) establécese que *“as probas selectivas rexeranse polo previsto nestas bases”*. Na alínea cuarta (IV.- Presentación de instancias) establécese, entre outras cuestións, que *“Igualmente, os aspirantes terán que xuntar á súa solicitude os documentos acreditativos dos méritos que aleguen. O incumprimento deste requisito impedirá que o tribunal teña en conta estes na correspondente fase de avaliación”*. Na alínea sexta (VI.- Sistema de selección), parágrafo primeiro establécese que *“A selección dos aspirantes será polo procedemento de concurso-oposición non restrinxido, e a fase de concurso será anterior á de oposición”*.

2.- Que o primeiro exercicio da fase de oposición tivo lugar o día 10 de agosto de 2009 e que malia que os opositores estaban convocados para as 10 horas, o exercicio comezou ás 12 horas.

3º.- Que o tribunal encargado da selección o día 10 de agosto de 2009 lles informase a todos/as opositores/as que dispoñen de dez días hábiles para achegar documentación, para poder valorar adecuadamente a fase de concurso e que de non ter presentada a documentación o tribunal non valorará os méritos xa que non quedan debidamente acreditados. Tamén se lles informa que as preguntas mal contestadas restarán 0,05 puntos.

4º.- Que ante a petición de varios aspirantes que solicitan ao tribunal que se lles facilite unha copia das súas respostas, logo de valorar esta posibilidade, o tribunal comunícalle a todos/as os/as aspirantes que se lles facilitaría unha copia do cadro das súas respostas, se así o solicitan, e que esta a faría un membro de tribunal, nunha fotocopiadora do propio centro no que se realizan as probas.

5º.- Que a publicación da fase de concurso se fai o 27 de agosto de 2009.

Á vista do exposto anteriormente entende esta institución que por parte do tribunal encargado da selección non se actuou de acordo co establecido na bases, xa que con data 10 de agosto de 2009 se lles informou aos opositores que dispoñían dun prazo de dez días hábiles para achegar documentación para poder valorar adecuadamente a fase de concurso, cando nas bases se establecía que tal documentación debería presentarse coa solicitude, engadíndose que o incumprimento deste requisito impediría que o tribunal tivese en conta estes na correspondente fase de avaliación.

Así mesmo entende esta institución que por parte do mesmo tribunal tampouco se actuou de acordo co establecido nas bases, xa que este non procedeu a realizar a fase de concurso con anterioridade á fase da oposición, xa que o primeiro exercicio desta fase tivo lugar o día 10-7-09 e a fase de concurso foi posterior, non adecuándose ao establecido nas bases, dado que como queda dito anteriormente na dita data se lles concedeu aos opositores un prazo de dez días para achegar documentación a valorar na fase de concurso, cando o prazo para presentar tal documentación xa tiña rematado.

Por outra parte con respecto ao argumento esgrimido no informe dese concello acerca de que o tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se lle presentasen e tomar os acordos precisos para o bo fin do concurso oposición, esta institución considera que esta habilitación recollida na alínea (VIII.- Incidencias) das bases lle permite ao tribunal resolver dúbidas, pero non lle permite modificar nin incumprir preceptos claros como son os referidos sobre o momento en que se debería presentar os documentos acreditativos dos méritos e sobre o feito de que a fase de concurso sería anterior á fase de oposición.

Con respecto ás bases debemos indicar que despois de consentidas vinculan a administración, os tribunais que xulgan as probas selectivas e os que toman parte nelas. Sobre esta cuestión veuse producindo un pronunciamento constante por parte dos tribunais de xustiza, algún dos cales recolleamos a continuación:

Sentencia del Tribunal Supremo de 9 de diciembre de 2002:

“La jurisprudencia de este Tribunal Supremo ha reiterado que las bases de la convocatoria de un concurso (o de cualquier otra prueba selectiva) constituyen la ley a la que ha de sujetarse el procedimiento y la resolución del mismo, de manera que, una vez firmes y consentidas, vinculan por igual a los participantes y a la Administración. Claramente expone la sentencia de 24 de enero de 1.991 que el actor, que consintió las bases, no puede luego, en un momento procesal inadecuado, conseguir su nulidad. En el mismo sentido pueden consultarse las sentencias de 29 de enero de 1.991 (fundamento de derecho tercero), 30 de septiembre de 1993 (fundamento tercero) y 16 de junio de 1.997 (fundamento segundo).

Sentencia del Tribunal Supremo de 3 de marzo de 2005:

“Ciertamente, es doctrina jurisprudencial consolidada (plasmada en sentencias de esta Sala de 13 de enero de 2000 (RJ 2000, 551), 24 de marzo de 1998 (RJ 1998, 3408) y 20 de marzo de 1995 (RJ 1995, 2393), entre otras muchas que la concurrencia a un proceso selectivo sin que se haya impugnado la convocatoria o alguna de sus bases impide la ulterior impugnación de la resolución que sobre el mismo recaiga por motivos relativos a posibles defectos de la convocatoria, que en su día pudieron hacerse valer mediante el oportuno recurso contra ésta, ello con el fin de evitar que quien aceptó unas bases determinadas las impugne después cuando no resultó favorecido, quebrantando así el principio en virtud del cual las bases de las convocatorias vinculan a la Administración y a los Tribunales o Comisiones permanentes de selección que han de juzgar las pruebas selectivas y a quienes participen en las mismas”.

Sentencia del Tribunal Supremo de 9 de diciembre de 2009:

“Segundo.- En lo que ahora interesa la sentencia impugnada es del siguiente tenor: “es reiterada la jurisprudencia del Tribunal Supremo en cuanto a que las bases de convocatoria de un concurso (o de cualquier otra prueba selectiva) constituyen la ley a la que ha de sujetarse el procedimiento y la resolución del mismo, de manera que, una vez firmes y consentidas, vinculan por igual a los participantes y a la Administración, así lo expresa la sentencia de 9 de diciembre de 2002, que se remite a su vez a la sentencia de 24

de enero de 1991 indicadora de que el actor, que consintió las bases, no puede luego, en un momento procesal inadecuado, conseguir su nulidad. En el mismo sentido se pronuncian las sentencias de 29 de enero de 1991, 30 de septiembre de 1993 y 16 de junio de 1997. Es claro que con arreglo a la jurisprudencia expuesta, las bases de la convocatoria recogidas en la Orden de 17 de marzo de 2003, devinieron firmes y consentidas al no haber sido impugnadas por la actora.”

Por outra parte con respecto ao acordo do tribunal de que se lles facilitaría aos opositores que así o solicitasen unha copia do cadro das súas respostas e que esta a faría un membro do tribunal nunha fotocopiadora do propio centro no que se realizaban as probas, debemos indicar que o feito de que un membro do tribunal, sen poñer en dúbida a súa integridade, sen ser acompañado por ningún representante/s dos opositores, elixido/s por estes, se ausentase do lugar do exame a outra dependencia, aínda que do mesmo centro, para fotocopiar o cadro das respostas do opositor que así o solicitase, pode dar orixe a que se produzan suspicacias sobre transparencia que debe primar en todo proceso selectivo, polo que consideramos que se debeu realizar de xeito que non fose posible que se puxera en dúbida a transparencia do dito proceso .

Por todo o antedito, esta institución diríxese a Vde., de conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulándolle a seguinte **RECOMENDACIÓN:**

Que por ese concello deberase ter en conta que as bases da convocatoria de todas as probas selectivas, logo de firmes, constitúen lei e vinculan á administración, aos tribunais que xulgan as devanditas probas e aos que toman parte nelas.

Resposta do Concello de Monforte de Lemos: recomendación non aceptada.

4.- Dúas recomendacións dirixidas ao Alcalde-Presidente do Concello de Monforte de Lemos, en data 25 de agosto de 2010, a primeira para que nas probas selectivas se teña en conta que as bases da convocatoria, unha vez firmes, constitúen lei e son vinculantes para a Administración, os tribunais e os opositores e a segunda para que se resolvan expresamente as solicitudes e recursos que se lle presenten. (Q/2042/2009).

Nesta institución abriuse o expediente arriba indicado, como consecuencia da queixa presentada o 16-10-09 por D^a. A.M.V.P., con enderezo en Monforte de Lemos, opositora ao proceso selectivo convocado por ese concello para a cobertura de 11 prazas de auxiliar administrativo, na que nos indicaba no seu escrito que no concurso oposición convocado por ese concello para a provisión en propiedade de once prazas de auxiliar administrativo, escala de administración xeral, se produciron diversas irregularidades, entre elas as seguintes: de 24 temas contemplados nas bases da convocatoria, non comprende as seguintes preguntas do exame realizado o día 10 de agosto de 2009. A primeira pregunta en relación ao artigo 134 da Constitución non entraba no temario. Pertence ao título 7 “Economía e Facenda”. A 9^a e 10^a preguntas (LOFAGE) tampouco aparecen no temario. A 18^a e 48^a preguntas, en relación ao Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o dito regulamento non aparece como tal no programa, nin en ningún tema. A 20^a pregunta, en relación ao texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, non vén no temario. A 27^a pregunta, referente á Lei de patrimonio das administracións públicas, non figura no temario. A 44^a e 45^a preguntas referentes ao Regulamento de servizos das entidades locais, non figura no temario. As catro preguntas sobre ordenanzas municipais de Monforte de Lemos foron anuladas, núm. 12, 13, 14 e 15, ao igual que a pregunta 23, por non figurar no temario. De tales anulacións non houbo, en ningún momento, publicación nin ningunha comunicación aos opositores. Algúns informáronse por quen impugnou estas preguntas. Nas preguntas 24 e 25 aceptáronse dúas respostas como válidas, cuxos contidos se contradicían. Ademais nunca se especificou nas bases que algunhas preguntas tivesen dúas respostas. Continúa a dicir que de todo iso se informaron polo boca a boca. Novamente informáronse por o boca a boca doutras dúas preguntas anuladas a outras persoas, e non comunicadas ao resto dos opositores. Con todo iso non entende a veracidade da cualificación dunha oposición na que

de cincuenta preguntas fallan tantas. O exame iniciouse cunha hora e cincuenta minutos de atraso. Indica tamén que se atopou con que as preguntas mal contestadas restaban, sen aparecer iso en ningún momento nas bases. Manifesta así mesmo que se permitiu sacar o exame fóra da aula para poder fotocopialo, antes de entregalo. Fai constar tamén que non houbo sorteo do exame como poñía nas bases da oposición. Non se publicou cadro corrector coas rectificacións. En ningún momento se publicaron prazos para establecer alegacións ou impugnacións e recursos. Taxas por dereito de exame excesivas (50 euros). Por exemplo, o Concello de Lugo, establece unhas taxas de 12 euros. Matriculáronse cento vinte persoas das cales once eran interinos. Tras o resultado do primeiro exame nos atopamos con que de once interinos aproban os once e do resto (100) aprobaron nove. Tamén cabe resaltar o feito de que eses once interinos obtiveron, e con diferenza, as mellores notas no exame, sen contar os puntos do concurso. Ademais segundo as bases a fase de concurso tería que ter sido antes da oposición, sen embargo, despois de facer o exame da oposición, se ampliou o prazo para presentar os méritos a aquelas persoas que por algún motivo non puideron entregalos no prazo. Así mesmo expresa que se difundiu o rumor de que houbo presunta filtración do primeiro exame. Por último manifesta que interpuxo un recurso de reposición ante ese concello, solicitando a anulación do exame ao amparo das alegacións formuladas, sen que a pesar do tempo transcorrido se lle dese resposta.

Admitida a trámite a queixa solicitouse con data 5 de novembro de 2009 informe dese concello. A esta petición de informe contestóusenos mediante escrito de 10-12-09, saída do 11-12-09, núm. 8548, no que de forma conxunta se daba contestación ás nosas peticións de informe referidas aos expedientes de queixa desta institución A.4.Q/1868/09 e A.4.Q/2042/09.

Logo de trasladar á autora da queixa a información facilitada por ese concello, esta nun novo escrito volve insistir en que diversas preguntas recollidas no test do primeiro exercicio non se adecuaban ao temario e que malia que procedeu á súa impugnación non se procedeu á súa anulación polo tribunal, cando outras preguntas, que estaban na mesma situación si foron anuladas. Á vista deste novo escrito da autora da queixa e das alegacións por ela formuladas dirixímonos de novo a ese concello para que se

nos facilitase unha nova información, referida exclusivamente a este expediente de queixa, sobre as novas alegacións.

A esta nova petición de informe, por ese organismo contestóusenos mediante escrito do 10-6-10, saída do mesmo día 10 de xuño núm. 4380.

Do exame detido e conxunto das informacións facilitadas por ese concello e das alegacións formuladas pola autora da queixa pódense precisar as seguintes circunstancias:

1º.- Que no BOP de Lugo núm. 037, do 14 de febreiro de 2009, se publicaron as “bases para a convocatoria de concurso oposición libre para a provisión de once prazas de auxiliar administrativo, escala de administración xeral”. Posteriormente no BOP de Lugo núm.101, do 6 de maio de 2009, se procedeu a publicar de novo as bases da dita convocatoria, logo de que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 30 de abril do actual, prestou aprobación á modificación das bases da convocatoria de once prazas de auxiliar administrativo. Na aliña primeira das ditas bases (I.- Normas xerais) establécese que *“as probas selectivas rexeranse polo previsto nestas bases”*. Na aliña cuarta (IV.- Presentación de instancias) establécese, entre outras cuestións, que *“Igualmente, os aspirantes terán que xuntar á súa solicitude os documentos acreditativos dos méritos que aleguen. O incumprimento deste requisito impedirá que o tribunal teña en conta estes na correspondente fase de avaliación”*. Na aliña sexta (VI.- Sistema de selección), parágrafo primeiro, establécese que *“A selección dos aspirantes será polo procedemento de concurso-oposición non restrinxido, e a fase de concurso será anterior á de oposición”*.

2.- Que o primeiro exercicio da fase de oposición tivo lugar o día 10 de agosto de 2009 e que malia que os opositores estaban convocados para as 10 horas, o exercicio comezou ás 12 horas.

3º.- Que polo Tribunal encargado da selección o día 10 de agosto de 2009 informáselles a todos/as opositores/as que dispoñen de dez días hábiles para achegar documentación, para poder valorar adecuadamente a fase de concurso e que de non ter presentada a documentación o tribunal non valorará os méritos xa que non quedan

debidamente acreditados. Tamén se lles informa que as preguntas mal contestadas restarán 0,05 puntos.

4º.- Que ante a petición de varios aspirantes que solicitan ao tribunal que se lles facilite unha copia das súas respostas, logo de valorar esta posibilidade, o tribunal comunícalle a todos/as os/as aspirantes que se lles facilitaría unha copia do cadro das súas respostas, se así o solicitan, e que esta a faría un membro de tribunal, nunha fotocopiadora do propio centro no que se realizan as probas.

5º.- Que a publicación da fase de concurso se fai o 27 de agosto de 2009.

6º.- Que a autora desta queixa o 2 de setembro de 2009 interpuxo recurso de reposición en relación á lista de aprobados e sobre diversas preguntas do exame e que o tribunal acordou *“que tendo en conta que a lista foi publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello e que o proceso selectivo non ten concluído non procede a interposición do recurso de reposición”*. Engadíndose, no informe último dese concello, que independentemente de que o recurso que a interesada podería interpor era de alzada, enténdese este desestimado ó abeiro do artigo 43 da Lei 30/92, do 26 de novembro, que regula a Lei de réxime xurídico e procedemento administrativo común que regula o silencio administrativo, sen prexuízo de que a interesada puidera solicitar certificación de acto presunto.

Á vista do exposto anteriormente entende esta institución que por parte do tribunal encargado da selección non se actuou de acordo co establecido na bases, xa que con data 10 de agosto de 2009 se lles informou aos opositores que dispoñían dun prazo de dez días hábiles para achegar documentación para poder valorar adecuadamente a fase de concurso, cando nas bases se establecía que tal documentación debería presentarse coa solicitude, engadíndose que o incumprimento deste requisito impediría que o tribunal tivese en conta estes na correspondente fase de avaliación.

Así mesmo entende esta institución que por parte do mesmo tribunal tampouco se actuou de acordo co establecido nas bases, xa que non se procedeu polo mesmo a realizar a fase de concurso con anterioridade á fase da oposición, xa que o primeiro exercicio desta

fase tivo lugar o día 10-7-09 e a fase de concurso foi posterior, non adecuándose ao establecido nas bases, dado que como queda dito anteriormente na dita data se lles concedeu aos opositores un prazo de dez días para achegar documentación a valorar na fase de concurso, cando o prazo para presentar tal documentación xa tiña rematado.

Por outra parte con respecto ao argumento esgrimido no informe dese concello acerca de que o tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se lle presentasen e tomar os acordos precisos para o bo fin do concurso oposición, esta institución considera que esta habilitación recollida na alínea (VIII.- Incidencias) das bases lle permite ao tribunal resolver dúbidas, pero non lle permite modificar nin incumprir preceptos claros como son os referidos sobre o momento en que se debería presentar os documentos acreditativos dos méritos e sobre o feito de que a fase de concurso sería anterior á fase de oposición.

Con respecto ás bases debemos indicar que despois de consentidas vinculan a administración, os tribunais que xulgan as probas selectivas e os que toman parte nelas. Sobre esta cuestión veuse producindo un pronunciamento constante por parte dos tribunais de xustiza, algún dos cales recolleamos a continuación:

Sentencia del Tribunal Supremo de 9 de diciembre de 2002:

“La jurisprudencia de este Tribunal Supremo ha reiterado que las bases de la convocatoria de un concurso (o de cualquier otra prueba selectiva) constituyen la ley a la que ha de sujetarse el procedimiento y la resolución del mismo, de manera que, una vez firmes y consentidas, vinculan por igual a los participantes y a la Administración. Claramente expone la sentencia de 24 de enero de 1.991 que el actor, que consintió las bases, no puede luego, en un momento procesal inadecuado, conseguir su nulidad. En el mismo sentido pueden consultarse las sentencias de 29 de enero de 1.991 (fundamento de derecho tercero), 30 de septiembre de 1993 (fundamento tercero) y 16 de junio de 1.997 (fundamento segundo).

Sentencia del Tribunal Supremo de 3 de marzo de 2005:

“Ciertamente, es doctrina jurisprudencial consolidada (plasmada en sentencias de esta Sala de 13 de enero de 2000 (RJ 2000, 551), 24 de marzo de 1998 (RJ 1998, 3408) y 20 de marzo de 1995 (RJ 1995, 2393), entre otras muchas) que la concurrencia a un proceso selectivo sin que se haya impugnado la convocatoria o alguna de sus bases impide la ulterior impugnación de la resolución que sobre el mismo recaiga por motivos relativos a posibles defectos de la convocatoria, que en su día pudieron hacerse valer mediante el oportuno recurso contra ésta, ello con el fin de evitar que quien aceptó unas bases determinadas las impugne después cuando no resultó favorecido, quebrantando así el principio en virtud del cual las bases de las convocatorias vinculan a la Administración y a los Tribunales o Comisiones permanentes de selección que han de juzgar las pruebas selectivas y a quienes participen en las mismas”.

Sentencia del Tribunal Supremo de 9 de diciembre de 2009:

“Segundo.- En lo que ahora interesa la sentencia impugnada es del siguiente tenor: “es reiterada la jurisprudencia del Tribunal Supremo en cuanto a que las bases de convocatoria de un concurso (o de cualquier otra prueba selectiva) constituyen la ley a la que ha de sujetarse el procedimiento y la resolución del mismo, de manera que, una vez firmes y consentidas, vinculan por igual a los participantes y a la Administración, así lo expresa la sentencia de 9 de diciembre de 2002, que se remite a su vez a la sentencia de 24 de enero de 1991 indicadora de que el actor, que consintió las bases, no puede luego, en un momento procesal inadecuado, conseguir su nulidad. En el mismo sentido se pronuncian las sentencias de 29 de enero de 1991, 30 de septiembre de 1993 y 16 de junio de 1997. Es claro que con arreglo a la jurisprudencia expuesta, las bases de la convocatoria recogidas en la Orden de 17 de marzo de 2003, devinieron firmes y consentidas al no haber sido impugnadas por la actora.”

Por outra parte con respecto ao acordo do tribunal de que se lles facilitaría aos opositores que así o solicitasen unha copia do cadro das súas respostas e que esta a faría un membro do tribunal nunha fotocopiadora do propio centro no que se realizaban as probas,

debemos indicar que o feito de que un membro do tribunal, sen poñer en dúbida a súa integridade, sen ser acompañado por ningún representante/s dos opositores, elixido/s por estes, se ausentase do lugar do exame a outra dependencia, aínda que do mesmo centro, para fotocopiar o cadro das respostas do opositor que así o solicitase, pode dar orixe a que se produzan suspicacias sobre transparencia que debe primar en todo proceso selectivo, polo que consideramos que se debeu realizar de xeito que non fose posible que se puxera en dúbida a transparencia do dito proceso .

Con respecto á non resolución do recurso presentado o 2 de setembro pola autora desta queixa, debemos resaltar que esta institución vén pronunciándose de forma reiterada nos seus informes anuais sobre a obriga da administración de contestar debidamente as reclamacións ou recursos que os cidadáns lle presentan e así no informe correspondente ao ano 1996, entre outras precisións, facíase constar que “desde a perspectiva do noso texto constitucional, o artigo 103.1 da Constitución establece taxativamente: “A administración pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito”. Neste senso, o principio de eficacia esixe das administracións públicas que se cumpran razoablemente as expectativas que a sociedade lexitimamente lle demanda. Agora ben, unha das máis importantes tradúcese no deber da administración de resolver expresamente as peticións e reclamacións que lle presenten os particulares, xa que o coñecemento cabal polo administrado da fundamentación das resolucións administrativas, constitúe un presuposto inescusable para unha axeitada defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A este respecto, cómpre subliñar a intención que, en relación coa problemática suscitada polo silencio administrativo, anima o lexislador na recente reforma do procedemento administrativo común. Na exposición de motivos da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sinálase literalmente que “el silencio administrativo, positivo o negativo, no debe ser un instituto jurídico normal, sino la garantía que impida que los derechos de los particulares se vacíen de contenido cuando su Administración no atiende eficazmente y con la celeridad debida las funciones para las que se ha organizado”. Así

mesmo se indica: “el objeto de la Ley no es dar carácter positivo a la inactividad de la Administración cuando los particulares se dirijan a ella; el carácter positivo de la inactividad de la Administración es la garantía que se establece cuando no se cumple el verdadero objetivo de la ley, que es que los ciudadanos obtengan respuesta expresa de la Administración y, sobre todo, que la obtengan en el plazo establecido”.

Dende esta perspectiva, non debe esquecerse que o primeiro dos preceptos da Lei 30/92 dedicado ao silencio administrativo é o artigo 42, que se titula “obligación de resolver”, poñéndose de manifesto neste precepto a importancia e primacía que quixo dar o lexislador ao deber da administración de ditar resolucións expresas.

En relación con este deber da administración de resolver expresamente, tamén cómpre facer un breve comentario sobre os supostos que o artigo 42 sinala como exceptuados da obrigación de ditar resolución expresa; serían os procedementos administrativos nos que se produza a prescrición, a caducidade, a renuncia ou o desestimando, así como os relativos ao exercicio de dereitos que só deban ser obxecto de comunicación á Administración, ou aqueles nos que se producira a perda sobrevida do obxecto do procedemento. Consideramos que aquí se advirte unha inexactitude na terminoloxía do precepto legal referido, xa que non debería confundirse a resolución expresa coa resolución sobre o fondo, pois se ben é certo que en todo caso debe ditarse resolución expresa sobre un asunto, non é menos certo que non sempre esa resolución terá que abordar necesariamente o fondo do asunto controvertido, como ocorre nos casos exceptuados antes mencionados.

En conclusión, o feito da non contestación a un recurso administrativo ou mesmo a súa resolución tardía abocan o cidadán a acudir aos tribunais de xustiza para resolver conflitos coa administración, que quizais unha boa parte deles non terían porque chegar á vía xudicial, o que por outra parte trae consigo tamén unha sobrecarga, claramente comprobada na realidade, dos tribunais do contencioso-administrativo.

Debemos resaltar que o artigo 42 antes referido foi modificado pola Lei 4/1999 establecendo que “nos casos de prescrición, renuncia do dereito, caducidade do

procedemento ou desestimando da solicitude, así como a desaparición sobrevida do obxecto do procedemento, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables”. Con esta modificación o lexislador abunda na obriga da administración de ditar resolución expresa.

A maior afondamento debemos resaltar, recollendo a opinión de D. José Antonio Domínguez Luís, profesor de Dereito Administrativo da Universidade Carlos III de Madrid, no seu comentario sobre “Tutela xudicial e non preclusividade do prazo reacional fronte ao silencio administrativo negativo”, que “ *el incumplimiento por parte de la Administración de su obligación de resolver expresamente los procedimientos sitúa en abierta desventaja al interesado, en tanto que aquella solo tiene que esperar a que la eventual pasividad o falta de diligencia de éste legitime su ilegal proceder. Con ello lo que se propicia en definitiva es una Administración ineficaz que contraviene uno de los principios básicos del artículo 103 de la Constitución que ordenan su estatuto como organización pública. En otros términos, el fundamento de la obligación de resolver que atañe a la Administración Pública descansa en el carácter instrumental de ésta en cuanto organización que ha de servir con objetividad los intereses generales con base en los principios de eficacia y servicio a todos los ciudadanos*”.

Por todo o antedito, esta Institución diríxese a Vde., de conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, reiterándolle a recomendación que se lle formulou con ocasión do expediente A.4.Q/1868/2009 nos seguintes termos:

“Que por ese concello deberase ter en conta que as bases de convocatoria de todas as probas selectivas, despois de firmes, constitúen lei e vinculan a administración, os tribunais que xulgan as devanditas probas e os que toman parte nelas”.

A súa vez sobre a falta de resolución do recurso presentado pola autora desta queixa, de conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo formulámoslle a seguinte **RECOMENDACIÓN**:

Que ese concello deberá adoptalas medidas tendentes a resolución expresa e a súa notificación das solicitudes e recursos que se lle formulen, acomodándose no seu proceder aos prazos establecidos na Lei 30/1992 modificada pola Lei 4/1999, e demais normativa aplicable. E consecuentemente, deberase proceder á resolución, no prazo máis breve posible, do recurso interposto pola autora desta queixa.

Resposta do concello de Monforte de Lemos: recomendacións non aceptadas.

5.- Recomendación dirixida á Consellería de Sanidade, en data 13 de outubro de 2010 debido ás irregularidades detectadas en procesos selectivos do SERGAS (Q/1073/10).

1. A formulación da queixa

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. X.F. L., D. J. M. L. T. e D. F. J. C. G. ...debido a supostas irregularidades nos procesos selectivos do SERGAS.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que existen graves sospeitas en relación con diferentes procesos selectivos para o acceso ao emprego público no Servizo Galego de Saúde (SERGAS), causando unha importante alarma social polo desamparo ao que se están vendo sometidos milleiros de opositores. Segundo se sinala, Galicia, con máis de 200 000 persoas sen traballo, é, despois da Comunidade Autónoma de Baleares, a segunda Comunidade con máis emprego destruído no primeiro trimestre do ano 2010. Este feito está empurrando a moitas persoas a buscar un futuro laboral na función pública. Hai máis de 35 000 cidadáns que se teñen inscrito no último ano para participar en diferentes procesos selectivos de acceso ao emprego público no SERGAS, organismo dependente da Consellería de Sanidade. Por iso, consideran fundamental garantir a limpeza dos procesos selectivos e a súa imparcialidade. Engaden que están seriamente preocupados pola

concatenación de casualidades que se teñen producido nas oposicións do SERGAS e que teñen saído á luz pública despois das denuncias sindicais e mesmo de opositores que participan nos diferentes procesos selectivos. Déronse varias denuncias sindicais que abren serias sospeitas de irregularidades nos procesos selectivos. O feito de que persoas que traballan no mesmo departamento onde se elaboran e preparan os procesos selectivos acaben obtendo as puntuacións máis altas nas probas convocadas entre máis de 7500 persoas, “ou ben é un milagre ou ben unha inmensa casualidade, que debe ser desvelado con transparencia e a correspondente investigación oficial”, sinálase. O propio persoal do SERGAS facía público o pasado 28 de marzo a existencia de “fallos na custodia dos exames” dos procesos selectivos deste organismo da Xunta de Galicia.

A existencia de graves sospeitas de irregularidades en diversos procesos selectivos no SERGAS crea unha importante alarma social que debe ser tratada polos poderes públicos con transparencia e con ampla información oficial. A suma de escándalos que vén de coñecer a opinión pública sobre diferentes procesos selectivos de acceso ao emprego público na Xunta de Galicia e os seus organismos deixa en moi mal lugar o poder público galego, como máximo responsable dos procesos selectivos de acceso á función pública, e alimenta, se cabe máis aínda, a desconfianza de milleiros de opositores sobre a limpeza dos procesos selectivos na Xunta de Galicia, segundo se expresa na queixa. Engádase que unha democracia de calidade aséntase sobre varios piares, un deles o dereito á igualdade de oportunidades no acceso á función pública, polo que entenden como fundamental que se melloren os sistemas de selección e acceso ao emprego público. En concreto reclámase a necesidade de supervisar os procesos selectivos de acceso ao emprego público no SERGAS, e nomeadamente os de ATS/DUE, auxiliar administrativo, persoal de servizos xerais (PSX), celadores, e grupo administrativo.

2. Admisión a trámite, requirimento de información á Consellería de Sanidade e primeiros informes dese órgano

Ante iso admitimos a queixa a trámite e requirimos información á Consellería de Sanidade, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo (LVP). Advertimos á mesma que logo de recibido e analizado o informe que se require, se resultar insuficiente para os efectos de clarexar a situación e descartar a

ausencia de irregularidades nos procesos, entón avaliaríase a conveniencia de acudir persoalmente a ese órgano, de acordo co disposto no art. 23 LVP, para a comprobación de datos, a realización de entrevistas persoais, e o estudo de expedientes e documentos relacionados co obxecto da queixa. No seu momento a Consellería respondeu da forma que a continuación transcribimos:

- DOCUMENTO 1 (Consellería de Sanidade; Secretaría Xeral):

“En relación coa noticia aparecida na prensa diaria o 5 de maio de 2010, pola que se dá conta da petición efectuada polo viceportavoz do grupo parlamentario socialista, J.M. L., a esa institución, a fin de que abra unha "investigación oficial e independente" sobre as probas selectivas no Servizo Galego de Saúde, referidas as categorías de ATS/DUE, auxiliar administrativo, persoal de servizos xerais, celadores e grupo administrativo, noticia que se fai eco da sospeita do dito grupo en canto á transparencia dos procesos selectivos; paso a dar conta tanto das actuacións realizadas como das que se están implementando pola Dirección Xeral de Recursos Humanos, para poñer de manifesto a pureza e transparencia dos procesos en curso, medidas amplamente detalladas na recente comparecencia efectuada a petición propia pola directora xeral ante o Parlamento de Galicia, da que lle transcribo os seguintes parágrafos.

"No SERGAS orgánzanse procesos selectivos dende o ano 1995 e, dende esa data ata a actualidade, foron múltiples as melloras que se foron incluíndo sempre co ánimo de dotalo da máxima axilidade e seguridade...

A última oferta pública de emprego do SERGAS, consistiu en dúas convocatorias de procesos selectivos. A primeira, celebrada no mes de xuño de 2009, dirixida ao persoal facultativo e na que se ofertaron 1002 prazas. A segunda, dirixida ao resto do persoal estatutario e na que se ofertaron 2911 prazas para 36 categorías.

Como novidade, nestes procesos selectivo, negociouse, no seo da Mesa Sectorial, unha "Proposta de Criterios" que foi aprobada coa unanimidade de todas as organizacións sindicais...

Esta proposta contén normas de actuación dos tribunais de selección e do persoal colaborador da Dirección Xeral de Recursos Humanos. Establece, ademais, recomendacións para a elaboración dos exercicios e criterios interpretativos das bases das respectivas convocatorias....

O tribunal, é o responsable de escribir o exame nunhas modelos de Word elaboradas para o efecto, e para iso poden axudarse de persoal administrativo que non pode ter relación directa ou familiar con algún aspirante da categoría estatutaria que cualifica o tribunal.

Despois, se o exame se escribiu só en castelán, pásase por un programa automático de tradución ao galego, que non está nin en rede nin en ningunha páxina Web.

Para escribir o exame sempre que sexa posible utilízase un ordenador portátil ou, no caso contrario, o ordenador do despacho de traballo. Neste caso trabállase sempre no disco duro do ordenador e non en rede, envorcando despois calquera redacción provisional ou definitiva do cuestionario nun lapis de memoria, e borrando os arquivos do disco duro.

Despois de que se ten o exame definitivo gardado no lapis de memoria, entrégaselle ao xefe de servizo correspondente para a súa custodia. Este gárdao nunha sala baixo chave, da que solo se dispón unha copia...

... utilizáronse os medios de que dispón a Dirección de Recursos Humanos, sen ter así que acudir a unha imprenta externa, nin deixar en mans de terceiros unha parte tan crítica do proceso. Na devandita Dirección existe, polo tanto, unha sala específica onde está instalada unha copiadora de gran capacidade, non conectada en rede e na que se imprimen os exames.

O proceso de impresión dos exames é realizado polo xefe do servizo de xestión de procesos selectivos do Servizo Galego de Saúde durante os últimos 18 anos, e polo seu auxiliar administrativo de apoio máis directo. Estas son as persoas encargadas de realizar a impresión dos exames: é dicir de envorcar os arquivos contidos no lapis de memoria no soporte físico da máquina, da composición dos formatos de impresión, do borrado de

arquivos xa imprimidos, da alimentación de papel e tinta, do control de presenza do servizo técnico e da empresa de seguridade,...

De forma que estas son as únicas persoas con acceso permitido a todos os pasos de impresión dos cadernos de preguntas, para a totalidade das categorías estatutarias ofertadas.

Despois de rematados os cuestionarios de exames para cada unha das categorías ofertadas, son gardados directamente en caixas pechadas, precintadas e seladas que se manteñen na sala pechada, ata que unha empresa de seguridade os recolle e traslada ao recinto da Feira Internacional de Galicia en Silleda (Pontevedra). Onde son depositados nunha sala de seguridade pechada e vixiada as 24 horas do día, ata o día en que se celebra a proba.

Esta empresa de seguridade é tamén a encargada de recoller e custodiar as follas de resposta orixinais de todos os opositores, que entrega posteriormente para ser corrixidas.

De todos os procesos de entrega ou recollida de documentación que realice a empresa de seguridade e que estean relacionados coas oposicións, levántase a correspondente acta.

O día do exame, só cando se iniciou a proba e se teñen sentados todos os presentados, ábreanse as caixas por indicación da persoa encargada de ler as instrucións aos aspirantes, é dicir, a apertura das caixas ten lugar no preciso momento da súa entrega aos asistentes ao exame...

... a día de hoxe, ninguén achegou evidencia ningunha nin existe unha soa denuncia fundamentada sobre a existencia de filtracións de exames en ningunha das dúas convocatorias de procesos selectivos que tiveron lugar no 2009, é dicir, nin nas categorías ás que se presentou persoal da miña Dirección, nin no resto de categorías.

... a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde nun acto de transparencia e de responsabilidade convocou, na primeira quincena de febreiro, aos tribunais de todas as categorías estatutarias nas que participou algún membro desta

Dirección, para revisar os exercicios dos aspirantes e valorar a existencia dalgunha irregularidade como: a manipulación manual do exercicio, a revisión da cualificación obtida, ou calquera outro aspecto que o tribunal considerase conveniente revisar co fin de detectar calquera indicio de irregularidade.

Ademais, pedimos á Subdirección Xeral de Sistemas de Información que revisen todos os aspectos informatizados susceptibles de incidir no resultado dun exercicio, co fin de que analizasen se existiu algunha intervención irregular e a trazabilidade desta, a través do seguimento do usuario informático.

Tamén, solicitamos aos presidentes dos tribunais, como garantes da custodia do exame, que certificasen se existiu algunha irregularidade na trazabilidade do exame elaborado, se se produciu algunha perda de exame, ou algún problema no control da súa custodia. Ademais, pedímoslles que indicasen as persoas que lles axudaron, de selo caso, nas tarefas administrativas. E dicir, pedímoslles que nos informasen de calquera incidencia que evidenciase que nalgún momento alguén alieo ao Tribunal e sen o seu control puido ter acceso ao exame.

Este mesmo procedemento seguiuuse para verificar que durante a fase de custodia do exame, despois de que o tribunal o entrega nun pen drive ao xefe de servizo de selección de persoal para a súa posterior impresión e custodia ata a data do exame, interviñeron só as dúas persoas autorizadas.

Quero deixar claro que en ningún dos informes solicitados ao Tribunal e aos órganos antes mencionados se evidencia ningunha irregularidade, que non se detectou ningún problema de custodia nin ningunha alteración do procedemento a seguir. Que están identificadas todas as persoas que durante o proceso selectivo do Sergas tiveron acceso ao exame, todas porque o procedemento así o establece e, que ningunha delas, se presentou ás probas, nin ningún dos seus familiares, non incorrendo polo tanto en ningunha causa de abstención e recusación.

Polo tanto e, a teor da investigación interna e de non contar con probas que acrediten a existencia de filtracións, non existen a día de hoxe razóns que avalen que as

notas alcanzadas polo persoal da Dirección de Recursos Humanos, deriven de ter tido acceso ao exame con carácter previo á súa celebración...

... da investigación interna despréndese que se cumpriu o procedemento e que non existiu ruptura da cadea de seguridade; que cada unha das persoas implicadas na elaboración e custodia dos exames cumpriu coas obrigas que lle foron atribuídas, e que non se detectou ningunha irregularidade...

De todos os xeitos, e a pesar de que non existen a día de hoxe probas, nun intento máis de garantir a transparencia e obxectividade deste proceso a semana pasada solicitamos a apertura de investigación á Dirección Xeral de Avaliación de Reforma Administrativa...

O ánimo da Consellería de Sanidade e, o meu propio, é que os nosos procesos selectivos sexan transparentes aos ollos de todo o mundo e que non cren ningún xénero de dúbida, conseguindo con iso a tranquilidade de calquera aspirante a non ser prexulgado sen existir proba ningunha para iso..."

Nestas datas estase a realizar unha auditoría da Inspección Xeral de Avaliación de Reforma Administrativa, de modo que se dela se deduce algunha información relevante se lle informará inmediatamente.

Información que lle traslado para os efectos oportunos, brindándolle toda a colaboración desta Consellería e do Servizo Galego de Saúde que precise."

-DOCUMENTO 2 (Consellería de Sanidade; Secretaría Xeral):

"En relación á reclamación formulada ante esa Institución por D. X.F. L., D. J. M. L. T. e D. F. J. C. G., (expediente A.6.Q/1073/10), achégase informe elaborado pola Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde para dar cumprida contestación aos interesados". Este último informe ten un contido similar ao anterior, aínda que con algún engadido que comentamos e con documentación.

3. Primeira valoración e requirimento de información complementaria

Logo de analizados os dous informes e a documentación que os acompaña deducimos que a información facilitada en primeiro termo se refire fundamentalmente ás normas relativas á elaboración do exame e á súa custodia, concluindo este informe que “a teor da investigación interna e de non contar con probas que acrediten a existencia de filtracións, non existen a día de hoxe razóns que avalen que as notas alcanzadas polo persoal da Dirección de Recursos Humanos, deriven de ter tido acceso ao exame con carácter previo á súa celebración.” Como apuntamos, o segundo informe, acompañado dunha ampla documentación, de novo incide no xa expresado (en parte é coincidente), fundamentalmente na organización dos procesos selectivos no SERGAS. Non obstante, resultaba moi significativo que na última parte do segundo informe se sinalara que se promoverían “novas esixencias que axuden a eliminar calquera dúbida que, con respecto ao acceso ás prazas, poida existir”. En concreto promovíanse medidas con respecto ás persoas que traballan na Dirección Xeral organizadora do proceso selectivo, e con respecto ás persoas que participan dalgunha forma na organización do proceso selectivo. Tamén no primeiro informe se indica que “a pesar de que non existen a día de hoxe probas, nun intento máis de garantir a transparencia e obxectividade deste proceso a semana pasada solicitamos a apertura de investigación á Dirección Xeral de Avaliación de Reforma Administrativa (...). Nestas datas estase a realizar unha auditoría da Inspección Xeral de Avaliación de Reforma Administrativa, de modo que se dela se deduce algunha información relevante se lle informará inmediatamente.”

Á vista do anterior deducimos que a información achegada non resultaba suficiente para descartar calquera irregularidade, circunstancia coa que a propia Consellería parecía coincidir, ao anunciar unha investigación complementaria ou inspección co fin de garantir en todo caso a transparencia e obxectividade do proceso. Así, de novo nos diriximos á Consellería co fin de requirir información complementaria, subliñando que a investigación debería referirse non só aos aspectos contidos nos informes achegados, fundamentalmente as normas relativas a elaboración do exame e a súa custodia,

senón tamén a descartar as sospeitas apuntadas nas denuncias e nas informacións aparecidas na prensa. Estas informacións fan mención a dúas circunstancias, como sucede, por exemplo, no diario *La Voz de Galicia* do 15-3-10. Unha delas é que as máximas puntuacións das probas as obtiveron persoas da Dirección Xeral de Recursos Humanos (DXRH), encargada da xestión e organización das probas, e a outra refírese a que persoas familiarmente vinculadas a unha funcionaria responsable da xestión e organización das probas teñen notas altas. En relación co primeiro aspecto faise preciso un estudo detallado para valorar o sucedido, con mención de todas as circunstancias das probas (concorrentes, puntuacións, persoas que traballan no departamento aludido, análise estatística ...) e das conclusións de tal estudo. En relación ao segundo aspecto, faise preciso un estudo detallado non só das pescudas para coñecer o correcto tratamento da custodia dos exames, senón tamén as investigacións conducentes a descartar posibles filtracións persoais que facilitaran todo ou parte do exame aos familiares que se citan por parte do persoal que tamén se cita, con mención do resultado das entrevistas e demais actuacións realizadas con tal obxecto. Ademais era preciso coñecer a auditoría da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa (DXARA), dependente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Ao requirir esta información complementaria advertimos á Consellería, como fixeramos na primeira ocasión, que se resultara insuficiente para os efectos de clarexar a situación e descartar a ausencia de irregularidades nos procesos, entón avaliaríase a conveniencia de acudir persoalmente á Consellería de Sanidade, de acordo co disposto no art. 23 LVP, para a comprobación de datos, a realización de entrevistas persoais, e o estudo de expedientes e documentos relacionados co obxecto da queixa.

4. Alegacións dos promotores da queixa

Entre tanto os interesados, despois de recibir conta do informado e da valoración feita por esta institución, insistiron, entre outras cousas, na necesidade de “chegar ao fondo do asunto e garantir unha investigación oficial e independente sobre as *casualidades* que se teñen producido nas diferentes probas selectivas do SERGAS”.

5. Os informes complementarios achegados pola Consellería de Sanidade, entre eles o informe de avaliación ou inspección da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Finalmente a Consellería de Sanidade respondeu da seguinte forma ao requirimento:

-DOCUMENTO 3 (Dirección Xeral de Recursos Humanos do SERGAS):

“Con data 4 de xuño de 2010, a Dirección de Recursos Humanos do SERGAS, recibe petición de información complementaria procedente do Valedor do Pobo, relativa á queixa recollida no expediente A.6.Q/1073/10 promovida polo Grupo Parlamentario PSG-PSOE, sobre os procesos selectivos do SERGAS.

A finalidade deste informe, como non podía ser doutra forma, é proporcionar a información solicitada e que á data obra no noso poder, así como dar resposta ás inquiredanzas que por parte do Valedor se expoñen no seu escrito.

A continuación, relaciónanse as persoas pertencentes á Dirección de Recursos Humanos do SERGAS que se presentaron ás probas selectivas do organismo convocadas en virtude da resolución do 18 de febreiro de 2009 da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Como complemento á relación e por considerarse información relevante, detállanse as puntuacións ata agora obtidas, o posto que ocupan na Dirección, así como as relacións de parentesco coñecidas e que poidan ser de interese. É importante destacar que con respecto a este proceso selectivo, estamos concluíndo a fase de exame, quedando pendente a fase de concurso, que supón o 40% da nota definitiva que da acceso ás prazas ofertadas:

Categoría ATS-DUE

		1ª proba	2ª proba	3ª proba	Nota	Posto
JMCI	Acceso Libre	32,125	4,375	5	41,50	271

-Persoal estatutario pertencente ao Servizo Central de Prevención de Riscos Laborais, Subdirección Xeral de Políticas de Persoal.

-Non se ten constancia de relación de parentesco con persoal da Subdirección organizadora do proceso selectivo.

		1ª proba	2ª proba	3ª proba	Nota	Posto
JMIC	Acceso Libre	47	5	5	57	1

-Persoal subalterno dependente da Dirección de Recursos Humanos do SERGAS.

-Non se ten constancia de relación de parentesco con persoal da Subdirección organizadora do proceso selectivo.

Categoría Grupo de Xestión da Función Administrativa

Esta categoría está pendente na actualidade, da realización dunha terceira proba, previa á fase de concurso.

		1ª proba		2ª proba	
		Nota	Posto	Nota	Posto
PCG	Promoción interna	12,625	110	7,06	Non apto

-Secretaría de dirección da Directora de Recursos Humanos do SERGAS

-Non se ten constancia de relación de parentesco con persoal da Subdirección organizadora do proceso selectivo.

Categoría Grupo Administrativo da Función Administrativa

		1ª Proba	2ª proba	3ª Proba	Nota	Posto
PCG	Promoción interna	28,125	5	-	33,125	66

-Secretaria de dirección da Directora de Recursos Humanos do SERGAS

-Non se ten constancia de relación de parentesco con persoal da Subdirección organizadora do proceso selectivo.

		1ª proba	2ª proba	3ª proba	Nota	Posto
JVB	Promoción interna	48,125	5	-	53,125	2

-Auxiliar Administrativo da Subdirección de Políticas de Persoal

-Non se ten constancia de relación de parentesco con persoal da Subdirección organizadora do proceso selectivo.

Categoría Grupo Auxiliar da Función Administrativa

Esta categoría está pendente na actualidade, do resultado da nota definitiva do exame, previa á fase de concurso.

		1ª proba		2ª proba	
		Nota	Posto	Nota	Posto
LPS	Acceso libre	24,661	2	18,75	113

-Auxiliar Administrativo da Subdirección de Políticas de Persoal.

-Cónxuxe da subdirectora de Políticas de Persoal

Categoría Persoal Servizos Xerais

Esta categoría está pendente na actualidade, do resultado da nota definitiva do exame, previa á fase de concurso.

		1ªproba		2ª proba	
		Nota	Posto	Nota	Posto
LPS	Acceso libre	23,25	5	22,75	63

-Auxiliar Administrativo da Subdirección de Políticas de Persoal.

-Cónxuxe da subdirectora de Políticas de Persoal.

É necesario destacar, que non existe normativa actual, nin anterior, que impida que persoal da Dirección organizadora do proceso poida participar como aspirante nas probas selectivas do organismo. Proba diso é que en procesos selectivos anteriores do SERGAS, sen ir máis lonxe, na OPE 2006, participaron como aspirantes membros da Dirección de Recursos Humanos, entre eles algunhas das persoas que se acaban de relacionar, obtendo nalgúns casos bos resultados, sen que ata á data dita circunstancia fose considerada como indicio de irregularidade no que ao acceso se refire, ou de sospeita de ter acceso ao exame con carácter previo a súa celebración.

Por outro lado, na constitución dos tribunais de todas as categorías observouse e cumpriuse a normativa que en canto á composición dos mesmos rexe ata a data e que é a establecida nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Consellería de Sanidade, en canto ten coñecemento de rumores de filtracións que afectan ao persoal da Dirección de Recursos Humanos do SERGAS, actúa con toda a celeridade e rigor que a institución e os aspirantes dos procesos selectivos merecen, co ánimo de dar resposta a calquera xénero de dúbida que sobre a imparcialidade dos procesos selectivos do SERGAS se

poida xerar. Realiza todas as actuacións internas ao seu alcance para detectar calquera tipo de incidencia que se puidese producir, e despois de concluídas as mesmas sen que se evidencie ningunha irregularidade, co único obxectivo de garantir a total imparcialidade e obxectividade das actuacións, solicita á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa apertura de investigación interna.

Trátase dunha actuación totalmente excepcional posto que ata a data, nunca rumores de filtracións derivaran na apertura de investigacións, sempre se fixo ante a existencia de probas obxectivas, pero considerouse fundamental por parte da Consellería obrar con total transparencia, sen que iso poida ser utilizado como indicativo da existencia de irregularidades.

Por outro lado, considerouse necesario por parte do Goberno da Xunta, dar un paso máis e establecer, coa finalidade de evitar calquera xénero de dúbida sobre o acceso aos postos da Administración Pública, novas esixencias, algunhas delas en relación con aspirantes pertencentes á dirección organizadora do proceso selectivo e/ou aos familiares dos mesmos. A Consellería de Sanidade e a Dirección de Recursos Humanos do SERGAS non poden renunciar á mellora continua que debe presidir todo proceso e que redunda en melloras de xestión, eficacia, transparencia e imparcialidade, sen que iso poida poñer en dúbida a capacidade dos aspirantes que ata agora participaron das probas selectivas.

Por último, destacar, que a investigación que na actualidade hai aberta con relación aos procesos selectivos do SERGAS e que está levando a cabo a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa desde o 5 de maio, aínda non concluíu, de feito está en fase de elaboración de informe final. Nas conclusións desa investigación contemplaranse as cuestións solicitadas no informe do Valedor do Pobo, xa que de todas as notificacións recibidas desa institución deuse trasladado á Dirección Xeral antes citada.

Esta Consellería, como non podía ser doutra forma, ponse a disposición do Valedor do Pobo para dar resposta a todas as cuestións que con respecto a este tema e a todos os que considere pertinentes se poidan suscitar, quedando pendente de facilitarlle a información que, logo de concluír a investigación en curso, poida ser do seu interese.

Achégase con este informe documentación que avala as puntuacións dos aspirantes antes detallados.”

-DOCUMENTO 4: (Dirección Xeral de Recursos Humanos do SERGAS):

“Nos distintos informes que lle fixemos chegar con motivo da queixa recollida no expediente A.6.Q/1073/10, sobre os procesos selectivos do SERGAS, poñiamos no seu coñecemento, partindo de que a mellora continua dos procesos selectivos debe de ser unha máxima, a intención da Consellería de Sanidade de constituír, xunto cos axentes sociais, unha comisión técnica para os procesos selectivos. Esta comisión sería a encargada de facer un seguimento dos procesos selectivos e incluír as melloras que se consideren necesarias, coa intención de aumentar aínda máis se cabe, a súa transparencia, obxectividade e seguridade.

Co ánimo de mantelo informado das accións que se van implementando, poñemos no seu coñecemento que a Comisión Técnica xa foi presentada na Mesa Sectorial de Sanidade, presentando a Administración un borrador de propostas de temas a tratar e solicitando dos axentes sociais, a designación dos seus representantes na devandita comisión.

A nosa intención é ter a primeira reunión desta comisión neste mes de xullo, para consensuar como se van abordar os temas, identificar prioridades e establecer o réxime de funcionamento da propia Comisión Técnica.

Facémolles chegar con este escrito o borrador de propostas presentado pola Administración Sanitaria e que neste momento está en período de alegacións para que o mesmo poida ser completado coas achegas das organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial de Sanidade. Cando teñamos o documento definitivo non teriamos ningún inconveniente en facerllo chegar se fose do seu interese, así como proporcionarlle a información que considere necesaria ao respecto.”

“OPE E CONCURSO DE TRASLADOS 2010

Ante a vindeira oferta de emprego público para persoal licenciado sanitario do Servizo Galego de Saúde, a Dirección de Recursos Humanos ten prevista a creación dun grupo de traballo no que estean representadas tanto as súas subdireccións, como a Dirección de Asistencia Sanitaria

e a Subdirección Xeral de Investigación, Docencia e Innovación, así como un membro de cada unha das organizacións sindicais presentes na Mesa Sectorial de Negociación.

A misión deste grupo de traballo será a de analizar, adaptar e perfeccionar todas as cuestións relacionadas con estas materias. Entre as cales, cómpre destacar:

✓ CONCURSO DE TRASLADOS: *O obxectivo fundamental nesta materia será o de establecer baremos estables nesta materia.*

✓ OPE:

CONVOCATORIA: Revisión dos termos da convocatoria, realizando unha análise da normativa comparada dos servizos de saúde das diferentes comunidades autónomas nesta materia. Neste eido realizárase, igualmente, unha actualización dos baremos de méritos das distintas categorías/especialidades.

Resulta imprescindible abordar neste punto o tratamento que debe darse as persoas con discapacidade, cómpre establecer criterios obxectivos que permitan determinar a compatibilidade desta situación co desenvolvemento da correspondente profesión, de xeito que se teña en conta a capacidade funcional para o desempeño dos labores propios da categoría.

TEMARIOS: Co gallo da OPE 2006 realizáronse uns perfís de temarios baseados nos programas formativos das distintas especialidades. Partindo destes temarios, estudarase a necesidade de actualizalos.

TRIBUNAIS: Tendo en conta as instrucións de Función Pública do 11 de abril de 2007 relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección, así como o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010, realizarase unha guía para a designación dos membros de tribunais así como para regulamentar o seu funcionamento interno. Aos membros dos tribunais facilitaráselle unha formación inicial sobre o conxunto do procedemento e unha asistencia constante sobre todas as cuestións técnicas e procedementais que xurdan.

PROCEDIMENTO: Un dos obxectivos prioritarios do grupo de traballo será o de redactar unha circular que desenvolva e regule cada unha das diferentes fases do procedemento, dende a publicación da convocatoria ata a toma de posesión dos aspirantes

definitivamente seleccionados. Neste sentido, ten especial relevancia a elaboración e o copiado dos exercicios da fase de oposición, polo que se estableceran instrucións concretas de actuación nesta materia que redunden na transparencia do proceso, analizando novos métodos para a elaboración dos exercicios. Analizarase a posibilidade de elaborar unha ampla batería de preguntas e o posterior sorteo para a configuración final dos exercicios da fase de oposición. Por outra banda proporase o incremento das medidas de seguridade na custodia deste material ou a presenza permanente dos tribunais no copiado e corrección dos exercicios.

Así mesmo, como vén sendo habitual, realizarase unha guía de criterios técnicos como apoio ao baremo de méritos da fase de concurso.

TOMA DE POSESIÓN: Como culminación do proceso selectivo elaborárase unha circular para a súa difusión entre todos os centros de xestión na que se regulen os ceses e tomas de posesión derivadas do proceso selectivo. Especial relevancia nesta materia adquiren as distintas situacións administrativas que poden derivarse das tomas de posesión, polo que resulta imprescindible a redacción dun documento que recolla a casuística nesta materia e a forma de afrontar as distintas situacións de acordo coa normativa.

PLANS DE ACOLLIDA: A incorporación de novos profesionais aos centros de xestión carece ata o de agora de regulación específica, polo que debe ser abordado para acadar un tratamento homoxéneo.

✓ SOPORTE INFORMÁTICO: *Traballárase na validación do novo aplicativo do organismo para facilitar as distintas fases do concurso de traslados e do proceso selectivo, de xeito que a xestión de ambos os procesos teña un forte apoio nesta ferramenta.*

✓ OUTRAS CUESTIÓN: *Por suposto, o grupo de traballo está aberto a calquera cuestión que redunde no obxectivo de acadar a maior perfección neste eido.”*

Na información achegada non se incluía a avaliación anunciada a realizar pola DXARA e que fora expresamente requirida, polo que entón continuamos á súa espera, ata reiterala formalmente o 1 de setembro. Ao pouco tempo recibíuse un informe acompañado de documentación, co contido que se transcribe:

-DOCUMENTO 5 (Consellería de Sanidade):

“En contestación á súa petición de información co motivo do escrito de queixa presentado por D. Xoaquín Fernández Leiceaga, D. José Manuel Lage Tuñas e D. Francisco Julio Cerviño González; en relación con diferentes procesos selectivos para o acceso ao emprego público no Servizo Galego de Saúde, envíolle:

Conclusións da auditoría realizada a petición da Consellería de Sanidade á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa. Alegacións da Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde a este informe. O informe completo, que contén datos de carácter persoal, atópase na Dirección Xeral de Recursos Humanos e estará a disposición para a súa consulta, de estimalo necesario esa institución.”

-DOCUMENTO 6 (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza):

“Mediante escrito de data 5.4.2010, desde esa Consellería de Sanidade solicitábase desta Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a colaboración para que, atendendo ao exercicio das competencias atribuídas a esta Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa no artigo 42º do Decreto 303/2009, do 21 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG núm. 101, do 26 de maio), persoal desta dirección xeral realizara actuacións de investigación sobre as posibles irregularidades nos procesos selectivos da oferta pública de emprego público (OPE) do SERGAS do ano 2009, relativos ás categorías de persoal axudante técnico sanitario (ATS-DUE), grupo administrativo da función administrativa, grupo auxiliar da función administrativa e persoal de servizos xerais (PSX); todos eles convocados por resolución do 18 de febreiro de 2009 da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde (DOG núm. 40, do 26 de febreiro de 2009).

Despois de rematadas as actuacións do equipo auditor que realizou a investigación, a través do presente remítese, debidamente asinado, un exemplar do

informe de data 7.7.10, emitido polo referido equipo auditor, composto de tres partes (parte 1ª: texto do informe; parte 2ª: carpeta 1 de anexos-documentos de traballo do informe; parte 3ª: carpeta 2 de anexos-documentos de traballo do informe)."

-DOCUMENTO 7 (Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa):

"Conclusións: a vista de todo o indicado no presente informe e respectando a presunción de inocencia de todas as partes que interveñen directa ou indirectamente nos procesos de oposición analizados, o equipo de auditor presenta as seguintes conclusións:

1. O equipo auditor non atopou ningunha proba fidedigna que permita concluír que houbo unha filtración dos cuestionarios de preguntas ou do modelo de respostas en ningunha das fases do procedemento que implique a anulación de ningún dos procesos selectivos sometidos a investigación.

2. Non obstante, ao equipo auditor cóstanlle unha serie de incumprimentos e irregularidades detalladas no parágrafo V do presente informe que, aínda que non impliquen necesariamente a invalidez de determinados actos, si dan lugar a asunción das responsabilidades que correspondan mediante a adopción de determinadas medidas que corrixan os referidos incumprimentos e irregularidades.

3. Concretamente, e no referente ás causas de abstención, malia que a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do SERGAS ten entre as súas competencias a convocatoria e xestión dos procesos selectivos do SERGAS, dende o momento no que nos procesos selectivos obxecto de investigación se presenta persoal que presta servizos na división, este equipo auditor considera que, ao igual que ocorreu en anteriores procesos de OPE do SERGAS, os xefes directos dos opositores terían que terse absterido como membros dos tribunais. Atendendo á dita relación de servizo, así como ás relacións xerárquicas e familiares constatadas e que se reflicten no gráfico que figura nos anexos deste informe, o equipo auditor considera que debería procederse á adopción do acordo de separación das ditas persoas dos actuais procesos selectivos, polos motivos expostos no parágrafo V.A.2, así como a conseguinte designación de funcionarios que se

fagan cargo das actuacións e labores relacionados cos ditos procesos desde o momento en que se produza a separación das persoas que incorren en supostos de abstención do artigo 28 da LRXAP e PAC.

En certo modo, unha medida en liña co anterior xa foi adoptada pola directora de recursos humanos en data 13 de abril de 2010 cando, tras coñecer que aspirantes que traballaban na dirección participaban como colaboradores, ordenou separar do proceso e, máis concretamente, dos labores de apoio á fase de baremo, os cinco opositores da dirección que estaban sendo investigados.

4. Dos procesos investigados o equipo auditor quere poñer de manifesto o feito de que o labor realizado polo tribunal do proceso selectivo de persoal administrativo mostra unha maior rigorosidade no seu funcionamento, así como na observancia da normativa e dos criterios de actuación dados pola división, ademais da dilixencia na colaboración con este equipo auditor á hora de facilitar a documentación requirida.

5. Para eliminar a incerteza de que algúns dos opositores puidesen coñecer o modelo de respostas provisional definida polos respectivos tribunais e que isto explicase a alta porcentaxe de acertos dalgúns deles respecto dos modelos provisionais de respostas correctas de exame, o equipo auditor considera que sería de utilidade, que por parte da Consellería de Sanidade, se realizase unha análise similar á reflectida nos cadros anteriores, pero aplicada á totalidade dos opositores de cada un dos catro procesos selectivos obxecto de investigación, que permita comprobar a posible correlación do patrón de respostas dos opositores traballadores do SERGAS respecto do patrón de respostas do resto de opositores, e relacionado tanto co modelo de respostas correctas provisionais como definitivas.

6. En canto ás presuntas relacións de parentesco ou amizade doutros opositores dos procesos selectivos das categorías de persoal de servizos xerais e de persoal auxiliar administrativo, co opositor e traballador do SERGAS LPS, atendendo ás manifestacións realizadas en entrevistas persoais mantidas tanto co opositor referido como coa súa esposa, MRGV, así como do resultado do contraste tanto das listas definitivas de

admitidos e de aprobados nos procesos selectivos investigados, este equipo auditor quiere deixar constancia do seguinte:

a)Dentro dos procesos selectivos da OPE 2009 do SERGAS, só teñen participado os seguintes familiares de LPS:

-MLSS, con NIF Esta persoa é a súa cuñada (está casada cun irmán do opositor) e tamén se matriculou nas categorías de auxiliar administrativo e de persoal de servizos xerais, pero non se presentou a ningún dos exames dos ditos procesos.

-MFES, con NIF ..., prima irmá do opositor, que se presentou á categoría do grupo de xestión da función administrativa, pero suspendeu o primeiro exercicio.

b)Da investigación realizada polo equipo auditor, non se puído constatar que exista relación familiar ou de amizade algunha entre LPS e a opositora EDR, con NIF ..., opositora da categoría auxiliar administrativo que sacou a máxima nota, e da que se presupón unha relación familiar do opositor en cuestión.

7. Cómpre indicar que a este equipo auditor lle consta que os procesos selectivos sometidos a investigación comezaron a desenvolverse nun momento no que se estaba producindo un cambio de goberno e coincidindo incluso co período de vacacións, o que podería xustificar en parte o feito de que a os procesos selectivos fosen desenvolto seguindo a sistemática e procedementos establecidos ata entón na Dirección de Recursos Humanos, sen poder introducir cambios significativos nin facer unha análise detallada dos aspectos a mellorar, centrándose case exclusivamente na busca dunha especial axilidade para non atrasar os procesos e non prexudicar os opositores.

Como conclusión final da pormenorizada análise das distintas fases do proceso de concurso-oposición realizada neste informe, o equipo auditor considera, e así o propón á Consellería de Sanidade, que debera de procederse a unha revisión en profundidade deste, centrándose polo menos nas seguintes cuestións:

a)definición dun protocolo preciso de actuación que garanta a confidencialidade de todo o proceso

b)determinar de xeito concreto as funcións e responsabilidades dos membros dos tribunais, concretando con nitidez as actuacións que en cada fase teñen que realizar e a participación que, se for o caso, deba de ter o persoal da Dirección de Recursos Humanos encargado da organización dos procesos selectivos, asegurando en todo caso a designación formal deste persoal ben como membros dos tribunais, ben como persoal colaborador dos mesmos.”

-DOCUMENTO 8 (Dirección Xeral de Recursos Humanos do SERGAS):

Alegacións da DXRH do SERGAS ao informe de auditoría:

“En primeiro lugar, dende a Consellería de Sanidade queremos agradecer á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, e en especial ao equipo auditor designado, a investigación exhaustiva dos procesos selectivos do SERGAS realizada durante estes meses. Sen dúbida, as súas conclusións contribuirán a mellorar a seguridade dos nosos procesos selectivos, así como a súa transparencia.

Esta investigación solicitouse cunha dobre finalidade, por un lado, clarificar se houbo algunha irregularidade que evidenciase o acceso ao exame con carácter previo a súa celebración e por outro, a auditoría dun procedemento definido con carácter previo a chegada do novo equipo.

Sen dúbida, consideramos que a conclusión máis relevante deste informe é a inexistencia de probas que permitan concluír que houbo filtracións dos cuestionarios de preguntas ou dos modelos de respostas. Polo tanto, e segundo este informe da Dirección Xeral, non existe ningunha base para considerar que os aspirantes ás prazas convocadas nas distintas categorías, incumpriran os principios de igualdade, mérito e capacidade, principios que deben presidir o acceso ao emprego na Administración Pública.

A pesar da non constatación na auditoría da existencia de filtracións, consideramos importante destacar a detección no informe de certas áreas de mellora relativas ao proceso selectivo. Con relación a elas, convén sinalar, que desde que se puxo en coñecemento da Dirección de Recursos Humanos do SERGAS a existencia de rumores de filtracións que afectaban ao persoal da Dirección, aínda sen mediar queixa formal fundamentada por escrito, desde a Consellería, e como mostra evidente da máxima transparencia, puxéronse en marcha as seguintes medidas e actuacións:

- Reunión dos tribunais das categorías afectadas e análise interna da cadea de seguridade.

- Colaboración na nova normativa para a constitución dos tribunais de selección aprobada polo Consello da Xunta do 8 de abril de 2010.

- Separación dos aspirantes cuestionados dos labores de colaboración nos procesos selectivos.

- Solicitud de investigación á Consellería de Presidencia. Constitución da Comisión Técnica OPE.

Queda no informe constatado, por outra banda, que este proceso selectivo estaba iniciado antes da toma de posesión do actual equipo directivo no Sergas. Tanto os criterios de organización e funcionamento da convocatoria como o persoal que participou nela, son os mesmos e fixérono atendendo a un marco regulador e a unhas bases exactamente iguais ás da OPE dos anos 2006-2007, deseñadas na anterior lexislatura.

Por outro lado, dende a Consellería de Sanidade estimamos oportuno facer unha serie de consideracións ao respecto das conclusións do informe da auditoría realizada, coa finalidade de aclarar tres cuestións, dada a súa importancia no futuro desenvolvemento dos procesos selectivos. Consideramos que dado o contido e as mencións a persoas concretas, este documento, total ou parcialmente, ten carácter confidencial e queda suxeito á normativa reguladora da protección de datos de carácter

persoal. Así, na elaboración deste documento, consideramos conveniente a utilización das correspondentes iniciais.

PRIMEIRO: Sinálase no informe a existencia de incumprimentos relacionados coa non suxeición ás normas de actuación propostas pola Dirección de Recursos Humanos para o proceso selectivo nalgúns dos tribunais auditados. A Dirección Xeral de RRHH toma nota da falta de rigor detectada na actuación dalgún dos tribunais para a súa consideración en futuras OPE.

É preciso ter presente que as resolucións e acordos dos tribunais vinculan a Administración, polo que esta debe asumir un papel de coordinación e supervisión dos mesmos, ao obxecto de garantir unha adecuada aplicación das bases das respectivas convocatorias.

Non obstante, consideramos necesario resaltar a necesidade de respectar o carácter soberano dos tribunais cualificados, aos que lle corresponde, de conformidade co establecido na correspondente convocatoria, as funcións relativas á determinación concreta do contido das probas e a cualificación dos aspirantes, tanto na fase de oposición como na de concurso; así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A proposta de criterios que a Dirección de Recursos Humanos elabora, ten un carácter interpretativo e orientador, xa que lles corresponde aos tribunais de selección a decisión sobre a súa aplicación.

Estes criterios de organización e funcionamento estaban xa definidos e foron aplicados na anterior OPE 2006 - 2007 sen que deran lugar a recurso ou denuncia. Polo que a priori, no momento de constitución dos novos equipos directivos, non existía motivo que xustificara atrasar o proceso selectivo en marcha, para proceder á súa modificación.

SEGUNDO: Con respecto ao que en opinión do equipo auditor se considera o principal incumprimento, derivado da non observancia do artigo 28.2.e) da Lei 30/1992,

do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común que cualifica como motivo de abstención a existencia de relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou ter prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar, consideramos oportuno realizar unha análise detallada dos elementos que concorren no asunto en cuestión e así mesmo a Consellería de Sanidade considera tamén conveniente elevar consulta á Asesoría Xurídica a fin de que se aclare o alcance da relación de servizo entre funcionarios públicos como causa de abstención e recusación.

No informe establécese a existencia de dous tipos de relación de servizos:

A existente entre D.^a C. B. A., xefa de servizo de análise e organización de postos e presidenta do tribunal do persoal de servizos xerais, e D. L. P. S., persoal laboral indefinido, non fixo e aspirante nas probas de acceso da citada categoría.

A existente entre D.^a R. G. V., subdirectora xeral de xestión e políticas de persoal e presidenta do tribunal de ATS/DUE, e D. J. I. C. , subalterno adscrito á Dirección de Recursos Humanos, e aspirante nas probas de acceso da citada categoría.

É preciso aclarar as relacións de suxeición xerárquica tanto de D. L. P. S. como de D. J. I. C.:

D. L. P. S., ten a condición de persoal laboral indefinido non fixo, e no seu momento procedeuse, a súa incorporación como tal na Dirección de Recursos Económicos. Con posterioridade, e antes da chegada do novo equipo directivo da Consellería no ano 2009, foi destinado "de facto", na Dirección de Recursos Humanos co cometido de colaborar nas tarefas que lle foran encomendadas pola subdirectora xeral de xestión e políticas de persoal. Sendo isto así, estimamos que ningunha relación de subordinación liga a D. L. P. S. con D.^a C. B. A. ou polo menos ningunha específica de superioridade/subordinación que vaia máis alá da colaboración normal e usual entre os membros da subdirección de referencia.

En canto a D. J. I. C., persoal subalterno coas funcións propias da súa categoría e adscrito directamente na relación de postos de traballo á Directora de Recursos Humanos, polo que igualmente estimamos que non existe ningunha relación de xerarquía, subordinación ou suxeición de carácter específico que ligue a D. J. I. C. con D.^a R.G.V., ou polo menos ningunha específica relación de supremacía/subordinación que vaia máis alá dos deberes propios da súa categoría respecto de calquera dos subdirectores xerais ou xefes de servizo da Dirección de Recursos Humanos.

Neste punto consideramos conveniente por de manifesto tamén que ningunha das funcionarias implicadas comunicou a súa abstención e que ningún dos aspirantes das probas selectivas promoveu a súa recusación.

Así mesmo, é necesario destacar que para a designación dos membros dos tribunais, debido á necesidade de cumprir coa planificación do proceso, seguíronse os mesmos criterios que en procesos selectivos anteriores. De feito e tal e como se recolle na resolución do 19 de febreiro de 2007, no proceso selectivo anterior, D.^a P. G. V., exerceu como presidenta do tribunal de ATS/DUE, categoría á que se presentaba como aspirante D. J. I. C. xa nese mesmo ano. O mesmo ocorreu coa categoría de Xestión Administrativa, á que se presentou nese mesmo ano tamén, D. J. V. B. e na que ocupaba o cargo de secretaria D.^a C. B. A. todo isto, tendo en conta que nesa data todos tiñan as mesmas funcións e os mesmos postos que na actualidade, sen que se puxese en evidencia ningunha irregularidade, nin existise abstención por parte das funcionarias nin recusación por parte dos aspirantes.

Así pois, sendo as mesmas bases, os mesmos membros dos tribunais, as mesmas relacións laborais e téndose presentado os opositores obxecto de avaliación aos mesmos procesos, sen que houbera na anterior convocatoria dos anos 2006-2007 ningunha denuncia nin formal nin informal, podemos inferir que non había no momento de realización das probas elementos obxectivos que puidesen inducir a existencia de situacións obxecto de especial consideración polo novo equipo directivo do Servizo Galego de Saúde.

É conveniente resaltar que o obxectivo primordial do sistema inhibitorio establecido no noso ordenamento xurídico, non é outro que a garantía de imparcialidade na actuación dos suxeitos que interveñen. Pero este obxectivo non pode conducir ao extremo de impedir a tramitación dos procesos por unha extensiva apreciación, xa non a instancia de parte que se abstén ou promove recusación, senón tampouco de oficio pola Dirección competente.

A extraordinaria cantidade de categorías convocadas no proceso selectivo xunto cos miles de aspirantes que intentan conseguir unha praza, impoñen a necesidade de servir ao interese público mediante o impulso e a celeridade do proceso selectivo en cuestión, evitando en todo momento actuacións dilatorias ou prexudiciais, e respectando ao mesmo tempo os dereitos que asisten aos membros do tribunal, entre os que se encontran a presunción de imparcialidade, presunción que non foi cuestionada a priori.

Tendo en conta a existencia de precedentes non cuestionados, a ausencia de abstención, a falta de recusación, o interese público expresado na necesidade de impulsar e dar celeridade ao proceso, a presunción de imparcialidade dos membros do tribunal e a difusa apreciabilidade de oficio da causa de abstención do artigo 28.2.e) da lei 30/1992 no caso en cuestión, consideramos que non concorreu circunstancia algunha que determinase a adopción da decisión de separación das dúas funcionarias da presidencia dos tribunais aludidos.

TERCEIRO: En canto á proposta realizada polo equipo auditor de estender a análise de porcentaxes de acertos con respecto aos distintos modelos á totalidade dos opositores das categorías obxecto de investigación, malia que non vemos maior inconveniente na realización desta análise, a realidade é que, con independencia do seu resultado e máis aló do valor académico da análise, esta non vai poder servir como base para adoptar decisión algunha con relación ao proceso actual, e pola contra pode xerar atrasos na resolución dos procesos selectivos das categorías cuestionadas. Esta análise, ademais de non estar regulado o seu uso como proba ou fundamento para decisións administrativas en procesos selectivos, dará como resultado unha probabilidade sempre sometida a unha marxe de erro e nunca se poderá descartar que unha puntuación sexa

consecuencia dunha das posibilidades concretas: maior habilidade, intelixencia, coñecemento, ou ao acceso ás preguntas ou ao ter copiado.

Por último, sinalar que coa auditoría realizada pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, evidénciase unha vez máis, a intención da Consellería de Sanidade de actuar coas máximas garantías e transparencia, poñendo ademais de manifesto que asume como unha obriga, a recomendación realizada polo equipo auditor na parte de conclusións do informe, onde se establece a necesidade dunha revisión en profundidade do procedemento, polo que este informe supón unha importantísima e fundamental achega neste proceso de cambio e de mellora que esta Consellería comezou a impulsar.”

O enviado en relación co informe de auditoría (ou inspección) da DXARA só contiña as conclusións deste, excluíndose por tanto o resto do informe. Á vista diso requirimos oralmente o envío do informe completo. Finalmente a Consellería enviou a informe completo:

DOCUMENTO 9 (Dirección Xeral de Recursos Humanos do SERGAS):

“Como complemento á información facilitada a esa institución, relativa á auditoría levada a cabo pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa - conclusións da auditoría e alegacións da Dirección de Recursos Humanos á mesma-, fágolle chegar unha copia compulsada do informe completo da auditoría, para a súa consulta.

Como poderá comprobar, o informe é froito dunha investigación exhaustiva onde aparecen perfectamente identificadas persoas físicas así como as súas declaracións, que mostraron a súa absoluta colaboración para esclarecer os feitos cuestionados e dentro dun marco de confidencialidade que unha investigación deste tipo require.

Non teño ningunha dúbida, que dende a súa institución son conscientes da sensibilidade dos datos que o informe contén e adoptan as precaucións necesarias para manter a confidencialidade do seu contido e para cumprir os requirimentos establecidos na Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal que lle son de aplicación.

Con esta documentación complétase a información requirida no seu escrito do 25 de maio de 2010 ao que desde a Consellería de Sanidade se lle intentou dar resposta coa seguinte documentación achegada:

1. Informe do 22 de xuño de 2010, entregado en man nesa institución, onde se detallan as puntuacións obtidas polo persoal da Dirección de Recursos Humanos e cuestións relacionadas.

2. Informe do 12 de xullo de 2010, onde se expón as accións relacionadas co asunto en cuestión, que se está levando a cabo desde a Consellería de Sanidade.

3. Con data 3 de setembro de 2010, remítense ao Valedor as conclusións do informe de investigación así como as alegacións ao mesmo remitidas por parte da Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

4. Con data 16 de setembro entrégase en man o informe completo da auditoría realizada pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

Como non podería ser doutra forma, estamos a súa disposición para calquera aclaración sobre a información achegada ou sobre calquera extremo que considere conveniente.”

6. A valoración do Valedor do Pobo da información recadada

Logo de examinar con detalle os diferentes informes achegados e a documentación que os acompaña dedúcese o seguinte.

Os reclamantes poñen de manifesto unha concatenación de casualidades que se teñen producido nas oposicións do SERGAS e que teñen saído á luz pública despois das denuncias sindicais, das informacións de prensa e mesmo das reclamacións de opositores que participan nos diferentes procesos selectivos. Déronse varias denuncias que abren serias sospeitas de irregularidades nos procesos selectivos. O feito de que persoas que traballan no mesmo departamento onde se elaboran e preparan os procesos selectivos acaben obtendo as puntuacións máis altas nas probas convocadas entre máis de 7500 persoas, “ou ben é un milagre ou ben unha inmensa casualidade, que debe ser desvelado con transparencia e a correspondente investigación oficial”, sinálase. Mencionábanse tamén indicios de “fallos na custodia dos exames”.

Como xa tivemos ocasión de sinalar, a primeira resposta da Consellería deu conta das normas relativas á elaboración do exame e a súa custodia, e conclúe que “a teor da investigación interna e de non contar con probas que acrediten a existencia de filtracións, non existen a día de hoxe razóns que avalen que as notas alcanzadas polo persoal da Dirección de Recursos Humanos, deriven de ter tido acceso ao exame con carácter previo á súa celebración”. Anunciábase tamén que se promoven “novas esixencias que axuden a eliminar calquera dúbida que, con respecto ao acceso ás prazas, poida existir”. En concreto promóvense medidas con respecto ás persoas que traballan na Dirección Xeral organizadora do proceso selectivo, e con respecto ás persoas que participan dalgunha forma na organización do proceso selectivo. Non obstante, anunciaba tamén a continuación das pescudas, basicamente a través dunha investigación externa, protagonizada pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa (DXARA).

A DXARA xa concluíu a súa investigación e elaborou o correspondente informe, que se nos trasladou recentemente xunto coas alegacións da Dirección Xeral de Recursos Humanos do SERGAS (DXRH). Despois de analizada a actuación da DXARA, o seu informe e as súas conclusións, en primeiro termo obsérvase que a investigación coincide, en canto ao seu alcance e metodoloxía, coa que no seu momento se advertiu á Consellería para o caso de non se achegaran elementos suficientes de xuízo, en cuxo caso acudiríamos á comprobación de datos, á realización de entrevistas persoais, e ao estudo de expedientes e documentos relacionados co obxecto da queixa, en uso da habilitación legal que outorga

o art. 23 LVP. Por esa razón, finalmente non se apreciou a necesidade de acudir á sede da Consellería co anterior fin.

No informe de inspección destaca que nel se conclúe que se observaron un bo número de irregularidades en diferentes trámites dos procesos examinados (denomínaos *incumprimentos e irregularidades*). As irregularidades obsérvanse na designación dos membros dos tribunais, nas causas de abstención deles, nas funcións e responsabilidades dos tribunais, nos procesos de elaboración dos contidos dos exames, nas actuacións de persoal colaborador do tribunal, na custodia dos contidos de exames, no proceso de impresión dos cuestionarios de preguntas, no proceso de impresión dos modelos de respostas, na participación dos tribunais no día da celebración dos exames, no proceso de entrega por parte do tribunal do modelo de respostas correctas, no proceso de corrección de exames, e no proceso de análise e resolución de impugnacións. O proceso de baremo dos méritos da fase de concurso atopábase pendente. Entre os *incumprimentos e irregularidades* que se citan destacan os seguintes:

-Os tribunais convócanse para constitución antes da publicación no DOG.

-O principal incumprimento é a inobservancia das causas de abstención. A presidenta dun tribunal, e doutro *de facto*, é unha xefa de servizo da DXRH, a cuxo servizo está un opositor nos dous procesos. A xefa de servizo depende da Subdirección Xeral que desempeña a esposa dese opositor. Ambas as dúas persoas con responsabilidade na DXRH e mais outro xefe de servizo tamén con responsabilidades no proceso, teñen ao opositor “baixo as ordes indistintas das tres persoas antes mencionadas. As tres persoas da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional antes mencionadas, en ningún caso, se cuestionaron esta circunstancia como posible causa de abstención, e de feito asinaron como membros de tribunais unha declaración segundo a cal non estarían incurso en ningunha das causas de abstención do artigo 28 LRXAP e PAC. E concretamente CBA, como presidenta destes tribunais tampouco tivo en conta esta circunstancia a pesar de que LPS, realiza traballos para ó seu servizo, polo que CBA, tería que terse abtido de formar parte do tribunal de persoal de servizos xerais e do de auxiliar administrativo en virtude da relación directa de servizo que ten co opositor LPS” (textual

do informe de inspección). “Un dos aspirantes que participan neste proceso (persoal administrativo), JVB, realiza labores de colaboración en procesos selectivos nos que participan compañeiros que tamén teñen un interese directo no procedemento, e incluso participa no proceso de corrección de exames da categoría de administrativo ó que el se presenta como opositor, manifestando incluso que fixo a corrección mecánica do seu propio exame. (...) Non consta que tivera formalizada a dita declaración (de non estar incurso en causa de abstención).” “Consecuentemente, JVB tería que terse abtido de prestar servizos como colaborador” (literal do informe de inspección). No proceso de ATS-DUE “participa como presidenta MRGV, subdirectora xeral..., a cuxo servizo está, aínda que non con carácter exclusivo, o traballador JMIG, subalterno da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, que ao mesmo tempo é un dos opositores que participaron neste proceso selectivo da categoría de ATS-DUE. Tendo en conta o anterior parecería oportuno que MRGV se abstivese de formar do tribunal deste proceso selectivo (sic)” (literal do informe de inspección).

-“Malia que nos criterios de actuación dispoñen que a corrección se realizará en presenza dos tribunais que o desexen, sen embargo, en ningún caso se lles deu participación na corrección, aínda que tampouco consta que ningún membro de tribunal solicitara a dita participación. Por outra banda a corrección levouse a cabo por dous auxiliares da división que participaron como colaboradores, JVB e ITN, coa particularidade de que o primeiro participou como opositor, incumprindo polo tanto os criterios de actuación no senso de que estaba incurso en causa de abstención e polo tanto non tiña que ter participado como colaborador” (literal do informe de inspección).

-“...Determinado persoal da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, seguindo a inercia da OPE anterior, asume funcións propias do tribunal, pero sen contar cunha designación formal nin como membros do tribunal nin como membros colaboradores do mesmo, nin tampouco figurando estas funcións no decreto de estrutura orgánica do SERGAS. Este é o caso de FPP quén realizou para este tribunal labores de recollida de cuestionarios e de modelos de respostas, custodia, revisión de formateo final, e impresión dos mesmos. Tamén sería o caso de JRV, que desenvolve

principalmente labores de impresión e embalaxe de cuestionarios de exames (literal do informe de inspección).

-As funcións dos tribunais “vense desvalorizadas no senso de que é a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional se encarga da elaboración da parte xeral e do exercicio de galego. Esta medida adóptase a partir da OPE 2006, pero hai algúns tribunais que elaboran a totalidade do exame” (literal do informe de inspección).

-“Malia que nos criterios de actuación se indica que o tribunal poderá contar con persoal colaborador para as tarefas de mecanografado e mesmo asesoramento especializado, sen embargo, esta previsión deuse como un feito dende a división. É dicir o tribunal non decidiu estes aspectos, senón que foi dirixido pola división neste sentido. Participaron como colaboradores nos distintos procesos selectivos obxecto de investigación traballadores da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, dos cales algúns deles tamén se presentaban como opositores ós distintos procesos selectivos (PCG, LPS, JVB). Aínda que dende a organización se lle indica a este persoal colaborador que se algún deles participa nalgún proceso selectivo como opositor, non pode participar nas tarefas propias do seu proceso, non hai un control exhaustivo neste sentido e moitas veces estas tarefas realízanse polos compañeiros directos dos opositores, compartindo oficina e en horario laboral habitual de mañá. Por parte dos responsables das unidades administrativas da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional que se encargaron da organización dos procesos selectivos de OPE non se lles informa aos tribunais que determinadas persoas da división participan como opositores nos procesos selectivos e tampouco que algúns destes opositores (sic) participaban como colaboradores. Esta circunstancia ocasionou gran sorpresa entre distintos membros de tribunais, sobre todo dende o momento en que se fixeron públicas as información de posibles irregularidades” (literal do informe de inspección).

-“... a observancia das medidas de seguridade e cautela que parece apreciarse polos membros do tribunal, parece quebrar nesta fase do proceso (actuacións do persoal colaborador), toda vez que os labores dos colaboradores se realizan en horario de mañá, ás

veces nos ordenadores de traballo, en presenza de compañeiros de traballo ou doutras persoas alleas ao proceso”.

-Tamén se detectaron irregularidades no proceso de custodia dos contidos dos exames, posto que do proceso de formateo e tradución dos contidos do PSX e auxiliar administrativo se encargou unha compañeira dalgúns dos opositores, e o fixo nun ordenador da oficina, coincidindo co horario laboral dos demais compañeiros da división, o que “fai que as garantías de custodia e de confidencialidade dos contidos dos exames se vexan desvalorizadas”. No proceso de persoal administrativo “antes de que o lapis de memoria que contén o exame final chegue a FPP, que é a persoa encargada da custodia dos exames ata o momento da impresión, este xa estivo en poder de varias persoas da división.”

-Na fase de impresión “non hai un sistema de rexistro de entradas e saídas de persoas na sala de impresión. Polo tanto, tal e como manifesta nas súas declaracións a colaboradora ITN, a confidencialidade e o sigilo na realización das tarefas do persoal colaborador depende unicamente da ética de cada un.”

O informe de inspección conclúe que as irregularidades deben dar lugar *a asunción das responsabilidades que correspondan mediante a adopción de determinadas medidas que corrixan os referidos incumprimentos e irregularidades*. En concreto indícase que *os xefes directos dos opositores terían que terse abstido como membros dos tribunais*. Por iso, agora se recomenda que, debido a relación de servizo, ás relacións xerárquicas ou as familiares (*constatadas, dise*), *debería procederse á adopción do acordo de separación das ditas persoas dos actuais procesos selectivos*, de acordo co previsto no art. 28 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC. Engádese que *unha medida en liña co anterior xa foi adoptada ... cando, tras coñecer que aspirantes que traballaban na dirección participaban como colaboradores, ordenou separar do proceso e, máis concretamente, dos labores de apoio á fase de baremo, os cinco opositores da dirección que estaban sendo investigados*.

Para o Valedor do Pobo parece claro, na liña do indicado, que deben permanecer á marxe de calquera protagonismo ou aínda trámite as persoas que incorran en relación co proceso en causa de abstención, e, máis aínda, os que son interesados directos nel, é dicir, os propios opositores. Con esa diferenciación queremos resaltar que o que agora aconsella a DXARA respecto das abstencións de persoas relacionadas cos opositores non coincide coa medida que adoptou a DXRH, que afastou os mesmos opositores dos labores de apoio propios dese órgano. Ambas as dúas cuestións teñen algún grao de coincidencia, pero non resultan o mesmo, posto que, sendo ambas adecuadas, a decisión adoptada pola DXRH deriva moito máis evidente, posto que se trataba de opositores, que ademais estaban sendo xa investigados, tal e como se sinala.

A medida agora proposta, isto é, a separación das persoas que deberan terse abstido dos actuais procesos selectivos, resulta cuestionada pola DXRH, que indica que antes debiera elevarse *consulta á Asesoría Xurídica a fin de que se aclare o alcance da relación de servizo entre funcionarios públicos como causa de abstención e recusación*. O anterior ten a súa causa, segundo se expresa, nas peculiaridades das relacións ás que se alude, nun caso unha persoa destinada *de facto* na DXRH, e noutro porque *non existe ningunha relación de xerarquía, subordinación ou suxeición de carácter específico...*, ou polo menos *ningunha específica relación de supremacía/subordinación que vaia máis alá dos deberes propios da súa categoría respecto de calquera dos subdirectores xerais ou xefes de servizo da Dirección de Recursos Humanos*. Sen embargo, sen prexuízo do que resulte dos informes que a administración considere oportuno recadar, o certo é que a ausencia de abstención parece claramente inadecuada, tal e como acertadamente subliña o informe de inspección.

Por outra banda, resulta clara a dificultade de chegar a valoracións concluíntes respecto da sospeita ou aparencia de irregularidades que deran lugar a colocación de determinados opositores en posición vantaxosa. Como os reclamantes indican, o feito de que persoas que traballan no mesmo departamento onde se elaboran e preparan os procesos selectivos acaben obtendo as puntuacións máis altas nas probas convocadas entre máis de 7500 persoas, “ou ben é un milagre ou ben unha inmensa casualidade, que debe ser desvelado con transparencia e a correspondente investigación oficial”. Ao respecto o

informe de inspección sinala que *sería de utilidade, que por parte da Consellería de Sanidade, se realizase unha análise similar á reflectida nos cadros anteriores, pero aplicada á totalidade dos opositores de cada un dos catro procesos selectivos obxecto de investigación, que permita comprobar a posible correlación do patrón de respostas dos opositores traballadores do SERGAS respecto do patrón de respostas do resto de opositores, e relacionado tanto co modelo de respostas correctas provisionais como definitivas*. A comparativa estatística achegada de forma parcial, respecto dos 30 primeiros opositores, e suxírese facela máis ampla. A indicación feita polo informe coincide coa nosa petición á Consellería relativa á conveniencia de realizar unha comprobación estatística para avaliar ata que punto nos atopamos ante unha casualidade estatisticamente moi improbable, de acordo co parámetro de comportamento do común dos concorrentes nas diferentes categorías. Ao respecto á DXRH responde, nas súas alegacións, que non ve inconveniente na súa realización, pero matizando que *non vai poder servir como base para adoptar decisión algunha con relación ao proceso actual, e pola contra pode xerar atrasos na resolución dos procesos selectivos das categorías cuestionadas. ... Dará como resultado unha probabilidade sempre sometida a unha marxe de erro e nunca se poderá descartar que unha puntuación sexa consecuencia dunha das posibilidades concretas: maior habilidade, intelixencia, coñecemento, ou ao acceso ás preguntas ou ao ter copiado*. Sen embargo, dado que trata de determinarse o *grao de casualidade*, consideramos, coincidindo coas conclusións do informe de inspección, que esa comprobación debера levarse a cabo, para os efectos dunha máis completa clarificación do sucedido (aínda que nunca totalmente concluínte con esta proba, como sinala a DXRH).

O informe de inspección sinala tamén que os procesos selectivos sometidos a investigación comezaron a desenvolverse nun momento no que se estaba producindo un cambio de goberno, o que podería xustificar en parte o feito de que os procesos selectivos fosen desenvoltos seguindo a sistemática e procedementos establecidos ata entón na DXRH, sen poder introducir cambios significativos nin facer unha análise detallada dos aspectos a mellorar, centrándose case exclusivamente na busca dunha especial axilidade para non atrasar os procesos e non prexudicar os opositores. Sen embargo, é de subliñar que algúns aspectos con respecto aos cales se conclúe que se incorreu en incumprimento

ou irregularidade, especialmente a participación de persoal da DXRH nos procesos, non parece que se dera con anterioridade. Así o declarou MCS, subdirectora xeral da DXRH, que sinala que “en procesos selectivos anteriores os xefes directos dos opositores se abstiñan de participar como membros do tribunal, cumpríndose neste caso a previsión da alínea 2.e) do artigo 28. da LRXAP e PAC” (literal do informe de inspección). Neste mesmo senso, MCD, secretaria do proceso selectivo de persoal administrativo, “manifesta que en anteriores procesos non se lle deixaba participar como colaborador ao persoal da división que fose aspirante. Segundo manifestou ALSL, ... nos procesos selectivos anteriores ó 2006 non se permitía aos traballadores da división que optasen a algunha das categorías da OPE, participar como colaboradores dos tribunais en ningún proceso. (literal do informe de inspección).

En relación con esas normas que rexían os procesos conclúese a necesidade dunha *revisión en profundidade*, en concreto a *definición dun protocolo preciso de actuación que garanta a confidencialidade de todo o proceso*, e *determinar de xeito concreto as funcións e responsabilidades dos membros dos tribunais, concretando con nitidez as actuacións que en cada fase teñen que realizar e a participación que, no seu caso, deba de ter o persoal da Dirección de Recursos Humanos encargado da organización dos procesos selectivos, asegurando en todo caso a designación formal deste persoal ben como membros dos tribunais, ben como persoal colaborador destes*.

A mencionada anteriormente é a terceira das indicacións formuladas nas conclusións da avaliación. Ao respecto a DXRH expresa a súa conformidade (*asume como unha obriga a recomendación realizada polo equipo auditor na parte de conclusións do informe, onde se establece a necesidade dunha revisión en profundidade do procedemento, polo que este informe supón unha importantísima e fundamental achega neste proceso de cambio e de mellora que esta Consellería comezou a impulsar*). Como se coñece, xa nas anteriores comunicacións a Consellería dera conta de dúas propostas de reforma; non obstante, resta a concreción da reforma suxerida.

Despois de poñer de relevo as carencias e irregularidades descritas, en relación coa valoración global do procedemento, o informe sinala que despois do labor

desenvolvido *non atopou ningunha proba fidedigna que permita concluír que houbo unha filtración dos cuestionarios de preguntas ou do modelo de respostas en ningunha das fases do procedemento que implique a anulación de ningún dos procesos selectivos sometidos a investigación*, e que, no relativo ás irregularidades apuntadas, estas non implican necesariamente a invalidez dos actos. Efectivamente, resulta extraordinariamente dificultoso establecer unha relación indubitada entre os rechamantes resultados obxecto da queixa e actuacións irregulares protagonizadas por persoal da administración. O anterior non significa que non se acreditaran comportamentos irregulares dos que resultan protagonistas determinados concorrentes aos procesos, como se conclúe polo informe. Ese persoal foi protagonista de comportamentos que poderían ser motivo de esixencia de responsabilidade na vía que corresponda, no caso de chegarse a esa conclusión despois do correspondente procedemento.

Con respecto aos procesos en sentido global o informe de inspección deixa claro que a súa posición é que non atopou ningunha evidencia *que implique a anulación de ningún dos procesos*; sen embargo, resta coñecer o criterio da inspección (e da propia Consellería de Sanidade) respecto das consecuencias que ao seu criterio deberan ter as irregularidades respecto dos opositores afectados polas conclusións que viñemos coñecendo. Certo é que en último termo as medidas deberan ser adoptadas polo tribunal de cada unha das probas, que é o competente para cualificar as diferentes incidencias dos procesos que se lles encomendan, e, no seu caso, para afastar motivadamente os que incorreran en causa para iso. Sen embargo, á vista da investigación e das súas severas conclusións, resultaría perfectamente lóxico que estas se trasladaran aos tribunais coas conclusións particulares relativas ao comportamento dos opositores aludidos, de tal maneira que á vista desa información os tribunais poidan adoptar as decisións que procedan con todos os datos necesarios. O anterior serviría tamén para evitar o cuestionamento global da proba, circunstancia esta que prexudicaría innecesariamente moitos opositores que non teñen a máis mínima responsabilidade no sucedido. Ao respecto é de sinalar que no seo do presente expediente se recibiron escritos de opositores potencialmente prexudicados que mostraban a súa xustificada preocupación polo tratamento adecuado do asunto e que reclaman que se teña en conta o seu interese no curso da queixa.

7. Conclusións do Valedor do Pobo

Como conclusión final debemos subliñar que dende o primeiro intre o Valedor do Pobo expresou de forma concluínte o seu interese en clarexar o feito de que persoal do departamento onde se elaboran e preparan os procesos selectivos obteña puntuacións das máis altas de entre un número moi importante de participantes, o que aparecía como algo estraño e aparentemente irregular. Nesa liña fixemos uso dunha habilitación legal excepcional, a que permite acudir ao Valedor do Pobo e ao seu persoal aos centros administrativos para realizar a investigación polos seus propios medios. Este medio (ou a súa advertencia) só a empregamos en circunstancias excepcionais. Co anterior pretendíamos excitar o celo da administración e evitar que esta realizara unha investigación interna *pro forma* e que non empregara todos os medios na súa man, ou que non adoptara as medidas que no seu caso se deduciran; no caso de darse calquera destas circunstancias teríamos feito efectiva a advertencia. Á vista dos medios de investigación e as conclusións que se extraen parece claro que o obxectivo sinalado pode considerarse satisfeito. Despois de comprobado o adecuado dos medios empregados por parte dun órgano externo ao departamento afectado, aínda que pertence a mesma administración, pola nosa banda descartamos complementar esa investigación coa que protagonizaríamos, posto que, como subliñamos, en gran parte coinciden unha, a realizada pola DXARA, e a outra, a que advertiamos pola nosa banda.

Polo que se refire ao fondo do asunto, é de resaltar que da investigación dedúcese o recoñecemento por parte da administración de numerosas irregularidades (*incumprimentos e irregularidades*) que afectaron e en parte aínda afectan aos procesos que son obxecto da queixa. A DXARA confirma que os xefes directos dos opositores terían que terse absterido como membros dos tribunais, e que como consecuencia das relacións de servizo, xerárquicas e familiares acreditadas, debería acordarse a separación das ditas persoas dos actuais procesos selectivos; que, para afondar na exhaustividade dos datos dispoñibles en relación coa estraña situación (os interesados cualifícanos de *milagre*), se realice unha comprobación estatística para avaliar ata que punto nos atopamos ante esa *casualidade* estatisticamente moi improbable, de acordo co parámetro de comportamento do común dos concorrentes nas diferentes categorías, algo que tamén fora suxerido pola

nosa banda; e que, á vista do acontecido, debe producirse unha revisión en profundidade dos procedementos selectivos, en concreto a definición dun protocolo de actuación que garanta a confidencialidade de todo o proceso, as funcións e responsabilidades dos membros dos tribunais, *concretando con nitidez as actuacións que en cada fase teñen que realizar e a participación que, no seu caso, deba de ter o persoal da Dirección de Recursos Humanos encargado da organización dos procesos selectivos, asegurando en todo caso a designación formal deste persoal ben como membros dos tribunais, ben como persoal colaborador.*

Pola nosa banda concluímos que, á marxe do certamente difícil de establecer unha relación de causa-efecto entre os rechamantes resultados das probas selectivas e as actuacións irregulares concluídas (como di a DXARA, *non atopou ningunha proba fidedigna*), si se acreditou a existencia desas irregularidades. Cos elementos obrantes non se puido probar a filtración das probas, o que resulta moi difícil ou practicamente imposible, pero si que se deron considerables irregularidades que reforzan a sospeita fundada de que puido darse unha situación vantaxosa de determinados concorrentes.

Tanto polo expresado anteriormente como polo exposto no informe de auditoría externa da DXARA, coincidimos coas conclusións desta última e expresamos o noso criterio a favor de que se leven a efecto as diferentes indicacións antes enunciadas, e iso co fin de que nos trámites que restan nos procesos que poidan atoparse en curso e tamén nos procesos que se celebren no futuro se exclúan irregularidades como as observadas e se garantan de forma adecuada os principios de mérito e capacidade nos procesos de acceso á función pública, de acordo co previsto no art. 103.3 da CE. Tamén coincidimos na conclusión de que as irregularidades non implican necesariamente a invalidez dos actos, pero delas derívase a correspondente responsabilidade dos seus protagonistas, polo que esta debера substanciarse adecuadamente.

8. As recomendacións formuladas como consecuencia da investigación e as mencionadas valoracións e conclusións

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Sanidade a seguinte **recomendación**:

“Que, á vista dos incumprimentos e irregularidades nos procesos selectivos do SERGAS obxecto da presente queixa, constatados a través da inspección realizada pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e dos que se dá detallada conta no informe correspondente elaborado por ese órgano, con urxencia se proceda a dar efectividade a todas as indicacións do referido informe. En concreto debera resolverse:

-A separación dos actuais procesos selectivos das persoas que forman parte dos tribunais e que deberan terse abstido de formar parte deles.

-A realización dunha avaliación estatística para comprobar ata que punto atopámonos ante unha *casualidade* moi improbable, de acordo co parámetro de comportamento dos concorrentes nas diferentes categorías.

-E a profunda revisión dos procedementos selectivos que inclúa a definición dun protocolo preciso de actuación que garanta a confidencialidade do proceso, as funcións e responsabilidades dos membros dos tribunais, concretando con nitidez as actuacións que en cada fase teñen que realizar, e a participación que, no seu caso, deba de ter o persoal da Dirección Xeral de Recursos Humanos do SERGAS encargado da organización dos procesos selectivos, asegurando en todo caso a designación formal deste persoal ben como membros dos tribunais, ben como persoal colaborador.

Finalmente a Consellería de Sanidade debera reclamar da DXARA que a investigación e as conclusións do informe de inspección, impulsadas pola primeira, se

complementen coa realización de informes para cada un dos tribunais, nos cales deberan valorarse adecuadamente as eventuais responsabilidades dos opositores implicados, de acordo co xa concluído no informe de inspección, de tal forma que os tribunais podan coñecer con detalle as irregularidades individuais e decidan sobre as consecuencias que estas poidan ter para eses opositores implicados”.

Resposta da Consellería de Sanidade: recomendacións non aceptadas.

1.2 ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA

1.2.1 INTRODUCCIÓN

Na área de urbanismo e vivenda constatouse un descenso no número de queixas presentadas, xa que ao longo do 2010 chegaron á oficina do Valedor do Pobo un total de 146 referidas a estas materias, mentres que no 2009 se presentaran 241. Produciuse un descenso dun 39% respecto do ano anterior. Por outra parte, tratándose dunha área que engloba dúas subáreas tan singularizadas como as de urbanismo e vivenda, para os efectos estatísticos pode destacarse que no 2010 se presentaron 103 queixas en materia de urbanismo (70 %), e 43 queixas referidas a vivenda (30 %). Esta magnitude implica unha ruptura coa tendencia observada nos últimos anos, nos que se apreciaba un constante aumento do peso específico das queixas de vivenda dentro desta área. Así, no 2009 as queixas de vivenda chegaron a representar practicamente a metade do total de queixas da área, xa que alcanzaron un 47%. Este aumento das queixas de vivenda fora constante desde 2003, ano no que representaron o 9%, no 2004 (15%), no 2005 (18%), no 2006 (29%), no 2007 (30%), acadando o 33% no 2008, e chegando en 2009, como indicabamos, a representar case a metade das queixas da área.

Por outra parte, nesta análise comparativa entre as queixas de urbanismo e as de vivenda debe tamén subliñarse a maior porcentaxe de non admitidas en materia de vivenda, xa que supoñen unha porcentaxe do 28%, mentres que tratándose das queixas de urbanismo a proporción de non admitidas a trámite baixa ao 15%. Esa gran porcentaxe de queixas non admitidas en materia de vivenda débese en parte a que un número significativo delas se refiren a aspectos que inciden nas relacións xurídico-privadas, nas que non intervéñ ningunha administración pública, polo que non poden ser admitidas a trámite nesta oficina do Valedor do Pobo.

Nesta subárea de vivenda seguen a ter incidencia relevante -menor que no 2008 e practicamente a mesma que no 2009- as queixas referidas ás axudas públicas para o alugamento de vivendas privadas. Así, do total de 43 queixas de vivenda, 14 (32%) corresponden a este tipo de axudas, 7 presentáronse en relación coa renda básica de emancipación, e as outras 7 respecto do Programa de Vivenda en Alugamento, actualmente

Programa Aluga. No 2009, das 113 queixas de vivenda, 38 (33%) correspondían a este tipo de axudas. Sen embargo, sendo similar a porcentaxe no 2008 e 2009 en relación co total de queixas de vivenda, non ocorre o mesmo coa distribución destas queixas, xa que no 2009, como xa ocorrera no 2008, dentro deste grupo de queixas deixaron de cobrar protagonismo as queixas relativas ao Programa de Vivenda en Alugamento, sendo moito máis importante o número de queixas referidas ás axudas a mozos para alugamento de vivenda en concepto de renda básica de emancipación. No 2010, sen embargo, estas queixas repartíronse por partes iguais.

1.2.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

Iniciadas	146	
Admitidas a trámite	112	78 %
Non admitidas	28	19 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	6	3 %

A situación actual das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	60	54 %
En trámite	52	46 %

Por último, se segregamos os datos referidos en relación coas dúas subáreas de urbanismo e vivenda as estatísticas serían as seguintes:

Na área de urbanismo

Admitidas a trámite	86	84%
Non Admitidas	16	15%
Remitidas ao Defensor del Pueblo	1	1%

Concluídas	39	45%
En trámite	47	55%

Na área de vivenda

Non admitidas	12	28%
Admitidas a trámite	26	60%
Remitidas ao Defensor del Pueblo	5	12%

Concluídas	21	81%
En trámite	5	19%

A notable desproporción de queixas concluídas e en trámite nas dúas subáreas débese a que na última quincena do mes de decembro de 2010 se presentaron un total de 23 queixas en serie, actualmente en trámite, que se clasificaron na subárea de urbanismo.

Ao longo deste ano foron obxecto de trámite diversas queixas presentadas en anos anteriores:

Ano de presentación	En trámite ao 31-12-09	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-10
2008	7	2	9	8	1
2009	81	8	89	80	9

1.2.2.1 QUEIXAS SOBRE URBANISMO

En relación coa materia de urbanismo ímonos referir en primeiro termo ás queixas que tratan sobre disciplina urbanística, abordando nelas diversos aspectos ou incidencias que xorden nas actuacións administrativas, singularmente dos concellos, que teñen lugar nos expedientes abertos como consecuencia da comisión dalgunha infracción urbanística. Tamén dentro desta mesma área trataremos daquelas queixas nas que se denuncian problemas relacionados coa tramitación de licenzas urbanísticas.

Por outra parte, en canto aos problemas xurdidos en materia de planificación urbanística, debe sublimarse que no 2010 houbo unha baixa incidencia de queixas referidas a esta materia, aínda menor das magnitudes habituais nesta área. Neste campo da planificación urbanística, e como xa sinalamos en informes anteriores, as posibilidades de intervención do Valedor do Pobo son máis limitadas que en materia de disciplina urbanística, pois nesta materia entran en xogo potestades municipais cun marcado carácter discrecional que en todo caso deberán supervisarse pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e por outras consellerías, ou ben por outras administracións públicas que deberán emitir informes sectoriais exixidos na normativa sobre procedemento de elaboración dos plans urbanísticos.

Por último, tamén faremos referencia ás queixas formuladas en relación coa obrigação dos propietarios de terreos, soares ou edificacións de mantelos en condicións de seguridade e salubridade, aínda que algunhas das queixas que inciden neste tema aparecen tamén noutras áreas do presente informe.

DISCIPLINA URBANÍSTICA

Son numerosas as queixas formuladas por quen tendo presentado unha denuncia por unha presunta infracción urbanística vén frustradas as súas expectativas dunha actuación eficaz da administración que recibe a denuncia, unha administración municipal na maioría dos casos, ben sexa por demoras producidas na tramitación do expediente de disciplina urbanística, ou por inexecución de ordes de demolición de obras ilegais.

A casuística das queixas referidas a disciplina urbanística amósanos casos moi dispares, como os supostos de denuncias por infraccións urbanísticas que se atenden inicialmente por un Concello, pero que posteriormente sofren notables demoras na súa tramitación, ou o caso daquelas denuncias que desembocan nos respectivos procedementos de restauración da legalidade urbanística, nos que se seguiron as formalidades legais, e sen embargo non chega a facerse efectiva a reposición da legalidade mediante a demolición das obras ilegais. Entre estas dúas situacións poden encontrarse nas queixas unha gran variedade de supostos, nos que, en moitos deles se pon de manifesto a pasividade dos concellos á hora de acabar cos ilícitos urbanísticos.

Nas queixas que afectan a esta materia obsérvase en xeral unha falta de eficacia nas respostas da administración municipal ás denuncias presentadas. Ás notables demoras nas actuacións subseguintes á denuncia hai que sumar o feito de que, tras acordarse a demolición das obras ilegais correspondentes como unha medida de restauración da legalidade urbanística infrinxida, o certo é que dificilmente se chega a executar este acordo municipal; en ocasións porque o procedemento se dilúe nunha secuencia de trámites dilatorios por parte do interesado, moitos deles non contemplados estritamente en ningunha norma legal, e noutras porque non se levan a cabo as medidas de execución forzosa previstas na lexislación de procedemento común e na propia lexislación urbanística.

En relación coas medidas de execución forzosa previstas no artigo 209 da Lei 9/2002, sobre ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, debemos facer referencia á execución subsidiaria pola administración e ás multas coercitivas. A este respecto, o certo é que a administración apenas recorre á execución subsidiaria quizais

polas dificultades prácticas para conseguir posteriormente do interesado o reembolso dos gastos ocasionados pola demolición. No caso de optar pola execución subsidiaria, a administración por si mesma non executa as obras de demolición, senón que abre un expediente de contratación para adxudicar as obras a un empresario, e dada a índole do traballo encomendado pode encontrarse con dificultades para que as empresas do sector concorran á adxudicación da obra de demolición.

Por conseguinte, son as multas coercitivas o expediente máis utilizado pola administración para asegurar a efectividade da orde de demolición, pero para que este mecanismo sexa efectivo é necesario que se impoñan e se cobren con suficiente dilixencia, pois de non ser así aínda dilatarían máis o proceso de restauración da legalidade urbanística. A este respecto, na realidade práctica das queixas, e como imos expoñer máis adiante, encontrámonos con moitos casos nos que as multas non se impoñen dunha maneira regular ou ben se dilata moito o cobro da multa.

En xeral, en relación coa tramitación dos expedientes de reposición da legalidade urbanística convén subliñar que calquera demora inxustificada tras a chegada da denuncia ao concello, ten unha enorme relevancia sobre o resultado final das actuacións administrativas que haxan de seguirse ante as posibles infraccións urbanísticas, na medida en que as obras realizadas se poden converter en feitos consumados de difícil retorno á legalidade. Neste sentido, logo de presentar a denuncia, o tempo que tarde en emitirse o informe do arquitecto ou aparellador municipal resulta fundamental para o éxito futuro do procedemento administrativo que eventualmente se abra. É certo que non todos os concellos contan cos mesmos medios para realizar estas inspeccións técnicas, pero non é menos certo que, salvo etapas conxunturais, sempre existirá unha certa proporción entre o grao de conflitividade urbanística e os recursos cos que conte o concello para poñer coto ás ilegalidades urbanísticas. Mesmo nos concellos pequenos, que non adoitan contar cun técnico de modo permanente, na medida en que non se detecte unha actividade urbanística significativa, non hai razóns que poidan xustificar un atraso nos labores de inspección.

A modo de exemplo podemos referir algúns casos que observamos nas queixas. Nalgún suposto, como é o caso da queixa Q/261/10, a administración municipal non abría

o expediente de reposición da legalidade urbanística a pesar de apreciarse unha ilegalidade urbanística, en tanto que a obra realizada podería legalizarse de haber un acordo entre os particulares afectados, pero á vista de que dado o tempo transcorrido este acordo non chegaba a realizarse, desde esta institución formulamos ao Concello de Tomiño o seguinte recordatorio de deberes legais “Que por parte desa Alcaldía-Presidencia se proceda a incoar un expediente de reposición da legalidade urbanística polas obras realizadas sen contar con licenza municipal, en aplicación do previsto no artigo 210 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para o caso de que as obras denunciadas se encontren definitivamente rematadas” (véx. a resolución 9 das desta área). No momento de elaborarse este informe anual aínda non recibimos a resposta a este recordatorio de deberes legais.

Tamén noutro caso (Q/325/09), que afectaba ao Concello de Redondela, se observara que a administración municipal non procedía a abrir un expediente de reposición da legalidade urbanística a pesar de que se comprobara a existencia de obras de construción dun muro realizadas sen licenza, polo que tivemos que formular un recordatorio de deberes legais nos seguintes termos: “Que por parte desa administración municipal se proceda sen demora á apertura dun expediente de reposición da legalidade urbanística en relación coas obras ás que se refire a queixa da reclamante, en tanto que se trata dunhas obras nas que sendo necesaria a obtención dunha licenza urbanística sen embargo o promotor destas obras non dispón da oportuna licenza municipal” (véx. a resolución 6 das desta área). O recordatorio foi aceptado polo Concello de Redondela, que procedeu á apertura do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística.

Na queixa Q/633/09 referida a unha obra ilegal realizada no Concello de Vilar de Barrio tivemos que reiterar ata en catro ocasións a solicitude de informe, a última delas mediante un recordatorio do deber legal de colaborar e con advertencia de declaración de hostilidade. No escrito remitido finalmente desde o concello se mencionaba que se abriera un expediente de disciplina urbanística, polo que non foi necesario realizar en este caso un recordatorio de deberes legais en termos similares aos anteriormente referidos. Na queixa Q/634/09 e tras varias peticións de información o Concello do Grove abriu expediente de reposición da legalidade urbanística pola execución dun muro sen licenza, e rematou este

expediente cunha orde de demolición, porque o muro non gardaba a distancia de recuamento a un camiño público.

Na queixa Q/272/09 a reclamante referíase aos atrasos na tramitación dunha denuncia por unhas obras que se estaban executando nun lugar no Concello de Paderne de Allariz, e que ao parecer non dispoñían de ningún tipo de proxecto nin de licenza do concello. A este respecto, tendo en conta a información facilitada por este, da que lle demos traslado ao reclamante, procedemos a concluír a nosa intervención, en tanto que a denuncia formulada pola reclamante dera lugar á apertura dun expediente de disciplina urbanística. Sen embargo, á vista de que se estaban producindo atrasos na tramitación do expediente de disciplina urbanística formulamos ao Concello de Paderne de Allariz unha recomendación nos seguintes termos: “Que por parte desa administración municipal se axilice o máximo posible, co obxecto de evitar unha posible caducidade do procedemento administrativo, a resolución do expediente de reposición da legalidade urbanística ao que se refire a queixa, dado o tempo transcorrido desde a incoación de este expediente e tamén desde a primeira denuncia da reclamante” (véx. a resolución 4 das desta área). Neste sentido, recibimos unha resposta do concello relativa a que o expediente administrativo aberto como consecuencia das denuncias da reclamante se encontraba pendente do informe preceptivo da Consellería de Cultura e Turismo.

Noutros casos, como ocorre coa queixa Q/1170/10, advírtese pasividade na actuación da administración municipal, en tanto que non require ao interesado para que presente a documentación necesaria para a tramitación do expediente de disciplina urbanística. Neste caso formulamos un recordatorio de deberes legais ao Concello de Coles nos seguintes termos: “Que por parte desa administración municipal se axilicen os trámites do expediente de reposición da legalidade urbanística ao que se refire a presente queixa, e se requira do interesado a solicitude de licenza e do proxecto técnico que fose necesario, con obxecto de que se poida resolver sobre a legalización ou non das obras denunciadas, tratando de evitar que se produza a prescrición das infraccións presuntamente cometidas” (véx. a resolución 5 das desta área). Na resposta recibida da administración municipal constaba a prescrición dunha parte das obras denunciadas, manténdose o expediente de disciplina urbanística respecto de outras obras incluídas na denuncia.

Nalgúns casos presentáronse queixas respecto de denuncias por obras de execución de vivendas no baixo cuberta dun edificio sen contar coa licenza preceptiva. É o caso da queixa Q/2337/09, referida á realización dunhas vivendas no baixo cuberta nun edificio construído no Concello de Ribadumia; tras recibir información do concello formulamos un recordatorio de deberes legais nos seguintes termos: “Que por parte desa administración municipal se proceda a facer efectiva a función inspectora para comprobar se houbo unha infracción urbanística no caso denunciado polos reclamantes, consistente na habilitación de varios faiados para vivendas, en contra do previsto na normativa urbanística, e que se solicite a correspondente autorización xudicial, prevista no artigo 208.3 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia” (véx.a resolución 2 das desta área). En resposta a este recordatorio recibimos un escrito do concello no que nos indicaba que tras inspeccións realizadas nas vivendas denunciadas procedérase á apertura dun expediente de reposición da legalidade urbanística. Noutra queixa, a Q/489/09, tratábase dunhas vivendas ao parecer non amparadas nunha licenza e situadas no baixo cuberta dunha edificación na cidade de Ourense; neste caso, tras recibir varios informes do Concello de Ourense, finalmente a administración municipal nos indicou que o expediente se encontraba pendente da autorización xudicial solicitada no xulgado correspondente para a entrada nas vivendas denunciadas para practicar a inspección pertinente polo aparelador municipal.

Cómpre subliñar que a pasividade da administración pode chegar a producir a grave consecuencia de impedir a restauración da legalidade urbanística polo transcurso do prazo de seis anos desde a total terminación das obras. A este respecto, no artigo 210 da vixente lei 9/2002, de ordenación urbanística de Galicia, establécese este prazo de seis anos para que a administración proceda á apertura do correspondente expediente de reposición da legalidade. Neste sentido, transcorrido este prazo sen que se incoase o oportuno expediente quedaría legalizada a obra presuntamente ilegal se a actuación é conforme co ordenamento urbanístico, e se a obra non se axusta ao planeamento urbanístico, entón quedaría como unha obra fóra de ordenación. Neste último caso a obra non podería ser demolida, aínda que nun futuro o seu propietario só podería realizar pequenas reparacións exixidas por razóns de seguridade e hixiene, pero en ningún caso

obras de consolidación, de modernización ou de cambio do uso existente, ou que representasen un aumento de valor con efectos expropiatorios.

Nos casos estudados a través das queixas encontramos algún suposto no que se deu este problema. Así, é o caso da queixa Q/1118/09, no que a cuestión controvertida remitía a determinar sobre quen pesaba a carga da proba co obxecto de precisar a data de remate das obras denunciadas, polo que formulamos ao Concello de Mondariz unha recomendación nos seguintes termos : “Que por parte desa Alcaldía-Presidencia e para determinar a procedencia de incoar un expediente de reposición da legalidade urbanística polas obras realizadas sen contar con licenza municipal, en aplicación do previsto no artigo 210 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se requira ao promotor das obras denunciadas para que acredite a data de remate das obras, para os efectos de determinar o cumprimento do prazo de prescripción” (véx. a resolución 8 das desta área). Na resposta do concello acéptase a recomendación formulada e achégase un requirimento remitido ao interesado no que se lle solicita que acredite a data de remate das obras controvertidas.

Nalgunhas queixas, como é o caso da queixa Q/633/10, se formulou o problema de determinar a administración competente para exercer a potestade de disciplina urbanística, o Concello de Bergondo ou a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística; tratábase dunhas obras dunha rampla de acceso a unha parcela en solo rústico de protección ordinaria e que non contaban con licenza municipal nin autorización autonómica. A este respecto, formulamos ao Concello de Bergondo un recordatorio de deberes legais nos seguintes termos: “Que por parte desa administración municipal se requira ao promotor das obras denunciadas para que presente un novo proxecto técnico para unha eventual legalización das obras executadas, como requisito previo á autorización autonómica que requirirían estas obras por efectuarse nunha parcela de solo rústico de protección común, tal e como se exige na normativa urbanística de aplicación ao caso” (véx. a resolución 3 das desta área). A este respecto, como resposta a este recordatorio de deberes legais, recibimos un escrito do Concello de Bergondo no que indicaba que a circunstancia de que existise un expediente de reposición da legalidade urbanística tramitado pola Axencia significaba que o requirimento para a legalización lle correspondía facelo a ela, e non ao

Concello. Posteriormente solicitamos un informe á Axencia sobre este aspecto controvertido.

Nalgunhas queixas expóñense situacións directamente relacionadas coa licenza urbanística municipal coa que necesariamente debe contar todo propietario que pretenda realizar unha actuación urbanística nun determinado terreo. Neste sentido, un dos principais problemas que adoita formularse nas queixas remite ao feito mesmo de que tipo de obras ou actuacións requiren unha licenza urbanística, e tamén sobre os requisitos inherentes á licenza, en particular sobre o proxecto técnico que debe acompañar á licenza. En cuanto ás actuacións materiais sobre os terreos que requiren licenza urbanística, o artigo 194 da vixente Lei 9/2002 inclúe na súa alínea 2 un amplo catálogo de actuacións ás que se exige licenza, relación que se fai en extenso no artigo 10 do Regulamento de disciplina urbanística de Galicia, aprobado polo Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro. Na última alínea deste artigo indícase expresamente que estarán suxeito a licenza previa, en xeral, todos os actos que sinalen os plans, as normas ou as ordenanzas.

No caso da queixa Q/63/10 o reclamante aludía a unha licenza outorgada polo Concello de Curtis para a instalación dunha antena de telefonía móbil, estimando que non se axustaba á normativa urbanística aplicable. Presentou un recurso de reposición contra a concesión desta licenza, que sen embargo o concello estimou que non tiña carácter de recurso administrativo. Desde esta oficina procedemos a formular ao Concello de Curtis un recordatorio de deberes legais nos seguintes termos: “Que por parte desta administración municipal se lle recoñeza ao escrito do reclamante do 14-1-10 o carácter de recurso de reposición, en tanto que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 110 da Lei 30/1992, sobre procedemento administrativo común, e se proceda a resolvelo expresamente, de acordo coa obriga legal de resolución expresa, prevista no artigo 42.1 da citada Lei 30/1992” (véx. a resolución 7 das desta área). Este recordatorio foi aceptado polo Concello, quen indicou que o recurso se resolvería de inmediato.

Na queixa Q/1408/10 faise referencia a unha licenza para obras de reparación nunha vivenda na zona urbana de Muxía, indicándose polo reclamante que o solicitante da licenza non tiña a propiedade da vivenda; o expediente de queixa rematou entendendo que

as licenzas urbanísticas se outorgan á marxe de a quen corresponda a propiedade ou sen prexuízo de terceiro.

Finalmente, en canto a obrigaón dos propietario de terreos e edificacións de mantelos en condicións de seguridade e salubridade, houbo algunhas queixas en relación co deber de conservación que impón o artigo 199 da Lei 9/2002 aos propietarios de terreos, edificacións e carteis, que deberán mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade, tal e como se indica no artigo 9 da citada lei urbanística. Con esta finalidade os concellos poderán ditar ordes de execución, de oficio ou a instancia de calquera interesado, para obrigar os propietarios a que realicen as obras necesarias para conservar aquelas condicións, e en caso de incumprimento a administración municipal poderá proceder á execución subsidiaria ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 300 a 6000 €, reiterables ata conseguir a execución das obras ordenadas.

Na queixa Q/2149/09 a reclamante referíase ao grave perigo que supoñía para os veciños do edificio no que residía a circunstancia de que existise na parte posterior da edificación un noiro considerable, no que se produciran algúns desprendementos, e co risco de que se producisen novos desprendementos de terra e rochas; o Concello de Boiro remitiu un informe no que sinalaba que se remitiría aos propietario de vivendas e á empresa promotora un escrito para que se acreditase a propiedade do terreo no que se encontraba o noiro, e se solicitase posteriormente polo titular do terreo unha licenza de obra para o asentamento do noiro con obxecto de evitar os riscos apuntados. Na queixa Q/590/10 reflectíase unha situación desta mesma natureza e referida a que na porta do garaxe dunha vivenda en Corme o accionamento automático de apertura e cerre non tiña ningún sinal acústico nin luminoso e que ao invadir a beirarrúa no momento de pregarse provocaba unha situación de risco para os viandantes; no informe remitido polo Concello de Ponteceso indicábase que se notificaría ao denunciado coa finalidade de que procedese a desprazar o portal cara ao interior da planta baixa, na medida necesaria para que non sobresaíse do plano ou aliñación da fachada do inmovle.

1.2.2.2 VIVENDA

O catálogo de actuacións do Valedor do Pobo en materia de vivenda non resulta un fiel reflexo das preocupacións habituais da cidadanía en relación con este grave problema, pois hai aspectos fundamentais relacionados coa vivenda que por afectar ás relacións xurídico-privadas entre particulares non poden ser abordados polo Valedor. Así, algunhas queixas refírense a conflitos xurdidos no seo dunha comunidade de propietarios, ou outras a controversias formuladas nunha relación arrendaticia entre particulares.

Como ocorreu noutros anos, apenas hai queixas referidas aos procesos de selección de adxudicatarios de vivendas de promoción pública. No 2010 podemos mencionar un grupo de tres queixas -Q/199/10, Q/258/10 e Q/268/10- presentadas por solicitantes de vivendas de promoción pública en San Paio de Navia-Vigo, que resultando adxudicatarios provisionais no sorteo de vivendas, quedaron sen embargo excluídos da lista definitiva por superar o máximo previsto. Nas queixas citadas os reclamantes estaban en desacordo no cómputo dos ingresos da unidade familiar realizado polo IGVS, en concreto co feito de que se tivese en conta a cantidade indicada na cela 17 da declaración do IRPF (referida á redución xeral da base imponible por obtención dos rendementos do traballo). A este respecto, no informe remitido polo IGVS indícase que “os criterios para o cálculo de ingresos veñen establecidos na instrución 5/2008, de data do 11-7-2008, que ditou o director xeral do IGVS; nesta instrución dispónse que para a determinación dos ingresos se terán en conta a contía da base imponible xeral (cela 455 da declaración do IRPF) máis o importe correspondente ás reducións por obtención de rendementos do traballo (celas 017, 018, 019, 020), máis a contía da base imponible de aforro (cela 465)”. Nas tres queixas citadas a non inclusión no cómputo dos ingresos da cantidade consignada na cela 17 da declaración de IRPF, significaría que non quedarán excluídas da adxudicación definitiva. Sen embargo, o certo é que as modificacións introducidas tanto na normativa como no modelo de declaración do IRPF, xa afectaran tanto ao exercicio fiscal do 2007 como ao do 2008 (que foi o que se tivo en conta nas solicitudes de VPP dos reclamantes). Neste sentido, a cela 17 que figura no modelo de declaración do IRPF ten a súa orixe na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, e concretamente no seu artigo 20, que establece a redución xeral por obtención de

rendementos do traballo, polo que nas solicitudes dos reclamantes para o cómputo dos seus ingresos debía terse en conta ineludiblemente para o exercicio de 2008, a cantidade que figuraba na cela 17 do formulario de declaración do IRPF.

Outras queixas obedecen a atrasos na entrega de vivendas de promoción pública xa adxudicadas. É o caso da queixa Q/274/10, que está relacionada con outra queixa aberta de oficio pola nosa parte, a Q/2068/07, na que se expuña o problema dun atraso considerable na entrega de vivendas de promoción pública en Xarás-Ribeira aos adxudicatarios, posto que se adxudicaran as obras en outubro do 2004 e a finais do 2007 aínda non se construíran as vivendas. Na información remitida pola anterior Consellería de Vivenda indicábase que as obras, iniciadas en marzo do 2005, sufriran constantes incumprimentos nos prazos contractuais, polo que se resolvera o contrato en maio do 2007 e se estaba tramitando a adxudicación dun novo contrato de obra, información coa cal se concluíu o expediente aberto de oficio. Posteriormente, no 2010 abriuse o expediente de queixa antes indicado; varios dos adxudicatarios remitiron un escrito de queixa indicando que as obras estaban terminadas en setembro do 2009, pero en febreiro do 2010 aínda non foran entregadas. No informe remitido polo IGVS indícase que as obras xa están terminadas, e que polo que respecta ao procedemento de adxudicación das vivendas, se realizaran dúas convocatorias. A lista definitiva da primeira aprobábase o 8 de febreiro de 2008, e a segunda coas vivendas que resultaran vacantes, o 18 de xaneiro de 2010. Faríase entrega das vivendas adxudicadas de forma inmediata.

Tamén se recibiron queixas relacionadas con obras de reparación en edificios de vivendas de protección pública. A este respecto, a queixa Q/2158/09 formularaa o propietario dunha vivenda de promoción pública situada na urbanización “Rivera Atienza”, na cidade de Vigo; indicaba o reclamante na súa queixa que se estaban executando as obras de reparación das vivendas na súa segunda fase por unha empresa contratada polo IGVS, pero esa empresa deixara sen rematar as reparacións na vivenda do reclamante. Nun primeiro informe recibido do IGVS indicábase que a empresa ía proceder de inmediato ás obras requiridas, o que non ocorreu, e houbo que solicitar un informe complementario, que orixinou unha visita á vivenda de persoal do IGVS e da empresa, fixándose unha data concreta para as reparacións.

Noutra queixa, a Q/703/09, facíase referencia ás precarias condicións de habitabilidade dun edificio de vivendas de protección oficial en Pontedeume. No informe remitido polo IGVS indicábase que xa se iniciara o expediente de contratación da obra e que o proxecto de execución estaba practicamente ultimado.

Noutras materias, como a xestión da comunidade en edificios de vivendas de promoción pública, recibíranse tamén algunhas queixas, como a Q/587/10, referida á falta de pago polo IGVS dalgúns recibos de gastos de comunidade de vivendas en réxime de alugamento que se encontraban baleiras; no informe remitido polo IGVS ponse de manifesto que o atraso no pago dalgúns cotas mensuais se debía a que o administrador da comunidade de veciños non remitira algúns dos recibos que estaban pendentes, e que polo tanto non se puideran aboar. Na queixa Q/168/10 o inquilino dunha vivenda de protección oficial, que ocupaba desde había 25 anos, manifestaba o seu desacordo co requirimento que lle facían outros propietarios para que pagase a súa parte no contrato de seguro do edificio, ao que se negaba por entender que era unha obrigaón do IGVS, como propietario da vivenda; no informe remitido polo IGVS, ademais de sinalar que as vivendas de protección oficial deben estar aseguradas ante o risco de incendio, e que o habitual é que este tipo de gastos están sendo asumidos polos inquilinos de todas as comunidades mixtas de vivendas de promoción pública, solicitaría do reclamante o contrato de arrendamento para determinar as obrigaóns asumidas por ambas as partes contratantes, o IGVS e o particular.

En canto ás axudas para a rehabilitación de edificios de vivendas, na queixa Q/2183/09 facíase referencia á denegación dunha axuda polo IGVS en relación cunha actuación de rehabilitación da cuberta dun edificio. O problema radicaba en que, aínda que se concedera licenza de obra menor polo Concello de Caldas, non constaba a existencia dun estudo básico de seguridade visado polo colegio oficial e redactado por técnico competente nos supostos de reparación de cubertas. Á vista da información facilitada polo IGVS deducimos que non requería a presentación dun proxecto técnico, por tratarse dunha obra menor, pero o IGVS pode e debe exixirlo en relación cunha obra que se pretenda subvencionar, para asegurarse de que cumpra coas exigencias legais da obra, entre as que se encontran as referidas á normativa laboral e de seguridade no traballo. Noutro caso, a

queixa Q/902/10, referida ao atraso na tramitación polo IGVS dun expediente sancionador aberto como consecuencia dunha denuncia en contra do beneficiario dunha axuda para a adquisición dunha vivenda usada, que incumpriña as obrigacións de destinar a vivenda a residencia habitual e permanente, e por non ocupala no prazo de tres meses contados desde a súa entrega, procedendo á súa demolición. No informe remitido polo IGVS indicábase que o expediente estaba en trámite de alegacións comunicándonos posteriormente o reclamante que se impuxera a sanción.

En relación coa problemática propia das axudas públicas para o alugamento de vivendas, tal e como sinalamos na parte introdutoria, sobre esta materia presentáronse menos queixas que en anos anteriores, que afectan a aspectos moi variados.

Así, en relación co programa autonómico de axudas ao alugamento de vivenda, nalgúns casos formuláronse queixas por veciños da comunidade de propietarios na que se encontra a vivenda, baseadas no presunto comportamento incívico do inquilino, o que provoca molestias e dificultades na convivencia veciñal. Así, na Q/2618/09, referida a un problema desta natureza, recibíuse un informe do IGVS no que se indica que a través da asistencia xurídica do *Programa de Vivenda en Alugamento* se efectuara o oportuno requirimento á inquilina en relación coas queixas formuladas polo seu comportamento, e que se presentara unha demanda xudicial, pero logo de tramitada produciuse a rescisión do contrato de arrendamento.

Noutra queixa, a Q/1682/09, o propietario dunha vivenda incluída no programa referíase a que durante unha parte do tempo non se incrementara a renda atendendo ao IPC; no informe remitido polo IGVS ponse de manifesto que a vivenda fora alugada a varios inquilinos, e en un dos contratos subscritos rescindiuse antes do prazo dun ano de vixencia, polo que neste caso non se puido aplicar a subida da renda. Nalgunha queixa, como ocorre coa Q/2311/09, faise referencia a defectos ou danos na vivenda, e no informe do IGVS indícase que a oficina xestora do programa se puxo en contacto coa propietaria do inmovible, quen, ao non estar cubertos os danos na póliza do seguro do programa, procedeu ao arranxo e substitución de pezas no baño e no aseo da vivenda.

Por outra parte, en relación coas queixas referidas á problemática suscitada coa *renda básica de emancipación* (RBE), no 2010 houbo menos queixas que en anos anteriores. Unha parte delas afecta ao pago desa renda; tendo en conta que ese aspecto é de competencia do Ministerio de Fomento (anteriormente do Ministerio de Vivenda), este tipo de queixas tiveron que remitirse ao Defensor del Pueblo.

Entre as queixas tramitadas nesta oficina podemos referirnos á Q/534/09, na que o reclamante manifestaba a súa desconformidade coa denegación da RBE, que se baseara en que a vivenda para a que se solicitaba a axuda estaba sometida a un réxime de protección pública; presentárase un recurso de reposición que aínda non se resolvera. Posteriormente, tras a nosa intervención no problema que motivou a queixa, procedeuse á resolución do recurso, pero aínda que se estimara, sen embargo os efectos económicos do recoñecemento da RBE admitíranse desde a data de interposición do recurso, e non desde a data de solicitude da RBE, o que motivou a continuación da queixa. A este respecto, e aínda que a resolución do recurso neste caso era firme, por non se impugnar na vía contenciosa, formulamos unha recomendación ao xefe territorial en Pontevedra do IGVS nos seguintes termos: “Que aínda que a firmeza da resolución administrativa á que se refire a presente queixa non permite a súa modificación, sen embargo para os casos similares que puideran xurdir nun futuro, nos que exista unha resolución estimatoria dun recurso de reposición contra a denegación inicial da solicitude de renda básica de emancipación, a resolución pola que se recoñece o dereito a percibir a renda básica non limite os seus efectos a partir da data de interposición do recurso, senón que se recoñeza o dereito a partir da data da solicitude, como se establece expresamente no artigo 3.2 do Real decreto 1472/2007, do 2 de novembro, regulador da renda básica de emancipación” (véx. a resolución 1 das desta área). Na súa contestación, o IGVS non acepta a recomendación formulada por entender que para que se recoñezan os efectos económicos desde a data de solicitude da RBE é necesario que se cumpran os requisitos xa no momento da solicitude, considerando que no momento da solicitude non se acreditara correctamente o requisito da vivenda, o que se corrixiu nun momento posterior á resolución denegatoria. Sen embargo, insistimos en que, par os efectos do recoñecemento do dereito a percibir a RBE, debería terse en conta non tanto o momento en que se acredita o requisito, senón o momento en que se cumpre, aínda que se cometese un erro na identificación da vivenda. Por iso, aplicamos o disposto no art.

33.2 da Lei do Valedor do Pobo, que sinala que se non se obtivese unha xustificación adecuada para a non actuación de acordo co indicado, o asunto se incluírá no Informe ao Parlamento, de considerarse que era posible unha solución positiva e esta non se dese.

Noutra queixa, a Q/402/10, o reclamante expuña o problema de que non lle permitían o acceso á RBE por se tratar dun bolseiro, polo que non está dado de alta na Seguridade Social, e, conseguintemente, non podía acceder a esa axuda para alugar. No informe do IGVS, ademais de citar o art. 2.1.c do Real decreto 1472/2007, no que se sinala expresamente que “...se entenderá que teñen unha fonte regular de ingresos os traballadores por conta propia ou allea, os bolseiros de investigación e os perceptores dunha prestación social pública de carácter periódico, contributiva ou asistencial...,” indícase tamén que en consonancia co mencionado artigo, as oficinas xestoras da RBE informan que para poder ser beneficiario será preciso que no suposto de dispoñer dunha bolsa como fonte regular de ingresos, esta debe ter carácter de investigación, debendo quedar constancia de este extremo na resolución administrativa de concesión da bolsa ou na súa normativa reguladora. O interesado realizara unha consulta, pero non unha solicitude de RBE, polo que non presentara ningunha documentación e non se puido analizar o carácter da bolsa para valorar se se podía incluír nos supostos previstos na normativa.

1.2.3 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Os motivos polos que nesta área non foron admitidas a trámite un total de 28 queixas son, fundamentalmente, os previstos nos artigos 20 e 21 da Lei do Valedor do Pobo, ou tamén os derivados da propia natureza da institución. A maioría das queixas non admitidas a trámite nesta área fórono por non se apreciar unha actuación irregular da administración afectada polo problema, ou por se trataren de conflitos derivados dunha relación xurídico-privada. A restantes queixas non admitidas a trámite refírense a casos nos que o reclamante non instou con carácter previo a actuación da administración afectada pola situación que provoca a queixa, que é a que dispón de competencias directas sobre a materia, descoñecendo o carácter supervisor da intervención do Valedor, que fai precisa unha previa actuación (ou falta de actividade) da administración pública.

1.2.4 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

No 2010 remitimos 6 queixas ao Defensor del Pueblo, tendo en conta que se trataba de supervisar actuacións de órganos administrativos, organismos ou entidades dependentes da Administración Xeral do Estado. A maioría delas referíanse á materia de vivenda ou a atrasos no pago da *renda básica de emancipación*.

1.2.5 RESOLUCIÓN DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE URBANISMO E VIVENDA.

1.- Recomendación dirixida ao Xefe Territorial en Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en data 9 de marzo de 2010, para a efectividade dos dereitos económicos inherentes ao recoñecemento da renda básica de emancipación. (Q/534/09).

Ante esta institución do Valedor do Pobo mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención, D. J.C.C., con enderezo en Vigo.

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que na data do 30-1-08 presentara unha solicitude de renda básica de emancipación (expediente RBE03312-08), e que a pesar de que consideraba que cumpría todos os requisitos, sen embargo ditouse unha resolución polo delegado provincial da anterior Consellería de Vivenda e Solo en Pontevedra, pola que se desestimaba a súa solicitude alegando que “a vivenda habitual do solicitante está sometida a un réxime de protección pública”. Sinalaba o reclamante que contra esta resolución presentara un recurso de reposición, na data do 26-9-08, e que ata o momento de presentar a queixa nesta oficina do Valedor do Pobo non tivera ningunha resposta a este recurso.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire aos principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

A este respecto, recibimos un informe de data do 24-4-09 (RS 9298) da Delegación Provincial de Pontevedra da anteriormente denominada Consellería de Vivenda e Solo no que se indicaba expresamente:

“Conforme o establecido no artigo 9.2 do Real decreto 1472/2007, do 2 de novembro, polo que se regula a renda básica de emancipación dos mozos e mozas, “non poderán percibir esta axuda aqueles arrendatarios cuxa vivenda habitual estea sometida a algún réxime de protección pública que estableza límite a súa renda máxima en alugueiro”.

Segundo consta nos arquivos desta delegación, J.G.F., propietario da vivenda alugada obxecto de solicitude de RBE, figura como titular dunha vivenda de protección oficial (Expediente 36 P-0042/092, 36-A-0152/93).

Con data 30 de abril de 2008 requírelle ao interesado a referencia catastral da vivenda, coa finalidade de poder identificala correctamente. Ao non presentar a documentación requirida, con data 11 de agosto de 2008 o delegado provincial de Vivenda e Solo dita resolución de denegación da axuda.

Con data 26 de setembro de 2008 o interesado presenta recurso de reposición perante o delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo de Pontevedra, achegando nese momento referencia catastral da vivenda que foi emitida pola oficina do Catastro con data 17 de abril de 2008.

Vista a nova documentación identificativa da vivenda, procédese a solicitar informe ao Servizo de Fomento e Calidade da Vivenda, o cal, vista a certificación catastral achegada polo recorrente, informa que a vivenda obxecto de arrendamento non corresponde coa vivenda protexida (Expediente 36-P-0042/92, 36-A-0152/93) titularidade de J.G.F..

En virtude do exposto, nos vindeiros días procédese a resolución do recurso interposto.”

Á vista da información facilitada pola citada Delegación Provincial, da que lle demos traslado ao reclamante, procedemos a concluír a nosa intervención.

Sen embargo, recibimos posteriormente un novo escrito do reclamante no que indicaba que coa resolución do citado delegado provincial de data do 27-4-09 pola que se estimaba o recurso presentado se lle notificaba tamén ao reclamante que “os efectos da

estimación operarán dende a data de interposición do recurso administrativo de reposición e non dende a data da presentación da solicitude”, sinalando o reclamante que o problema que xurdiu na tramitación da súa solicitude non se debía a un erro que lle fose imputable.

Tendo en conta o anteriormente expresado, solicitamos da Oficina da Renda Básica de Emancipación, con sede en Vigo, que nos remitise un informe complementario sobre o aspecto mencionado polo reclamante no seu último escrito, na medida en que no artigo 3.2, do Real decreto 1472/2007, sobre a contía e as condicións de dereito á renda básica de emancipación, establécese expresamente que a axuda establecida percibirase con efectos desde o mes seguinte ao da súa solicitude.

A este respecto, recibimos un escrito de data do 30-11-09 do secretario xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, acompañado dun informe da directora técnica de Actuacións en Alugamento, no que se indica expresamente o seguinte:

- 1. Con data 30 de xaneiro de 2008, don J.C.C., presenta perante o rexistro administrativo da cidade de Vigo solicitude da renda básica de emancipación regulada no RD 1472/2007, do 2 de novembro, e normativa de desenvolvemento.*
- 2. Achea xunto coa solicitude contrato de arrendamento de vivenda sita na A. R. N., na cidade de Vigo.*
- 3. O Real Decreto 1472/2007, do 2 de novembro, vixente no momento da tramitación do expediente en cuestión prevé no seu artigo 9.2 a incompatibilidade na percepción simultánea das axudas recoñecidas neste real decreto coas axudas ao inquilino financiadas en virtude do Decreto 801/2005, do 1 de xullo. Tampouco poderán percibiras aqueles arrendatarios cuxa vivenda habitual estea sometida a algún réxime de protección pública que estableza límites a súa renda máxima en alugueiro de conformidade coa normativa na materia.*

Na tramitación administrativa do expediente obsérvase que o propietario da vivenda obxecto de alugamento, D. J.G.F., ten un expediente de adquisicións, o 36-A-0152/93, que se atopa en estado resolución final aprobatoria.

4. Coa data 8 de maio de 2008 a Oficina da Renda Básica de Emancipación de Vigo remite petición de informe ao xefe de servizo de Fomento e Calidade da Vivenda. Coa data 30 de xullo de 2008, a xefa de sección de Subvencións e Tramitacións emite informe nos seguintes termos: o propietario D. J.G.F., sita no concello de Vigo, na rúa R.N., infórmase que " para a autorización de alugueiro solicitada é necesaria autorización previa desta Delegación Provincial".

5. Con data 11 de agosto de 2008, o delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo de Pontevedra dita resolución de denegación de recoñecemento do dereito á renda básica de emancipación para mozos/as nos seguintes termos: " A vivenda habitual do solicitante está sometida a un réxime de protección pública". Consta no expediente administrativo aviso de notificación coa data 1 de setembro de 2008.

6. Con data 26 de setembro de 2008, D. J.C.C., presenta perante o rexistro administrativo da cidade de Vigo recurso de reposición contra a resolución de denegación do recoñecemento do dereito á renda básica de emancipación para mozos/as, alegando que a vivenda obxecto do contrato de arrendamento non está cualificada como vivenda sometida a un réxime de protección pública.

7. O servizo xurídico administrativo remite novamente solicitude dun novo informe ao xefe do servizo de Fomento e Calidade da Vivenda o cal nos indica que, tras a consulta da recente actualización das bases de datos, a vivenda de protección oficial da que é titular J.G.F. non corresponde coa vivenda obxecto da súa petición de información, isto é: rúa R.N. na localidade de Vigo.

8. Con data 27 de abril de 2009 o delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo de Pontevedra emite resolución de estimación do recurso de reposición interposto expoñendo: "Visto o recurso presentado, de conformidade cos antecedentes e fundamentos arriba expostos, resolvo: Estimar o recurso de reposición interposto por J.C.C., contra a resolución de data 11.8.2008 do delegado provincial de Pontevedra da Consellería de Vivenda e Solo pola que se lle denega o recoñecemento do dereito á renda básica de emancipación para mozos/as. Os efectos da estimación operarán dende a data de interposición do recurso

administrativo de reposición e non dende a data de presentación da solicitude. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente nos termos previstos no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa."

9. Coa data 22 de xullo de 2009, e tendo en conta os termos da referida estimación, o xefe de área do Instituto Galego de Vivenda e Solo de Pontevedra procede á emitir resolución de concesión da renda básica de emancipación con data de inicio efectivo o 1 de outubro de 2008. Consta no expediente administrativo aviso de notificación da referida resolución coa data 5 de agosto de 2009.

10. Non consta no expediente administrativo da renda básica de emancipación interposición de recurso administrativo nin escrito contra a resolución de concesión da renda básica de emancipación emitida coa data 22 de xullo de 2009.

11. Con data 24 de agosto de 2009, o xefe de área provincial do IGVS de Pontevedra dita resolución de finalización do dereito á percepción da renda básica de emancipación para este mozo nos seguintes termos: "O beneficiario da axuda cumpre a idade límite de 30 anos".

Tendo en conta o exposto anteriormente, estimamos que se podían formular algunhas consideracións sobre o problema que motivou a presente queixa.

A este respecto, aínda que por ese IGVS estímase o recurso de reposición presentado polo reclamante, revocándose polo tanto a denegación inicial da renda básica de emancipación, sen embargo límitanse os efectos económicos do dereito á percepción da renda, xa que o día inicial para o cómputo da axuda económica é a data de interposición do recurso de reposición. Así as cousas, consideramos que en principio a resolución do recurso acóllese á doutrina xurisprudencial que entende que na medida na que a estimación dun recurso administrativo supón a anulación da resolución recorrida, e se esta anulación se pronuncia sobre razóns de fondo, como é o caso, e se o interesado pretende o recoñecemento dun dereito subxectivo ou dunha situación xurídica individualizada, como tamén é o caso, a resolución do recurso non pode limitarse á anulación do acto, senón que

debe conter o recoñecemento daquel dereito ou situación xurídica descoñecidos polo acto anulado.

En efecto, a resolución do recurso de reposición do 27-4-09 non se limita a anular a resolución denegatoria da renda básica do 11-8-08, senón que tamén lle reconece a D. J.C.C. o dereito subxectivo que reclama en orde á percepción da renda básica de emancipación, pero entendendo que este dereito se reconece desde a data da interposición do recurso de reposición (26-9-08) e non desde o mes seguinte á data da solicitude da renda básica (30-1-08), como se establece no decreto regulador da renda básica de emancipación. En consecuencia, o reclamante deixa de percibir aproximadamente a cantidade que lle correspondería en concepto de renda básica referida a 7 mensualidades de renda de inquilinato. Atendendo ao teor literal da resolución do recurso de reposición, o reclamante percibe a cantidade correspondente aproximadamente a 11 mensualidades, ata a data na que cumpre os 30 anos. Trátase polo tanto dunha rebaixa substancial na cantidade percibida como axuda económica para o pagamento da renda de inquilinato.

Así as cousas, na medida en que a resolución estimatoria dun recurso supón a anulación total ou parcial do acto administrativo impugnado, necesariamente esta resolución estimatoria desenvolve os seus efectos nas relacións xurídico-materiais entre a Administración e o interesado, máxime cando no acto administrativo se debate o recoñecemento ou non dun dereito subxectivo, como é o caso. Neste sentido, o único motivo de denegación inicial da renda básica foi o de que “a vivenda habitual do solicitante está sometida a un réxime de protección pública”, sendo así que tras a presentación do recurso polo reclamante acreditouse que se produciu un erro administrativo xa que a vivenda de protección oficial da que era titular o propietario da vivenda alugada non coincidía con esta. En consecuencia, consideramos que a estimación do recurso contra a denegación inicial supón un recoñecemento do dereito á renda básica de emancipación, pero cunha limitación importante en relación coa configuración legal dese dereito.

A este respecto, consideramos que, en primeiro termo, un dereito subxectivo de natureza xurídico-administrativa debe contemplarse pola Administración que o reconece atendendo ao conxunto dos diferentes elementos ou aspectos da súa configuración legal,

sen que poida excluírse do contido dese dereito calquera destes elementos ou aspectos, No presente caso, sen embargo, trátase da alteración dun elemento substantivo, xa que estamos ante un dereito de contido económico, e queda reducida notablemente a cantidade que percibe o interesado en concepto de renda básica de emancipación. Neste sentido, o artigo 3.2, sobre contía e condicións do dereito á percepción, do Real decreto 1472/2007, polo que se regula a renda básica de emancipación, establece expresamente que *“La ayuda establecida en la letra a) del apartado anterior se percibirá por meses completos, con efectos desde el mes siguiente al de su solicitud, durante un máximo de cuatro años, sean o no consecutivos, o hasta aquel en el que se cumpla la edad de 30 años”*. Así as cousas, consideramos que esta configuración legal do dereito á percibir a renda básica non se compadece co feito de que se a resolución impugnada queda anulada e se substitúe por outra resolución na que se reconece este dereito, sen embargo quede limitado no sentido indicado.

Por outra parte, en segundo termo, consideramos que cómpre traer aquí as observacións formuladas nalgúnhas sentenzas do Tribunal Supremo (do 26-9-1988, do 28-11-1989, e do 20-3-1990) en relación coa eficacia-executividade dos actos administrativos e a súa validez. Así, na última destas sentenzas, afirmase que a presunción de legalidade do acto administrativo, así como a necesidade de que a actuación da Administración se desenvolva coa continuidade que esixe o principio de eficacia, producen como consecuencia a executividade e executoriedade do acto administrativo. Pero, sinálase tamén nesta sentenza do Tribunal Supremo que *“naturalmente, esa ejecutividad no representa obstáculo alguno para que se lleve a cabo el control jurisdiccional de la actuación administrativa que prescribe el artículo 106.1 de la Constitución: es la Administración la que corre el riesgo de la ejecución de un acto que no es firme de suerte que el administrado no deberá sufrir perjuicio alguno por consecuencia de una actividad de la Administración que la revisión judicial posterior declara ilegal: no debe confundirse la «eficacia» -inmediata- del acto administrativo con su «validez» -verificada en un control jurisdiccional posterior. En la doctrina, si no con unanimidad sí con habitualidad, se viene repitiendo que la nulidad de pleno Derecho opera «ex tunc» en tanto que la anulabilidad juega «ex nunc». Esta idea habría que matizarla, pero desde luego es de advertir que incluso en los supuestos en los que el vicio apreciado en el acto*

administrativo sea de anulabilidad no podrán mantenerse las consecuencias perjudiciales para el administrado que se hayan producido con anterioridad a la resolución judicial anulatoria -sentencias de 26 de septiembre de 1988 y 28 de noviembre de 1989-. En este sentido la jurisprudencia recuerda en ocasiones que «la necesidad de servirse del proceso para obtener la razón no debe volverse en contra de quién tiene la razón»”.

En consecuencia, á vista do anteriormente exposto, e de acordo co previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulámoslle a V.S. unha **RECOMENDACIÓN** nos seguintes termos:

“Que aínda que a firmeza da resolución administrativa á que se refire a presente queixa non permite a súa modificación, sen embargo para os casos similares que puideran xurdir nun futuro, nos que exista unha resolución estimatoria dun recurso de reposición contra a denegación inicial da solicitude de renda básica de emancipación, a resolución pola que se recoñece o dereito a percibir a renda básica non limite os seus efectos á partir da data de interposición do recurso, senón que se recoñeza o dereito a partir da data da solicitude, como se establece expresamente no artigo 3.2 do Real decreto 1472/2007, do 2 de novembro, regulador da renda básica de emancipación”.

Na súa contestación, o IGVS non acepta a recomendación formulada por entender que para que se recoñezan os efectos económicos desde a data de solicitude da RBE é necesario que se cumpran os requisitos xa no momento da solicitude, considerando que no momento da solicitude non se acreditara correctamente o requisito da vivenda, o que se corrixiu nun momento posterior á resolución denegatoria. Sen embargo, insistimos en que, par os efectos do recoñecemento do dereito a percibir a RBE, debería terse en conta non tanto o momento en que se acredita o requisito, senón o momento en que se cumpre, aínda que se cometese un erro na identificación da vivenda. Por iso, aplicamos o disposto no art. 33.2 da Lei do Valedor do Pobo, que sinala que se non se obtivese unha xustificación adecuada para a non actuación de acordo co indicado, o asunto se incluírá no Informe ao Parlamento, de considerarse que era posible unha solución positiva e esta non se dese.

2.- Recordatorio de deberes legales dirixido á Alcaldesa-Presidenta do concello de Ribadumia, en data 4 de maio de 2010, para facer efectiva a función de inspección urbanística en relación coa conversión duns trasteiros en vivendas. (Q/2337/09).

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceron solicitando a nosa intervención, D. O.A.S. e outros, todos eles membros da comunidade de propietarios do edificio X. no lugar de Barrantes, nese Concello de Ribadumia.

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que o día 22 de xullo de 2008, interpuxeran denuncia contra D. D.P.V., veciño de Vilanova de Arousa, con enderezo en San Miguel de Deiro, pola execución dunha serie de obras ilegais de reestruturación e transformación dos rochos do edificio X. sitos na planta baixo cuberta.

Sinalaban os reclamantes no seu escrito de queixa que estas obras se realizaran incumprindo o artigo 154 do Plan xeral de ordenación urbana de Ribadumia, o cal regula os parámetros e condicións de edificación da ordenanza 2, residencial intensiva do solo urbano, posto que D. D.P.V., mediante a execución dunha serie de obras de reestruturación, transformou en vivendas os rochos sitos na planta baixo cuberta do edificio, omitindo ademais o procedemento legalmente establecido para a solicitude de autorizacións administrativas, como licenza de obras, cédula de habitabilidade, primeira ocupación, etc.

Os reclamantes indicaban tamén que no momento de presentarse a queixa aínda non recibiran ningunha resposta a pesar de ter transcorrido máis dun ano dende a interposición da denuncia.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire aos principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos dese Concello de Ribadumia que nos facilitase información sobre o problema que motivou a queixa, e en particular sobre os resultados da inspección practicada no lugar dos feitos denunciados, e sobre o acordo municipal procedente en función destes resultados; en particular, se existía algunha licenza urbanística para as obras denunciadas no edificio indicado.

A este respecto, tras reiterarlle nunha ocasión a solicitude de información indicada, recibimos un escrito dese Concello de data do 8-3-10 (RS 453, do 17-3-10), que se complementou con outro escrito do 22-3-10 (RS 494, do 23-4-10), e cos que se achegaban informes do arquitecto técnico municipal do 15-1-09 e do 25-2-10 sobre o problema que motivou a queixa.

Neste sentido, nos dous informes citados ponse de manifesto que nas dúas visitas (29-12-08, e 11-2-10) realizadas ao lugar dos feitos denunciados puido comprobarse a existencia no edificio do número X de determinadas instalacións de utilización para os rochos con referencias 4ºA, 4ºB, 4ºC, e 4ºD que poden considerarse máis ben propias dunhas vivendas. Así, é o caso dos chamadores no interfono, caixóns de correo, contadores de auga, condutores de electricidade, portas de entrada similares ás das vivendas e diferentes das doutros rochos, e armarios no vestíbulo con chaves de corte de auga. Na segunda visita realizada engádense a esta relación os rochos con referencias 4ºE e 4ºD, no edificio do número 7, e con instalacións semellantes ás indicadas anteriormente.

Por outra parte, en ambos os informes indícase que “no Concello non consta a solicitude da licenza de obras correspondente”, enténdese que se está aludindo ás obras presuntamente realizadas nos referidos rochos.

No informe elaborado na data do 15-1-09 sinálase expresamente que:

“Intentouse o acceso aos rochos, chamando as portas, e solicitando permiso aos inquilinos, que segundo me indicaba o representante da comunidade, vivía nun deses rochos, obtendo a negativa por resposta e negándose a confirmar se se trataba de rochos ou de vivendas.”

Manifesto verbalmente, a representante da comunidade, de que para poder informar a denuncia sería conveniente dispor da certeza do cambio de uso dos rochos e que para iso o mellor sería unha orde xudicial para o acceso ao seu interior ou a autorización dos seus propietarios ou inquilinos, a fin de poder xustificar o expediente de reposición da legalidade no caso de confirmarse os feitos. A representante da comunidade me comenta que van realizar diversas xestións, e que me volverán avisar”.

No informe de data do 25-2-10 sinálase expresamente que:

“No concello non consta ningún aviso das xestións formuladas pola comunidade de propietarios para o acceso ao interior dos rochos, ata a data da nova denuncia (2/11/2009) e un fax dunha asesoría de data 23/7/09 solicitando a resolución da denuncia, sen que se resolvese o acceso ao interior dos rochos”

“Os feitos denunciados non poden se comprobados, non obstante o feito de que os ditos rochos dispoñan de chamador no interfono, caixa de correos no portal, contadores, de auga de corrente, portas coma as das vivendas e armarios de instalacións no vestíbulo das plantas, da indicios de que é posible de que se estean utilizando como vivendas. Non obstante non podo confirmar este feito se non se me autoriza para ter acceso ao interior das rochos”

Deberá notificarse aos propietarios dos rochos ou aos seus inquilinos que permitan o acceso ao interior, a fin de poder comprobar os feitos denunciados.

No caso de non obter resposta, a comunidade de propietarios, deberá achegar autorización xudicial, para o acceso ao interior dos rochos dos servizos técnicos municipais.”

Finalmente, en relación coa presunta infracción urbanística indícase que:

“Deberá primeiro ter acceso ao interior dos rochos para comprobar os feitos denunciados, e no caso de ser certos a infracción sería:

- Acondicionamento de espazos destinados a rochos como vivendas, incumprindo a licenza concedida e o artigo 154.4.5) do PXOM.”

En consecuencia, o aspecto controvertido da queixa formulada fai referencia á problemática da autorización xudicial necesaria para que o funcionario ou funcionarios que exerzan a súa función de inspección urbanística poidan acceder aos rochos ou vivendas denunciados.

A este respecto, desde esta oficina do Valedor do Pobo estimamos que deben facerse algunhas consideracións xurídicas tendo en conta a lexislación urbanística aplicable.

Así, cómpre subliñar que na vixente Lei 9/2002 de ordenación urbanística de Galicia, sinálase expresamente no seu artigo 208, relativo á inspección urbanística, que:

“1. A inspección urbanística é a actividade que os órganos administrativos competentes en materia de edificación e uso do solo teñen que realizar coa finalidade de comprobar que unha e outro se axustan ao ordenamento urbanístico.

2. O persoal adscrito á inspección e vixilancia urbanística, no exercicio das súas funcións, terá a consideración de axente da autoridade e estará capacitado, co dito carácter, para requirir e examinar toda clase de documentos relativos ao planeamento, para comprobar a adecuación dos actos de edificación e uso do solo á normativa urbanística aplicable e para solicitar de todas as partes relacionadas con calquera actuación urbanística e dos Colexios Profesionais e calquera outro dos organismos oficiais con competencia na materia tanta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións.”

3. Os inspectores urbanísticos están autorizados para entrar e permanecer libremente e en calquera momento en parcelas, construcións e demais lugares suxeitos a súa actuación inspectora. Cando para o exercicio desas funcións inspectoras fose precisa a entrada nun domicilio, solicitarase a oportuna autorización xudicial.

4. Os feitos constatados polo persoal funcionario da inspección e vixilancia urbanística no exercicio das competencias propias en materia de disciplina urbanística gozan de valor probatorio e presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que en

defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os propios administrados.”

Á vista do anteriormente expresado, podemos considerar que os funcionarios que exerzan a función de inspección urbanística teñen libre acceso aos edificios e locais onde radiquen as obras ou usos que pretenden inspeccionar, agás que se pretenda entrar nun domicilio particular, en cuxo caso, de non obter o consentimento do titular, requirirán para a súa entrada a correspondente autorización xudicial.

En consecuencia, á vista do anteriormente expresado, e tendo en conta o previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulámoslle a ese Concello de Ribadumia o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Que por parte desa administración municipal se proceda a facer efectiva a función inspectora para comprobar se houbo unha infracción urbanística, no caso denunciado polos reclamantes, consistente na habilitación de varios rochos para vivendas, en contra do previsto na normativa urbanística, e que se solicite a correspondente autorización xudicial, prevista no artigo 208.3 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística de Galicia e protección do medio rural”.

En resposta a este recordatorio recibimos un escrito do Concello no que nos indicaba que tras inspeccións realizadas nas vivendas denunciadas procedérase á apertura dun expediente de reposición da legalidade urbanística.

3. Recordatorio de deberes legais dirixido á Alcaldesa-Presidenta do Concello de Bergondo en data 11 de maio de 2010 para que requira ao promotor dunhas obras ilegais a presentación dun proxecto técnico para unha eventual legalización. (Q/633/10).

Nesta institución do Valedor do Pobo abriuse o expediente arriba indicado como consecuencia da queixa presentada por D.^a I.T.A.C., respecto da tramitación dada por ese Concello de Bergondo a unha denuncia súa en relación cunhas obras que se estaban

realizando por D. M.L.L. nunha parcela a carón doutra da súa propiedade no lugar de San Paio-Guísamo. Este mesmo problema xa fora obxecto doutro expediente de queixa coa referencia B.2.Q/1373/07.

No escrito de queixa que dera lugar ao expediente aberto inicialmente nesta oficina do Valedor do Pobo, esencialmente, indicaba que na data do 30-4-07 presentara unha denuncia nese Concello en relación cunhas obras que se estaban realizando por D. M.L.L. nunha parcela a carón doutra da súa propiedade no lugar de San Paio-Guísamo. Sinalaba tamén naquel escrito de queixa que as obras referidas consistían en dúas ramplas cunha plataforma no medio e os muros de formigón de grandes dimensións, e indicábanos tamén a reclamante que ao parecer as obras foran inicialmente paralizadas, pero que no momento de presentarse a referida queixa retomáranse os traballos. Manifestaba a reclamante que lle informaran verbalmente nese Concello que as obras eran legalizables, considerando ela que non podían selo por non gardar a separación regulamentaria tanto á súa propiedade como ao camiño público.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba, en principio, cobertura constitucional derivada dos artigos 103.1 da Constitución, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos dese Concello que nos facilitase información sobre o problema que motivara a queixa, e en particular sobre os resultados da inspección practicada polos técnicos municipais, e sobre a solicitude de licenza que no seu caso presentase o promotor das obras, e se estas se axustaban ás distancias regulamentarias.

A este respecto, recibimos un escrito dese Concello do 5-9-07 (RS 4022, do 8-10-07) acompañado de ampla documentación, na que figura un informe dos Servizos Técnicos Municipais do 8-8-07, e no que se indica expresamente o seguinte:

“ IDENTIFICACIÓN DOS PRESUNTOS RESPONSABLES:

- *Segundo os datos obrantes neste Concello, o promotor das obras de referencia é D. M.L.L., con domicilio na r/ P.de A Coruña.*

(Datos extraídos da solicitude de licenza de cerramento de data 16 de maio de 2006).

- *Non se dispón de datos sobre os responsables da execución das obras.*

SOBRE O EMPRAZAMENTO DAS OBRAS.

- *As obras obxecto da inspección están situadas no Lugar de Sampaio, parroquia de Guísamo, segundo o plano de emprazamento que obra no expediente, sendo a clasificación do solo a de RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA, segundo consta nas vixentes Normas subsidiarias de planeamento do Concello de Bergondo (NN.SS.).*

SOBRE A EXISTENCIA DE LICENZA URBANÍSTICA

- *Antecedentes: consta presentada por D. M.L.L., solicitude de licenza 202/04, en data 2 de novembro de 2004, con RXE núm. 5875, para levar a cabo as obras de construción de rampla segundo proxecto técnico que se achega, redactado por J.M.S.C., enxeñeiro técnico industrial.*
- *Non consta resolución sobre o devandito expediente*
- *En base ao anterior, á data do presente informe non consta concedida licenza urbanística que ampare os actos denunciados.*

- *Sen prexuízo do anterior, cómpre sinalar que as obras, que se definirán no parágrafo seguinte, non se axustan as reflectidas no proxecto á que se fixo referencia.*

INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS

SOBRE A VISITA DE INSPECCIÓN.

Realizada a visita de comprobación dos actos denunciados o día 8 de agosto de 2007, ás 13,30 horas, compróbase que no lugar de referencia se están a realizar obras de construción dunha rampla de acceso á unha parcela que se atopa a unha cota inferior aproximada de 1,60 m, respecto ao camiño de acceso. A rampla, que se articula de xeito lonxitudinal ao camiño, presenta unha zona central de acceso a nivel do camiño de 11,80 m. de longo por 4,30 m de anchura. A ambos os dous extremos desta articúlanse dúas ramplas cunha lonxitude de 7,50 m. e 9,20 m. respectivamente. A estrutura portante e que serve de contención ao camiño existente está realizada a base dun muro de formigón armado dunha lonxitude de 7,50 m. e 1,80 m. de altura medido dende o plano inferior da parcela, e conta cun espesor de 30 cm. O muro de soporte da rampla está realizado a base de fábrica de bloques de formigón de 20 cm. de espesor armado vertical e horizontalmente.

A rampla non se atopa pavimentada estando o firme actual realizado a base de recheo de escombros e cachotes.

Contra o muro do denunciante discorre a parte da rampla de lonxitude 9,20 m. estando separado o recheo do muro unha distancia variable de 10 a 30 cm. nesta zona, e contra o límite exterior da rampla, apréciase un significativo volume de escombros a base de cachote e area.

SOBRE O ESTADO DAS OBRAS: *As obras atópanse en curso de execución.*

SOBRE OS PRECEPTOS VULNERADOS:

As obras que se están a realizar non contan con licenza urbanística. Polo anterior, a xuízo do informante, estase ante un dos supostos previstos no artigo 290 “obras sen licenza en curso de execución” da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións derivadas da Lei 15/2004, do 29 de decembro (LOUGA), e concordante artigos 49 e seguintes do Regulamento de disciplina urbanística (Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro), debéndose dispoñer a suspensión inmediata dos devanditos actos e incoar o pertinente expediente de reposición da legalidade, comunicándollo ao interesado, sen prexuízo da adopción das sancións que foran pertinentes por infracción urbanística.

SOBRE A POSIBLE LEGALIZACIÓN DAS OBRAS

A construción dunha rampla de acceso a unha parcela enténdese que é unha actuación permitida e máis no caso que nos ocupa, xa que logo a parcela do denunciado se atopa nun plano inferior ao camiño de acceso o que fai inevitable a súa construción. Non obstante o anterior deberase presentar unha proposta que non resulte desproporcionada para o fin que se pretende que é o de dotar de acceso á parcela, debéndose minimizar o impacto sobre o medio toda vez que se está nun solo clasificado como rústico e polo tanto merecedor dunha protección especial en aras da preservación e conservación dos seus valores naturais. En todo caso deberase contar coa preceptiva licenza urbanística para execución das obras.

OBSERVACIÓNS. A xuízo do informante, e sen prexuízo da adopción das medidas de suspensión dos actos e incoación do expediente de reposición da legalidade reflectidas na alínea c.3) do presente informe, se entende que en evitación de posibles prexuízos ou lesións ao muro do denunciante, se proceda á

retirada do material de recheo da rampla lindeira ao devandito muro, deixando este expedito en toda a súa lonxitude.”

Por outra parte, entre a documentación achegada por ese Concello de Bergondo figuraba tamén unha resolución da Alcaldía-Presidencia dese Concello da data do 4-9-07, e pola que suspendía dun xeito inmediato as obras sen licenza e se incoaba o correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística.

Á vista da información anteriormente indicada, da que lle demos traslado á reclamante, e tendo en conta que en principio ese Concello de Bergondo reaccionara ante as denuncias presentadas adoptando as medidas legalmente previstas para os supostos de infracción urbanística procedemos a concluír a nosa intervención no problema que motivara a queixa.

Posteriormente, sen embargo, recibimos un novo escrito da reclamante no que se sinalaba que aínda que as obras realizadas se suspendieran a partir do Decreto desa Alcaldía do 4-9-07, non recibira tras as súas denuncias ningunha notificación dese Concello sobre a apertura dun expediente de restauración da legalidade urbanística como sería procedente ao tratarse dunhas obras realizadas sen licenza urbanística, sendo así que o artigo 209 da Lei 9/2002 esixe neste caso a apertura dun expediente desta natureza.

A este respecto, desde esta oficina do Valedor do Pobo solicitamos dese Concello un informe complementario sobre se efectivamente por parte desa administración municipal se requirira ao promotor das obras denunciadas para que, de acordo co previsto no artigo 209 da citada Lei 9/2002, no prazo legalmente previsto presentase unha solicitude de licenza de obras, e se efectivamente esta fora solicitada dentro do prazo legal.

Neste sentido, no anterior expediente de queixa, recibimos un escrito complementario desa administración municipal do 2-9-08 (RS nº 3498, do 3-9-08) co que se acompañaba un informe dos Servizos Técnicos Municipais, no que entre outros extremos, indicábase expresamente o seguinte: “...5. *Que o Concello xa actuou segundo o*

previsto no artigo 214.2) da LOUGA, ao paralizar as obras e dar conta do expediente ao conselleiro competente en materia de urbanismo, mediante a remisión do expediente completo efectuada o 8 de outubro de 2007 (asento de saída núm. 4031) (Acompáñase copia do oficio de remisión).

Conclusiones: En base o exposto, e dado que o órgano competente para a incoación do expediente de reposición da legalidade é o conselleiro competente en materia de urbanismo, e habéndoselle remitido xa as actuacións, debera ser este o que informe sobre o estado de tramitación do expediente.”

Á vista do anteriormente expresado, solicitamos no seu momento á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística un informe sobre o trámite actual do expediente de reposición da legalidade urbanística aberto en relación co caso que motivara a queixa.

A este respecto, recibimos na data do 21-11-08, un informe do citado organismo da administración autonómica no que se indicaba expresamente o seguinte:

“1º .- Con motivo da denuncia presentada por D.ª I.T.A.C., o Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial da Coruña abriu expediente informativo núm. 107-07/253. Da información obtida dedúcese que:

- En data 2 de novembro de 2004 D. M.L.L., solicita licenza urbanística municipal para levar a cabo as obras da construción de rampla segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. J.M.S.C., sen que conste a resolución recaída no expediente de petición de licenza.

- Por decreto da Alcaldía núm. 663/2007, do 4 de setembro de 2007, ordenouse a suspensión dos actos que estaba realizando D. M.L.L.,

consistentes na construción duna rampla de acceso a unha parcela en solo rústico de protección ordinaria sen licenza municipal, de conformidade co disposto no art. 209 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

2º.- As obras executadas poderían ser susceptibles de legalización, previa obtención da correspondente autorización urbanística da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, ao abeiro do disposto no art. 41, en relación co art. 33.1.a) da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, polo que, con esta mesma data, solicitouse información ao Concello de Bergondo, sobre o estado de tramitación da licenza solicitada por D. M.L.L.

A este respecto, e tendo en conta a información facilitada pola citada Axencia, indicámoslle á reclamante que naquel momento o expediente administrativo tramitado pola Axencia atopábase pendente das actuacións municipais previstas no artigo 41 da Lei 9/2002 LOUGA, polo que debería agardarse que esta tramitación seguise as previsións legais, e procedemos novamente á conclusión provisional da nosa intervención no problema que motivou a queixa.

Posteriormente, sen embargo, recibimos un novo escrito da reclamante, que deu lugar ao actual expediente de queixa de referencia B.2.Q/633/10, e no que expoñía que ata o momento non recibira ningunha outra notificación dese Concello sobre o trámite actual do referido expediente de disciplina urbanística, polo que solicitamos dese Concello un informe complementario, en particular sobre se por parte de D. Manuel Lousame Lousame se solicitara unha nova licenza para a legalización das obras denunciadas, como trámite previo á autorización autonómica.

A este respecto, recibimos un novo escrito dese Concello de Bergondo do 13-4-10 (RS núm. 1918), que se acompaña dun informe dos Servizos Técnicos Municipais no que

se indica que por D. M.L.L. non se solicitou licenza urbanística nova para a legalización das obras denunciadas.

Á vista do anteriormente exposto, estimamos que deben facerse algunhas consideracións sobre a normativa urbanística aplicable.

A este respecto, no informe remitido pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística considerase que as obras executadas responden ao suposto contemplado no artigo 33.1.a) da Lei 9/2002 de ordenación urbanística de Galicia e protección do medio rural (en adiante, LOUGA); neste sentido, indícase nesta norma legal que:

“Os usos e actividades posibles en solo rústico serán os seguintes:

1.-Actividades e usos non construtivos:

a).- Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragados, defensa de ríos e rectificación de canles, abancalamientos, desmontes, recheos e outras análogas”.

Por outra parte, cómpre subliñar que a parcela onde se realizaron as obras que foron obxecto dun expediente de reposición da legalidade urbanística se atopa cualificada como solo rústico de protección ordinaria segundo as vixentes NN.SS. dese Concello de Bergondo, e que logo da última modificación da LOUGA operada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo, sería posible a execución destas obras previa licenza municipal, e sen autorización previa da Consellería competente en materia de urbanismo. Neste sentido, débese destacar que o artigo 36 da LOUGA, na súa redacción actual, admite este tipo de obras como un uso que pode ser permitido a través de licenza municipal. Así, establécese expresamente nesta norma legal que:

“O réxime do solo rústico de protección ordinaria ten por finalidade garantir a utilización racional dos recursos naturais e o desenvolvemento urbanístico sostible. Estará sometido ao seguinte réxime:

1.-Usos permitidos por licenza municipal: Os relacionados na aliña 1, letras a, b, c e d, e na aliña 2, letras a, b, c, d, f, i, j e m do artigo 33, e a letra g do dito artigo na súa aliña 2, de acordo co establecido no artigo 34.4 da presente lei.”

Sen embargo, débese ter en conta que as obras ás que se refire esta queixa son obxecto dun expediente de reposición da legalidade urbanística aberto con anterioridade á entrada en vigor da Lei 2/2010, polo que é de aplicación o previsto na disposición transitoria décima sobre procedementos sancionadores, establecéndose expresamente nesta disposición legal que: *“En todo caso, os procedementos sancionadores e de reposición da legalidade por infraccións cometidas con anterioridade á entrada en vigor da presente lei rexeranse pola lexislación vixente no momento da súa comisión, sen prexuízo de aplicar aos expedientes sancionadores a norma máis favorable ao sancionado”.*

A este respecto, o expediente administrativo ao que se refire a queixa é un expediente de reposición da legalidade urbanística e non un expediente sancionador - que no presente caso non consta que tan sequera fose aberto por ese Concello - polo que entendemos que é de aplicación a disposición transitoria citada, e en consecuencia, débese aplicar no presente caso a norma da LOUGA anterior á modificación operada pola Lei 2/2010.

Neste sentido, cómpre subliñar que na anterior redacción do artigo 36 da LOUGA indicábase expresamente que:

El régimen del suelo rústico de protección ordinaria tiene por finalidad garantizar la utilización racional de los recursos naturales y el desarrollo urbanístico sostenible. Estará sometido al siguiente régimen:

“1. Usos permitidos por licencia municipal:

Los relacionados en los apartados 1, letras b) y c), y en el apartado 2, letras f) e i) del artículo 33 de la presente Ley.

2. Usos autorizables por la Comunidad Autónoma:

El resto de los usos relacionados en el artículo 33 de la presente Ley, así como los que puedan establecerse a través de los instrumentos previstos en la legislación de ordenación del territorio, siempre que no conlleven la transformación urbanística del suelo...”

En consecuencia, atendendo á normativa aplicable ao presente caso, é necesario para a legalización das obras denunciadas - e sobre as que se tramita un expediente de restauración da legalidade urbanística - que se presente polo interesado un novo proxecto técnico que sirva de base para a nova licenza de legalización das obras, e que se conte tamén coa autorización correspondente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, tramitada de acordo co previsto no artigo 41 da LOUGA. Este novo proxecto técnico sería esixible en todo caso, con independencia de que se aplique a normativa anterior ou a vixente sobre ordenación urbanística, e ata o momento non consta que se actuase coa eficacia debida desde ese Concello para requirir ao interesado que aporte un novo proxecto para a posible legalización das obras realizadas. Neste sentido, e con independencia de que o expediente de restauración da legalidade urbanística se trasládase á citada Consellería, como órgano administrativo competente para a súa tramitación polo tipo de solo no que se atopa a parcela, sen embargo é necesario para unha posible legalización das obras que con carácter previo se presente un proxecto técnico nese Concello que sirva de base para a licenza municipal de legalización, tal e como se esixe no artigo 209.3.b) da LOUGA.

En consecuencia, e de acordo co previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulámoslle a ese Concello de Bergondo un **recordatorio de deberes legais** nos seguintes termos:

“Que por parte desa Administración municipal se requira ao promotor das obras denunciadas para que presente un novo proxecto técnico para unha eventual legalización das obras executadas, como requisito previo á autorización autonómica que requirirían estas obras por efectuarse nunha parcela de solo rústico de protección común, tal e como se esixe na normativa urbanística de aplicación ao caso”.

A este respecto, como resposta a este recordatorio de deberes legais, recibimos un escrito do Concello de Bergondo no que indicaba que a circunstancia de que existise un expediente de reposición da legalidade urbanística tramitado pola Axencia significaba que o requirimento para a legalización lle correspondía facelo a ela, e non ao Concello. Posteriormente solicitamos un informe á Axencia sobre este aspecto controvertido.

4. Recomendación dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Paderne de Allariz, en data 26 de maio de 2010 para que se axilice a tramitación dun expediente de reposición da legalidade urbanística. (Q/272/09).

O expediente arriba indicado iniciouse por esta institución do Valedor do Pobo como consecuencia da queixa presentada por D.^a M.P-M.G. en relación cunha denuncia por unhas obras que se están executando no núm. x do lugar de Riodebodas, nese Concello de Paderne de Allariz.

No seu escrito de queixa, esencialmente, indicábanos que é propietaria dunha casa e terreo co núm. X do lugar de Riobodas, nese Concello de Paderne de Allariz, e que dende hai dous anos estanse executando unha serie de obras de construción en varias zonas da casa núm. X do lugar de Riobodas, lindeira coa súa propiedade, e que as ditas obras, ao parecer, non dispoñían de ningún tipo de proxecto nin de licenza dese Concello. Sinalaba tamén no seu escrito de queixa que ata o momento non recibira ningún tipo de notificación sobre as actuacións levadas a cabo por ese Concello en relación con estas denuncias.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire ós principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos dese Concello que nos facilitase información sobre o problema que motivou a queixa, e en particular sobre os resultados da inspección técnica

practicada no lugar dos feitos denunciados, e sobre o acordo municipal que correspondese en función destes resultados.

A este respecto, recibimos un primeiro escrito do 6-3-09 (RS 239, do 9-3-09) que se acompañaba dun informe do arquitecto técnico municipal (colaborador) no que parecía constatarse a existencia de irregularidades urbanísticas nas obras denunciadas, consistentes nun exceso de obra sobre a autorizada pola licenza concedida. No último parágrafo deste informe indicábase que naquela mesma data se solicitaba informe do arquitecto técnico para que especificase se as obras executadas se atían ou non á licenza, e que á vista do que o técnico concluíse se adoptarían as medidas pertinentes.

A este respecto, posteriormente solicitamos dese Concello que nos remitise un informe complementario sobre as conclusións do novo informe técnico e sobre a situación actual do problema que motivou a queixa, e se por parte dese Concello se abriera un expediente de reposición da legalidade urbanística.

A este respecto, recibimos un novo informe dese Concello de data do 18-6-09 (RS 618) no que se indicaba expresamente o seguinte:

“Que mediante resolución da Alcaldía de data 6 de abril de 2009 incoouse o correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística de conformidade co establecido no artigo 209 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia”.

A este respecto, tendo en conta a información facilitada por ese Concello de Paderne de Allariz, da que lle demos traslado á reclamante, procedemos a concluír a nosa intervención no problema que motivou a queixa, en tanto que a denuncia formulada pola reclamante dera lugar á apertura dun expediente de disciplina urbanística, que debería seguir os trámites legalmente preceptivos.

Así as cousas, desde a data do anterior informe remitido por ese Concello recibimos varios escritos da reclamante indicándonos no último deles que na data do 15-2-10 recibiu desa administración municipal un escrito no que se lle comunicaba (en relación co expediente de disciplina urbanística referencia 1/09, sobre obras executadas por D.^a M.^a

del C.C.D. en Riodebodas, núm.X) que a interesada solicitara unha prórroga do prazo concedido para a presentación da solicitude de licenza e o proxecto técnico de legalización, por estar tramitando un expediente de segregación que afectaba á propiedade.

Á vista da información facilitada pola reclamante desde esta institución do Valedor do Pobo na data do 30-3-10 solicitamos dese Concello a remisión dun informe complementario respecto do trámite actual do citado expediente administrativo, e en particular sobre os motivos concretos nos que se fundamentaba a prórroga concedida no prazo de presentación do proxecto de legalización das obras ás que se refería a queixa, e sobre o expediente de segregación mencionado.

A este respecto, no último informe recibido dese Concello de data do 28-4-10 (RS 421) indícase expresamente que:

“En relación co seu escrito núm. 003491 de data 30 de marzo de 2010 relativo ao expediente B.2.Q/272/09 por queixa presentada por D.^a M.P.-M.G. en relación cunha denuncia por unhas obras que se están executando no núm. X do lugar de Riodebodas neste termo municipal, particípolle que con data 20 de abril de 2010, D.^a M.C.C.D. presentou neste Concello proxecto básico e de execución para a legalización e remate das obras de adecuación de planta baixa para almacén de apeiros, en Riodebodas, X, redactado polo arquitecto D. R.C.F., col. 3133 e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia co núm. VD102396, 1 do 14/04/2010.

Nestes momentos o referido proxecto está pendente da elaboración correspondentes informes técnicos, proseguindo coa tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística núm. 1/09.”

En relación co anteriormente exposto estimamos que deben facerse algunhas consideracións atendendo á normativa sobre disciplina urbanística.

Así, cómpre subliñar no presente caso que a primeira denuncia da reclamante, segundo indica no escrito inicial de queixa, prodúcese na data do 1-7-2008, polo tanto van cumprirse dous anos, e que a apertura dun expediente de disciplina urbanística polas obras executadas por D.^a M.C.C.D. realizouse por resolución desa Alcaldía de data do 6-4-09,

polo que xa transcorreu un ano desde a iniciación do expediente de reposición da legalidade urbanística sen que se resolvese, nin tampouco se formulou a proposta de resolución.

Sen embargo, no parágrafo 3 do artigo 209 da Lei 9/2002, sobre ordenación urbanística de Galicia e protección do medio rural sinálase expresamente que:

“Se as obras fosen legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza, manténdose a suspensión das obras en tanto esta non sexa outorgada.

Se as obras non se axustan ás condicións sinaladas na licenza ou orde de execución, ordenarase ao interesado que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición do interesado, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras a realizar faga inviable a súa acomodación ás previsións da licenza no prazo previsto.”

Por outra parte, no parágrafo 4 deste mesmo precepto legal sinálase expresamente que: *“O procedemento a que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano a contar desde a data do acordo de iniciación”.*

Tendo en conta o anteriormente expresado, e de acordo co previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo formulámoslle á esa Alcaldía-Presidencia do Concello de Paderne de Allariz unha **RECOMENDACIÓN** nos seguintes termos:

“Que por parte desa administración municipal se axilice o máximo posible, co obxecto de evitar unha posible caducidade do procedemento administrativo, a resolución do expediente de reposición da legalidade urbanística ao que se refire a queixa, dado o tempo transcorrido desde a incoación deste expediente e tamén desde a primeira denuncia da reclamante.”

Neste sentido, recibimos unha resposta do concello relativa a que o expediente administrativo aberto como consecuencia das denuncias da reclamante se encontraba pendente do informe preceptivo da Consellería de Cultura e Turismo.

5.- Recordatorio de deberes legales dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Coles en data 18 de xuño de 2010, para que se axilice a tramitación dun expediente de reposición da legalidade urbanística e se requira do interesado a presentación dun proxecto técnico. (Q/1170/10).

Nesta institución abriuse o expediente arriba indicado como consecuencia da queixa presentada por D.^a J.V.A., con enderezo na rúa R.A. na cidade de Ourense.

No seu escrito de queixa, esencialmente, indicábanos que na data do 12 de maio do 2008 presentara unha denuncia ante ese Concello de Coles como consecuencia das obras levadas a cabo por D. A.G.F. ao levantar na vivenda da súa propiedade, en Cambeo, dúas alturas máis das legalmente permitidas, e que posteriormente na data do 23 de xullo de 2008, reiterara a denuncia e referírase tamén ao estado das obras executadas dende a data en que presentara a primeira denuncia.

Manifestaba tamén a reclamante no seu escrito de queixa que dada a falta de actuación algunha por parte dese Concello de Coles na data do 18 de setembro de 2008 remitira un novo escrito a ese Concello, e que máis tarde se lle notificara o resultado da información previa correspondente ao expediente 772/08, facéndose constar que a obra executada polo denunciante non se adaptaba á legalidade urbanística.

Finalmente, indicaba no seu escrito de queixa que na data do 13 de xaneiro de 2009, e dada a continuidade das obras por parte de denunciado sen que por ese Concello de Coles se adoptase ningunha medida ao respecto presentara un novo escrito no que se poñían de manifesto as novas obras que se estaban executando sen que ata o momento obtivera resposta ao respecto por parte dese Concello.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire aos principios de legalidade e de eficacia

que deben rexer as actuacións das administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos dese Concello que, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitase información sobre o problema que motivou a queixa, e en particular se por parte desa administración municipal se abriu un expediente de reposición da legalidade urbanística, e en caso afirmativo sobre o trámite actual do dito expediente, e se as obras realizadas contan con licenza municipal.

A este respecto, recibimos recentemente un escrito desa administración municipal co que se achega copia dun expediente de reposición da legalidade urbanística, indicándose ao mesmo tempo que no prazo máximo dun mes adoptarase unha resolución ao respecto.

Neste sentido, logo da análise da documentación remitida desde esa administración municipal consideramos que debe subliñarse que dende a primeira denuncia da reclamante de data do 12-5-10 (RE 772, do 13-5-10) ata o último informe do técnico municipal de data do 26-12-08, no que se analizan as posibilidades de legalización de parte das obras (e faise referencia á posible prescrición doutras), transcorre un prazo duns sete meses, que entendemos que supón unha demora inxustificada da decisión de abrir un expediente de disciplina urbanística, toda vez que nos atopamos ante unhas obras realizadas sen licenza.

Por outra parte, e esta circunstancia aínda é máis relevante para acreditar a inactividade desa administración municipal que se produciu en relación coa denuncia da reclamante, dende a data deste último informe técnico do 26-12-08 transcorreron 18 meses sen que por ese Concello se adoptase ningunha decisión sobre requirir ao denunciado para que presentase unha solicitude de licenza para a legalización das obras, e un proxecto técnico para o caso de configurarse como obras maiores, sendo esta circunstancia especialmente grave nun caso como o presente no que en relación con outras obras que ao parecer non contaban con licenza municipal xa se produciu ao parecer a prescrición.

En consecuencia, estimamos que neste caso debe mencionarse o precepto legal establecido no artigo 210 da Lei 9/2002, na redacción anterior á Lei 2/2010 por virtude do previsto na disposición transitoria décima desta lei, e en consecuencia debe terse en conta

que o artigo citado, na súa redacción anteriormente vixente, sinalaba expresamente o seguinte:

“Se se tivesen rematado as obras sen licenza ou incumprindo as condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde, dentro do prazo de seis anos, a contar desde a total terminación das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto nos números 3,4, 5, 6 e 7 do artigo anterior.

Transcorrido o prazo de seis anos sen que se tivesen adoptado as medidas de restauración da legalidade urbanística, non se poderán realizar outras obras que as pequenas reparacións esixidas por razóns de seguridade e hixiene e en ningún caso as de consolidación, aumento de valor ou modernización nin cambio do uso existente, excepto as necesarias para a adecuación á legalidade urbanística vixente”.

Por outra parte, nas aliñas 3,4,5,6 e 7 do artigo 209 do citado texto legal indícase expresamente o seguinte:

3. Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos:

a)-Se as obras non fosen legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a costa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos a que deran lugar ou, no seu caso, á reconstrución do indebidamente demolido.

b)-Se as obras fosen legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza, manténdose a suspensión das obras en tanto esta non sexa outorgada.

c)-Se as obras non se axustan ás condicións sinaladas na licenza ou orde de execución, ordenarase ao interesado que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición do interesado, sempre que a complexidade técnica ou

envergadura das obras a realizar faga inviable a súa acomodación ás previsións da licenza no prazo previsto.

4.O procedemento a que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano a contar desde a data do acordo de iniciación.

5.Se transcorrido o prazo de tres meses desde o requirimento o interesado non solicitase a oportuna licenza ou, no seu caso, non axustase as obras ás condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde acordará a demolición das obras a custa do interesado e procederá a impedir definitivamente os usos a que desen lugar. De igual modo procederase no suposto de que a licenza fose denegada por ser o seu outorgamento contrario á legalidade.

6.En caso de incumprimento da orde de demolición, a administración municipal procederá á súa execución subsidiaria ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1000 a 10.000 euros cada unha.

7.O disposto nos números anteriores entenderase sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

En consecuencia, tendo en conta o anteriormente expresado, e de acordo co previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo formulámoslle a esa Alcaldía-Presidencia do Concello de Coles o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Que por parte desa administración municipal se axilicen os trámites do expediente de reposición da legalidade urbanística ao que se refire a presente queixa, e se requira do interesado a solicitude de licenza e do proxecto técnico que fose necesario, co obxecto de que se poida resolver sobre a legalización ou non das obras denunciadas, tratando de evitar que se produza a prescrición das infraccións presuntamente cometidas”.

Na resposta recibida da administración municipal constaba a prescrición dunha parte das obras denunciadas, manténdose o expediente de disciplina urbanística respecto de outras obras incluídas na denuncia.

6.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Redondela, en data 1 de outubro de 2010, para que se proceda á apertura dun expediente de reposición da legalidade urbanística en relación cunhas obras realizadas sen licenza. (Q/325/09).

Nesta institución do Valedor do Pobo abriuse o expediente arriba indicado como consecuencia do escrito de queixa presentado por D.^a M.J.G.M.

No escrito de queixa, esencialmente, indicábanos que se estaban a facer desde 2006 unhas obras de cerramento nun soar lindeiro ao da súa propiedade, sita en Chapela. Sinalaba a reclamante que esta obras estaban prexudicando gravemente a súa propiedade, xa que o muro en construción tiña uns desaugadoiros que descargaban as augas cara ao seu soar, e que a maleza invadía a súa propiedade, tendo que limpala ela persoalmente para manter unhas condicións mínimas de hixiene.

A este respecto, en relación co problema que a reclamante expoñía na súa queixa indicámoslle inicialmente que a función desta institución do Valedor do Pobo estriba en supervisar as actuacións das administracións públicas para determinar se existe unha vulneración ou menoscabo dalgún dos dereitos fundamentais e liberdades públicas recoñecidos constitucionalmente, e tamén para precisar se estas actuacións administrativas se axustan aos principios de legalidade e de eficacia que deben presidir sempre a actividade das administracións públicas, tal e como esixe o artigo 103.1 da nosa Constitución.

Neste sentido, remitímoslle un primeiro escrito á reclamante no que lle manifestábamos que no que se refería ao feito de que nun terreo estremeiro se fixera un cerramento ilegal podía ser obxecto de denuncia por infracción urbanística, e a administración municipal debería tramitar esta denuncia, de xeito que en caso contrario podería poñerse en contacto con esta oficina do Valedor do Pobo para formular novamente a queixa.

Posteriormente, transcorrido máis dun ano desde a presentación deste primeiro escrito, recibimos un novo escrito da reclamante no que manifestaba que tras chegar a un acordo amigable co veciño, en sede xudicial, o certo era que ante o agravamento da situación decidiu presentar un escrito nese Concello na data do 14 de decembro de 2009, para solicitar información sobre a dita obra para poder coñecer as circunstancias que a rodeaban. Concretamente, se lle fora concedida a licenza de obra, e tamén en caso afirmativo, sobre o prazo máximo de execución para realizar o peche do soar contemplados na licenza de obra, xa que no momento actual estaba sen finalizar; e tamén se preguntaba a reclamante se na dita licenza se contemplaban medidas especiais referentes ao número de desaugadoiros que tería o muro para a evacuación de auga do terreo.

Sinalaba a reclamante que con data do 22/12/2009 recibira a contestación dese Concello onde se indicaba que non constaba nin solicitada, nin outorgada licenza de obra a favor do seu veciño.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire aos principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos dese Concello de Redondela que nos facilitase información sobre o problema que motivou a queixa, e en particular se por parte dese concello se abrira un expediente de disciplina urbanística por obra sen licenza.

A este respecto, recibimos un informe dese Concello de data do 10-6-10 no que se indica expresamente o seguinte:

“Cúmpreme comunicarlle que, con data 21-12-09 pola Alcaldía deuse resposta ao escrito presentado pola citada suxeita, con rexistro de entrada no Concello do 18-12-09, baixo o número 13832, por medio do que solicitaba información respecto á licenza urbanística e as condicións da mesma outorgada a favor do seu veciño D. L.F.L.

Ao solicitarse información respecto a licenza e mais concretamente, das súas condicións, contestouse respecto ao peticionario, indicándolle que, polos datos facilitados, non constaba ningunha licenza urbanística”.

Á vista do anteriormente expresado, e tendo en conta que pola información de que dispoñemos as obras denunciadas pola reclamante atópanse aínda en execución estimamos nesta oficina do Valedor do Pobo que deben facerse algunhas consideracións sobre a normativa legal aplicable a unha obra sen licenza.

Neste sentido, cómpre subliñar que no artigo 194 da vixente Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia indícase expresamente o seguinte:

“1. A licenza urbanística ten por finalidade comprobar que os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo proxectados se axustan ao ordenamento urbanístico vixente. Así mesmo, para a concesión da licenza verificarase se o aproveitamento proxectado se axusta ao susceptible de apropiación e se as obras e usos proxectados reúnen as condicións exixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade, así como o cumprimento das prescricións contidas na normativa vixente en materia de incendios forestais.

2. Estarán suxeitos a previa licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que foran procedentes de acordo coa lexislación aplicable, os actos de edificación e uso do solo e do subsolo, tales como as parcelarias urbanísticas, os movementos de terra, as obras de nova planta, a modificación da estrutura ou aspecto exterior das edificacións existentes, a primeira utilización dos edificios e a modificación do uso destes, a demolición de construcións, a colocación de carteis de propaganda visibles desde a vía pública, os peches e valados de soares e os demais actos que se sinalen regulamentariamente.”

3. As empresas subministradoras de enerxía eléctrica, auga, gas e telecomunicacións, esixirán para a contratación dos respectivos servizos as licenzas que en cada caso resulten precisas.”

Por outra parte, en relación coas obras realizadas sen licenza urbanística debe terse en conta o establecido no artigo 209 do citado texto legal no que se indica expresamente o seguinte:

“1. Cando se estivesen executando obras sen licenza ou orde de execución ou sen axustarse ás condicións sinaladas nelas, o alcalde disporá a suspensión inmediata dos ditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándollo ao interesado.

2. Co acordo de suspensión adoptaranse as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade. Para estes efectos o alcalde poderá:

a) Ordenar a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra ou actividade suspendida e a maquinaria afecta a ela.

b) Ordenar o precintado das obras, instalacións e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión.

c) Ordenar a suspensión da subministración de auga, electricidade, gas e telecomunicacións das actividades e obras cuxa paralización se tivese ordenado.

d) Proceder á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 600 a 6000 euros, reiterables ata lograr o cumprimento da orde de paralización.

e) Adoptar calquera outra medida que sexa conveniente en orde á efectividade da suspensión.

3. Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptarse algún dos seguintes acordos:

a) Se as obras non fosen legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a custa do interesado e procederase a impedir

definitivamente os usos a que desen lugar ou, no seu caso, á reconstrución do indebidamente demolido.

b) Se as obras fosen legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza, manténdose a suspensión das obras en tanto esta non sexa outorgada.

c) Se as obras non se axustan ás condicións sinaladas na licenza ou orde de execución, ordenarase ao interesado que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición do interesado, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras a realizar faga inviable a súa acomodación ás previsións da licenza no prazo previsto.

4. O procedemento a que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano a contar dende a data do acordo de iniciación.

5. Se transcorrido o prazo de tres meses dende o requirimento o interesado non solicitara a oportuna licenza ou, no seu caso, non axustara as obras ás condicións sinaladas nesta ou na orde de execución, o alcalde acordará a demolición das obras a custa do interesado e procederá a impedir definitivamente os usos a que desen lugar. De igual modo se procederá no suposto de que a licenza fose denegada por ser o seu outorgamento contrario á legalidade.

6. En caso de incumprimento da orde de demolición, a administración municipal procederá á execución subsidiaria da mesma ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1000 a 10.000 euros cada unha.”

7. O disposto nos números anteriores entenderase sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en

virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.”

En consecuencia, tendo en conta a normativa urbanística aplicable para a reposición da legalidade urbanística no caso de obras sen licenza en curso de execución (no caso en que as obras estivesen actualmente rematadas a situación sería similar aínda que aplicándose as previsións do artigo 210 da citada lei), e de acordo co previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulámoslle a ese Concello de Redondela o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Que por parte desa administración municipal se proceda sen demora á apertura dun expediente de reposición da legalidade urbanística en relación coas obras ás que se refire a queixa da reclamante, en tanto que se trata dunhas obras nas que sendo necesaria a obtención dunha licenza urbanística sen embargo o promotor destas obras non dispón da oportuna licenza municipal”.

O recordatorio foi aceptado polo Concello de Redondela, que procedeu á apertura do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística.

7. Recordatorio de deberes legais dirixido ao Alcalde-Presidente do concello de Curtis en data 10 de decembro de 2010, para que se resolva expresamente un recurso de reposición presentado contra a concesión dunha licenza de actividade e outra de obra para unha antena de telefonía móbil. (Q/63/10).

Nesta institución do Valedor do Pobo abriuse o expediente arriba indicado como consecuencia do escrito de queixa presentado por D. O.Q.S. no que, esencialmente, nos indicaba que con data 14-1-10 presentara un recurso de reposición contra a concesión por parte dese Concello de Curtis dunha licenza de actividade e de obra a favor de T.M., S.A. para a instalación dunha antena de telefonía móbil nas inmediacións da súa vivenda, no núcleo denominado A Froula, e sen que ata a data recibise a resolución do mesmo.

Por outra parte, indicaba tamén no seu escrito de queixa que aínda non se lle facilitara por ese Concello a documentación solicitada relativa ao expediente das licenzas

referidas; concretamente, a autorización do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para o funcionamento desta instalación segundo establece o RD 1066/2001, e o informe razoado emitido por ese Concello sobre a incidencia ambiental no ámbito local e sobre o resultado da información pública practicada.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire aos principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos dese Concello de Curtis que nos facilitase información sobre o problema que motivou a queixa, e en particular sobre as causas de que non se resolvese expresamente o recurso de reposición presentado polo reclamante, tendo en conta a obrigaón legal de adoptar unha resolución expresa, de acordo co previsto no artigo 42 da Lei 30/1992, sobre procedemento administrativo común

A este respecto, recibimos un primeiro informe dese Concello de data do 17-6-10 (RS 1593, do 22 de xuño), no que se facilitaba ampla documentación referida ao problema que motivara a queixa aberta nesta institución do Valedor do Pobo, e na que se poñía de manifesto que por parte desa administración se contestara en repetidas ocasións os escritos presentados polo reclamante. Sen embargo, á vista da información facilitada por ese Concello de Curtis, da que lle damos traslado ao reclamante, observamos que na documentación remitida non figuraba a resolución do recurso de reposición presentado polo reclamante.

En consecuencia, desde esta oficina do Valedor do Pobo, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, solicitamos a V.S. un informe complementario sobre o trámite actualizado respecto da resolución do recurso de reposición presentado.

A este respecto, recibimos un informe dese Concello de Curtis do 5-10-10 (RS 2652) no que se indica expresamente o seguinte:

“Malia que é certo que D. O.Q.S. achegou a estas oficinas un escrito que titulaba como "recurso de reposición", a cualificación do escrito non se correspondía co seu contido, polo que non se tramitou como tal.

Do mesmo título do escrito "recurso de reposición al expediente de estación de telefonía" dedúcese que contra o que quere reclamar o interesado non é un acto administrativo senón un expediente que se tramita por mor dunha solicitude de licenza dunha empresa. O que reclama o Sr. Q. é que non se lle dea unha licenza a unha empresa que cumpre cos requisitos para obtela, esquecendo que as licenzas son actos regrados, non suxeitos á discrecionalidade da administración.

A verdade é que o escrito achegado é unha retahíla de insultos, e un pedimento de que se dea a licenza solicitada noutro sitio, polo que non vemos a maneira de contestar ao mesmo dun xeito minimamente fundado e obxectivo.”

Tendo en conta o anteriormente expresado, estimamos nesta institución do Valedor do Pobo que se deben facer algunhas consideracións en relación co contido do último informe dese Concello, e a negativa a considerar como recurso de reposición ao escrito do reclamante de data do 14-1-10.

A este respecto, debe terse en conta o previsto no artigo 110 da Lei 30/1992, sobre procedemento administrativo común no que se indica expresamente o seguinte:

“1. A interposición do recurso deberá expresar:

O nome e apelidos do recorrente, así como a identificación persoal deste.

O acto contra o que se recorre e a razón da súa impugnación.

Lugar, data, sinatura do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale para os efectos de notificacións.

Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe.

As demais particularidades exixidas, de ser o caso, polas disposicións específicas.

2. O erro na cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.

3. Os vicios e defectos que fagan anulable un acto non poderán ser alegados por quen os causase.”

Neste sentido, cómpre subliñar que logo de analizado o teor literal do escrito do 14-1-10 que D. O.Q.S. remitiu a ese Concello en relación coa concesión de licenza de actividade e licenza de obra a “T.S.M., S.A.”, debe destacarse o seguinte:

No citado escrito, que D. O.Q. cualifica expresamente de recurso de reposición, figuran os datos sobre a identificación persoal do recorrente. Por outra parte, indícanse tamén os datos relativos ao acto administrativo que se impugna: trátase do acordo da Xunta de Goberno Local do 26-11-09 no que se resolve o expediente de licenza 3/09 promovido pola entidade indicada anteriormente, e que lle foi notificado con RS 3643 ao reclamante na data do 15-12-09.

Ademais, en canto á razón da súa impugnación débese subliñar que no texto do recurso presentado polo reclamante, con independencia de que conteña apreciacións subxectivas e impropias respecto de membros desa corporación local, o certo é que tamén alude ás razóns que entende que impedirían a concesión das licenzas sinaladas. Así,

ademaís de que se aluda aos argumentos expostos anteriormente polo reclamante con carácter previo á concesión das licenzas, tamén se indica polo reclamante que *“el proyecto refleja que la distancia entre la obra y las fincas colindantes es de 3 metros, por lo que se incumple la normativa urbanística municipal del PXOM, que marca una distancia de 5 metros, razón suficiente para denegar la licencia de obra”*.

Finalmente, no escrito dirixido a ese Concello, e que o reclamante cualifica de recurso de reposición, cúmplíntanse tamén os requisitos formais previstos nas aliñas c) e d) do artigo 110.1 da citada lei.

En consecuencia, polas razóns expostas entendemos nesta oficina do Valedor do Pobo que o escrito controvertido debe considerarse a todos os efectos como un recurso de reposición co que se impugna o acordo municipal do 26-11-09 de concesión das licenzas sinaladas.

Tendo en conta o anteriormente exposto, e de acordo co previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulámoslle a esa Alcaldía Presidencia do Concello de Curtis o seguinte **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS**:

“Que por parte desa Administración municipal se lle recoñeza ao escrito do reclamante do 14-1-10 o carácter de recurso de reposición, en tanto que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 110 da Lei 30/1992, sobre procedemento administrativo común, e se proceda a resolvelo expresamente, de acordo coa obrigaón legal de resolución expresa, prevista no artigo 42.1 da citada Lei 30/1992”.

Este recordatorio foi aceptado polo Concello, quen indicou que o recurso se resolvería de inmediato.

8.- Recomendación dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Mondariz en data 29 de decembro de 2010, para que se requira ao promotor dunha obra ilegal para que acredite a data de terminación das obras para determinar a posible prescripción da infracción urbanística. (Q/1118/09).

Nesta institución do Valedor do Pobo abriuse o expediente arriba indicado como consecuencia do escrito de queixa presentado por D^a. M.C. C.B., con domicilio, nese concello de Mondariz, no lugar de R.

No seu escrito de queixa indicábanos, esencialmente, que na data do 16 de marzo de 2009 presentara nese Concello de Mondariz unha denuncia (RE nº 728) contra un veciño colindante, D. M.A.G., maior de idade. Manifestaba tamén no seu escrito de queixa que nesta denuncia referíase a que o veciño realizara a instalación dunha cheminea metálica nun galpón presumiblemente ilegal xa que non gardaba os límites entre lindes de 3 metros, senón que estaba construído no mesmo muro que separa as fincas, e na estaba edificando unha vivenda unifamiliar, da súa propiedade, sita no lugar de R. Na súa denuncia solicitaba a retirada da cheminea e que se comprobase se D. M.A. tiña as oportunas licencias para a instalación da mesma, sen embargo, ata o momento non recibira resposta dese Concello.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire ós principios de legalidade e de eficacia que deben rexe-las actuacións das Administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos dese Concello de Mondariz que, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitase información sobre o problema que motivou a queixa, e sobre os resultados da inspección técnica practicada no lugar dos feitos denunciados, e se o denunciado conta ou non con licenza urbanística, e sobre o contido desta licenza.

A este respecto, tras reiterar a nosa petición de información en tres ocasións, recibimos dese Concello de Mondariz un escrito do 23-6-10 (RS nº 1234) acompañado dun informe do arquitecto técnico municipal, no que expresamente indícase o seguinte:

“En el lugar de Carballal nº20, lugar propiedad de D. M.A. se encuentra construida una vivienda y varias dependencias anexas, todas ellas con una antigüedad superior a los 20 años. Sobre uno de los alpendres cuyas fotografías se adjuntan, el denunciado ha realizado una pequeña chimenea metálica de unos 20 cm. de diámetro y una altura aproximada de 30 cm. para ventilación de uno de los alpendres. Se encuentra a una distancia aproximada de 7 m de la casa en construcción.

Este alpendre con una antigüedad superior a los 20 años, se adjuntan fotografías, se encuentra construído sobre el muro que delimita ambas propiedades.

Las obras de ejecución de esta chimenea, que por sus características, es de escasa importancia, me manifiesta el denunciado, se construyó hace aproximadamente 1 año y no consta en los archivos municipales que hubiera solicitado la pertinente licencia de obras.

En la misma propiedad existe también una cocina lareira en uno de los alpendres, con una chimenea metálica, y que por su apariencia está construída hace más de 10 años (se adjuntan fotografías), y que el informante hace mención a ella por desconocer a que chimenea se refiere la denuncia. Esta chimenea se encuantra a una distancia de 28m de la vivienda en construcccion propiedad del denunciante.”

A este respecto, desde esta oficina do Valedor do Pobo trasladámoslle esta información á reclamante, e recibimos un escrito no que formulaba algunhas apreciacións ou alegacións sobre o contido do citado informe.

En concreto, manifestaba no seu novo escrito que non se achegaba ningún documento que acreditase que a antigüidade do galpón denunciado fose de máis de 20 anos, nin tampouco consta que houbera autorización da Consellería de Cultura, tendo en

conta que o terreo no que se construíu entra dentro da zona de protección da Capela de San Roque, sendo así que á reclamante se lle pediu plano de localización para a construción dun garaxe; por outra parte, que en relación coa outra cheminea indicada no informe (a que correspondería á denominada cociña lareira) é tamén ilegal, e que en ambos casos se trata de construcións adosadas ao muro de separación das fincas, sen retranquear as distancias esixidas legalmente.

En consecuencia, tendo en conta o último escrito remitido pola reclamante na data do 13-9-10 solicitamos de V.S. que, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitase un informe complementario sobre determinados aspectos concretos, en particular se constan nos arquivos municipais as licenzas correspondentes ás obras denunciadas, e en caso negativo se se realizou algún requirimento ao promotor das obras para que aportase documentos xustificativos da data da súa realización.

A este respecto, recibimos nesta oficina do Valedor do Pobo un último informe dese Concello de Mondariz de data do 9-11-10 (RS n.º 1906) no que expresamente indícase o seguinte:

“En relación ó seu escrito de data 3 de novembro de 2010, relativo á queixa de doña M. del C.C.B., o galpón en cuestión , dada a capacidade administrativa e de medios deste concello, non se pode constatar con seguridade se realizouse ó abeiro de licencia ou non, pero caso de terse realizado sen licencia, xa trancurriría sobradamente o prazo de prescripción da infracción urbanística previsto na Lei de Ordenación Urbanística de Galicia. No concello non consta ningún expediente de infracción urbanística aberto polo referido galpón. O concello non pode requirir a don M.A.G. a aportar copia da licencia , pois vulneraría os seus dereitos consonte o artigo 35 f) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións públicas e procedemento administrativo común.”

Á vista do anteriormente expresado estimamos nesta oficina do Valedor do Pobo que debemos facer algunhas consideracións de natureza xurídica en relación co problema que motivou a queixa.

Neste sentido, debe terse en conta que ao parecer as obras denunciadas pola reclamante se atopan rematadas no momento actual. A este respecto, tratándose de obras que rematadas, estaríamos no suposto legal previsto no artigo 210 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e neste precepto legal sinálase expresamente o seguinte:

“1. Se se tivesen rematado as obras sen licenza ou se incumprisen as condicións sinaladas nela ou na orden de execución, o alcalde, dentro do prazo de seis anos, a contar desde a total terminación das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto nos números 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo anterior.

2. Transcorrido o prazo de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, non se poderán realizar outras obras que as pequenas reparacións esixidas por razóns de seguridade e hixiene e en ningún caso as de consolidación, aumento de valor ou modernización nin cambio do uso existente, excepto as necesarias para a adecuación á legalidade urbanística vixente”.

En relación coa circunstancia da prescrición á que se alude no último informe remitido por esa Administración municipal, debe terse en conta que tratándose da execución dunha edificación non amparada en licenza urbanística, a forma de facer o cómputo da prescrición, en esencia, supón o inicio desta dende a total terminación da obra (data de finalización ou último acto constructivo). Neste sentido, debe subliñarse que a carga da proba a soporta aquí, non a Administración, senón quen voluntariamente se colocou nunha situación de clandestinidade na realización das obras e que, polo tanto, creou a dificultade de coñecemento do "dies a quo" no prazo que se examina, e que, por

elo, o principio de boa fe impide que o que se aproveita da clandestinidade poida obter ventaxa das dificultades probatorias derivadas desa ilegalidade.

Así as cousas, a carga da proba da finalización total da obra, que agora se impón expresamente nalgúñas leis autonómicas sobre urbanismo, xa fora sinalado reiteradamente pola xurisprudencia que debían soportala os propios promotores das obras en tanto que o principio da boa fe na súa vertente procesual –artigo 11.1 da Lei Orgánica do Poder Xudicial- impide que os que crearan unha situación de ilegalidade podan obter a ventaxa das dificultades probatorias orixinadas por esa ilegalidade, nese sentido, por todas, sentencias do Tribunal Supremo do 16 de marzo de 1991, 24 de novembro de 1994 e 3 de maio de 1995.

O restablecemento do orde xurídico infrinxido e da realidade física alterada pola execución de obras ilegais é insoslaible para a Administración, como tamén a determinación das responsabilidades nas que puidera incorrer e a súa sanción, entre outras, sentencias do Tribunal Supremo do 18 Febreiro e 29 Setembro de 1995 e 3 Xuño de 1998. Incluso no caso de que transcorrera o prazo para exercer a acción de restablecemento da legalidade urbanística, ao ser obras realizadas sen licenza, isto é, nadas na ilegalidade, terían que quedar en situación análoga á de fora de ordenación, de forma que se encontrarían prohibidas as obras que poden alargar artificialmente a vida da edificación, sentencias do Tribunal Supremo de 6 Febreiro de 1991, 19 Maio de 1992 e 15 de Febreiro e 21 Maio de 1999. Esta última circunstancia debe terse en conta, no caso que nos ocupa, para aquelas recentes obras complementarias que se realizasen sobre edificacións ou instalacións respecto das que se comprobouse o transcurso do prazo de prescrición.

En consecuencia, e con independencia da presunción de veracidade da que gozan os informes técnicos de funcionarios municipais, consideramos que esta circunstancia non debe alterar o principio de que a carga da proba neste caso debe pesar sobre o que resulta beneficiado pola prescrición. De xeito que deberá ser o promotor das obras o que a través dos medios de proba axeitados acredite a data de finalización das obras, para no seu caso beneficiarse da prescrición da acción pública dirixida ao restablecemento da legalidade urbanística. Por outra parte, debe subraíarse que no propio informe técnico do 22-6-10

indícase que cando menos unha das chemineas ás que alude a queixa, realizouse sen licenza municipal e aproximadamente hai un ano.

Tendo en conta o anteriormente expresado, e de acordo co previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo formulámoslle a esa Alcaldía-Presidencia do Concello de Mondariz a seguinte **RECOMENDACIÓN** :

“Que por parte desa Alcaldía-Presidencia e para determinar a procedencia de incoar un expediente de reposición da legalidade urbanística polas obras realizadas sen contar con licenza municipal, en aplicación do previsto no artigo 210 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se requira ao promotor das obras denunciadas para que acredite a data de terminación das obras, aos efectos de determinar o cumprimento do prazo de prescripción.”

Na resposta do concello acéptase a recomendación formulada e achégase un requirimento remitido ao interesado no que se lle solicita que acredite a data de remate das obras controvertidas.

9.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao alcalde-presidente do Concello de Tomiño en data 29 de decembro de 2010 para que se proceda á incoación dun expediente de reposición da legalidade urbanística por obras sen licenza. (Q/261/10).

Nesta institución do Valedor do Pobo abriuse o expediente arriba indicado como consecuencia da queixa presentada por D^a.C.Á.C., con domicilio nese Concello de Tomiño.

No seu escrito de queixa, esencialmente, indicábanos que un veciño lindante coa súa propiedade na que reside, ampliou un cobertizo para dar cobertura a cabalos que ten na súa finca, e que incumpre calquera norma de sanidade e hixiene (cheiros, verquido de residuos en alcantarillado, etc). Sinalaba a reclamante na súa queixa que esta ampliación, con ladrillo á vista, rematouna aproveitando o límite do muro de pedra artesanal da súa

propiedade, indicando tamén que despois de varias conversas co veciño para tratar de arranxalo problema, e ante a imposibilidade de chegar a unha solución, optou por facer unha denuncia formal ante ese Concello de Tomiño na data do 6 de xuño de 2008.

A reclamante finalizaba o seu escrito de queixa indicando que a pesares de manter reunións cos concelleiros de medio ambiente e urbanismo en relación co problema exposto, ata o momento de presentar a queixa non recibira unha resposta por escrito dese Concello.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire ós principios de legalidade e de eficacia que deben rexe-las actuacións das Administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos dese Concello de Tomiño que, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitase información sobre o problema que motivou a queixa, e en particular sobre se por parte dese Concello se abrira un expediente de reposición da legalidade urbanística polos feitos aos que se refire o escrito de queixa, e en caso afirmativo sobre o trámite actual deste expediente; tamén solicitábase información sobre as condicións medioambientais e sanitarias relativas á tenencia de cabalos na finca do denunciado.

A este respecto, recibimos un escrito dese Concello do 16-3-10 (RS nº 1343, do 22-3-10) acompañado de diversa documentación, entre a que cómpre subliñar un informe do Concelleiro de Urbanismo e Patrimonio no que se indicaba expresamente o seguinte:

“Dª.C.A.C. presentou denuncia neste concello o 6/6/08 contra S.Á.C. por levantar unha parede enriba dun muro da súa propiedade.

Dª.C.Á.C. dirixiuse ao concelleiro que subscribe, en varias ocasións, para manifestar a súa vontade de chegar a un acordo pacífico con S.Á.C.

A policía local presentou denuncia contra C.Á.C. o 24/9/08 por cambio de cuberta e formigonado de piso de galpón lindante a propiedade de S.Á.C.

J.M.Á.C., irmán de S., dirixiuse a este concelleiro para que se convocase unha reunión para intentar acordar unha solución.

Convocouse unha reunión entre C.Á.C. e J.M.A.C e logo da discusión na reunión, quedou todo a expensas de que ambos chegasen a un acordo de arrimo de edificacións e a discusión civil sobre o titularidade do muro lindeiro.

Por parte deste concello non se abriu expediente de reposición da legalidade urbanística en tanto en canto a situación de legalización das obras en cuestión pasa por un acordo de arrimo entre os veciños.

Non obstante, se por parte dalgún destes veciños se comunica ao concello a non chegada a un acordo civil e a vontade de continuar coa respectiva denuncia, por parte dos servizos de urbanismo deste concello procederase á apertura do correspondente expediente de legalidade urbanística que en todo caso regulará cuestión relativas ao ordenamento urbanístico e ao cumprimento do PXOM e a legalidade vixente, nunca cuestións de titularidade ou problemáticas de tipo civil.”

Por outra parte, nun informe do Concelleiro Delegado de Medio Ambiente sinalábase expresamente que:

“Dª.C.Á. presentou neste concello unha queixa verbal no mes de xuño de 2008, pola presenza de cabalos nunha finca lindante coa súa propiedade.

O día 11 de xuño o concello remitiu un escrito a S.Á.C., propietario da finca lindante coa propiedade de Dª.C.Á., do que xúntase copia, advertíndolle das disposicións legais vixentes no Concello e instando a retirada dos animais.”

Tendo en conta esta información facilitada por ese Concello de Tomiño, démoslle traslado da mesma á reclamante quen nos remitiu un novo escrito no que nos indicaba que non chegara a ningún acordo de arrimo co veciño S.Á.C., para tratar deste xeito de legalizar a obra realizada, polo que persistía a infracción urbanística, e doutra parte indicábanos tamén que se mantiña a permanencia dos cabalos na finca colindante, coas evidentes consecuencias negativas para o mantemento da saúde pública, e que supoñían un incumprimento grave das ordenanzas municipais aplicables.

Á vista do exposto pola reclamante, na data do 25-8-2010 desde esta oficina do Valedor do Pobo solicitamos de V.S. un informe complementario sobre a situación actual do problema que motivou a presente queixa en relación tanto coa apertura dun expediente de disciplina urbanística ao denunciado pola reclamante como no que se refire aos problemas derivados da permanencia dos cabalos na finca á que se refire a queixa.

Neste sentido, recibimos un novo escrito desa Administración municipal do 15-11-10 (RS n.º 4642, do 18-11-10) co que se achega un oficio do 6-7-10 dirixido polo Concelleiro de Medio Ambiente a D. S.A.C., no que lle advertía expresamente de que: *“se absteña no futuro de ter cerrados os cabalos nas fincas no núcleo urbano, xa que ademais das posibles responsabilidades polos danos que ocasionara, poderá ser sancionado cunha multa de 150 a 300 euros”*.

Sen embargo, na información remitida non se fai referencia ao outro aspecto que motivou a queixa, e sobre o que tamén se pedía información no noso último escrito citado, como é o aspecto referido a posibles irregularidades urbanísticas cometidas por D. S.Á.C. polo que no momento de remitirse o último informe dese Concello non consta que se abrise expediente algún de reposición da legalidade urbanística, sendo así que non se chegou a ningún acordo entre os afectados para obviar a necesidade de abrir un expediente de disciplina urbanística.

Á vista do anteriormente expresado, estimamos nesta oficina do Valedor do Pobo que debemos facer algunhas consideracións sobre a normativa urbanística aplicable.

A este respecto, na documentación que figura neste expediente de queixa e con posterioridade a xuño de 2008 só consta o trámite de inspección urbanística realizado na data do 8-8-08 por un axente da policía local no que se describen as obras nos seguintes termos: *“trátase da reforma e ampliación dun galpón duns 50 m² que limita coa propiedade do denunciante”*; indicándose tamén que ao parecer estas obras carecen de licenza municipal. Por outra parte, noutra inspección realizada pola policía local na data do 23-9-08 faise constar tamén que no mesmo lugar se aprecian unhas obras sen licenza municipal realizadas pola reclamante.

Neste sentido, debe subliñarse que dende a data do 8-8-08, e polo que se refire concretamente ás obras que foron obxecto da queixa presentada por Da. C.Á.C. non consta ningún outro trámite no que se faga efectiva a potestade municipal de mantemento da disciplina urbanística, polo que entendemos que, tratándose de obras que ao parecer atópanse rematadas, estaríamos no suposto legal previsto no artigo 210 da Lei 9/2002. O exercicio desta potestade municipal no caso que motivou a presente queixa, non exclúe a súa efectividade para outras obras ilegais das que teña constancia esa Administración municipal.

No referido artigo 210 sinálase expresamente o seguinte:

“1. Se se tivesen rematado as obras sen licenza ou se incumprisen as condicións sinaladas nela ou na orden de execución, o alcalde, dentro do prazo de seis anos, a contar desde a total terminación das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto nos números 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo anterior.

2. Transcorrido o prazo de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, non se poderán realizar outras obras que as pequenas reparacións esixidas por razóns de seguridade e hixiene e en ningún caso as de consolidación, aumento de valor ou modernización nin cambio do uso existente, excepto as necesarias para a adecuación á legalidade urbanística vixente”.

Á vista do anteriormente expresado debemos destacar que non transcorreu aínda o prazo de seis anos establecido no artigo 210 citado para que se poida incoar o expediente de reposición da legalidade urbanística, polo que entendemos que é plenamente aplicable ao presente caso que motivou a queixa o expresado nos apartados 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo 209 do mesmo texto legal, nos que se sinala expresamente o seguinte:

“3. Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos:

a) Se as obras non fosen legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a costa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos a que deran lugar ou, de ser o caso, á reconstrución do indebidamente demolido.

b) Se as obras fosen legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza, manténdose a suspensión das obras en tanto esta non sexa outorgada.

c) Se as obras non se axustan ás condicións sinaladas na licenza ou orde de execución, ordenarase ao interesado que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición do interesado, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras a realizar faga inviable a súa acomodación ás previsións da licenza no prazo establecido.

4. O procedemento a que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano a contar desde a data do acordo de iniciación.

5. Se transcorrido o prazo de tres meses desde o requirimento o interesado non solicitase a oportuna licenza ou, de ser o caso, non axustase as obras ás condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde acordará a demolición das obras a costa do interesado e procederá a impedir

definitivamente os usos a que desen lugar. De igual modo procederase no suposto de que a licenza fose denegada por ser o seu outorgamento contrario á legalidade.

6. En caso de incumprimento da orde de demolición, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1000 a 10 000 euros cada unha.

7. O disposto nos números anteriores entenderase sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.”

En consecuencia, tendo en conta o anteriormente expresado e de acordo co previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo formulámoslle a esa Alcaldía-Presidencia do Concello de Tomiño o seguinte **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS** :

“Que por parte desa Alcaldía-Presidencia se proceda a incoar un expediente de reposición da legalidade urbanística polas obras realizadas sen contar con licenza municipal, en aplicación do previsto no artigo 210 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para o caso de que as obras denunciadas se atopen definitivamente rematadas”.

No momento de elaborarse este informe anual aínda non recibimos a resposta a este recordatorio de deberes legais.

1.3 ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

1.3.1 INTRODUCCIÓN

A) Os abundantes problemas ocasionados pola contaminación acústica

Como sucede ano tras ano, a gran maioría de queixas que se reciben en materia de medio ambiente refírense a problemas de ruídos, sobre todo os ocasionados por locais de hostalería nocturna. En ocasións trátase de establecementos considerados individualmente, pero cada vez abundan máis as reclamacións para que se traten eficazmente os problemas que ocasionan as chamadas zonas contaminadas por saturación ou concentración de locais. Tamén seguen a ser frecuentes as queixas por ruído e desorde na rúa asociados ao *botellón* ou a fenómenos que se poden asimilar a el, como a celebración de eventos sen un control adecuado en todos as ordes, en especial a seguridade e o control da contaminación acústica.

Obsérvase que aínda hai concellos que son permisivos coas graves consecuencias ambientais do *botellón*. Sen embargo, tampouco a administración autonómica adoptou decisións na liña de abordar definitivamente este e o resto dos problemas asociados ao consumo excesivo e rápido de alcohol que se produce nos botellóns, como se vén anunciando desde hai moito tempo e como se fixo xa noutras moitas comunidades autónomas a través das súas leis de prevención das drogodependencias. A recente Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, limita o seu alcance, como o seu propio nome indica, aos menores de idade, e prohíbe a estes o acceso ao botellón e en xeral ás fontes e lugares de consumo de alcohol. Por tanto, non aborda dunha forma global os problemas de saúde e doutro tipo que ocasionan o consumo intenso e rápido propio deste fenómeno. Esta intervención limitada prodúcese a pesar de que a propia lei sinala no seu limiar que “o botellón pasou de ser un fenómeno social a un problema social, como fonte de conflitos de orde diversa”.

O desenvolvemento da investigación que segue ás queixas fai ver que en numerosas ocasións os afectados teñen sobrados motivos para considerar vulnerados os seus dereitos e para mostrar a súa desconformidade co deficiente tratamento municipal das súas denuncias. Moitos concellos non abordan este tipo de problemas ou fano de modo

pouco dilixente, respondendo dunha forma conformista ou restando importancia aos problemas relacionados coa contaminación acústica. Aínda é frecuente encontrar concellos que non comproban os ruídos con escusas moi pobres, ou mesmo que actúan inadecuadamente ante a falta de licenza ou ante o funcionamento de locais sen axustarse ao previsto nela ou en xeral no ordenamento sectorial que regula a materia. Consecuencia desa falta de dilixencia municipal son as abundantes actuacións que nos vemos obrigados a protagonizar para corrixir ese incorrecto labor, en moitas ocasións con recordatorios de deberes legais e recomendacións que pretenden facer valer as garantías legais dos cidadáns que non foron respectadas en primeira instancia polos entes locais.

Os prexuízos para a saúde da persoa que sofre os ruídos son considerables. Os ruídos nocturnos evitables traen consigo graves problemas de saúde e cadros de angustia, sobre todo cando se repiten de forma continuada, noite tras noite, como sucede na maioría dos casos se non se dá unha intervención adecuada do concello. Ademais, a contaminación acústica afecta as persoas no ámbito máis protexido da súa privacidade: o domicilio. Por iso, desatender esta materia supón a conculcación de dereitos fundamentais, como o que garante a intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario (artigo 18.1 e 2 CE), ou outros dereitos constitucionais, como os que pretenden protexer ou preservar a saúde (artigo 43.1 CE), ou o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (artigo 45.1 e 2 CE). Son abundantes as sentenzas do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos que así o recoñecen, como tamén as que noutras ordes recollen esta doutrina legal e pretenden protexer de forma incondicionada o dereito das persoas a non seren perturbadas desproporcionadamente no seu descanso domiciliario. Tamén abundan as condenas penais que afectan a promotores de actividades ou responsables municipais por actuacións contaminantes por ruídos, e as condenas por responsabilidade patrimonial da administración debido a abstencións inxustificadas ou a malas prácticas neste ámbito.

A fonte máis común de ruído nocturno son os locais de ocio. Moitos non teñen licenza ou funcionan cunha que non lles permite realizar a actividade que realmente desenvolvan. Outros fano cun nivel de ruído por riba do establecido, ou permiten o consumo na rúa do que eles mesmos venden. Este ano coñecéronse actuacións inadecuadas

neste ámbito protagonizadas polos concellos de Monforte de Lemos, Oroso, Boiro, Ribeira ou Camariñas.

Ademais, en ocasións os locais concéntranse en espazos urbanos ou semiurbanos, as chamadas *zonas saturadas*, que fan que aos problemas propios dos locais se engadan os derivados da concentración, como o tránsito continuado de xente, coches ou motos a altas horas da madrugada, os problemas de orde pública, a sucidade, etc. As medidas adecuadas para tratar os específicos problemas das *zonas contaminadas ou saturadas por acumulación de rúidos* non son as que se veñen aplicando, que se limitan a procurar que non se agraven. O Decreto 320/2002 prevé a aplicación das *medidas oportunas*, sen concretalas nin limitalas, dentro do ámbito de competencias municipais, tendentes a diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos (artigo 12.2). Sempre que as ditas medidas resulten motivadas e proporcionadas ao problema poderán ser aplicadas polo concello. Polo contrario, de non aplicarse e persistiren os problemas de contaminación acústica resulta unha clara responsabilidade municipal (STS do 18 de novembro de 2002). A STSX IB do 29 de xuño de 1999 resolve que a prohibición de outorgar novas licenzas de funcionamento resulta insuficiente ou ineficaz para o fin último perseguido, a preservación dos dereitos ata entón conculcados, o que é claro exemplo do inadecuado das medidas que a maioría dos concellos promoven para abordar este problema. Efectivamente, centrar a actuación nunha mera prohibición de novas licenzas, que é o que se adoita facer, resulta claramente insuficiente, aínda que esta medida veña acompañada doutros compromisos inconcretos e igualmente ineficaces.

Unha clara exixencia para evitar ou corrixir as *zonas contaminadas ou saturadas* é non consentir e non legalizar locais sen licenza ou con licenzas non adecuadas, fundamentalmente porque funcionan como locais ruidosos sen ter licenza para música e horario amplo. Supostos deste tipo detéctanse con frecuencia nas cidades ou vilas con zonas saturadas de locais, razón pola que en numerosas ocasións reclamamos que os concellos realicen un exhaustivo labor de detección das circunstancias dos locais e despois obriguen os que se encontren en situación ilegal a cerrar ou a axustar a súa actividade real ao permitido pola súa licenza, co que se reduciría de forma considerable o problema que tratamos, é dicir, a contaminación por saturación.

Este ano detectáronse supostos de saturación non abordados adecuadamente en concellos como os de Oroso, Boiro ou Vigo.

En canto ao ruído na rúa relacionado coa actividade dos locais, en numerosas ocasións comprobamos que son os propietarios quen permiten o consumo na vía pública, sen que o concello correspondente reaccione ante os evidentes prexuízos que iso causa. Adoitamós recordarlles que o Decreto 320/2002 sinala que *os titulares dos establecementos serán responsables de velar, para que os usuarios, ao entraren ou saíren do local, non produzan molestias á veciñanza. No caso de que as súas recomendacións non sexan atendidas deberán avisar inmediatamente a policía municipal. Do mesmo modo actuarán se constatan a consumición de bebidas, expedidas no dito local, fóra do establecemento e dos lugares autorizados* (art. 12).

En relación co *botellón*, tanto a Lei do ruído como os decretos autonómicos de contaminación acústica resultan instrumentos legais suficientes como para intervir contra os seus efectos máis perniciosos. Obsérvase que algúns concellos parecen dispostos a intervir para solucionar este problema, co que progresivamente se dá efectividade a unha conclusión expresada por esta institución desde hai tempo. Efectivamente, á marxe doutro tipo de consideracións (saúde, orde pública, etc.), deben evitarse as graves consecuencias que os *botellóns* teñen para os veciños afectados, fundamentalmente polo ruído xerado, que noite tras noite impide o descanso dos residentes. As administracións, e fundamentalmente a local, deben intervir por medio das súas potestades actuais, en principio suficientes. Non sucedeu así nalgúns localidades respecto das cales nos vimos na necesidade de recomendar unha intervención eficaz para evitar os prexuízos dos botellóns, como en Boiro, onde o concello se comprometeu a solucionarlos, ou no Carballiño, Baiona ou, en menor medida, Santiago.

Máis rechamantes resultaron determinadas celebracións sen control aparente ou *botellóns*, sendo especialmente negativa a actuación da Universidade da Coruña, que amparou formalmente a celebración de botellóns nas inmediacións das facultades, xerando importantes problemas de todo tipo e incluso permitindo o consumo de alcohol nas aulas.

Un aspecto fundamental á hora de abordar os problemas de contaminación acústica é o respecto dos horarios dos establecementos. Resulta preciso que se comprobén as moitas infraccións que se dan neste ámbito, que os expedientes non caduquen, e que as sancións teñan carácter disuasorio. Sen embargo, non sempre é así, como no caso do Concello de Lugo e dalgunhas actuacións que nesta materia corresponden á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

B) A necesidade de corrección urxente do Decreto 133/2008 no que se refire ao control dos locais de ocio

Xa no Informe ao Parlamento de 2008 incluímos un comentario crítico relativo ao Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, que en Galicia substituíra ao RAMINP (véx. páxs. 173-175). Este era o procedemento básico de control preventivo de todas as actividades potencialmente molestas, insalubres, nocivas ou perigosas, o que incluía, como é lóxico, os establecementos de hostalería e ocio nocturno. Sen embargo, no novo decreto exclúense estes locais; o *anexo III* sinala que serán actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental, entre outras, as “actividades de ocio e entretemento previstas no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 292/2004, do 18 de novembro”. No dito catálogo menciónanse todos os tipos de establecementos de ocio.

Anteriormente, co RAMINP en vigor, as actividades afectadas enumerábanse nun *nomenclátor* e as que non se mencionaban expresamente nel podían considerarse incluídas se respondían ás definicións das actividades clasificadas que se facía no propio RAMINP; dicíase que a definición do seu obxecto tiña carácter de *numerus apertus*. Sen embargo, non se establecía unha listaxe de *actividades excluídas*, como agora; esta resulta unha importante novidade. Pero o máis rechamante é que nesa listaxe se inclúan todas as actividades do mundo do ocio. Con iso decae a garantía preventiva máis importante que teñen os cidadáns cando no seu contorno se pretende instalar unha sala de festas, unha discoteca, un pub ou calquera outra actividade deste tipo. A experiencia demostra que son potencialmente molestas e que os controis preventivos, é dicir, exixir licenzas específicas

que analicen a repercusión que van ter na calidade de vida, a intimidade persoal e familiar, a saúde ou o descanso dos veciños, resultan algo básico. Ademais, ao se trataren de licenzas de funcionamento, co seu outorgamento ábrese unha relación permanente entre a administración que as concede e o titular destas, que se concreta no continuado labor tuitivo da administración para que a actividade non resulte prexudicial ou para que responda a criterios de interese público. Así o veñen recoñecendo a xurisprudencia desde hai moitísimo tempo.

No seu momento xa subliñamos que esta exclusión resultaba inxustificada e prexudicial para os potenciais afectados e reclamamos a súa revisión, cousa que non se fixo. Pero ademais debemos ter en conta que a exclusión que tratamos é contraria á legalidade, posto que entra en clara contradición co previsto no art. 4.3 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, que preceptúa que *“as actividades que produzan unha perturbación por rúidos ou vibracións deberán someterse ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental”*. Por tanto, aínda cando o decreto non deba aplicarse nos termos expresamente mencionados por el mesmo pola razón apuntada, a súa actual redacción resulta un elemento estraño e xera inseguridade xurídica, como comprobamos a través de numerosas respostas municipais que dan a entender que agora os locais nocturnos non precisan licenza de funcionamento a outorgar por esta concreta vía. Pola nosa parte corriximos esa posición caso por caso, pero resulta necesario que, en beneficio da seguridade xurídica, sexa a administración autonómica a que definitivamente corrixa este grave erro, sen prexuízo dos matices que se consideren aplicables de acordo coa nova normativa de servizos.

C) O tratamento do dereito de acceso á información ambiental e á participación cidadá en materia de medio ambiente

A Lei 27/2006, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, é transposición das directivas comunitarias que dan efectividade ao *Convenio de Aarhus*, ratificado pola Unión Europea e ao que tivemos ocasión de referirnos en diferentes informes. Sen embargo, son moitas as queixas a través das que comprobamos atrasos nas respostas a

solicitudes de información ambiental en poder da administración. Non adoitan respectarse os prazos establecidos pola citada lei, que prevé unha rápida resposta e entrega. Debe responderse nun mes, facilitarse no formato solicitado ou máis adecuado, sobre todo en versión informática, e non é preciso demostrar un interese específico. É común que as administracións retarden a resposta ou obstaculicen a entrega, polo que debe mellorar a axilidade en ambas as ordes.

Tamén son numerosas as queixas nas que comprobamos a falta de resposta ás denuncias ambientais, que cando menos debe consistir na aclaración da apertura ou non dun expediente sancionador cando esa apertura se reclamou expresamente ou incluso cando a reclamación se poida entender implícita. Ante as queixas as administracións adoitan emendar a súa anterior falta de resposta; sen embargo, debería ser común a resposta adecuada e en prazo.

1.3.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O número de queixas correspondentes á área de medio ambiente no ano 2010 foi de 178, ás que se deu o curso que se describe a continuación:

Iniciadas	178	
Admitidas	161	90 %
Non Admitidas	9	6 %
Remitidas ao <i>Defensor del Pueblo</i>	8	4 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	91	57 %
En trámite	70	43 %

Ao longo deste ano tamén foron obxecto de trámite diversas queixas presentadas en anos anteriores:

Ano de presentación	En trámite ao 31-12-2009	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-2010
2007	7	0	7	7	0
2008	16	0	16	15	1
2009	76	0	76	76	0

1.3.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

1.3.3.1 Os prexuízos ocasionados polo botellón e en xeral polo consumo de alcohol na rúa

Como subliñamos na introdución, resultan abundantes e xustificadas as queixas relacionadas con ruídos e outros problemas que de forman continua sofren os veciños de zonas de consumo de alcohol na vía pública a altas horas da madrugada, xa sexan botellóns ou concentracións ás portas de locais que permiten o consumo no exterior. A iso este ano sumáronse fenómenos que en certa maneira se asimilan ao que coñecemos como botellóns, celebracións sen as medidas de prevención e control adecuadas e que irremediabilmente xeran problemas de todo tipo.

En determinadas circunstancias o *botellón* pode conculcar dereitos fundamentais (artigo 18.1 e 2 CE) ou dereitos doutra natureza (artigos 43 e 45 CE). Aínda que nalgún momento se puxo en dúbida a capacidade legal e/ou operativa para tratalo, existe a obrigación de abordalo, e para iso contamos cos instrumentos legais precisos, sen prexuízo de que puideran mellorarse. A Lei do ruído (LR) e o Decreto 320/2002, de ordenanzas-tipo sobre protección contra a contaminación acústica, establecen a regulación positiva e as habilitacións suficientes. A LR habilita os concellos para que a través das súas ordenanzas aborden os ruídos xerados pola acumulación de persoas na rúa mediante a tipificación de infraccións que sancionen a contaminación acústica ocasionada polos usuarios da vía pública (*as ordenanzas locais poderán tipificar infraccións en relación con: a) o ruído procedente de usuarios da vía pública en determinadas circunstancias*; artigo 28.5). Pola súa parte, o Decreto 320/2002 establece a *conduta cívica normal* como parámetro de comportamento *singular ou colectivo* cando se produza unha perturbación por ruídos para a veciñanza, o que *será sancionado conforme o establecido neste regulamento* (artigo 26.5). Esta norma está enfocada ao tratamento de supostos nos que o efecto prexudicial provén dunha suma de comportamentos individuais, ou do comportamento colectivo que supón a suma de todos eles. A iso engádense as ordenanzas municipais, cada vez máis abundantes. Moitas delas establecen unha prohibición taxativa do *botellón* ou polo menos importantes restricións. Pero os concellos que non a teñan non poden alegar falta de normativa municipal, posto que resultará de aplicación directa a ordenanza-tipo. A todo iso hai que engadir a necesidade de dar aplicación directa aos dereitos fundamentais afectados, como o dereito á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario, así como a numerosa xurisprudencia que obriga a corrixir os graves prexuízos deste fenómeno, por exemplo, a sentenza do 29 de outubro de 2001, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía (sede de Sevilla), que obriga a un concello a adoptar as medidas que impidan o consumo de alcohol nas rúas fóra dos establecementos públicos.

A) O tratamento do botellón ou de fenómenos asimilables

Xa o ano pasado resaltamos que algúns concellos de Galicia abordaran este problema nas súas ordenanzas ou anunciaran que o farían en breve, co que comezaba a

darse efectividade a unha conclusión expresada por esta institución hai xa tempo: deben evitarse as graves consecuencias que os *botellóns* teñen nos veciños afectados. En anos anteriores apreciáranse reaccións positivas no tratamento do problema. Sen embargo, este ano constatamos que algúns concellos seguen mostrándose dubitativos á hora de evitar as consecuencias máis negativas do fenómeno. Proba diso son as recomendacións ou actuacións levadas a cabo ante concellos como Baiona, O Carballiño, Boiro, ou Santiago.

En Baiona coñecemos (Q/1429/10) que se celebraban botellóns nun céntrico parque, que se sucederan as denuncias e chamadas á policía local por este motivo, e que se ocasionaron prexuízos e molestias debido ao ruído ata altas horas da madrugada sen que o concello actuara para corrixir a situación. Por iso recomendámoslle (véx. a recomendación núm. 6 das desta área) que comprobara a permanencia da práctica do denominado botellón no parque de Baiona e, en caso positivo, se adoptasen as medidas precisas para impedi-lo, de tal forma que non se prexudiquen os dereitos constitucionais dos afectados nin se incumpran as condicións de protección dos parques públicos, como sucede; e que con carácter xeral se impida a práctica do botellón na localidade cando produza unha perturbación por rúidos para a veciñanza, consonte o establecido no Decreto 320/2002, vixente neste aspecto en Baiona, ou que, se fose o caso, se impida de acordo coas condicións dunha eventual ordenanza municipal propia, habilitada polo art. 28.5 da Lei 37/2003, do ruído. A resposta dada polo Concello de Baiona non expresa a aceptación da recomendación nin tampouco informa das medidas adoptadas para darlle efectividade, polo que desde hai tempo intentamos un pronunciamento expreso que aínda non se deu.

No Carballiño iniciamos unha queixade oficio (Q/1044/10) debido á noticia de *La Región* (26-4-10) en relación co crecemento do *botellón*, e tamén coñecemos unha promovida por un afectado (Q/1381/10). Na primeira o Concello mostrábase remiso a intervir (“non existe ningunha normativa que o prohiba”, dicía), polo que lle indicamos a normativa que citamos anteriormente neste informe e lle indicamos que debían evitarse as consecuencias que os *botellóns* teñen para os veciños afectados, fundamentalmente polas desordes e polo ruído. Reclamamos unha intervención municipal eficaz para preservar os dereitos dos veciños (arts. 18.1 e 2, 43 e 45 CE), pero a pesar diso a queixa promovida polo veciño aínda non fora respondida polo Concello, sendo preciso recordarlle o seu deber

legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución.

En relación co desenvolvemento deste fenómeno en Santiago iniciamos unha queixade oficio, a Q/995/10, debido á noticia de *El Correo Gallego* do 17-4-10 na que se dicía que se fixera un gran *botellón* no Campus. Solicitamos información á Universidade de Santiago de Compostela (USC), que recoñeceu que unha Escola *celebrara* o que denominaba “o día da Escola” no exterior e con altofalantes, sen aclarar que contara con autorización municipal, de acordo coa normativa de espectáculos públicos (Real Decreto 2816/1982, Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas). Pero sobre todo a USC subliñaba que este era un caso puntual, en contraste co *botellón* que periodicamente se celebra no Campus e que o Concello non impedía. O reitor sinalaba que “se realizaron xestións desde a USC cos responsables do Concello de Santiago, a quen corresponde a competencia na materia, con ocasión da deslocalización dos botellóns masivos desde a Alameda á praza dos Colexios Maiores... sen que ata o momento se chegase a unha solución”. Así, requirimos informe ao Concello, indicándolle que de confirmarse tal cousa se estaría a incumprir a normativa municipal en relación coa materia. O Concello respondeu en primeiro termo sen aclarar as medidas aplicadas para impedir ese botellón denunciado pola USD, e, despois de pedir aclaración, que non coñecía as concretas xestións realizadas pola USC neste sentido e que ademais non era un asunto da súa competencia, razón pola cal continuamos coñecendo a queixa para que finalmente se impida a celebración periódica deste botellón, que prexudica os residentes na zona.

No caso de Boiro (Q/955/06, Q/417/07 e Q/1171/08), o Concello aceptou as recordatorios de deberes legais que lle formulamos para impedir o ruído na vía (véx. o Informe 2009), ao indicar que impediría que o *denominado botellón xere molestias para os veciños*, aínda que engadindo que só poden impedirse *aquelas concentracións que produzan unha perturbación acústica para a veciñanza*, do que deducimos que entende que os que se celebran a día de hoxe non prexudican. Sinala que *continuaremos traballando para evitar que este tipo de concentracións causen molestias á veciñanza, tanto na forma de contaminación acústica como a través da degradación dos espazos públicos*.

En canto ás celebracións sen as medidas adecuadas de prevención e control, e autorizadas ou consentidas por autoridades, coñecemos varios casos, sendo especialmente grave o protagonizado pola Universidade da Coruña -UDC- (Q/914/10). A UDC negou que o que se dera fora *botellóns*, o que contrastaba co indicado unanimemente nos medios de comunicación e incluso polos promotores e protagonistas. Sinalouse que “o botellón volve ao campus” (*La Voz de Galicia*, 19-3-10); “clase maxistral de botellón” (*La Voz de Galicia*, 28-3-10); “o organizador da festa cre que o botellón de Informática se lles foi das mans” (*El Ideal Gallego*, 28-3-10); “Económicas da Coruña suspende a festa do patrón para evitar un novo macrobotellón” (*La Voz de Galicia*, 6-4-10); etc. O aspecto máis reclamante do ocorrido e que acredita a falta de organización e a inadecuada actuación das autoridades académicas foi a invasión e consumo de alcohol nas aulas, con respecto ao cal a UDC non sinalou absolutamente nada, a pesar de que os medios o mencionaban e se indicaran no requirimento de información que achegamos no inicio da queixa de oficio. Diso deducimos que se recoñecía implicitamente e subliñamos que resultaba especialmente negativo e mostra de que a UDC non actuara adecuadamente, a pesar de ser coñecedora das previsións e de autorizar o evento. Polo tanto, nin tan sequera se controlou o interior, dándose un uso claramente inapropiado a un centro público habilitado para as funcións docentes e investigadoras que son propias de calquera institución universitaria. O que sucedeu excede con moito dunha sinxela e organizada celebración e o que realmente se deu foi algo similar a un botellón, expresión que utilizan todos os medios, cun número importante riscos, molestias e problemas, e cunha organización escasa e que non conseguiu o obxectivo propio desta, garantir a orde, a seguridade, limitar o aforo, etc. Por iso, recomendamos á UDC (véx. a recomendación núm. 5 das desta área) que no caso de se produciren novas solicitudes de autorización para celebracións ou espectáculos no exterior dos recintos universitarios, con previsible afluencia masiva, esa universidade se absteña de outorgalas, e no caso de coñecer a súa previsible celebración sen autorización, se realicen ou impulsen as actuacións precisas para impedir que se produzan esas concentracións masivas con consumo de alcohol no contorno dos centros universitarios e incluso dentro deles, como sucedeu no caso examinado, por resultaren contrarias aos fins que son propios das universidades. A UDC respondeu cos mesmos argumentos e rexeitando a recomendación, o que resaltamos polo seu carácter negativo neste Informe ao Parlamento,

de acordo co previsto no art. 33.2 da Lei do Valedor do Pobo, ao non se obter unha xustificación adecuada e considerar que era posible unha solución positiva.

Unha consecuencia asociada á mala xestión do fenómeno do botellón coñecémolo na queixa de oficio Q/2147/10. O xornal *La Opinión*, 20-11-10, sinalaba que un incendio arrasara o parque infantil dun patio nun colexio da Coruña, San Pedro de Visma. O patio era utilizado por grupos de mozos que saltaban os valados e facían botellóns polas noites. No colexio estaban fartos de ver polas mañás o lugar de recreo dos pequenos repleto de latas e cristais abandonados polos vándalos, ademais de sufrir estragos nos xogos; o patio convertérase nun *botellonódromo*. Na noite do xoves os bombeiros tiveron que acudir alertados por un veciño que viu as lapas. “O colexio está cerrado cun valado, pero os rapaces saltan para dentro”, lamenta o conserxe do colexio. “Rompen os xogos, fan as súas necesidades, deixan cristais, latas de cervexa, botellas enteiras...”, di unha docente. Requirimos informe ao Concello da Coruña e á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e na actualidade estamos á espera deses informes.

b) O ruído provocado por clientes ou cidadáns en xeral no exterior dos locais

O ruído na vía pública tamén pode ter a súa causa no consumo ou permanencia dos clientes fóra dos locais, circunstancia consentida polos propietarios e en último termo tamén polos concellos. Este tipo de comportamentos é motivo de queixa en numerosas ocasións. Así sucedeu en Boiro, Monforte de Lemos ou Barreiros.

No caso de Boiro (Q/955/06, Q/417/07 e Q/1171/08) o Concello aceptou os recordatorios de deberes legais que lle formulamos para impedir o ruído na rúa (véx. Informe de 2009), ao indicar que impediría o *consumo na rúa das bebidas adquiridas en locais de ocio nocturno*. Non obstante, con posterioridade unha das afectadas promoveu a queixa Q/1266/10, na que se indica que despois de moito tempo continúan os problemas de ruído na rúa e o compromiso municipal non se cumprira. Os 2 locais de ocio que prexudican a súa familia abriron no 2008 e non cumpren debido aos ruídos e á consumición de bebidas no exterior ata as 8 da mañá. No recordatorio de deberes legais do 15 de outubro de 2009 sinalabamos que o art. 12.1 do Decreto 320/2002 prohibe que se

consume na rúa o adquirido nos locais de ocio e sinala como proceder ao respecto. Esta previsión estaría incumprindo sen que se adopte ningunha medida, a pesar do compromiso municipal. O Concello respondeu que *“reiteramos o compromiso... de traballar para corrixir os problemas que se deriven tanto da consumición na rúa das bebidas adquiridas nos locais hostaleiros e de ocio (no sentido de impedilas)”*. Sen embargo, non se especificaban as medidas adoptadas e a comprobación da súa eficacia para impedir esta práctica ilegal, en especial con respecto aos dous locais indicados, polo que insistimos en coñecer o resultado da actuación municipal, aínda pendente. Ao peche do Informe encontrámonos á espera dunha aclaración municipal sobre o cumprimento do compromiso de impedir os graves problemas de contaminación acústica derivados do consumo de alcohol na vía pública; debido á falta de resposta do Concello de Boiro foi preciso realizar un recordatorio do legal de responder e advertir o alcalde da súa posible declaración de hostilidade e entorpecemento.

En relación con este problema en Muros, a través da queixa Q/1147/09 coñecemos a reapertura dun problema xa tratado nas queixas Q/944/03 e Q/583/09, consistente no ruído procedente da rúa debido á concentración de persoas no exterior dun local. Despois de coñecer nas queixas precedentes que se deran reiteradas infraccións sen que por parte do Concello se producira unha reacción eficaz, finalmente se comprometeu a *facere fronte a esta situación... Déronse as instrucións pertinentes á Policía Local*. Sen embargo, o interesado sinalou na nova queixa que a pesar do moito tempo transcorrido desde as primeiras queixas, aínda continuaban as molestias desproporcionadas procedentes do local ou seu contorno. Xa o ano pasado recomendáramos ao Concello que evitara o ruído procedente da rúa debido á concentración de persoas no exterior do local, en aplicación do previsto nos arts. 12.1 e 26.5 do Decreto 320/2002 (véx. Informe de 2009). Este ano o Concello finalmente aceptou a recomendación (sinalou que se deran as instrucións para evitar a concentración de persoas o a rúa nas inmediacións dos locais a fin de evitar a produción de ruídos), polo que esperamos que agora si se acabe co problema.

Na queixa Q/579/10 sinalábase que desde 2009 se denuncia ao Concello de Monforte de Lemos o nivel de ruídos na rúa Duquesa de Alba. Cada fin de semana é escenario de consumo de alcohol, falcatrúas e actos vandálicos ata pasadas as 7 da mañá,

quedando toda a rúa convertida en urinario público e con abundantes restos de botellas e vasos rotos, ante a pasividade das autoridades. A pesar das denuncias non se actúa para aplicar a normativa, fundamentalmente a Lei de protección contra a contaminación acústica e o Decreto 320/2002, evitando o consumo de alcohol na rúa, tanto o vinculado á actividade dos locais (art. 12) como o que non se encontre vinculado (art. 26.5), e o funcionamento irregular dos locais (ruídos, horarios...). Solicitamos informe ao Concello de Monforte de Lemos, pero despois dun tempo considerable segue sen aclarar as súas actuacións en relación co ruído ou o consumo de alcohol na rúa, ambos os aspectos de competencia municipal. Tampouco se sinala nada respecto da sucidade, as falcatrúas e os actos vandálicos ata pasadas as 7 da mañá, que tamén son obxecto da reclamación. Por iso, vímonos obrigados a enviar ao alcalde un recordatorio de deberes legais e unha advertencia de declaración de hostilidade.

En Barreiros coñeceuse a celebración dunha festa ou verbena no exterior dun local (Q/916/10). O Concello autorizara a celebración dos “festexos populares denominados *Pulpada na taberna de...*” con música no exterior. Sen embargo, sinalamos que esta actuación municipal non foi adecuada (“as actividades complementarias no exterior, debidamente autorizadas, desenvolvidas polos establecementos... en ningún caso producirán ruídos que superen, en espazos lindeiros ou superiores, os valores de recepción que figuran no anexo II desta disposición... non poderán situarse ou utilizarse ... equipos de música ou outros reprodutores sonoros, así como aqueloutros elementos susceptibles de xerar ruído”; art. 12.3 do Decreto 320/2002). Ademais, ao se tratar dun simple café ou bar, en ningún caso podería funcionar con música.

1.3.3.2 As localidades con graves problemas de contaminación acústica sen tratamento adecuado: a falta de eficacia á hora de abordar as zonas acusticamente contaminadas por saturación

Unha causa de abundantes problemas é a concentración de locais nunha determinada zona. A declaración de *zonas contaminadas ou saturadas por acumulación de ruídos* permite aos concellos establecer as *medidas oportunas*, pero aplícase dunha forma que non responde en todo aos obxectivos legais, sobre todo porque os concellos adoitan limitarse a

prohibir novos locais. Esta medida resulta insuficiente se non vai acompañada doutras máis restritivas que permitan diminuír o nivel de ruído xa constatado. Este ano coñecemos a presenza prexudicial de zonas acusticamente contaminadas por saturación en Vigo, Boiro, Melide, Ares Pontedeume, Monforte de Lemos, Redondela, Salceda de Caselas, Lugo, Ribadeo, Ourense, Tui, Oroso, Noia ou Baiona.

Polo que se refire a Vigo, xa en anos anteriores se resaltaron as iniciativas en contra dos prexuízos ocasionados polas súas *zonas saturadas* (véx. Informe de 2009). A pesar de ter tratado este grave problema en diferentes ocasións co Concello (Q/258/06, Q/1640/06, Q/937/07 e Q/2431/08), segue sen aclarase definitivamente. A queixade oficio Q/2431/08 iniciouse para coñecer definitivamente os locais que funcionan de forma irregular nesas zonas, sen licenza ou con licenza que non os habilita para funcionar como o veñen facendo, e as medidas adoptadas para corrixir estas circunstancias e en xeral para cumprir os obxectivos da declaración de ZAS. A revisión de posibles irregularidades en materia de licenza debe ser a primeira medida coherente á hora de abordar calquera situación de saturación. A aplicación das medidas de axuste á legalidade en materia de licenzas producirá unha diminución dos locais nas zonas, o que, unido á imposibilidade de novas licenzas, pode facer que resulten innecesarias outras medidas máis restritivas. Coñecer a legalidade dos locais que funcionan nestas zonas de Vigo é o obxecto da queixa de oficio, pero a pesar do moito tempo transcorrido desde o seu comezo, o Concello de Vigo só indicou que a cuestión é competencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, á que se dirixiu a Concellería de Medio Ambiente. Ao respecto recordamos ao Concello que a queixa se dirixe ao propio ente local, máis concretamente ao seu alcalde, a quen se require informe, non a ningún dos seus departamentos, sendo responsabilidade municipal a organización do servizo, polo que non resultaba xustificada a reiteración na falta de resposta adecuada. Só en datas moi próximas ao peche do Informe se recibiu a resposta, pero a resposta de novo é incompleta, polo que seguiremos insistindo ante o Concello de Vigo para que aclare este asunto.

Outra queixade oficio relativa a Vigo (Q/1666/10) iniciouse pola noticia de que o ruído nocturno volveu ás rúas Real e Teófilo Llorente ao ano de declararse zona protexida. Desapareceu o botellón, pero denuncian as aglomeracións de mozos fronte aos pubs. “A

declaración de zona protexida funcionou moi ben nun principio e os veciños incluso nos estrañabamos pola tranquilidade que se respiraba para durmir despois de tantos anos sufrindo o botellón, pero ultimamente descendeu a presión policial e estamos volvendo ao mesmo”. Repuntaron as concentracións de mozos ás portas dos locais de copas. “Ás veces chamamos (á policía local) e nin sequera veñen, alegando que hai falta de efectivos. E noutras ocasións, preséntanse e non fan absolutamente nada...” A última denuncia está asinada por 42 persoas. Moitas persoas do barrio cambiáronse de residencia. O Concello aínda non respondeu ao requirimento de informe, a pesar de reiteralo e de recordarlle o seu deber legal de envialo en prazo.

Pola súa parte, a Q/1504/10 promoveuse polo dono dun hostel prexudicado desde hai tempo pola ZAS mencionada na anterior queixa de oficio. Sinala que segue sen respectarse a *zona acusticamente saturada* que comprende a rúa Irmandiños, con moitos locais nocturnos. “Esa declaración non pode satisfacer por si soa as demandas dos cidadáns afectados polo reiterado incumprimento do horario de peche dos locais de copas, cos ruídos e conflitividade que iso produce concretada en altercados, rifas e pelexas en plena rúa e a altas horas da madrugada protagonizadas por clientes borrachos, actos de vandalismo contra os portais de vivendas e locais da rúa Irmandiños (pintadas, danos), por non falar dos vómitos e ouriños que acaban invadindo non só a rúa, senón tamén os portais, segundo a reclamante. Son continuas as molestias derivadas do nulo respecto á sinalización de zonas de estacionamento prohibido e vaos, o que impide aos residentes acceder aos seus domicilios, sen que se tome ningunha medida que o evite, sinálase. Tamén se queixan do incumprimento xeneralizado dos horarios. Por todo iso reclamamos informe do Concello de Vigo e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. O Concello constatou da mesma forma xa comentada no caso das queixas de oficio, polo que nos vimos na obrigaón de proseguir co curso da queixa para intentar aclarar e, de ser o caso, corrixir a situación.

Polo que se refire a Boiro (Q/955/06, Q/417/07 e Q/1171/08), xa no informe do pasado ano fixemos un amplo comentario das irregularidades detectadas (véx. Informe de 2009). No presente ano o Concello aceptou só unha parte do recordatorio de deberes legais que lle formulamos. Rexéitase a determinación exhaustiva do axuste á legalidade dos

locais comprobando se a súa forma de funcionar cumpre co habilitado por cada licenza de funcionamento, posto que se envían informacións parciais ao respecto. Tampouco se dará o seguinte paso reclamado: que despois de corrixir os locais que non se axusten ao previsto na súa licenza, no caso de que aínda continúen os prexuízos definidos no art. 12.2 do Decreto 320/2002, se declare a zona como *acusticamente saturada* e se adopten as medidas adecuadas para reconducir a situación. Por iso aplicamos o previsto no art. 33.2 da Lei do Valedor do Pobo e incluímos esta mención crítica do actuado polo Concello de Boiro, considerando que era posible unha solución positiva e esta non se deu no indicado.

Outro caso de desatención ás recomendacións formuladas por irregularidades detectadas nesta orden deuse en Oroso (Q/1604/07), suposto tratado amplamente no informe do pasado ano (véx. Informe de 2009). O alcalde deste Concello deixou de responder expresamente á recomendación formulada entón. Iso obriga a entender desatendida a correspondente obrigación legal do art. 32.2 da Lei do Valedor do Pobo e a proceder de acordo co disposto no seu art. 33.2, que sinala que se non se obtivese unha xustificación adecuada para a non actuación de acordo co indicado, o asunto incluírase no informe ao Parlamento, de considerarse que era posible unha solución positiva e esta non se dese.

Outros supostos de saturación ou de locais agrupados sen aparente reparación por parte dos concellos coñecémolos en Pontedeume (Q/1885/10), Ares (Q/1001/10), Ribadeo (Q/1393/10), Ourense (Q/1593/10) ou Lugo (Q/542/09 e Q/1229/10), cousa que se repite neste último caso, posto que xa en ocasións anteriores tratáramos o problema co Concello de Lugo.

Polo contrario, unha reacción positiva a un problema deste tipo deuse en Melide (Q/1903/08), localidade na que veñen funcionando un número importante de locais. Co curso da queixa confirmamos que a situación era irregular en determinados aspectos da xestión municipal, polo que formulamos unha recomendación para que con urxencia se comprobara o aparente funcionamento irregular dos locais con licenza de simples cafés, que poderían estar funcionando como pubs, con música e cun horario moi amplo, o que debía impedirse de inmediato; para que de acordo co previsto no art. 12.2 do Decreto

320/2002, con urxencia se estudara a aparente saturación de locais na zona obxecto da queixa e, se fose o caso, se aplicasen as medidas previstas nel; para que con urxencia se procedese ao axuste dos locais ao previsto no Catálogo aprobado por Decreto 292/2004; e, no relativo ao control do ruído na rúa, xa sexa por consumo fóra dos locais, ou polo tránsito de xente pola rúa, con posible saturación da zona, para que con urxencia se adoptaran as medidas precisas para dar efectividade ao previsto nos arts. 12.1 e 26.5 do Decreto 320/2002 (véx. recomendación núm. 2 das desta área). A resposta do Concello consistiu en incrementar o número de comprobacións, impoñer numerosas sancións, e ordenar o peche de dous establecementos ata que contén coa licenza definitiva. Tamén está estudando as circunstancias da zona para adoptar medidas como a suxerida, é dicir, a declaración da zona como acusticamente saturada, o que suporía o axuste e a limitación en número das actividades. Tamén se está levando a cabo un control do ruído na vía pública. Con esa resposta enténdese que a situación, que antes era moi deficiente, mellorou, polo que concluímos que se deu efectividade á recomendación.

Outros supostos de irregularidades relacionadas con concentracións de locais, con solución despois do coñecemento da queixa, detectáronse en Redondela (Q/1081/10), Baiona (Q/1030/07), Salceda de Caselas (Q/2481/09 e Q/1003/10) ou Noia (Q/831/09). Despois de moito tempo tamén conseguimos que o Concello de Tui aceptara e dera efectividade á recomendación formulada con ocasión da queixa Q/488/01.

1.3.3.3 Locais sen licenza, que non se axustan ao tipo de licenza que teñen, ou que transmiten niveis de ruído superiores aos permitidos

O control da contaminación acústica é función dos concellos desde hai moito tempo, razón pola cal non resulta adecuado que a desatención desta materia se pretenda desculpar nunha suposta falta de medios, dos que deberían terse dotado progresivamente para que esa desculpa non permaneza indefinidamente, como sucede en moitos casos. Unha desas obrigacións de control concrétese nas comprobacións sonométricas. Pero en numerosas ocasións os concellos non cumpren este labor indicando que non ten sonómetros ou negando a posibilidade de utilizalos aos axentes da policía local. O certo é que a obrigação legal ao respecto é clara e non pode eludirse, como moitas veces pretende

facerse; o art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, sinala que “lles corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento desta lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento”.

Ademais, a reincidencia nas infraccións por ruídos debería ser tratada coa suficiente contundencia, de tal forma que non se repitan noite tras noite, como adoita pasar.

As actividades clasificadas deben contar con licenza de funcionamento outorgada de acordo co establecido no anterior RAMINP, e agora no decreto galego 133/2008 (na introdución fixemos unha ampla alusión a esta necesidade), a través dos que se protexe o interese público e se evitan molestias desproporcionadas, outorgando as licenzas soamente cando sexa posible en función das circunstancias. Nos casos de falta ou desaxuste de licenza tamén se adoita constatar a transmisión de ruídos, aínda que o debate se centra na primeira circunstancia, posto que probablemente se produce como consecuencia da falta do control preventivo, ou porque o funcionamento real non se axusta á licenza, posto que as exixencias de insonorización non son as mesmas para os bares ou cafeterías que para os pubs ou discotecas. Os concellos deben vixiar a presenza de licenza e as súas condicións de forma permanente, segundo reiterada xurisprudencia, pero resulta frecuente encontrar establecementos sen licenza ou que funcionan de forma desaxustada á que teñen.

Como en anos anteriores, tamén este coñecemos varios supostos de licenzas mal concedidas, ou de simples bares, cafés ou similares que en realidade funcionaban como pubs ou locais con música. Especialmente negativa nesta orde resultou a actitude do Concello de Oroso, circunstancia que non resulta nova, posto que xa en informes anteriores se deixou constancia da súa pouca dilixencia mostrada para abordar os graves e frecuentes problemas de ruídos de locais nocturnos en Oroso. Na Q/636/09 tratáronse as importantes consecuencias do funcionamento dun local; a familia afectada ten un neno pequeno que “non soporta máis esta situación” e pide que se garante o seu dereito ao descanso. Ao confirmar os extremos da queixa formulamos unha recomendación ao Concello, en concreto para que con urxencia se procedera a comprobar o aparente funcionamento irregular do local, que conta con licenza de simple cafe-bar, bar ou cafetería, pero que non

se axusta ao habilitado na súa licenza, ao funcionar con música e cun horario amplo; e para que no caso de confirmarse, de forma inmediata se impida ese funcionamento irregular e se inicie o correspondente expediente sancionador (véx. a recomendación 1 das desta área). O Concello nin tan sequera respondeu, a pesar dos numerosos requirimentos que lle enviamos. Finalmente, ante a falta de resposta vímonos na necesidade de concluír que o Concello de Oroso, e máis concretamente ao seu alcalde, desatendía a súa obrigaón legal de responder, contida no artigo 32.2 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e rexeitaba de forma tácita a recomendación. Por iso, aplicamos o disposto no art. 33.2 da citada lei, que sinala que se non se obtivese unha xustificación adecuada para a non actuación de acordo co indicado, o asunto incluírase no Informe ao Parlamento, con mención do nome ou nomes das autoridades ou funcionarios que persistan nesta actitude, se se considerase que era posible unha solución positiva e esta non se dese. A actitude do Concello de Oroso, e en concreto do seu alcalde, resulta especialmente grave, posto que, como subliñamos, non é a primeira vez que se comproba este comportamento ilegal e a súa pasividade ante a vulneración de dereitos nesta orde.

Outra actuación inadecuada do Concello de Oroso coñecémola na Q/289/09. Para corrixir unha actividade de cervexería que funcionaba con música impuxérase unha multa e a paralización da actividade durante 6 meses, pero despois o Concello cambiou de criterio de forma inadecuada, en fase de execución forzosa da sanción. Non é adecuado que alegacións admitidas nesa fase sigan referíndose ao fondo do asunto, posto que a fase de execución debe cinxirse a facer efectivo o que de se determinou nel firmemente, salvo revisión formal, que non se deu.

Na queixa Q/1483/09 vímonos obrigados a recomendar ao Concello de Ponteceso que corrixira o funcionamento irregular dun local sen licenza, ou que en todo caso a ten de simple café-bar, polo que non se axustaría ao habilitado na licenza, ao funcionar con música e cun horario moi amplo (véx. a recomendación 3 das desta área). Despois de moito tempo o Concello de Ponteceso aceptou a recomendación que lle formulamos e se *compromete a vixiar de forma permanente o funcionamento dese local e dos demais locais de café-bar.*

Na Q/146/10 foi preciso formular ao Concello de Camariñas unha recomendación para que con urxencia corrixisse a inadecuada concesión de licenza de café-bar especial ao local obxecto da queixa, e para que corrixisse o funcionamento irregular do establecemento derivado de tal circunstancia; e tamén para que dera cumprimento ás súas obrigacións de comprobación e control do ruído, que vén desatendendo (véx. a recomendación 7 das desta área). O Concello aínda non respondeu a recomendación.

Tamén coñecemos o funcionamento dunha cervexería de Santiago con música, ante o cal o Concello se comprometeu a facela desaparecer (Q/1264/09).

Corrixíronse os casos de locais que funcionaban como pubs, a pesar de contar con licenza de simple bar, nas queixas Q/1650/09 (Monforte), Q/1840/07 (Ribeira), Q/889/10 (Vigo), Q/1323/09 (Fisterra), e Q/2101/09 (Tui).

En Monforte coñecemos o funcionamento dun bar como se fose un pub, o que fixo que formulásemos unha recomendación cun contido parecido ao apuntado nos casos precedentes (Q/1650/09; véx a recomendación 4 das desta área). O Concello aceptouna ao indicar que incoaríase expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade, respecto das actuacións presuntamente ilegais con referencia ao exercicio dunha actividade de café-bar sen axustarse á licenza. En Vigo coñecemos que a actividade dun local con licenza de simple café-bar, pero con música. Despois de insistir o concello comunicounos que resolvera *ordenar... o cesamento da actividade que vén desenvolvendo no local*. Outro suposto de desaxuste coñecémolo en Fisterra; despois de reclamar insistentemente unha aclaración sobre a forma en que se corrixiría, finalmente o Concello informou que o titular da actividade xa non a desempeñaba.

En Ribeira desde hai tempo coñecemos unha reclamación referida ao funcionamento dunha cervexería como si fora un pub, é dicir, con música, que ademais presenta problemas con o sistema de evacuación de gases (Q/1840/07). Despois de moito tempo intentando que o Concello nos aclarara os detalles do problema, finalmente lle formulamos unha recomendación para que con urxencia se corrixan as dúas aparentes irregularidades postas de manifesto desde hai tempo no caso examinado, como son a inadecuada solución á evacuación dos gases do local, que non responde ao exixido no

informe preceptivo e vinculante da CMATI, e o funcionamento do establecemento con música, sen estar habilitado para iso (véx. a recomendación 8 das desta área). Ao peche do presente informe aínda non contamos coa resposta do Concello de Ribeira.

No caso de Tui o Concello tiña que aclarar o funcionamento dun café como pub e con ruídos (Q/2101/09). Despois de moito tempo unicamente dera conta dunha comunicación á policía local para que o comprobara. Antes fora necesario formular unha advertencia de declaración de hostilidade ao alcalde e incluso falar con el para urxir a resposta. Finalmente o Concello respondeu confirmando o obxecto da queixa e ordenando *o cesamento inmediato da actividade de disco-pub..., que se exerce sen a preceptiva licenza municipal de apertura ou actividade.*

Tamén resultan frecuentes os casos de transmisión de ruídos ás vivendas por deficiencias na insonorización ou pola utilización dun volume superior ao permitido. As queixas deste tipo adoitan acompañarse da negativa ou a tardanza excesiva dos entes locais á hora de realizar a preceptiva comprobación de ruídos, ou de comprobacións inadecuadas. a comprobación de todas as circunstancias citadas é unha función municipal que en ocasións non se atende coa dilixencia precisa, como o demostran a necesidade de formular recomendacións.

A transmisión de ruído comprobouse na Estrada nos casos das queixas Q/434/09 e Q/597/09. No primeiro, despois de que pola nosa parte se insistise na necesidade de corrixir esta e outras irregularidades detectadas, o Concello finalmente ordenou ao propietario *cumprir coa normativa vixente en materia de protección contra a contaminación acústica*, os horarios, e non permitir a presenza de persoas nas portas ou que estas estean abertas. No segundo caso, tamén despois da nosa intervención, o Concello requiriu formalmente ao titular que acreditara o illamento adecuado, algo que en realidade se debía ter acreditado coa licenza, de terse feito correctamente.

1.3.3.4. Incumprimento dos horarios de peche dos locais de ocio

O respecto aos horarios dos locais é unha das circunstancias nas que os cidadáns insisten con máis vehemencia cando sofren problemas de contaminación acústica, sobre

todo os que viven en zonas saturadas. En anteriores informes subliñamos a necesidade de solucionar a falta de carácter disuasorio das sancións, a caducidade de moitos expedientes sancionadores, a case nula aplicación das consecuencias da reincidencia, que resulta moi frecuente, e a falta de comprobación de moitas das infraccións que se producen por problemas competencias entre as diferentes administracións.

Como mostra diso encontramos a queixa Q/1504/10, na que a propietaria dun hostel situado na zona saturada de Churruca, en Vigo, reclama, entre outras moitas causas, porque o horario se excede con frecuencia polos locais, perturbando o descanso dos veciños da zona; ou a queixa Q/1229/10, na que os veciños da zona da Catedral de Lugo, tamén saturada, reclaman da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que ao regular os horarios se teña en conta a existencia de zonas saturadas, establecendo un horario de peche máis restritivo para aqueles locais de ocio nocturno situados nelas. Tamén se queixan da escaseza de efectivos policiais que se poidan ocupar do control do cumprimento da ordenanza de zonas saturadas, e especificamente dos horarios de peche. Ao respecto a Consellería sinalou, respecto da falta de carácter disuasorio das sancións, a falta de aplicación da reincidencia, ou da imposibilidade de resolver a clausura dos locais que pechan habitualmente fóra do seu horario, que a Lei orgánica 1/92, de protección da seguridade cidadá, establece sancións máximas de 300,51 € para este tipo de infraccións, e que para chegar a cualificalas como infraccións graves debe resolverse de forma firme sobre a terceira infracción leve dentro do prazo dun ano, o que resulta moi difícil. Se a iso unimos que en moitas ocasións os expedientes caducan, necesariamente concluimos que o réxime sancionador resulta ineficaz e permite actuacións infractoras de forma continuada, o que vén a unirse a uns horarios moi xenerosos, sinalados desa forma precisamente co compromiso do sector de cumprilos de forma estrita, circunstancia que en moitos casos non se dá, como vemos.

En ningunha das dúas queixas mencionadas a Consellería responde á petición de aclaración sobre a posibilidade de reducir os horarios nas zonas saturadas. Trataríase de que a regulación de horarios que fai ese órgano teña en conta a existencia de zonas saturadas, establecendo un horario máis restritivo, ou de habilitar aos concellos que declaren zonas deste tipo para reducir os horarios nela. A redución dese horario nas

circunstancias indicadas resultaría adecuada, como sinalan algunhas sentenzas, pero neste momento non resulta posible realizala por parte dos concellos, ao se encontrar atribuída esa facultade á Consellería. Esta habilitación sería útil e estaría na liña dos previsto no decreto autonómico 320/2002, que sinala que en caso de declaración de ZAS “o Concello establecerá as medidas oportunas, dentro do seu ámbito de competencias, tendentes a diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos”, o que debería incluír a posible redución de horarios, posto que a prohibición de novas licenzas, que é a medida normalmente adoptada dentro do ámbito municipal, non resulta adecuada para diminuír o nivel, senón unicamente para non agravar o problema.

Na Estrada coñecemos un problema de contaminación acústica (Q/434/09) que entre outras moitas circunstancias irregulares tamén comprendía un incumprimento habitual do horario do local. Foron precisos moitos requirimentos ao Concello desa localidade e ata 2 recordatorios de deberes legais e advertencias de declaración de hostilidade para conseguir que finalmente o ente local se comprometera a facer cumprir a normativa.

1.3.3.5 A contaminación acústica e outros problemas ambientais creados por actividades comerciais, industriais ou de diferente tipo

Debido aos ruídos e demais prexuizos ocasionados por centros relixiosos coñecéronse expedientes en Arteixo (Q/880/10) e en Ribeira (Q/1231/10). No primeiro caso os afectados interpuxeron numerosas denuncias contra unha mesquita que aparentemente non se encontra acondicionada para evitar prexuizos para os veciños. Ao parecer xera ruídos ata altas horas da madrugada e nela prepáranse comidas, a pesar de que non conta con saída de gases. Emprégase *camping-gas* e bombonas, con alto risco de incendio; de feito xa se producira un. A pesar das moitas comunicacións ao Concello de Arteixo, este aínda non dera das actuacións definitivas que levará a cabo para abordar este problema. O mesmo pasa no caso dunha igrexa evanxélica de Ribeira; o Concello desa localidade non remitiu ningunha resposta, polo que foi preciso advertir o seu alcalde de posible declaración de hostilidade e entorpecemento.

E noutra orde, na queixa Q/273/09 o Concello de Ribeira había dera conta da súa orde de retirada dun guindastre-torre utilizado nun taller de pedra, que sobrevoa unha vivenda e non conta con licenza. Sen embargo, nunha nova queixa (Q/1616/10) o reclamante indica que a retirada do dito guindastre non se realizou. Despois dun tempo considerable o Concello de Ribeira aínda non o aclarou, polo que tamén neste caso enviamos ao seu alcalde unha advertencia de declaración de hostilidade e entorpecemento.

En Chantada coñecéronse os prexuízos ocasionados polos ruídos ao parecer provocados pola refrixeración dun establecemento de venda de froita (Q/1128/10), algo que xa coñecéramos nunha queixa precedente na que o Concello se comprometera a iniciar un expediente. Sen embargo, no seu último escrito a afectada sinala que o Concello non solucionou o problema, a pesar de que a policía local sinalou no seu informe que existían dúas neveiras propias da actividade e comprobou “un ruído considerable emitido por estas e que probablemente afecte ao primeiro piso”. Segundo coñecemos ao cabo de moito tempo (foi preciso formular un recordatorio do deber legal de responder e advertir o alcalde da súa posible declaración como hostil e entorpecedor) a pesar de todo iso finalmente o Concello arquivou o seu expediente debido a que non dispón de sonómetro e por iso “non queda acreditado no expediente que se superen os niveis de ruídos admitidos”, algo do que xa se queixara insistentemente a afectada, que sinalou que o Concello lle nega a medición dos ruídos e por iso non intervéñ de forma adecuada para acabar co seu problema. Á vista desta situación ao peche do presente Informe encontrámonos redactando unha recomendación para recordar ao Concello a súa obrigaón legal de cumprir coas súas competencias en materia de contaminación acústica e de realizar cantas medicións se demanden polos afectados por ela (art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica).

A través dun cidadán de Salceda coñecemos os prexuízos e molestias ocasionados por unha canceira de Salceda de Caselas situada ao lado da súa casa (Q/1605/09), fundamentalmente a ampliación irregular das instalacións e o funcionamento nelas dunha incineradora. Finalmente coñecemos que non contaba con ningunha licenza, polo que o Concello ordenou o seu peche.

1.3.3.6 Tratamento do dereito de acceso á información ambiental e á participación cidadá en materia de medio ambiente

Como subliñamos na introdución, debería mellorarse a efectividade do dereito á información e a participación ambiental. En canto ao primeiro dos dereitos (información), bótase en falta axilidade na resposta e na entrega. En ocasións reclámase o pagamento de cantidades non previstas (as entregas telemáticas deben ser gratuítas, como tamén as fotocopias de menos de 20 páxinas). A falta de resposta ou a demora desproporcionada pretende xustificarse na falta de medios, o que non é adecuado, posto que a información debería encontrarse en formatos que permitan a súa fácil xestión, manexo e entrega.

Detectáronse numerosos casos nos que se demoraba considerablemente a resposta ás solicitudes de información ou só se responde despois de formular e tramitar a correspondente queixa. Así sucedeu en moitas das abundantes queixas promovidas por asociacións de defensa ambiental ou de particulares.

Polo que se refire a dereito de acceso a información á poboación de episodios de contaminación, unha organización de defensa ambiental reclamou polo incumprimento das previsións de información ante incidentes por contaminación de ozono (Q/1512/10). Da información dada deducimos que nos datos de control de contaminantes atmosféricos en Pontevedra apareceron superacións de concentracións de ozono nalgúns días de xullo do presente ano. Sen embargo, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas atribúe os datos de superación a fallos puntuais nos detectores, o que se xustificaría coa explicación técnica que se detalla no informe. Esa é a razón pola que os datos foron retirados en tanto non se reparaba o medidor por parte da empresa subministradora; os datos aparecidos non serían adecuados e non se validaron. O anterior xustificaría a non difusión á poboación nunha escala suficientemente grande e o antes posible do contido especificado no anexo II do Real decreto 1796/2003. Algo parecido sucedeu en Ferrol. A xustificación anterior resultaría adecuada sempre e cando os fallos deste tipo foran puntuais ou infrecuentes; en caso contrario sería preciso revisar con carácter xeral os medios técnicos de medición, de tal maneira que se cumpra adecuadamente co previsto no ordenamento, en especial en materia de información á cidadanía. Á marxe da explicación

anterior, con carácter xeral a administración autonómica comprometeuse a que “en caso de que se produzan superacións dos valores mínimos de calquera contaminante”, ademais da información na páxina web da calidade do aire, porase en contacto con Protección Civil e coa Consellería de Sanidade para que tomen as medidas oportunas de protección da saúde das persoas e se lle dea a difusión necesaria, cumprindo así o establecido no RD 1796/2003, relativo ao ozono no aire ambiente, do anterior dedúcese que se compromete a dar efectividade de forma rigorosa aos seus deberes en relación coa información ao público nos casos previstos.

En canto ao dereito de participación, coñecemos unha queixa porque non se convoca o *Observatorio Galego da Biodiversidade* (Q/2021/10), creado polo Decreto 260/2007 como órgano consultivo e de asesoramento da Xunta e ao que se encomenda a tarefa de elaborar, compilar e subministrar toda a información posible sobre o estado da biodiversidade galega e a súa conservación, para o cal deberá instrumentar mecanismos de cooperación entre as administracións públicas, as universidades e os institutos de investigación. O seu artigo 4.1 di que “se reunirá en sesión ordinaria como mínimo unha vez ao ano. Poderá tamén reunirse en sesión extraordinaria cando a presidencia... o estime oportuno”. A última reunión ordinaria foi o 25 de xullo de 2008, polo que transcorreron máis de dous anos sen que houbo cando menos a regulamentaria convocatoria de carácter ordinario. Desde entón diversos membros deste organismo solicitaron a súa reunión sen éxito. Ao peche do Informe encontrámonos á espera dunha aclaración sobre o asunto; sen embargo, debemos subliñar que, de confirmarse o contido da queixa, se repetiría algo xa constatado en ocasións precedentes e que sucede a pesar de que en informes anteriores destacamos a necesidade de cumprir este tipo de previsións en relación con órganos consultivos ou doutro tipo da administración ambiental, como o *Consello Galego de Medio Ambiente*, o *Observatorio Galego de Educación Ambiental*, ou o propio Observatorio que agora tratamos de novo, e incluso a Xunta de Goberno do organismo autónomo *Augas de Galicia* (Q/403/00, Q/991/02, Q/1105/03 ou Q/505/05).

1.3.3.7 Avaliación de impacto ambiental

A queixa Q/1891/08 referíase ao diferente tratamento ambiental de proxectos de construción de aproveitamentos hidroeléctricos no río Oitaven; no Salto de Gaxate exixírase avaliación de impacto ambiental (EIA), e en cambio no de Corope dérase un procedemento diferente e de menor entidade, a pasar da similitude dos supostos. Nin a anterior Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible nin a actual Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas aclararon as causas polas que o procedemento de avaliación ambiental do salto de Corope se deu con avaliación de efectos ambientais (EEA), e non con EIA. A solicitude do salto era do 5 de febreiro de 2001, e a declaración de efectos, do 21 de novembro de 2001. Indicábase que nesa data non se encontraba vixente a Lei 6/2001, do 8 de maio, de modificación do Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de EIA. Sen embargo, cunha redacción similar xa existía o Real decreto-lei 9/2000, do 6 de outubro, de modificación do Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de EIA. Esta circunstancia, unida á concorrencia do mesmo efecto acumulativo que se valorou no Salto de Gaxate, fai pensar que era precisa unha EIA, como defendeu a organización de defensa ambiental reclamante. A Consellería sostén que a avaliación de efectos (EEA) é similar á avaliación de impacto (EIA). Sen embargo, eso non é óbice para o cumprimento do procedemento de avaliación de impacto ambiental cando tal cousa sexa precisa de acordo coa normativa básica estatal, como sucede.

1.3.3.8 A xestión das augas continentais: os vertidos e as depuradoras

Os problemas ocasionados pola EDAR de Vigo foron tratados en diferentes informes, nos que coñecemos a problemática xeral da infraestrutura. Desde 2007 coñeciamos unha queixa de oficio especificamente referida á política municipal de realoxamentos dos afectados (Q/1983/07) e para cuxa aclaración o Concello non daba mostras de dilixencia, como subliñamos no Informe de 2009. Finalmente informou dunha forma na que non se aclaraba o expresado na queixa (o concello promoveu o realoxamento nun hotel o primeiro día en que se sentiron malos cheiros moi intensos, pero ao día seguinte indicou aos afectados que debían volver ás súas casas, co que non estaban de

acordo, posto que os malos cheiros continuaban), do que deducimos que tacitamente recoñecía o expresado polos afectados cando se puxeron en contacto coa institución polos motivos indicados. Non obstante, no seu escrito final o concello comprometíase a resolver os eventuais incidentes con realoxamentos adecuados (*sempre que se produzan situacións dese tipo... atenderá o benestar dos veciños afectados*).

En Ames coñecemos a queixa Q/55/07, que concluíu cunha recomendación ao Concello para corrixa a invasión de augas residuais que sufría o afectado na súa vivenda, cousa que aceptou. Sen embargo, este ano o interesado indicounos (Q/112/10) que o problema continuaba, despois de moito tempo desde a súa primeira denuncia e incluso desde a recomendación. Despois dun tempo o Concello de Ames indicou que tan pronto *se produza a entrada en vigor do orzamento municipal poderán realizarse as obras que permitan solucionar o problema de inundación de augas fecais da vivenda*.

1.3.3.9 A frecuente carencia de licenza de actividade das antenas de telefonía móbil

Como vén sendo habitual, este ano tamén se coñeceron un bo número de queixas relacionadas coa instalación de antenas de telefonía móbil próximas a vivendas. Estas instalacións necesitan licenza municipal de funcionamento, pero o certo é que encontramos moitas que non a teñen. Algúns entes locais sosteñen que desde a aprobación do Decreto autonómico 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, xa non é precisa a licenza de funcionamento, o que nós rexeitamos. Anteriormente non se mencionaban as antenas de telefonía móbil no *nomenclátor do RAMINP* (non podía ser doutra maneira, posto que este tipo de instalacións non existía en 1961, data do RAMINP), pero considerábanse obxecto do procedemento por encaixar nas definicións das actividades clasificadas e polo carácter de *numerus apertus* do *nomenclátor* do regulamento. Ese carácter non se modifica no máis mínimo con o novo decreto autonómico; o seu artigo 2.2 sinala que *así mesmo estarán sometidas a este procedemento aquelas outras actividades que non estando incluídas no dito anexo I merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas e perigosas, conforme as definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. A consellería competente en materia de medio ambiente decidirá sobre a necesidade ou non da avaliación de incidencia ambiental*

das actividades contempladas nesta aliña. A decisión será motivada e adoptarase de acordo cos criterios obxectivos que se determinan no anexo II. Por tanto, haberá que recorrer, como sucedía antes, ás definicións de actividades as actividades, agora ás do artigo 13 da Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia, que deben interpretarse de acordo cos criterios obxectivos sinalados no anexo II do Decreto. E dado que as definicións son similares ás do RAMINP e que os criterios do anexo II non apuntan cambios con respecto á situación anterior, e ademais as instalacións ás que nos referimos non se encontran expresamente excluídas no anexo III, non parece que a interpretación da xurisprudencia precedente se deba considerar modificada, salvo que finalmente a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sinale outra cousa nas decisións motivadas que se mencionan no artigo 2.2 do Decreto 133/2008, e sen prexuízo das decisións xurisdicionais relativas aos recursos que se promovan contra esas decisións.

En relación cos trámites citados e por tanto coas exixencias ambientais e demais trámites legais que afectan ás promocións deste tipo recibimos solicitudes para orientar os cidadáns afectados, como sucedeu no caso dunha antena de Noia. En todos os casos respóndese da forma indicada na aliña precedente.

Coñecemos queixas por antenas sen licenza en Monforte (Q/104/10), Pontevedra (Q/1907/08), Mos (Q/912/10) ou Salceda (Q/2007/08).

1.3.3.10 As responsabilidades en materia de animais domésticos e de animais perigosos

Coñecéronse algunhas denuncias referidas a malos tratos a animais ou á súa tenza en instalacións que non reunían condicións. Así, en relación coas supostas malas condicións dos animais na canceira de Xinzo de Limia coñecéronse as queixas Q/1682/10 e Q/2329/10. A Consellería de Medio Rural indicou que se comprobaron unha serie de irregularidades e se requiriron ao Concello de Xinzo as medidas necesarias para emendar todas as deficiencias existentes, apercibíndoo de que en caso contrario sería incoado un expediente sancionador. Tamén coñecemos a queixa dunha asociación de defensa ambiental que denunciaba que os cans de caza se encontran abandonados en Verín e

malviven pola súas rúas sen que o Concello faga nada por terminar con esa situación (Q/1741/10). O Concello alegou que non ten infraestrutura para atender esta tarefa e que a Deputación ten o proxecto de realizar canceiras. Polas supostas malas condicións dunha canceira de Vincios-Gondomar coñécese a queixa Q/2219/10 e 18 máis. Na actualidade encontrámonos á espera de recibir os informes do Concello de Gondomar e da Consellería de Medio Rural.

En relación con incidentes con cans perigosos iniciamos unha queixa de oficio (Q/1286/10) como consecuencia das noticias contidas en diferentes diarios nas que se daba conta do falecemento dun neno de dous anos atacado por un pitbull, en Pazos de Borbén, do ataque doutro can pitbull en Escairón, e do ataque dun bull terrier en Lugo.

Noa xornais sinalábase que no primeiro caso “todo apunta a que un descoido da familia permitiu que o menor se acercara ao recinto valado onde se gardaba o can, que o enganhou e o matou a dentadas” (El País, 16-5-10). Investígase se se gardaron as medidas de seguridade en relación con razas perigosas, como é esta. A normativa sinala que este tipo de animais deben estar amarrados ou nun habitáculo que protexa as persoas ou animais que accedan ou se acerquen ao lugar, e na rúa deben ir con buceira e cadea ou correa non extensible. Ademais, os donos deben ter unha autorización administrativa municipal con validez por 5 anos, o que obriga a probar unha serie de requisitos, como a aptitude física e psíquica, e a ter un seguro de responsabilidade civil. O neno, de 24 meses, estaba familiarizado co can porque ambos se criaran xuntos nun piso de Vigo. O pai trasladou o can á leira dos avós no Mosteiro hai catro meses. Por esa razón, os veciños nunca viran o animal, aínda que oían o seus ladridos.

Na segunda noticia (*La Voz de Galicia*, 14-6-10) sinálase que un can de presa atacou outro can e ao dono deste. Trátase dun pitbull que se lle escapara á súa dona en Monforte. Despois duns días vagando polo monte foi aparecer a quince quilómetros de distancia, en Escairón. Eran as seis da tarde e numerosos veciños gozaban da tarde no parque da Devesa. Entre eles, unha muller e seu pai octoxenario paseaban a súa cadela. De repente, o pitbull botouse enriba desta e agarrouna coa boca polo pescozo. Pouco despois, soltouna xa morta. No forcexo para intentar espantar o can agresor o ancián sufriu unha

forte trabada na man. Minutos despois unha ambulancia recollía o ferido e trasladábano ao hospital de Monforte.

Na terceira noticia (*El Progreso*, 17-6-10) sinalábase que un can ceibo atacou unha muller e lle rompeu un brazo e unha costela. O marido e o fillo da vítima perseguiron ata á súa casa o dono do animal, un bull terrier, e despois presentaron denuncia. O can ía ceibo e sen buceira e abalanzouse sobre a muller, facendo que caera e provocándolle a rotura dos ósos citados. Ademais, partiu o dentes e sangrou pola boca. Pedíronlle ao dono que collera o animal, pero non o fixo; despois do sucedido botou a correr. Isto sucedeu o día 2 de xuño. Nesta noticia engádese que a Sociedade Protectora de Animais de Lugo detecta cada vez máis conflitos derivados da presenza de cans ceibos, sen correa, nos paseos do Rato e do Miño. Os paseantes consideran a súa presenza como unha ameaza.

A Consellería de Medio Rural, competente na materia, e os concellos de Lugo e Monforte, tamén competentes en parte, responderon dando conta de forma satisfactoria do cumprimento das súas responsabilidades en relación co asunto. En Monforte toda a documentación sobre o asunto se trasladou ao xulgado, polo que resta coñecer o resultado das actuacións xudiciais e se en consecuencia se debe proseguir coas actuacións no ámbito administrativo. En Lugo a policía local denunciou o caso por incumprimento de determinados deberes dos propietarios, como son a retención do animal ou a posesión do pasaporte sanitario. Sen embargo, despois de moito tempo desde o inicio da queixa seguimos sen recibir ningún informe do Concello de Pazos de Borbén, polo que diriximos ao seu alcalde un recordatorio do seu deber legal de responder e unha advertencia de declaración de hostilidade e entorpecemento.

1.3.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Nesta sección recóllense as queixas que non foron admitidas a trámite por non reuniren os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, ou por concorrer calquera das circunstancias enumeradas nos artigos 20 e 21 do mesmo texto legal. As circunstancias que motivan con maior frecuencia a non admisión a trámite son o coñecemento xudicial presente ou pasado da queixa; a non reclamación previa á

administración competente; a ausencia de indicios de actuación irregular da administración; e a natureza xurídico-privada do problema. En calquera caso, sempre se comunica a non admisión da queixa e se especifica o motivo concreto desa decisión, informando o interesado do máis oportuno na defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos, se observamos a existencia dunha actuación alternativa que poida promoverse.

1.3.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

O *Defensor del Pueblo* é a única institución habilitada para a supervisión da actuación da Administración Xeral do Estado (artigo 54 CE). Por iso, cando recibimos algunha queixa relativa a esa administración, remitímola ao *Defensor del Pueblo*, dando efectividade desta maneira aos principios de colaboración e coordinación establecidos na Lei 36/1985, do 6 de novembro, pola que se regulan as relacións entre a institución do *Defensor del Pueblo* e as figuras similares nas distintas comunidades autónomas. Este ano remitimos ao *Defensor del Pueblo* por reclamacións referidas a cuncas competencia das Confederacións da Administración Xeral do Estado (Q/608/10, Q/1105/10 e Q/1737/10), impacto do Aeroporto da Coruña (Q/896/10), obras do AVE en Ourense (Q/619/10) e desacordo con actuacións na AP-9 (Q/1045/10).

1.3.6 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE

1. Recomendación dirixida ao Concello de Oroso o 5 de abril de 2010 debido ao funcionamento irregular dun local (Q/636/09).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a M. D. P.F. debido ao funcionamento do local de ocio denominado xxx.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que leva moitos anos pelexando cun local de copas situado debaixo da súa vivenda chamado xxx, que ao parecer ten licenza de cervexería, aínda que o Concello non lla mostrou. Reclamou a axuda do Concello para que tomara medidas contra ese local e se garantira o seu dereito ao descanso, e o máximo que conseguiu do Concello foi que realizasen unha inspección do local, na cal se constatou que existen deficiencias de insonorización do local e que dispón de equipo musical de potencia. Agora ten un neno pequeno, polo que non soporta máis esta situación; pide que se garanta o seu dereito ao descanso e sobre todo o dereito ao descanso da súa familia. Achéganos algunhas das denuncias máis antigas presentadas ante o Concello e tamén o informe da empresa homologada que verificou as medidas de protección contra a contaminación acústica que debera ter o local e que a día de hoxe aínda non foron aplicadas, con incumprimentos reiterados, por tanto. Ademais o local está situado nunha rúa declarada xxx no PXOM de Oroso, polo que o Concello debería poñer máis interese en que se leven a cabo as medidas correctoras, segundo expresa.

Ante iso requirimos información ao Concello de Oroso sobre se o establecemento contaba con licenza municipal de funcionamento, incluída a comprobación prevista no artigo 34 do RAMINP, e sobre o tipo de licenza de que se trata (bar, cervexería, pub ...), no seu caso; sobre o axuste da actividade ao tipo de licenza de que se trate, con especial mención á exclusión da música se tratase dun simple bar, café, cervexería ou similar, que non se atoparía habilitado para funcionar con música, como ao parecer fai o establecemento; sobre as comprobacións das inmisións de ruídos transmitidos á vivenda da reclamante; sobre a suposta falta de resposta e de medidas eficaces como consecuencia das

denuncias da interesada; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

O Concello finalmente respondeu, aínda que o informe recibíuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar ao Concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertirlle da súa posible declaración como hostil e entorpecedor da labor da institución. O informe municipal sinala o seguinte:

“En data 4.12.2009 (RS 3638, do 10.12.2009), emitíuse o informe que se solicitou sobre o expediente núm. C.6.Q/1604/2007 e no que se detallaba a situación deses locais e nas que se indicaba que por parte da administración local se iniciaba o expediente de reposición da legalidade da Cervecería xxx (C.6.Q/636/09).

Non se fixo mención ao problema do consumo de alcohol na rúa xa que o Concello non ten constancia de que no concello se produza o fenómeno do "botellón" (denuncias de particulares que acheguen algún indicio — fotos, gravacións, etc. —; partes dos servizos de emerxencias ou das forzas e corpos de seguridade do Estado; queixas da concesionaria do servizo municipal de recollida do lixo; queixas da brigada de obras municipal, etc.).

Por último, comunícaselle que para o control dos horarios de apertura e peche dos locais de ocio, solicitouse a colaboración da Subdelegación do Goberno na Coruña”.

Efectivamente, anteriormente se indicara o seguinte:

“... LOCAIS OBXETO DO EXPEDIENTE C.6.Q/1604/07 E O SEU AXUSTE ÁS LICENZAS MUNICIPAIS (...) RODEO

CONSTA licenza provisional concedida en outubro de 2006, con categoría para cervexería.

CONSTA no expediente de tramitación da licenza un decreto da Alcaldía do 17.11.2004 polo que se incoa un expediente para o cumprimento da legalidade e, no seu

caso, o inicio do correspondente procedemento sancionador, que finalmente non se incoou.

CONSTA así mesmo que en data 4 febreiro 2003 a Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, remite un escrito de inicio de actuacións previas requirindo ao Concello para que informe do estado na tramitación da solicitude da licenza de apertura do local, sen terse incoado posteriormente o expediente sancionador.

CONSTA informe favorable de CETA do 24.11.04 sobre o cumprimento na execución de medidas correctoras.

CONSTA un requirimento de data 5.5.06 á titular do establecemento para que adapte a denominación da categoría do local á normativa vixente, podendo adoptar a denominación de bar, café-bar ou cafetaría.

Este local atópase nunha zona cualificada como acusticamente saturada no PXOM de Oroso.”

A pesar do parco do informe e de que non aclara algúns aspectos substanciais, polo menos sábese que o *expediente de reposición da legalidade* ao que se refire o Concello é anterior á concesión do que o ente local chama *licenza provisional*, que se concedeu finalmente en outubro de 2006 para cervexería. Non obstante, o anterior non encaixa coa data do requirimento, do 5.5.06, *para que adapte a denominación da categoría do local á normativa vixente, podendo adoptar a denominación de bar, café-bar ou cafetaría.*

En calquera caso, se finalmente se dera licenza de funcionamento de acordo co previsto no art. 34 do anterior RAMINP, cousa que non se aclara, sería para unha simple cafetería ou similar, de acordo co novo catálogo, como acertadamente sinala o Concello. Por iso, o establecemento non podería funcionar como un *local de copas*, é dicir, con música (que ademais penetra na vivenda) e ata altas horas, que é o que reiteradamente vén

denunciando a afectada. A pesar diso o Concello segue sen aclarar esta obxección, o que resulta rechamante se temos en conta que as denuncias e queixas se refiren a dita cuestión e que pola nosa banda se reclamou tal cousa expresamente, como vemos.

As actividades clasificadas precisan a correspondente licenza municipal de funcionamento, autorización outorgada segundo o establecido no RAMINP de 1961 (Decreto 2414/1961), e agora de acordo co Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. A través deste instrumento de control preventivo e continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra, outorgando as licenzas soamente cando iso sexa posible en función das circunstancias particulares do suposto e coas medidas correctoras previstas para garantir a ausencia de prexuizos.

Unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non superen os parámetros manexados á hora de conceder as licenzas de funcionamento. A este respecto, os locais que contan con licenzas para funcionar como simples bares, cafetarías ou similares non poden realizar o seu labor con música e cun horario amplo, entre outras moitas razóns porque no momento do exercicio do control preventivo, é dicir, no procedemento da licenza, os promotores e as administracións intervenientes (concello e Consellería de Medio Ambiente) non garantiron a inocuidade dos locais nesas condicións de uso, ao se preveren outras. As exixencias ambientais para este tipo de locais son menos rigorosas, polo que se posteriormente non axustan o seu modo de funcionar ao verdadeiramente habilitado, poden causar importantes prexuizos, e, en calquera caso, están incumprindo as condicións da licenza municipal que posúen.

Este tipo de establecementos non poden contar con música, nin pretender exercer como pubs. Ao respecto xa tivemos ocasión de sinalar en anteriores ocasións que a denominación *café-bar* fai referencia a locais que non poden incluír na súa actividade equipos de música, incluso nos supostos en que se encontran mencionados nos proxectos (véxase a recomendación e suxestión incluídas no Informe Anual ao Parlamento de Galicia 2002: 249 e ss). Así se desprende da diferenciación que realizan as variadas normas

reguladoras da materia, como poden ser o catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 292/2004), o Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, ou as diferentes ordes da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que veñen regulando os horarios de apertura e peche dos locais. O Decreto 292/2004 cita as salas de baile ou festas, as discotecas, os pubs e os karaokes como establecementos con ambientación musical, e, polo contrario, ao mencionar as cafeterías, cafés ou bares non sinala que teñan esa característica, a ambientación musical, pola que a diferenza resulta clara.

Co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local; esta abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento. E, como xa tratamos, unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste estrito ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non excedan dos parámetros manexados á hora de conceder as respectivas licenzas de funcionamento.

O funcionamento real do establecemento que vén denunciando a reclamante, sen aclaración por parte do Concello, é o propio dun pub. Efectivamente, a interesada sinala claramente que funciona como *local de copas* e con música, que é o que se transmite a vivenda. Sen embargo, o ente local non aclara esta circunstancia, ou non a desmente, co que parece confirmar o denunciado. Ademais, nin tan sequera presenta unha comprobación sonométrica da cuestión, a pesar de tratarse dunha obriga municipal (art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica).

Todo o anterior supón unha desatención das funcións municipais contempladas no citado artigo da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que “corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento da presente lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento”; e no art. 25

da LRBL, que establece que “o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente”. E esa desatención pode dar lugar á responsabilidade municipal, como reiteradamente vén determinando a xurisprudencia ao xulgar supostos moi similares.

A cidadá que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Oroso non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que están sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Oroso a seguinte **recomendación**:

“Que con urxencia se proceda a comprobar o aparente funcionamento irregular do local obxecto da queixa, que conta con licenza de simple cafe-bar, bar ou cafetería, pero que non se axusta ao habilitado na súa licenza, ao funcionar con música e cun horario amplo; e que no caso de confirmarse, de forma inmediata se proceda a impedir ese funcionamento irregular, e se inicie o correspondente expediente sancionador pola infracción que pode supoñer tal circunstancia”.

Resposta do Concello de Oroso: recomendación tacitamente rexeitada; desatendeuse o deber legal de responder á recomendación.

2. Recomendación dirixida ao Concello de Melide el 12 de abril de 2010 debido aos ruídos procedentes ou relacionados coa actividade dos locais da localidade (Q/1903/08).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa debido ao escrito de D. J.J.L.S. relativo aos ruídos procedentes de locais de ocio en Melide.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que no seu lugar habitual de vacacións, Melide, durante o mes de agosto tiveron que soportar unha serie de ruídos nocturnos dun grupo de pubs e de bares todos os días, e que outros anos se reducían aos fins de semana. Pese a poñelo en coñecemento do Concello, nin este, cuxa policía municipal non traballa de noite, nin a garda civil, fixeron o máis mínimo por solucionar ou reducir o problema, nin aplicar o cumprimento da normativa de horarios (4.00 h entre semana e 4.30 h os fins de semana), segundo sinala. O problema empeza cos pubs e bares sobre as 10h ou 12 h; a maioría carecen de insonorizacións, con permisividade municipal, sen dobre porta de peche e saída (e a única que teñen a deixan toda a noite aberta), e, sobre todo, cunha hora de peche moi por enriba da permitida, nunca antes das 5.00 h, chegando a facelo ás 8.45 h, pero habitualmente entre as 6.00 e as 7.30 h. Os establecementos son os situados en Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán, cunha anchura escasa, uns 8 m, e polo tanto coa conseguinte facilidade para o eco. Os pubs dispoñen de liberdade de horarios, de decibelios e de instalacións (non insonorización, porta única e aberta, instalacións fora en festas, incluso 5 días despois de acabar estas, lexislación non aplicada...), segundo sinala. Os pubs e bares están degradando a zona polos ruídos, sucidade (os depósitos de lixo están cheos todo o día ao baleirar os restos dos pubs posteriormente á recollida, co conseguinte cheiro; o cor da sucidade da rúa é evidente) e intranquilidade (tocar o timbre de madrugada, bucinas e aceleróns de coches, discusións e gritos dada xente).

Ante iso solicitamos informe a ese Concello, en concreto sobre o problema que motivou a queixa, en particular sobre a comprobación dos feitos mencionados e sobre o

seu resultado; sobre a lista de locais da zona, sobre se contan con licenza de actividade e funcionamento, incluída a comprobación prevista no artigo 34 do RAMINP; sobre se axustan a súa actividade ao tipo de licenza con que contan, no seu caso, facendo mención especial a que os simples bares ou cafés non teñan música e pechen no seu horario; sobre a insonorización dos pubs ou superiores; sobre as medicións realizadas e o seu resultado; sobre o funcionamento de locais con música e cunha porta única e aberta, sobre as instalacións fóra do establecemento; sobre a sucidade da zona, en especial sobre se os depósitos de lixo están cheos polo día ao baleirar os restos dos pubs posteriormente á recollida, co conseguinte cheiro; sobre a color da sucidade da rúa; sobre se se realizaron comprobacións relativas a saturación de ruído na zona e, no seu caso, que se determinou; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa. O Concello nun primeiro intre respondeu o seguinte:

“En contestación ao seu escrito ... sobre ruído nocturno durante todos os días do mes de agosto dun grupo de pubs e bares sitos nas rúas Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán de Melide, sucidade e outros extremos, paso a informarlle o seguinte:

1º.- En modo ningún pode aceptarse a imputación de permisividade por parte deste Concello no tocante ao tema dos ruídos e, en xeral, molestias producidas polos bares, cafeterías e pubs sitos en Melide. O actual goberno municipal está absolutamente sensibilizado neste tema -como o demostra o feito das numerosas medidas de control, vixilancia e medicións de ruído que se veñen efectuando, especialmente as fins de semana, de xeito que a policía local ten precisas instrucións para denunciar e por en coñecemento desta Alcaldía calquera incumprimento dos horarios de peche destes establecementos, así como de velar para que os ruídos non superen os niveis autorizados. Outra cousa é que, como lamentablemente acontece en case todos os municipios que teñen este tipo de establecementos, poida darse algúns episodios de ruído, peche fóra do horario, sucidade, etc., que non sexa detectado e polo tanto non poida ser sancionado. Dito isto tamén é preciso puntualizar que o horario de peche dos locais afectados non é exactamente o sinalado polo interesado (4,00 h. entre semana e 4,30 h. as fins de semana), pois depende do tipo de establecemento público, de xeito que conforme establece a normativa vixente (Orde da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local do 16 de xuño de 2005,

publicada no DOG núm. 117, do 20 de xuño), as salas de festa e discotecas teñen autorización para exercer súa actividade a diario ate as 5,30 h. (media hora máis as noites que van de xoves e venres, de venres a sábado, de sábado a domingo e de domingo a luns, así como as noites anteriores aos festivos e as do festivo), ao que habería que engadir o tempo de desaloxo (30 minutos máis). Nas rúas citadas polo denunciante atópanse numerosos pubs (máximo 5,0 h da mañá como hora de peche) e algúns establecementos con licenza de café-teatro ou caféconcerto que tamén teñen como horario máximo de peche permitido ata as 6,0 h as fins de semana. 2°.- Achégolle, en documento á parte, a listaxe dos locais sitos na zona, informándolle que, como carecemos neste momento dunha información completa sobre os demais datos solicitados, xa dei as oportunas instrucións para que toda esa información interesada por Vde., cuxa elaboración requirirá en moitos casos previas comprobacións, sexa recompilada ou elaborada axiña, co obxecto de remitila a ese Valedor do Pobo coa maior brevidade posible, tan pronto nos sexa entregada polos servizos administrativos e técnicos e da policía local do Concello.”

O Concello remitíase a informacións posteriores para aclarar a súa actuación en relación co problema, polo que de novo nos diriximos a el para urxir a remisión da información pendente. Nesta ocasión sinálase o seguinte: *“Logo de ver o seu escrito de data 25 de febreiro de 2009 por mor da queixa presentada ante esa institución por don J. J. L. S. con data 27 de novembro do pasado ano e 19 de xaneiro do actual interesando informe complementario sobre o problema que motivou a queixa e recoñecendo o transcurso en exceso do prazo establecido no artigo 22 da Lei do Valedor do Pobo, comunicámoslle que se están a realizar as xestións oportunas para o cumprimento do seu requirimento. Non obstante por razóns do servizo poñemos no seu coñecemento a necesidade de contar cun prazo maior para poder dar contestación á información pendente.”*

Como vemos, o anterior requirimento de informe en realidade non era outra cousa que a reiteración do feito ao comezo da queixa. A pesar diso o ente local sinalou que “por razóns de servizo” (que non concreta) precisa contar cun prazo maior “para poder dar contestación á información pendente”. O mesmo se manifestara xa antes e dende entón aínda non se

recibiu nova información. Ao respecto sinalamos ao Concello que o prazo previsto no art. 22.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, é de 15 días, e o informe relativo á presente queixa se requirira xa facía mais de 6 meses. Nesta ocasión o Concello nin tan sequera respondeu nun longo período de tempo, ata ao punto de que foi preciso recordar ao Concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertirlle da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución. Entre tanto o interesado insistiu na súa queixa, indicando que en diferentes períodos do ano, e non só en verán, seguen a darse os mesmos problemas polos que vén reclamando. Finalmente a resposta municipal foi a seguinte:

“1º.- Cómpre explicar en primeiro lugar que o motivo da tardanza en contestar axeitadamente ao seu escrito de data 2 de outubro de 2008 se debeu a que a información solicitada polo Valedor do Pobo requiría dun enorme esforzo por parte dos servizos administrativos desta casa. Lembremos que, entre outras cousas, se nos pedía "listaxe de locais da zona, se contan con licenza de actividade e funcionamento, incluída a comprobación prevista no artigo 34 do RAMINP; sobre se axustan a súa actividade ao tipo de licenza con que contén, no seu caso, facendo mención especial a que os simples bares ou cafés non teñan música e pechen no seu horario; sobre a insonorización dos pubs ou superiores; sobre as medicións realizadas e o seu resultado; sobre o funcionamento de locais con música e cunha única porta aberta, sobre as instalacións fóra do establecemento;...”.

Pois ben, o principal problema que nos atopamos para dar resposta a todo o solicitado polo Valedor do Pobo foi que o Concello de Melide só ten informatizados os documentos de entrada e saída no rexistro municipal a partir do ano 2000. Quere isto dicir que resultou complexo localizar licenzas de diferentes pubs abertos moito antes dese ano, así como os numerosos cambios de titular que houbo en distintos establecementos. Este traballo puido facerse grazas a buscar fisicamente os expedientes no arquivo municipal e ir obtendo, pouco a pouco, a información correcta de cada pub. O traballo resultou aínda máis complexo ao non ter actualizado este concello o arquivo municipal e ter espallado por diferentes estancias e despachos todo o relativo a licenzas de obra e actividade, cuestión que estamos corrixindo dende hai tempo.

Sería do noso agrado contestar a este tema con maior rapidez, pero o volume de traballo nos servizos administrativos municipais foi, neste ano 2009, esaxerado debido á tramitación en tempo record das obras do Plan E que fixo, no caso concreto do Concello de Melide, que tiveramos que xestionar un total de catorce obras por valor de 1,4 millóns de euros en cuestión de meses.

Os reducidos prazos deste plan estatal fixo que os esforzos municipais se centrasen, basicamente, nestas cuestións. Isto provocou que se demorara máis do que quixeramos a nosa resposta ao Valedor do Pobo. En modo ningún quixeramos que esta tardanza pola nosa parte se interpretase como unha actitude hostil e entorpecedora das nosas funcións, pois foi realmente imposible facelo antes.

No escrito enviado en outubro de 2008 dicíamos que non se pode acusar este concello de permisividade no tocante ao tema dos ruídos e, en xeral, molestias producidas polos bares, cafeterías e pubs sitos en Melide. Estamos absolutamente sensibilizados neste tema dende hai dous anos que chegamos ao goberno deste concello como o demostra o feito das numerosas medidas de control e vixilancia que se veñen efectuando, especialmente as fins de semana de xeito que a policía local ten precisas instrucións para denunciar e por en coñecemento desta Alcaldía calquera incumprimento dos horarios de peche destes establecementos, así como de velar para que os ruídos non superen os niveis autorizados.

Dito isto tamén é preciso puntualizar que o horario de peche dos locais afectados non é exactamente o sinalado polo denunciante no seu escrito (4,00 h. entre semana e 4,30 h. as fins de semana), pois depende do tipo de establecemento público, de xeito que conforme establece a normativa vixente (Orde da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local do 16 de xuño de 2005, publicada no DOG núm. 117, do 20 de xuño), as salas de festa teñen autorización para exercer súa actividade a diario ate as 5,30 h. (media hora máis as noites que van de xoves e venres, de venres a sábado, de sábado a domingo e de domingo a luns, así como as noites anteriores aos festivos e as do festivo), ao que habería que engadir o tempo de desaloxo (30 minutos máis). Nas rúas citadas polo denunciante atópanse numerosos pubs (máximo 5 h da mañá como hora de peche) e

algúns establecementos con licenza de café-teatro ou café-concerto que tamén teñen como horario máximo de peche permitido ata as 6 h as fins de semana.

2º.- Achégolle, en documento á parte, a listaxe dos locais sitos na zona coa información máis completa da que dispoñemos hoxe.

3 º - Achégolle tamén un informe do xefe da Policía Local no que se reflicte as noites que estiveron de garda durante este verán. Deben saber que no Concello de Melide non había vixilancia nocturna nas noites dos sábados dende había moito tempo. Froito da preocupación do goberno local polos problemas que a movida nocturna ocasiona nos veciños, dei instrucións para que o corpo da Policía Local fixera quendas de noite, para o cal foi necesario ampliar o persoal con dous auxiliares de Policía Local máis. Cónstame que esta vixilancia constante, acompañada de sancións en moitos casos, está dando os seus froitos.

Reitero a total disposición do concello que teño a honra de presidir a contestar a todos escritos enviados polo Valedor do Pobo coa máxima rapidez.”

Por tanto, o ente local dá conta de que xa ten policía local para vixiar os asuntos da súa competencia e xa fixo cinco denuncias por incumprimento dos horarios de peche dos locais. Non obstante, non aclara se se realizaron medicións de ruídos, como parece lóxico; se se axustaron os locais ao previsto no *Catalogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia* (Decreto 292/2004); se se comprobou que os locais que expresamente se citan como sinxelos bares realmente funcionan como tales, por tanto sen música e cun horario reducido; o control do ruído na rúa, xa sexa por consumo fóra dos locais (art. 12.1 do decreto 320/2002), ou polo tránsito de xente pola rúa, con posible saturación da zona (art. 26.5 do mesmo decreto); e se se evita a sucidade que produce a situación. Ante iso solicitamos nova información, que foi a seguinte: *“1º.- Reiteramos que non se pode acusar este concello de permisividade no tocante ao tema dos ruídos e, en xeral, molestias producidas polos bares, cafeterías e pubs sitos en Melide. Estamos absolutamente sensibilizados neste tema dende hai dous anos que chegamos ao goberno deste concello -como o demostra o feito das numerosas medidas de*

control e vixilancia que se veñen efectuando, especialmente as fins de semana de xeito que a policía local ten precisas instrucións para denunciar e por en coñecemento desta Alcaldía calquera incumprimento dos horarios de peche destes establecementos, así como de velar para que os ruídos non superen os niveis autorizados. Boa proba diso é que, en menos dun ano, o número de denuncias por parte da Policía Local ascende xa a 17. Enviamos copia do envío destas á Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para aclarar as dúbidas ou desconfianzas a este respecto que parece desprenderse do seu escrito. 2º- Achégolle tamén un novo informe do xefe da Policía Local no que se reflicte as noites que estiveron de garda durante os últimos meses. Lembro novamente que no Concello de Melide non había vixilancia nocturna nas noites dos sábados dende había moito tempo. Froito da preocupación do goberno local polos problemas que a movida nocturna ocasiona nos veciños, dei instrucións para que o corpo da Policía Local fixera quendas de noite, para o cal foi necesario ampliar o persoal con dous auxiliares de Policía Local máis. Cónstame que esta vixilancia constante, acompañada de sancións, está dando os seus froitos. 3º- Con respecto á sucidade na zona á que se refire o denunciante, dicir que nas rúas que se atopan os pubs e a discoteca de Melide foron obxecto de importantes obras e investimentos nos últimos meses. Melloras que supuxeron dotar a zona de novo firme, recollida de pluviais en toda a zona, beirarrúas novas e máis anchas e nova iluminación ao instalar na zona máis de 15 farois novos que, sen lugar a dúbidas, fixo mudar a imaxe de abandono que se apreciaba nalgunhas das rúas citadas.

Rexeitamos totalmente o cualificativo de "degradación absoluta" da zona como expresa o denunciante pois non se corresponde coa realidade. Unha visita ao lugar é suficiente para corroborar a miña afirmación. Tamén hai que salientar a recente construción dun novo aparcadoiro público en plena zona dos pubs nunha parcela abandonada que adoitaba ter, ata agora, moita vexetación e lixo. Este goberno municipal, empeñado en mellorar esta zona, fixo as xestións necesarias cos propietarios do soar e hoxe podemos gozar deste espazo limpo e de gran utilidade onde poden estacionar 26 vehículos. Con respecto á recollida do lixo dicir que se realiza todos os días co que non compartimos as queixas do denunciante. Puideron darse casos puntuais en días especiais ou fortes do mes de agosto nos que houbese

nesa zona máis lixo do habitual. Para evitar iso, no verán intensifícase a recollida do lixo e varíanse os horarios para depositar as bolsas do lixo nos colectores. Desgraciadamente, non todo o mundo colabora nesta tarefa polo que ás veces resulta moi complexo ter as ditas rúas co aspecto desexado.”

Por tanto, de novo se deixaba sen aclarar o especificamente reclamado. Ante iso solicitamos nova información, que foi a seguinte: “1⁰.- *Con relación aos horarios de peche aos que fai referencia o denunciante en relación aos locais de nome Xxxx e Xxx, dicir que son establecementos que se atopan nos últimos trámites para cambiar a súa actividade. Neses casos, e sempre que a Policía Local detecta que superan o límite horario establecido por lei, procédese a impoñer sancións económicas e a denuncia correspondente perante a Delegación Provincial de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. No caso concreto do establecemento Xxxx, indicarlle que a Policía Local xa lle impuxo cinco sancións nos últimos meses, agardando agora que, dende a Delegación correspondente nos indiquen os pasos a seguir. No caso do local Xxx, e segundo informes da Policía Local está respectando os horarios de peche e non presenta problema ningún dende hai tempo.* 2⁰.- *Respecto ao horario do verán e outros aspectos, dicir que as circunstancias citadas no escrito do denunciante danse só na semana concreta do San Roque. A este respecto, informar de que as coñecidas como rúas dos pubs, rúas Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán, están a carón xusto do campo da festa onde se celebran as verbenas coas orquestras, motivo polo cal é imposible que non haxa ruídos nin xente na rúa, pois as festas grandes de Melide do mes de agosto atraen miles de persoas. É, polo tanto inevitable o ruído excesivo non só nesa zona concreta, senón en calquera outra rúa céntrica de Melide debido ao elevado número de persoas. Consideramos que o exceso de ruído que se produce nesas datas hai que enmarcalo dentro do que se pode cualificar como normal en calquera gran festa.* 3⁰.- *Respecto á sucidade da zona, dicir que no verán hai sempre un reforzo no persoal da empresa de limpeza, duplicando servizos nas noites máis importantes das festas e procedendo á limpeza urxente da zona sobre as sete da mañá, polo que non compartimos as críticas realizadas polo denunciante. Seguiremos, non obstante, tentando mellorar ese aspecto para ofrecer un mellor servizo cada día.*

Agardo que o anterior dea resposta ao seu escrito. Reitero novamente a total disposición do concello que teño a honra de presidir a contestar a todos escritos enviados polo Valedor do Pobo coa máxima rapidez que sexa posible.”

Logo de examinar o último informe municipal dedúcese que o Concello segue sen aclarar determinados aspectos relativos ao axuste a legalidade das circunstancias que son obxecto da queixa.

En primeiro termo, no que se refire ao axuste dos locais ao habilitado na súa licenza, o Concello non aclara as circunstancias indicadas respecto dos locais que expresamente se citan como sinxelos bares, o Xxx e o Xxx. A pesar da nosa insistencia non se aclara definitivamente que funcionen como tales, sen música e cun horario reducido. Unicamente se indica que se denunciou en diferentes ocasións o seu funcionamento fora do horario e que *son establecementos que se atopan nos últimos trámites para cambiar a súa actividade*, co que parece querer indicarse que o seu funcionamento non se axusta ao habilitado na súa licenza. Sen embargo, o Concello non achega ningunha actuación para corrixir tal circunstancia, nin medidas para facer axustar esa actividade ao permitido, impedindo o uso como pub, nin expedientes sancionadores, a pesar de que tal circunstancia, de confirmarse, resultaría infracción.

Ademais, no caso destes e doutros locais o Concello indica que aprobou o cambio de licenza de bar ou similar a pub, ou se atopa nos *últimos trámites para cambiar a actividade* dos locais, co que parece admitir tal posibilidade, a pesar de que se aprecia unha aparente saturación de locais que provocan ruídos e trasfega de xente a altas horas da madrugada. Efectivamente, o art. 12.2 do Decreto 320/2002 regula as zonas acusticamente saturada e sinala que *“naquelas zonas da cidade onde existan numerosas actividades destinadas ao uso de establecementos abertos ao público sempre que os niveis de recepción no ambiente exterior, producidos pola adición ás múltiples actividades existentes e pola actividade das persoas que utilicen estes establecementos, superen en máis de 3 dB os niveis fixados nesta disposición, o concello establecerá as medidas oportunas, dentro do seu ámbito de competencias, tendentes a diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos”*. Loxicamente, as zonas saturadas non so

deben ser corrixidas cando se atopen na situacións descrita, senón que deben ser evitadas, precisamente para non ter que chegar a que se faga precisa a súa corrección. Sen embargo, a actuación do Concello parece ser a contraria no caso examinado, ao permitir que os locais que non teñen licenza de pubs ou superior non so sigan funcionando deste xeito, senón que tamén se transformen en tales nunha mesma zona, cando o adecuado sería evitar que crecera o número deste tipo de establecementos nunha zona con graves problemas de ruído, como reconece o propio Concello, que indica que se atopa moi sensibilizado coa situación e pretende corrixila.

No relativo ao o control do ruído na rúa, xa sexa por consumo fóra dos locais, en contra do previsto no artigo 12.1 do decreto 320/2002, ou polo tránsito de xente pola rúa, con posible saturación da zona (artigo 26.5 do decreto 320/2002), como apuntamos anteriormente, o ente local non aclara practicamente nada. Limítase a xustificalo en tempo de festas, o que pode resultar adecuado, pero só nese concreto espazo, e non no mes agosto ou todo o verán. Por tanto, habería que comprobar que se cumpren as mencionadas prescricións. Por outra banda, as verbenas e carpas as que se refire o Concello nas festas deberan cumprir o horario establecido, o mesmo que o resto da hostalaría, posto que o contrario sería tanto como facer que as evidentes molestias para os residentes da zona duren de forma desproporcionada. Ao respecto o interesado sinala que os problemas en verán se prolongan ata altísimas horas da madrugada, sen que o Concello o desminta ou anuncie que o impedirá no futuro. Tampouco se aclara o funcionamento nocturno das barras exteriores, o que loxicamente debera impedirse (art. 12.1 do decreto 320/2002).

No relativo á a sucidade na zona o Concello sinala que *no verán hai sempre un reforzo no persoal da empresa de limpeza*. Non obstante, trátase non só do apuntado, que en todo caso resulta axustado as circunstancias, senón tamén de impedir comportamentos como os mencionados, o que diminuíría considerablemente a incidencia da sucidade, e aínda de posibles comportamentos vandálicos, que tamén denuncia o interesado.

Por último, no relativo ao axuste dos locais ao previsto no *Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia* (Decreto 292/2004), o Concello non sinala nada, a pesar de que insistimos niso dende hai

moito tempo debido a súa importancia a hora de abordar o problema que tratamos. Xa indicáramos hai tempo que repercute directamente nunha das principais cuestións da queixa, os horarios, como o propio informe municipal sinala; non é o mesmo para un pub que para un *café-teatro* ou *café-concerto*; sen embargo, estes últimos xa non existen, como dixemos, precisamente para axustalos á realidade da súa actividade.

O cidadán que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Melide non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que están sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Melide a seguinte **recomendación**:

“Que con urxencia se proceda a comprobar o aparente funcionamento irregular dos locais con licenza de sinxelos cafés, que poderían estar funcionando como pubs, con música e cun horario moi amplo, e que no seu caso se impida de inmediato, e se inicien os correspondentes expedientes sancionadores; tamén debera facerse tal cousa no caso de comprobarse a mesma situación noutros locais.

Que, de cordo co previsto no art. 12.2 do Decreto 320/2002, con urxencia se estude a aparente saturación de locais na zona obxecto da queixa e, no seu caso, se apliquen as medidas previstas tamén nel.

Que con urxencia se proceda ao axuste dos locais ao previsto no Catálogo aprobado por Decreto 292/2004.

No relativo ao o control do ruído na rúa, xa sexa por consumo fóra dos locais, ou polo tránsito de xente pola rúa, con posible saturación da zona, que con urxencia se adopten as medidas precisas para dar efectividade ao previsto nos arts. 12.1 e 26.5 do decreto 320/2002.”

Resposta do Concello de Melide: recomendación aceptada.

3. Recomendación dirixida ao Concello de Ponteceso o 20 de abril de 2010 debido aos prexuízos ocasionados polo funcionamento dun establecemento (Q/1483/09).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. J. F. F. dedido aos prexuízos ocasionados polo funcionamento dun establecemento.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que ao lado da súa casa, sita na praza da Ribeira, hai dous bares, un de eles nun primeiro piso, que funciona como pub. Cando acaba o horario do pub, as 4 , 5 ou 6 da mañá, aparece unha persoa para arrastrar as mesas e as cadeiras, de maneira que ninguén pode durmir, o que, segundo expresa, vai contra as normas de convivencia máis elementais. O dito local chámase xxx. Nel hai ruído durante todo o día, xogo de dados, con xente dentro ou non, arrastre de cadeiras, etc., o que resulta insoportable.

Ante iso solicitamos información ao Concello sobre a comprobación do sinalado e o seu resultado; sobre se o establecemento conta con licenza de funcionamento, e, no seu caso, de que tipo (pub, café ...); sobre se axusta a súa forma de funcionar ao tipo de licenza

con que conte, no seu caso; e sobre as demais circunstancias que se consideraran relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

O Concello nun primeiro intre sinalou que achegaba *un informe da policía local sobre as indagacións que fixeron acerca do contido do escrito de queixa que no seu día presentou J.F.F.diante do Valedor do Pobo*. O ente local confirmaba que o establecemento tiña licenza de simple *café-bar*. Sen embargo, funcionaba como un pub, segundo o interesado, e no primeiro piso, segundo confirmábase no informe da policía local (*...solicitada -a licenza- para un baixo cando o local está situado nun primeiro piso*). A pesar do anterior o Concello non sinalaba ningunha medida de reposición da legalidade ou de sanción por desaxuste da licenza, razón pola que requirimos aclaración, que xa se recibiu, consistente nun *informe técnico do arquitecto técnico municipal do concello*:

En contestación ao expediente: C.6.Q/1483/2009 remitido pola oficina de O Valedor do Pobo con referencia a un local destinado a café-bar sito en , Comer-Porto, denunciado por D. J.F.F, debido ás molestias ocasionadas polo mesmo; polo que en base á documentación obrante nas oficinas municipais, o técnico que subscribe emite o seguinte:

INFORME TÉCNICO

En data 5/10/1992 foi outorgada licenza municipal para o desenvolvemento da actividade de café bar, a un local sito en, Concello de Ponteceso (A Coruña) a nome de D. J.L.V.S..

O citado establecemento dispuña de dúas plantas (planta baixa e alta) unidas por unhas escaleiras interiores. O informe estima que as dúas plantas, atopábanse amparadas pola citada licenza de actividade.

A planta baixa do local foi traspasada ou alugada a unha terceira persoa fai aproximadamente nove anos, estes datos foron obtidos da persoa que na actualidade, rexente o citado café-bar. As escaleiras de comunicación existentes entre as dúas plantas, foron anuladas no momento de producirse o traspaso do local.

Ao meu xuízo, en base a que a Comisión de Goberno municipal outorgou unha única licenza de actividade, a mesma ampararía ao local de planta baixa, nº, que dá fronte á

Ao local denunciado da planta alta ou primeira, accédese por un portal e a través escaleiras situadas nunha vía pública distinta á denominada; polo que considero que a actividade que se desenvolve na citada planta, carece de licenza municipal e tampouco se atopa amparado pola data 5-10-1992.”

Da información achegada polo Concello dedúcese que confirma o xa coñecido a través do seu propio informe, isto é, que o local obxecto da queixa, o do primeiro piso, non ten licenza, posto que a anterior ampara agora o funcionamento do establecemento do baixo, non do primeiro piso. Ademais, a licenza do baixo, antes dos dous pisos, era para simple café-bar, polo que en calquera caso non ampararía o funcionamento do local denunciado, que funciona como un pub, segundo se indica por parte do interesado, circunstancia que en ningún dos dous informes municipais se desmentira, a pesar de que era un dos motivos principais da reclamación e se mencionaba expresamente no requirimento de informe.

Ademais, tamén resulta rechamante que o ente local non achegue ningún elemento relativo á comprobación e, no seu caso, corrección, dos ruídos que son obxecto tanto das anteriores denuncias como da queixa que coñecemos.

Todo o anterior supón unha desatención das funcións municipais contempladas no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que “corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento da presente lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento”; e no art. 25 da LRBL, que establece que “o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente”. E esa desatención pode dar lugar á responsabilidade municipal, como reiteradamente vén determinando a xurisprudencia ao xulgar supostos moi similares.

O cidadán que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Ponteceso non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que están sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Ponteceso a seguinte **recomendación**:

“Que con urxencia se proceda a corrixir o funcionamento irregular do local obxecto da queixa do que dá conta o Concello, ao indicar que non ten licenza, ou, en todo caso, a ten de simple café-bar, polo que neste último caso non se axustaría ao habilitado na licenza, ao funcionar con música e cun horario moi amplo.”

Resposta do Concello de Ponteceso: recomendación aceptada.

4.- Recomendación dirixida ao Concello de Monforte de Lemos o 1 de xuño de 2010 debido ás molestias provocadas por un local (Q/1650/09).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. A.N.R. referente ás molestias provocadas por un local de ocio de Monforte.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que os veciños da rúa Huertas non poden durmir durante a semana polo exceso de ruídos e vandalismo que se produce pola inxestión de alcohol e drogas que se consumen no bar L, que pola noite é discoteca. O local non pecha á súa hora. Engade que “o dono pasa de todo”.

Ante iso solicitamos información ao Concello, en concreto sobre a comprobación das circunstancias sinaladas e sobre o seu resultado; sobre se o local conta con licenza de funcionamento, sobre o tipo de licenza (bar, pub ...), e sobre se axusta o seu funcionamento ao tipo de licenza que no seu caso teña, en especial sobre a exclusión da música no caso de ser un simple bar e sobre o cumprimento do horario; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa. O informe municipal sinalou o seguinte:

“Emítase informe sobre diversos aspectos relacionados co denominado "Bar L", ubicado na rúa MC nº 1 desta Cidade. En especial no relacionado con ruídos e horario de peche en que interviñera esta Policía Local.

*No referente a **tema de ruídos**, recibíronse no presente ano de 2009 as seguintes chamadas telefónicas:*

- Día 7 de agosto de 2009. Por motivo de ruídos.*
- Día 14 de agosto. Festas Patronais da Cidade. Por motivo de ruídos.*
- Día 15 de agosto. Día principal das Festas Patronais da Cidade. Por motivo de ruídos.*
- Día 20 de agosto. Por motivo de ruídos. Ese día prodúcese una actuación musical no lugar enmarcada dentro un Festival de Jazz organizado po lo Concello.*

*No que concirne ao **horario de peche**, non se ten constancia nestas Dependencias de ningunha denuncia por esa causa.*

No se ten ademais constancia de actos de vandalismo por inxesta de alcohol ou drogas no mencionado establecemento. Sendo un local cuxa terraza en verán, dada a súa situación, é frecuentada por persoas de todas as idades e condicións”.

A resposta ofrecida non respondía ao especificamente requirido para valorar o obxecto da queixa, polo que de novo nos diriximos ao Concello. Sen embargo, o informe demorouse excesivamente, ata ao punto de que foi preciso recordar ao Concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertirlle da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución, e ata realizar algunha chamada para urxir o seu envío. Finalmente se recibiu o informe complementario reclamado do Concello, no que se sinala o seguinte:

“En contestación ao seu escrito de data 22 de abril do 2010, relativo ao expediente C.6.Q/1650/2009, sobre a queixa presentada por D. A.N.R., remítolle a V.I. o informe realizado pola Policía Local deste Concello así como a copia da licenza do establecemento denominado “Bar L”, sito na rúa MC, número 1, deste municipio.”

Logo de examinar a documentación aportada polo Concello se observa que de novo se remite exactamente o mesmo informe que se enviara anteriormente e que deu lugar ao requirimento de información complementaria, o que resulta rechamante, sobre todo despois de que se formulara o mencionado recordatorio de deberes legais en relación coa necesidade de colaborar nas investigacións desta institución, da advertencia de declaración de hostilidade e entorpecemento do labor da institución, e de realizar chamadas para urxir o envío da información pendente.

Por tanto, seguen sen aclararse as circunstancias máis relevantes da queixa, as molestias provocadas por ruídos procedentes do establecemento, que funciona *como unha discoteca*. Por iso, o primeiro que reclamabamos era coñecer se o establecemento tiña licenza e de que tipo, sen que se aclarara en absoluto; só no último informe, xunto co documento que reproduce a anterior, se achega outro que sinala que no 2008 se autoriza o cambio de titularidade do *café-bar*, co que se afirma o desaxuste entre a actividade

denunciada e obxecto da queixa. Efectivamente, pola nosa banda reclamamos nas dúas ocasións en que nos diriximos ao Concello (á marxe das correspondentes reiteracións e advertencias por falta de resposta) que se aclarase esta circunstancia, posto que o principal motivo da queixa eran as molestias do establecemento polo ruído xerado por un local que funciona *como discoteca*. Xa na primeira comunicación dirixida ao Concello se lle indicou que se especificara se axustaba o seu funcionamento ao tipo de licenza que no seu caso tivera, en especial sobre a exclusión da música no caso de ser un simple bar, e sobre o cumprimento do horario. A negativa tácita a responder esta concreta cuestión, a pesar da nosa insistencia, e algunha circunstancia contida nos anteriores informes, como a mención a *actuacións musicais* nun recinto non habilitado para ter música, leva a que en principio debemos considerar que se confirma o indicado polo interesado, é dicir, que o local funciona con música e cun horario moi amplo (*como unha discoteca*), en contra do previsto na súa licenza, que é de simple café-bar.

Ademais, tamén resulta moi significativo que non se achegue nin unha soa medición de ruídos, a pesar de constar denuncias; unicamente se sinala a existencia de chamadas, pero sen realizarse comprobación santométrica de ningún tipo, ou polo menos sen dar conta do seu resultado. Esta ausencia de comprobacións prodúcese a pesar de que estas resultan obrigadas, de acordo co previsto no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, tal e como recordamos ao Concello neste expediente en comunicacións anteriores.

Polo que se refire ao horario, sinálase unicamente que “*no se tiene constancia en estas dependencias de ninguna denuncia por esa causa*”. Sen embargo, as chamadas aludidas na información municipal deberan servir de denuncia tamén para comprobar esta concreta circunstancia, posto que, como vimos resaltando, se trata dun café-bar, cun horario moi limitado. Por tanto, tampouco se acredita que se evitara o peche fóra do horario comprobando esta circunstancia.

Ademais, o interesado indica que non recibe resposta ás súas denuncias por escrito, achegando unha con entrada no Concello o 21 de marzo de 2009, na que a súa vez

sinala que denunciara a cuestión xa hai tres anos, sen que por parte do Concello se dera solución ao problema.

As actividades clasificadas precisan a correspondente licenza municipal de funcionamento, autorización outorgada segundo o establecido no RAMINP de 1961 (Decreto 2.414/1961), e agora de acordo co Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. A través deste instrumento de control preventivo e continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra, outorgando as licenzas soamente cando iso sexa posible en función das circunstancias particulares do suposto e coas medidas correctoras previstas para garantir a ausencia de prexuízos.

Unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non superen os parámetros manexados á hora de conceder as licenzas de funcionamento. A este respecto, os locais que contan con licenzas para funcionar como simples bares, cafetarías ou similares non poden realizar o seu labor con música e cun horario amplo, entre outras moitas razóns porque no momento do exercicio do control preventivo, é dicir, no procedemento da licenza, os promotores e as administracións intervenientes (Concello e Consellería de Medio Ambiente) non garantiron a inocuidade dos locais nesas condicións de uso, ao se preveren outras. As exixencias ambientais para este tipo de locais son menos rigorosas, polo que se posteriormente non axustan o seu modo de funcionar ao verdadeiramente habilitado, poden causar importantes prexuízos, e, en calquera caso, están incumprindo as condicións da licenza municipal que posúen.

Este tipo de establecementos non poden contar con música, nin pretender exercer como pubs ou discotecas. Ao respecto xa tivemos ocasión de sinalar en anteriores ocasións que a denominación *café-bar* fai referencia a locais que non poden incluír na súa actividade equipos de música, incluso nos supostos en que se encontran mencionados nos proxectos (véxase a recomendación e suxestión incluídas no Informe Anual ao Parlamento de Galicia 2002: 249 e ss). Así se desprende da diferenciación que realizan as variadas normas reguladoras da materia, como poden ser o catálogo de espectáculos públicos e

actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 292/2004), o Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, ou as diferentes ordes da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que veñen regulando os horarios de apertura e peche dos locais. O Decreto 292/2004 cita as salas de baile ou festas, as discotecas, os pubs e os karaokes como establecementos con ambientación musical, e, polo contrario, ao mencionar as cafeterías, cafés ou bares non sinala que teñan esa característica, a ambientación musical, pola que a diferenza resulta clara.

O funcionamento do establecemento non é o propio dun bar. Efectivamente, o interesado sinalou dende o primeiro intre que o establecemento pola noite é unha discoteca e que non pecha a súa hora. Esta circunstancia, que, como dixemos, se apuntou dende o inicio da queixa, en ningún caso foi desmentida polo ente local.

Co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local. Aquela abre unha relación continuada no curso da cal a administración terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento. E, como xa tratamos, unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste estrito ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non excedan dos parámetros manexados á hora de conceder as respectivas licenzas de funcionamento.

Todo o anterior supón unha desatención das funcións municipais contempladas no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que “corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento da presente lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento”; e no art. 25 da LRBL, que establece que “o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente”. E esa desatención pode dar lugar á responsabilidade

municipal, como reiteradamente vén determinando a xurisprudencia ao xulgar supostos moi similares.

O cidadán que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Monforte de Lemos non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que están sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Monforte de Lemos a seguinte **recomendación**:

“Que con urxencia se proceda a confirmar o aparente funcionamento irregular do local obxecto da queixa, que conta con licenza de cafe-bar e aparentemente non se axusta ao habilitado nesa licenza, ao funcionar como unha discoteca, isto é, con música e cun horario moi amplo; e que, no caso de confirmarse, de forma inmediata se proceda a impedir o funcionamento irregular do local e se incoe o correspondente expediente sancionador para corrixir a infracción que tratamos.”

Resposta do Concello de Monforte de Lemos: recomendación aceptada.

5. Recomendación dirixida á Universidade da Coruña o 23 de xuño de 2010 debido a diferentes botellóns celebrados nela (Q/914/10).

Nesta institución iniciouse unha queixa de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, debido ás noticias aparecidas nos diarios “La Voz de Galicia”, “La Opinión” e “El Ideal Gallego” dos días 19, 27 e 28 de marzo referente a diferentes *botellóns* celebrados no recinto desa Universidade.

Nas informacións sinalábase, entre outras cousas, que o *botellón* volveu ao campus o día do patrón dos apareladores e reuniu nunha gran festa máis de 2000 persoas na Zapateira, que acudiron á chamada da festa de San Xosé de Ortega. Organizados os actos pola comisión da viaxe do paso do ecuador da escola, a música puxérona grupos como “El Llanto de Un Ciego, Németos, The Inspector ou La Tourtte”. A Compañía de Tranvías dispuxo dun servizo especial de autobús que facilitou a subida dos estudantes, paulatina durante a tarde e en masa a partir das nove. “O resultado foi apabullante: un enorme macrobotellón co seu centro neurálxico no citado aparcadoiro, pero cunha extensa rede de ramificacións por toda a Zapateira”.

O días 27 e 28 sinálase que máis de 8000 persoas gozaron de concertos ata ás 2 da mañá no Campus de Elviña. A última das actuacións rematou de forma brusca polo lanzamento de obxectos. Ao parecer invadíronse as aulas coas bebidas. Á vista do curso de todo iso “a organización do San Pepe renuncia a seguir despois dos incidentes do venres”; o decano de Informática cualifica as escenas de rapaces facendo *botellón* nas aulas de inaceptables” (*La Voz de Galicia*). “Os promotores do San Pepe senten vergoña polo ocorrido e aseguran que foi o último” (*El Ideal Gallego*). Tamén se sinalaba que un condutor resultou ferido, así como outra persoa debido a unha pelexa.

Ante iso promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se basea, de acordo co previsto no artigo 22.1 da citada Lei 6/1984, e requirimos a Universidade da Coruña (UDC) para que facilitara información sobre o problema que motivou a queixa, en particular sobre se se autorizaron ou se consentiron dalgunha forma os acontecementos indicados; sobre se se impedirán novas convocatorias que se poidan dar no futuro; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes

para a completa valoración do obxecto da queixa. A resposta da Universidade foi a seguinte:

“En relación co seu escrito do 6 de abril de 2010 (registro de saída do Valedor do Pobo do propio día 6 de abril de 2010 e registro de entrada na Universidade da Coruña do 12 de abril de 2010), en que se solicita da Universidade da Coruña (UDC) para que se informe sobre "diferentes botellóns celebrados no recinto desa Universidade" determinantes da formalización dunha queixa de oficio (en particular “sobre se se autorizaron ou consentiron dalgunha forma os acontecementos indicados; sobre se se impedirán novas convocatorias que se poidan dar no futuro; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa”), comunícolle que a UDC nin organizou nin autorizou nin consentiu ningún botellón nas súas instalacións. A UDC tan só autorizou, dado que se trata de actividades que forman parte dunha tradición universitaria de enorme raizame, a celebración do patrón da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica o 18 de marzo de 2010 e a celebración do patrón da Facultade de Informática o día 26 de marzo de 2010. A autorización en cuestión para a realización das actividades da celebración do patrón, moi variadas entre as que non figuraban precisamente a celebración de botellóns, foi concedida logo de que o estudantado de cada un dos centros afectados cumprise os requisitos esixidos para este tipo de actos (entre outros, contratación de vixiantes, contratación para a limpeza, visto e prace dos responsables do centro, subscripción de pólizas de seguro de responsabilidade civil e posta en coñecemento á Dirección de Seguridade Cidadán do Concello da Coruña para o seu visto e prace e pertinente traslado á Policía Local e Servizo de Protección Civil).

Sobre a base de que este tipo de actividades universitarias pode ter un efecto chamada para a realización doutro tipo de actividades (tales como o botellón) cuxas consecuencias non poden ser neutralizadas polas universidades por careceren de competencia e de medios para tales efectos, a UDC tomou as medidas necesarias para evitar o efecto chamada deste tipo de actividades universitarias, que tivo como resultado a posibilidade de seguir celebrando os patróns dos centros tal e como se vén facendo desde sempre. A proba é que no propio mes de abril houbo outros centros da Universidade

que tamén celebraron o seu patrón, previo cumprimento dos requisitos antes mencionados, sen terse rexistrado acontecementos como os que deron pé a que o Valedor do Pobo, incrementando aínda máis as súas múltiples ocupacións, tivese que promover unha investigación sumaria e informal ao respecto.”

Logo de avaliada a anterior resposta resultou que con ela non era posible realizar unha valoración definitiva do obxecto da queixa, polo que requirimos información complementaria á UDC, e, á vista de que esta mencionaba a eventual responsabilidade compartida do Concello no relativo á materia, requirimos informe tamén do Concello da Coruña. As respostas foron as seguintes:

- Universidade da Coruña:

“En contestación ao seu escrito con data 27 de abril de 2010 (data de entrada nesta Universidade o día 29 de abril), infórmolle do seguinte:

1. O artigo 1 da Lei 6/1984, reguladora do Valedor do Pobo de Galicia, define o Valedor como alto comisionado do Parlamento galego para a defensa, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidas na Constitución e no Estatuto de Autonomía de Galicia.

2. Unha das liberdades fundamentais recoñecidas pola Constitución é a que ampara a autonomía universitaria, conforme o artigo 27.10 da Constitución.

3. Outra liberdade fundamental recoñecida na nosa Constitución é a de reunión pacífica e sen armas (art. 21 CE). O exercicio deste dereito non precisa de autorización previa, e os seus límites ilícitos aparecen precisamente regulados pola Lei orgánica 5/1983 e a Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá.

4. O dereito de acceso á cultura é un dereito de todos os cidadáns e, en especial, dos nosos estudantes, así como un deber ou carga prestacional non só da nosa institución, senón de todos os poderes públicos, conforme o artigo 44 e 53.3 da nosa Constitución.

5. *A celebración de festividades académicas, como son as dos patróns das facultades e centros -e, en particular, a do patrón das facultades de Informática e Arquitectura-, constitúen unha manifestación cultural universitaria amparada polos anteriores dereitos fundamentais e principios reitores da política económica e social. Manifestación perfectamente lícita, agás que se acredite a concorrencia dalgunha das circunstancias que permite prohibir con carácter preventivo ou represivo o seu libre exercicio, conforme o principio favor libertatis propio das sociedades democráticas.*

6. *Esta institución descoñece cal é o dereito fundamental individual supostamente vulnerado pola celebración das festividades académicas devanditas, pois non se cita na queixa aberta de oficio polo Valedor contra a Universidade da Coruña.*

7. *A Universidade da Coruña, vinculada como está pola Constitución e o restante ordenamento xurídico (art. 9.1 CE), descoñece que exista unha norma -autonómica ou estatal- con rango de lei que defina o concepto de "botellón" e o someta a autorización previa, ou o configure como elemento eventualmente limitador do libre exercicio dos dereitos fundamentais de autonomía universitaria e reunión citados. Na celebración das devanditas festividades académicas esta institución axustouse escrupulosamente ao previsto na Lei orgánica 5/1983 e na Lei orgánica 1/1992, de protección da seguridade cidadá, e deberá asumir a carga da proba quen manifeste o contrario.*

8. *Non consta a existencia de denuncias presentadas perante as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado por algún tipo de vulneración da seguridade cidadá, ou pola excesiva contaminación acústica causada.*

9. *Tampouco consta expediente sancionador aberto polo Concello da Coruña pola vulneración da ordenanza municipal medioambiental reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións e do exercicio das actividades sometidas a licenza municipal. Esta ordenanza de 1998 -dito sexa de paso- non se aplica ás actividades recreativas realizadas pola Universidade nos seus propios espazos: só se aplica ás*

instalacións eventuais das festas patronais organizadas por asociacións de veciños e á instalación temporal de circos (artigo 58 da ordenanza) no termo municipal.

10. O propio Valedor do Pobo non abriu expediente contra esta Universidade con motivo dunha queixa concreta, senón estimulado por noticias publicadas en medios de comunicación locais. Esta forma de funcionamento parece vulnerar a prohibición de admitir a trámite queixas anónimas (prohibición establecida no artigo 17.3 da Lei orgánica 3/1981, reguladora do Defensor del Pueblo e no artigo 21 da nosa Lei 6/1984), establecida precisamente para evitar comportamentos inquisitoriais e vincular a actividade do Valedor do Pobo á defensa de dereitos concretos de cidadáns concretos.

11. A Universidade da Coruña descoñece se, entre os criterios xurídicos habitualmente manexados polo Valedor do Pobo no desenvolvemento da súa actividade se encontra o de outorgar valor probatorio a noticias de prensa. En calquera caso, nun estado social e democrático de dereito como é o reino de España a actuación dos poderes públicos goza da presunción de legalidade (art. 57 da Lei 30/1992), e para desvirtuala xuridicamente só están habilitados os xulgados e tribunais ordinarios no marco dos correspondentes procedementos xudiciais. Non pode aceptarse que unha noticia de prensa lle traslade á Universidade da Coruña a carga da proba de que obrou legalmente, ou a probatio diabólica de feitos negativos.

12. Por último, cómpre indicar que o Valedor do Pobo carece de potestades de supervisión sobre a actividade non estritamente administrativa das Universidades. Conforme ao artigo 16 da Lei 6/1984, "O Valedor do Pobo, de oficio ou a instancia de parte, poderá supervisar a actividade da Administración da Comunidade Autónoma galega para garantir o respecto dos dereitos comprendidos no título I da Constitución e o seu sometemento pleno á lei e ao dereito. Con este mesmo fin poderá ademais supervisar a actividade da administración local no ámbito das competencias que o Estatuto de Autonomía e a lexislación vixente confiren á Comunidade Autónoma". Pese a ter a certos efectos garantistas -contratación, aplicabilidade da Lei básica de procedemento, etc.- a consideración de administración pública, a Universidade da Coruña non é unha administración pública territorial, senón unha corporación de dereito público. Por dicilo noutros termos, non é nin parte da administración autonómica nin parte da

administración local, pola sinxela razón de que goza de autonomía constitucionalmente protexida (art. 27.10 CE) para realizar actividades académicas ou académico-culturais como son as celebracións dos seus patróns, sempre dentro dos marcos establecidos pola legalidade vixente, como ten sido o caso. Nesa medida, a relación do Valedor do Pobo coas universidades galegas debe ser a prevista na aliña 3 do artigo 16 da Lei 6/1984: as funcións que lle correspondan dentro dos principios de coordinación, cooperación e colaboración. Isto é, relacións horizontais de colaboración, non verticais, propias da lealdade institucional entre organismos dotados de posicións constitucionais distintas, e espazos xurídicos propios.

Dentro dese marco, a Universidade da Coruña ponse á disposición do Valedor do Pobo para aclararlle calquera outro extremo que poida resultar do seu interese, e solicítalle que archive as investigacións abertas de oficio contra esta institución con motivo da celebración dos patróns universitarios das facultades de Informática e Arquitectura no ano 2010.”

-Concello da Coruña:

“En contestación ao seu escrito de referencia infórmoo do seguinte:

A. Competencias:

- Os espectáculos públicos e actividades recreativas son competencia da Xunta de Galicia e da Policía Autonómica.

- O control de acceso e condicións de seguridade, limpeza, evacuacións, etc., corresponden ao organizador dos actos ou eventos.

- Policía Local (Tráfico): Soliciouse polos organizadores para colaborar na regulación de tráfico (nos accesos).

- As funcións de Seguridade Cidadá, son competencia do Corpo Nacional de Policía.

- *Protección Civil: Solicitouse polos organizadores a colaboración para actuacións de auxilio ey similares.*

- *Autorizacións: ao tratarse dun recinto (campus), corresponde dalas ao titular (Universidade).*

B. Observacións:

17 de marzo. Recibiuse solicitude de colaboración para a celebración do patrón da Facultade de Informática (Policía Local y Protección Civil), na cal se indicaba o apoio y VºBº del Decanato.

18 de marzo. solicitouse aos organizadores información sobre las medidas de seguridade previstas polos organizadores.

18 de marzo. Recibiuse contestación indicando que ademais de protexer todos os elementos perigosos e/ou esenciais para a celebración do evento, contratarase un servizo de seguridade privada (con 7 vixilantes de seguridade), y que desexaban contar co apoio esporádico de la Policía Local.

19 de marzo. Autorizouse a colaboración de Policía Local (nas súas funcións de tráfico, de forma esporádica) e de Protección Civil (para colaborar coa organización no evento)”.

Logo de examinados todos os informes achegados dedúcese, no relativo aos aspectos formais, que a UDC cuestiona a competencia obxectiva desta institución en relación coa supervisión da súa actuación respecto da materia da queixa, ao indicar que o Valedor do Pobo (VP) só pode actuar ante supostas vulneracións de dereitos fundamentais, circunstancia que neste caso non se deu (*esta institución descoñece cal é o dereito fundamental individual supostamente vulnerado*); e cuestiona tamén a apertura dunha queixa de oficio polo motivo que se examina (*o Valedor do Pobo non abriu expediente ... con motivo dunha queixa concreta, senón estimulado por noticias publicadas en medios de comunicación locais. Esta forma de funcionamento parece vulnerar a prohibición de admitir a trámite queixas anónimas...*).

En relación cos dous aspectos formais citados faise preciso corrixir a UDC en ambas as dúas apreciacións. No que se refire á suposta limitación da competencia obxectiva do VP á defensa dos dereitos fundamentais, de acordo co artigo 1 da Lei 6/1984, que cita a propia UDC, é de sinalar que a dita función (*a defensa ... dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidas na Constitución e no Estatuto de Autonomía de Galicia*) vese completada no propio artigo, posto que non só di o que menciona a institución académica, senón que engade que o alto comisionado do Parlamento de Galicia o é tamén *para o exercicio das demais funcións que esta lei lle atribúe*. Así, como sucede no caso do *Defensor del Pueblo*, dos demais comisionados parlamentarios autonómicos e doutros *Ombudsmen*, as súas funcións refírense tamén a supervisión xeral da administración co fin de coñecer calquera posible vulneración do principio de legalidade, e aínda, nuns termos moito mais amplos, de calquera suposto de mala administración (*maladministration*).

Efectivamente, o art. 16.1 da Lei 6/1984 preceptúa que *o VP, de oficio ou a instancia de parte, poderá supervisar a actividade da administración da Comunidade Autónoma Galega para garantir o respecto dos dereitos comprendidos no título I da Constitución e o seu sometemento pleno á lei e ao dereito*. Ademais, en termos máis amplos, como dixemos, o art. 29.1 preceptúa que *o VP poderá suxerirlle á administración pública a modificación dos criterios utilizados na produción dos seus actos e resolucións*, e aínda se habilita a suxestión da modificación da normativa, se esta puidera provocar situacións inxustas ou prexudiciais para os administrados (art. 30).

Polo que se refire ás obxección respecto da investigación de oficio, en concreto a mención relativa a que a investigación non se dá por *queixa concreta*, senón por noticias dos medios de comunicación, e sobre todo a alusión a que tal forma de proceder *parece vulnerar a prohibición de admitir a trámite queixas anónimas ...*, establecida precisamente *para evitar comportamentos inquisitoriais e vincular a actividade do Valedor do Pobo á defensa de dereitos concretos de cidadáns concretos*, é de subliñar que a argumentación da UDC resulta de novo errónea. Efectivamente, a tramitación de queixas de oficio é unha posibilidade para todas as institución desta natureza e por tanto tamén do VP, tal e como se indica no artigo 16 da Lei 6/1984. De feito, o Parlamento de Galicia, do que é

Comisionado o VP, suxire acudir a esta forma de fiscalización das administracións como medio para coñecer en profundidade determinados aspectos da súa actuación.

As investigacións de oficio poden ter a súa orixe tanto nas propias observacións e apreciacións do VP como nas noticias aparecidas nos medios de comunicación; a inmensa maioría das queixas de oficio que coñecen todos os comisionados parlamentarios teñen a súa orixe nas referencias dos medios de comunicación. Isto non debe confundirse, como fai a UDC, con queixas anónimas, que son algo completamente distinto e que, como é lóxico, resultan inadmitidas (art. 21 da Lei 6/1984). Efectivamente, como sucede noutros ámbitos da aplicación do dereito, as queixas anónimas son sempre de parte e remitidas por alguén alleo á institución e sen identificar. Por contra, as queixas de oficio resultan promovidas directamente pola propia institución, que resulta responsable do coñecemento e primeira valoración da mesma, ao considerar os feitos como posibles irregulares, sempre e cando cheguen a confirmarse.

Por tanto, corresponde a esta institución a promoción das queixas de oficio que se consideren oportunas ante actuacións ou abstencións das administracións públicas galegas que puideran ser contrarias á legalidade, irregulares ou supostos de mala administración, de acordo co previsto no art. 16.1 da Lei 6/1984. Tal é o motivo da presente queixa de oficio, á marxe das “outras moitas ocupacións” desta institución, como sinala un dos informes achegados.

No relativo ao último aspecto formal cuestionado pola UDC, a competencia do VP para supervisar a actuación da Universidade, por vulnerar o principio de autonomía universitaria (*a Universidade da Coruña non é unha administración pública territorial, senón unha corporación de dereito público ... non é nin parte da Administración autonómica nin parte da Administración local ... goza de autonomía constitucionalmente protexida ...*), é de sinalar que as universidades galegas se atopan sometidas, igual que o resto dos poderes públicos, ao principio de legalidade, e por tanto aféctalles calquera forma de supervisión ou control para a súa garantía, entre elas a supervisión da institución estatutaria do VP. Neste senso o art. 1 da Lei 6/1984 sinala un ámbito de supervisión moi amplo, ao comprender non só a *administración galega*, que inclúe a todas as modalidades de administracións de Galicia, a autonómica, a local e a institucional e corporativa, aínda

que funcionen con personalidade xurídica e de forma autónoma ou independente, senón tamén aos *seus entes e empresas públicas ou dependentes*. Loxicamente, a autonomía universitaria non exclúe as universidades galegas do seu carácter público e do seu sometemento ao dereito, polo que tamén son obxecto de supervisión, como se vén facendo habitualmente sen ningún tipo de obxección, coa única excepción desta que agora tratamos, que resulta certamente rechamante.

No que se refire ao aspecto material da queixa ou ao fondo do asunto, que é a celebración de *botellóns* con suposta autorización da Universidade e as circunstancias que concorreron neles, a UDC responde que autorizou a celebración de dous patróns de facultades ou escolas, que o fixo coas condicións que se citan, e que entende que *as celebracións dos patróns* resultan *actividades académico-culturais*. Non sinala nada respecto dos incidentes que se citan nas diferentes noticias e sobre todo respecto da invasión das aulas coas bebidas, o que se resalta unha circunstancia especialmente negativa e que demostraría a ausencia de control por parte de quen correspondera.

A UDC nega que o que se dera foran *botellóns* e parece dar a entender que se tratou de festas, celebracións ou espectáculos públicos regulares. Esta afirmación contrasta co indicado unanimemente nos medios de comunicación, onde se sinala, por exemplo, que “o botellón volve ao campus” (*La Voz de Galicia*, 19.3.10); “*clase maxistral de botellón*” (*La Voz de Galicia*, 28.3.10); “o organizador da festa cre que o botellón de Informática se lles foi das mans” (*El Ideal Gallego*, 28.3.10); “Económicas da Coruña suspende a festa do patrón para evitar un novo macrobotellón” (*La Voz de Galicia*, 6.4.10); etc.. A resposta non parece corresponderse cos múltiples detalles achegados nas diferentes informacións e declaración recollidas na prensa dos días que se citaron na queixa, o que, xunto coa mención ao *efecto chamada* e a falta de desmentido dos graves incidentes por parte da UDC, fai pensar que o que sucedeu excede con moito dunha sinxela e organizada celebración e o que realmente se deu foi algo similar a un *botellón*, expresión que utilizan todos os medios, cun número importante riscos, molestias e problemas, e cunha organización escasa e que non conseguiu o obxectivo propio desta, como garantir a orde e a seguridade, limitar o aforo, etc.

Preténdese xustificar o sucedido indicando que este tipo de actos poden ter un *efecto chamada* para a realización doutro tipo de actividades, tales como o propio *botellón*, “cuxas consecuencias non poden ser neutralizadas polas universidades por careceren de competencia e de medios para tales efectos”. Sen embargo, sinálase que “a UDC tomou as medidas necesarias para evitar o efecto chamada deste tipo de actividades universitarias”, o que non se corresponde co resultado e sobre todo coa implicación da institución universitaria ao autorizar a celebración, o que implica a súa responsabilidade á hora de garantir o interese público e de responder en caso de incidente.

O aspecto máis rechamante do acontecido e que acredita a falta de organización e a inadecuada actuación das autoridades académicas foi a invasión e consumo de alcohol nas aulas, con respecto ao que UDC non sinala absolutamente nada, a pesar de que os medios o mencionan e se indicara no requirimento de información que achegamos no comezo da queixa de oficio. Diso deducimos que se recoñece implicitamente e subliñamos que resulta especialmente negativo e mostra de que a UDC non actuou adecuadamente, a pesar de ser coñecedora das previsións e de autorizar o evento. Por tanto, nin tan sequera se controlou o interior, dándose un uso claramente inapropiado a un centro público habilitado para as funcións docentes e investigadoras que son propias de calquera institución universitaria, entre as que non se contan as que son obxecto desta queixa.

A Universidade sinala que autorizou as *celebracións*, tanto a nivel reitoral como dos responsables dos centros, pero acto seguido sinala que non pode neutralizar as consecuencias da convocatoria “por careceren de competencia e de medios para tales efectos”. Así pois, a Universidade parece presentarse como competente para a autorización e ao tempo como incompetente á hora de asumir responsabilidades de control para o correcto desenvolvemento do autorizado, o que en absoluto resulta congruente. Á marxe das cuestións competenciais da cuestión, o feito de que a UDC concedera a *autorización* que cita supón asumir o correspondente control do seu condicionado, incluído o mantemento do interese público.

Tamén resulta rechamante a actitude de defensa do sucedido por parte da UDC, cando todas as declaracións dos organizadores e de responsables públicos, incluídas autoridades académicas, foron claramente críticas e conclúen que este tipo de sucesos non

poden volver a repetirse. Nas noticias sinálase que “a organización do San Pepe renuncia a seguir tras os incidentes do venres” e que “o decano de Informática cualifica as escenas de mozos facendo botellón nas aulas de inaceptables” (*La Voz de Galicia*, 28.3.10); “o próximo ano a Facultade de Informática pechará as súas portas e fará ponte o día do patrón” (*La Voz de Galicia*, 31.3.10); os promotores do San Pepe senten vergoña polo ocorrido e aseguran que foi o último” (*El Ideal Gallego*, 28.3.10); etc.

As universidades teñen por funcións, “ao servizo da sociedade, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura; a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística; a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida, e do desenvolvemento económico; e a difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida” (art. 1.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades). Ningunha desas funcións ten relación directa ou indirecta coa actuación que se coñece da UDC, co que esta se tería apartado do principio que esixe que as potestades administrativas se axusten aos fins sinalados polo ordenamento (art. 70.2 LJ).

Por todo o exposto non se acaba de entender a razón pola que a Universidade argumenta en favor do seu papel no sucedido, e nin tan sequera anuncia que se impedirán ou non se autorizarán comportamentos como estes de cara ao futuro, no caso de promoverse.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar á Universidade da Coruña a seguinte **RECOMENDACIÓN**:

“Que no caso de producirse novas solicitudes de autorización para celebracións ou espectáculos no exterior dos recintos universitarios, con previsible afluencia masiva, esa Universidade se absteña de outorgalas, e no caso de coñecer a súa previsible celebración sen autorización, se realicen ou impulsen as actuacións precisas por quen corresponda para impedir que se produzan esas concentracións masivas con consumo de

alcohol no contorno dos centros universitarios e aínda dentro deles, como sucedera no caso examinado, por resultar contrarias aos fins que son propios das universidades.”

Resposta da Universidade da Coruña: recomendación rexeitada expresamente.

6.- Recomendación dirixida ao Concello de Baiona el 3 de setembro de 2010 debido aos perxuizos ocasionados por botellóns que se celebran nesa localidade (Q/1429/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a R.P.R referente ás molestias ocasionadas polos denominados *botellóns* en Baiona.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que tivo alugado durante o mes de xullo un piso en Baiona, na r/XXXX, fronte ao Parador e ao parque infantil, para pasar as vacacións estivais coa súa familia. A dita zona -parque infantil- constitúe o lugar de encontro dun gran número de mozos para a celebración de *botellóns* non autorizados, co conseguinte “ruído infernal” que imposibilita poder gozar da máis mínima tranquilidade e sosego, por canto resulta difícil conciliar o sono durante a semana e manifestamente imposible durante a fin de semana.

Ante tal situación recorreu en varias ocasións á Policía Local, sendo a última vez o 10 de xullo, aproximadamente ás 24 h., cando aínda era fácil dispersar o número de persoas alí reunidas para celebrar o botellón ilegal. O policía local que a atendeu díxolle que tiña toda a razón, pero só había dúas patrullas e eran incapaces de evitalo, posto que nalgúns ocasións superaban as 2000 persoas.

O interese público impón que por parte do Concello se adopten as medidas precisas para paliar este tipo de botellóns ilegais nun parque infantil, con serio perigo para a seguridade dos nenos, que ao día seguinte o utilizan. Ademais, ocasiónanse innumerables perturbacións aos veciños e turistas, que sofren non só a contaminación

acústica provocada durante a celebración dos botellóns, senón tamén os estragos no mobiliario urbano. En tal sentido enviou un escrito ao Concello.

Se non se adoptan as medidas precisas para paliar o botellón no núcleo da vila non só se verá gravemente prexudicada a imaxe de Baiona, senón que tamén se provocaría que gran número de persoas deixen de veranear na zoa e busquen outros lugares de vacacións onde o seu descanso e tranquilidade non se vexan perturbados. Ante a imposibilidade de durmir no piso viuse obrigada a suspender as súas vacacións en Baiona, tendo en conta as innumerables molestias ocasionadas pola multitude de mozos que acoden á celebración dos botellóns que se organizan diariamente e, en especial, cada fin de semana, sen que a Policía Local faga nada respecto diso. A Policía Local debe impedir o botellón actuando antes de que se concentre unha multitude de persoas.

De acordo co establecido no art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, corresponde ao concello exercer as competencias de seguridade en lugares públicos e, en consecuencia, adoptar as medidas necesarias para impedir os botellóns, que non só poñen en grave perigo a seguridade dos menores usuarios do parque no que se celebra e que ademais perturba a tranquilidade e descanso dos veciños e turistas que residen nesa zona da vila.

Ante iso solicitamos información a ese Concello, que xa nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

“Baiona é un municipio eminentemente turístico que en tempada de verán é triplicada a súa poboación coa obriga de incremento da prestación de servizos dentro dos límites orzamentarios do Concello. Como sucede noutros municipios realizándose a práctica do "botellón" no parque da Palma, zona delimitada e aínda que sita no centro da vila está relativamente illada de edificios residenciais. O Concello, dentro das súas competencias, procura a regulación do botellón e a súa limitación, ben polo ruído que xera e por unha cuestión de saúde pública.

Para estes efectos por resolución da Alcaldía de data 11/08/2008 en base o disposto no artigo 10 da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia determina que "os concellos, no ámbito dos seus termos municipais poderán acordar de maneira singularizada, por razóns de orde pública, imporlles aos establecementos comerciais que inclúan na súa oferta bebidas alcohólicas a prohibición de expender este tipo de bebidas desde as 22:00 horas deica as 9:00 horas do día seguinte, con independencia do réxime de apertura que lles fose aplicable. A imposición desta prohibición deberalle ser comunicada á dirección xeral competente en materia de comercio" adoptouse o seguinte acordo "Prohibir aos establecemento comerciais non incluídos no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia a expedición de bebidas alcohólicas dende as 22:00 horas ata as 9:00 do día seguinte." En base a este decreto levantouse a acta correspondente e remitíronse os expediente a Dirección Xeral de Comercio para a súa tramitación.

Por outra banda, esta Alcaldía manifestouse en moitas ocasións en contra do servizo do "Noite Bus" prestado pola Xunta de Galicia posto que a xuventude adoita chegar ao municipio coas bebidas procedentes doutras vilas. Neste senso engadir que son moitas as queixas dos condutores de transportes colectivo en relación a determinadas condutas agresivas da mocidade que se producen na viaxe de volta e que requiriron a intervención das Forzas de Seguridade do Estado.

En anteriores ocasións o Concello de Baiona manifestou a institución do Valedor do Pobo o estudo dunha ordenanza que regule o botellón, circunstancia que se continúa valorando e que se atopa a expensas de que a Consellería de Sanidade con motivo da reforma da Lei de drogas aborde o consumo de alcohol ao aire público como un problema de saúde, posto que entendemos que se trata dun problema no que se deben implicar todas as administracións competentes"

Da información achegada dedúcese que o Concello non desmente os feitos obxecto da queixa, polo que en principio deben entenderse confirmados. A reclamación refírese fundamentalmente a celebración dos botellóns; a que estes se celebran no parque; a que se deran sucesivas denuncias da interesada, realizadas a través de chamadas á policía

local; a que os numerosos botellóns ocasionaron prexuízos e molestias debido ao ruído ata altas horas da madrugada; e a que por parte do Concello non se deu actuación para corrixir a situación.

Ao respecto xa tivemos ocasión de indicar ao Concello que en diferentes informes anuais dirixidos ao Parlamento esta institución indicou que o *botellón* en determinadas condicións pode conculcar dereitos fundamentais como os do artigo 18.1 e 2 CE, ou dereitos doutra natureza (artigos 43 e 45 CE). O Decreto 320/2002, de ordenanzas tipo sobre protección contra a contaminación acústica, establece a *conduta cívica normal* como parámetro de comportamento *singular ou colectivo* cando se produza unha perturbación por ruídos para a veciñanza, o que *será sancionado conforme o establecido neste regulamento* (artigo 26.5). Parece claro que esta norma está enfocada ao tratamento de supostos nos que o efecto prexudicial provén dunha suma de comportamentos individuais, ou do comportamento colectivo que supón a suma de todos eles. Se algunha dúbida se podía crear con anterioridade respecto á suposta falta de habilitación legal da citada norma, hoxe debe considerarse despexada co disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, que habilita os concellos para que a través das súas ordenanzas aborden os ruídos xerados pola acumulación de persoas na rúa mediante a tipificación de infraccións que sancionen a contaminación deste tipo ocasionada polos usuarios da vía pública *en determinadas circunstancias*. Efectivamente, *as ordenanzas locais poderán tipificar infraccións en relación con: a) o ruído procedente de usuarios da vía pública en determinadas circunstancias* (artigo 28.5). Por tanto, os Concellos que regulasen a cuestión a través das súas propias ordenanzas deben aplicalas, e nos que non as teñan ou non as reformen para abordar esta cuestión resultará de aplicación directa a ordenanza-tipo.

Ademais, algunhas sentenzas tratan os problemas dos residentes polas aglomeracións de mozos consumindo bebidas na rúa ata altas horas da madrugada, causando considerables molestias debido aos ruídos, voces, pelexas, actos vandálicos, etc., e impedindo o descanso dos veciños. Na do 29 de outubro de 2001, da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía, sede de Sevilla, sinálase que “*se poden adoptar medidas de control adecuadas para evitar o ruído, a venda de bebidas alcohólicas na rúa, a utilización daquela como urinario público, os danos ao espazo*

público e aos seus elementos, e permitir a libre circulación de persoas e vehículo (...) o recurso debe ser estimado porque á Administración lle incumbe, na súa función de policía, o cumprimento do deber de vixilancia de horarios de peche, emisión de ruídos de bares, vehículos, etc. E do actuado dedúcese certa inactividade que prexudica sen lugar a dúbidas os veciños da zona que han de soportar a incomodidade de acceso ás súas vivendas, exceso de ruídos que impiden o descanso nocturno e outras molestias que non teñen o deber xurídico de soportar e que se poden paliar, se a Administración no ámbito da súa competencia non fai abandono da súa función e adopta cantas medidas sexan necesarias para exixir o cumprimento da lei facendo posible que o exercicio dun dereito por parte dun sector de poboación non menoscabe os dereitos dos veciños da zona na que se concentran". A sentenza obriga ao Concello de Sevilla a adoptar as medidas que impidan o consumo de alcohol nas rúas fóra dos establecementos públicos.

Por tanto, as pretendidas xustificacións expostas polo Concello non resultan adecuadas. O ente local indica que, en base á habilitación do artigo 10 da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, en 2008 aprobou a prohibición da venda de alcohol despois das 22.00 h. e ata as 9.00 h., o que lóxicamente non impide a práctica do botellón, como de feito se confirma coa propia queixa. Ademais sinala que se opón ao *noite-bus*, que, aínda que é evidente que pode prexudicar no aspecto que tratamos, ao facer que acceda máis xente á Vila, sen embargo non necesariamente deba relacionarse co botellón, en especial se este estivera a impedirse cando resulte molesto ou cando se celebre nun lugar non adecuado (ambas as dúas circunstancias se dan neste caso), ou se prohibise con carácter xeral, como pode facer o Concello, tal e como vemos (Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, artigo 28.5). Finalmente, o feito de que a administración autonómica poida restrinxir e aínda prohibir o consumo de alcohol na vía pública a través de normas con rango de lei no marco das súas competencias en materia de saúde e prevención das drogodependencias, como xa se fixo noutras moitas comunidades autónomas, non significa que os concellos non deban preservar os dereitos dos cidadáns en materias da súa competencia, como a contaminación acústica, o que debe facerse a través dos instrumentos legais que xa teñen ao seu dispor, que, como vemos, son, fundamentalmente, os artigos 18.1 e 2, 43 e 45 CE, a Lei 37/2003, do ruído, a Lei autonómica 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, e o Decreto 320/2002,

de ordenanzas tipo sobre protección contra a contaminación acústica. En todos eles se establecen as habilitacións e os demais instrumentos legais para cumprir as funcións municipais en materia de contaminación acústica, en concreto para evitar os prexuízos ocasionados polo fenómeno que tratamos, que resulta especialmente grave cando se realiza en zonas residenciais e de forma masiva e periódica.

Polo que se refire á falta de comprobación e posterior corrección, no seu caso, por parte do Concello, é de sinalar que tal circunstancia evidencia un inadecuado tratamento do problema. Efectivamente, esa ausencia de actividade supón unha desatención das funcións municipais contempladas no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que “corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento da presente lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento”; e no art. 25 da LRBL, que establece que “o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente”.

É de resaltar que con ocasión de queixas anteriores o Concello de Baiona anunciara medidas para tratar este problema (por exemplo, con ocasión da queixa C.6.Q/1030/07), o que, á vista do indicado, non parece terse levado a efecto.

Outra circunstancia que incide na cuestión é que o botellón se celebre nun parque público. A conservación en bo estado do parque é unha obriga da administración local, de acordo co previsto no Decreto 245/2003, de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís. O seu artigo 14 sinala que *os titulares dos parques infantís serán responsables do seu mantemento e conservación, debendo realizar inspeccións e revisións anuais por técnicos competentes e con formación acreditada. Ademais, os parques infantís deberán estar situados en zonas onde os posibles riscos para os usuarios sexan mínimos; as superficies previstas para o xogo deberán estar debidamente acoutadas dunha forma segura e separadas* (artigo 3). A pesar do indicado o certo é que o Concello non aclara as medidas de protección aplicadas para preservar o

parque das posibles incidencias deste fenómeno, que non debера celebrase neste tipo de espazos, polas frecuentes consecuencias que trae consigo.

En resumo, na presente queixa examínanse dúas cuestións directamente relacionadas. A primeira é a evidente contaminación acústica que sofren as persoas que residen nos arredores do lugar de celebración habitual do botellón; e a segunda vén referida á adecuada xestión do parque infantil municipal, que o Concello debe garantir, dado que o ben en xogo é de máxima relevancia, posto que trátase de preservar a seguridade dos nenos usuarios, ou, como sinala o Decreto 245/2003, a protección dos menores no seu tempo de ocio.

A cidadá que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Baiona non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que están sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Baiona a seguinte **recomendación**:

“Que se comprobe a permanencia da práctica do denominado botellón no parque de Baiona e que, en caso positivo, se adopten as medidas precisas para impedi-lo, de tal forma que non se prexudiquen os dereitos constitucionais dos afectados nin se incumpran as condicións de protección dos parques públicos, como sucede; e que con carácter xeral se impida a práctica do botellón na localidade cando produza unha perturbación por ruídos para a veciñanza, conforme o establecido no Decreto 320/2002, vixente neste aspecto en Baiona, ou que, no seu caso, se impida de acordo coas condicións dunha eventual ordenanza municipal propia, habilitada polo art. 28.5 da Lei 37/2003, do ruído.”

Resposta do Concello de Baiona: Pendente de efectividade.

7. Recomendación dirixida ao Concello de Camariñas el 11 de novembro de 2010 debido aos prexuízos ocasionados polo funcionamento dun bar de Ponte do Porto (Q/146/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. P.A.P. debido aos prexuízos ocasionados polo funcionamento do *Bar xxx* en Ponte do Porto.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que vive ao carón dun bar o local de copas chamado “xxx”, en Ponte do Porto. Ao local pedíronlle en varias ocasións que poña a música a un nivel aceptable que permita descansar a súa avoa, enferma de 85 anos. As persoa que teñen alugado o local e fan uso do mesmo dixeron que eles dispoñen dos permisos municipais, pero iso o interesado cre que non quere dicir que poñan a música a todo volume e que molesten a toda a veciñanza, especialmente á súa familia, que vive ao seu carón. Transmitíronllo ao Sr. Alcalde e á policía local, pero ante a súa pasividade vese obrigado a presentar a queixa, segundo expresa. A policía local respondeulle que é un concello pequeno e que a policía local non dispón de servizo nocturno, e que o principal problema é que tampouco dispón dun dispositivo para poder mediar o nivel de ruídos, xa que este dispositivo é demasiado caro, e facer unha comprobación con empresa tamén é caro, segundo a resposta da policía local. Sen embargo, indica que todos teñen dereito a poder descansar, especialmente unha persoa maior e enferma; as actividades lúdicas non

deben ser incompatibles co descanso, e deberan realizarse dunha forma moderada e sen invadir os dereitos e liberdades cidadáns.

Ante iso solicitamos información ao Concello de Camariñas, que sinalou o seguinte:

“Por medio da presente dáselle traslado do informe emitido pola Policía Local de Camariñas en data 23-4-2010, en relación co expediente C.6.Q/146/10 (queixa formulada por D. P.A.P. polos ruídos ocasionados polo bar xxx en Ponte do Porto)”

“QUEIXA DE D. P.A.P. POR RUÍDOS DO BAR xxx

Asunto: emisión de informe solicitado polo Sr. Alcalde despois do oficio remitido polo Valedor do Pobo en resposta a queixa presentada ante esta institución, por D. P.A.P. , con domicilio na rúa de Curros de Ponte do Porto (Camariñas), polos ruídos que ten que padecer no seu domicilio nas noites da fin de semana, e que segundo manifesta proceden do bar "xxx" próximo ó seu domicilio.

A finais do ano pasado compareceu nas dependencias da Policía Local D. P.A.P. pedindo información do que podía facer ante o problema de ruído que sufría no seu domicilio nas noites de fin de semana, manifestando que este ruído procedía do bar o "xxx" próximo ao seu domicilio, o policía asinante explicoulle que a policía local non ten servizo nocturno, posto que só conta cun axente no cadro de persoal e que ademais carece dos medios técnicos para realizar as oportunas medición de ruídos, non posúe sonómetro, posto que o importe para a súa compra é demasiado elevado para os orzamentos municipais que ten asignados a Policía Local, non tendo ademais, o único axente existente, realizado o curso de formación imprescindible para a manipulación dun sonómetro.

Indicóuselle ao interesado que se dirixira a Casa do Concello e cubrira unha instancia, nas oficinas xerais do Concello, indicando o problema que sofre, xa que a outra posibilidade é que a medición a realice unha empresa homologada, pero ante o alto custo

deste servizo deberá ser analizado e autorizado polo Sr. Alcalde. Descoñecese se o interesado presentou a oportuna instancia no Rexistro Xeral do Concello, posto que a día de hoxe nas dependencias da Policía Local non ten entrado copia da mesma.

Tamén se lle informou que se falaría cos actuais propietarios do local para que baixasen a música do local ante a especial molestia que se estaba ocasionando neste caso en particular, actuación que se realizou nos días posteriores”.

Co anterior o ente local non aclaraba as circunstancias obxecto da queixa. Non indicaba se o establecemento conta con licenza de apertura e funcionamento, e, no caso de tela, de que tipo (bar, pub ...). Isto sucedía a pesar de que no requirimento de información se pedía de forma expresa tal cousa, posto que se o establecemento non tivera licenza non podería funcionar, e se a tivera de simple café ou bar, como parecía deducirse da súa denominación, entón debería impedirse de forma inmediata o seu funcionamento con música ou cun horario que non se corresponda a este tipo de establecemento. Ademais, por calquera das circunstancias citadas debera iniciarse expediente sancionador. No caso de poder contar con música, por tratarse dun pub ou similar, entón resultaría obrigado para o Concello realizar as comprobacións sonométricas que se requiren, de acordo co previsto no art. 9 da Lei galega 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, comprobacións que necesariamente se deberan facer no preciso momento en que se dea a suposta infracción, isto é, cando chámese denunciando tal cousa.

Polo anterior de novo nos diriximos ao Concello para requirir aclaración sobre os extremos mencionados, ao que se respondeu recentemente. O informe municipal recibíuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar ao Concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución, e ata realizar algunha chamada para urxir o seu envío. No informe sinálase o seguinte:

“En relación ao expediente arriba indicado e ao informe solicitado relativo á existencia ou non de licenza de actividade e funcionamento do establecemento " xxx", ponse no seu coñecemento, de acordo cos datos obrantes neste Concello, o seguinte:

1º.- Que o local "xxx" obtivo licenza municipal para apertura de establecemento destinado a café-bar en virtude de Decreto da Alcaldía, de data 10 de febreiro de 1983, sendo solicitada a devandita licenza por D. A.C. M.

2º.- Que con data 28 de setembro de 1988, D. A. C. M., presenta un escrito ante o Concello no que expón que ao seu nome ven figurando un establecemento de café-bar, 4a de 4 categoría, epígrafe 651.1 de licenza fiscal, amparado por licenza concedida por Decreto da Alcaldía de data 10 de febreiro de 1983. Que tendo cambiado de categoría, a café-bar especial A, epígrafe 651.131, e desexando legalizar tal situación, acompañando a seguinte documentación... solicita que tendo este escrito por presentado e en base ao anteriormente exposto, se proceda á concesión da licenza que solicita.

3º.- Con data 7 de outubro de 1988, en virtude de acordo da Comisión Municipal de Goberno, outorgase licenza para café-bar, especial A.

4º.- Con data 5 de marzo de dous mil nove autorízase a transmisión da licenza de café-bar de categoría especial, sendo o transmisor, D. A.C.M. e o adquiridor D. I. L. C..

Polo que se refire ao cumprimento do horario de peche e medición de ruídos este Concello non pode máis que reiterar o xa indicado no seu día, é dicir, que se carece dos medios persoais e materiais necesarios para levar a cabo as oportunas comprobacións.

Achégase ao presente copias das licenzas do ano 1983 e 1988, acordo polo que se autoriza a transmisión da actividade e os informes emitidos pola policía local en relación a este asunto.”

Ese mesmo día o Concello enviou un fax complementario do informe que transcribimos, no que se sinala que “en relación ao expediente arriba indicado e ao informe solicitado por esa institución, ponse no seu coñecemento que no día hoxe e ante a carencia de medios materiais por parte deste Concello, solicitouse, ao abeiro da lei 7/1997,

do 11 de agosto, á Xunta de Galicia a colaboración en materia de ruídos mediante o préstamo de sonómetro e calibrador.”

As actividades clasificadas precisan a correspondente licenza municipal de funcionamento, autorización outorgada segundo o establecido no RAMINP de 1961 (Decreto 2.414/1961), e agora de acordo co Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, en relación co art. 4.3 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica (“*as actividades que produzan unha perturbación por ruídos ou vibracións deberán someterse ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental*”). A través deste instrumento de control preventivo e continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra, outorgando as licenzas soamente cando iso sexa posible en función das circunstancias particulares do suposto e coas medidas correctoras previstas para garantir a ausencia de prexuízos.

No suposto que coñecemos, do informe achegado e a documentación que o acompaña dedúcese que o establecemento contaba orixinalmente con licenza de simple bar, aínda que non se indica a mesma se dera despois de seguir os trámites previstos no RAMINP. Despois sucedeu, segundo se indica, que o titular *presenta un escrito ante o Concello no que expón que ao seu nome vén figurando un establecemento de café-bar, 4a de 4 categoría, epígrafe 651.1 de licenza fiscal, amparado por licenza concedida por Decreto da Alcaldía de data 10 de febreiro de 1983. Que tendo cambiado de categoría, a café-bar, especial A, epígrafe 651.131, e desexando legalizar tal situación, acompañando a seguinte documentación ... solicita que tendo este escrito por presentado e en base ao anteriormente exposto, se proceda á concesión da licenza que solicita. Con data 7 de outubro de 1988, en virtude de acordo da Comisión Municipal de Goberno, outorgase licenza para café-bar, especial A.* Por tanto, a falta doutra explicación do Concello, todo parece indicar que o que se reclama é un cambio de categoría, de bar a pub (ou café-bar especial), sen o trámite correspondente, que sería o propio doutra licenza de funcionamento, por tanto suxeita ao procedemento entón regulado no RAMINP, o que esixe o correspondente proxecto que garanta a inocuidade do establecemento potencialmente molesto, a apertura dun trámite de información pública, a notificación

individual aos veciños inmediatos, a licenza de obra (provisional, sen permiso para funcionar) coas medidas correctoras que se determinaran, a comprobación por técnico municipal da adecuada execución do esixido, e a licenza definitiva.

Nada diso parecer terse feito (como dixemos, a falta doutra explicación do Concello); polo contrario, permítese o cambio de uso sen o procedemento obrigado, xustificando tal forma de proceder nun sinxelo cambio da licenza fiscal, o que son ten virtualidade nese concreto ámbito, pero que, como é lóxico, non ten nada que ver coa necesidade de dar estrito cumprimento ás previsións preventivas ou autorizatorias correspondentes.

Por exemplo, a sentenza do 13 de xaneiro do Xulgado do Contencioso-Administrativo, núm. 2, de Santander establece que a instalación musical é un elemento definidor da categoría da actividade, distinta a dun simple bar. Trátase dun elemento que, entre outros, permite diferenciar os bares dos bares especiais, polo que a instalación dun aparato de música implica un cambio da natureza da actividade que require unha licenza nova e distinta, e non se trata dunha mera ampliación da preexistente.

Unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non superen os parámetros manexados á hora de conceder as licenzas de funcionamento. A este respecto, os locais que contan con licenzas para funcionar como simples bares, cafetarías ou similares non poden realizar o seu labor con música e cun horario amplo, entre outras moitas razóns porque no momento do exercicio do control preventivo, é dicir, no procedemento da licenza, os promotores e as administracións intervenientes (concello e Consellería de Medio Ambiente) non garantiron a inocuidade dos locais nesas condicións de uso, ao se preveren outras. As exixencias ambientais para este tipo de locais son menos rigorosas, polo que se posteriormente non axustan o seu modo de funcionar ao verdadeiramente habilitado, poden causar importantes prexuízos, e, en calquera caso, están incumprindo as condicións da licenza municipal que posúen.

Este tipo de establecementos non poden contar con música, nin pretender exercer como pubs. Ao respecto xa tivemos ocasión de sinalar en anteriores ocasións que a denominación *café-bar* fai referencia a locais que non poden incluír na súa actividade equipos de música, incluso nos supostos en que se encontran mencionados nos proxectos (véxase a recomendación e suxestión incluídas no Informe Anual ao Parlamento de Galicia 2002: 249 e ss). Así se desprende da diferenciación que realizan as variadas normas reguladoras da materia, como poden ser o catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 292/2004), o Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, ou as diferentes ordes da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que veñen regulando os horarios de apertura e peche dos locais. O Decreto 292/2004 cita as salas de baile ou festas, as discotecas, os pubs e os karaokes como establecementos con ambientación musical, e, polo contrario, ao mencionar as cafeterías, cafés ou bares non sinala que teñan esa característica, a ambientación musical, pola que a diferenza resulta clara.

Como xa adiantamos, para que un local con licenza de bar se converta nun pub non resulta suficiente a simple autorización de tal intención sen o procedemento que indicamos. Obviaríanse trámites substanciais, como os citados, entre eles o proxecto adecuado de insonorización adecuada para estes locais; a información pública aos veciños afectados, aos que habería que advertir das intencións do promotor; o traslado á Consellería de Medio Ambiente, etc. Por esta e polas demais razóns expostas debe concluírse que a segunda licenza formalmente concedida polo Concello resultaría aparentemente nula.

Tamén resulta rechamante que, a pesar da anterior circunstancia e das denuncias e queixas do interesado, o ente local segue sen aportar ningún elemento relativo á comprobación e, no seu caso, corrección, dos ruídos que son obxecto tanto das anteriores denuncias como da queixa que coñecemos. Ao respecto xa tivemos ocasión de subliñar ao Concello que resúltalle obrigado realizar as comprobacións sonométricas que se requiren, de acordo co previsto no art. 9 da Lei galega 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, comprobacións que necesariamente se deberan facer no preciso momento en que

se dea a suposta infracción, isto é, cando chame o interesado denunciando tal cousa, non a través de comprobacións programadas, e cantas veces se dean as molestias nocturnas, aos efectos de comprobar e valorar a eventual reincidencia no comportamento infractor.

O ente local pretende xustificar a súa falta de dilixencia nesta orde indicando que carece de medios. Sen embargo, ademais da obriga apuntada no parágrafo anterior, o Concello debера ter en conta que co outorgamento da licenza que di ter concedida (neste caso en realidade dúas, unha orixinal e outra ao parecer irregular) non termina o labor do ente local. A licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento. Por tanto, despois da concesión da licenza non poden expoñerse razoablemente este tipo de razóns.

Todo o anterior supón unha desatención das funcións municipais contempladas no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que “corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento da presente lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento”; e no art. 25 da LRBL, que establece que “o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente”. E esa desatención pode dar lugar á responsabilidade municipal, como reiteradamente vén determinando a xurisprudencia ao xulgar supostos moi similares.

O cidadán que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Camariñas non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que están sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o

principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facerlle chegar a ese Concello de Camariñas a seguinte **recomendación**:

“Que con urxencia se proceda a corrixir a inadecuada concesión municipal de licenza de café-bar especial ao local obxecto da queixa, e que se corrixa o funcionamento irregular do establecemento derivado de tal circunstancia. E que tamén con urxencia se proceda a dar estrito cumprimento ás obrigas municipais de comprobación e control do ruído, obriga que se vén desatendendo.”

Resposta do Concello de Camariñas: pendente de efectividade.

8.- Recomendación dirixida ao Concello de Ribeira el 2 de decembro de 2010 debido ás molestias e ao funcionamento irregular dunha cervexería (Q/1840/07).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a J.P.M.e D.^a A.Q.B. debido aos prexuízos e molestias ocasionados por un establecemento hostaleiro.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que nun dos baixos do edificio se atopa aberto ao público un local restaurante inaugurado no ano 1993 con licenza de local de cervexería, a empresa solicitou en 1995 ampliación da licenza ao de cafetería de categoría especial en 1995. Pese á segunda licenza, desde os inicios da súa actividade veu

desenvolvendo labores de restaurante con servizo de comedor, na súa fachada existe un rótulo de “restaurante”, e todo isto sen contar coas correspondentes licenzas e sen cumprir coas condicións. A referida cervexería serve comidas evacuando fumes sen as condicións adecuadas, xerando malos olores. En 2004 solicitou licenza para a ampliación de comedor de cervexería de categoría especial A, proxecto incompleto, a ventilación e evacuación de fumes e gases, a detección, prevención de incendios e medidas de seguridade en xeral e os ruídos e vibracións que se producen ao exterior. Emprazando á empresa a fin de que se achegase a ampliación do proxecto, ata o día de hoxe e pese ao tempo transcorrido, nin o proxecto foi remitido ao expediente nin o concello realizou absolutamente ningunha actividade a fin de velar polos intereses dos veciños afectados. Ampliou o comedor do restaurante no ano 2003 sen contar cos preceptivos permisos, motivo polo que instaron infrutuosamente a súa legalización ante o Concello de Ribeira. Os fumes e olores da cociña son expulsados ao exterior por un pequeno tubo, sen máis filtro que unha reixa situada a pouco máis de 2 metros de altura do nivel do solo. Os ruídos expándense ao exterior sen ningún tipo de barreiras e contravindo así o establecido legalmente.

Ante iso solicitamos información a ese Concello, que no seu momento sinalou o seguinte: “(...) a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada en data 22 de novembro do 2007, entre outros, adoptou o seguinte acordo: **VIII- COMUNICACIÓNS OFICIAIS.** Do Valedor do Pobo, solicitando informe sobre o establecemento sito na rúa Pérez Galdós, 11-baixo, desta localidade (expediente: C.6.Q/1840/07), motivado polo escrito de queixa de D.^a J.P.M.e D.^a A.Q.B.. A Xunta de Goberno Local, visto o escrito de referencia de data 30/10/2007 (rexistrado de entrada en data 5/11/2007, co núm. 24522), por unanimidade, acorda informar o Valedor do Pobo do informe emitido ao respecto por parte do Negociado de Aperturas de Establecementos, de data 15/11/2007, que di como segue: "1 ° Con data 23-7-1993 concédese a "Munesca, S.L. "licenza municipal de apertura para o establecemento dedicado a cervexería (especial A), sito na r/xxx, desta cidade. 2° Con data 2-9-2004 ten entrada nestas dependencias municipais solicitude de licenza de actividade para a ampliación do comedor do dito establecemento. 3° Tras requirir ao interesado en varias ocasións a presentación dunha serie de documentos (estudo acústico xustificativo do cumprimento das medidas establecidas na Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, anexo xustificativo do cumprimento da

normativa autonómica sobre accesibilidade e supresión de barreiras, ampliación de documentación en relación cos sistemas de extracción de fumes e gases e da ventilación previstos para o establecemento, etc.), este foinos presentando gradualmente, o último "proxecto de xustificación de normativa de accesibilidade, extracción de fumes e gases e ventilación en ampliación de local comercial destinado a cervexería", elaborado polo enxeñeiro industrial D. E.G.R., presentado nestas dependencias municipais na data 17-1-2007. 4º A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 29-3-2007 acorda: informar favorablemente o expediente, con estrita suxeición aos proxectos técnicos presentados (redactados polo arquitecto técnico D. S. N. O. e polo enxeñeiro industrial D. E. G. R.), así como ás medidas correctoras previstas. Remitir o expediente á Comisión Provincial de Medio Ambiente, para os efectos de cualificación, informe e demais procedentes. 5º Mediante decreto da Alcaldía de data 28-5-2007 concédese licenza provisional de apertura para a ampliación do citado comedor condicionada a unha serie de requisitos sinalados pola Del. Prov. da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible no seu escrito de data 11-5-2007. 6º A día de hoxe o expediente correspondente encóntrase pendente de que o interesado presente solicitude de licenza definitiva acompañada de certificado técnico do director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade destas cos termos da licenza provisional que lle foi concedida en data 28-5-2007. 7º Por último, neste negociado descoñécese a actividade que se desenvolve no interior do establecemento así como a inscrición que figura no rótulo da fachada do local."

Á parte dos aspectos formais aos que aludía o Concello, que confirmaban que o establecemento non contaba coa licenza solicitada en último termo, non se mencionaba absolutamente nada respecto do aspecto substancial da queixa, isto é, a actividade actual do establecemento e as molestias e prexuízos que ocasiona (*"neste negociado descoñécese a actividade que se desenvolve no interior do establecemento"*). De acordo co achegado na queixa, aínda que carece da nova licenza o establecemento estaba funcionando como se a tivera, e, o que resulta máis rechamante, a pesar diso o Concello non aclaraba o actuado ao respecto e a comprobación e corrección dos prexuízos e molestias pola inadecuada evacuación de gases e polos ruídos que se denunciaban. Todo iso trasladámolo ao Concello xa en decembro de 2007 para que o aclarara. A resposta municipal deuse 8 meses despois,

tras reiteracións do requirimento de información e sendo preciso realizar algunha chamada para urxir o seu envío. No informe sinalase o seguinte: *“En relación aos seus escritos recibidos nas datas 5/11/07, 19/12/07, 28/1/08 e 31/3/08 solicitando información sobre o problema que motivou a queixa presentada por D.^a J.P.M.e D.^a A. Q. B. respecto do incorrecto funcionamento do establecemento denominado "xxx" ou "xxx" sito no baixo do número xx da rúa P. G., en particular sobre se se comprobaron as circunstancias sinaladas, e sobre o seu resultado; sobre o tipo de licenza con que conta o establecemento, e sobre o seu axuste ao habilitado nela; sobre se a licenza viu seguida da comprobación prevista no artigo 34 do RAMINP; sobre a comprobación dos cheiros, gases e ruídos; sobre as causas polas que non se deu a actuación reclamada polos interesados, no seu caso; e sobre as medidas adoptadas ou previstas; infórmase canto segue:*

Sobre se se comprobaron as circunstancias sinaladas, e sobre o seu resultado: Os feitos que motivaron as queixas (emisión de gases e fumes, ruídos, etc.) foron comprobados mediante unha visita de inspección realizada na data 13/2/08 polo técnico municipal de Medio Ambiente, que coa mesma data emitiu o respectivo informe do que se achega copia co obxecto de que coñezan o resultado da visita de inspección.

Sobre o tipo de licenza con que conta o establecemento, e sobre o axuste deste ao habilitado nela: O establecemento conta desde a data 23/07/1993 con licenza de cervexería (especial A), e desde a data 16/07/08 dispón da licenza definitiva para a instalación de ampliación de comedor. Esta última licenza foi outorgada previa a acta de comprobación emitida polo técnico municipal de Medio Ambiente en sentido favorable, e demais informes, ó adoptar o interesado as medidas correctoras impostas (achégase copia destes informes). Na actualidade o establecemento axústase á licenza pola que se autoriza a instalación de ampliación de comedor, aínda que se recoñece que con anterioridade estivo funcionando sen axustarse á licenza de cervexería (especial A).

Sobre se a licenza veu seguida da comprobación prevista no artigo 34 do RAMINP: Como se dispuxo no número anterior a licenza definitiva para a instalación de ampliación de comedor foi precedida das preceptivas visitas de comprobación que prevé o artigo 34 do RAMINP.

Sobre a comprobación dos cheiros, gases e ruídos: Foron comprobados mediante a visita de inspección realizada na data 13/2/08 polo técnico municipal de Medio Ambiente.

Sobre as causas polas que non se deu a actuación reclamada polos interesados, no seu caso: Non existen causas que realmente xustifiquen a non realización das actuacións reclamadas polas denunciante.

Sobre as medidas adoptadas ou previstas: Ata o de agora non se adoptou ningunha medida, aínda que no sucesivo esta Alcaldía se compromete a adoptar as medidas legais oportunas no suposto de que o funcionamento do local non se faga de conformidade coa licenza outorgada.”

No informe transcrito indícase que a actividade xa contaba con licenza renovada, posto que finalmente se concedera a de *instalación de ampliación de comedor* que antes se atopaba en trámite. Sen embargo, do informe anexo deducíase que respecto da evacuación de fumes e gases, o técnico unicamente mencionaba que o conduto responde ao proxecto, é dicir, ten a saída cara á fachada, que é precisamente do que se queixaban os interesados. Por tanto, seguían sen concretarse as apreciacións respecto das denuncias, que sinalaban os prexuízos polos gases e fumes, dada a situación actual, que debera ser corrixiada, como se informara polos técnicos con anterioridade. De feito, a situación máis adecuada para as evacuacións parece o cumio do edificio. É de destacar que se trata dunha licenza de funcionamento, polo que o Concello debera comprobar as circunstancias denunciadas e adoptar as medidas precisas para garantir o interese público, de acordo co sinalado de forma reiterada pola xurisprudencia. Polo que se refire aos ruídos, de novo o ente local non achegaba comprobación concreta das molestias, senón unicamente unha revisión xenérica das condicións nas que vén funcionando o establecemento. Non obstante, destaca a presenza de música (equipo de reprodución-amplificación sonora e altosfalantes) nun establecemento non habilitado para iso, posto que se trata dunha cafetería ou cervexería.

Trasladamos o indicado ao Concello, e este respondeunos da seguinte forma: “*En relación aos seus escritos recibidos nas datas 29/8/08, 9/10/08 e 12/12/08 solicitando*

información sobre o problema que motivou a queixa presentada por D.^a J.P.M.e D.^a A.Q.B. debido ás molestias ocasionadas por unha cervexería, en particular sobre a comprobación en concreto das molestias por gases e fumes, e sobre a necesidade de levar a saída ao cumio; sobre as causas da falta de actuación en contra da presenza dun equipo de música; sobre as comprobacións en concreto do nivel de ruído no establecemento; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto de queixa; infórmase o seguinte: 1.- Sobre a comprobación en concreto das molestias por gases e fumes, e sobre a necesidade de levar a saída ao cumio: Ante a queixa remitida por vostede requiriuse ó técnico de Medio Ambiente para que emitise informe no que comprobase os aspectos citados, informe que foi emitido na data 15/10/08 e do que se achega copia. 2. Sobre as causas da falta de actuación en contra da presenza dun equipo de música: solicitouse informe á policía local. Cando sexa emitido informarase a vostede das actuacións que se levarán a cabo. 3.- Sobre as comprobacións en concreto do nivel de ruído no establecemento: solicitouse informe á policía local. Cando sexa emitido informarase a vostede das actuacións que se levarán a cabo.”

Así, o ente local realizaría as comprobacións aínda pendentes e logo de seren emitidos os informes se daría conta a esta institución. Non obstante, despois dun tempo dende a recepción do aludido escrito municipal o certo é que non se recibira o informe complementario ao que se refería o Concello para aclarar definitivamente todos os aspectos da queixa. Ademais, respecto do único aspecto da queixa sobre o que se achega, é dicir, o referente a evacuación de gases, é de sinalar que se menciona que “a solución adoptada difire da establecida no ditame ambiental emitido pola Delegación Provincial”, aínda que sen especificar cal era esa solución. Non obstante, é de sublimar que as medidas correctoras indicadas nos informes do órgano ambiental nos trámites do RAMINP resultan vinculantes, polo que non se acaban de comprender as causas polas que non se esixe a solución informada pola Delegación, que tampouco se concreta.

Polo anterior, de novo dirixímonos ao Concello, esperando que esta vez se aclarasen todos os extremos da queixa e sobre todo que se dese conta da súa adecuada actuación, de acordo co reclamado. Ademais, dadas as circunstancias, o 11 de decembro de 2008 requiriuse que a resposta se dese urxentemente, en concreto en dous días e vía fax.

Pois ben, o Concello non deu resposta ao anterior ata hai ben pouco, en concreto ata o 17 de novembro de 2010, despois de varias reiteracións e aínda dalgunha chamada ao Concello para urxir o cumprimento da obriga de responder. Do anterior só pode concluírse que o ente local de Ribeira incumpriu o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución. A resposta municipal foi a seguinte:

“Visto o informe emitido polo técnico municipal de Medio Ambiente,, de data 28-10-2010, así como os emitidos en data 13-02-2008 e 15-10-2008, que citan no dito informe, en relación co establecemento dedicado a cervexería sito na rúa P.G., xx-baixo (Ribeira), que consta no expediente e que se transcribe:

INFORME ACLARATORIO ...

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira, en sesión celebrada na data do 23 de setembro de 2010 (expedido en data 30 de setembro de 2010), en relación co escrito remitido polo Valedor do Pobo de Galicia, de data 27 de abril de 2010 (escrito con data do 30 de abril de 2010, entrada núm. 6079), mediante o que expón:

"A Xunta de Goberno Local queda informada do contido do escrito de referencia dando traslado deste ao técnico municipal de Medio Ambiente para que emita informe ao respecto e contestar ao Valedor do Pobo".

Revisada a documentación achegada xunto co acordo adoptado pola Xunta de Goberno, comprobo que no expediente xa constan informes ambientais que dan resposta aos extremos mencionados no expediente de referencia C.6.Q/1840/2007, especificando con claridade a situación de funcionamento do establecemento:

Informe de data 15 de outubro de 2008 baseado nunha visita de comprobación ás instalacións, no que se fai referencia basicamente ao sistema de extracción de fumes e gases do establecemento.

Informe de data 13 de febreiro de 2008 baseado nunha visita de actividade clasificada, no que se fai referencia a varios aspectos, entre os que destaca o relacionado coa evacuación de fumes e gases, e o equipamento musical.

O contido deste informes pode ser de interese para dar resposta á actual solicitude de informe efectuada polo Valedor do Pobo no seu escrito de data 27 de abril de 2010 (escrito con data do 30 de abril de 2010, entrada núm. 6079).

O que poño en coñecemento da Xunta de Goberno Local para os efectos oportunos. Documentación achegada: copia dos informes emitidos."

(informes que se citan)

"1) INFORME DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE Ribeira, 15 de outubro de 2008. Asunto:visita de comprobación de instalacións. Actividade: cervexería. Titular: M., S.L.

Na data do 14 de outubro de 2008 comparecín no establecemento denominado "xxx", sito na rúa E., núm. xx, baixo, desta cidade, cuxa titular resulta ser "M., S.L.", e efectuei a visita de comprobación solicitada pola Alcaldía de Ribeira (escrito con data do 22 de setembro de 2008). Examinei novamente determinados extremos referidos ao funcionamento do sistema de extracción de fumes e gases do establecemento, co obxecto de comprobar se a solución adoptada actualmente é correcta, e sobre a necesidade de levar a saída o cumio. Neste sentido fago as seguintes observacións:

O conduto de evacuación dos fumes e gases procedentes da cociña do establecemento ten a súa saída na fachada lateral do local (véx. fotografía achegada). Durante a comprobación, efectuada ás 14:30 horas do día 14 de outubro de 2008, non apreciei molestias por olores procedentes do establecemento.

De acordo co establecido no "proxecto de xustificación de normativa de accesibilidade, extracción de fumes e gases e ventilación en ampliación de local comercial destinado a cervexería en Ribeira", redactado polo enxeñeiro industrial D. E. G. R. en

decembro de 2006, a cociña dispón dunha campá extractora e dun conduto de evacuación dos fumes a fachada. Asemade, a campá está dotada dun equipo de filtración electrostática con ventilador incorporado modular para a extracción de fumes para filtrar partículas de ata 0,01 micras, cun caudal estimado de 2500 m³/h, e un equipo de filtración por carbón activo.

Aínda que a solución adoptada difire da establecida no ditame ambiental emitido pola Delegación Provincial, é conveniente resaltar que a eficacia do sistema de filtros instalado, referida ao método numérico, se achega teoricamente ao 95%.

A normativa municipal aplicable non establece condicións particulares para as evacuacións de fumes e gases. A única referencia atopámola no artigo 97 do plan xeral de ordenación municipal, que ao referirse ás condicións das instalacións e servizos establece que toda clase de instalacións, saídas de fumes, chemineas, conducións, desaugadoiros, maquinaria, ..., se realizarán en forma que garantan, tanto á veciñanza como aos viandantes, a supresión de molestias, olores, fumes, vibracións, ruídos ...

Para garantir un correcto funcionamento e mantemento dos equipos e instalacións a titular debe xustificar a implantación dun plan de mantemento das instalacións de acordo ás prescricións recollidas ao respecto no proxecto técnico. "

"2) INFORME DE INSPECCIÓN DE ACTIVIDADE CLASIFICADA Ribeira, 13 de febreiro de 2008. Asunto: visita de comprobación de instalacións. Actividade: cervexería. Titular: M., S.L.

O que asina, en calidade de técnico municipal de Medio Ambiente do Concello de Ribeira, compareceu ás 11:15 horas do día 13 de febreiro de 2008 no establecemento dedicado a cervexería sito na rúa xxx, núm. xx — baixo, cuxa titular resulta ser M., S.L, co obxecto de informar á Alcaldía do Concello de Ribeira sobre as medidas correctoras adoptadas no local en canto aos feitos que denuncia o Sr. G.S. no seu escrito de data 24 de novembro de 2007 (escrito con data do 24 de novembro de 2007, entrada núm. 26349), constatando o seguinte:

Evacuación de fumes e gases. O conduto de evacuación dos fumes e gases procedentes da cociña do establecemento ten a súa saída na fachada lateral do establecemento (fotografía 2). De acordo co establecido no "proxecto de xustificación de normativa de accesibilidade, extracción de fumes e gases e ventilación en ampliación de local comercial destinado a cervexería en Ribeira", redactado polo enxeñeiro industrial D. E.o G. R. en decembro de 2006, a cociña dispón dunha campá extractora (fotografía 4) e dun conduto de evacuación dos fumes á fachada. Asemade, a campá debería estar dotada dun equipo de filtración electrostática con ventilador incorporado modular para a extracción de fumes para filtrar partículas de ata 0,01 micras, cun caudal estimado de 2500 m³/h, e un equipo de filtración por carbón activo. Ante a imposibilidade técnica de acceder ao emprazamento do sistema de filtrado (fotografía 3) non se puido constatar a súa instalación, que podería xustificarse mediante certificación emitida pola empresa instaladora.

Mesas. O número de mesas na zona destinada a comedor (ampliación solicitada) é superior ao previsto no plano A-02 do estudo técnico obrante no expediente de actividade. Non obstante, a ocupación prevista é a mesma, xa que o número total de cadeiras é o previsto na distribución do proxecto técnico (fotografía 7).

Equipamento musical. A zona destinada a comedor (ampliación solicitada) non conta con altosfalantes e non se observan equipos de reprodución-amplificación sonora. Sen embargo, a zona do establecemento existente ata a ampliación solicitada, que dispón de licenza municipal de actividade para Cafetería dende o ano 1995, conta cun equipo reprodución-amplificación sonora e altosfalantes (fotografías 5 e 6). O cert. medición de illamento acústico emitido pola empresa homologada Viroc do 6 de abril de 2006 amosa uns resultados favorables para o actividade, encadrada no tipo I da táboa do punto 2.1 do anexo III, municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións (BOP núm. 57, do 11 de marzo de 2005), é dicir: actividade de pública concorrencia, sen equipos de reprodución/amplificación sonora ou audiovisuais e funcionamento diúrno ou parcialmente nocturno (de 22 a 02 horas), con niveis sonoros de ata 80 dBA. A norma non prevé equipos musicais para as actividades encadradas neste grupo.

4. Dobre porta. De acordo co establecido no artigo 27 da ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións só nos establecementos nos que se instale equipo musical de emisión igual ou superior de 80 dBA, será obrigatoria a instalación dunha dobre porta, con peche automático e dispositivo antipánico de apertura manual, constituíndo un vestíbulo cortaventos que configure un espazo intermedio que actúe como cámara de control para impedir que as dúas portas estean abertas ao mesmo tempo. Na actividade inspeccionada non se instalou a dobre porta.

Documentación achegada: - Documento fotográfico."

A Xunta de Goberno Local acorda remitir ao Valedor do Pobo de Galicia copia dos citados informes elaborados polo técnico municipal de Medio Ambiente, I. L.F. V., en data 28-10-2010, 13-2-2008 e 15-10-2008 e o presente acordo da Xunta de Goberno Local."

Logo de examinar a información achegada dedúcese que esta consiste no xa presentado polo Concello en ocasións anteriores, valorado na forma que queda exposta con anterioridade no presente documento. Efectivamente, case dous anos despois da valoración negativa do informado e da solicitude de aclaración para coñecer en que forma se resolverían os aspectos claramente irregulares observados, sorprendentemente agora o Concello se limita, por medio do seu técnico, a enviar eses mesmos informes, sen máis, o que non pode cualificarse máis que como unha forma de comportamento pouco respectuosa, fundamentalmente coas cidadás que reclaman unha solución dende 2007, e con aparente razón, segundo se desprende dos propios informes municipais.

Polo que se refire aos gases, o aspecto principal da queixa, mencionárase que “a solución adoptada difire da establecida no ditame ambiental emitido pola Delegación Provincial”, aínda que sen especificar cal era esa solución. Agora debemos subliñar de novo que as medidas correctoras indicadas nos informes do órgano ambiental nos trámites do RAMINP, e agora do Decreto 133/2008, resultan vinculantes, polo que non é adecuado que non se esixira a solución determinada pola Delegación, que posiblemente resultara de maior garantía para evitar prexuízos denunciados.

No relativo aos ruídos tamén denunciados, xa hai tempo subliñamos a presenza de música, utilizada por medio dun equipo de reprodución e amplificación sonora e altosfalantes, nun establecemento non habilitado para iso, posto que se trata dunha cafetería, cervexería ou similar. Ao respecto o Concello sinalara, hai case dous anos, que “*sobre as causas da falta de actuación en contra da presenza dun equipo de música: solicítouse informe á policía local. Cando sexa emitido informarase a vostede das actuacións que se levarán a cabo. Sobre as comprobacións en concreto do nivel de ruído no establecemento: solicítouse informe á policía local. Cando sexa emitido informarase a vostede das actuacións que se levarán a cabo*”. Como dixemos, despois de moitísimo tempo seguimos á espera de que se realice o comprometido.

As actividades clasificadas precisan a correspondente licenza municipal de funcionamento, autorización outorgada segundo o establecido no RAMINP de 1961 (Decreto 2414/1961), e agora de acordo co Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. A través deste instrumento de control preventivo e continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra, outorgando as licenzas soamente cando iso sexa posible en función das circunstancias particulares do suposto e coas medidas correctoras previstas para garantir a ausencia de prexuízos. Pero co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local. A licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento.

Os establecementos deben cumprir as condicións do tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non excedan dos parámetros manexados á hora de conceder as licenzas de funcionamento. No caso examinado, unha das condicións que non se resolveu correctamente é a adecuada evacuación de gases, posto que debiera cumprirse o indicado no informe da Consellería, como reiteradamente sinalamos. A outra é o ruído, e máis concretamente a presenza de música, confirmada polo ente local. Os establecementos que contan con licenzas para funcionar como bares, cafetarías, cervexerías

ou similares non poden realizar o seu labor con música, entre outras moitas razóns porque no momento do exercicio do control preventivo, é dicir, no procedemento da licenza, os promotores e as administracións intervenientes (Concello e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) non garantiron a inocuidade do local nesas condicións de uso, ao se preveren outras. As exixencias ambientais para este tipo de locais son menos rigorosas, polo que se posteriormente non axustan o seu modo de funcionar ao verdadeiramente habilitado, poden causar importantes prexuízos, e, en calquera caso, están incumprindo as condicións da licenza municipal que posúen.

Así se desprende da diferenciación que realizan as variadas normas reguladoras da materia, como poden ser o *catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia* (Decreto 292/2004), o Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o *regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas*, ou as diferentes ordes da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que veñen regulando os horarios de apertura e peche dos locais. O Decreto 292/2004 cita as salas de baile ou festas, as discotecas, os pubs e os karaokes como establecementos con ambientación musical, e, polo contrario, ao mencionar os outros non sinala que teñan esa característica, a ambientación musical, pola que a diferenza resulta clara.

Todo o anterior supón unha desatención das funcións municipais contempladas no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que “corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento da presente lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento”; e no art. 25 da LRBL, que establece que “o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente”. E esa desatención pode dar lugar á responsabilidade municipal, como reiteradamente vén determinando a xurisprudencia ao xulgar supostos moi similares.

As cidadás que promoveron a queixa están demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Ribeira non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que están sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Ribeira a seguinte **recomendación**:

“Que con urxencia se corrixan as dúas aparentes irregularidades postas de manifesto dende hai tempo no caso examinado, como son a inadecuada solución á evacuación dos gases do local, que non responde ao esixido no informe preceptivo e vinculante da CMATI, e o funcionamento do establecemento con música, sen estar habilitado para iso”.

Resposta do Concello de Ribeira: pendiente.

1.4. ÁREA DE EDUCACIÓN

1.4.1. INTRODUCCIÓN: A SITUACIÓN DA EDUCACIÓN EN GALICIA

Un dos obxectivos do informe anual desta institución é poñer de relevo as situacións irregulares ou disfuncionais que se produciron en cada un dos ámbitos da administración con obxecto de procurar a súa corrección. As queixas tramitadas nesta área inciden sobre os dous problemas fundamentais que están afectando ao sistema educativo: a calidade do ensino e as restricións na organización prestacional da educación. Ningunha das dúas cuestións é un problema conxuntural, senón de carácter estrutural.

A educación, ademais dun gasto, é un investimento en formación e competitividade que terminará devolvendo altas taxas de rendibilidade económica. É evidente que a situación económica no 2010 se agravou e que os orzamentos para educación diminuíron. A crise e o duro axuste dos orzamentos públicos colleron a España aínda por debaixo do nivel de gasto público dos países desenvolvidos. Os países da OCDE e os da UE gastaron en educación, de media, case un punto porcentual do seu PIB máis que España. Esa diferenza repercute na calidade do noso ensino, como o mostra o Informe Pisa, nas altas taxas de abandono escolar temperán, e nunha cualificación insuficiente.

A calidade do sistema educativo require, ademais dunha inxente asignación orzamentaria, un notable esforzo por parte de todos os sectores implicados no ensino e da sociedade no seu conxunto. A administración educativa galega realizou un grande esforzo para avanzar na calidade do sistema público de ensino a través de accións prioritarias como o proxecto Abalar, que representa a introdución das TIC para a modernización da práctica educativa en Galicia; a implantación das seccións bilingües; a formación permanente do profesorado; o investimento en infraestruturas e instalacións docentes. Pero trátase da xestión dun servizo extremadamente complexo, o que se transloce no número e contido das queixas que se presentaron ante esta institución.

En época de restricións orzamentarias resulta necesario poñer o acento en mellorar a eficiencia do gasto educativo. O dereito á educación, como é sabido, é un dereito fundamental de liberdade, recoñecido nos textos internacionais e constitucionais, pero ten, por outra parte, unha dimensión prestacional que, en determinadas situacións, forma parte

do contido esencial, pero noutras ten un carácter accesorio. Son moi complexas as situacións subxectivas que se poden derivar nesta materia pero, de entre elas, parece urxente empezar a distinguir as prestacións exixibles sobre a base do dereito subxectivo constitucional –que impón obrigacións públicas directas–, daquelas outras que teñen unha natureza unicamente social e contribúen ao benestar dos cidadáns, pero cuxa satisfacción non forma parte do contido esencial do dereito fundamental á educación. Nestas pretensións, nas que máis claramente se identifica a esencia do estado social, é onde, a causa da súa extensión, poden presentarse dificultades financeiras que fagan imposible a súa garantía (fálase de *dereitos condicionados financeiramente*).

A administración tivo que enfrontarse a unha diminución dos seus recursos e, en ocasións, non distinguíu aquilo que é esencial en materia de educación fronte a prestacións accesorias, algunhas xa consolidadas, pero que non son, en rigor, exixibles como parte do dereito fundamental á educación.

En calquera caso, convén que os poderes públicos teñan moi presente que as restricións orzamentarias deben afectar á educación como última alternativa. Non podemos esquecer que a Constitución reconece expresamente un dereito ao financiamento público e á gratuidade da educación básica obrigatoria. De aí que se sostivese que non cabe alegar restricións orzamentarias ou falta de medios para atender este deber constitucional que, en palabras de Martínez López-Muñiz (*La educación escolar, servizo esencial: implicaciones jurídico-públicas*, CDJ, Madrid, 2008, p. 41), debe gozar da correspondente prioridade xeneralizada.

1.4.2. QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O número de queixas recibidas ao longo de 2010 na área de educación universitaria e non universitaria foi de 343, ás que se deu a seguinte tramitación:

Iniciadas	343	
Admitidas	145	42 %
Non Admitidas	20	6 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	178	52 %

Destas últimas, o seu elevado número explícase pola obrigada remisión ao Defensor dunha queixa presentada masivamente en abril de 2010 polos afectados pola modificación das condicións de acceso para o exercicio da docencia non universitaria. En concreto, 171 alumnos protestaban, mediante a presentación de escritos de queixa ante o Valedor, pola obrigatoriedade de cursar o novo Máster Universitario en Formación do Profesorado de Educación Secundaria obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional, Ensinanzas de Idiomas e Ensinanzas Artísticas en substitución do antigo Curso de Aptitude Pedagóxica, que deixou de ser impartido en setembro de 2009.

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	107	74 %
En trámite	38	26 %

Ao longo deste ano, continuouse e concluíuse a tramitación de 115 expedientes iniciados en anos anteriores. En seis casos concluíronse expedientes iniciados no 2008. Outros setenta e seis expedientes de queixa, presentados contra a circular 5/2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa relativa ás escolas oficiais de idiomas concluíronse tamén no 2010.

1.4.3. QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

1.4.3.1. Os chamados recursos educativos complementarios

Os servizos de transporte escolar e comedor nutriron unha porcentaxe moi elevada dos expedientes de queixa tramitados este ano na área de educación. A administración educativa ve que, nun momento de crise económica como o actual, supoñen un gasto excesivo; o que ata hai pouco podía ser atendido cun relativo esforzo, sobrecarga agora de modo insostible as contas da administración educativa. No fondo deste problema, que orixina tensións entre os cidadáns e a administración, encóntrase unha actitude que tendeu a recoller amplas expectativas en ámbitos dependentes da dispoñibilidade orzamentaria. Nalgúns casos resulta evidente que a dimensión prestacional forma parte do contido esencial do dereito á educación, de modo que, sen esa prestación pública, o exercicio do dereito non sería real nin efectivo (artigo 9.1 da Constitución), pero estes casos adoitan ser perfectamente identificables. Cando a Lei orgánica de educación se refire ás políticas compensatorias no seu capítulo II aclara que serven para reforzar a acción do sistema educativo de forma que se eviten desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole. En concreto, establece a lei que na educación primaria, as administracións educativas garantirán a todos os alumnos un posto escolar gratuito no seu propio municipio ou zona de escolarización establecida, pero que na educación básica, naquelas zonas rurais en que se considere aconsellable, se poderá escolarizar os nenos nun municipio próximo ao da súa residencia para garantir a calidade do ensino. Neste suposto as administracións educativas prestarán de forma gratuíta os servizos escolares de transporte e, de se o caso, comedor e internado. Nestes supostos, o obxectivo da prestación é proporcionar os medios e sistemas organizativos necesarios para atender as súas necesidades específicas e garantir a igualdade de oportunidades no exercicio mesmo do dereito fundamental á educación.

En cambio, non é adecuado crear confusións conceptuais entre a acción propiamente educativa e outras que teñen distinta natureza. Resulta problemático que o dereito á educación apareza vinculado á conciliación da vida familiar e laboral, anque é

evidente o impacto que a organización dos horarios e servizos escolares ten no seo da familia cando o pai e a nai traballan. A orde de 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sinala que os profundos cambios sociais e culturais producidos na sociedade galega e as dificultades das mulleres e dos homes para compaxinar a súa vida laboral coa educación das súas fillas e fillos fan necesaria a ampliación e modificación dos servizos educativos complementarios, que pretenden dar unha resposta adecuada e eficaz a estes cambios para facilitar a vida das familias en condicións de máxima igualdade e compensación das súas necesidades.

A orde citada sinala literalmente que “o comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que ademais de servir á administración educativa como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e educativa. Así, os comedores escolares, ademais de cumprir unha función básica de alimentación e nutrición, están integrados na vida e organización dos centros educativos de tal forma que a súa programación, desenvolvemento e avaliación forma parte da programación xeral anual do centro educativo. Os cambios operados na sociedade e no propio sistema educativo, aconsellan unha regulación do servizo de comedor escolar que facilite a conciliación da vida familiar e laboral”.

Esta finalidade conciliadora (loable, pero allea ao servizo esencial da educación *stricto sensu*) aparece en moitos escritos de queixa como unha reivindicación conectada á calidade do sistema educativo, exixíndose a súa cobertura. É evidente que para promover unha educación de calidade para todos os estudantes deben arbitrarse os medios e recursos que maximicen o principio de igualdade e a solidariedade no exercicio do dereito á educación, mediante o establecemento das medidas necesarias para compensar as desigualdades socioeconómicas a través de servizos complementarios como o transporte e o comedor, cando sexa necesario para unha escolarización en condicións adecuadas.

1.4.3.2. O transporte escolar

Máis de 88 000 estudantes teñen acceso gratuíto ao transporte escolar en Galicia. o servizo conta con máis de catro mil rutas e o seu custo aproxímase aos 126 millóns de euros, coa contratación de case 2400 autocares e máis de 1700 acompañantes. É un complexo e custoso recurso complementario, cuxo orzamento representa un 22% do gasto total do Estado en transporte escolar.

Sen embargo, os problemas endémicos que padece o servizo de transporte escolar non se resolveron e, en moitos casos, esta institución coñeceu situacións disfuncionais. É sabido que, na nosa comunidade, factores como a dispersión dos núcleos de poboación, a meteoroloxía adversa, as características demográficas ou a falta de infraestruturas adecuadas no medio rural, coa situación impracticable de determinadas vías de comunicación, dificultan extraordinariamente a cobertura do servizo, pero á vista das queixas que se producen neste ámbito, parece conveniente unha profunda reorganización deste recurso.

Moitos alumnos en Galicia gozan de transporte escolar e comedor sen que resulte imprescindible a prestación para garantir as mellores condicións á súa escolarización, pero recoñéceselles este dereito porque cumpren certos criterios obxectivos. No caso do transporte, o criterio é ter o seu domicilio a máis de 2 quilómetros do centro escolar; a condición de usuario do comedor recoñécese automaticamente a todos os que utilizan transporte escolar. Sen embargo, outros escolares que precisan xustificadamente eses recursos ou prestacións non cumpren os actuais criterios, polo que non se lles están garantindo as condicións máis favorables para a escolarización durante as etapas de educación infantil e básica, anque as súas condicións persoais supoñan unha desigualdade inicial, precisamente o que pretende evitarse pola Lei orgánica de educación cando prevé servizos como o transporte escolar ou o comedor.

A administración educativa denega solicitudes en base a un criterio disposto no Decreto 203/1986, do 12 de xuño, polo que non autoriza desviacións nos itinerarios de transporte escolar de menos de 2 quilómetros de distancia. Ese criterio recolleuse na

instrución 5/2010 da Secretaría Xeral da Consellería, do 9 de xuño de 2010, sobre xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2010-2011, e figuraba tamén na circular 7/96 da Secretaría Xeral do 16 de setembro de 1996. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declarou na súa sentenza do 19 de xaneiro de 2005, a propósito da dita circular e do criterio dos 2 quilómetros que “foi ditada en exercicio da potestade de autoorganización e trata de unificar criterios na aplicación dos itinerarios de transporte escolar cunha pauta moi lóxica fundada no artigo 1 do Decreto 203/1986, do 12 de xuño, polo que se regulan determinados aspectos do transporte escolar, xa que nel se garante o dereito de transporte escolar aos alumnos que teñan os seus domicilios a unha distancia do centro escolar superior a 2 quilómetros. Polo que se ese é o traxecto mínimo que debe recorrer o escolar, resulta racional que esa sexa a distancia máxima que se toma como directriz entre a parada máis próxima e o domicilio do alumno”.

O criterio no que insiste a Consellería é que “a pauta que a administración debe seguir á hora de establecer a planificación e programación do transporte escolar, como servizo complementario que fai posible o exercicio do dereito á educación, debe ser a de tutelar o interese xeral do alumnado desprazado, que debe ter preferencia sobre o particular de cada un dos usuarios. A concesión de paradas a menor distancia da citada co fin de aproximalas aos domicilios dos usuarios determinaría un agravio comparativo respecto de todos aqueles que a teñen situada a 2 quilómetros; implicaría ademais unha acumulación de solicitudes formuladas co mesmo propósito por parte dos demais usuarios, que alegarían a existencia dun trato discriminatorio e o dereito á igualdade. Por este motivo, ante a imposibilidade de satisfacer as numerosas solicitudes que se presentan anualmente para aproximar as paradas aos domicilios dos usuarios, e cuxa *estimación indiscriminada* e sen aplicar un criterio obxectivo suporía vulnerar a duración máxima de permanencia do alumnado nos autobuses, non cabe outra solución que aplicar rixidamente o criterio dos 2 quilómetros”.

Sen embargo, parece inadecuado aplicar un criterio ríxido como a distancia, sen ponderar outras circunstancias. A distancia de dous quilómetros non é igual en zonas urbanas que na montaña; non é o mesmo que o traxecto sexa coincidente cunha liña regular de transporte, como sucede con boa parte das rutas escolares en cidades como Vigo ou A

Coruña, que se trate dunha pista rural; non é indiferente a idade dos nenos, nin as condicións climatolóxicas habituais na zona, nin as circunstancias en que, alternativamente, han de ser trasladados ao colexio. En multitude de núcleos de poboación pequenos estes elementos son facilmente verificables.

Na Q/1689/10, esta institución entendeu que racionalmente era posible facer compatible o interese xeral co de cada usuario, de modo que este podía ser atendido, de acordo co sinalado polo TSX de Galicia, que exige a concorrencia de racionalidade e obxectividade na decisión, para medir as cales debe contrastarse o resolto con aqueles criterios de interese xeral. Neste suposto, a petición particular era que o autobús escolar parase diante da casa dunha nena de 7 anos, xa que o autocar ten que facer necesariamente ese traxecto para ir e regresar do colexio, pasando por diante da vivenda dúas veces. Racionalmente é posible facer compatible o interese xeral con este interese do escolar e da súa familia, xa que non se modifica a ruta nin se incrementa o tempo de permanencia no autobús dos demais alumnos; había posibilidade física de facer a parada e non se prexudica ninguén. En canto á obxectividade, esta parada fora autorizada provisionalmente en anos anteriores, sendo este o primeiro ano no que só se autorizou provisionalmente a outra parada solicitada. A curta idade das alumnas afectadas mantense, sendo esta unha circunstancia obxectiva que foi ponderada para o outorgamento das paradas provisionais. Por iso, ao peche do Informe prevese a formulación dunha recomendación á Consellería, que sinalou que nalgúñas solicitudes o autobús pasa tamén por diante do domicilio dos solicitantes e que estes invocan todo tipo de motivos: a idade dos nenos, a perigosidade do camiño que deben andar por falta de beirarrúas, falta de iluminación, tráfico intenso, a imposibilidade de levar os nenos á parada, a meteoroloxía adversa, etc. Sorprende que a administración non considere calquera destes motivos como un elemento razoable para establecer o servizo e tenda a tratalos como esaxeracións ou argumentos de presión.

A solución ás evidentes dificultades do servizo non pasa por denegar toda solicitude que non cumpra o criterio da distancia, senón por mellorar a eficiencia do recurso. Parece urxente e inaprazable unha profunda reordenación do servizo de transporte escolar que atenda a súa finalidade última de eliminar aqueles obstáculos económicos, sociais e de calquera outra índole que dificultan ou impiden o desenvolvemento do dereito

á educación constitucionalmente recoñecido. Esta reordenación require revisar integramente as actuais condicións da prestación: os alumnos beneficiarios, a racionalidade das rutas, a marxe de discrecionalidade con que as empresas concesionarias organizan nalgúns casos a prestación, a posición vantaxosa de determinadas empresas... Hai que ter en conta que a súa regulación non se actualizou e seguen en vigor o Decreto 203/1986, regulador de determinados aspectos do transporte escolar; o Decreto 160/1988, polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia; a orde de 15 de decembro que o desenvolve; e a orde do 1 de marzo de 1991, de racionalización do transporte escolar.

Probablemente esta reordenación e racionalización do servizo requiriría revisar as condicións nas que se celebran os contratos concertados pola Consellería de Educación para a prestación de servizos de transporte regular permanente de uso especial de escolares, e utilizar máis flexiblemente as posibles vías que contempla a normativa: a contratación do servizo cunha empresa do sector; a reserva de prazas en liñas de transporte público regular de viaxeiros de uso xeral; os convenios con entidades locais ou asociacións sen fins de lucro ou a concesión de axudas individualizadas.

1.4.3.3. Os comedores escolares

Unha mostra evidente da xeneralización destes servizos complementarios prodúcese na regulación da prestación do servizo de comedor escolar. Como vimos, a normativa autonómica vincula o servizo de comedor á conciliación da vida familiar e laboral, e iso levou a reclamar en moitas ocasións a ampliación do servizo. No 2010 concluíronse varias queixas presentadas no 2009 sobre este recurso complementario. A principios do curso 2010-2011, corenta e catro pais e nais do CEIP Ruxidoiro, en Barbadás (Q/1665/10, Q/1671/10 e Q/1690/10 a Q/1731/10) protestaron pola non ampliación do servizo de comedor do colexio, dado que o tipo de comedor o permitía e a demanda era superior á oferta. Como argumento, aludían no seu escrito á necesidade de conciliar a vida familiar coa laboral, en sentido idéntico ao preámbulo da orde de 21 de febreiro de 2007. A Consellería rexeitou a súa solicitude esencialmente por razóns económicas.

Estes mesmos problemas de financiamento afloraron tamén na queixa de oficio Q/955/10, aberta en abril de 2010. Esta institución tivo coñecemento a través dos medios de comunicación que os case 300 comedores escolares que xestiona directamente a Xunta se encontraban afectados porque desde o mes de xaneiro non recibían as subvencións para manter o servizo. Realizáronse diversas xestións por parte da dirección dos centros educativos para solucionar o problema sen que, segundo se recollía na prensa, lles deran contestación. Sinalábase que o atraso dos pagos afectaba sobre todo no medio rural e que consideraban que aproximadamente unha vintena de centros estaban considerando cerrar o comedor. No informe enviado pola Consellería xustificouse o atraso na complexidade dos trámites administrativos, derivados da apertura do exercicio económico no mes de febreiro; na non xustificación no expediente de que os importes das bolsas fosen calculados excluindo as cantidades que deben aboar os alumnos pola utilización do comedor, que motivou a devolución dos expedientes por parte de intervención; e en dificultades de contabilización e doutros aspectos relativos á xestión. Un deles, con bastante incidencia, xurdiu do feito de que este ano os centros careceron das achegas directas dos comensais nas súas contas, xa que desde o curso actual tales achegas pasan ás contas do Tesouro, en calidade de prezos públicos.

Outro elemento conflitivo foi a falta de control por parte do Consello Escolar da correspondencia entre o domicilio que figura na base de datos de xestión académica e administrativa da Consellería (XADE) e o domicilio familiar efectivo. Esta situación motivou varios expedientes de queixa, en concreto no CEIP A Rabadeira, de Oleiros. Esencialmente as queixas denunciaban a omisión, por parte do Consello Escolar, do deber de verificación da correspondencia entre os domicilios reais (acreditados mediante a inscrición no padrón municipal e o domicilio fiscal) e os que se facían constar nas solicitudes do comedor, cotexados unicamente cos do citado servizo de xestión académica e administrativa. O escrito de queixa céntrase na constancia de que para elaborar a lista de usuarios do comedor, o Consello Escolar non levou a cabo as comprobacións a que está obrigado. Non parece adecuada a explicación dada polo Consello Escolar do centro na súa contestación ao escrito de reclamación contra unha parte da lista provisional de admitidos ao comedor. Nesa resposta sinálase que na normativa enviada pola Consellería de Educación que afecta ao comedor escolar non se recolle en ningunha parte que o Consello

Escolar deba comparar o padrón municipal co domicilio fiscal, afirmando que para eles o padrón municipal é válido xa que é un documento oficial coa súa validez correspondente, sempre e cando os datos da solicitude de comedor coincidan cos que se teñen na Secretaría do centro.

Pois ben, a condición de beneficiario do comedor escolar é inseparable da escolarización, e está afectada pola regularidade desta. É evidente que non todos os alumnos escolarizados nun centro son usuarios do comedor, pero todos os beneficiarios deste servizo deben cumprir as condicións para selo legalmente, e entre elas, a primeira é que estean regularmente escolarizados. Que o estean na zona de influencia que corresponde aos seus domicilios é, ademais, un elemento determinante para establecer a preferencia. A instrución 3/2010 da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 9 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa para o curso 2010/2011, establece no seu punto 6, *selección e admisión de usuarios*, a orde de preferencia, engadindo aos criterios da orde do 21 de febreiro de 2007 un último parágrafo, de acordo co art. 38 da orde da Consellería de Educación do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión de alumnos en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos, ditada en desenvolvemento do Decreto 30/2007, do 15 de marzo. Este último parágrafo sinala: "*Outro alumnado do centro. Neste suposto encóntranse os escolarizados fóra da área de influencia que lles corresponde*". É dicir, na orde de preferencia para a admisión, os escolarizados fóra de zona estarían sempre no último lugar nas listas do comedor. Non cabe alegar que “os criterios aos que se refire a orde do 21 de febreiro de 2007, son os criterios que utiliza o Consello Escolar para a admisión de alumnos ao comedor e non as circunstancias familiares dos alumnos”, porque non son criterios que poidan funcionar de modo autónomo e son contemplados conxuntamente entre os criterios xerais de prioridade para a admisión do alumnado.

A orde do 17 de maio de 2007 sinala que o consello escolar dos centros docentes públicos e o titular no caso dos centros privados concertados poderán solicitar de forma motivada dos solicitantes documentación complementaria á establecida na dita orde, para a xustificación das situacións e circunstancias alegadas. No caso de que a citada

documentación non sexa presentada no prazo de dez días, entenderase que se renuncia á puntuación prevista no parágrafo correspondente do baremo (art. 13). O artigo 21 define e establece a forma de acreditación do domicilio familiar; aquelas persoas interesadas que non presenten a autorización expresa para que a Axencia Estatal de Administración Tributaria subministre a información, a que se refire o parágrafo anterior á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, terán cero puntos neste criterio de admisión. De non coincidir os domicilios familiar e fiscal, os interesados deberán presentar a seguinte documentación complementaria: copia autenticada do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar (escritura de compravenda ou doazón, contrato de alugueiro) e contrato de alta de recibos actualizados de subministracións (auga, luz, gas) a nome do solicitante da praza.

Das normas citadas despréndese que o servizo complementario de comedor se solicita no mesmo documento no que se pide a admisión no centro, e, en consecuencia, aplícanse os mesmos criterios. Non son, en ningún caso, procesos autónomos. A comprobación da correspondencia entre o domicilio declarado na solicitude de admisión (e, por tanto, do comedor) é un acto imposto imperativamente na normativa reguladora, e non é potestativo facelo ou non. Esta verificación é un acto regrado. As obrigacións do Consello Escolar veñen tamén sinaladas na normativa, e non é necesario que a Consellería imponha ningún deber adicional. É evidente que se refire a situacións e circunstancias alegadas nos ámbitos de competencia do Consello Escolar, singularmente, a selección de beneficiarios do comedor cando a demanda supere a oferta. A responsabilidade da administración neste caso estriba en que se observe rigorosamente a normativa para evitar fraudes e prexuízos a terceiros.

1.4.3.4. A calidade do sistema educativo

A diferenza dos servizos educativos complementarios, os aspectos que trataremos a continuación constitúen parte do contido esencial do dereito fundamental á educación.

1.4.3.5. A escolarización

Unha das cuestións que apenas suscitou queixas este curso é a escolarización. Salvo algunhas cuestións concretas (Q/1096/10, Q/1374/10), case non se produciron reclamacións nun tema que, ata hai uns anos, era un foco constante de conflitos e de irregularidades. No expediente Q/672/10 mostrábase a desconformidade do recorrente coa delimitación das zonas de influencia dos centros docentes sostidos con fondos públicos na cidade da Coruña. No informe remitido pola Subdirección Xeral de Centros quedaba clara a regularidade do procedemento de delimitación, a participación en cada un dos trámites de todos os sectores implicados e o cumprimento das previsións legais en canto á oferta de centros educativos públicos e concertados por cada zona.

Máis complexo resultaba un caso de acollemento familiar preadoptivo (Q/2131/10) no que a comisión de escolarización denegou a solicitude de praza a unha menor acollida no mesmo centro no que a súa irmá maior cursa estudos de primaria e a nai é profesora de educación infantil, sendo este o nivel ao que accedería a pequena, en situación de tutela desde a súa primeira semana de vida e en acollemento familiar preadoptivo desde outubro de 2010, iniciado xa o curso escolar. As experiencias negativas de vinculación e a situación de provisionalidade na que viviu sempre levaron ao Equipo de Adopción do Servizo de Familia e Menores da Consellería de Traballo e Benestar a informar a favor da escolarización da nena no mesmo centro concertado, para favorecer a súa integración no novo contorno familiar e social. Durante a investigación dos feitos, esta institución tivo coñecemento dunha situación de risco na que se encontraba a nena pola oposición da familia biolóxica da súa nai ao acollemento e á suspensión das visitas. Desta situación informouse á Consellería, e modificouse a resolución inicial para garantir a seguridade e o benestar da nena, por ser o seu interese o máis necesitado de protección.

Noutra queixa expúñase a necesidade de escolarización domiciliaria nunha alumna que sufrira algúns episodios de acoso escolar. O caso estivo rodeado dun tratamento nos medios de comunicación que, en parte, propiciou a familia e que puido afectar a dereitos fundamentais da menor. A decisión de escolarización domiciliaria non estivo precedida dun ditame oficial dos equipos de orientación específicos, senón dun

informe psicológico privado, realizado a instancias da familia da nena e anterior en máis dun ano, e dunha certa presión para que se adoptase esta medida. Desde esta institución recordouse que o artigo 47º da orde do 27 de decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitaria con necesidades educativas especiais, sinala a finalidade da atención educativa hospitalaria ou domiciliaria, que será dar continuidade ao proceso formativo do alumnado en escolarización obrigatoria que, por prescripción facultativa, non poida asistir de forma habitual ao seu centro escolar, cando se prevexa que non poida facelo durante máis dun mes. Trátase, por tanto, dunha medida excepcional e revisable, que ten que estar exixida por unha situación clínica acreditada polos debidos informes que a xustifiquen, como di a propia orde. Neste caso, esta institución apreciou algunhas circunstancias anómalas relacionadas coa regularidade do proceso de escolarización no domicilio, por informar a Consellería que non existía informe facultativo que prescribise a situación médica da alumna.

De feito, a escolarización domiciliaria está prevista para supostos de convalecencia por enfermidade ou accidente, que é o que xustifica a necesidade dunha prescripción facultativa de natureza médica. Só en sentido amplo poden entenderse comprendidos na norma os supostos que se apoian exclusivamente nun informe psicológico. Por este motivo, esta institución considerou que o interese da menor requiría unha intervención do Equipo de Orientación Específico, na liña apuntada polo propio informe da Consellería, propoñéndose a realización, no prazo máis breve posible, dunha avaliación psicopedagóxica segundo o previsto na orde do 31 de outubro de 1996, para garantir a resposta educativa máis adecuada ás necesidades particulares da alumna e o inmediato axuste da modalidade de escolarización ao que resultara do ditame feito polos equipos psicopedagóxicos de apoio da Consellería. En definitiva, unha intervención técnica oficial que fundamente as decisións que se poidan adoptar no sucesivo sobre as necesidades educativas da menor e que garante a normalización do seu proceso de escolarización.

1.4.3.6. A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

A Lei orgánica de educación establece que corresponde ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, pola súas altas capacidades intelectuais, por se ter incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. Os problemas derivados das necesidades educativas especiais chegan en bo número a esta institución, acompañados invariablemente da ansiedade que estas situacións adoitan xerar nos pais. Á marxe dalgunha queixa puntual sobre outros ámbitos, as situacións máis problemáticas danse nos casos de discapacidade e nos de sobredotación.

Respecto ás necesidades educativas especiais, aplícanse os principios de normalización e inclusión e asegúrase a súa non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e a permanencia no sistema educativo, podendo introducirse medidas de flexibilización das distintas etapas educativas, cando se considere necesario. Establece a lei que a escolarización deste alumnado en unidades ou centros de educación especial só se levará a cabo cando as súas necesidades non poidan ser atendidas no marco das medidas de atención á diversidade dos centros ordinarios. O certo é que estas previsións legais ocasionan moitos problemas no seu funcionamento práctico, que derivan da falta de medios e de certa rixidez do sistema. Este é o caso da Q/1942/10, na que un pai denunciaba a obrigada promoción ao primeiro ciclo de educación primaria do seu fillo en contra do criterio expresado polo equipo de orientación específico, en cuxos ditames de escolarización se aconsellaba manter o neno con alumnos dun grupo de idade máis próximo á súa idade madurativa, é dicir, con alumnos de tres anos, e por tanto, que permanecese nunha aula de educación infantil. Sen embargo, o neno cumpriu sete no ano natural. O artigo 27 da orde de 27 de decembro de 2002, na que se establecen as condicións e criterios para a escolarización do alumnado de educación non universitaria con necesidades educativas especiais en centros sostidos con fondos públicos, regula a flexibilización da duración do período de escolarización establecendo que se poderá

aumentar un ano respecto á norma xeral pero que en ningún caso será posible permanecer na etapa de educación infantil máis alá do ano natural no que se cumpran os sete anos. A resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que non autorizou a solicitude de flexibilización, era formalmente axustada a dereito xa que a norma é taxativa en canto aos límites de idade e non admite excepcións. Sen embargo, calquera que sexa o espazo físico no que o alumno se encontre, o que debe garantirse é a atención ás súas necesidades específicas, baseada nas orientacións dos ditames feitos polo equipo psicopedagóxico, reforzando os recursos e apoios complementarios que requira.

A educación inclusiva exige uns medios técnicos e humanos que unha gran parte dos centros escolares non poden ofrecer ou o fan de modo insuficiente. De novo, o contexto de recesión económica no que nos encontramos repercutiu moi negativamente neste ámbito. Algunhas queixas tramitadas este ano poñen de manifesto as dificultades que a administración educativa ten para xestionar adecuadamente estes casos cos medios cos que conta. Algúns alumnos con NEE requiren unha dedicación moi intensa e persoal que, en non poucas ocasións, recae nos coidadores dos nenos, anque a súa función non é docente. Estas situacións só poderían corrixirse cun incremento do tempo de dedicación de pedagogos terapeutas, de profesores de audición e linguaxe e de especialistas. A visión da administración educativa é outra, e os inspectores sinalan nos seus informes que se poñen todos os medios dispoñibles e que existe unha grande implicación dos profesores de nenos que teñen estas necesidades específicas de apoio (Q/2357/10).

En ocasións, os problemas derivan do desacordo entre pais e administración sobre a identificación das necesidades educativas e as medidas que deben adoptarse. Na Q/1591/10, denunciaban os pais a falta de uso do caderno correo nun neno sen linguaxe oral, sendo este o único medio de comunicación regular diaria entre os profesores e a familia; a falta de información sobre as probas de avaliación e se deben reflectirse ou non documentalmente; a adaptación de materiais docentes ou os métodos de traballo. Desde esta institución considérase que a implicación dos pais na educación destes nenos é un activo fundamental para a súa integración e para obter os mellores resultados no seu

desenvolvemento, polo que a administración debe estar especialmente atenta para facilitar a participación dos pais no proceso educativo destes nenos.

Algo similar sucede no ámbito dos nenos con altas capacidades. As queixas céntrase en que a administración educativa non impulsa a participación dos pais ou titores nas decisións que afectan á escolarización e aos procesos educativos deste alumnado e que non reciben o adecuado asesoramento individualizado, así como a información necesaria que os axude na educación dos seus fillos. Unha discrepancia importante sobre este nivel de información prodúcese verbo dos informes psicopedagóxicos (Q/1890/10, Q/1561/10). Desde a Consellería vense alegando que estes documentos están amparados polo deber de sigilo e que o acceso a esta información está constantemente delimitado na lexislación aos profesionais que tratan ao alumno, que deben garantir a súa confidencialidade. O deber de sigilo aplícase respecto do “profesorado e o resto do persoal que, no exercicio das súas funcións, acceda a datos persoais e familiares ou que afecten ao honor e intimidade dos menores ou as súas familias”. Sobre esta cuestión, a Asesoría Xurídica, en resposta a unha solicitude feita polo IES Frei Martín Sarmiento de Pontevedra, comunica en xaneiro de 2005 ao xefe do Servizo Provincial de Inspección Educativa, a propósito da posibilidade de que os pais dun alumno poidan coñecer un informe: "Toda a información da avaliación psicopedagóxica é confidencial. Confidencial significa que só poden coñecer o seu contido as persoas autorizadas e como di o artigo 6 da orde de 31 de outubro de 1996 (DOG do 19 de decembro) os profesionais que por razón do seu cargo deban coñecer o contido. Polo tanto, non os pais dos alumnos. Aos pais comunicaráselles o que sexa necesario, pero sen darlles copia dos documentos que son internos do centro, e que só deben manipular as persoas que teñen a súa custodia ou aqueles aos que van dirixidos. En conclusión: os informes e a documentación que contén o selo de confidencial só pode ser coñecida polas persoas autorizadas".

Sen embargo, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, refírese especificamente á cuestión do tratamento dos datos persoais dos alumnos nos seguintes termos: *disposición adicional vixésimo terceira. Datos persoais dos alumnos. 1. Os centros docentes poderán solicitar os datos persoais do seu alumnado que sexan necesarios para o exercicio da súa función educativa. Os ditos datos poderán facer referencia á orixe e*

ambiente familiar e social, a características ou condicións persoais, ao desenvolvemento e resultados da súa escolarización, así como a aquelas outras circunstancias cuxo coñecemento sexa necesario para a educación e orientación dos alumnos. 2. Os pais ou titores e os propios alumnos deberán colaborar na obtención da información á que fai referencia este artigo. A incorporación dun alumno a un centro docente suporá o consentimento para o tratamento dos seus datos e, de ser o caso, a cesión de datos procedentes do centro no que estivera escolarizado con anterioridade, nos termos establecidos na lexislación sobre protección de datos. En todo caso, a información á que se refire este parágrafo será a estritamente necesaria para a función docente e orientadora, non podendo tratarse con fins diferentes do educativo sen consentimento expreso. 3. No tratamento dos datos do alumnado aplicaranse normas técnicas e organizativas que garanten a súa seguridade e confidencialidade. O profesorado e o resto do persoal que, no exercicio das súas funcións, acceda a datos persoais e familiares ou que afecten ao honor e intimidade dos menores ou das súas familias quedará suxeito ao deber de sigilo. 4. A cesión dos datos, incluídos os de carácter reservado, necesarios para o sistema educativo, realizarase preferentemente por vía telemática e estará suxeita á lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal, e as condicións mínimas serán acordadas polo Goberno coas comunidades autónomas no seo da Conferencia Sectorial de Educación.

Deste precepto despréndense os tres ámbitos apuntados ao principio: o carácter confidencial dos datos, o acceso dos titulares da patria potestade á información escolar e a cesión dos datos, incluídos os de carácter reservado. En canto ao carácter confidencial dos datos, os únicos datos que poden ser obtidos e tratados lexitimamente no ámbito escolar son aqueles aos que se refire a propia disposición: datos persoais do alumnado que sexan necesarios para o exercicio da función educativa. Os ditos datos poderán facer referencia á orixe e ambiente familiar e social, a características ou condicións persoais, ao desenvolvemento e resultados da súa escolarización, así como a aquelas outras circunstancias cuxo coñecemento sexa necesario para a educación e orientación dos alumnos. Respecto de ningún destes datos se establece, nin nesta norma nin na lexislación educativa no seu conxunto, que os pais poidan quedar excluídos do seu coñecemento, porque se refiren á función de educar e orientar que forman parte intrínseca da patria potestade ou da función

tutelar que os pais ou titores están obrigados a cumprir en colaboración coa escola. Estes datos en ningún caso poden ser confidenciais para os pais.

Implicitamente se refire tamén esta norma ás avaliacións psicopedagóxicas. A orde de 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización, sinala no seu artigo 3º, aliña 1, as condicións. Para os efectos da presente orde, enténdese por avaliación psicopedagóxica o proceso de recollida, análise e valoración da información relevante dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensinanza-aprendizaxe, coa finalidade de identificar as necesidades educativas de determinados alumnos que presentan ou poden presentar desaxustes no seu desenvolvemento persoal ou académico, e poder fundamentar as decisións respecto de aspectos tales como a modalidade de escolarización máis adecuada, a proposta de flexibilización do período de escolarización, a elaboración de adaptacións curriculares, a proposta de diversificacións do currículo, a determinación de recursos e apoios específicos complementarios, a orientación escolar e profesional e cantos outros aspectos que aqueles poidan precisar para progresar no desenvolvemento harmónico das distintas capacidades.

Pola súa parte, o artigo 5º da mesma orde regula o denominado “informe psicopedagóxico” nos seguintes termos: *1. As conclusións derivadas da información obtida a que se fai referencia nos artigos precedentes se recollerá nun informe psicopedagóxico no que deberá constar da forma máis completa posible a situación evolutiva e educativa actual do alumno, a concreción das súas necesidades educativas especiais, de ser o caso, a proposta curricular e o tipo de apoio que pode precisar durante a súa escolarización. 2. O informe psicopedagóxico incluirá, como mínimo, a síntese da información do alumno relativa aos seguintes aspectos: a) Datos persoais, historia escolar e motivo da avaliación. b) Desenvolvemento xeral do alumno, que incluirá, de ser o caso, as condicións persoais de saúde, de discapacidade ou de sobredotación, o nivel de competencia curricular e o estilo de aprendizaxe. c) Aspectos máis relevantes do proceso de ensinanza e aprendizaxe na aula e no centro escolar, tendo en conta as observacións realizadas e a información facilitada polo profesorado e outros profesionais que*

interveñen na educación e o tratamento individualizado do alumno. d) Influencia do medio sociofamiliar no desenvolvemento do alumno. e) Identificación das necesidades educativas especiais que permitan a adecuación da oferta educativa e a previsión dos apoios persoais e materiais a partir dos recursos existentes ou que poidan ser incorporados. f) Orientacións para a proposta curricular e para o mellor desenvolvemento persoal e sociofamiliar do alumno.

É evidente que ningún destes datos pode ser confidencial para os pais ou titores, senón que o deber de confidencialidade se impón aos profesionais externos ao ámbito familiar directo do alumno. Ese mesmo sentido ten o deber de sigilo que establece a normativa autonómica na orde de 31 de outubro de 1996: *"Os profesionais que, en razón do seu cargo, deban coñecer o contido do informe de avaliación psicopedagóxica e do ditame de escolarización garantirán a súa confidencialidade"*: profesores, orientadores, dirección do centro, xefe de estudos, inspección educativa, xestores e outros membros da administración educativa, psicólogos, psiquiatras, ou os profesionais aos que se refire o artigo 13 .4 da orde de 1996 citada.

Ademais, a consideración destes datos como confidenciais para os pais vén contradicir o disposto na propia orde de 31 de outubro de 1996, cuxo artigo 18 establece, entre os criterios xerais para a escolarización, os seguintes: c) a escolarización dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais deberá iniciarse tan pronto se detecte a súa necesidade. A colaboración coas familias será fundamental tanto para a identificación das necesidades dos seus fillos como para o apoio nas accións de carácter preventivo ou compensador. e) Os pais e, de ser o caso, os titores legais ou ordinarios do alumno ou alumna, así como as persoas ou institucións que teñen a garda e protección dos menores, deberán ter en todo momento información sobre o procedemento de escolarización e sobre as distintas ofertas educativas que mellor garanten o desenvolvemento das potencialidades deses alumnos e alumnas.

Neste punto non fai a norma ningunha exclusión expresa de determinados datos ou de documentos que sexan confidenciais para eles. Ao contrario, só unha información detallada e completa dos procesos de avaliación dos seus fillos poden servir para fundar a

opinión e o acordo dos pais. O artigo 16º da orde de 31 de outubro de 1996, no relativo ao proceso de escolarización inicial do alumnado con necesidades educativas especiais establece que o equipo psicopedagógico de apoio e, de ser o caso, o departamento de orientación, logo de realizar a avaliación psicopedagógica pertinente coa colaboración das familias e, de ser o caso, do profesorado, procederá a cumprimentar o ditame de escolarización. *c) O equipo psicopedagógico de apoio e, de ser o caso, o departamento de orientación, informará á familia sobre os resultados da avaliación psicopedagógica, os servizos educativos da zona e a proposta de escolarización, e incluírá na documentación a opinión firmada polos pais/nais ou titores legais sobre a dita proposta.*

Estes mesmos criterios aplícanse cando a avaliación psicopedagógica se produza cando o alumno está xa escolarizado. En canto ao modo de informar, a norma non exclúe expresamente o acceso ao contido íntegro do informe.

O segundo ámbito destacable é o acceso dos titulares da patria potestade á información relativa aos menores. Segundo se desprende do Plan Sectorial de Oficio á Ensinanza Regrada Non Universitaria, elaborado pola Axencia Española de Protección de Datos, na maioría dos casos, os centros escolares solicitan e tratan gran cantidade de datos persoais das familias e dos alumnos e, como xa se especificou, ao non facilitar a información do artigo 5 da LOPD nos formularios utilizados para recoller os datos persoais ou facilitar unha información incompleta, permite concluír que non dispoñen do consentimento regulado pola normativa de protección de datos para tratar os datos persoais dos seus alumnos e as súas familias.

A modo de exemplo, os seguintes tratamentos non necesitarían consentimento: solicitude de praza escolar, do libro de escolaridade, xestionar as solicitudes de bolsas ou a expedición dos títulos académicos. Mención á parte merece o consentimento necesario para realizar outro tipo de tratamentos, tales como a publicación de fotos nos anuarios, ou a entrega de datos de alumnos aos museos cando se propón a súa visita como unha actividade extraescolar, en cuxo caso, é necesario contar co consentimento exixido pola LOPD.

Finalmente cómpre engadir que, en xeral, a solicitude de datos persoais por parte dos centros escolares e a entrega destes por parte das familias, adoita ser unha práctica tan habitual e xeneralizada que ambas as partes cren que é un proceso natural que se encontra amparado pola lexislación educativa. Isto, unido ao descoñecemento da normativa de protección de datos, leva aos centros a solicitar, paradoxalmente, autorización aos pais para realizar aqueles tratamentos cuxa autorización é obrigatoria por imperativo legal, cando precisamente, en tales casos, non é necesario contar co consentimento do afectado. O dereito á información na recollida de datos persoais aparece recollido no artigo 5 da Lei orgánica de protección de datos: “Os interesados aos que se soliciten datos persoais deberán ser previamente informados, sendo constitutivo dunha infracción a falta de información, de modo expreso, preciso e inequívoco: a) da existencia dun ficheiro ou tratamento de datos de carácter persoal, da finalidade da recollida destes e dos destinatarios da información. b) do carácter obrigatorio ou facultativo da súa resposta ás preguntas que lles sexan formuladas. c) das consecuencias da obtención dos datos ou da negativa a subministralos. d) da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición. e) da identidade e enderezo do responsable do tratamento ou, de ser o caso, do seu representante”.

Pola natureza dos datos contidos no informe psicopedagóxico, os pais nunca poden quedar excluídos do seu coñecemento polos seguintes motivos:

1) Tanto a avaliación psicopedagóxica como o ditame de escolarización precisan do consentimento dos pais para ser realizados ou postos en práctica, sendo a propia lei a que garante a participación dos pais en ambos os procesos. E non podía ser doutro modo xa que inciden nas funcións propias da potestade parental, de acordo co artigo 154 do Código civil.

2) A Lei orgánica de educación somete todo o relativo aos datos persoais dos alumnos á lexislación en materia de protección de datos. Un dos principios básicos que inspira a protección das persoas na utilización dos seus datos por terceiros é do consentimento. O art. 6 da Lei orgánica de protección de datos (LOPD) estipula que o tratamento dos datos de carácter persoal requirirá o consentimento inequívoco do afectado,

salvo que a lei dispoña outra cosa. Por consentimento debe entenderse, de acordo coas definición recollida no art. 3 h) da LOPD e que repite o art. 5.1 d) do Real decreto 1720/2007, toda manifestación de vontade, libre, inequívoca, específica e informada, mediante a que o interesado consinta o tratamento de datos persoais que lles concirnen. O consentimento sempre é necesario, salvo as excepcións contempladas nos artigos 6 da LOPD e 10 do seu regulamento de desenvolvemento, e ha de ser dado con carácter previo ao tratamento, debendo ser expreso cando se trate datos de carácter persoal que fagan referencia á orixe racial, á saúde e á vida sexual, e se se trata de datos de carácter persoal que revelen a ideoloxía, afiliación sindical, relixión e crenzas o consentimento deberá ser ademais de expreso escrito, no resto dos casos admítase incluso o consentimento tácito.

En canto ao consentimento referido a menores de idade, non vén regulado na LOPD, aínda que a Axencia Española de Protección de Datos se pronunciara sobre esta materia nas súas memorias do ano 2000. Actualmente está regulado no novo regulamento de desenvolvemento da LOPD, o Real decreto 1720/2007, que no seu art. 13 distingue dúas situacións segundo se trate un maior ou menor de catorce anos:

Maiores de catorce anos. Poderá procederse ao tratamento dos datos co seu consentimento, salvo naqueles casos nos que a lei exixa para a súa prestación a asistencia dos titulares da patria potestade ou tutela.

Menores de catorce anos. Requirirase o consentimento dos pais ou titores.

O límite dos catorce anos ten o seu fundamento en que o noso ordenamento xurídico, vén a recoñecer en diversos casos aos maiores de catorce anos a suficiente capacidade de obrar, capacidade de discernimento e madurez, para adoptar por si mesmos determinados actos da vida civil, e por iso se considera que estes dispoñen tamén da suficiente madurez para consentir, por si mesmos, o tratamento dos seus datos persoais.

Cando o tratamento se refira a datos de menores de idade, a información dirixida a estes deberá expresarse nunha linguaxe que sexa facilmente comprensible por aqueles, con expresa indicación do disposto neste artigo. Corresponderá ao responsable do ficheiro ou

tratamento articular os procedementos que garanten que se comprobou de modo efectivo a idade do menor e a autenticidade do consentimento prestado de ser o caso, polos pais, titores ou representantes legais.

3) Por outro lado independentemente de que sexa maior ou menor de catorce anos, en ningún caso poderán obter do menor datos que permitan obter información sobre os demais membros do grupo familiar, ou sobre as características deste, como os datos relativos á actividade profesional dos proxenitores, información económica, datos sociolóxicos ou calquera outros, sen o consentimento dos titulares de tales datos. Non obstante, poderán obterse os datos de identidade e dirección do pai, nai ou titor coa única finalidade de solicitar a autorización prevista na aliña anterior.

Esta cuestión é relevante porque o informe psicopedagóxico inclúe necesariamente datos do contexto sociofamiliar do menor que non poderían obterse do alumno sen o consentimento expreso do pai, nai ou titor. En ningún caso, o modo en que tales datos foron tratados ou interpretados lles podería ser ocultado, porque o seu consentimento non se require só para a recollida senón tamén para o tratamento dos datos, nos termos definidos na lei. En concreto, o artigo 4º da orde do 31 de outubro de 1996, citada, sinala que a avaliación psicopedagóxica constitúe un proceso de recollida de información acerca das características individuais do alumno e do seu contexto sociofamiliar e escolar que resulte relevante para axustar a resposta educativa ás súas necesidades. A avaliación psicopedagóxica deberá recoller, entre outros aspectos as “características do contexto sociofamiliar: analizaranse aquelas características da familia e do seu ámbito social, cultural ou económico de interese para comprender mellor a situación actual do alumno, as expectativas dos pais e as posibilidades de cooperación no desenvolvemento do programa de atención educativa na propia familia”. Para recoller e tratar estes datos requírese un consentimento expreso dos pais, e non están en ningún caso amparados pola confidencialidade respecto deles.

4) O mesmo cabe dicir de datos especialmente protexidos na lei como son os datos relativos á saúde do menor, cuxa incidencia no proceso escolar debe ser tamén valorada no informe.

Por último, en canto á cesión dos datos, a aliña terceira da DA 23ª da LOE establece: “A cesión dos datos, incluídos os de carácter reservado, necesarios para o sistema educativo, realizarase preferentemente por vía telemática e estará suxeita á lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal”.

A Axencia Española de Protección de Datos elaborou un documento, accesible no seguinte enlace:

http://www.agpd.es/portalwebAGPD/canaldocumentacion/recomendaciones/commission/pdfs/documento-completo_colegios.pdf no que se aborda, entre outras cuestións, a negativa, por acción ou omisión (silencio administrativo), a facilitar datos relacionados coa educación dos fillos. En particular, no suposto de entrega dos datos referidos na consulta aos pais do menor, así como a outros familiares:

“Como xa se indicou con anterioridade, no suposto suscitado encontrámonos, con carácter xeral, ante unha cesión ou comunicación de datos de carácter persoal, que deberá cumprir o establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999. Dito isto, o artigo 154 do Código civil dispón que “os fillos non emancipados están baixo a potestade do pai e da nai”, engadindo que “a patria potestade se exercerá sempre en beneficio dos fillos, de acordo coa súa personalidade, e comprende os seguintes deberes e facultades (...) Velar por eles, telos na súa compañía, alimentalos, educalos e procurarlles unha formación integral”.

En consecuencia, no que se refire aos datos que garden relación coas funcións de educación e formación establecidas no citado artigo 154 do Código civil, existe unha norma con rango de lei que habilita a cesión ou comunicación de datos de carácter persoal, polo que a cesión dos datos académicos ou psicopedagóxicos que garden directa relación con eses deberes formativos se encontraría amparada no artigo 11.2 a) da Lei orgánica 15/1999 en relación co artigo 154 do Código civil.

Por outra parte, como se veu indicando, a habilitación refírese aos titulares da patria potestade e non a calquera familiar, que unicamente podería obter os datos en caso de exercer a tutela.

En consecuencia, en relación cos datos relacionados directamente coa educación e formación do menor, e en resposta ás cuestións suscitadas, debe concluírse que será posible a cesión a calquera dos proxenitores mentres exerzan a patria potestade.”

Na queixa Q/1890/10, os pais non foron informados nin se levou a cabo o proceso de recollida, tratamento e cesión de datos persoais da súa filla menor nos termos contemplados pola normativa xurídica aplicable. Por todo o cal, se procedeu a facer a seguinte recomendación: “Que no que se refire aos datos que garden relación coas funcións de educación e formación establecidas no artigo 154 do Código civil, existe unha norma con rango de lei que habilita a cesión ou comunicación de datos de carácter persoal, polo que a cesión dos datos académicos ou psicopedagóxicos que garden directa relación con eses deberes formativos se encontra amparada no artigo 11.2 a) da Lei orgánica 15/1999 en relación co artigo 154 do Código civil. En consecuencia, os pais da menor deben ter acceso ao contido íntegro do informe resultante da avaliación realizada polo equipo psicopedagóxico de apoio por necesidades educativas específicas asociadas a alta capacidade para poder valorar e dar contido á súa participación no proceso educativo da súa filla e nas medidas propostas”.

1.4.3.7. Os cadros de persoal do profesorado

Como xa sinalamos, a reordenación da dedicación de profesores de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica orixinaron tamén algunhas queixas, entre elas a Q/1670/10 e a Q/1856/10. Desde a administración educativa alegouse un necesario axuste deste profesorado de apoio en función das necesidades reais do centro, reducindo a dedicación estable destes profesores a determinados centros escolares cando diminuía o alumnado que precisaba o seu traballo ou distribuíndo a súa xornada entre varios centros. No caso dos institutos, como o IES Manuel García Barros, da Estrada (Q/2156/10, Q/2240/10), sinala a Consellería que non está contemplado que nos seus cadros de persoal figuren profesores de audición e linguaxe con carácter estable, dado que neles se imparten educación secundaria obrigatoria, bacharelatos, ciclos formativos de grao medio e superior e educación permanente de adultos. A súa presenza só é exixible cando existan alumnos diagnosticados con patoloxías moi graves ou severas en audición e linguaxe. A lei prevé

que a intervención do profesorado de audición e linguaxe se levará cabo nas etapas de educación infantil e primaria para a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais permanentes ou transitorias, asociadas a problemas específicos da linguaxe ou da comunicación, así como nos centros de educación especial e en educación secundaria para a atención ao alumnado con discapacidade auditiva. A súa presenza nos cadros de persoal destes centros, por tanto, depende das características concretas do seu alumnado nun determinado momento. A pesar diso, as restricións no orzamento obrigaron a axustar a súa dedicación a centros que contaban con estes profesores, situación que os pais ou os docentes perciben como un déficit na calidade do sistema educativo.

1.4.3.8. As condicións dos centros docentes

O esforzo investidor en infraestruturas que fixo a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria foi tamén notable, tanto na construción de novos centros para dar resposta ás necesidades educativas de determinadas zonas, como nas numerosas obras de mellora que se acometeron este ano. Sen embargo, detectáronse problemas nas instalacións escolares por varios motivos. Algunhas queixas refírense a centros con relativa antigüidade, nos que as obras de reforma ou modernización non se acometen coa urxencia que demanda a comunidade educativa afectada por existiren outros traballos prioritarios e un orzamento máis reducido (Q/595/10, sobre a falta de reparacións urxentes no IES Antón Losada Diéguez, da Estrada); centros moi expostos a condicións climatolóxicas adversas, que requiren un mantemento constante, ou cunha distribución problemática dos espazos docentes (Q/983/10, Q/1639/10). Neste último caso está tamén o CEIP núm. 2 de Tui, cuxos problemas de seguridade en canto a cerramentos perimetrais, acceso común para peóns e vehículos, ou apertura continua da entrada por existir espazos compartidos entre varios centros con distintos niveis educativos e horarios, foron denunciados por un grupo de pais (Q/561/10).

Outras queixas, sen embargo, refírense a centros acabados de construír que teñen graves defectos construtivos. É o caso da queixa de oficio Q/1667/10, aberta a raíz das informacións aparecidas na prensa sobre as altas temperaturas do CEIP Nazaret, en Cangas. Esta institución solicitou á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

que nos informase sobre as obras que se realizaran para solucionar un problema que se agudizou este ano, pero que existía desde había tres cursos; sobre a activación dun plan de emerxencia ante a insoportable temperatura das aulas a partir da primavera, para evitar que os pais tivesen que recoller os nenos a media mañá, sen poder finalizar a xornada lectiva, e sobre a realización de estudos ou auditorías da calidade ambiental do edificio, dado que os pais informaban de frecuentes ingresos por bronquite ou pneumonías en nenos de curta idade, consecuencia das altas temperaturas do interior en relación co exterior. A Consellería informou de que o incremento do illamento e da estanquidade das edificacións deu como resultado inesperado o aumento do efecto invernadoiro nas aulas de diversos centros de nova construción na provincia de Pontevedra como o CEIP de Cangas, CEIP Chano Piñeiro de Gondomar, CEIP Castrillón-Coiro de Cangas e o CEIP A Lomba de Vilagarcía de Arousa. Para resolver estes problemas, instaláronse láminas de control solar nas ventás das fachadas máis castigadas polo sol para rebaixar o grao de insolación co que se conseguiu baixar as temperaturas interiores. A falta de ventilación impide renovar o aire interior, polo que se decidiu introducir un sistema de ventilación forzada para baixar a humidade relativa e a temperatura. Non obstante, o problema non pode considerarse definitivamente resolto e haberá que valorar a súa eficacia cando aumente de novo a temperatura exterior. Por outra parte, os técnicos da Consellería manifestan que non se dispón de ferramentas de análise e cálculo deste tipo de problemas termodinámicos.

Outro caso que deu lugar á apertura dunha queixa de oficio foi o estado das instalacións do CEIP Couceiro Freijomil, algúns de cuxos espazos estaban sometidos a constantes asolagamentos, filtracións de auga desde unha pasarela cuberta situada encima do corredor das aulas de infantil, desprendementos de pranchas de falso teito problemas de sobretensión eléctrica que orixinaron cortes e avariaron equipos do centro derivados do incorrecto traslado da caixa xeral de protección (Q/2126/10). A Administración puxo en coñecemento da institución a visita realizada ao centro e as medidas executadas para solucionar estas incidencias, polo que se procedeu ao seu arquivo.

1.4.3.9. As ensinanzas de réxime especial: especial referencia ás escolas oficiais de idiomas

Entre os centros que imparten ensinanzas de réxime especial, os problemas derivaron dos conservatorios e das escolas oficiais de idiomas (EOI).

No caso dos conservatorios, de novo a precaria situación económica dalgúns concellos determinou a supresión das subvencións que se concedían aos veciños do municipio para cursar este tipo de ensinanzas (Q/1483/10, no Conservatorio de Cangas; Q/1688/10, en Betanzos). No caso do Conservatorio de Cangas, trátase dun servizo de titularidade municipal no que están matriculados alumnos de Moaña e Bueu que recibían axudas dos seus concellos, suprimidas no 2008 e 2009, ao igual que as demais axudas a entidades culturais, deportivas ou asistenciais, segundo declara o informe remitido polo Concello de Moaña. No escrito de queixa denunciábase a discriminación que sufrían os alumnos destas últimas localidades en relación cos prezos de matrícula, cunha enorme diferenza no prezo de matrícula do grao profesional. A extinción destas subvencións enmárcase na potestade autoorganizativa da administración, de igual modo que o é o recoñecemento de dereito a bonificacións ou subvencións a favor de persoas que figuren empadroadas no Concello de Cangas desde o 1 de xaneiro do ano da solicitude, tal como recolle a ordenanza reguladora da taxa por impartir ensinanzas no Conservatorio e na Escola Municipal de Música. Esta institución non pode poñer en cuestión criterios de natureza orzamentaria, pois forman parte da acción de goberno e das súas prerrogativas e responsabilidades, máis alá do feito evidente de que as restricións no gasto público derivadas da actual situación de crise económica supoñen dificultades para a ampliación ou o mantemento de determinadas prestacións.

O funcionamento das escolas oficiais de idiomas ocasionou tamén varias queixas este ano. A primeira (Q/2/10) derivou da modificación da carga lectiva do profesorado como consecuencia da entrada en vigor da circular 5/2009: instrucións sobre o procedemento de admisión e matrícula e organización académica nas EOI para o curso 2009-10. A exposición dos recorrentes en queixa, un colectivo da EOI de Vigo, foi rebatida no informe da Consellería. A circular 5/2009 estableceu, no seu punto 14.1, que a

xornada laboral dos funcionarios docentes sería a establecida con carácter xeral para os funcionarios públicos, adaptada de acordo co disposto na orde de 1 de setembro de 1987. En consecuencia, tratábase de que o profesorado das escolas oficiais de idiomas impartise o horario establecido na dita norma de referencia.

Conforme o anterior, o punto 14.2 da circular 5/2009 concretou a carga horaria dos grupos ordinarios que debería conter o horario de cada profesor (catro grupos ordinarios en lugar dos tres que viñan impartindo), de modo que sumadas as horas lectivas alcanzasen un cómputo global de 18 horas de docencia directa, de conformidade co regulado na dita orde do 1 de setembro de 1987, e en concordancia coas restantes ensinanzas de réxime xeral e de réxime especial. En consecuencia, entendeuse que a dita circular 5/2009 non tiña que ser sometida á Mesa Sectorial de Educación, conforme a Lei 7/2007, do 12 de abril, por non modificar as condicións laborais dos funcionarios que imparten docencia nas escolas oficiais de idiomas de Galicia, xa que non se modifican nin o número total de horas lectivas nin o número de horas complementarias fixas, establecidas con carácter xeral na orde de 1 de agosto de 1987 que fora negociada na Mesa Sectorial de Educación.

En canto ao cálculo do período lectivo con duración mínima de 50 minutos, aplicable aos institutos de educación secundaria, bacharelato e formación profesional, e que esta orde de 1 de agosto aplicaba tamén para as escolas de idiomas, de conformidade co establecido no Decreto 324/1996, o Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, establecía no seu artigo 22 que as escolas oficiais de idiomas se rexerían por este regulamento e polas normas singulares que demanden as súas peculiaridades organizativas, reguladas en Galicia, ata agora, por medio da publicación de circulares da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. A circular 10/2004 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais establecía a organización e funcionamento das escolas oficiais de idiomas conforme a regulación establecida na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (LOGSE), e facía unha referencia xenérica, na súa alínea 55.2, a períodos lectivos.

A circular 5/2009 modificou a 10/2004, deixando de utilizarse o concepto de período lectivo nestas ensinanzas. Finalmente, toda esta materia se abordou sistematicamente no novo Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 19 de novembro).

Outras queixas centráronse en distintos ámbitos de funcionamento das escolas (Q/1610/10, Q/2027/10, Q71866/10). A situación máis irregular coñeceuse a raíz da queixa Q/1281/10, que denunciaba unha práctica na EOI de Lugo que, como despois se puido constatar, afectaba a todas as EOI, excepto a de Ourense. En síntese, estas escolas viñan cobrando desde había varios anos unha cantidade (tres euros nos últimos anos) pola entrega do sobre de matrícula. En relación co informe subscrito pola subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade de Sistema Educativo e co informe do subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial, esta institución fixo a seguinte valoración:

-O informe do subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial manifesta taxativamente que na normativa que regula os prezos públicos correspondentes ás ensinanzas especiais impartidas nas EOI non se contempla o pago de ningunha achega en concepto de sobre de matrícula, que, en calquera caso, estaría incluído no pago do prezo establecido no artigo 3 modificado no Decreto 147/2006. Conclúe o seu informe sinalando a vixencia destas normas no presente curso escolar no que se realiza a matrícula a través de internet.

-O informe da subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade de Sistema Educativo contén unha pormenorizada relación da práctica xeneralizada nas EOI, excepto a de Ourense, de percibir diñeiro en efectivo pola entrega do sobre de matrícula (sempre por este concepto e non por outras contraprestacións), incrementándose a cantidade ao longo do tempo ata os tres euros que se cobran na actualidade.

Do anterior informe despréndense, sen ningunha dúbida, os seguintes feitos:

-Nunca foi unha taxa nin un prezo público. A decisión de percibir estas cantidades foi adoptada por acordos dos distintos consellos escolares. -Anunciábase o seu cobro en carteis colgados no centro. Non figura en impresos oficiais. -Contabilizábase de modo irregular. Non se entregaba sempre xustificante da súa percepción, só cando os alumnos o solicitaban, o que impedía a súa exacta contabilización como ingreso xa que non se correspondía con todos os sobres de matrícula entregados e cobrados. -Nos orzamentos dos distintos centros, tampouco se amparaba nun mesmo concepto contable. Ás veces contabilizábase como ingreso por uso do teléfono, por venda de fotocopias, e outras veces, como doazón. -Publicamente denominábase *axuda voluntaria*, pero cando quen facía a achega pedía un recibo se entregaba un *xustificante de pago*, o que é claramente contradictorio. -A pesar do seu carácter voluntario, se non se entregaban os tres euros, retirábase parte da documentación do sobre de matrícula e non se entregaba completo.

O informe da subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade de Sistema Educativo conclúe que esta práctica está amparada polo Decreto 201/2003, do 20 de marzo, que regula a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios. Sen embargo, esta normativa está regulando un suposto ben distinto, que é a posibilidade que estes centros teñen de percibir, entre os seus ingresos, achegas económicas procedentes de legados e doazóns legalmente adquiridas, axudas e subvencións de calquera entidade ou institución privada ou de particulares (artigo 5º), que haberán de incluír no orzamento anual do centro. En ningún caso estas achegas voluntarias poden aparecer vinculadas á entrega de bens ou servizos por parte do centro educativo, sexa un sobre de matrícula, material didáctico ou calquera outra contraprestación. Refírese, con toda claridade, ao dereito dos centros a ser beneficiarios de actos de liberalidade, de legados e doazóns adquiridos legalmente ou de axudas de particulares, pero non de importes fixos anunciados no centro (neste caso, mediante carteis), a cambio de documentación, contabilizados de forma irregular e cuxa percepción é acordada por un órgano de xestión do centro como é o Consello Escolar.

A cuestión aínda resulta máis anómala cando a EOI da Coruña percibiu este curso as ditas cantidades, a pesar de implantarse a matrícula por internet, no momento de entregar a documentación no centro.

Por este motivo, esta institución considera que esta práctica debe cesar de forma inmediata. Calquera gasto do centro que estivese chamado a cubrir esta suposta *axuda voluntaria* debe ser orzamentado entre os gastos ordinarios e cuberto con taxas, prezos públicos ou outros ingresos tamén ordinarios.

En todo caso, a entrada en vigor do Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia pode contribuír a corrixir as situacións disfuncionais destes centros ao regular a nivel autonómico os criterios comúns para a organización e o funcionamento das escolas oficiais de idiomas, dentro do marco de autonomía tanto no pedagóxico como no que respecta á xestión económica dos recursos e á súa organización, mediante a programación xeral anual e a elaboración das súas propias normas, tal como se recoñece a estas escolas no capítulo II do título V da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

1.4.3.10. As escolas infantís: insuficiencia da rede pública de garderías e os problemas do programa do cheque infantil

Os problemas sinalados no informe do pasado ano con respecto á insuficiencia de prazas nas escolas infantís sostidas con fondos públicos persisten este ano, e a administración mantén o criterio de facelas depender da Consellería de Traballo e Benestar, subliñando a súa vertente asistencial e non a propiamente educativa.

A vinculación deste servizo coa tarefa conciliadora da vida educativa e familiar coa laboral resulta evidente. A súa creación débese á necesidade de atender bebés e nenos de 0 a 3 anos en sociedades modernas onde tanto o pai como a nai traballan e non teñen familiares cerca ou que estean dispoñibles para encargarse do coidado dos menores. Sen embargo, trátase de establecementos educativos que tratan de favorecer un desenvolvemento temperán das experiencias de aprendizaxe. De aí a súa denominación de escolas infantís e a súa máis adecuada inserción entre os servizos educativos.

Neste ámbito xurdiron algúns problemas co programa do cheque infantil, derivados da súa complexa xestión financeira por se tratar dun gasto plurianual (Q/972/10)

ou da falta de colaboración entre as administracións públicas. Na Q/2169/10, entre outras, denunciábase a descoordinación existente entre o Concello da Coruña e a Consellería de Traballo e Benestar en canto á tramitación do cheque infantil. A reclamante denunciaba que en abril de 2010 solicitou praza na gardería *Os cativos*, que é municipal. Na solicitude marcou cun x a casa do cheque infantil para o caso de que non se concedese a praza na gardería pública municipal. Entregou toda a documentación solicitada e en prazo. Dirixiuse despois ao Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar para informarse sobre a tramitación do cheque infantil e alí dixéronlle que non tiña que facer ningún trámite adicional, xa que marcara a casa correspondente na solicitude de praza da gardería municipal. Pasado o tempo dirixiuse de novo á Consellería na Coruña para preguntar polo cheque infantil e dixéronlle que a gardería non presentara a documentación e que non puidera tramitarse o expediente. A gardería e o concello manifestáronlle que ese trámite non era da súa competencia. Nas dependencias da Xunta contestáronlle que non se podía facer nada porque non se entregaran os papeis. Conclúe o escrito de queixa que “o concello lle bota a culpa á Xunta e a Xunta ao contrario; ningún me dá unha solución e encóntrome sen un dereito por culpa de dúas administracións que non saben que facer. Quixera dicir que teño tres fillos e non hai dereito a que se xogue coas persoas”.

Ao respecto debemos subliñar que os principios constitucionais de eficacia e coordinación (art. 103.1 CE) no funcionamento da Administración deben terse presentes á hora de resolver a cuestión. Aos citados principios engádense os de boa fe e confianza lexítima, e cooperación e colaboración. O Tribunal Constitucional recordou reiteradamente a necesidade de que as administracións se coordinen, o que, entre outras cousas, evitaría un gran número de conflitos de competencias. Concretamente, por referencia ao artigo 103.1 da Constitución, na súa sentenza 109/1998, do 21 de maio, aludía ao principio constitucional de eficacia como orixe dos instrumentos coordinadores en xeral. A lei 30/1992 tamén se refire a este principio en diversos preceptos. É de destacar neste sentido o artigo 4, no que partindo do principio de lealdade institucional que debe rexer as relacións entre as administracións públicas, se alude ao respecto, intercambio de información e cooperación que debe existir entre administracións.

Nada disto se produciu no presente caso. O Concello da Coruña interpretou á súa conveniencia unha norma (orde do 9 de xuño de 2010), causando un grave prexuízo aos cidadáns afectados. Por unha parte, interpreta que a súa rede de escolas infantís municipais é válida para os efectos da normativa reguladora do programa do cheque infantil, que prevé unha específica actuación para solicitudes en escolas infantís de 0-3 anos sostidas con fondos públicos que non resultaran atendidas por falta de prazas. Nos impresos correspondentes inclúese unha casa para demandar o cheque infantil para o caso de quedarse sen praza pública, o que crea nos interesados o convencemento da súa participación no programa da Consellería. Sen embargo, o Concello non fixo efectiva a obrigação derivada desa orde e non colaborou coa Consellería para que esta fixese efectiva a posibilidade de axuda pública para casos que queden á marxe das prazas tamén públicas. O Concello argumenta que non percibe ningunha axuda ou subvención para o sostemento da súa rede de escolas infantís, pero si que enviou a lista dos solicitantes que non obtiveron praza e optaron polo programa do cheque infantil. Pero cando a Consellería de Traballo e Benestar lle comunicou que “debe remitirnos a documentación que obra no seu poder, necesaria para a súa valoración”, o Concello respondeu que non dispoñía dela. O deber de colaboración reiteradamente invocado podería ter sido facilmente atendido remitindo a documentación entregada ao solicitar praza na escola municipal, de modo que a Xunta puidera despois reclamar aos interesados a documentación complementaria que corresponde.

Non cabe dicir que as escolas infantís municipais non son centros sostidos con fondos públicos para os efectos da citada orde do 9 de xuño de 2010 e polo tanto non lle son de aplicación as previsións contidas na orde da Consellería de Traballo e Benestar do 12 de maio de 2010, pola que se regulan as bases que rexen o procedemento de concesión das axudas para o mantemento de escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais. Da redacción literal do precepto despréndese que as escolas municipais están incluídas no ámbito da regulación: “Para os efectos desta orde, enténdese por escolas infantís 0-3 sostidas con fondos públicos: as escolas infantís 0-3 dependentes da Xunta de Galicia, as galescolas dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, as escolas infantís 0-3 e puntos de atención á primeira infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e as escolas infantís 0-3 dependentes

das entidades privadas de iniciativa social que reciban axudas da Xunta de Galicia para mantemento do centro”. Literalmente interpretado, as axudas da Xunta só se referirían a estas últimas escolas, as dependentes de entidades privadas de iniciativa social. E isto é o lóxico posto que todas as demais son garderías de titularidade pública.

Esa regulación é parcialmente aplicable, polo menos para non obrigar ao interesado a facer un dobre trámite de solicitude de praza, segundo sexa a titularidade da escola, autonómica ou municipal. O deber de colaboración entre as administracións é independente do seu financiamento e está orientado a servir con obxectividade os intereses xerais.

Por todo iso ao peche deste informe estamos preparando unha recomendación para o Concello da Coruña na que pretendemos indicarlle que, en cumprimento dos principios constitucionais de colaboración e coordinación entre as administracións públicas, en caso de que o solicitante dunha praza en escolas infantís pertencentes á rede municipal non a obtivese, se dea efectividade ao deber de enviar aos departamentos competentes da Xunta de Galicia a relación de solicitantes que figuran na lista de espera e que opten por unha praza do programa *cheque infantil*, xunto con copia das solicitudes en lista de espera e a documentación que se tivo en conta para puntualas que obre en poder do Concello.

1.4.3.11. A educación universitaria

Esta institución coñeceu diversas queixas contra as tres universidades do sistema universitario de Galicia, anque as universidades de Santiago de Compostela e Vigo deron lugar a un maior número de expedientes que a da Coruña. Os motivos son moi variados pero poderían resumirse nos seguintes: problemas cos prazos de matrícula por internet (Q/1945/10, Q/1981/10), listas de reserva para cursar determinados estudos ou circunstancias do acceso a determinadas titulacións con límite de prazas (Q/2062/10, Q/2153/10), devolucións de taxas (Q/182/10, Q/1070/10, Q/1093/10, Q/1734/10) ou exencións de pago de matrículas en certas situacións (Q/2333/10). Algúns escritos de queixa protestaban contra a información facilitada polas oficinas de atención ao estudante

dependentes das universidades (Q/2153/10), por disfuncións na xestión de estancias de investigación (Q/1592/10) ou de prácticas no estranxeiro (Q/2212/10). Outras refírense a problemas para a homologación de títulos expedidos por universidades estranxeiras. En calquera caso, e en proporción ás dimensións do sistema universitario galego, pode dicirse que a súa importancia é residual.

Unha cuestión que suscitou un gran número de queixas, anque por razóns de competencia, foron remitidas ao Defensor del Pueblo. Trátase da substitución do antigo curso de adaptación pedagóxica polo actual máster universitario en formación do profesorado de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas. Esencialmente, as protestas dos estudantes poñían de manifesto que no novo máster se crearon 6000 prazas en todo o territorio do Estado, para unha demanda estimada de 25 000 solicitantes para cursalo. As ditas prazas repartíanse en vinte por especialidade, sen ter en conta a taxa anual de matrícula en cada unha delas, o que daría como resultado que multitude de alumnos non poderían cursar o itinerario elixido. Os alumnos manifestaban o seu malestar porque, a pesar de cursar os seus estudos polo sistema anterior á implantación do Espazo Europeo de Educación Superior, non podían concluír a súa formación co mesmo sistema, senón que tiñan que cursar o novo máster adaptado a Bolonia en vez do CAP. No seu escrito de queixa solicitaban o amparo da institución ante a violación do seu dereito constitucional ao traballo e pola violación do principio de igualdade ante a lei por parte das administracións públicas. En concreto, denunciaban que a partir do 1 de outubro de 2009, todas as persoas que estaban en posesión dun título de licenciado e non realizasen o CAP, se virían privadas de exercer a docencia, para o que o seu título as habilitaba, e se lles exixiría un título académico de nivel superior ao de licenciado, o que segundo os recorrentes en queixa era inconstitucional.

Na súa resposta, o Defensor del Pueblo comeza aclarando que a implantación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) no contexto da nova sociedade do coñecemento implica tamén a realización dun proceso de verificación de títulos de grao, máster e doutorado, que se está desenvolvendo e adecuando a través dos correspondentes instrumentos xurídicos en cada unha das profesións reguladas e cuxo exercicio require

estar en posesión do correspondente título oficial de máster. Despois de se operaren os cambios no modelo educativo a través do establecemento dun sistema flexible de titulacións comprensible e comparable no marco do Espazo Europeo de Educación Superior, en consonancia co establecido no Real decreto 55/2005, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura das ensinanzas universitarias e se regulan os estudos universitarios oficiais de grao, esta institución non apreciou unha creba do principio de igualdade ante a lei ou do dereito constitucional ao traballo no sentido que se indicaba nos escritos de queixa. En efecto, coa nova estrutura das ensinanzas universitarias oficiais españolas, realizadas baixo o apoderamento do disposto no artigo 88.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, a licenciatura xa non ten cabida neste sistema e, polo tanto, hai que entender que o novo título de grao, correspondente ao primeiro ciclo dos estudos universitarios, comprende ensinanzas básicas e de formación xeral, que deben complementarse necesariamente coa superación dun segundo ciclo de estudos universitarios dedicado á formación avanzada, de carácter especializado ou multidisciplinar, dirixida a unha especialización académica ou profesional, como requisito necesario para poder incorporarse ao mercado de traballo. En suma, o lexislador estableceu un novo marco legal que contén factores de diferenciación con respecto a situacións anteriores, pero iso non implica a existencia dunha situación irregular, porque o xuízo de igualdade ten o seu sentido exclusivo na evitación ou reparación de discriminacións, carentes de todo fundamento obxectivo e non na determinación de cales sexan as opcións máis adecuadas. O Defensor del Pueblo non considerou posible, no marco das súas competencias, intervir neste asunto no que non concorren os elementos obxectivos precisos para fundamentar unha eventual actuación.

Sinalou o Defensor no seu escrito que queda sempre aberta a vía do posible exercicio dos recursos administrativos e, de ser o caso, contencioso-administrativos por parte de quen se considere individualmente lesionado, contra os actos concretos de aplicación da lei en cuestión, vía previa para o recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional e, ademais, se se estima pertinente, suscitar a cuestión de inconstitucionalidade ante o órgano competente da administración de xustiza ordinaria que coñeza dos expresados recursos.

1.4.4. QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Nesta parte recóllense as queixas que non foron admitidas a trámite por non reuniren os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, ou por concorrer calquera das circunstancias enumeradas nos artigos 20 e 21 do mesmo texto legal.

As queixas non admitidas fórono polos seguintes motivos:

- Por falta de actuación administrativa previa	15
- Por falta de interese lexítimo	3
- Por tratarse dunha relación xurídica privada	2

1.4.5. QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

Como vimos, de entre as queixas remitidas ao Defensor del Pueblo destacan as referidas á substitución do antigo curso de adaptación pedagóxica polo actual máster universitario en formación do profesorado de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas, do que só se crearan 6000 prazas en toda España, para unha demanda estimada de 25 000 solicitantes (Q/705 a 875/10).

1.4.6 RESOLUCIÓN DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE EDUCACIÓN.

1.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, en data 1 de outubro de 2010 para que se de cumprimento ao disposto no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (Q/923/10).

Nesta institución como consta nesa Consellería, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención don M. S. C., responsable da E.E.I. de Herbón (Padrón).

No seu escrito, esencialmente indicábanos *que en relación co procedemento de consultas ás familias sobre a utilización das linguas no ensino non universitario de Galicia, realizado pola Consellería en xuño de 2009, e en cumprimento das instrucións recibidas da administración tanto por escrito, como por vía telefónica, tivo que realizar un desprazamento en vehículo particular para facer entrega da documentación dos proxenitores desde o Centro ao Servizo da Inspección Educativa no Edificio Monelos en A Coruña o 24/06/09.*

Que por ese motivo solicitou con data 24 do mesmo mes o aboamento de ditos gastos de desprazamento ao servizo de Inspección Educativa, non recibindo resposta, tamén con data 25 de xuño dirixiu o citado escrito ao Sr. Conselleiro de Educación reiterando a solicitude, sen tampouco recibir ningunha contestación. E con data 10 de setembro á Xefa Territorial da Coruña sen ter tampouco resposta. Polo que solicita desta institución que a Consellería de Educación proceda ao aboamento dos gastos de desprazamento orixinados por esta entrega, que non debería ser cargada á conta do Centro, en tanto non foron xenerados polo seu funcionamento.

Reunindo a queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, como establece o artigo 103 de dito texto legal, acordouse con

data 14 abril admiti-la mesma a trámite, promovéndose a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos de dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse informe sobre as actuacións denunciadas, que foi remitido pola Secretaría Xeral desa consellería, e tivo entrada nesta institución o día 7 de xuño pasado escrito do 3 anterior, no que se di:

“Por un oficio do secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de data do 22 de abril de 2010 solicitóuselle ao departamento Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na Coruña a emisión dun informe sobre a queixa formulada.

Con data do 19 de maio de 2010 tivo entrada no Rexistro xeral da Xunta de Galicia (San Caetano, Santiago de Compostela) un escrito asinado pola xefa territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na Coruña con data do 11 de maio de 2010 no que informaba de que os gastos de desprazamento <sufráganse na partida presupostaria que se lle adxudica a cada centro escolar no concepto de "gastos de funcionamento">.

Segundo establece o artigo 6 do Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios, "o estado de gastos do orzamento anual do centro recollerá todos os créditos necesarios para o funcionamento do centro, e clasificarase nas seguintes partidas (...) 10. Axudas de custo e locomoción (...)", mentres que o seu artigo 13 establece que "o director do centro é o responsable da execución do orzamento e, polo tanto, de aplicar as cantidades dispoñibles ás finalidades para as que foron aprobadas". Deste xeito, tal e como indicaba a xefa territorial no seu informe de data do 11 de maio de 2010 antes citado, existe unha partida orzamentaria específica no orzamento do centro contra a que a persoa asinante da queixa debería imputar os gastos de locomoción cuxa satisfacción reclama.”

O día 8 de xuño solicitouse un complemento do informe para que, concretamente se aclarase se lle foran contestados ao reclamante os escritos de data 25 de xuño de 2009, dirixido a esa consellería, e de 24 de xuño e 9 de outubro de 2009, dirixidos ao Departamento Territorial na Coruña da consellería.

Foi recibido escrito con data 29 de xuño, no que literalmente se di:

“Comunícolle que os escritos que remitiu o reclamante a esta consellería e ao Departamento Territorial da Coruña referentes ao obxecto da queixa, non lle foron respostados, debendo remitirnos no que se refire á solución do asunto ao escrito desta Secretaria Xeral de data 3 de xuño de 2010”.

Á vista do contido da reclamación e do consignado nos informes, tendo en conta:

1º.- A obrigatoriedade que ten a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación, que establece o nº 1 do artigo 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

2º.- Que de conformidade co número 2 do devandito artigo o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o que fixe a norma reguladora do correspondente procedemento, que non deberá de exceder de seis meses, e, segundo o número 3, cando as normas reguladoras non fixen prazo máximo, será de tres meses que, nos expedientes iniciados a solicitude do interesado, se contará desde a data que dita solicitude tivera entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

3º.- A responsabilidade directa do persoal ao servizo das Administracións públicas que teñan ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como dos titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver os mesmos, do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa en prazo, todo iso sen prexuízo das responsabilidades a que puidera dar lugar o incumprimento, que establece o nº 7 do citado artigo.

Procede, á vista do establecido no artigo 32 nº 1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, procede efectuar o seguinte **RECORDATORIO DOS DEBERES LEGAIS:**

“Que con relación ao escrito de data 25 de xuño de 2009, dirixido por don M. S. C., responsable da E.E.I. de Herbón (Padrón) á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e aos de 24 de xuño e 9 de outubro de 2009, dirixidos ao Departamento Territorial na Coruña desa consellería, se proceda a dar cumprimento ao establecido no nº 1 do artigo 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.”

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: Aceptada.

2.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, en data 4 de outubro de 2010 para que se de cumprimento ao disposto no artigo 42º da Lei 30/1992, do 26 de novembro (Q/1970/09).

Nesta institución, como consta nesa Consellería, compareceu solicitando a nosa intervención mediante escrito de queixa D^a. A. M. T., con domicilio a efectos deste expediente na Escola de Educación Infantil de Herbón - Padrón (A Coruña).

No seu escrito, esencialmente indicábanos que os pais dos escolares da Escola de Educación Infantil de Herbón advertiron un elevado incremento de alumnos, especialmente no que respecta á idade de 3 anos, polo que se acadou na unidade un total de 18 alumnos de 3 idades diferentes: 3, 4, e 5 anos. Segundo denunciaban os pais, unha cifra tan elevada de alumnos de tres idades diferentes nunha mesma aula de reducidas dimensións e con 9 nenos de 3 anos, repercutía negativamente na educación e no aprendizaxe dos escolares de 5 anos. Na súa queixa daba conta de que se habían remitido escritos ao Delegado Provincial de Educación de A Coruña, ao Conselleiro de Educación e ao Inspector do Centro, solicitando o desdoblamento da unidade de educación infantil polos motivos

indicados e tendo en conta que o centro contaba con espazo suficiente para poder realizarse tal medida, sen que recibisen contestación.

Reunindo a queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e atopando, en principio, cobertura constitucional sobre a base do artigo 27 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, como establece o artigo 103 de dito texto legal, acordouse admitir a mesma a trámite, promovéndose a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos de dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse informe sobre as actuacións denunciadas. No informe remitido polo Secretario Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sinálase que a Orde de 25 de xuño de 2009, que regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 34, de 10 de xullo) establece no seu Artigo 4-2º que nas aulas de agrupamentos mixtos, nas cales se escolarice alumnado de diferentes niveis (1º, 2º e 3º de EI), a *ratio* máxima de 25 alumnos/as por aula redúcese a 20. Pola súa banda, o Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, establece os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria (BOE nº 62, do 12 de marzo). Dita normativa, que ten carácter de básica, sinala no artigo 7 que os centros docentes que oferten o segundo ciclo da educación infantil terán, como máximo, 25 alumnos/as por unidade escolar.

Con base na normativa citada, establécese o número de unidades e postos de traballo docente nos centros públicos dependentes desta Consellería nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial na Orde do 31 de xullo de 2009, publicada no DOG nº 160, do 17 de agosto. Nesa Orde, a EEI de Herbón figura cunha unidade.

Sinala o informe complementario remitido despois pola Consellería que o escrito de petición formulado pola recorrente en queixa foi presentado o 22 de marzo de 2009, rexistrado co número 13188. A petición foi analizada e ponderouse na preparación do catálogo 2009/2010, segundo o informe. As previsións de alumnado achegadas polo inspector do centro e a evolución do mesmo ao longo dos tres últimos cursos (comparativa nº de alumnos/nº de unidades), determinou que, de conformidade coa normativa en vigor antedita, non se acordase o incremento dunha unidade na EEI de Herbón. O inspector do centro informou á Dirección deste da composición resultante para o curso 2009/2010, que era de 18 alumnos/as nunha aula mixta.

Segundo sinala o informe complementario solicitado, non consta na Subdirección Xeral de Centros que se dera resposta individualizada ao escrito de petición formulado pola recorrente en queixa, en relación á composición e número de unidades no EEI de Herbón, alegando que o trámite para determinar o número de unidades e postos de traballo docente nos centros públicos é común para todos os de educación infantil, primaria e educación especial, que son preto duns 1000 centros.

Indica asemade o informe que os pais e nais do alumnado participan no Consello Escolar do centro a través da correspondente ANPA, órgano colexiado de goberno do centro que, entre outras atribucións, decide sobre a admisión de alumnos/as, con suxeición ao establecido na lexislación vixente (artigo 43 do Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, aprobado polo Decreto 347/1996, do 17 de outubro).

Á vista do contido da reclamación e do consignado nos informes, tendo en conta o establecido no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, procede efectuar o seguinte **recordatorio dos seus deberes legais:**

1.- A obrigatoriedade que ten a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación, que establece o nº 1 do artigo 42 da Lei

30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

2.- Que de conformidade co número 2 do devandito artigo o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o que fixe a norma reguladora do correspondente procedemento, que non deberá de exceder de seis meses, e, segundo o número 3, cando as normas reguladoras non fixen prazo máximo, será de tres meses que, nos expedientes iniciados a solicitude do interesado, se contará desde a data que dita solicitude tivera entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

3.- A responsabilidade directa do persoal ao servizo das administracións públicas que teñan ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como dos titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver os mesmos, do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa en prazo, todo iso sen prexuízo das responsabilidades a que puidera dar lugar o incumprimento, que establece o nº 7 do citado artigo.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: Aceptada.

3.- Recomendación dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, en data 3 de novembro de 2010 para que se retrotraian dúas solicitudes de admisión nun ciclo formativo de Formación Profesional, ao momento no que se produciu o incumprimento do compromiso de información por parte da administración, e se subsanen os efectos prexudiciais producidos. (Q/1754/10).

Nesta Institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por Dona M. D. C. F. referente ao proceso de admisión ao ciclo formativo de grao superior de actividades físicas e deportivas no IES Cruceiro Baleares, de Culleredo, en concreto, por non ter recibido o SMS onde se comunicaba a adxudicación da praza.

Ante iso, solicitamos información a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que nola remitiu. No seu informe, a subdirección xeral de Formación Profesional recoñece que *“A comunicación vía SMS non foi posible realizala na primeira adxudicación ordinaria por un erro no sistema e a pesar de que se fixeron varios intentos de envío. O día 21 fíxose o primeiro intento e o sistema non permitiu detectar o erro ata o día 22. Ese mesmo día fíxose un novo intento que tamén resultou fallido. O día 23 de xullo intentouse enviar aos que aínda non estaban matriculados pero ese día había case 6000 persoas sen matricular e o sistema só pode enviar 1000 mensaxes por hora, polo que este envío resultaba imposible realizalo antes da hora de pechamento de matrícula.*

A notificación oficial da primeira adxudicación ordinaria publicouse o día 20 de xullo de 2010 no taboleiro de anuncios dos centros educativos e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/jp>. Nesta adxudicación, H. S. C. e A. S. C. obtiveron praza no ciclo superior de actividades físicas e deportivas no IES Cruceiro Baleares e non se matricularon nin renunciaron no período comprendido entre o 20 e o 23 de xullo, polo que perderon o dereito as súas prazas, que se adxudicaron no proceso seguinte”.

Esta Institución entende que produciuse un incumprimento da Administración en canto a unha vía de información que ela mesma ofertou e que viña formulada na resolución de xeito incondicionado. É indiscutible que resulta clara da normativa reguladora, no sentido de que a mensaxe de texto ao teléfono móbil non substitúe á notificación oficial no xeito previsto na propia resolución, pero esta prevención non exime á Administración de responsabilidade por un mal funcionamento do proceso de admisión no relativo á información, que non pode quedar sen consecuencias. Do informe despréndese que os envíos dos SMS tentáronse en varias ocasións, pero reconécese tamén un erro técnico que houbera debido ser compensado de algún xeito si del puidéronse irrogar prexuízos aos solicitantes, por exemplo, prorrogando o prazo de matrícula ata que todas as mensaxes puideran ser enviadas, unha vez que o servizo foi restablecido. Non consta no informe si algúns solicitantes recibiron a comunicación vía SMS e outros non, pero este dato non modifica o feito de que non se cumpriu un compromiso de información e unicamente podería dar lugar a situacións discriminatorias.

É significativo o feito de que esta vía ofértase na resolución de 11 de xuño de 2010, que desenvolve a Orde de 5 de xuño de 2007, na que a Administración introduce voluntariamente un mecanismo de información individualizada ata agora inexistente, polo que é lóxico que xere certas expectativas nos solicitantes de que vai ter un axeitado funcionamento, e aínda máis cando da redacción do texto (“recibirán un SMS”) semella que se garante o seu envío. Non se lles poden imputar tódalas consecuencias do incumprimento dun compromiso de boa administración reflectido na propia resolución da convocatoria e máis en toda a documentación escrita relativa ao proceso.

Por outra banda, da información remitida pola subdirección xeral dedúcese tamén unha falta de información aos interesados, máis aló de que se contestaran os seus correos electrónicos ou se lle dera resposta ao seu recurso de alzada. Ninguén no servizo de xestión de Formación Profesional lles informou do sucedido co erro informático producido en xullo, senón que en todos os escritos de resposta insístese no mesmo: que a comunicación vía SMS non substitúe á notificación oficial. Este razoamento determina a absoluta falta de virtualidade en canto ao envío ou a falta do envío das mensaxes informativas o que faría indiferente e, aínda máis, inútil, este compromiso de boa administración.

En aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo pola que se rexe esta Institución, formula a seguinte **RECOMENDACIÓN**:

Á vista de que o erro informático recoñecido no seu informe pola propia subdirección xeral de Formación Profesional foi a causa directa da falta de información dos solicitantes en canto a súa admisión ao correspondente ciclo de Formación Profesional, e, consecuentemente, da súa falta de matrícula, se proceda a retrotraer as solicitudes de H. S. C. e de A. S. C. no ciclo formativo de actividades físicas e deportivas no IES Cruceiro Baleares de Culleredo ao momento no que produciuse o incumprimento do compromiso de información por parte da administración educativa e se subsanen os efectos prexudiciais que se teñan producido para ámbolos dous solicitantes.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: Aceptada.

4.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, en data 11 de novembro de 2010 para que na resolución dos recursos, a resposta sexa suficientemente motivada e se resolvan todas as cuestións formuladas polo recorrente. (Q/655/10).

Nesta institución como consta nesa consellería, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención dona M. I. L. L., co DNI nº XXX e con domicilio en Noia (A Coruña) na rúa N.

No seu escrito, esencialmente indicábanos que é a nai do escolar J. F. L., que estuda no centro educativo Alexandre Rodríguez Cadarso, de Noia, e que presenta esta queixa por non estar conforme coas sancións impostas polo centro ao seu fillo en reunión do 24 de febreiro de 2010, polo procedemento irregular na tramitación das sancións e polo órgano que impuxo as sancións.

Contra as sancións se interpuxo recurso con data 25 de febreiro de 2010 diante da Dirección Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, escrito de recurso que contiña as seguintes consideracións e suplico:

"Considera

Que las sanciones impuestas con las que no nos mostramos de acuerdo:

- Son excesivas para un niño de siete años, buen alumno y cumplidor de sus obligaciones.*
- No se ha tenido en cuenta para su aplicación la edad del alumno para su imposición (R.D. 732/1995, de 5 de mayo, art. 43-2B b).*
- Carecen de carácter educativo y recuperador (R.D. 732/1995, de 5 de mayo, art. 43-1).*

- *No respeta la proporcionalidad con los hechos debido a que para provocar los desperfectos causados al vehículo es necesario que los alumnos estén sin vigilancia un tiempo muy superior al que se emplea en el lanzamiento de una única piedra (R.D. 732/1995, de 5 de mayo, art. 43-2-b).*
- *En la instrucción del procedimiento se convoca al alumno a declarar acompañado de sus padres ni se levanta acta de esta reunión. Al alumno si se le interroga sin la presencia de los padres y a estos sin la presencia del niño. Este requisito es necesario para la sanción de suspensión del derecho de asistencia al centro. (R.D. 732/1995, de 5 de mayo, art. 49-d).*
- *La sanción de suspensión de asistencia al centro debe tomarse "siempre que la conducta del alumno dificulte el normal desarrollo de las actividades educativas...". (R.D. 732/1995, de 5 de mayo, art. 49-d) y este no es el caso."*

Solicita:

Que le sean retiradas las sanciones mencionadas en los párrafos con las que no estamos de acuerdo.

Que se le mantengan las demás sanciones puesto que el niño debe ser consciente de que no se deben dañar los bienes de otras personas y que cuando se cometen actos de este tipo se está actuando de forma incorrecta y en la sociedad extraescolar si nos conducimos así sufrimos las consecuencias.

Que se le imponga, en cambio, alguna tarea fuera del horario escolar, como por ejemplo colaborador en la biblioteca escolar por las tardes durante los mismos días que duren las otras sanciones."

O recurso foi resolto pola Xefatura Territorial desa consellería na Coruña, mediante acordo do 8 de marzo, desestimatorio do mesmo.

As consideracións xurídicas da resolución do recurso son as seguintes:

"Primeira.- Tendo en conta que no informe da dirección do centro, consta que foron requiridos tres alumnos en presenza da directora, a orientadora e a titora. Un deles é J. F. L..

Segunda.- Aos pais do alumno léuselles o contido da proposta de sanción e o Regulamento de Réxime Interior do centro.

Terceira.- Non se aprecian incumprimentos de procedemento que xustifiquen propoñer unha eventual modificación da sanción imposta. "

Reunindo a queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e atopando, en principio, cobertura constitucional sobre a base do artigo 27 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, como establece o artigo 103 de dito texto legal, acordouse con data 25 de marzo admiti-la mesma a trámite, promovéndose a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos de dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse informe sobre as actuacións denunciadas, que foi remitido. Nel facíase referencia a un informe da Directora do centro que, segundo o escrito, se axuntaba. Sen embargo, dito informe non foi remitido, polo que se acordou reclamálo mediante escrito do 20 de setembro. O día 8 de outubro de 2010, a Consellería remitiu ese informe complementario.

Á vista destes antecedentes, aínda tendo en conta a falta de efectividade da queixa contra as sancións, que se ían cumprir a partir do día 17 de marzo de 2010, data na que se presentou a queixa diante desta institución, e non presentando recurso contencioso-administrativo contra as mesmas no que podería solicitar, no seu caso, a suspensión da súa execución, temos que por de manifesto o seguinte:

1º.- A obrigatoriedade que ten a Administración de ditar resolución expresa motivada, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito nas que resolvan recursos como establece o nº 1 do artigo 54 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

2.- Que de conformidade co artigo 89 de dita lei a resolución que poña fin ao procedemento decidirá todas as cuestións que se puideran plantexar polos interesados e aquelas outras derivadas do mesmo, que nos procedementos tramitados a solicitude do interesado, a resolución será congruente coas peticións formuladas por este.

3.- Que de conformidade co número 5 de dito artigo 89 a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma. Neste suposto, a resolución reproducía o informe do inspector de data 1 de marzo de 2010, que dicía axuntar o informe da directora do centro escolar, que era o que no seu día non fora remitido a esta institución. Este informe, de data 26 de febreiro de 2006, de dúas follas, razoaba as sancións impostas e contestaba as alegacións do pai que recorría as sancións, do seguinte xeito:

"Razóns das sancións (nas que os pais de J. F. non están de acordo).

Que a razón de poñerlles acompañamento individualizado durante as entradas e saídas do recinto (apartado 2b), responde a mesma medida de prohibición de actividades lúdicas establecida durante eses 10 días, xa que dende que chegan no autobús ata a entrada á clase teñen entre 5 e 10 minutos nos que xogan libremente (e que foi neste espazo de tempo cando xurdiu a agresión verbal de J. F. á profesora de garda e continuas pelexas cos compañeiros polo primeiro posto na fila).

Que vistos os desperfectos causados ao coche, todo o profesorado, os compoñentes do Observatorio Escolar e os propios pais recoñecemos que o feito foi moi grave, pero tanto os compoñentes da Comisión de Coordinación Pedagóxica, como todo o profesorado e os representantes do Observatorio Escolar consideramos que debido á súa idade (7 anos) a sanción de falta moi grave era excesiva, polo que decidimos ser máis

suaves na sanción e se reduciu a suspensión do dereito de asistencia ao centro a dous días (apartado 2d) durante os cales o alumno levará traballo curricular para realizar na casa, evitando a interrupción do proceso formativo, e asinado polos pais.

Non estamos de acordo coa alegación de M. F. porque consideramos

- Que os pais teñen dereito a ser informados, pero entendemos que en ningún caso, teñen potestade para impoñer sancións a unha falta cometida polo fillo/a dentro do horario lectivo e moito menos un castigo na Biblioteca do centro, cando neste centro temos como norma que nunca se utilizará este recinto como lugar de castigo, xa que queremos que para eles sexa o que é: un lugar de formación e enriquecemento como persoas.

- Que as sancións impostas non son esaxeradas, posto que o feito é moi grave e queremos resaltalo, diferenciándoo das sancións que se impoñen de forma habitual no centro ante incumprimentos máis leves contemplados no Regulamento de Réxime Interior.

4.- En consecuencia, aínda que se permite unha sucinta motivación, o que si ten que facer a resolución é resolver todas as cuestións que se poñen de manifesto nos escritos dos recorrentes, o que non sucede neste caso.

Á vista do establecido no artigo 32 nº 1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, procede efectuar o seguinte **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS:**

"Que, no sucesivo, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, no momento de resolver os recursos de alzada, se dea efectivo cumprimento ao establecido nos artigos 54 e 89 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, no sentido de que a resolución sexa suficientemente motivada e resolva todas as cuestións que se susciten polos recorrentes. "

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: Aceptada.

5.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, en fecha 12 de novembro de 2010 para que cumpra a súa obrigaón de ditar resolución expresa en tódolos procedementos, e notificala; respecte o prazo máximo para realizar tal notificación, e sobre a responsabilidade do persoal en canto ao cumprimento desta obrigaón legal. (Q/1610/10).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Dona M. C. V. R., con domicilio na Rúa F., A Estrada, Pontevedra.

No seu escrito, esencialmente indicábanos que a Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en Pontevedra non respectou o prazo de resolución en relación a unha reclamación presentada por ela. Por outra banda, a mencionada resolución non estaba argumentada nin rebatía os argumentos aducidos na reclamación, segundo dicía a recorrente en queixa. En xuño de 2010, realizou as probas para obter a certificación de nivel avanzado en Inglés na Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra (sección da Estrada), e acadou a cualificación de *Apto* en tres das destrezas esixidas e de *Non apto* na cuarta ('Comprensión Oral'), na que foi cualificada cun 14 sobre 25, situándose o aprobado en 15. Reclamou ante a Dirección da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra contra a cualificación, considerando que non se lle contabilizara como válida unha resposta na que cometera un erro ortográfico, pero non de comprensión. A Escola respondeu á reclamación no prazo do que dispoñía, ratificándose na cualificación que lle outorgaran, polo que presentou un recurso de alzada perante a Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O escrito leva selo de correos de 30 de xuño. A Delegación tiña un mes para contestarlle, pero non o fixo nese prazo, senón que recibiu a comunicación (tamén desestimatoria da súa reclamación) o luns, 6 de setembro, levando o escrito data de 6 de agosto de 2010.

Reunindo esta queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e atopando, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, procede admiti-la mesma a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación

sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos de dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse dese órgano que, no prazo de **quinze días**, nos facilitase información sobre o problema que motivou a queixa. O día 10 de novembro foi recibido dito informe no que se fai una pomenorizada relación de feitos e datas, contendo as seguintes consideracións:

“1ª.- Polo relato dos feitos anteriores pódese comprobar que por parte do Servizo de Inspección Educativa e do Xefe Territorial da Consellería de Educación e O.U. en Pontevedra intentouse en todo momento cumprir co regulado no apartado 9) do artigo 6º do capítulo II da Orde do 8 de setembro de 2008 que establece que "Visto o informe da inspección educativa, a delegación provincial resolverá no prazo dun mes a partir da presentación do recurso, poñendo esta resolución fin á vía administrativa". Lembrar que os documentos son rexistrados no edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra o que significa que desde que se rexistran ata que se reparten aos distintos departamentos sempre hai algúns días de demora.

2ª.- O apartado 8) do artigo 6º do capítulo II da Orde do 8 de setembro de 2008 establece que "A inspección educativa poderá solicitar a intervención de especialistas no idioma obxecto de reclamación para elaborar o informe correspondente sobre os aspectos contemplados no punto 3 deste apartado e sobre o cumprimento do establecido nesta orde por parte dos órganos competentes". Lembrar que no Servizo de Inspección Educativa da Comunidade Autónoma de Galicia só hai un inspector especialista en lingua inglesa, polo que para proceder a una nova corrección de probas ante unha reclamación nesta lingua hai que recorrer ao profesorado especialista das EOI de Galicia.

3ª.- Dona M. C. V. R. interpón o recurso de alzada contra a resolución da dirección da EOI de Pontevedra, con data mércores 30 de xuño de 2010 e rexistro de entrada no edificio administrativo da Xunta de Galicia

en Pontevedra de xoves 1 de xullo de 2010. Dito escrito recíbese no servizo de inspección o luns 5 de xullo de 2010. Hai que recordar aquí que o mes de xullo é inhábil para o profesorado e o mes de agosto é o seu período de vacacións.

4ª.- Segundo o punto 6), apartado d) do artigo 7º do capítulo II da Orde do 8 de setembro de 2008, o servizo de inspección educativa solicitará á escola a "Proba ou probas recorridas ou calquera outra documentación adicional que se considere pertinente". Lémbrese que o responsable da custodia das probas realizadas polo alumnado é o xefe de departamento do idioma respectivo e non a dirección do centro.

5ª.- Unha vez recopilada a documentación houbo que localizar a dous membros do departamento de inglés doutra EOI, neste caso da EOI de Vilagarcía, atopándonos coa mesma dificultade sinalada anteriormente do período inhábil do mes de xullo na docencia non universitaria.

6ª.- A pesar das dificultades sinaladas, o Servizo de Inspección Educativa conseguiu ter toda a documentación recopilada e os pertinentes informes realizados con data 5 de agosto de 2010 e a Xefatura Territorial facer a correspondente resolución con data 6 de agosto de 2010 e remitila a EOI de Pontevedra con data de rexistro de saída de 11 de agosto de 2010.

7ª.- No rexistro da EOI de Pontevedra a resolución da Xefatura Territorial aparece rexistrada con data 30 de agosto de 2010. Segundo informe da directora, o día 30 de agosto de 2010 notifícase telefonicamente a Dona M. C. V. R. a recepción da resolución da xefatura territorial. A administrativa da EOI acorda verbalmente coa reclamante que enviará dita resolución á Sección da Estrada por correo e que será a Xefa de Estudos da Sección quen entregará dita notificación. O día 6 de setembro de 2010 a interesada recolle en A Estrada, o seu lugar de residencia, a resolución e firma o "recibín".

8ª.- En canto a interpretación por parte da recorrente de que o informe do servizo de inspección educativa leve data de 5 de agosto de 2010 signifique que pretenden eludir responsabilidades en relación ao respecto dos

prazos, non responde baixo ningún concepto a realidade dos feitos, como se pode comprobar na relación exhaustiva dos mesmos e as súas datas correspondentes.

9ª.- En relación á apreciación da reclamante de que "a resolución da Xefatura Territorial non entra en ningún momento a valorar a argumentación aportada pola interesada na reclamación", manifestar que a Orde do 8 de setembro de 2008 regula no artigo 7º o procedemento para formular reclamacións sobre os resultados finais da avaliación, e que no seu apartado 3) establece os aspectos en que ten que estar baseada a reclamación. Na resolución da Xefatura Territorial comunícaselle que "visto o Informe da Inspección Educativa, recibido nesta Xefatura Territorial con data 5 de agosto de 2010 conséntase o seguinte:

- Que con data 22 de xuño de 2010 o Departamento de Inglés da EOI de Pontevedra emite informe á reclamación presentada por dona M. C. V. R. e acorda ratificar a cualificación de Non apto.*
- Que solicitado informe do Departamento de Inglés da EOI de Vilagarcía ratifícanse na cualificación outorgada a alumna de Non apto. Sinala o departamento que a cualificación é correcta, así como as puntuacións outorgadas ás distintas tarefas que constitúen o exercicio, polo Departamento de Inglés da EOI de Pontevedra.*
- Que se respectaron os instrumentos de avaliación establecidos e se tiveron en conta os obxectivos, contidos e criterios de avaliación recollidos na programación didáctica do nivel avanzado de inglés.*
- Que se seguiron as instrucións establecidas na Guía do candidato das probas de nivel avanzado.*
- Polo que esta inspección entende que a cualificación outorgada é correcta, tendo en conta os informes emitidos polos especialistas e os criterios de avaliación da programación didáctica do nivel avanzado de inglés".*

10ª.- En relación á pregunta do Valedor do Pobo de cal é a norma que establece que se concede á reclamante un prazo de dous días para interpoñer recurso de alzada diante do Departamento Territorial, manifestar que este aspecto está recollido no apartado 5) do artigo 7º da Orde do 8 de setembro de 2008 que establece que "De continuar o desacordo coa cualificación, o alumnado ou o seu representante legal, no caso de menores de 18 anos, poderá interpoñer recurso de alzada perante a delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contra a resolución da dirección da escola nun prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte ao da súa recepción".

Por todo o anterior estímase que:

Tendo en conta que o recurso de alzada presentouse no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra con data 1 de xullo de 2010, que se resolveu con data 6 de agosto de 2010, que o profesorado que podía realizar a revisión da proba obxecto de recurso estaba en relación ao mes de xullo nun mes inhábil, que no servizo de inspección educativa en toda Galicia só existe un especialista en lingua inglesa, que á reclamante se lle deron tódalas garantías na súa reclamación, considérase que non se da a situación de ineficacia administrativa si temos en conta as situacións relatadas e o período en que se entabla o recurso".

Á vista do sinalado no informe e no escrito de queixa, esta institución ten que facer a seguinte valoración. A Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, sinala uns prazos moito máis breves para a interposición, resolución e notificacións dos recursos que os prazos ordinarios que rexen con carácter xeral no procedemento administrativo común, segundo a Lei 30/1992. O Artigo 115 desta lei regula os prazos (en redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, que á modifica) sinala:

1. El plazo para la interposición del recurso de alzada será de un mes, si el acto fuera expreso.

Si no lo fuera, el plazo será de tres meses y se contará, para el solicitante y otros posibles interesados, a partir del día siguiente a aquel en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzcan los efectos del silencio administrativo.

Transcurridos dichos plazos sin haberse interpuesto el recurso, la resolución será firme a todos los efectos.

2. El plazo máximo para dictar y notificar la resolución será de tres meses. Transcurrido este plazo sin que recaiga resolución, se podrá entender desestimado el recurso, salvo en el supuesto previsto en el artículo 43.2, segundo párrafo.

3. Contra la resolución de un recurso de alzada no cabrá ningún otro recurso administrativo, salvo el recurso extraordinario de revisión en los casos establecidos en el artículo 118.1.

O prazo dun mes establecido nesta lei, reguladora do procedemento administrativo común, para a interposición do recurso de alzada contra actos expresos redúcese a dous días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da cualificación no artigo 7º da Orde citada. Ademais, esta orde establece que, de continuar o desacordo coa cualificación, o alumnado ou o seu representante legal, no caso de menores de 18 anos, poderá interpoñer recurso de alzada perante a delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contra a resolución da dirección da escola nun prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte ao da súa recepción. Tras regular o procedemento das reclamacións, a norma conclúe sinalando no punto 9 que, visto o informe da inspección educativa, a delegación provincial resolverá no prazo dun mes a partir da presentación do recurso, poñendo esta resolución fin á vía administrativa.

Esta Institución valora o esforzo feito polo servizo de inspección educativa e pola Xefatura Territorial para impulsar o procedemento e para garantir o rigor na aplicación dos

trámites de revisión das probas previstos na norma, pero no que se refire á observancia dos prazos, ningunha das razóns apuntadas no informe xustifica que desde a súa interposición (en tempo e forma, o día 30 de xuño) ata que se lle comunica á reclamante, o día 30 de agosto de 2010, a recepción da resolución da Xefatura Territorial, transcorreu exactamente o dobre do tempo sinalado na norma. No seu informe, a inspección fai unha mención interesada dos prazos: “*o recurso de alzada presentouse no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra con data 1 de xullo de 2010, que se resolveu con data 6 de agosto de 2010*”. De feito, o recursos presentouse o día 30 de xuño e notificouse por teléfono o día 30 de agosto.

Non é admisible que unha resolución asinada na Xefatura Territorial de Pontevedra o día 6 de agosto, sexa recibida na EOI de Pontevedra o día 30 de agosto. A motivación das festas da Peregrina non é aceptable, como non o é, tampouco, a referencia a que o mes de xullo é inhábil para o profesorado e o mes de agosto é non lectivo. A referencia do informe ás dificultades derivadas do período no que se entabla o recurso non son de recibo. E evidente que unha interposición extemporánea do recurso de alzada por parte dun alumno alegando estes mesmos motivos aos que alude o informe sería desestimada de xeito inmediato, agravándose neste caso a situación pola extrema brevidade -dous día hábiles- dos prazos previstos na norma para que un alumno poida reclamar.

Non é admisible tampouco que a notificación da recepción da resolución do Xefe Territorial se faga vía telefónica desde a EOI, o que impide que quede constancia da data na que realmente notificouse a resolución xa que o único feito do que existe proba é a sinatura do recibín na sección da Estrada o día 6 de setembro.

Á vista do contido da reclamación e do consignado no informe, tendo en conta o establecido no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, procede efectuar o seguinte **RECORDATORIO DOS SEUS DEBERES LEGAIS:**

1.- A obrigabilidade que ten a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación, que establece o nº 1 do artigo 42 da Lei

30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

2.- Que de conformidade co número 2 do devandito artigo o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o que fixe a norma reguladora do correspondente procedemento, que non deberá de exceder de seis meses, e, segundo o número 3, cando as normas reguladoras non fixen prazo máximo, será de tres meses que, nos expedientes iniciados a solicitude do interesado, se contará desde a data que dita solicitude tivera entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

3.- A responsabilidade directa do persoal ao servizo das administracións públicas que teñan ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como dos titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver os mesmos, do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa en prazo, todo iso sen prexuízo das responsabilidades a que puidera dar lugar o incumprimento, que establece o nº 7 do citado artigo.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: Aceptada.

6.- Suxestión dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, en data 16 de novembro de 2010 para que se cumpra o deber de información aos pais sobre o desenvolvemento escolar do seu fillo con necesidades educativas especiais, mediante o uso do caderno-correo, a adaptación dos materiais didácticos e o contido e resultados das súas probas de avaliación. (Q/1591/10).

Ante esta Institución, mediante escrito de queixa, compareceron solicitando a nosa intervención D^a P. F. A. e D. J. F. M., con domicilio en Gonzalvite, de Valdoviño.

No seu escrito, esencialmente indicábanos que son os pais de J.F., de nove anos, con parálise cerebral a nivel motor, que cursa 2º de primaria no CPI Atios de Valdoviño. A súa reclamación refírese a diferentes cuestións relacionadas coa educación do seu fillo no citado centro.

Mencionan a falta de información por parte dos profesores, excepto a profesora de inglés, sobre as datas dos exames, a falta de adaptación de libros, fichas, etc., necesarios polo seu grado de afectación motora. Tamén a falta de información sobre os contidos nos que están a traballar (programación semanal ou quincenal), para axudar e dar apoio a J. en casa, como é normal en nenos da súa idade. Quéixanse pola falta de uso do caderno-correo, esencial nun neno que carece de linguaxe oral, pero que ten as mesmas necesidades de comunicación que os demais nenos.

Reclaman tamén saber con antelación as formas de avaliación e os contidos concretos que entrarán nos exames. Estes deberán quedar plasmados en folios ou cadernos para que J., da mesma forma que os seus compañeiros, poda levalos a casa e ve-los seus logros para motivalo ou reprendelo e para que adquira responsabilidade.

O preceptivo informe foi reclamado o día 14 de setembro e se requiriu de novo a súa remisión o día 13 de outubro, sendo recibido o día 4 de novembro. Á vista do contido do informe e do escrito de queixa, esta Institución ten que face-las seguintes consideracións:

Agradécese, en primeiro lugar, o interese amosado desde á Inspección Educativa de Ferrol e a dilixencia posta en obter información sobre o caso, que é pertinente para facer unha axeitada valoración do contido da queixa. Non é preciso facer a ese órgano unha recomendación nin recordarlle os seus deberes legais, pois as deficiencias na atención de J. quedan claramente identificadas no informe do inspector, que recoñece de xeito expreso que a intervención educativa realizouse dentro das posibilidades de recursos humanos que un centro como o CPI de Atios podía ofrecer pero que, non obstante, non foron suficientes. Non cabe a xustificación de que *as necesidades de educación especial son numerosas e o profesorado especialista en educación especial moi limitado* xa que o propio informe

subliña que “*o dereito á educación inclusiva supón que o alumno que presente necesidades especiais teña os mesmos dereitos e oportunidades que o resto do alumnado e que o sistema educativo se adapte ás súas necesidades*”. Neste senso, valórase como moi adecuada a contratación dunha profesora de pedagogía terapéutica para J., aínda que cómpre dar estabilidade e continuidade ó seu traballo xa que os vínculos que se establecen entre os nenos con este tipo de necesidades educativas e os seus educadores precisan dunha relación permanente baseada no mutuo coñecemento e na confianza.

No informe existe, sen embargo, un aspecto que debe ser corrixido polo centro e os profesores de J. . Recoñécese no escrito do inspector que o uso do caderno correo non é fluído e que hai moitos días nos que parece non haber comunicación do centro á casa, aínda que sí de casa ao centro, sendo o caderno correo o único mecanismo de comunicación do colexio coa casa nun neno que non ten linguaxe oral. A comunicación non se realiza na intensidade que é demandada pola nai de J. . O mesmo semella en canto a información aos pais sobre a decisión de que J. non promocionara de curso, decisión cuxos motivos e cuxa adecuación non se discuten, pero da que tiveron noticia polo boletín de cualificacións, feito que non é desmentido no informe. Outro aspecto no que non existe unha comunicación fluída con os pais por parte do colexio é acerca dos detalles concretos das adaptacións curriculares, os contidos específicos nos que J. debe acadar competencias suficientes e o xeito en que tales adaptacións reflíctense nos materiais de traballo: por exemplo, as partes do libro nas que debe traballar máis, as fichas, etc., tendo en conta que o traballo de J. en casa é un elemento decisivo para progresar no logro dos obxectivos educativos e que a nai ten amosado un constante interese en traballar con J. cara ás probas de avaliación.

Para corrixir todo isto, os seus pais deben estar puntualmente informados polos profesores das actuacións de carácter organizativo, pedagógico ou curricular que difiran das habituais. Cómpre recordar que o Decreto 320/1996, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais dedica todo un capítulo, o VI, a regular a participación dos pais e sinala, de xeito imperativo, que os pais serán informados de xeito continuado das decisións que afecten ao proceso educativo dos seus fillos (artigo 20), e que desde a Administración educativa favorecerase a creación de plans de

colaboración e apoio das familias, tanto na identificación das necesidades dos seus fillos como nas accións de carácter preventivo ou compensador no ámbito familiar.

De acordo co artigo 32 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, formúlase a seguinte **suxestión** para a adopción de novas medidas por parte desa Consellería, á que deberá responder por escrito no prazo dun mes:

“O cumprimento do compromiso de información sobre o desenvolvemento diario de J. na clase polo uso continuo do caderno correo, sobre a adaptación do material didáctico, sobre o contido das probas de avaliación, e sobre os obxectivos pedagóxicos concretos. Este é o principal esforzo que, desde esta Institución, requírese do centro e dos profesores e profesoras que atenden a J., de xeito que a estreita cooperación cos seus pais posibilite o desenvolvemento das súas capacidades persoais, o seu interese e a súa motivación cara á súa maior integración.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: Aceptada.

7.- Recomendación dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, en data 22 de novembro de 2010 para que cando se xustifique a necesidade de substitución dun coidador/a de nenos con necesidades educativas especiais, se adopten as medidas necesarias para facer compatible o dereito fundamental á educación cos dereitos laborais deste persoal, garantindo que queden cubertas as necesidades do servizo (Q/999/10).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Dona S. V. B., como nai dunha alumna do CEIP Pena de Francia, en Tameiga-Mos, e domicilio en I., en Mos (Pontevedra).

No seu escrito, esencialmente indicábanos que a súa filla ten unha discapacidade motora polo que necesita a asistencia dunha coidadora para asistir ao colexio, de tal modo

que, en dúas ocasións durante o pasado curso, nos meses de novembro e abril, o director do CEIP Pena de Francia comunicou coa debida antelación mediante fax á Xefatura Territorial de Pontevedra a solicitude duna coidadora substituta por ausencia xustificada da coidadora habitual, ó que non se produciu.

O día 18 de novembro recibíuse dito informe. Nel, o Departamento Territorial de Pontevedra desta Consellería manifesta o seguinte:

“R. G. B. foi contratada para prestar servizos como coidadora auxiliar itinerante con data do 12 de setembro de 2007, pasando a desempeñar a súa labor no CEIP Pena de Francia en Mos.

Respecto da non substitución da coidadora nas datas do 9 de novembro de 2009 e de 16 de abril de 2010, cómpre manifestar o que segue:

1º) A pesar de que a formalización de contratos de carácter temporal do persoal non docente é competencia deste xefe territorial, en virtude de delegación do conselleiro de Educación e O.U., a autorización para a contratación do persoal substituto corresponde á Consellería de Educación e O.U., limitándose este xefe territorial á validación das solicitudes de nomeamento cursadas polos centros educativos.

2º) Da documentación remitida a este departamento pola dirección do centro referenciado, conséntase que nas datas indicadas no escrito de queixa, 9 de novembro e 16 de abril de 2010, a coidadora R. G. B. solicitou permiso por asuntos persoais.

O artigo 21 do vixente V convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia, "coa finalidade de establecer un único réxime para os/as empregados/as públicos da Xunta de Galicia, estende ao persoal laboral vinculado por dito convenio, o réxime de permisos e licenzas vixente para o persoal funcionario"

Respecto do permiso para asuntos persoais, artigo 76.3 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia establece que "poderase dispoñer de ata nove días ao ano, como máximo, de

permiso para asuntos persoais sen xustificación, atendendo sempre as necesidades do servizo".

Exposto canto antecede, cómpre sinalar que ante a comunicación do centro da ausencia prevista da coidadora nas datas sinaladas, ausencia que obedecía a solicitude de permiso por asuntos persoais, informouse a dirección do centro que non ía ser nomeado un substituto/a, debido á falla de autorización da Consellería de Educación e O.U., malia o cal o director concedeu o correspondente permiso, polo que, a xuízo deste departamento, entendía cubertas as necesidades do servizo".

Á vista do informe e da documentación aportada, esta Institución ten que facer as seguintes consideracións:

- O día 3 de novembro, comunicouse á Xefatura territorial que o día 9 precisábase dunha substituta á coidadora habitual. Non houbo resposta, e ao día seguinte, o director do CEIP comunicou á Xefatura territorial por escrito: *"Como director do centro teño que manifestar o malestar pola non substitución da coidadora o día de onte, 9 de novembro de 2009.*

A coidadora fai un traballo indispensable e insubstituíble.

A familia dunha das alumnas/os afectadas/as, con gran desgusto, decidiu non enviar á rapaza ao colexio por entender que non estaría ben atendida.

Esperamos que isto non volva a suceder, posto que non só dificulta o noso traballo, se non que nos indispón cos pais afectados polo non cumprimento dos compromisos adquiridos pola administración".

A pesares disto, a situación reproducíase no mes de abril. O director comunica o día 7 de abril o seguinte: *"A coidadora Dona R. G. B. con DNI --- solicitou o venres día 16 de abril por asuntos persoais, polo que precisamos que envíen unha substituta para ese día.*

Quero recordarlles que o día 9 de novembro de 2009 solicitamos unha substituta porque a noca coidadora precisaba o día para a realización dunhas probas médicas, naquela ocasión non a substituíron o que nos ocasionou serios trastornos, e problemas coas familias afectadas. Espero que agora non suceda o mesmo”.

Da documentación remitida ao Departamento territorial pola dirección do CEIP Pena de Francia, constátase que nunha das datas indicadas no escrito de queixa, o día 9 de novembro, a coidadora solicitou o día para unha visita médica que quedou debidamente xustificada polo parte de asistencia no servizo de traumatoloxía, de xeito que non podía ser considerado como un día de asuntos persoais sen xustificación, senón por revisión médica, ao abeiro do artigo 76.3 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia (aínda que figure así no modelo de solicitude de licenzas ou permisos, cuberto de xeito incorrecto). Para prever esta continxencia, o Departamento territorial tiña que ter solicitado da Consellería o nomeamento dun substituto/a á coidadora habitual. Tanto a coidadora habitual como o director do centro puxeron a debida dilixencia, comunicando a circunstancia con marxe de tempo suficiente para poder tomar as medidas adecuadas.

En canto á falta de nomeamento para o día 16 de abril de 2010, alega o xefe territorial que informouse a dirección do centro que non ía ser nomeado un substituto/a, debido á falla de autorización da Consellería de Educación e O.U., malia o cal o director concedeu o correspondente permiso, polo que, a xuízo deste departamento, entendía cubertas as necesidades do servizo. Non se aporta na documentación que se xunta ao informe do Departamento territorial ningún escrito da Consellería de Educación no que figure a **non autorización** para o nomeamento dun substituto/a, do que pódese inferir que o Departamento territorial non comunicou á Consellería a solicitude feita en tempo e forma polo director do CEIP Pena De Francia para que se procedera a dita substitución. É dicir, o Departamento territorial alega a falla de autorización da Consellería, pero non consta que solicitara nada. Esta situación agrávase polo feito de que trátase dunha nena cunha discapacidade motora, de xeito que a falta da coidadora, cuxa presenza é indispensable e insubstituíble, como moi ben subliñou o director no seu escrito de queixa do día 11 de novembro de 2009 á xefatura territorial, determina a imposibilidade da nena de acudir ao

colexio e a priva do seu dereito fundamental a recibir educación en igualdade de condicións cos demais nenos. A circunstancia de si trátase dun só día, de dous días ou máis é absolutamente irrelevante.

O argumento de que deban quedar debidamente cubertas as necesidades do servizo implica de xeito determinante á propia Consellería que é a que ten a competencia e a facultade de nomear persoal substituto para estes casos. O contrario faría virtualmente nula a posibilidade de gozar de días de asuntos propios a este persoal laboral cuxo traballo é esencial, xa que para poder gozalos, teñen necesariamente que ser substituídos, pola especial natureza das necesidades do seu servizo.

Por esta razón, faise á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a seguinte **RECOMENDACIÓN:**

“Que en todos aqueles casos nos que se xustifique unha solicitude de substitución dos coidadores ou coidadoras de nenos con necesidades educativas especiais por razón da súa discapacidade, se adopten as medidas necesarias para que se faga compatible ó dereito a recibir unha educación de calidade en igualdade de condicións cos demais nenos co respecto aos dereitos laborais deste persoal, ao abeiro do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, garantindo que queden cubertas as necesidades dun servizo imprescindible mediante os oportunos nomeamentos de persoal substituto.”

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: Pendente de resposta.

8.- Recomendación dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, en data 22 de novembro de 2010 para que se resolvan con carácter definitivo os problemas ambientais no CEIP Nazaret de Cangas, adoptando as medidas construtivas pertinentes e establecendo plans de prevención e un sistema de avaliación e de acreditación da calidade ambiental das aulas. (Q/1667/10).

Á vista das informacións aparecidas dende o día 17 de setembro de 2010 relativas ás elevadas temperaturas que rexístranse no interior do Colexio Público de Nazaret, en Cangas, e da denuncia formulada por un grupo de pais do centro sobre o incumprimento da normativa vixente en materia de seguridade e saúde, ao abeiro do artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, esta institución acordou a apertura unha **queixa de oficio** para supervisa-la actividade da Administración ao obxecto de garanti-lo respecto ao dereito da saúde, recoñecido no artigo 43 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, como establece o artigo 103 de dito texto legal. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita Lei do Valedor do Pobo, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos de dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse desa Administración que, **con carácter urxente**, nos facilitara información sobre o problema que motivou a queixa e, en particular, sobre as obras que se realizaron para solucionar un problema que existe dende fai máis de tres anos; a activación dun plan de emerxencia ante a insoportable temperatura nas aulas nestes días para evitar que os pais recollan aos nenos ó mediodía, sen poder finalizar a xornada lectiva; se tense realizado estudos ou auditorías sobre a calidade ambiental do edificio, dado que os pais informan de frecuentes ingresos durante o inverno por bronquite ou pneumonías en nenos de curta idade, derivadas das altas temperaturas do interior do edificio en relación co exterior; e sobre as razóns da negativa do Xefe Territorial da Consellería a conceder unha autorización para que un notario puidera levantar acta das medicións efectuadas por un arquitecto e un aparelador, a instancias dos pais.

O día 8 de outubro tivo entrada nesta institución un informe remitido o día 5 de outubro polo Departamento Territorial de Pontevedra e subscrito polo arquitecto xefe da unidade técnica con data do 28 de setembro. Nel sinalase que *“visitado o centro escolar o día 27 de setembro de 2010, se falou co director e procedemos a tomar as temperaturas interiores e exteriores.*

A temperatura exterior era de 21'5 °C e 42'8 % de humidade relativa, no interior do centro as temperaturas variaban entre 22'4 a 23'5 °C e a humidade relativa de 43'8 a 48'2 %. O edificio estaba correctamente ventilado e as temperaturas y humidades dentro duns rangos razoables.

O incremento do illamento térmico e a estanquidade das edificacións, deu coma resultado inesperado o incremento do efecto invernadoiro, nas aulas de diversos centros de nova construción de esta provincia, a saber. o CEIP de Cangas, CEIP Chano Piñeiro de Gondomar, CEIP Castrillón-Coiro de Cangas e o CEIP A Lomba de Vilagarcía de Arousa.

Para resolver estes problemas, instalaranse láminas de control solar nas ventás das fachadas máis castigadas polo sol, para rebaixar o grado de insolación, logrando unha baixadas de temperaturas interiores e mellorando o confort interior.

No caso do CEIP de Cangas, se baixaron as temperaturas pero pola ausencia de ventilación natural, debido a que non se deixan as ventás abertas para ventilar pola noite, rebaixando a temperatura e humidade do edificio, o aire interior non se renova e prodúcese un efecto acumulativo.

Polo que para atallar este novo problema, introduciremos un sistema de ventilación forzada, para que de un xeito automático faga a renovación do aire. Considerando que deste xeito se rebaixará a temperatura e humidade relativa”.

Ao non responder o informe a todos os problemas que foran plantexados, o día 13 de outubro solicitouse dese órgano que, **con carácter urxente**, nos complementara a información subministrada. En particular, insistíase na cuestión de se tense realizado estudos ou auditorías sobre a calidade ambiental do edificio, dado que os pais informan de

patoloxías respiratorias en nenos de curta idade, derivadas das altas temperaturas do interior do edificio en relación co exterior; en qué prazo vaise introducir o sistema de ventilación forzada do edificio para que de xeito automático se renove o aire e se rebaixen a temperatura e a humidade relativa; e si estas obras van garantir definitivamente unhas boas condicións ambientais no centro e solucionarán o problema das elevadas temperaturas.

O informe complementario foi recibido o día 17 de novembro. Segundo manifesta o arquitecto xefe da unidade técnica *“visitado o centro escolar o día 3 de novembro de 2010, falouse co equipo directivo para ver como funcionaba o sistema de ventilación forzada do centro instalado durante o mes de outubro pasado.*

O novo sistema instalado consiste nun aspirador por aula, que move uns 1.100 m³/h, e está programado para facer, de xeito automático, dúas renovacións por hora. Se fose preciso e, por necesidades extraordinarias, poderíase poñer en marcha de xeito manual.

Dadas as condicións meteorolóxicas destas datas os resultados son favorables, aínda que haberá que esperar os meses de máis isolación, maio e xuño, para ver os resultados finais do sistema.

Non podemos asegurar taxativamente que o problema estea solucionado, por dous motivos fundamentais:

a) Non dispoñemos de ferramentas de análise e cálculo deste tipo de problemas termodinámicos.

b) Hai que resaltar que é imposible satisfacer a toda a comunidade educativa xa que no acondicionamento dos edificios existe, por norma xeral, unha porcentaxe de usuarios declarados insatisfeitos (entorno a un 20%), sexan cales sexan as condicións termohigrométricas ambientais.

Á vista do contido dos informes en relación coa queixas dos pais e nais do colexio, esta institución ten que facer as seguintes consideracións. Dende a apertura do

novo edificio no que se instalou o CEIP véñense dando elevadas temperaturas e humidade nas aulas todo o ano, tanto no inverno coma no verao (denuncian os pais que entre cinco e seis graos por riba da temperatura exterior), por riba dos límites legais establecidos na normativa de prevención de riscos laborais.

Os profesores decidiron instalar un termómetro para medi-las temperaturas, que chegan a superar os trinta graos en múltiples e reiteradas ocasións.

Ao final do curso 2009/2010, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria mandou instalar uns paneis nas fiestras das aulas.

Os pais denunciaron que os rapaces estaban a sufrir cadros de estrés térmico:

- Dolores de cabeza, irritabilidade, falta de apetito, mareos e vómitos, temperatura corporal -febre- elevada sen causa vírica ou bacteriana, chegando algún deles a ter que ser asistido de urxencia. E tamén outras patoloxías respiratorias no inverno.

- A elevada humidade nas aulas (por riba do 75%) impedía a refrixeración corporal, saíndo ao fin das clases coa roupa mollada polo suor.

Iniciado o presente curso escolar 2010/2011, continuaban a darse temperaturas excesivas no centro, polo que os pais/nais decidiron evitar aos seus fillos este risco de estrés térmico, de xeito que cando as temperaturas no interior das aulas subisen dos 27 graos, os pais levaban do centro aos nenos ante a ausencia de medidas correctoras das temperaturas e da humidade. Os pais constan que a Consellería non ten establecido un estándar de temperatura e humidade nas aulas de educación infantil e primaria consonte coas establecidas no ámbito internacional; así, non se suprimiu ningunha actividade escolar de esforzo, cando a Asociación Americana de Pediatría recomenda non facer ningún tipo de exercicio físico por parte dos nenos en lugares pechados cando as temperaturas acadan os 29 graos.

Do anterior dedúcese que:

- Non existiu plan de prevención nin, polo tanto, se aplicou.
- Non existiu guía de prevención que orientase a profesores, pais e nais.
- Non existiu, nin existe avaliación da calidade ambiental das aulas.
- Non se instalou ningunha medida correctora de temperatura e humidade con carácter provisional cando se descubriu o problema, e tampouco despois de instalados os paneis.
- Dos tres factores que determinan o stres térmico (humidade -70%-, radicación solar -20%-, temperatura -10%-), só se tivo actuado no da radiación solar.
- Os centros carecen de detectores automáticos e homologados da calidade ambiental, como mínimo da temperatura e humidade.

No seu segundo informe, complementario do anterior, refire o arquitecto xefe da unidade técnica que está xa instalado o sistema de ventilación forzada pero, que non pode asegurar que o problema esté resolto. A cuestión agrávase, xa que a propia Consellería reconece que tense producido un inesperado incremento do efecto invernadoiro nas aulas de diversos centros de nova construción de esta provincia, a saber, o CEIP de Cangas, CEIP Chano Piñeiro de Gondomar, CEIP Castrillón-Coiro de Cangas e o CEIP A Lomba de Vilagarcía de Arousa.

Por todo o cal, esta Institución ten que facer a seguinte **RECOMENDACIÓN:**

1º- Resolución de xeito definitivo da situación no CEIP CANGAS, realizando as medidas construtivas e de seguridade pertinentes.

2º- Establecer a obrigatoriedade dos Plans de Prevención nos Centros de Educación Infantil e Primaria e controlar o seu cumprimento.

3º- Establecer uns niveis límite de calidade ambiental nas aulas (temperatura, humidade, etc..) adaptados as idades e peso dos menores e non só a os da saúde laboral dos mestres ou adultos, semellantes aos existentes no ámbito estatal e internacional.

4º- Establecer un sistema de avaliación e de acreditación efectiva da calidade ambiental das aulas.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: Pendente de efectividade.

9.- Suxestión dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, en data 29 de novembro de 2010 para que se poñan os medios axeitados para resolve-los problemas de funcionamento do Colexio San Vicente, de A Baña, facilitando a participación dos pais no control e xestión do centro ao amparo do artigo 27, apartados 7 e 8, da constitución. (Q/1631/10).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Dona A. R. C., con domicilio no lugar de L., na parroquia da Barcala, municipio de A Baña. É membro da ANPA do Colexio Público San. Vicente de A Baña.

No seu escrito, esencialmente indícanos que no Colexio Público S. Vicente de A Baña *“polo menos 50 pais e nais aseguran que a dirección do centro presiona e aílla aos pais que non se mostran conformes co súa actuación no centro. Estes pais afirman que durante os últimos anos creouse un amento ditatorial no CPI San Vicente que ven sendo dirixido pola mesma persoa durante 16 anos, polo que cren necesario un cambio no equipo directivo.*

Os desencontros entre os pais e a dirección do colexio son algo usual nos últimos anos, pero a situación foi empeorando ata volverse insostible, polo que algúns dos pais se viron na obriga nos últimos meses de buscar solucións nun intento por corrixir o deficiente funcionamento do centro escolar.

A resposta da dirección foi negar que existisen problemas no centro. E dende ese momento mostrou unha actitude aínda máis hostil hacia eles, tratando de atemorizalos, indo a buscalos ao traballo en ocasións, levándoos ao centro de modo individual, e manténdooos en reunións de varias horas onde varias nais tiveron que defenderse soas da presión exercida pola directora e varios profesores.

Entre o listado de queixas que presentan os pais destacan:

- O trato recibido polos nenos por parte de certos profesores, coa anuencia da dirección, permitindo humillacións aos nenos.*
- O menosprezo co que a dirección trata aos pais cando presentan calquera petición ao centro.*
- A marcha de excelentes e moi cualificados docentes que, ante o mal clima reinante no centro, optan por irse, aínda cando as condicións - horarios, número de alumnos, distancia ao seu domicilio, - son menos favorables.*
- A directora non cumpre cos deberes do seu cargo, permitindo: que haxa profesores que non cumpran co seu deber; que exista un comportamento inadecuado do persoal contratado que traballa no centro, que fai declaracións fora de lugar en ton ameazador aos pais; que permite que profesores impartan materias para as que non están habilitados, como as seccións bilingües, diminuindo a calidade do ensino; que non se cumpran os compromisos adquiridos, como coidar e vixiar aos alumnos no período que vai desde que saen do comedor ata que empezan as actividades extraescolares*
- Campañas de desprestixio a profesores que se van do centro e pais que trasladan aos fillos, debido ao trato recibido pola dirección.*

O maior problema é a falta de liberdade que existe á hora de expresar opinións que non coinciden coas da dirección, pois aqueles que o fan sofren represalias e un trato

discriminatorio, tanto na súa persoa como a través dos seus fillos. O maior desexo dos pais é que no haxa medo na Baña.

Tras presentar as súas queixas á dirección do centro, e diante da pasividade da directora, os pais decidiron actuar, reuníndose coa Xefa Territorial de Educación na Coruña, que os remitiu á Inspección, sen facilitarlles ningún tipo de axuda.

O Inspector de Educación da zona de A Baña, Don E. R. non deu unha resposta satisfactoria ás súas peticións nin deu explicacións sobre certas irregularidades (como permitir permutas entre profesores que non están habilitados para impartir as mesmas materias), en detrimento da calidade do ensino do centro. Ademais, o Inspector puxo en dúbida os seus testimonios.

A solución que planea o equipo directivo é impedir aos pais a súa entrada ao centro, pechando a porta exterior, e poñendo un timbre.

Algúns pais declaran que durante todo este tempo están sendo presionados, incluso nos seus centros de traballo, pola dirección do centro que trata de coaccionalos. Algúns cederon ante esas tácticas, e agora gardan silencio. Ante a pregunta de con qué os presionan, no se atreven a responder, pero din que deben velar polos seus fillos

A pesar de todo seguen saíndo á luz novas testemuñas que revelan como se aplican castigos desproporcionados, propios doutros tempos, como que unha profesora en prácticas encerre a un neno asmático de 5 anos a escuras, de cara á parede, cos brazos en cruz, de modo que na actualidade este neno desenrolou medo á escuridade, o que fai que teña que durmir coa luz acesa.

Reunindo esta queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e atopando, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 27 da Constitución Española, procedeu admiti-la mesma a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos de dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse dese órgano que, no prazo de **quince días**, nos facilitara información sobre os problemas que motivaron a queixa. En concreto, se é certo que algúns nenos teñen sufrido tratos degradantes; se existen denuncias perante a Inspección sobre irregularidades como que haxa profesores que non cumpran co seu deber; que exista un comportamento inadecuado do persoal contratado que traballa no centro, que fai declaracións fora de lugar en ton ameazador aos pais; se se permite que algúns profesores impartan materias para as que non están habilitados, como as seccións bilingües; que non se cumpran os compromisos adquiridos, como coidar e vixiar aos alumnos no período que vai desde que saen do comedor ata que empezan as actividades extraescolares; e se se comprobou que non se impide aos pais o seu dereito constitucional a participar na xestión e o control do centro.

O día 18 de novembro foi recibido dito informe, subscrito polo inspector do centro e polo Xefe do Servizo Territorial da Inspección Educativa.

Á vista do que se fai constar no informe, esta institución ten que facer as seguintes consideracións. As irregularidades denunciadas no escrito de queixa veñen respostadas no informe do inspector, negándose os feitos tal como son expostos pola recorrente en queixa. Esta institución non pode poñer en dúbida as testemuñas da interesada, pero non pode tampouco facelo co informe da inspección. Sen embargo, o propio informe da inspección recoñece implicitamente, aínda que non detalle as razóns, tal como se lle solicitaba por esta institución, que a situación que se reflectía na queixa ten fundamento. Literalmente, fala de que existen *denuncias formuladas* por un grupo de pais e nais do centro, de *problemática xurdida no centro*, e de pais e nais de nenos de infantil *que formularon as queixas*. Estas expresións revelan un certo grao de malestar na comunidade educativa. Admite tamén a veracidade da denuncia polo feito de deixar só nun aula a un neno de infantil como castigo, aínda que matice as circunstancias na que se produciu, e que o cualifique como un erro. Conclúe o informe coa clara vontade de facer todo o necesario para corrixir as deficiencias que podan detectarse no funcionamento do colexio, para o que é imprescindible a boa vontade e a colaboración de todos os órganos e persoas implicados na xestión e o desenvolvemento do centro educativo.

O escrito de queixa contén unha grave denuncia obxetivable: o castigo imposto a un neno de curta idade pola súa profesora. Do informe da inspección e do escrito da mestra, despréndese de xeito claro o recoñecemento do erro cometido na aplicación do que se considerou nese intre unha estratexia educativa e non unha actitude de abuso ou maltrato.

Sobre a situación irregular que se produciu nas seccións bilingües, consideramos que o xeito no que está a impartirse non é o adecuado. Sobre a demanda da interesada e doutros pais e nais do centro de que se produza un cambio nos órganos de dirección de centro e se depuren responsabilidades, esta institución non pode facer pronunciamento algún.

A meirande parte das outras cuestións denunciadas na queixa teñen un carácter marcadamente valorativo: os aspectos relativos á xestión do centro, expostos de xeito moi negativo no escrito de queixa, son valorados en contrario no informe da inspección. Refírense, na práctica, a criterios directivos nos que ámbalas dúas partes teñen claras discrepancias. O clima reinante no centro só poderase corrixir cunha decidida vontade de mellorar todas as situacións disfuncionais, polo interese dos nenos e nenas escolarizados nel, que é o prevalente.

A criterio desta institución, o informe da inspección carece da neutralidade valorativa que sería precisa na actuación dese órgano. Esa falta de neutralidade valorativa ven manifestada, por unha banda, por unha frontal negación das denuncias contidas no escrito de queixa do que non se admite practicamente nada. O informe contén, como a súa primeira manifestación *“que está en absoluto desacordo coas afirmacións vertidas no escrito por que non se axustan a realidade. Que se verten xuízos de valor por descoñecemento voluntario e mal intencionado, responsabilizando á dirección de actuacións que non lle competen”*.

Por outra banda, remata con unha declaración de apoio incondicional ao actual equipo directivo e a planificación e execución que está levando a cabo, manifestación que ao noso criterio, é innecesaria.

Finalmente, esta institución non pode pasar por alto o plantexamento inicial do escrito do inspector. Literalmente, o informe comeza: “*Esta inspección sorprendida **unha vez máis** pola facilidade co que calquera escrito ao Valedor do Pobo, nesta materia, xenera unha dinámica administrativa **repetitiva** que ocupa por unha parte e preocupa por outra, (...)*” (as negriñas figuran así no orixinal). Pois ben, esta institución non fai máis que cumprir a súa función estatutaria e legal. Como sen dúbida sabe a inspección, segundo a Lei 6/1984, de 5 de xuño, “o Valedor do Pobo é o alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidos na Constitución e para o exercicio das demais funcións que esta lei lle atribúe (Apartado 1 redactado pola Lei 3/1994, do 18 de xullo). A actividade do Valedor do Pobo estenderase á tutela dos dereitos individuais e colectivos emanados do Estatuto de Autonomía, en especial, os sancionados no seu título preliminar. A estes fins, e no exercicio das funcións que lle encomendan o Estatuto de Autonomía e a presente lei, o Valedor do Pobo poderá supervisar a actividade da Administración da Comunidade Autónoma galega e a dos seus entes e empresas públicas ou dependentes, así como a da Administración local naquelas materias que son competencia da nosa Comunidade. Os escritos de queixa, si concorren os requisitos legais para a súa admisión, darán lugar a oportuna investigación desta institución para esclarecer os feitos denunciados. Esa é, precisamente, a función que o Parlamento de Galicia lle confire a este órgano e coa que o inspector que subscribe o informe amosa certo rexeitamento ao cumprimento da súa obriga legal de colaborar.

Como consecuencia desa investigación, conclúese que existe na denuncia formulada certo fundamento, alomenos sobre aqueles extremos aos que se refire o informe.

Neste senso, considerase pertinente a seguinte **SUXESTIÓN** que formula esta institución:

Que por parte dos órganos correspondentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria se poñan todos os medios axeitados para resolver os problemas xurdidos na xestión do centro, tendo en conta que os pais e nais dos alumnos teñen recoñecido o seguinte dereito no

artigo 27, apartados 7 e 8 da Constitución española: “Los profesores, los padres y, en su caso, los alumnos intervendrán en el control y gestión de todos los centros sostenidos por la Administración con fondos públicos, en los términos que la Ley establezca. Los poderes públicos inspeccionarán y homologarán el sistema educativo para garantizar el cumplimiento de las Leyes.”

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: Pendente de efectividade.

10.- Suxestión dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, en data 14 de decembro de 2010 para que prevalezan os criterios de equidade e mutuo acordo na elección de grupos e materias nos departamentos do Institutos de Educación Secundaria (I.E.S.).(Q/1626/10).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. J. M. G. P., con domicilio en Avda. B., en Cangas.

No seu escrito, esencialmente indicábanos que leva oito anos con destino definitivo no seu centro actual de educación secundaria, o I.E.S. María Soliño, de Cangas e sempre foi o último en escoller grupos dentro do seu departamento, obtendo os peores grupos e incluso non podendo impartir nunca determinadas materias. Este proceso aplícase cando non hai acordo entre os membros do seminario e o quere denuncialo como inxusto e discriminatorio. Considera que nunha institución educativa pública, os mecanismos de xestión non poden permitir este tipo de inxustizas e abusos xerárquicos.

O día 25 de outubro foi recibido o informe dese órgano, subscrito polo departamento territorial da Consellería en Pontevedra. Nel, Dona A. F. F., inspectora de educación do IES María Soliño, de Cangas (Pontevedra) informa ao respecto do reparto de grupos no departamento dese instituto en relación á queixa formulada a esta institución, á Inspección educativa de Pontevedra, á mesma inspectora, á Xefatura Territorial – Delegado provincial-, e por correo electrónico á inspección de Santiago e á de Pontevedra,

escritos todos eles con data do 9 de setembro de 2010, xunto coa entrevista persoal coa inspectora.

No seu informe, a inspectora de educación sinala que o profesor que fai a reclamación pertence ao departamento de debuxo do IES María Soliño de Cangas que está formado por tres profesores coa situación administrativa que detalla a continuación, segundo as datas de nomeamento e de destino definitivo no centro. En relación coa elección de horarios do profesorado fai mención da normativa vixente, fundamentalmente as Ordes do 1 de agosto de 1997, do 22 de xullo de 1997, do 3 de outubro de 2000 e a Orde do 28 de xuño de 2010 pola que se modifican parcialmente as anteriores. Segundo o informe *“Este profesor ten menor antigüidade con destino definitivo no centro e tamén menor antigüidade no nomeamento como funcionario de carreira, criterios establecidos pola Administración Educativa no marco das súas competencias na normativa vixente que se cita.*

Este profesor reclama que se modifique esta normativa, cousa que entra dentro do ámbito do poder executivo e non das funcións e competencias desta inspección técnica de educación”.

Do contido da queixa non se desprende esta última conclusión. Máis ben, o que o recorrente en queixa plantexa é que se apliquen os criterios de equidade e do mutuo acordo, que son os que as normas citadas establecen de xeito prioritario.

Neste senso, o informe non contestaba todas as cuestións que lle foran plantexadas. De feito, esta Institución requiriu que se lle informase sobre a comprobación do sistema seguido para o reparto de grupos e materias entre os profesores con destino definitivo no centro. A normativa reguladora establece no artigo 90 que dentro do departamento, o criterio básico para a distribución de grupos será a atención ás necesidades pedagóxicas do alumnado (sen prexuízo dos cambios derivados da implantación do Programa Abalar e das seccións bilingües). Con esa premisa de partida, é conveniente que a elección de grupos se realice con criterios de equidade e mutuo acordo. No caso extremo de non darse este acordo, a elección realizarase da seguinte forma: a) Naqueles institutos

nos que se impartan ensinanzas ós alumnos en dúas ou máis quendas, os profesores de cada un dos departamentos acordarán en que quenda desenvolverán a súa actividade lectiva. No suposto de que algún profesor non poida cumpri-lo seu horario na quenda correspondente, deberá completa-lo noutra; neste caso ámbalas quendas serán consecutivas, se no instituto houbera máis de dúas. Se os profesores do departamento non chegaran a un acordo, procederase á elección de quenda na orde establecida no punto 92 das instrucións recollidas na Orde de 1 de agosto de 1997. É dicir, a regulación normativa contida nos artigos 88 a 92 da dita orde é clara no senso de que teñen que establecerse os horarios e materias segundo criterios de equidade e mutuo acordo. A prelación establecida no artigo 92 rexe para o caso extremo de non darse o acordo. Ten, polo tanto, un carácter subsidiario e non pode ser alegada a antigüidade como criterio preferente e menos aínda, como criterio exclusivo na elección de horarios.

O día 7 de decembro, recibíuse o informe complementario, subscrito polo Xefe Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en Pontevedra, baseado no solicitado á Inspección Educativa Provincial, relativo o seu expediente. Segundo o dito informe *“xirada visita de inspección e mantida entrevista co equipo directivo e co xefe do Departamento de Debuxo ao que pertence este profesor e preguntados polas incidencias na elaboración de horarios, infórmase de que neste Departamento de Debuxo non houbo acordo para o reparto de horarios no presente curso 2010-2011 polo que houbo que aplicar o establecido na Orde citada. Compre sinalar que este incidente, neste departamento de debuxo, no é único deste curso escolar, tamén se ten producido noutros cursos anteriores.*

Mentres non se modifique a normativa citada que regula este aspecto deberase seguir aplicando a citada neste informe e no informe anterior con data 5 de outubro de 2010.

Na mesma data recibíuse un correo electrónico do recorrente en queixa no que sinalaba que, no referente a antigüidade dos membros do departamento, o seu compañeiro de seminario A. P., segundo o primeiro informe, de 25 de outubro, ten data de nomeamento como funcionario de carreira o 25-12-1988 (cando ese ano dita persoa contaba con 18 anos

de idade). É un dato importante para a súa reclamación xa que el ingresou no corpo de profesores de ensino secundario como profesor non numerario en novembro de 1989, co cal, como pode constatarase nos trienios de cada un de eles, leva traballando como profesor para a administración educativa galega máis de vinte anos. Segundo o recorrente, podería considerarse como discriminatorio o xeito de que non sexa tida en conta a antigüidade como traballador antes de aprobar a oposición, dereitos que os interinos conseguiron, por exemplo, para equiparase en trienios remunerados sen ter que aprobar dito exame de acceso.

Á vista do contido do informe, confírmase plenamente a situación denunciada na queixa, derivada, na meirande parte, dunha normativa que permite a sistemática aplicación de criterios de antigüidade na incorporación definitiva aos correspondentes corpos de profesorado xa que se os profesores do departamento non chegaran a un acordo, procederase á elección de quenda na orde establecida no punto 92 das instrucións recollidas na Orde de 1 de agosto de 1997. Deste xeito, o que na norma configúrase como un caso extremo, na práctica é un mecanismo habitual na escolla de grupos e materias porque os profesores con maior antigüidade poden sempre opoñerse a calquera acordo, o que lles permite automaticamente facer a elección con preferencia aos demais. O espírito da norma, sen embargo, é promover unha elección baseada na equidade e no mutuo acordo.

Por todo o anterior, esta institución considera conveniente que se impulse unha modificación da normativa reguladora da elección de grupos e materias, de xeito que sexan promovidos criterios de igualdade no desenrolo da labor educativa nos centros públicos de ensino, polo que fórmase a seguinte **SUXESTIÓN**:

“Que no caso de estimar pertinente unha revisión do Decreto 324/1996 e das ordes que se refiren a esta cuestión, a derradeira das cales é a de 28 de xuño de 2010, se modifiquen os criterios de escolla de grupos e asignaturas nos departamentos dos IES, de xeito que esta orde de escolla sexa rotativa para os profesores con destino definitivo no centro sempre, ou ao menos cando non haxa acordo por parte dos compañeiros de

seminario, por ser o sistema que favorece a equidade, sendo prevalente a atención ás necesidades pedagóxicas do alumnado e non o criterio de antigüidade dos profesores.”

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: Aceptada.

1.5 ÁREA DE INDÚSTRIA, COMÉRCIO E TURISMO

1.5.1 INTRODUCCIÓN

A normativa estatal e autonómica aplicada a esta área condicionou a presentación de queixas neste exercicio.

Se comparamos o número de queixas tramitadas no ano 2009 (138 en total) coas rexistradas no exercicio 2010 (160), observamos unha diferenza real de 22 queixas. O seu incremento produciuse fundamentalmente no sector eléctrico, como teremos ocasión de explicitar na correspondente sección.

Efectuada esta consideración xeral e por razóns metodolóxicas, imos desagregar, neste informe, o marco xurídico de aplicación e situarémolo ao principio de cada sector para poder valorar a súa incidencia xeral na presentación das correspondentes queixas.

1.5.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

A actividade desenvolvida promoveu e condicionou a orixe ou a resolución das 160 queixas presentadas no ano 2010 co seguinte detalle:

Iniciadas	160	
Admitidas	91	57 %
Non Admitidas	64	40 %
Remitidas ao <i>Defensor del Pueblo</i>	5	3 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	74	81 %
En trámite	17	19 %

No relativo ás queixas presentadas en anos anteriores e pendentes de resolución nalgún momento do 2010, a situación actual é a seguinte:

Ano de presentación	En trámite ao 31-12-2009	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-2010
2008	2	0	2	2	0
2009	12	0	12	10	2

1.5.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

Un estudo sistemático das 91 queixas tramitadas aconséllanos a súa distribución dentro dos sectores que integran a denominación desta área.

1.5.3.1 Industria

A aplicación da normativa vixente incidíu principalmente en dous sectores: o eléctrico e o de comunicacións electrónicas.

No concernente á subministración de enerxía eléctrica, o marco xurídico creado pola Lei 17/2007, do 4 de xullo, e polo Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, viuse incrementado cos reais decretos 485/2009, do 3 de abril; 1011/2009, do 19 de xuño; 249/10, do 5 de marzo; e 1202/2010, do 24 de setembro. A eles hai que sumar a resolución do 26 de xuño de 2009 da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se establece o custo de produción da enerxía eléctrica e as tarifas do último recurso aplicables a partir do segundo semestre do 2009, constituídas por un termo de potencia e un termo de enerxía, que foron actualizados no 2010 de conformidade co establecido na disposición transitoria terceira da Orde do 22 de xuño de 2009.

A este marco xurídico estatal hai que sumar a Lei autonómica 1/2010, do 11 de febreiro, que modificou a Lei 9/2004, de 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia, dando unha nova redacción aos artigos 6, 7, 10, 11 e anexo I relativos ás instalacións e establecementos industriais e de gas, someténdooas ben á autorización administrativa previa ben á comunicación.

Tamén hai importantes modificacións no sector das comunicacións electrónicas, de forma especial nas telefónicas. Aprobáronse normas estatais con proxección no ámbito competencial das comunidades autónomas, como son o Real decreto lei 1/2009, do 23 de febreiro, de medidas urxentes en materia de telecomunicacións –posteriormente convertido na Lei 7/2009, do 13 de xullo- e o Real decreto 899/2009, do 29 de maio que aproba a carta de dereitos do usuario dos servizos de comunicacións electrónicas.

Actualmente se encontra en trámite o Anteproxecto da lei xeral de telecomunicacións, co obxectivo, entre outros, de trasladar a España o chamado paquete Telecom, aprobado polo Parlamento Europeo hai pouco máis dun ano.

Baixo a cobertura deste marco xurídico debemos dar resposta ás reclamacións presentadas en distintos sectores.

1.5.3.1.1 Subministración de enerxía eléctrica

A prestación deste servizo evolucionou de forma significativa. En principio catalogouse como un servizo público condicionado por unha forte intervención administrativa. A partir das leis 54/97, do 27 de novembro, e 17/2007, do 4 de xullo, configurouse como un servizo esencial e, na actualidade, e por adaptación da directiva comunitaria 2003/54/CEE, hai que definilo cunha nota máis: é un servizo de prestación universal.

De maneira simultánea acentuouse o proceso de liberalización da subministración eléctrica. Nesta proxección hai que citar o Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo cal a subministración de enerxía eléctrica pode prestarse ben con tarifa de último recurso ben de

forma totalmente libre, a través de empresas comercializadoras que, dentro dos clientes ou usuarios acollidos á tarifa do último recurso, deben aplicar o denominado “bono social” configurado por unha tarifa especial para rendas máis baixas e para os fogares con menos posibilidades económicas.

Esta profunda evolución do sector reflíctese na variedade de reclamacións atendidas, con causas diversas, o que nos obriga a fixar uns criterios de clasificación:

a) Instalación do tendido eléctrico, enganche e mantemento.

Os doce expedientes incluídos nesta sección teñen en común que as reclamacións se concentran nas empresas distribuidoras ás cales solicitan un cambio no trazado do tendido eléctrico de baixa ou unha elevación da súa altura para non prexudicar a propiedade sobre a que voa, así como a desconformidade cos orzamentos de enganche, os danos ocasionados en tarefas de limpeza e mantemento das liñas e a extinción dalgunha servidume de paso aéreo existente no terreo da súa propiedade.

Dentro desta sección, destaca pola súa singularidade o expediente Q/73/10 no que se discutíu entre o promotor e a empresa distribuidora o importe do orzamento de acometida eléctrica a un edificio, acabado de construír, ao amparo do disposto no artigo 9.3 do Real decreto 222/08, do 15 de febreiro (que entrou en vigor o 19 de marzo de 2008). Para o promotor debía aplicarse o citado precepto que afectaba a instalacións de nova extensión de rede necesarias para tender unha nova subministración ou a súa ampliación ata 100 kw en baixa tensión ou 250 kw en alta tensión, en solo cualificado como urbanizado.

Tamén debemos mencionar o expediente Q/1455/10, polas diferenzas retributivas existentes entre o promotor dunha urbanización de 58 vivendas e o instalador eléctrico e o do centro de transformación eléctrica. Durante algún tempo a subministración de enerxía eléctrica foi alimentada polo boletín de obra, a pesar de contar o edificio con licenza municipal de primeira ocupación, outorgada consonte os certificados favorables do

arquitecto director de obra e dos enxeñeiros directores da instalación eléctrica e de telecomunicacións.

Por último, destacamos o expediente Q/1493/10 no que os propietarios dun edificio de nova construción se queixaron da imposibilidade de formalizar contratos individuais de subministración de enerxía coa empresa comercializadora, dada as diferenzas económicas entre o promotor e a empresa distribuidora de enerxía, que se resolveu pola Xefatura Territorial da *Consellería de Economía e Industria*, obrigando a empresa eléctrica á presentación do acta de posta en servizo da instalación e á regularización da situación contractual individual cos propietarios das vivendas afectadas.

b) Continuidade e calidade da subministración de enerxía eléctrica

Incluimos nesta epígrafe trece expedientes e as súas causas concorrentes son reiterativas: carencia de subministración, interrupcións, caídas de tensión, diferenzas entre as empresas comercializadoras e distribuidoras ante a redución da potencia contratada... Iso levou á administración autonómica a recordar, nalgúns supostos, ás empresas distribuidoras o necesario cumprimento do artigo 105.4 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, no que se establece a obrigaón de reparar as deficiencias no prazo máximo de 6 meses.

c) Cambio de tarifa eléctrica e facturación mensual

A disposición adicional sétima do Real decreto 157/2008, do 26 de setembro, establece que *a facturación das tarifas de subministración de enerxía eléctrica social e domésticas (ata 10 kw de potencia contratada) a partir do 1 de novembro de 2008 se efectuará pola empresa distribuidora mensualmente levándose a cabo con base na lectura bimestral dos equipos de medida instalados para o efecto.*

A aplicación desta norma xerou múltiples denuncias de asociacións de consumidores e usuarios sobre a estimación mensual do consumo da enerxía eléctrica,

realizada polas empresas distribuidoras nas facturacións aos seus clientes domésticos e á súa regularización ao mes seguinte, cando se efectúa a lectura real do contador.

Ante esta situación, a administración viuse obrigada a redactar informes puntuais respecto aos criterios aplicados polas diferentes empresas comercializadoras nas distintas comunidades autónomas tratando de corrixir algunha das irregularidades detectadas. Neste sentido destacamos o informe final da Comisión Nacional de Enerxía do 9 de xullo de 2009, cuxas conclusións se trasladan ás correspondentes comunidades autónomas. Pola súa incidencia na nosa, destacamos a conclusión quinta referida ás empresas Unión Fenosa e Iberdrola, estimando que elas, desde o primeiro momento ou ben posteriormente coa conseguinte regularización, aplicaron de forma correcta os criterios aprobados pola referenciada Comisión Nacional.

Cos antecedentes expostos, non resulta sorprendente a desconformidade denunciada contra a liquidación mensual do consumo eléctrico que se reflicte nas trinta queixas tramitadas ante esta institución.

Pola súa importancia destacamos as seguintes:

- Na queixa Q/952/10 puxéronse de manifesto as consecuencias do atraso existente na formalización do cambio a tarifa de discriminación horaria. Atraso motivado pola falta de coordinación entre as empresas eléctricas comercializadoras e distribuidoras como explicitaremos na epígrafe referida a observacións.

- Na queixa Q/1097/10, o interesado denunciou erros na facturación da subministración de enerxía derivados dun mal funcionamento do contador. Despois de o verificar un técnico competente, obrigouse á empresa distribuidora á reformulación da factura revisando o cálculo do consumo de todo o período de facturación, particularmente do correspondente ao período val.

- E na queixa Q/1298/10, a orixe da reclamación tivo como núcleo a presentación de facturas atrasadas de máis de 6 meses. A administración autonómica requiriu á empresa

eléctrica a regularización da totalidade das facturas reclamadas polo usuario e o rateo da cantidade resultante en sucesivas facturas mensuais, así como un aboamento do 10% da débeda, todo iso en cumprimento do disposto nos artigos 96 e 106.6 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

Ante a situación exposta, algúns usuarios manifestaron o seu propósito de devolver ou de non pagar o recibo notificado. Respecto a este comportamento, a institución estimou oportuno recordar o disposto no artigo 50.3 da Lei 54/1997, que permite a suspensión da subministración a aqueles consumidores privados acollidos á tarifa do último recurso cando transcorresen dous meses desde que fosen requiridos, de forma fidedigna, ao pagamento e non se fixese efectivo. Un exemplo do manifestado recóllese nos expedientes de queixa número Q/1275/10 e Q/2158/10.

d) Enerxías renovables e outras

Nesta epígrafe recóllense as vinte e cinco reclamacións tramitadas correspondentes a instalacións fotovoltaicas (2), de gas (5) e parques eólicos (18). Estas últimas recollen as reclamacións veciñais presentadas pola instalación do parque eólico de Vilamartíño- Cabanas, no Concello da Baña.

Para atender a reclamación solicitáronse informes da Secretaría Xeral da *Consellería do Medio Rural*, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e da Dirección Xeral de Industria. O primeiro centro directivo declinou a súa competencia a favor da *Consellería de Economía e Industria*. O segundo formulou a pertinente declaración de impacto ambiental o 29 de decembro de 2009, informando a esta institución que o proxecto era viable en materia medio ambiente, sempre que se cumprisen as condicións establecidas tanto no texto da declaración como no seu anexo II. E a Dirección Xeral de Industria comunicou que a tramitación do proxecto de instalación do parque eólico cumpría co ordenamento xurídico vixente e se comprometía a facilitar o acceso ao expediente administrativo aos veciños reclamantes facilitándolles a información necesaria no trámite de audiencia. Esgotado o labor de supervisión conferido a esta institución sobre

a actividade pública autonómica, comunicouse aos interesados a conclusión do expediente e o seu arquivo.

1.5.3.1.2 Comunicacóns telefónicas e electrónicas

A implantación e extensión estatal dos servizos telefónicos e electrónicos son a razón básica de que moitas das reclamacións presentadas ante esta institución non se admitisen a trámite e se trasladasen ao Defensor del Pueblo. Iso xustifica que máis de dezaseis non fosen admitidas.

En todos estes casos recordouse a competencia atribuída ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo do Goberno Central polo Real Decreto 899/2009, do 22 de maio, e que se instrumenta, de conformidade co artigo 27, a través da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, División de Atención ao Usuario.

Nos restantes tres expedientes tramitados (Q/1117/10, Q/1177/10 e Q/1432/10), esta institución intentou conciliar o interese cidadán co defendido pola empresa, reenviando as súas peticións ao Servizo Provincial de Consumo como órgano de mediación nos asuntos relativos a portabilidade, facturas erróneas ou excesivas e deficiencias na atención ao usuario.

1.5.3.2 Consumo

A entrada en vigor do Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, que aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, -ás que se une a Lei 44/2006, do 29 de decembro, de mellora da protección dos consumidores e usuarios-, contribuíron á creación dun marco xurídico homoxéneo na tramitación das múltiples reclamacións formuladas polo consumidor.

Sen embargo, aínda existen materias pendentes de clarificación. Un exemplo resulta ilustrativo. A reparación dos danos ocasionados ao usuario por un defecto na

calidade da enerxía subministrada pode solicitarse á empresa distribuidora ben pola vía dun incumprimento do contrato de subministración enerxética, sometido ao disposto nos artigos 59 e seguintes da Lei 54/1997, de regulación do sector eléctrico, ou ben como produto defectuoso que permite utilizar a vía prevista na Lei 22/1994, do 16 de xullo sobre responsabilidade civil polos danos causados por produtos defectuosos, lei que foi derogada e integrada no actual texto refundido da Lei xeral para defensa dos consumidores.

Efectuada esta consideración xeral agora concentramos a nosa atención nos 19 expedientes tramitados sobre a prestación de servizos ou a entrega de produtos demandados polo consumidor, de distinta natureza.

Destacan pola súa singularidade as reclamacións cursadas en materia de consumo eléctrico excesivo, limpeza defectuosa de equipamento doméstico nunha tinturería, cobro abusivo dunha viaxe en taxi, acceso limitado dun discapacitado a un establecemento comercial dotado de medidas de seguridade, comportamento discriminatorio na utilización gratuíta de instalacións deportivas e aplicación incorrecta da ordenanza municipal do servizo de abastecemento de auga a domicilio.

Despois destas referencias puntuais, anotamos, por último, algunhas das reclamacións que tiveron a súa orixe ou fundamento no atraso ou dilación denunciados na tramitación de expedientes, xestionados polos servizos provinciais de consumo (expediente 435/10), ou pola tardanza no despacho de laudos polas xuntas arbitrais (514/10).

1.5.3.3 Comercio

O marco xurídico deste sector vén definido, principalmente, pola Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, (modificada pola Lei 7/2009, do 22 de decembro, nos seus capítulos IV, V e VI), a Lei 1/1996, do 5 de marzo de regulación das actividades feirais, a Lei 13/2006, do 27 de decembro de horarios comerciais de Galicia, a Lei estatal 1/2010, do 1 de marzo, de comercio retallista, e o Decreto 194/2001, do 26 de xullo, en materia de ordenación da venda ambulante.

Dentro deste ámbito e admitida a dificultade de deslindar entre aquelas reclamacións que afectan ao consumo daquelas outras que son propias do comercio, podemos incluír nesta sección cinco expedientes sobre materias moi diversas como son a adquisición de audífonos nun centro comercial ou de produtos alimenticios nun establecemento do ramo, reservas nunha axencia de viaxes e delimitación da área comercial afectada pola celebración dun mercado dominical. Neste último suposto, hai que resaltar a conclusión do expediente Q/1336/09 o día 13 de decembro de 2010, correspondente ao Concello de Cee.

Nel denunciábase a falta de cumprimento do horario comercial no mercado dominical, ao realizarse un uso abusivo do artigo 8, alínea e) da Lei 13/2006, do 27 de decembro. Este precepto permite, nos lugares en que se celebren feiras e mercados tradicionais os domingos, a apertura dos establecementos comerciais situados no seu contorno inmediato. O que non autoriza a norma é unha apertura xeneralizada na zona urbana ou en parroquias próximas ao exixir, por iso, a delimitación da área correspondente co informe favorable da Cámara de Comercio Industria e Navegación da zona, así como das organizacións empresariais e sindicais do sector comercial máis representativas.

1.5.3.4 Turismo

A súa regulación xurídica foi actualizada polo Decreto da Xunta de Galicia 108/2006, do 15 de xuño, sobre ordenación turística do restaurantes e cafeterías e pola Lei autonómica 14/2008, do 30 de decembro, de turismo de Galicia. Esta última lei foi modificada profundamente pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, para adaptala á Directiva comunitaria 2006/123/CEE. Concretamente nos seus artigos 24, 27, 28, 29, 31, 45, 50, 59, 66, 69 e 70.

Neste período contabilizáronse cinco expedientes, e un deles destaca pola súa singularidade.

Referímonos ao expediente Q/1934/10, no que se denuncia a prohibición de acceso dunha persoa, cunha grave discapacidade visual, a unha cafetería, prohibíndolle a súa entrada ao estar acompañada dun can guía. Ante a negativa dos empregados do

establecemento, solicitou a interesada o concurso da policía local, que levantou acta da discriminación sufrida, pero sen facilitarlle o acceso ao local. A queixa formulada ante esta institución por infracción da Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre acceso ao contorno de persoas con discapacidade, acompañadas de cans de asistencia (DOG do 31 de decembro de 2003), despois de estudala, remitiuse á Comisión Técnica de Accesibilidade, ao ser o órgano competente para iniciar as actuacións tendentes ao esclarecemento dos feitos denunciados, e, en consecuencia, determinar a procedencia de incoar o correspondente expediente sancionador.

1.5.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRAMITE

A motivación da non admisión a trámite das sesenta e dúas queixas incluídas nesta área encóntrase, na maioría dos supostos (trinta e catro queixas), na inexistencia dunha actuación administrativa previa e, por tanto, susceptible de supervisión.

Outras oito fundaméntanse no feito de que, realizado o seu estudo, non se apreciou a existencia dunha irregularidade na actuación da administración. Por último, vinte delas non se admitiron a trámite, por formular a reclamación en materia sometida ao mundo xurídico privado sen intervención da administración.

1.5.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

A lectura dos datos estatísticos expostos con anterioridade, evidencian que só cinco queixas do total tiveron que ser remitidas ao Defensor del Pueblo.

A súa motivación encóntrase na extraterritorialidade da reclamación ou na competencia do Estado por razón da materia ao se referir ao funcionamento do Colexio Nacional de Minas, Aeroportos Españois e Navegación Aérea (AENA) ou a ADIF.

1.5.6 OBSERVACIÓNS

Como consecuencia das actuacións practicadas nesta área parécenos oportuno someter a consideración xeral dúas observacións.

A **primeira** alerta sobre a deficiente coordinación existente entre as empresas comercializadoras e distribuidoras de enerxía eléctrica. En moitos casos, a resolución das reclamacións formuladas polos usuarios ante a administración autonómica demóranse porque a solicitude de información demandada ás empresas eléctricas tardan en remitirse.

A normativa vixente determina o prazo no cal as empresas distribuidoras deben atender a petición das comercializadoras, pero non existe unha disposición precisa sobre o prazo que dispón unha comercializadora para trasladar a solicitude do usuario á compañía distribuidora, como se pon de manifesto ao contrastar as seguintes disposicións xerais:

-O Real decreto 1435/2002, do 27 de decembro, regulador das condicións básicas dos contratos de adquisición de enerxía e de acceso a redes en baixa tensión, dispón no seu artigo 8.1 que *os distribuidores deberán contestar as solicitudes de modificación da forma de contratación dos consumidores que optasen por contratar directamente o acceso ás redes co distribuído e as peticións das comercializadoras que actúen como mandatarios ou substitutos dos consumidores que optasen por contratar a enerxía e o acceso ás redes a través do dito comercializador, relativas aos procedementos que se detallan na aliña seguinte, nun prazo de cinco días hábiles, comunicándolles se procede atender as ditas solicitudes, ou se existen obxeccións que impidan a súa realización.*

-Pola súa parte o Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, relativo ao establecemento de tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, dispón no seu artigo 5.1 a *lectura e, no seu caso, instalación dos equipos de medida necesarios para a facturación das tarifas de acceso, así como da enerxía que haxa que liquidarse no mercado de produción, será responsabilidade dos distribuidores. O prazo de instalación e precintado dos ditos equipos será de quince días a contar desde a*

data en que o consumidor, ou o seu mandatario, comunique á empresa distribuidora, que dispón do equipo, ou no seu caso, que opta por alugalo á empresa distribuidora...

-En vista do exposto hai que entender que a distribuidora ten un prazo de vinte días para atender as solicitudes da comercializadora e realizar as actuacións necesarias en campo.

A segunda móvenos a formular a necesidade de intensificar a política de modernización da administración pública, xa en vías de execución, para mellorar a atención á cidadanía nun sector tan sensible como é o referente ao consumidor e ao usuario dos servizos públicos. Programas de actuación destinados á formación e especialización do persoal, así como a dotación e mellora dos recursos postos ao servizo das correspondentes unidades orgánicas deben contribuír ao cumprimento dos principios de eficacia e eficiencia exixibles na actividade administrativa.

Por responder a esa finalidade apoiamos a proposta formalizada pola Consellería de Economía e Industria de poñer en funcionamento -a partir do 16 de novembro de 2009- unha aplicación automática para a tramitación e control das queixas do Valedor. A dita aplicación ten como obxectivo construír un sistema de xestión das queixas -tanto as remitidas aos departamentos territoriais como aos organismos centrais da Consellería- para conseguir que se contesten dentro do prazo concedido. Para iso nomeouse un responsable nos servizos centrais e outro en cada un dos departamentos territoriais, que exercen as súas funcións cando o responsable dun departamento territorial rexistre a alta dunha queixa ou introduza algún dato relativo a outra en trámite. Nestes casos aparecerá un aviso no ordenador do responsable dos servizos centrais, que lle permitirá tomar coñecemento da incidencia, coordinar as actuacións e impulsar a actividade do órgano responsable coa finalidade de ofrecer unha resposta, en prazo e forma, á oficina do Valedor. Confiamos na funcionalidade deste programa porque somos conscientes que os conflitos de intereses non resoltos no ámbito administrativo propician o seu sometemento á orde xurisdiccional, o cal incide negativamente nas economías familiares e incrementan o gasto público de forma non xustificada.

Addenda

Ademais dos 160 expedientes de queixa sometidos a tramitación, das múltiples consultas resoltas por vía telefónica, tamén se pronunciou a institución, dentro da epígrafe escritos diversos, sobre unha iniciativa referente á regulación da venda ambulante e, dentro da epígrafe de consultas, de dous sobre aboamento de facturas.

1.6 ÁREA DE AGRICULTURA, GANDERIA E PESCA

1.6.1 INTRODUCCIÓN

Durante o ano 2010 recibimos 40 queixas relacionadas coas materias incluídas nesta sección.

Por razón do seu contido a maioría das queixas (33) afectan á problemática que presenta a actividade agrícola e gandeira, así como a forestal, competencia da *Consellería de Medio Rural*.

As restantes queixas (7) están relacionadas con actividades propias da pesca marítima e o marisqueo, que entran no ámbito de competencias da *Consellería do Mar*.

Seguindo este criterio de clasificación, imos distinguir na exposición das queixas as relativas á agricultura e montes e á actividade pesqueira e acuícola, en atención ás competencias atribuídas a cada unha das citadas consellerías.

1.6.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O estado de tramitación das queixas recibidas é o seguinte:

Iniciadas	40	
Admitidas	37	92 %
Non Admitidas	3	8 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	0	0 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	32	86 %
En trámite	5	14 %

Ademais tramitáronse 11 queixas procedentes de anos anteriores co seguinte resultado:

Concluídas	10
En trámite	1

1.6.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

Agricultura e montes

O marco xurídico que tivemos en conta para a tramitación das queixas desta sección foi o seguinte:

- Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, e Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da lei anterior.
- É de aplicación supletoria a Lei estatal de reforma e desenvolvemento agrario, aprobada polo Decreto do 12 de xaneiro de 1973, e disposicións complementarias.
- Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.
- Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial.

- o Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Para unha máis comprensible exposición das queixas imos distinguir as seccións seguintes:

a) Concentración parcelaria

O exame das queixas tramitadas verifica que as discrepancias derivadas dos procesos de concentración parcelaria teñen a súa orixe en causas moi variadas:

- A excesiva duración do proceso de tramitación e conclusión da concentración parcelaria; a incorrecta clasificación dalgunhas parcelas de substitución; a inclusión de parcelas de monte veciñal en zonas de concentración parcelaria; e o deficiente estudo do impacto ambiental incorporado ao proxecto de concentración. Nun total de catro expedientes aléganse as causas citadas.
- A deficiente execución dalgúns camiños da rede viaria, a omisión doutros necesarios e programados, a falta de camiño ou as dificultades de acceso a algunhas parcelas, os actos de ocupación dun sobranse de vía pública pola sociedade anónima xestora de BANTEGAL, ou por carencias de rede de sumidoiro na vía principal. Estas circunstancias foron o obxecto primordial en cinco expedientes de queixa tramitados.

Dos informes facilitados pola Administración evidénciase a excesiva duración dos procesos de concentración dalgunha zona, circunstancia que afecta ao dereito constitucional á propiedade privada recoñecido no artigo 33.1 da Constitución española; e tamén vulnera os principios de legalidade e eficacia na actuación da administración pública, consagrados nos artigos 9 e 103.1 do texto constitucional. Un exemplo resulta ilustrativo. No expediente Q/1541/10 verifícase que na zona de concentración parcelaria de Novela-Liñares-Pezobres, do Concello de Santiso, o Decreto de concentración aprobouse

en marzo de 1993 e o acordo de concentración o 12 de novembro de 2009, encontrándose na fase de resolución dos recursos de alzada interpostos sen que, ao día da data, o proceso finalizase. Desde esta institución temos que seguir insistindo no problema da excesiva dilación dos procedementos de concentración xa detectados en anos anteriores, expostos con detalle no informe anual de 1998.

b) Montes veciñais

Catro expedientes tramitáronse neste exercicio. Un afectaba á inclusión dunha parcela privada nun monte veciñal clasificado, que o interesado reclamaba por titularse o seu propietario. Dous relativos á tramitación de expedientes sancionadores por actos de ocupación dentro do perímetro do monte veciñal, e un cuarto no que unha comuneira reclamaba contra a repartición de beneficios do monte veciñal.

c) Aproveitamentos cinexéticos

Dun total de dous expedientes, un deles afectaba á sanción imposta polo exercicio da caza dentro dun *Tecor*, e o outro, contra a negativa do presidente dunha asociación de cazadores en dar de alta un veciño no aproveitamento cinexético da zona delimitada.

d) Outras cuestións relacionadas coa actividade forestal, agrícola e gandeira

Dentro desta sección incluimos un total de dezaseis expedientes nos que as causas determinantes son varias:

- A maioría fundaméntanse en plantacións forestais sen gardar as distancias das leiras lindeiras, na falta de limpeza dos montes, ou no cambio de destino das explotacións.
- En catro denunciábase a non concesión de axudas para explotacións agrarias, forestais ou gandeiras.

- E por último, en tres tramitábase a reclamación do interesado polos danos ocasionados por unha vacina ou por animais ceibos en leiras rústicas e no monte.

Pesca e Acuicultura

As competencias da Comunidade Autónoma en materia de pesca en augas interiores e de marisqueo e acuicultura (artigos 148.1.11º da Constitución española e 27.15 do Estatuto de autonomía) están residenciadas na *Consellería do Mar*. A lexislación autonómica reguladora da pesca marítima foi refundida na Lei 11/2008, do 3 de decembro, a cal foi modificada no ano 2009 pola Lei 1/2009, do 15 de xuño, que altera a entrada en vigor da súa disposición final cuarta, e pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, que a través de 98 artigos modifica de forma extensa a precedente Lei 11/2008.

Dentro deste sector tramitáronse sete expedientes que afectaron a cursos realizados pola Confraría de Pescadores de Porto do Son e de Rianxo; un á documentación exixida para o outorgamento de titulacións de Mariña Mercante; outros a expedientes sancionadores por PERMEX e polo servizo de gardacostas de Galicia; e o último referido ao sector mexilloeiro galego.

1.6.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Tres queixas non foron admitidas a trámite. As causas da non admisión foron ben a falta dunha actuación administrativa previa, ben a formulación de cuestións sometidas á orde xurisdiccional ou a relacións xurídicas privadas externas á competencia desta institución.

1.6.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

Neste ano non se remitiu ningunha queixa ao Defensor del Pueblo.

Comentario final.

Ademais dos 40 expedientes de queixa tramitados, dentro desta área foron sometidos a consideración da oficina do Valedor tres expedientes de escritos diversos referentes á captura de animais exóticos, o rexurdimento dos mercados medievais e a compra de produtos agrícolas en orixe.

Estas iniciativas vinculadas ao exercicio do dereito de petición, tramitáronse ao amparo da Lei orgánica 4/2001, do 12 de novembro, cun procedemento diferenciado das queixas “que se rexerán pola súa lexislación específica” (disposición adicional segunda da referida lei orgánica).

Por tanto o número total de expedientes -sumadas as iniciativas referidas- foron de 40 queixas e 3 expedientes de escritos diversos.

1.6.6 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE AGRICULTURA, GANDERIA E PESCA.

1. Recordatorio de deberes legais do 23 de setembro de 2010, dirixido ao secretario xeral da Consellería do Medio Rural, para impulsar a resolución dos recursos de alzada interpostos o 6 de novembro de 2008. (Q/1406/10).

Notificámoslle a recepción do seu escrito de saída núm. 36017 do 24 de agosto en relación co expediente de queixa referenciado.

Avaliamos nos seus xustos termos a razón explicativa de non ter resoltos os recursos de alzada interpostos o 6 de novembro de 2008 contra os expedientes sancionadores MON-R6, 128/08, 149/08, 150/08, 151/08 da entón Delegación Provincial do Medio Rural de Pontevedra, así como o carácter negativo do silencio administrativo e a posibilidade de recorrer ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Porén, o administrado ten dereito a coñecer as razóns desestimatorias do seu recurso e a formar, a partir delas, a decisión de recorrer ou non na vía contenciosa asumindo de xeito razoado os custos do proceso e a dilación temporal que resulta habitual en feitos desta natureza, antes de ter unha sentenza.

Esta motivación e mais a función atribuída ao Valedor do Pobo, polo artigo 20 da Lei autonómica 6/84, do 5 de xuño, de velar para que a administración resolva expresamente no tempo e na forma os recursos que lle fosen formulados, obríganos a facerlle as seguintes reflexións:

Esta institución vén pronunciándose de forma reiterada nos seus informes anuais sobre a obrigaón da administración de contestar debidamente as reclamacións ou recursos que os cidadáns lle presenten, e así, o noso texto constitucional no seu artigo 103.1 establece taxativamente: *"A Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito"*. Neste

sentido, o principio de eficacia esixe das administracións públicas que se cumpran razoablemente as expectativas que a sociedade lexitimamente lle demanda. Precisamente, unha das máis importantes tradúcese no deber da administración de resolver expresamente as peticións e recursos que lle presenten os particulares, xa que o coñecemento cabal polo administrado da fundamentación das resolucións administrativas, constitúe un presuposto inescusable para unha adecuada defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A este respecto, fai falta subliñar a intención que, en relación coa problemática suscitada polo silencio administrativo, anima o lexislador na recente reforma do procedemento administrativo común, pola lei 25/2009, do 22 de decembro, que modifica integramente o seu artigo 43. Por outra banda, a exposición de motivos da Lei 30/92, do 26 de novembro, LRXPAC, sinala literalmente que *"o silencio administrativo, positivo ou negativo, non debe ser un instituto xurídico normal, senón a garantía que impida que os dereitos do particulares queden baleiros de contido cando a súa administración non atende eficazmente e coa celeridade debida as funcións para as que se organizou "*. Así mesmo indica *"o obxecto da lei non é dar carácter positivo a inactividade da administración cando os particulares se dirixen a ela; o carácter positivo da inactividade da administración é a garantía que se establece cando non se cumpre o verdadeiro obxectivo da lei, que é que os cidadáns obteñan resposta expresa da administración e, sobre todo, que a obteñan no prazo establecido"*.

Desde esta perspectiva, non se debe esquecer que o primeiro do preceptos da Lei 30/92, dedicado ao silencio administrativo é o artigo 42, que se titula "obligación de resolver", poñéndose de manifesto neste precepto a importancia e primacía que quixo dar o lexislador ao deber da administración de ditar resolucións expresas.

En relación con este deber da administración de resolver expresamente tamén hai que mencionar que o artigo 115.2, da lei comentada, obriga a resolver e notificar o pronunciamento sobre o recurso de alzada no prazo máximo de tres meses.

Considerando que no suposto concreto que motivou esta queixa non se deu ningunha das exencións legais de resolver sobre o solicitado e, polo motivado

anteriormente, esta institución diríxese a vostede de conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulándolle o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Que de conformidade co establecido no artigo 103.1 da Constitución española e no artigo 42 da Lei 30/92, do 26 de novembro, réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, a administración pública autonómica vén obrigada a ditar resolución expresa en todos os procedementos e a súa notificación, calquera que sexa a súa forma de iniciación.

No suposto concreto que motiva esta queixa, a administración debe, ao abeiro do disposto no seu artigo 115.2 ditar resolución sobre o recurso de alzada interposto e notificala a don A.C.S., coa maior brevidade posible, por ter superado en case dous anos o prazo máximo legal.”

Resposta do secretario xeral da Consellería do Medio Rural: Aceptado.

2. Recordatorio de deberes legais do 23 de setembro de 2010, dirixido ao secretario xeral da Consellería do Medio Rural, para a resolución do recurso de alzada interposto o 8 de xullo de 2008. (Q/1407/10).

Notificámoslle a recepción do seu escrito de saída núm. 36018 do 24 de agosto en relación co expediente de queixa referenciado.

Avaliamos nos seus xustos termos a razón explicativa de non ter resolto o recurso de alzada interposto o 8 de xullo de 2008 contra a resolución administrativa da entón Delegación Provincial do Medio Rural de Pontevedra, así como o carácter negativo do silencio administrativo e a posibilidade de recorrer ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Porén, o administrado ten dereito a coñecer as razóns desestimatorias do seu recurso e a formar, a partir delas, a decisión de recorrer ou non na vía contenciosa

asumindo de xeito razoado os custos do proceso e a dilación temporal que resulta habitual en feitos desta natureza, antes de ter unha sentenza.

Esta motivación e mais a función atribuída ao Valedor do Pobo, polo artigo 20 da Lei autonómica 6/84, do 5 de xuño, de velar para que a administración resolva expresamente no tempo e na forma os recursos que lle fosen formulados, obríganos a facerlle as seguintes reflexións:

Esta institución vén pronunciándose de forma reiterada nos seus informes anuais sobre a obrigación da administración de contestar debidamente ás reclamacións ou recursos que os cidadáns lle presenten, e así, o noso texto constitucional no seu artigo 103.1 establece taxativamente: *"A Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito"*. Neste sentido, o principio de eficacia esixe das administracións públicas que se cumpran razoablemente as expectativas que a sociedade lexitimamente lle demanda. Precisamente, unha das máis importantes tradúcese no deber da administración de resolver expresamente as peticións e recursos que lle presenten os particulares, xa que o coñecemento cabal polo administrado da fundamentación das resolucións administrativas, constitúe un presuposto inescusable para unha adecuada defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A este respecto, fai falta subliñar a intención que, en relación coa problemática suscitada polo silencio administrativo, anima o lexislador na recente reforma do procedemento administrativo común, pola lei 25/2009, do 22 de decembro, que modifica integramente o seu artigo 43. Por outra banda, a exposición de motivos da Lei 30/92, do 26 de novembro, LRXPAC, sinala literalmente que *"o silencio administrativo, positivo ou negativo, non debe ser un instituto xurídico normal, senón a garantía que impida que os dereitos do particulares queden baleiros de contido cando a súa administración non atende eficazmente e coa celeridade debida as funcións para as que se organizou"*. Así mesmo indica *"o obxecto da lei non é dar carácter positivo a inactividade da administración cando os particulares se dirixen a ela; o carácter positivo da inactividade da administración é a garantía que se establece cando non se cumpre o verdadeiro*

obxectivo da lei, que é que os cidadáns obteñan resposta expresa da administración e, sobre todo, que a obteñan no prazo establecido".

Desde esta perspectiva, non se debe esquecer que o primeiro do preceptos da Lei 30/92, dedicado ao silencio administrativo é o artigo 42, que se titula "obligación de resolver", poñéndose de manifesto neste precepto a importancia e primacía que quixo dar o lexislador ao deber da administración de ditar resolucións expresas.

En relación con este deber da administración de resolver expresamente tamén hai que mencionar que o artigo 115.2, da lei comentada, obriga a resolver e notificar o pronunciamento sobre o recurso de alzada no prazo máximo de tres meses.

Considerando que no suposto concreto que motivou esta queixa non se deu ningunha das exencións legais de resolver sobre o solicitado e, polo motivado anteriormente, esta institución diríxese a vostede de conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulándolle o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Que de conformidade co establecido no artigo 103.1 da Constitución española e no artigo 42 da Lei 30/92, do 26 de novembro, réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, a administración pública autonómica vén obrigada a ditar resolución expresa en todos os procedementos e a súa notificación, calquera que sexa a súa forma de iniciación.

No suposto concreto que motiva esta queixa, a administración debe, ao abeiro do disposto no seu artigo 115.2 ditar resolución sobre o recurso de alzada interposto e notificala a don A.C.S., coa maior brevidade posible, por ter superado en máis de dous anos o prazo máximo legal.”

Resposta do secretario xeral da Consellería do Medio Rural: Aceptado.

1.7 ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS

1.7.1 INTRODUCCIÓN: A APLICACIÓN DA LEI DE DEPENDENCIA

1.7.1.1 Os problemas observados en relación coa aplicación da Lei de dependencia

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (LD), conforma dereitos subxectivos para os que precisen para a súa atención de determinados servizos ou, excepcionalmente, de prestacións económicas. Así, as persoas recoñecidas formalmente como dependentes *terán dereito, con independencia do lugar do territorio do Estado español onde residan, a acceder, en condicións de igualdade, ás prestacións e servizos previstos nesta lei, nos termos establecidos nela* (art. 4.1 LD). A universalidade, principio proclamado no artigo 3.1 b) LD, implica que todos os cidadáns en situación de dependencia poderán acceder aos servizos e prestacións descritos na norma, sexa cal sexa a súa idade, a súa situación familiar, os seus recursos económicos e a causa da súa dependencia, e a resolución de recoñecemento da situación de dependencia *determinará os servizos ou prestacións que corresponden ao solicitante segundo o grao e nivel de dependencia* (art. 28.3 LD).

Sen embargo, á entrada en vigor da LD observáronse numerosas e graves disfuncións, entre as que cabe destacar o importante atraso dos procedementos, xa previstos con prazos moi amplos; a concesión de numerosas prestacións económicas en detrimento dos servizos previstos na lei; e as discrepancias en canto aos medios financeiros dedicados á súa aplicación polas diferentes administracións protagonistas, en especial a administración xeral do Estado e as comunidades autónomas.

Nos informes ao Parlamento de Galicia de 2008 e 2009 dedicamos un amplo comentario aos problemas de aplicación da LD en Galicia. Á vista das queixas dos cidadáns e sobre todo despois de investigar as súas circunstancias debemos concluír que continúan os graves problemas observados xa entón, sobre todo polos abundantes atrasos na efectividade dos dereitos recoñecidos a través desta lei. Como o ano pasado, a gran maioría das reclamacións da área de servizos sociais refírense a diferentes aspectos da aplicación da LD, sobre todo a abundantes atrasos e á falta de pago de atrasos en caso de

falecemento do dependente despois do vencemento dos longos prazos que a administración ten para resolver.

Isto último (o problema da falta de pago dos atrasos das prestacións económicas que corresponderían aos familiares dos dependentes falecidos, concorrendo o atraso da administración no coñecemento do expediente) non tivo solución. A pesar dos nosos recordatorios de deberes legais e recomendacións, a Consellería de Traballo e Benestar (CTB) rexeitou tacitamente todas as reclamacións promovidas neste sentido, da mesma forma que fixera anteriormente a Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar. Efectivamente, a pesar de que no Informe do pasado ano indicamos que a CTB anunciara a aprobación dun decreto no que se regulara o pago dos atrasos tanto para os novos supostos como para os casos producidos antes da aprobación do decreto, a redacción final do Decreto 15/2010 non se correspondeu co presentado no primeiro borrador. Como detallaremos máis adiante, das diferentes respostas dadas pola CTB debemos deducir que o art. 40 e a disposición transitoria sexta do citado decreto non se utilizaron para compensar a evidente responsabilidade económica en que incorreu a administración na maioría dos casos que coñecemos. As diferentes resolucións denegatorias demostran que ata a data non cambiou o criterio contrario ao pago destas cantidades. Non obstante, recentemente a Consellería remitiu un borrador de orde cunha redacción que si o permitiría.

En relación cos atrasos das prestacións económicas derivadas da LD é preciso subliñar que foron suprimidos recentemente, polo que é previsible que este problema tome outro cariz. A anterior necesidade de aboamento dos chamados atrasos a que nos vimos referindo queda derogada para as solicitudes posteriores ao 1 de xuño de 2010 polo Real decreto-lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público (art. 5). Non obstante, resta por aclarar todos os casos de posible responsabilidade anterior, así como os supostos con solicitude anterior á efectividade da medida, que seguen contando co mesmo réxime legal; haberá que aboar os atrasos desde a data da solicitude, polo que poden seguir dándose os mesmos problemas que tratamos. Pero é que ademais os atrasos poden seguir xerándose se non se cumpren os prazos de resolución dos expedientes de dependencia, algo que observamos con relativa frecuencia. Seguirán xerándose atrasos en caso de incumprimento deses prazos, que agora

se acurtan legalmente a 6 meses (3+ 3), prazos xa establecidos anteriormente na normativa galega (Decreto 15/2010). Por iso, se seguen a producir demoras nos procedementos tamén seguirán a darse problemas deste tipo, pero cos atrasos a reclamar recortados na medida indicada polo real decreto-lei citado, é dicir, reducíndose 6 meses respecto da normativa anterior. Para o aboamento de calquera clase de atrasos a Consellería pode facer uso da habilitación legal para o aprazamento da débeda, con pagos anuais de igual contía, nun máximo de 5 anos.

Como adiantamos, tamén este ano se evidencian atrasos nos expedientes de aplicación da LD. En numerosos supostos a resolución final non se aprobou despois do transcurso dos prazos, incluso despois de 2 ou máis anos desde a solicitude. A maioría dos atrasos e os de maior duración afectan a dependencias *severas ou moderadas*, pero tamén se aprecian en *grandes dependentes*. Ao respecto adoitamos advertir sobre a preferencia destes, que resulta un dos principios da LD; sen embargo, esa preferencia legal non debe servir de escusa do atraso no resto dos casos. O calendario de aplicación progresiva da LD prevé a efectividade dos dereitos recoñecidos aos dependentes *severos* desde o terceiro ano, que se iniciou o 1 de xaneiro de 2009, polo que xa se debería estar atendendo esta gran cantidade de dependentes. Sen embargo, a CTB envía informes nos que pretende xustificar a falta de efectividade dos dereitos dos dependentes *severos* mencionando a preferencia dos *grandes dependentes*, a pesar de que ambas as circunstancias, a preferencia destes e a efectividade actual dos dereitos dos dependentes *severos*, non deberían resultar excluíntes, como parece suceder.

Os atrasos que a propia CTB pon de relevo nas súas respostas ás queixas prodúcense a pesar de que a administración reduciu considerablemente os prazos dos procedementos mediante a aprobación do Decreto 15/2010, que os sitúa na metade: tres meses para a valoración e outros tres para resolver a aprobación do programa individual de atención (PIA). Esta redución afecta aos procedementos en curso (disposición adicional primeira), a pesar do cal os atrasos continúan e se fan máis acuciantes para o cidadán, que tiña unha expectativa de mellora que non se viu correspondida. A redución dos prazos non se viu plasmada na realidade; seguimos sendo testemuñas de procedementos desproporcionadamente longos, que superan os prazos anteriores e máis os actuais.

Tamén se observan atrasos no coñecemento dos recursos administrativos contra as resolucións de recoñecemento de grao e nivel, que non parecen resolverse expresamente se non se da queixa ou reclamación para iso (se se dá é despois dun tempo desproporcionadamente longo), e atrasos nas solicitudes de revisión por empeoramento, aínda que non tan amplos.

Como xa destacamos en ocasións precedentes, as frecuentes e longas demoras resultan inadecuadas nun procedemento que pretende atender as necesidades reais de persoas xeralmente cunha idade moi avanzada e cunha saúde precaria, o que resulta unha realidade extraordinariamente cambiante. Ao cabo dun tempo a situación do dependente xeralmente cambiou de forma considerable, polo que darlle respostas tan tardías como as que se están dando resulta de pouca axuda, posto que entón o máis probable é que se precise unha nova valoración, se é que non faleceu, como observamos en moitos casos.

Polo contrario, conseguíuse que a administración cambiara o seu criterio anterior, pasando dunha maioritaria concesión de prestacións económicas, excepcionais de acordo coa LD (art. 14), ao outorgamento preferente de servizos, previsión incluída no novo Decreto 15/2010 (art. 5.2). Non obstante, esta preferencia polos servizos enfróntase co claro déficit de prazas en residencias de diferente tipo, en centros de día ou noite, de axuda no fogar, ou de servizos de calquera outro tipo, o que afecta especialmente a colectivos con necesidades específicas e amplamente xustificadas, como autistas, persoas con síndrome de Down, parálise cerebral, enfermos de Alzheimer, grandes dependentes, etc. Certas persoas dalgún destes colectivos, sen dúbida os máis precisados de axuda pública, non viron mellorada a súa situación coa entrada en vigor da LD, posto que unicamente se lles validou o insuficiente servizo que xa tiñan, sen complementalo cunha intensidade superior ou con novos servizos ou prestacións. Máis graves resultan os numerosos casos que coñecemos de persoas que, estando afectadas por graves discapacidades psíquicas e ademais por deficiencias de visión, sen embargo viron como a súa situación empeoraba debido á retirada das axudas complementarias que viña prestando a ONCE. Esta organización, facendo unha interesada e incorrecta interpretación da LD e das resolucións que a aplican, reduciu as súas axudas individuais dedicadas a persoas e familias en circunstancias como as descritas.

A directa relación entre a idade e a dependencia fai que a adecuada aplicación da LD resulte fundamental para o colectivo maiores. Os problemas da dependencia adoitan coincidir en gran medida cos problemas específicos da terceira idade, e en Galicia esta incidencia é aínda maior. Como xa salientamos o pasado ano, todos somos conscientes das limitacións orzamentarias provocadas pola crise e de que a pesar diso as necesidades colectivas neste terreo non fan máis que crecer. Sen embargo, unha política pública orientada á protección integral da vellez resulta unha exixencia do estado social e democrático de dereito (artigo 1.1 CE) e do dereito proclamado no artigo 50 da Constitución, onde se prevé a promoción do benestar das persoas da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio.

1.7.1.2 A información estatística achegada pola administración autonómica

Para coñecer a situación xeral da dependencia en Galicia iniciamos un procedemento de oficio (Q/1578/10). Indicamos á CTB que o xornal *La Voz de Galicia* sinalaba en agosto de 2010 que había unhas 40 000 persoas á espera da axuda da Lei de dependencia, nalgún punto do seu longo proceso burocrático, fronte ás 37 500 que xa a reciben. Aínda que a Xunta asume que un terzo dos dependentes están sen atender, “a cifra que manexa o Ministerio de Sanidade e Política Social é moito maior. Este ten en conta os que presentaron a solicitude pero aínda non recibiron o primeiro ditame, que lles di o seu grao e nivel, que son unhas 20 000 persoas”.

Como resposta ao anterior a CTB sinalou o seguinte:

“Con respecto aos datos estatísticos referentes ao sistema para a autonomía e atención á dependencia na nosa Comunidade Autónoma a raíz da publicación dunha noticia no xornal “La Voz de Galicia” do 22 de agosto de 2010. Concretamente, solicítase información sobre as esperas nos PIA das persoas dependentes xa valorados e que deberían ser atendidas, sobre os detalles relativos ás esperas dos solicitantes de valoración, e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

Dos datos acumulados ao 1 de agosto de 2010 da estatística que publica mensualmente o SISAAD teríamos que:

Comunidade Autónoma	Núm. Solicitudes	Núm. de ditames	Persoas beneficiarias con dereito a prestación	Prestacións
TOTAL	97 589	77 336	60 387	37 463

Non obstante estes datos serían insuficientes por si mesmos para dar resposta á información solicitada en canto ás persoas con pleno dereito recoñecido que están á espera de recibir atención e en canto aos solicitantes que están á espera de ser valorados.

É necesario mencionar que da posta en marcha do plan de calidade dos datos do sistema galego de atención á dependencia (SIGAD) e que aínda non se deu por terminado, despréndese a existencia de múltiples incidentes acumulados na cumprimentación e migración de datos que producen serias inconsistencias estatísticas. Mención directa merecen a identificación de expedientes duplicados e de expedientes arquivados que figuran como activos, ademais das propias situacións administrativas imputables ao interesados (prazos de requirimentos, etc.).

Tendo en conta o sinalado anteriormente, en relación coa noticia de prensa obxecto deste expediente, resulta preciso analizar os datos relativos á diferenza entre o número de solicitudes e o número de ditames, a noticia conclúe que corresponderían aos pendentes de valoración (20 253), e á diferenza entre o número de persoas beneficiarias con pleno dereito e o número de prestacións recoñecidas, a noticia conclúe que se trataría dos pendentes de recibir a atención (22 924). A diferenza sinalada na noticia de prensa sería correcta de non terse en conta as circunstancias sinaladas no parágrafo anterior e que se concretan a continuación:

1) para os efectos de determinar as persoas con pleno dereito recoñecido que están á espera da debida atención ao 1 de agosto de 2010 e segundo os datos do SIGAD temos que:

-Do total de persoas beneficiarias con pleno dereito a prestación, temos que nesa data un total de 46 864 serían expedientes activos (sen duplicados nin arquivados (falecidos, desistidos, renuncia) e con resolución de grao e nivel con pleno dereito implantado e para os cales o prazo máximo de 6 meses para resolver xa transcorreu. Polo tanto, esta é a colectividade que a administración ten o deber de atender xa que se lle recoñeceu un grao e nivel implantado e o tempo máximo para resolver xa transcorreu.

-Nesa data 31 192 expedientes activos están sendo atendidos.

-En consecuencia un total de 15 672 (7366 xa contan con proposta PIA) están á espera da debida atención, dos cales 14 906 sería por causa imputable á administración (766 expedientes están requiridos).

Polo tanto, podemos concluír que se o universo ao que a Xunta ten o deber e pode atender (xa que o resto ou non ten grao e nivel implantado, están desistidos, falecidos, requiridos, duplicados, etc.) é de 46 864 persoas en situación de dependencia e ten atendidos 31 192 beneficiarios activos, a ratio de atención está en 1,99 de cada 3.

2) Para os efectos de determinar as persoas con solicitude que están á espera da súa valoración ao 1 de agosto de 2010 e segundo os datos do SIGAD temos que:

-Nesta data, do total de solicitudes pendentes de resolución de grao e nivel de dependencia estarían activos 13 688 expedientes (sen duplicados nin arquivados (falecidos, desistidos, renuncia).

-8173 expedientes estarían pendentes resolución de grao e nivel e para os cales xa transcorreu o prazo máximo para proporcionar a atención debida (6 meses) (que se queremos estimar o número total de persoas en situación de dependencia que están á espera da atención debida, debemos de traballar coa cifra de 14 906 descrita no punto número 1 e con este universo pendente de grao e nivel).

-Destes 8173 (5259 xa están valorados e 750 con ditame) están requiridos por falta de documentación 936 (polo tanto por causa do propio interesado), o que nos daría un número de 7137 expedientes pendentes de determinar o seu grao e nivel de dependencia imputable á administración.

-Tendo en conta a media dun 45% do total de solicitudes con pleno dereito e activos a esa data, podemos estimar que das solicitudes pendentes de grao e nivel, 3211 expedientes sen resolución de grao e nivel por causa imputable á administración estarían en condicións de recibir a atención debida se non fose polo atraso desta.

En consecuencia teríamos un universo probable de 50 075 persoas solicitantes e con pleno dereito, dos cales estarían atendidos 31 192 expedientes activos, o que vén a representar unha ratio de atención de 1,87 de cada 3 solicitantes.”

De todo o proporcionado pola CTB na súa resposta debe salientarse que parecen acertadas algunhas das súas obxeccións á hora de realizar unha estatística adecuada dos *expedientes activos* e por tanto dos que dentro dese grupo se encontrarían pendentes e atrasados. Obsérvanse o que a Consellería chama *múltiples incidentes acumulados nas* estatísticas. A análise real debe ter en conta algunhas desas circunstancias (falecidos, desistidos, renunciados, duplicados, arquivados, situacións administrativas imputables aos interesados -principalmente por requirimentos-, etc.). Non obstante, da súa propia conclusión ponse en evidencia un número importante de expedientes pendentes. Ademais, a análise dos que se encontran atrasados non ten en conta que o prazo para resolver é agora de 3 meses, e non de 6, como sinala en dúas ocasións, e iso tanto para os expedientes posteriores ao Decreto 15/2010 como para os anteriores (disposición transitoria primeira dese decreto). Tampouco parece terse en conta que moitos dos expedientes arquivados se refiren a casos de PIA atrasados e con falecemento do dependente, como expoñemos amplamente no desenvolvemento da área. Por iso, verbo deles a valoración non pode concluír na simple mención do *arquivo*, posto que estes expedientes (os de falecido con PIA sen aboamento de atrasos, claramente, pero tamén os de falecidos sen PIA, pero con atraso no procedemento) xeraron unha débeda que a administración terá que asumir con cargo aos orzamentos dedicados á dependencia.

1.7.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

Iniciadas	210	
Admitidas	199	94 %
Non Admitidas	10	5 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	1	1 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	115	57 %
En trámite	84	43 %

No relativo ás queixas presentadas en anos anteriores e pendentes de resolución nalgún momento de 2010, a situación actual é a seguinte:

Ano de presentación	En trámite ao 31-12-2009	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-2010
2008	1	3	4	4	0
2009	161	0	161	159	2

1.7.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

1.7.3.1 Os atrasos constatados nos procedementos

En informes anteriores puxemos de manifesto que os prazos para coñecer os expedientes de dependencia eran excesivamente amplos, 6 meses para valorar e outros 6 para aprobar o PIA. Efectivamente, o Decreto 176/2007 conformaba dous procedementos, un para valorar o grao e nivel de dependencia e outro para o recoñecemento final da prestación ou servizo. Para o recoñecemento da situación de dependencia establecía un prazo de 6 meses, e para a aprobación do PIA outro de igual duración; por tanto, 6 meses para cada

fase. A CTB anunciou a súa intención de reducir eses prazos regulamentarios, e finalmente, a través do Decreto 15/2010, establece un prazo de 3 meses para a valoración (art. 14), e outro de 3 meses para a aprobación do PIA (art. 15). Ademais, os expedientes iniciados antes da súa entrada en vigor “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados consonte a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira). Por tanto, o prazo para todos os trámites pendentes é agora de 3 meses, o que exige unha maior celeridade non só nos expedientes posteriores ao Decreto 15/2010, senón tamén nos que xa se encontraban en curso.

Pois ben, a pesar da redución dos prazos o certo é a través das investigacións das abundantes queixas por atrasos nos procedementos de dependencia coñecemos que estes continúan e que ademais son comúns e prolongados. Detéctanse tempos de espera de dous anos e incluso de máis tempo, circunstancia que fixo que nos vísemos na obrigaón de formular numerosas recomendacións á CTB.

Como exemplos podemos citar os supostos coñecidos nas queixas Q/1579/10 (solicitude en abril de 2009, con recomendación en outubro de 2010; véx. a recomendación 33 das desta área); Q/301/10 (solicitude en decembro de 2007, con valoración II-2 en agosto de 2008, e recomendación en outubro de 2010; véx. a recomendación 32 das desta área); Q/175/10 (solicitude en novembro de 2007, con valoración II-1 en xullo de 2008, e recomendación en marzo de 2010; véx. a recomendación 8 das desta área); Q/1622/10 (solicitude en xaneiro de 2009, con valoración II-2 en xuño de 2009, e recomendación en novembro de 2010; véx. a recomendación 37 das desta área); Q/1751/10 (solicitude en abril de 2008, con valoración II-2 en setembro de 2008, e recomendación en novembro de 2010; véx. a recomendación 40 das desta área); Q/1382/10 (solicitude en novembro de 2009, con valoración II-2 en abril de 2010; véx. a recomendación 39 das desta área); Q/133/10 (con valoración II-2 en outubro de 2008 e recomendación en xuño de 2010; véx. a recomendación 16 das desta área); Q/2331/09 (solicitude de decembro de 2008, con valoración II-2 de abril de 2009, e recomendación en agosto de 2010; véx. a recomendación 24 das desta área); Q/1240/10 (solicitude de marzo de 2009, con valoración II-2 de febreiro de 2010, e recomendación en setembro de 2010, recomendación 27 das

desta área); Q/275/10 (solicitud de decembro de 2007, con valoración II-1 de outubro de 2008, e recomendación de agosto de 2010; véx. a recomendación 18 das desta área).

En todos os casos citados formulamos recomendacións para que “con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ao recoñecemento das prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se encontra demorado, de acordo cos prazos legal e regulamentariamente previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados”. Ademais, con carácter xeral requírese coñecer as medidas adoptadas para corrixir o atraso xeral que se constata en relación con esta materia.

Como resposta ao anterior adoitase responder alegando dificultades orzamentarias, polo que en numerosos casos tivemos as recomendacións por rexeitadas, posto que non se achega unha data concreta na que se corrixirá a irregularidade detectada. Todos os casos de recomendacións rexeitadas concrétnanse na epígrafe estatística de recomendacións e ao final da cita literal destas, nesta mesma área. Respecto destas respostas negativas debemos proceder de acordo co disposto no seu art. 33.2, que sinala que se non se obtivese unha xustificación adecuada para a non actuación de acordo co indicado, o asunto incluírá no Informe ao Parlamento, de considerarse que era posible unha solución positiva e esta non se dese.

Como adiantamos, os maiores atrasos afectan a casos de *dependencias severas ou moderadas*, posto que, segundo confirmou hai tempo a CTB, se enviara a instrución de outorgar preferencia ás solicitudes dos *grandes dependientes*, é dicir, aos que foron valorados con grao III, preferencia que agora tamén se encontra explicitada no Decreto 15/2010. Como sinalamos, esta circunstancia trouxo como consecuencia que se avanzase na atención dos *grandes dependientes*, en detrimento dos dereitos actuais dos dependentes de menor grao. En numerosas ocasións indicamos á Consellería que a preferencia na atención da *gran dependencia* non se pode interpretar da forma en que parece facerse; debe poñerse en relación co previsto no calendario de aplicación progresiva da LD, que prevé a atención aos outros graos e niveis a medida que se avanza no tempo, de acordo con ese calendario. A efectividade dos dereitos recoñecidos aos *dependientes severos* prevese a partir do 1 de xaneiro de 2009, polo que xa debería atenderse a esta gran cantidade de

dependentes. Como subliñamos na introdución, a CTB segue a xustificar a falta de efectividade dos dereitos doutros dependentes mencionando a preferencia dos *grandes dependentes*. Esta prexudicial situación agrávase se temos en conta que desde as solicitudes das persoas valoradas como *dependentes severos* transcorreu un tempo moi considerable, polo que é moi probable que a súa situación empeorase e xa non sexan *severos*, senón *grandes dependentes*; segundo manifestan eles mesmos e ás veces confirma a propia Consellería, esta indícalles que unha nova avaliación complicaría aínda máis a posibilidade de comezar a efectividade do servizo ou prestación que corresponda, polo que moitos optan por esperar ata recibir o atribuído en función dunhas circunstancias posiblemente desfasadas.

Ademais, en numerosas respostas a CTB sinala que os expedientes de *dependentes severos* non teñen porque ter efectividade ata que acabe 2010, data na que finaliza o prazo de implantación da LD para eles (disposición final primeira LD). Pola nosa parte indicámoslle que a implantación e efectividade dos PIA para este tipo de dependentes debería realizarse desde o comezo do período previsto, é dicir, desde o 1 de xaneiro de 2009. Neste mesmo sentido, a ordenación a que se refire o art. 34 do Decreto 15/2010 parece aludir á ordenación de prioridades, o que non pode interpretarse como unha habilitación para desatender obrigacións actuais, neste caso a resolución dos expedientes no prazo regulamentariamente establecido; os prazos para a resolución formal dos PIA non se exceptúan, polo que seguen a ser vinculantes. A interpretación da Consellería non se axusta á lóxica; parece pretender que todos os expedientes de grao II e nivel 1 se resolvan nos últimos días habilitados para iso, mesmo despois de finalizar o prazo de implantación do servizo ou prestación para este tipo de dependentes. O calendario de implantación progresiva da LD non pode entenderse no sentido de demorar a efectividade de todas ou a maioría das prestacións ou servizos que corresponden a esas valoracións ata que finalice 2010, senón no sentido de que nese tempo, entre 2009 e 2010, todos os PIA dese grao e nivel deben ter efectividade.

Como sinalamos, os atrasos nos casos de dependentes *severos ou moderados* son importantes, pero o feito de que se dese preferencia aos *grandes dependentes* tampouco evitou que se observasen atrasos neles. Así sucedeu nos casos Q/1838/10 (solicitud en

agosto de 2008, con recomendación en novembro do 2010; véx. a recomendación 38 das desta área); Q/1364/10 (solicitude en febreiro de 2009, valoración III-2 de xuño de 2009, e recomendación de novembro de 2010; véx. a recomendación 41 das desta área); Q/1297/10 (con valoración de III-1 en xuño de 2009 e recurso de alzada sen resolver, e recomendación en novembro de 2010; véx. a recomendación 42 das desta área); Q/499/10 (solicitude de novembro de 2007, con valoración III-1 en agosto de 2008, e recomendación en agosto de 2010; véx. a recomendación 19 das desta área); Q/74/10 (solicitude de decembro de 2008, con valoración III-1 en xullo de 2009, e recomendación de maio de 2010; véx. a recomendación 13 das desta área); Q/2463/09 (atraso por espera para resolver un recurso; véx. a recomendación 23 das desta área); Q/1169/10 (solicitude de febreiro de 2008, valoración III-1 en xaneiro de 2009, revisión III-2 en outubro de 2009, e recomendación en novembro de 2010; véx. a recomendación 36 das desta área); Q/1579/10 (solicitude de abril de 2009, con valoración II-2, revisión de xaneiro de 2010, III-2, e nova revisión de maio de 2010, confirmando a anterior; recomendación de outubro de 2010; véx. a recomendación 33 das desta área). A maioría das respostas a reclamacións de información son positivas, e as respostas as recomendacións deste tipo tamén son positivas, aínda que moitas se atopan pendentes de coñecer a súa efectividade. Algunhas respostas positivas danse como rectificación dunha primeira negativa, como no caso da Q/499/10. A CTB dá conta de que finalmente aprobou ou aprobará en breve o PIA que se encontraba atrasado. Algunhas recomendacións encóntranse pendentes de resposta, como detallamos ao final da área, despois da transcripción literal de todas as recomendacións.

Sen embargo, tamén constatamos respostas negativas en casos de grandes dependentes, como é o caso da Q/725/09, a Q/2141/09 (neste caso, despois dun tempo considerable púxose en coñecemento a aprobación do PIA), ou a Q/2463/09.

En ocasións os atrasos nas resolucións de PIA preténdense xustificar mediante a insuficiencia do orzamento e suxerindo que o afectado podería pedir un cambio na orientación do PIA feita pola propia CTB (normalmente unha prestación económica para coidados no ámbito familiar). Ao respecto indicouse que, ante esa situación, o cambio debería ser promovido de oficio pola propia Consellería, sen prexuízo da necesaria audiencia ao interesado ou dos informes dos servizos sociais que se consideren necesarios.

Tamén se evidencian importantes atrasos na resolución dos recursos de alzada promovidos en contra das valoracións realizadas. A CTB adoita responder que os resolve por orde de entrada e en función dos medios con que conta. Obsérvanse atrasos moi considerables; pero o máis grave é que esta circunstancia supón o atraso do expediente global, posto que a interposición do recurso fai que a Consellería paralice os trámites pendentes ata a resolución expresa do recurso. Ao respecto sinalou en diferentes ocasións que a interposición dun recurso impugnando a valoración *produciu un importante atraso na tramitación do expediente*, o que non resulta adecuado, posto que os recursos deberían resolverse no prazo de 3 meses, de acordo co previsto no art. 115.2 da Lei 30/1992. Exemplos deste tipo de atrasos encontrámoslos nas queixas Q/275/10 (véx. a recomendación 18 das desta área); Q/1297/10 (interposto en agosto de 2009, con recomendación o 11 de novembro de 2010; véx. a recomendación 42 das desta área); Q/2463/09 (véx. a recomendación 23 das desta área); Q/961/10 (véx. a resolución 20 das desta área); ou na Q/693/10 (recurso de alzada de decembro de 2008, aínda non resolto na data da recomendación, en maio de 2010; véx. a recomendación 12 das desta área). As respostas a este tipo de recomendacións adoitan resultar negativas (o seu detalle encóntrase na epígrafe estatística e ao final desta área), polo que debemos proceder de acordo co disposto no art. 33.2 da Lei do Valedor do Pobo, que sinala que se non se obtivese unha xustificación adecuada para a non actuación de acordo co indicado, o asunto se incluírá no Informe ao Parlamento, de considerarse que era posible unha solución positiva e esta non se dese.

Outros atrasados en recursos coñecéronse nas queixas Q/404/10 (interposto en febreiro de 2010, con recomendación en setembro; véx. a recomendación 28 das desta área); ou Q/1206 e 1230/09 (interposto contra o PIA en xaneiro de 2009, con recomendación en abril de 2010; véx. a recomendación 10 das desta área).

Noutros casos as demoras teñen como causa, aínda que non como xustificación, o atraso que á súa vez se produce na resolución da solicitude de revisión por empeoramento do dependente. Nestes casos a Consellería non resolve sobre o PIA que correspondería á valoración inicial, circunstancia que fai que se atrasen aínda máis do habitual tanto a prestación correspondente á primeira valoración como a da segunda. Isto obsérvase con

claridade no caso coñecido na queixa Q/1169/10, na que se observa que un gran dependente con valoración III-1, que non recibira a súa prestación ou servizo, pediu unha revisión por empeoramento, que trouxo como consecuencia o recoñecemento do grao III e nivel 2. Sen embargo, cando formulamos a recomendación, en novembro de 2010, aínda non tiña o PIA nin dunha nin doutra valoración, a pesar de que a solicitude orixinal era de febreiro de 2008 (véx. a recomendación 36 das desta área).

Noutras ocasións as revisións prodúcense periodicamente e de oficio porque así o establece a normativa, como é o caso dos menores de 3 anos (Real Decreto 504/2007). Na queixa de oficio Q/1579/10 interesámonos pola situación dun menor con graves secuelas por unha enfermidade sufrida aos poucos días de vida; foi valorado por primeira vez en novembro de 2009 (grao II, nivel 2, solicitude de abril de 2009), despois revisado de oficio en xaneiro de 2010 (grao III, nivel 2, o máximo), e de novo en maio (confirmando o máximo). En outubro aínda non tiñamos noticia do seu PIA e en breve debería ser valorado de novo, pero o certo é que en ningún caso a valoración deu lugar á atribución do servizo que correspondía. Por iso formulamos unha recomendación para que se aprobase o PIA e tivese efectividade con urxencia (véx. a recomendación 33 das desta área). A pesar de que a resolución a formulamos en outubro, ao peche do Informe aínda non temos a resposta da Consellería.

Tamén detectamos como algo inadecuado a forma de proceder da CTB en caso de renuncia formal e xustificada ao PIA asignado. A Consellería obrigou ao inicio do expediente, prescindindo indebidamente da valoración xa feita. Isto ocasionou atrasos inxustificables, polo que recomendamos que con carácter xeral en supostos de renuncia realizada de acordo co previsto para casos de revisión, en ningún caso se prescinda da valoración xa realizada, prexudicando desa forma a necesaria eficacia e celeridade na resolución do procedemento; e que no caso examinado con urxencia se resolvera sobre o servizo ou prestación a atribuír ao gran dependente afectado (Q/103/10; véx. a recomendación 25 das desta área). A Consellería aceptou parcialmente a recomendación formulada, en concreto só no que se refire á resolución urxente sobre o servizo ou prestación a atribuír ao gran dependente afectado, pero sen concretar se corruxiría a súa forma de proceder en casos similares.

Outra causa non xustificada de atraso na aprobación dos PIA encontrámola na inadecuada exixencia da CTB para que o dependente renunciara con carácter previo ao beneficio do cheque asistencial. Ante iso vímonos na necesidade de indicar á Consellería que a orde de 17 de decembro de 2007 sinala (disposición adicional segunda) que “os servizos e as prestacións económicas periódicas previstas no sistema para a autonomía e atención á dependencia na CAG son incompatibles co programa do cheque asistencial”, e a estes efectos “naqueles supostos en que unha persoa estea percibindo a axuda correspondente ao programa do cheque asistencial en calquera das súas modalidades e, de conformidade coa normativa de aplicación, obteña o recoñecemento da súa situación de dependencia e resulte beneficiaria, nos termos establecidos no seu programa individual de atención, dos servizos e/ou prestacións económicas do sistema, será dada de baixa de oficio como persoa beneficiaria do programa do cheque asistencial” (Q/1979/09).

1.7.3.2 Os abundantes casos de falecemento antes da aprobación da prestación ou servizo e con atraso no procedemento

Desde hai tempo vimos subliñando que un dos principais motivos de queixa en materia de dependencia vén dado polo falecemento do dependente antes de que a administración resolva a última fase do procedemento e tendo superado o prazo para resolver, é dicir, cun atraso responsabilidade da administración. Debido ás longas esperas resulta tristemente común que se produzan casos de falecemento de dependentes antes da de aprobación do PIA e co prazo vencido para iso. Os familiares dos afectados, que normalmente desempeñan a tarefa de coidadores, enviaron e seguen enviando numerosas queixas que dan mostra dun profundo desgusto porque o PIA non se aprobou a pesar do moito tempo transcorrido, porque finalmente o dependente faleceu, e porque a pesar diso os atrasos non se aboan aos coidadores ou herdeiros. Consideran algo contrario á xustiza elemental que non se compensen os coidados realizados cando xa se avaliara o dependente e se constatou a demora da administración.

En anteriores anos formulamos numerosos recordatorios de deberes legais e recomendacións dirixidos á Xunta (no seu momento á Vicepresidencia, e posteriormente á Consellería de Traballo e Benestar) para que os expedientes relativos ao recoñecemento das situacións e prestacións derivadas da LD se coñezan nos prazos legal e

reglamentariamente previstos, sen demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral todos os cidadáns afectados; e para que cando se constate o falecemento da persoa dependente despois de vencer o prazo para resolver, por ese órgano, de oficio ou a instancia de parte, con carácter xeral se dea continuidade ao procedemento ata compensar a responsabilidade que correspondera.

Efectivamente, apreciamos unha clara responsabilidade da administración polo atraso constatado, e esta podía tratarse por diferentes vías. Existe a posibilidade de que a administración a negue en primeiro termo e con iso aboque aos interesados a incoar os correspondentes procedementos de responsabilidade patrimonial da administración, en vía administrativa primeiro e, chegado o caso, na vía xurisdiccional. Fronte a iso, a nosa proposición consiste en que se recoñeza a evidencia da responsabilidade que tratamos sen necesidade de obrigar os prexudicados a complexos, custosos e longos procedementos para chegar a un resultado aparentemente previsible. Consideramos prexudicial para os afectados remitilos a un procedemento de reclamación formal da responsabilidade. O noso criterio é que debería resolverse no marco dos procedementos de dependencia. Exixir un novo procedemento de responsabilidade duplica o prexuízo para o reclamante; ao xa consumado agora uniríase o derivado dunha actividade que lle vai ocasionar evidentes trastornos.

En calquera caso, non compensar por este prexuízo económico, dunha forma ou outra, suporía premiar á administración polo seu mal funcionamento e promovelos de cara a futuras actuacións. En ningún caso a demora nas resolucións debe resultar en prexuízo dos interesados e en beneficio da propia administración. Esta “non pode verse beneficiada polo incumprimento das súas obrigacións de resolver expresamente en prazo as solicitudes dos cidadáns, deber este que entronca coa cláusula do estado de dereito -art. 1.1 da Constitución española- así como cos valores que proclaman os arts. 24.1, 103.1 e 106.1 CE (entre outras, SSTC 188/2003, do 27 de outubro, e 14/2006, do 16 de xaneiro).

Os comentarios feitos ata agora en relación co problema das compensacións aos coidadores ou herdeiros dos dependentes falecidos antes de contar con PIA e despois de que vencera o prazo para aprobalo foron obxecto un amplo tratamento nos informes de 2008 e 2009. Como xa indicamos neste último, a CTB remitira un borrador de decreto polo que

parecía aceptarse parcialmente o criterio expresado pola nosa parte, recoñecendo a necesidade de aboamento dos atrasos despois do falecemento do dependente. A disposición transitoria sexta do borrador estendía ese efecto aos casos producidos con anterioridade ao decreto. Sen embargo, despois se aprobou o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, cun texto que modificaba o borrador ao respecto a esta cuestión. O seu artigo 40 sinala para estes casos que “a efectividade do dereito ás prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento se recoñecerá á persoa que soportase o gasto sempre que lle corresponda conforme a normativa de aplicación” e que “en todos os supostos deberá xustificarse documentalmente o gasto efectivamente soportado”; pola súa parte, a disposición transitoria sexta (“solicitantes falecidos anteriormente á entrada en vigor deste decreto”) sinala que “a efectividade do dereito ás prestacións económicas dos solicitantes falecidos antes da entrada en vigor deste decreto durante a tramitación do procedemento, se producirá cos mesmos efectos e requisitos que os supostos recollidos nos artigos 39 e 40 do articulado.”

Así pois, de acordo co Decreto 15/2010, a administración finalmente pagaría nos supostos que se citan, e en principio non parecía que se incluísen os casos aos que nos referiamos, fundamentalmente as prestacións económicas por coidados familiares. Non obstante, restaba coñecer en que sentido se interpretarían ou aplicarían as súas previsións para eses supostos, o que non se coñecería con exactitude ata que se desen as correspondentes respostas. Por iso, indicamos aos afectados que podían realizar as reclamacións correspondentes, sen prexuízo de calquera outro criterio pola súa parte para facer valer os seus eventuais dereitos.

En moitos casos nos que os afectados realizaron a reclamación para que lles fose aplicado o previsto no art. 40 e na disposición transitoria sexta do Decreto 15/2010 recibíronse queixas por falta ou atraso importante na resposta. Nalgúns casos nos que se constataron estas circunstancias formulamos á Consellería recomendacións, como a relativa á queixa Q/1140/10 (véx. a recomendación 35 das desta área), na que indicamos

que con urxencia debería resolverse expresamente sobre a solicitude realizada pola interesada para que se aplique o previsto no art. 40 e na DT sexta do Decreto 15/2010 aos atrasos correspondentes ao expediente referido na queixa, que corresponde a un dependente falecido antes de contar co PIA e con atraso no trámite do procedemento. E que en todos os casos en que se constate o falecemento da persoa dependente despois de vencer o prazo legalmente previsto para resolver, dada a responsabilidade da administración na xeración desa situación prexudicial para o interesado, con carácter xeral se aboan os atrasos a quen legalmente corresponda, e no caso particular que se coñece, se oriente a actuación da administración de cara á solución mencionada anteriormente. A pesar de que a recomendación se formulou a principios do mes de novembro, ao peche deste Informe aínda non temos a resposta.

A Consellería si respondeu a outras queixas relativas a este tipo de reclamacións, pero en todas o fai de forma esquiva. Nalgúns casos indica que no Decreto 15/2010, a efectividade do dereito ás prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento se recoñecerá á persoa que soportase o gasto sempre que lle corresponda conforme a normativa de aplicación, debendo en todos os casos xustificar documentalmente os gastos soportados. Noutros casos argumenta que debe desenvolverse o decreto neste punto para determinar se se pagan os atrasos das prestacións por coidados no ámbito familiar aos herdeiros dos afectados por atrasos.

Polo que se refire á limitación das compensacións para casos con *gastos*, indicamos á CTB que non parece ter sentido unha interpretación do previsto no art. 40 e na disposición transitoria sexta do Decreto 15/2010 que excluía os supostos de atraso no procedemento, falecemento posterior do dependente e responsabilidade por falta de pago dos atrasos que corresponderían por PIA orientados cara a unha prestación económica por coidados no ámbito familiar, os máis abundantes. Non se soluciona apenas nada se eses artigos se interpretan como medio para aboar *gastos de servizos*, que loxicamente non existen no caso das prestacións económicas, as máis abundantes e as que xeran os atrasos que se reclaman. Resulta unha interpretación que apenas ten virtualidade para a solución do frecuente problema que coñecemos desde hai tempo, posto que os servizos teñen efectividade cando se recoñecen e non xeran atrasos. Esa interpretación suporía algún

avance só no caso de que os pagos de servizos se fixesen á marxe marxe da orientación do PIA, ou cando se aboan os servizos privados previos ao PIA, aínda cando o que se atribuíra finalmente sexa o propio servizo, e non unha prestación económica para a súa contratación privada.

Ao respecto da *necesidade de desenvolver o decreto*, indicamos á CTB que o establecido nel resulta directamente aplicable e por tanto as súas previsións xa forman parte do ordenamento. Ademais, ese desenvolvemento, sexa do tipo que sexa (orde, instrucións...), depende única e exclusivamente da propia administración.

De todo o anterior deducimos que a CTB non dera efectividade ás resolucións remitidas para resolver os problemas tratados. As previsións do Decreto 15/2010 para pagos en supostos de atraso e falecemento do dependente non estaban tendo virtualidade para os casos máis abundantes, as libranzas para coidados no ámbito familiar. Por iso rectificamos as conclusións feitas anteriormente respecto da aceptación de todas as resolucións formuladas nesta materia e agora considerámolas rexeitadas tacitamente, polo que procedemos a aplicar o previsto no art. 33.2 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, e destacamos o asunto neste Informe Anual dirixido ao Parlamento de Galicia, ao considerar que era posible unha solución e esta non se deu a data de hoxe.

Nos numerosos casos de queixas por este mesmo motivo, ademais de trasladar aos afectados o indicado ata agora, suxerímoslles tamén que contemplan a posibilidade de promover vías alternativas de reclamación da eventual responsabilidade que tratamos, como pode ser a reclamación de responsabilidade patrimonial da administración, primeiro en vía administrativa e despois, de ser o caso, en vía xudicial, ou de calquera outra maneira, o que quedaba ao seu enteiro criterio. Informámoslles tamén que en caso de reclamar a responsabilidade patrimonial da administración debían ter en conta o prazo para tal reclamación, previsto no art. 4.2 do Real decreto 429/1993 (un ano).

Como mostra das resolucións formuladas no sentido indicado ata agora citamos a correspondente á queixa Q/1193/10 (véx. a recomendación 26 das desta área). Nelas indicamos que (recordatorio de deberes legais) os *expedientes relativos ao recoñecemento das situacións e prestacións derivadas da LD se coñezan nos prazos legal e*

reglamentariamente previstos, sen demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral todos os cidadáns afectados, como se pon de relevo no caso examinado; e que (recomendación) en todos os casos en que se constate o falecemento da persoa dependente despois de vencer o prazo legalmente previsto para resolver, dada a responsabilidade da administración na xeración desa situación prexudicial para o interesado, con carácter xeral se aboan os atrasos a quen legalmente corresponda; e que, no caso particular que se coñece, se oriente a actuación da administración de cara á solución mencionada anteriormente. A pesar de que as resolucións se formularon en setembro de 2010, ao peche deste Informe aínda non temos a resposta.

Os recursos interpostos polos herdeiros dos dependentes tamén se atrasan, como sucede nas outras ordes comentadas. Así o constatamos, por exemplo, na queixa Q/961/10 (recurso interposto en novembro de 2009, con recomendación en agosto de 2010; véx. a recomendación 20 das desta área).

Como xa adiantamos na introdución, os atrasos das prestacións económicas derivadas da LD foron suprimidos recentemente. A anterior necesidade de aboamento deses atrasos queda derrogada para as solicitudes posteriores ao 1 de xuño de 2010 polo Real decreto-lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público (art. 5). Por tanto, xa non existirán atrasos, nin respecto dos expedientes tramitados en prazo, nin tampouco en relación cos atrasados cos matices que veremos neste último caso. En calquera caso, non decae a necesidade de abordar os casos de posible responsabilidade anterior, como tampouco os supostos de solicitude anterior á efectividade da medida, que seguen contando co mesmo réxime legal. Haberá que aboar as cantidades que finalmente se recoñezan con efectos económicos desde a data da solicitude, polo que estes casos poden seguir dando lugar aos mesmos problemas.

A pesar de todo iso, os atrasos poden seguir xerándose se non se cumpren os prazos de resolución dos expedientes de dependencia, algo que observamos con relativa frecuencia. Aínda que agora diminuídos na súa contía, seguirán xerándose atrasos nos casos de incumprimento dos prazos, que se acurtan legalmente a 6 meses (3+3) -sen virtualidade en Galicia, onde os prazos xa eran eses desde o Decreto 15/2010-. Por iso, se se seguen a producir demoras nos procedementos tamén seguirán dándose problemas deste

tipo, pero cos atrasos recortados na medida prevista polo real decreto-lei, é dicir, reducíndose 6 meses respecto da normativa anterior. Para aboar os atrasos a CTB pode recorrer a un aprazamento da débeda, con pagos anuais de igual contía, durante un máximo de 5 anos.

Como posible novidade respecto de todo o indicado ata agora, en data moi próxima ao peche do Informe recibimos un borrador da orde de desenvolvemento do Decreto 15/2010. Entre outras cousas sinálase, en canto á efectividade das prestacións económicas dos solicitantes falecidos (capítulo VI), que “no caso de libranza para coidados no ámbito familiar se considerará persoa beneficiaria o coidador non profesional sempre e cando cumpra os requisitos establecidos” (art. 73.4), e que “en estes supostos será preciso xustificar documentalmente a través do correspondente informe social... a efectividade dos coidados durante o período de referencia. Ademais deberá presentarse unha declaración responsable do coidador/a non profesional segundo o modelo anexo III a esta orde, así como unha declaración responsable dos herdeiros forzosos segundo o modelo anexo IV desta orde” (art. 76). Permanecemos á expectativa do que finalmente se aprobe na orde que se promove, e sobre todo da aplicación que poida darse ás previsións indicadas no caso de resultar aprobadas.

1.7.3.3 A falta de aboamento de atrasos en casos de falecemento con PIA aprobado

Ademais dos numerosos supostos de responsabilidade por atraso no procedemento e falecemento do dependente sen aprobación do PIA, este ano tamén coñecemos algúns casos nos que a reclamación se refería á falta de pago dos atrasos e mensualidades cando os dependentes falecesen ao pouco tempo de aprobarse o PIA. Ao formular estes supostos, as respostas recibidas da CTB facían alusión ao previsto no art. 40 do Decreto 15/2010, pretendendo aplicar o mesmo criterio que para os casos de falecemento sen PIA, nos que, como vimos, ata agora non aboaron os atrasos.

Pola nosa parte expuxemos que o art. 40 e a disposición transitoria sexta do Decreto 15/2010 non resultan aplicables a estes supostos, posto que se refiren expresamente a *solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento*, o que non era o caso, ao encontrarse finalizado. De acordo co art. 38 do decreto citado, intégrao na sección terceira,

titulada *terminación*, “recibida a proposta do programa individual de atención e demais documentación que conste no expediente, a persoa titular do departamento territorial da Consellería con competencia en materia de servizos sociais ditará, despois das comprobacións que procedan, resolución pola que se aproba o programa individual de atención”. En idéntico sentido se prevía a terminación dos procedementos no decreto antes vixente, o 176/2007 (art. 15.2), posto que contra a aprobación do PIA se prevé a posibilidade de interpoñer recurso de alzada (art. 16). Por tanto, o procedemento finalizara nese momento, restando unicamente os actos materiais precisos para dar cumprimento ás previsións da resolución, sen prexuízo de que tamén se encontren pendentes aspectos instrumentais para ese cumprimento, o que non desvirtúa o anterior.

Para emendar esta forma de actuación da CTB formulamos diferentes recomendacións, como as das queixas Q/1026/10 (véx. a recomendación 31 das desta área), Q/132/10 (véx. a recomendación 17 das desta área), Q/1242/10 (véx. a recomendación 34 das desta área), ou Q/1127/10 (véx. a recomendación 21 das desta área). Recomendamos que con urxencia se rectificara o incorrecto criterio expresado reiteradamente por parte da Consellería, que remitía os supostos de falecemento de dependentes despois da aprobación do PIA ao disposto polo Decreto 15/2010 para falecementos acontecidos durante o procedemento, e que no suposto coñecido na queixa, dado o amplo atraso acumulado, se procedera ao aboamento inmediato dos atrasos e as mensualidades correspondentes ao PIA aprobado para o dependente que falecera despois da súa aprobación, e que ese aboamento se producise a favor de quen legalmente corresponda. A recomendación da queixa Q/1242/10 foi aceptada expresamente, indicando que *en canto os interesados remitan ao departamento territorial a documentación solicitada se procederá a aboar o pago da prestación á que teñen dereito os herdeiros do falecido*. Sen embargo, as outras tres recomendacións aínda non foron respondidas.

Tamén argumentamos da mesma forma en numerosas comunicacións de requirimento de aclaración. Sen embargo, dos informes recibidos deducimos que a CTB non actúa dunha forma uniforme ou cun criterio fixo, ou polo menos non transmite tal criterio. Nalgunhas respostas indica que pagará aos herdeiros as contías xeradas tanto en concepto de atrasos como de mensualidades vencidas ata a data do falecemento, na liña

recomendada e asumida na queixa Q/1242/10, pero noutras ocasións insiste no seu criterio inicial e nega o aboamento desas cantidades.

Outro actuación inadecuada que detectamos foi o prexuízo ocasionado pola revisión de oficio dun PIA aprobado en vida da dependente, de tal forma que a CTB entendía entón que o PIA final se aprobara despois do seu falecemento, polo que, de acordo co expresado no anterior apartado, non pagaría os atrasos (Q/128/10). Efectivamente, con posterioridade ao falecemento chegou unha nova resolución que anulaba a anterior, xustificando tal cousa por un erro de transcripción na primeira carta; sen embargo, ese erro non tiña transcendencia en canto ás cuestións materiais e en todo caso sería responsabilidade da propia administración, a pesar do cal prexudicaría gravemente a familia da dependente falecida, que presentou un recurso de alzada solicitando que non se anulara a primeira resolución, ao menos en canto á súa data. Así, formulamos unha recomendación á CTB para que se aclarase as causas que deron lugar á anulación da resolución de aprobación do PIA e para que se resolvese sobre o recurso de alzada promovido contra a anulación (véx. a resolución 11 das desta área). A resposta da Consellería non aclarou ningunha das dúas cosas; non indicou cando se resolvería sobre o recurso pendente, pero sobre todo non anunciou a corrección do evidente prexuízo inxustificado causado con esa actuación. Confirmouse que o erro era de carácter material e referido á confección da primeira resolución. A corrección dese tipo de erros non pode producir o prexuízo ocasionado, máis ben ao contrario. De acordo coa xurisprudencia ao respecto (por todas, STS do 28 de setembro de 1992), exíxese para a corrección deses erros “que non padeza a subsistencia do acto administrativo”. A pesar de todo a CTB rexeitou a recomendación, circunstancia que resaltamos, de acordo co disposto no art. 33.2 da lei do Valedor do Pobo, que sinala que se non se obtivese unha xustificación adecuada para a non actuación de acordo co indicado, o asunto se incluírá no Informe ao Parlamento, de considerarse que era posible unha solución positiva e esta non se dese.

1.7.3.4 A preferencia dos servizos sobre as prestacións económicas

Xa no Informe de 2009 expresamos a necesidade de cambiar a tendencia dos PIA aprobados, que ata ese momento se decantaran por asignar prestacións económicas en detrimento dos servizos, que legalmente teñen preferencia. Diferentes circunstancias, como

o menor custo das prestacións económicas, a insuficiencia do catálogo de servizos, ou a opción dos afectados polas prestacións, que contemplaban o pago de atrasos, traían como consecuencia que non se aplicase a previsión legal que dá carácter excepcional ás prestacións económicas.

O artigo 18 da LD establece a posibilidade de outorgar unha prestación económica para os coidados no medio familiar e para o apoio aos coidados non profesionais, pero contéplase de forma excepcional, cando o estableza o PIA. A pesar do claro desta previsión, o cadro estatístico que ofreciamos o ano pasado poñía de relevo que en España as prestacións económicas eran máis numerosas que as de servizos, e que esa tendencia era aínda máis acusada en Galicia; a figura do *coidador familiar* convertérase na principal opción. Esta era a situación das prestacións recoñecidas en decembro de 2009.

	España	%	Galicia	%
Prevención dependencia e promoción autonomía persoal	2962	0,57	38	0,13
Teleasistencia	35372	6,79	110	0,37
Axuda a domicilio	56089	10,77	4156	14,12
Centros de día/noite	27361	5,25	1222	4,15
Atención residencial	95820	18,40	4470	15,19
P E vinculada servizo	36076	6,93	1462	4,97
P E coidados familiares	266398	51,16	17939	60,96
P E asistencia persoal	658	0,13	29	0,10

Fonte: IMSERSO. Data: 1 de decembro de 2009.

Como conclusión da queixa Q/153/09 expresamos á CTB a necesidade de dar cumprimento ao legalmente previsto e por tanto de cambiar esa tendencia. A preferencia dos servizos non prexudica a opción persoal pola permanencia dos dependentes no seu contorno, posto que os servizos tamén poden prestarse no ámbito familiar. A permanencia no domicilio pode verse apoiada con servizos profesionais, mellorando a calidade de vida tanto do dependente como dos seus coidadores habituais. As prestacións económicas de carácter familiar, ademais de resultar excepcionais de acordo coa LD, non propician un cambio substancial na vida cotiá nin dos dependentes nin dos seus coidadores, que basicamente seguirán desenvolvendo unha vida en iguais condicións que antes, aínda que, iso si, cunha renda suplementaria. Outro claro inconveniente das prestacións económicas é o insuficiente desenvolvemento dun sector profesional con grandes posibilidades; orientar os programas de atención aos coidados domésticos a longo prazo resulta prexudicial.

Finalmente a CTB asumiu o criterio que expresamos e anunciou que regularía a preferencia dos servizos e teríaa en conta nos PIA que fose aprobando. O Decreto 15/2010 sinala que “de conformidade co artigo 14 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, os servizos do catálogo terán carácter prioritario e prestaranse a través da oferta pública da rede de servizos sociais pola comunidade autónoma mediante centros e servizos públicos ou persoais concertados debidamente acreditados. De non ser posible a atención mediante algún destes servizos procederase ao recoñecemento da prestación económica vinculada. Esta prestación irá destinada á cobertura dos gastos do servizo previsto no programa individual de atención, debendo ser prestado por unha entidade ou centro acreditado para a atención á dependencia” (art. 5.2).

Así pois, a CTB recoñeceu a necesidade de dar efectividade á previsión legal de preferencia dos servizos, que, como expresamos, agora tamén se contén no Decreto 15/2010. A través das moitas respostas recibidas nos expedientes relativos a dependencia coñecemos que a orientación maioritaria dos PIAs cara aos servizos se está cumprindo. Hoxe son significativamente máis numerosos os PIAs que se aproban con servizos que os que contemplan prestacións económicas para coidados no ámbito familiar, aínda que debido aos PIAs aprobados con anterioridade seguen sendo maioría os dependentes que reciben esta modalidade de prestación. O cadro a día de hoxe é o seguinte:

	España	%	Galicia	%
Prevención dependencia e promoción autonomía persoal	11604	1,45	70	0,21
Teleasistencia	87111	10,89	192	0,57
Axuda a domicilio	95632	11,95	5895	17,50
Centros de día/noite	45969	5,75	1986	5,89
Atención residencial	120552	15,07	4723	14,02
P E vinculada servizo	53409	6,68	2383	7,07
P E coidados familiares	384985	48,12	18410	54,64
P E asistencia persoal	747	0,09	36	0,11

Fonte: IMSERSO. Data: 1 de xaneiro de 2011.

1.7.3.5 O déficit de prazas no catálogo de servizos

Coñécense problemas relacionados co déficit de servizos, en especial en residencias para persoas que necesitan asistencia especial ou ordinaria, para centros de día ou noite, ou incluso para servizos de axuda no fogar. Este ano foron moi abundantes os problemas observados en relación con este último servizo, atribuído aos concellos, pero financiado en gran parte por outras administracións. Con iso provócanse importantes esperas ou a derivación a outras formas de axuda, como prestacións económicas para acceso privado ao servizo; isto último obriga a reorientar o inicialmente previsto e por tanto xera atrasos na aprobación dos PIA ou na súa efectividade.

Para os casos de ausencia de praza no servizo proposto no curso do expediente de dependencia o Decreto 15/2010 prevé un sistema de lista de espera que denomina

programa de asignación de recursos. O art. 37.3.c sinala que “para o caso de que non sexa posible o acceso a un servizo público, a proposta de resolución deberá indicar os seguintes contidos específicos: i. Deberá indicarse que a persoa solicitante se incorpora a un programa de asignación de recursos, especificando os criterios de preferencia no acceso aos servizos que deberá de producirse nun prazo non superior a tres meses desde a resolución do PIA. Transcorrido o prazo de tres meses, de non producirse o acceso ao servizo público, o beneficiario poderá solicitar unha modificación do seu PIA para os efectos de obter unha libranza vinculada a un servizo ou, do contrario, seguir incorporado ao programa á espera do acceso a un servizo público”. Na mesma liña o art. 36.2.2. do decreto preceptúa que “de non ser posible a atención mediante algún dos servizos do catálogo, se considerará a libranza vinculada á adquisición dun servizo. Esta prestación irá destinada á cobertura dos gastos do servizo previsto no programa individual de atención, debendo ser prestado por un centro ou programa acreditado para a atención á dependencia.”

Non obstante o anterior, en moitos casos observamos que cando a CTB aprecia que non existe o servizo, realiza de oficio o cambio da orientación do PIA, a maioría das veces converténdoo directamente nunha prestación económica para o financiamento do servizo privado, o que parece máis adecuado, posto que se evita a espera de tres meses e ter que reclamar a conversión do servizo en libranza, coa conseguinte demora. O que non resulta adecuado é atrasar a aprobación do PIA debido á falta do servizo, como apreciamos nalgún caso. Para eses supostos a proposta orixinal debe reconverterse de forma rápida en libranza, ou ben debe aprobarse o PIA co servizo orixinalmente proposto, abrindo así para o interesado a posibilidade que habilita o art. 37.3.c do Decreto 15/2010. Un exemplo de demora na aprobación do PIA debido á ausencia do servizo proposto comprobámola no expediente Q/1364/10, razón pola que formulamos á CTB unha recomendación para que se solucionase urxentemente o problema suscitado, que afectaba a un gran dependente; tamén se recomendou que *con carácter xeral non se demorasen as resolucións dos PIAs orientados cara a servizos como consecuencia da falta de prazas, de tal maneira que no caso de darse esa circunstancia de inmediato se cambie a orientación e se aprrobe unha libranza de servizo, ou, no caso de existir posibilidade real de acceso ao servizo nun prazo razoable, se aprrobe o PIA coa asignación do servizo, pero informando adecuadamente os*

interesados das circunstancias da espera e do dereito a solicitar o cambio cara a unha libranza despois dos tres meses (véx. a recomendación 41 das desta área). Ao peche do Informe encontrámonos á espera de resposta.

Como adiantamos, un caso moi frecuente de demora por falta de prazas encontrámolo no *servizo de axuda no fogar* (SAF), sendo especialmente destacable o número de veces que a Consellería mencionou esta circunstancia en relación con dependentes que deberan ser atendidos polo Concello de Fene. A Consellería sinala de forma reiterada que é ese concello (como todos os demais) o responsable de prestar o servizo, mentres que o ente local argumenta que non conta con prazas. Oriéntanse os PIAs cara a este servizo, pero non se aproban pola falta de prazas, ou pola falta de información sobre esa circunstancia, segundo se sinala a Consellería en ocasións. Noutros casos outórgase o SAF nos PIAs, pero sen efectividade por esa mesma circunstancia. Así o apreciamos na Q/499/2010, que afecta a un *gran dependente*. Indicamos á CTB que a ausencia do servizo municipal proposto non pode ser causa do atraso na súa efectividade, sobre todo tratándose dun *gran dependente*; se non existe o servizo pode realizarse unha nova proposta de PIA coa libranza vinculada a ese servizo, ou resolverse e aplicarse o criterio previsto no art. 37.3.c do Decreto 15/2010 (véx. a recomendación 19 das desta área). A Consellería aceptou e deu efectividade a esta recomendación.

1.7.3.6 Os problemas dalgúns centros residenciais e centros de día ou de noite

Tamén se producen reclamacións relativas aos centros residenciais e aos de día ou de noite, tanto de titularidade pública como privados, fundamentalmente por falta de atención suficiente, trato inadecuado, ou polos medios dispoñibles nos centros. Para promover a dilixencia na atención e sobre todo para poder avaliar os problemas resulta preciso que a administración concrete estándares de calidade dos servizos que se ofrecen.

Destacan as queixas referidas ao funcionamento de centros residenciais e á falta de resposta adecuada ás reclamacións. Así, na queixa Q/2203/09 mencionábase que se promovera unha reclamación ante a Xunta debido ao trato recibido por unha residente no centro asistido do Meixoeiro, de Vigo, sen que se recibise resposta. Coa información achegada coñeceuse que os diferentes servizos da residencia achegaron finalmente o seu

criterio respecto dos aspectos contidos na reclamación, especialmente a enfermidade da persoa ingresada, a súa asistencia na residencia, e o seu traslado ao hospital cando foi preciso. Con iso entendeuse corrixido o aspecto formal que era obxecto principal da queixa, isto é, a falta de resposta á reclamación, sen prexuízo doutras actuacións por parte dos interesados en relación co fondo do asunto.

Existen reclamacións pola situación de convivencia nun mesmo centro de discapacitados intelectuais en idade escolar e maiores, fundamentalmente debido á permanencia destes últimos nos seus anteriores centros de educación especial por falta doutros medios. Vimos o caso do centro *Terras de Ferrol*. Nese mesmo sentido, noutra reclamación (Q/1277/10) indicábase que o *Centro AEE Santiago Apóstolo* da Coruña se encontraba infrautilizado, “colocando en indefensión as persoas afectadas de discapacidade intelectual, en especial os maiores de idade”. A CTB confirmou os problemas apuntados respecto dos adultos; sinalou que *non existe, no contexto actual do Centro Santiago Apóstolo, na atención ás discapacidades en idade infanto-xuvenís, lista de espera de nenos e nenas para o seu ingreso*. Sen embargo, respecto dos adultos precisados de atención pola súa discapacidade intelectual, *están pendentes de encontrar o recurso residencial, pero mentres non se modifiquen as condicións de idade, non son usuarios potenciais do dito centro*. Indícase que a intención da Consellería non é abandonar as instalacións do centro, senón aproveitalas e melloralas, incluíndo a renovación das instalacións para *a creación dun centro residencial con centro de día para atender aos discapacitados psíquicos en idade adulta os 365 días do ano*.

En relación con aspectos laborais do funcionamento do mesmo centro (Santiago Apóstolo, da Coruña) coñeceuse a Q/2411/09. Os representantes do Comité Provincial da CTB indicaban que no centro se incumpren as pautas de actuación indicadas nun informe de 2008 realizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais. Nel sinalábase a existencia e funcionamento dun Equipo de Valoración, que sen embargo non existe, polo que todas as pautas que se basean na súa actuación carecen de fundamento. Sinalaba que o persoal se encontra nunha situación de indefensión no desenvolvemento do seu labor, e que as agresións de usuarios persisten, como tamén as baixas laborais consecuencia delas. Como resposta ao anterior a CTB sinalou que *desde hai moitos anos vén funcionando no*

Santiago Apóstolo un Equipo de Valoración Multidisciplinar que, entre outras tarefas, asume a coordinación da permanente supervisión á que se somete aos usuarios do centro... moi especialmente aos que sexan susceptibles de adoptar comportamentos agresivos. Este equipo... adoptou tradicionalmente a denominación de Equipo Técnico. Componse do director, xefe de internado, médico, psicólogos, pedagogos e traballadores sociais, e celebra ordinariamente dúas reunións de traballo cada semana. O coordinador de área informa sobre os protocolos existentes e as pautas de actuación máis adaptadas para o control dos perigos que se puidesen producir, e creouse unha Xunta de Atención Directa... que se reúne unha vez ao mes e onde, entre outras cuestións, se produce un intercambio de información bidireccional sobre o comportamento dos nenos. No relativo ás pautas de actuación para evitar as agresións sinalouse que se realizan os labores como servizo de alerta, desenvolvemento de pautas de conduta, unidades de tratamento específico, e partes e follas de incidencia para a súa comunicación ao equipo técnico. Polo que se refire a información periódica e especializada no control de condutas agresivas por parte do equipo de valoración, o Equipo Técnico desenvolve un traballo de apoio constante ao resto de traballadores do centro, pero subliñase que a formación concreta e especializada é responsabilidade do Servizo de Prevención de Riscos. Ao parecer impártense cursos sobre inmovilización e control e estase a xestionar a contratación de servizos de formación profesional para impartir diversos cursos sobre control condutual de usuarios de centros de discapacidade. Polo que se refire ás baixas laborais por agresións, indicouse que se produce unha substancial diminución; fronte ás 11 do curso anterior, neste tan solo produciu 1, e apréciase unha importante redución na duración media das baixas. Tamén se sinalou que o Ministerio Fiscal arquivou unas dilixencias indicando que na investigación practicada se acreditan as medidas para preservar a integridade e saúde dos traballadores do centro referido. A Consellería conclúe que o persoal do centro non se encontra en situación de indefensión no desenvolvemento do seu labor, o que parece suficientemente acreditado. Como se puxo de relevo, evitar ou previr todos os incidentes deste tipo resulta case imposible nun sector tan complexo como o da discapacidade intelectual, polo que poden producirse ocasionalmente comportamentos violentos por parte dalgúns dos usuarios do servizo. Indícase que a seguridade total e absoluta en materia de agresións é imposible de garantir, pero trabállase todos os días do ano para diminuír os riscos. Todo ao mesmo tempo que se garante a prestación duns servizos e prestacións

adaptados a todos os usuarios, razón e esencia esta última da existencia do Centro Santiago Apóstolo. Finalmente, ao respecto subliñase que todos os traballadores de atención directa do centro gozan da percepción retributiva dos complementos salariais de penosidade e perigosidade.

1.7.3.7 As necesidades específicas de determinados grupos de dependentes, en especial dos discapacitados intelectuais: os recursos complementarios para casos xustificandos

Nalgunhas ocasións detectáronse que determinados colectivos de dependentes, que debido ás súas circunstancias especiais merecen unha atención pública particularizada, sen embargo non viron mellorada a súa situación coa entrada en vigor da LD. Só se lles validou ou confirmou o servizo que xa tiñan, sen servizos ou prestacións complementarias; nos seus PIA unicamente se atribúe o centro especial que xa viña atendendo ao dependente, que normalmente presta un servizo de intensidade limitada. Por tanto, a atención especial que precisan durante o resto do día sigue sendo unha tarefa doméstica que require grandes esforzos. Estes colectivos subliñan que a aplicación da LD, que espertara moitas expectativas neles, as persoas que máis a necesitaban, non mellorou en nada o seu nivel asistencial e a calidade de vida dos familiares ou coidadores, polo que reclaman unha axuda complementaria. Sen embargo, as prestacións económicas por coidados no ámbito familiar preséntanse como incompatibles; si resultan compatibles outros servizos, como a axuda no fogar (art. 18.3 da orde do 17 de decembro de 2007). Ademais, moitos familiares reclaman debido a que moitos dependentes con discapacidade psíquica se encontran en idade escolar (que nestes casos se prolonga), polo que a atención nos centros en realidade non é máis que a prestación pública correspondente ao seu dereito fundamental á educación (especial), garantido como tal no art. 27 CE, polo que o lóxico sería complementar ese dereito cunha prestación para a atención específica da dependencia.

Por estes motivos coñecemos diferentes queixas. Nas Q/1205 e 1229/09 formulamos á CTB unha recomendación (véx. a recomendación 15 das desta área). A afectada promovera un recurso de alzada para ampliar o PIA ou polo menos para que se dese efectividade á previsión de que a atención sería a tempo completo, algo que non se

daba, segundo a afectada. Sen embargo, a resolución do recurso para aclarar o fondo do asunto se encontraba atrasada, polo que se recomendou que se resolvese con urxencia. En canto ao fondo do asunto recomendouse que se defina *a posible mellora do servizo que actualmente recibe a afectada, que podería complementarse a través de calquera das formas indicadas* (mellora na intensidade ou no pago do servizo; outorgamento dun servizo complementario, compatible co que vén recibindo; ou atribución excepcional da prestación económica polos coidados no ámbito familiar, coas modificacións que fosen precisas, de ser o caso). Na súa resposta a recomendación a CTB limitouse a indicar que os recursos de alzada se van resolvendo por estrito orde de entrada, existindo na actualidade unha demora na súa resolución polo seu elevado número, co que non se ofrece solución de ningún tipo no aspecto formal, pero sobre todo non se indica a solución que se dará ao problema de fondo, é dicir, respecto da necesidade de explicar as causas polas que, a pesar de atribuír un centro de día con dedicación completa, sen embargo a atención é parcial, o que obriga a unha ampla atención doméstica. No centro en cuestión o contraste da situación dos afectados en idade escolar e os que a superaron é sintomático. A interesada confirma que o servizo se vén prestando nas circunstancias actuais desde que pasou da *escola especial* ao denominado *centro de día* para adultos; por iso, apréciase a necesidade de abordar unha pronta solución. O anterior prodúcese no caso dun afectado de autismo, que por tal causa precisa un grao de atención moi especial, como se describe detallada e xustificadamente na queixa.

Moi parecidos eran os casos coñecidos nas queixas Q/1206 e 1230/09 (véx. a recomendación 10 das desta área) e Q/1310/09 (véx. a resolución 14 das desta área); as actuacións realizadas pola nosa parte tamén coincidiron, da mesma maneira que a resposta da CTB. De todo o anterior deducimos que a CTB non aceptaba as recomendacións, polo que procedemos a aplicar o previsto no art. 33.2 da lei do Valedor do Pobo, incluíndo unha mención do asunto no Informe Anual ao Parlamento de Galicia, ao considerarse que eran posibles solucións positivas e non se deron.

Casos similares ao anterior coñecéronse en diferentes ocasións. Destacan as numerosas queixas relativas a dependentes atendidos no centro *Terras de Ferrol* (antes chamado *Carmen Polo*). A CTB entende que se trata dun centro de educación especial ao

que acoden dependentes que superan a idade de escolarización en réxime de centro de atención diúrna. Para coñecer os detalles da situación o 3 de xuño de 2010 acudimos a realizar unha visita ao centro. Á marxe de resolver a circunstancia apuntada (a mestura inapropiada dos escolares cos adultos), tamén pretendiamos coñecer as prestacións específicas que se estaban ofrecendo aos escolares e ás súas familias con motivo da implantación da LD, e tamén as prestacións complementarias que se daban aos adultos, posto que na maioría dos casos as necesidades de determinados discapacitados psíquicos non diminúen ao entrar na idade adulta, senón que, polo contrario, aumentan, o que fai lóxico prestarlles máis apoio público e social. Tamén se pretendía aclarar porque nalgúns casos se outorgara, ademais do servizo do propio centro, unha prestación económica para coidados no ámbito familiar, pero noutros non; as causas polas que o centro, atribuído como servizo cunha intensidade máxima, sen embargo non ten esta característica; e porque non se outorgan servizos complementarios compatibles, como a axuda a domicilio. Finalmente a CTB indicou que resolvera o problema pola vía de atribuír de forma excepcional prestacións económicas complementarias, e que se puxera en marcha o plan para separar o centro de educación especial do centro de atención de día para persoal fora de idade escolar. Era unha das posibles solucións suxeridas; en concreto resolveuse *conceder con carácter excepcional e por un tempo limitado a prestación económica vinculada a coidados no ámbito familiar*. Esa concreta decisión vén motivada porque o centro *ten horario escolar e nalgún caso illado, por descoñecemento de que acudían a ese centro, se concedeu no seu día a prestación económica*. Como dixemos, expresabamos que unha alternativa viable sería o cambio respecto da imposibilidade de compatibilizar a prestación económica por coidados no ámbito, polas carencias observadas e á vista de que algúns afectados xa a cobraban. Así sucedeu nas Q/1718/09, Q/1880/09, Q/1863/09 ou Q/1865/09.

Sen embargo, a solución apuntada en primeiro termo (complemento de servizo ou prestación económica engadida) parece que só se está aplicando nese concreto centro, de carácter público, e non nos outros; non coñecemos solucións similares noutros casos, como os das queixas Q/1205 e 1229/09, Q/1206 e 1230/09, e Q/1310/09.

1.7.3.8 A retirada de fondos complementarios antes achegados pola ONCE para atención dos seus afiliados con discapacidade intelectual

Noutra orde de cousas, en non poucos casos recibimos reclamacións de pais de nenos ou adultos afectados por algún tipo de discapacidade intelectual (parálise cerebral, autismo, síndrome de Down...), que ademais sofren cegueira ou discapacidade visual e por iso son afiliados da ONCE. Como puidemos comprobar, esa organización, alegando a recente e progresiva implantación da LD, retiroulles as axudas que viña prestando como complemento das percibidas das administracións públicas, normalmente dedicadas a sufragar os centros especiais, educativos ou de día, aos que acoden desde antes da implantación da LD. Esas axudas da ONCE recibíanse para facer fronte ao copago previsto antes da LD e tamén agora, despois da súa aplicación e de contar coa declaración oficial como dependentes e cos plans individuais de atención ou PIA. O máis rechamante é que a ONCE, nas súas respostas aos afiliados, indícalles que coa entrada en vigor e a efectividade da LD, mediante a aprobación dos PIA, debe ser a administración responsable, neste caso a CA de Galicia, a que se faga cargo da totalidade do servizo, algo que nos pareceu inadecuado e que non responde á realidade, posto que tanto agora como antes se prevé a necesidade de copago do servizo, que era precisamente o que motivaba a achega complementaria da ONCE. Esa necesidade de pago parcial do servizo non cambiou; a LD sinala ao respecto que “os beneficiarios das prestacións participarán no financiamento destas, segundo o tipo e custo do servizo e a súa capacidade económica persoal” (art. 33; a participación dos beneficiados no custo das prestacións).

Por todo iso, a nosa actuación consistiu en dar traslado da situación á CTB co propósito de que pola súa parte se entrase en contacto coa ONCE para, como mínimo, se evitase este tipo de xustificacións inadecuadas, que sinalaban á administración como responsable de algo que non respondía á realidade. Ademais, parecía lóxico coñecer a motivación última desta forma de actuar da ONCE e esgotar as posibilidades para evitar este grave prexuízo a persoas que, polas súas circunstancias, necesitaban toda a axuda posible, xa fose pública, institucional ou privada.

Pola nosa parte contactamos coa ONCE, que, a través da súa *Defensora do Afiliado*, nos confirmou que as axudas se estaban retirando nos casos que coñeciamos,

circunstancia ante a que ela reaccionara recomendando á ONCE que rectificase tal retirada, algo que a organización rexeitara. Sen embargo, non nos enviou a recomendación formulada, a pesar de indicarnos nun primeiro momento que non habería problema para o seu envío. Finalmente recibimos unha solicitude de visita do responsable da ONCE en Galicia, que nos confirmou todos os extremos do problema, pero sen anunciar que se fose a rectificar esta práctica nin descartar que seguise motivándose da forma inadecuada que se estaba trasladando aos afectados. En calquera caso, dada a natureza da ONCE, pola nosa parte non é posible realizar máis actuacións que as indicadas, aínda que si resaltar neste Informe ao Parlamento de Galicia o carácter claramente inadecuado da actuación descrita.

Un exemplo encontrámolo na Q/881/10, promovida pola nai dunha persoa afectada de parálise cerebral desde o seu nacemento. Na etapa escolar fora atendida no centro da asociación *Amencer* para parálíticos cerebrais de Pontevedra, e desde que superou a idade escolar está atendida no centro *Princesa Leticia* que a mesma asociación ten en Vilagarcía de Arousa. Solicitou a aplicación da LD, atribuíndoselle como recurso o *centro de día a xornada completa* no centro no que xa estaba. Por tanto, a aplicación da LD limitouse a validar o servizo que se viña prestando. Agora encóntrase co grave problema de que a ONCE, que pagaba directamente parte dos gastos do centro nunha contía importante, retiroulle a axuda para a atención da súa filla. A ONCE pagaba directamente parte dos gastos das prazas do centro, pero retirou esa axuda en relación cun número importante de afectados debido, segundo ela, a que eses gastos deberían ser asumidos pola administración que recoñece o PIA, algo que, reiteramos, non parece responder á realidade. Comprobamos en documentos da ONCE achegados polos afectados que a organización lles sinala que “...mediante escrito... se notifica a aprobación do programa individual de atención que se contempla no art. 29 da Lei 39/2006, no que se lle concede o servizo de centro de día con intensidade de xornada completa, que será prestado no centro ao que... viña acudindo. Do contido da dita resolución despréndese que a totalidade dos servizos que se veñen prestando a través do dito centro ha de quedar comprendido entre os cubertos en virtude da prestación aprobada”. Como adiantamos, esta xustificación non responde á realidade, aínda que é á CTB a quen corresponde intervir ante a ONCE para que non se traslade este tipo de argumentos, que pretenden descargar a responsabilidade do actuado pola ONCE na propia Consellería.

Por tanto, a ONCE indica que a súa decisión se xustifica polo PIA, ao entender que agora os gastos deberían ser asumidos integramente pola administración que aprobara ese PIA; ademais, a ONCE aplica a medida con efectos económicos referidos ao momento de aprobación do PIA, co que pretende obrigar á afectada a devolver o *cobrado indebidamente*, segundo os seus argumentos. Sen embargo, a pensión de 504 € non lle chega para asumir o pago do centro e o resto dos gastos que se xeran debido ás moi especiais circunstancias da súa filla. Sorprendentemente, a súa situación é peor que antes de iniciar os trámites de dependencia, o que “resulta inaudito”, segundo sinala con razón. Á vista da nova situación o centro (como outros na mesma situación) vese na tesitura de diminuír uns servizos xa moi axustados en canto a financiamento ou reclamar esta dos pais. Toda a información anterior foi contrastada coa xerencia do centro e confirmouse que a situación descrita responde á realidade e prexudica enormemente todos os afectados e as súas familias, e que tamén a padecen outros afectados en diferentes centros deste tipo. Pola nosa parte recibimos algúns exemplos nas queixas Q/2211/10 (que afecta a varios irmáns), ou Q/2215/10.

Do exame dos casos que coñecemos dedúcese que a responsabilidade do problema non parece da administración, posto que está aplicando adecuadamente a LD e a normativa que a desenvolve; esta normativa prevé que parte dos gastos do servizo asignado sexan de conta do usuario, da mesma maneira que se viña facendo con anterioridade. Foi a ONCE a que, facendo unha interesada e incorrecta interpretación da LD e das resolucións que a aplican, reduciu as súas axudas individuais dedicadas a persoas e familias en situación de evidente necesidade, ao contar con problemas graves non só de discapacidade intelectual ou psíquica, senón tamén de visión, razón pola que recibían a axuda da ONCE, agora retirada de forma incomprensible.

Todo parece indicar que esta organización social, que para o cumprimento dos seus fins ten concedida unha modalidade de xogo, está reducindo os recursos económicos que antes se dedicaban a estes concretos fins que tratamos, que sen embargo deberían ser prioritarios. Efectivamente, a administración está aplicando os criterios legais relativos ao copago dos servizos; é a ONCE, que antes asumía o custo de parte do servizo, quen deixou de asumir as súas responsabilidades sociais neste terreo.

1.7.3.9 Problemas co servizo de apoio á mobilidade persoal ou transporte adaptado (065)

Neste ámbito as reclamacións versan sobre a falta de efectividade do servizo despois do recoñecemento da condición de usuario do reclamante. Ao comprobar que en ocasións tal circunstancia responde á realidade, pola nosa parte requirimos da CTB aclaración sobre os criterios que utiliza para outorgar a condición de usuario do servizo en cada caso, e sobre todo se antes de concedela fai algún tipo de estudo sobre a viabilidade do servizo ordinario ou habitual que se reclama. Así sucedeu no caso da queixa Q/243/10. A CTB sinalou que o servizo 065 non dispón de medios para as necesidades do usuario e que este *se mostra inflexible*, sen concretarse en que medida as habituais necesidades de mobilidade do demandante poden adaptarse razoablemente ao servizo, cando en realidade debера ser ao revés, dadas as circunstancias. Efectivamente, o demandante do servizo acode ao centro *Aspanae* para discapacitados intelectuais de Viveiro, e ao non poder utilizar o 065, os seus pais vense obrigados a desprazalo 4 veces entre Foz e Viveiro, cun gasto considerable, a pesar de que seu pai se encontra en paro, polo que están valorando a necesidade de dalo de baixa no centro. O servizo foi recoñecido en outubro de 2009 e aínda non ten efectividade. Na documentación presentada consta resolución da CTB recoñecendo a condición de usuario do servizo despois do exame e valoración da solicitude. Por tanto, en principio debe entenderse como necesaria a efectividade do servizo, a falta doutro tipo de detalladas especificacións sobre os dereitos que outorgaría o recoñecemento desa condición. En concreto debería indicarse se previamente se valoraron as necesidades do usuario, as prioridades e os medios para atender o servizo ordinario, ou se polo contrario se entende que a normativa avala a tese de que o recoñecemento da condición de usuario non supón o compromiso da efectiva prestación do servizo nas condicións precisadas e previamente avaliadas. En resumo, indicamos á CTB que a pesar de que se recoñeceu a condición de usuario do servizo, o certo é que aínda non se presta, sen que as razóns expostas poidan considerarse convincentes. As circunstancias persoais do afectado e da súa familia fan necesario o servizo.

Tamén se reclama pola falta de respecto aos horarios preestablecidos -ou porque os cambios de horario non se comunicaban con antelación suficiente-, ou por atrasos que

prexudican especialmente os usuarios de centros asistenciais e os seus coidadores ou familiares, que tamén teñen horarios laborais que cumprir. Indicouse que algún día se chegou a non ir a recoller os usuarios. Tamén se sinalou nalgunha queixa que en ocasións se permanece moito tempo no transporte adaptado.

1.7.3.10 Fomento da accesibilidade

En diferentes queixas denúnciase o incumprimento das prescricións legais respecto da accesibilidade de edificios ou medios de transporte. O normal é que a CTB dea conta á *Comisión Técnica de Accesibilidade* e esta requira a corrección da deficiencia detectada. Así o constamos nos casos coñecidos nos expedientes Q/1118/10 e Q/1328/10, nos que se mencionaba que a entrada principal do Concello de Ferrol non resulta accesible, polo que se habilitou unha porta alternativa na fachada posterior, aberta durante os últimos anos, pero máis adiante cerrada; había que chamar a un timbre e demostrar ao garda que se ten algunha discapacidade para poder entrar no edificio. A citada Comisión indicou ao Concello de Ferrol *o disposto no art. 30.3 do Decreto 35/2000* (obrigación de que cando exista un acceso alternativo para persoas con mobilidade reducida, este non pode ter un percorrido superior a seis veces o habitual, nin se condicione o seu uso a autorizacións expresas ou outras limitacións). O concello rectificou a práctica anterior e *deu instrucións para que a porta traseira do concello permaneza aberta de forma permanente*. A queixa Q/1804/10 referíase á falta de adaptación do edificio de Correos en Pontevedra, que só conta cunha *plataforma salvaescaleiras*, algo que a Comisión considera adecuado, dado o carácter protexido do edificio, segundo nos informou.

Noutros casos trátase de reclamacións referidas a prazas de estacionamento reservadas para persoas con mobilidade reducida. Na queixa Q/1638/10 reclamábase do Concello de Ferrol unha solución para o problema de mobilidade que padecía un neno de 5 anos con parálise cerebral severa, tetraplexía e síndrome de west, que acode habitualmente a un colexio especial en Sada. Pedírase unha praza reservada cerca da súa casa. Finalmente o concello comunicou que xa habilitara a praza reclamada. Tamén en relación co Concello de Ferrol se formulou a Q/1815/10, debido a diferentes sancións por suposto estacionamento indebido a unha persoa con tarxeta de mobilidade reducida. Ese concello informou de que unha desas multas se impuxo por estacionamento en *carga e descarga*; ao

respecto o interesado alegara que a normativa de estacionamento das persoas con mobilidade reducida debe interpretarse de acordo cunha recomendación da Unión Europea que permite estacionar estas persoas nas zonas de *carga e descarga*. Por iso reclamamos aclaración sobre este aspecto, e ao peche do Informe encontrámonos á espera da aclaración a esta cuestión.

Tamén iniciamos unha queixa de oficio (Q/2133/10) debido á noticia de prensa que sinalaba que unha persoa cunha filla con discapacidade, á que leva de forma habitual ao Hospital Universitario de Santiago desde Porto do Son, con frecuencia se encontra con dificultades porque as prazas para discapacitados están ocupadas de forma inadecuada. Presentou unha reclamación no Servizo de Atención ao Paciente do hospital; sinalou que “están aparcando coches sen tarxeta e ás veces ata algúns condutores se riron de nós dicíndonos que chame a quen queira, que non lle van facer caso”. Cando protestou “os vixiantes nos contestaron que eles chaman á policía, pero dinlles que deixen de molestar”. Pero “un día que aparquei un momento nunha praza reservada para taxistas, a pesar de que os gardas me viron baixar coa miña filla para acercala á porta, non dubidaron en pedirme que retirase inmediatamente o coche xa que molestaba, pero as prazas para discapacitados estaban ocupadas por persoas a quen non lles correspondían”. A noticia sinala que “en Conxo tamén reclaman máis espazo, e que as que hai se usan mal”. Unha acompañante dun familiar con discapacidade que acudiu alí para recibir o tratamento encontrou o espazo habilitado para eles ocupado por un coche co cartel de “se vende” e sen autorización para estacionalo alí. Protestou e dixéronlle que ao parecer era dun traballador do hospital. Sinala que as prazas para utilizar por discapacitados “son totalmente insuficientes”, a pesar de que a presenza da Unidade Pluripatólóxica de Idade Avanzada e outros servizos fai que o número de discapacitados que acoden sexa elevado. Ao peche do Informe seguimos á espera da resposta da Consellería de Sanidade, e recibimos a resposta do Concello de Santiago, que indicou que non é un asunto da súa competencia, circunstancia que imos matizar no próximo escrito que lle dirixamos, despois de contar cos dous informes reclamados nesta queixa.

1.7.3.11 Amplos atrasos nas valoracións de discapacidades

Xa no informe do pasado ano nos vimos na necesidade de subliñar os amplos atrasos que se producían nas valoracións de discapacidades, sobre todo na área de Ferrol. Estes atrasos eran excesivamente amplos, arredor dun ano e medio. A CTB informáranos que os problemas detectados no Equipo de Ferrol terían inmediata solución. O problema estribaba en que nesa zona se dispoñía *dun só equipo de valoración*, comprometéndose *a paliar esta demora motivada pola actual carga de traballo e a reforzar a sección de valoración con outro equipo*.

Pois ben, este ano continuaron as queixas relativas ao mesmo problema, e das investigacións realizadas dedúcese que a situación non parece ter mellorado. A Consellería adoita responder que a tardanza se produce *debido aos escasos medios*, pero sen poñer medidas para corrixir tal situación, nin con respecto ao caso concreto analizado nin con respecto á situación xeral que ela mesma reconece. Unicamente indica que *estuda os expedientes para tramitar con urxencia cando as necesidades estean xustificadas*.

Á vista desta situación vímonos obrigados a formular recomendacións para resolver definitivamente o problema, como en caso das queixas Q/1476/10 (véx. a recomendación 30 das desta área), na que a solicitude se deu en outubro de 2009 e en setembro de 2010 formulamos recomendación; Q/1398/10 (véx. a recomendación 29 das desta área), na que a solicitude se deu en outubro de 2009 e formulamos a recomendación en setembro de 2010.

Outros problemas relativos ao tratamento das discapacidades encontrámoslos, por exemplo, na Q/1453/09, en que detectamos a falta de resolución dun recurso que parecía adecuado e relativo ao cómputo da axuda á discapacidade solicitada ao amparo do Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta. Como conclusión da investigación realizada formulamos á Consellería unha recomendación (véx. a recomendación 22 das desta área) para que con urxencia resolverse o recurso pendente, que se encontraba demorado, de acordo cos prazos legalmente previstos, e para que non se producisen demoras inxustificadas que prexudican os cidadáns afectados. Esta recomendación foi

aceptada e a CTB comprometeuse a aboar a axuda social aprobada con efectos do 12-11-09, tal e como reclamaba o interesado no seu recurso.

1.7.3.12 As reclamacións por rendas de integración social, axudas de emerxencia social ou doutro tipo

Tamén se promoveron queixas relacionadas con atrasos na tramitación da renda de integración social (RISGA), de axudas para emerxencias sociais (AES), ou de axudas sociais doutro tipo. Para cumprir os obxectivos legalmente fixados para estas axudas é evidente que a tramitación debe resultar rápida.

En canto ás primeiras (RISGA), observouse que algúns supostos atrasos en realidade se debían á non presentación da documentación necesaria; os expedientes puideron resolverse despois de que se corrixisse esta deficiencia. Noutros casos, en cambio, observamos atrasos da administración, nalgúns na fase na que intervén o Concello de que se trate, e noutros por atraso da CTB. Isto último sucedeu na Q/2157/10. Confirmouse o atraso, polo que a Consellería advertiu á unidade tramitadora coa finalidade de que adoptase as medidas oportunas para evitar atrasos deste tipo; despois informouse de que o expediente se encontraba na intervención para empezar a cobrar en breve. Noutros casos reclámase pola retirada ou suspensión do RISGA, como na Q/241/10, na que se confirmou que a suspensión se encontraba motivada por unha falta de comunicación de ingresos. Tamén se recibiron queixas por atrasos no aboamento destas rendas de integración (Q/1078/10 e Q/1084/10). Descubriuse que os pagos dos últimos meses se deron nos 5 primeiros días do mes, de acordo co previsto, e incluso se adiantaron nalgúns casos. Constatouse un lixeiro atraso dun día en abril, ao parecer debido a que xurdiron problemas de identificación dalgunhas persoas beneficiarias. Non obstante, indicouse que para evitar eses atrasos, no pago das próximas nóminas se adiantaría uns días a comunicación das propostas á Consellería de Facenda.

Tamén se recibiron diferentes reclamacións pola xestión municipal de axudas de emerxencia social (en Carballo e A Estrada), ambas aclaradas.

En relación coas reclamacións por incidentes nouro tipo de axudas destaca a Q/1478/10, referida á denegación polo Concello de Ames da exención de taxas pola prestación de servizos complementarios educativos. A reclamante indicaba que á vista da denegación de axuda non se protexía adecuadamente as familias monoparentais. Despois de coñecer a queixa chegamos á conclusión de que o concello motivara adecuadamente o rexeitamento desa axuda pola superación dos ingresos que a xustificarían e por non se tratar dunha familia monoparental; *é necesario que o mantemento da unidade familiar corresponda en exclusiva... o cal non ocorre neste suposto, á vista da sentenza (de divorcio)... na que se recolle a achega económica do pai.*

1.7.3.13 Asistencia ás persoas *sen teito*

Neste exercicio promoveuse unha iniciativa de oficio de especial relevancia, como é a presentación ante o Parlamento de Galicia do *Informe especial sobre as persoas sen fogar en Galicia*. Os seus obxectivos son, dunha banda, coñecer as características e situación destas persoas, e, doutra, definir cales deberían ser as políticas favorecedoras para a súa inclusión social. Tamén procuramos contribuír á concienciación da sociedade a través dunha análise reflexiva sobre a problemática que nos ocupa.

Como destacamos no informe, son poucas as queixas que se reciben dos denominados *sen teito*, pero a súa aparente resignación non pode facer que deixemos de buscar unha solución aos seus problemas ou carencias. Levouse a cabo un exhaustivo traballo de campo que incluíu visitas aos centros máis significativos que se dedican á atención dos *sen teito* en Galicia; entrevistas á dirección, persoal e usuarios dos mesmos; ou o exame de documentación ilustrativa. Igualmente se recompilou información da Xunta de Galicia e dos concellos das principais cidades galegas, e mantivéronse contactos con entidades públicas e privadas que achegaron os seus puntos de vista acerca da situación destas persoas.

1.7.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Nesta epígrafe recóllense as queixas que non foron admitidas a trámite por non reunir os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, ou por

concorrer calquera das circunstancias enumeradas nos artigos 20 e 21 do mesmo texto legal. As circunstancias que motivan con maior frecuencia a non admisión a trámite son o coñecemento xudicial presente ou pasado da queixa; a non reclamación previa á administración competente; a ausencia de indicios de actuación irregular da administración; e a natureza xurídico-privada do problema. En calquera caso, sempre se comunica a non admisión da queixa e se especifica o motivo concreto desa decisión, informando ao interesado do máis oportuno na defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos, se observamos a existencia dunha actuación alternativa que poida promoverse.

1.7.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

O Defensor del Pueblo é a única institución habilitada para a supervisión da actuación da administración xeral do Estado (artigo 54 CE). Por iso, cando recibimos algunha queixa relativa a esa administración, remitímola ao Defensor del Pueblo, dando efectividade desta maneira aos principios de colaboración e coordinación establecidos na Lei 36/1985, do 6 de novembro, pola que se regulan as relacións entre a institución do Defensor del Pueblo e as figuras similares nas distintas comunidades autónomas. Este ano remitimos ao Defensor del Pueblo unha soa reclamación, referida a un problema de Seguridade Social (Q/280/10).

1.7.6 RESOLUCIÓN DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS

1.- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 15 de xaneiro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/2141/09).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. J. J. R. C. debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que el e súa muller son titores dun incapacitado físico e psíquico, D. J.R. C., dende 2001. Ao amparo da lei de dependencia o 9.5.08 solicitouse a valoración. A resolución é do 19.12.08, co recoñecemento de situación de dependencia grao III e nivel 2. Dada a mala situación se ingresou nun centro especializado para tratar de ter unha calidade de vida mellor. Esta situación comunicouse á Secretaria Xeral do Benestar na Coruña o 16.2.08 (sic; debe ser de 2009), para que se dera a libranza correspondente. Aos 6 meses da resolución de recoñecemento de situación de dependencia tería que ter a axuda económica vinculada, feito que ata hoxe non se dá. No mes de setembro acudiu á oficina que a Xunta de Galicia ten na rúa Concepción Arenal na Coruña para ver a situación; a resposta foi, máis ou menos, que non había cartos e que habería que seguir á cola. O exp. é o SAAD ..., e o DNI Foi ingresado o 2.2.09 na Residencia ..., sita na rúa A, s/n, – Ourense.

Ante iso solicitamos, como vostede coñece, información á Consellería de Traballo e Benestar, que recentemente nola remitiu. Na mesma indícase o seguinte:

“Informe de tramitación do expediente SAAD ..., de D. J. R. C., con DNI ...

Data de presentación da solicitude de valoración de dependencia: 9 de maio de 2008.

Data da resolución de recoñecemento da situación de dependencia en grao III e nivel 2 do 19 de decembro de 2008.

Con data do 6 de maio de 2009 faise proposta do programa individual de atención, na que se propón libranza vinculada á adquisición dun servizo, con data de efectos do 10 de maio de 2008, e 485,36 € ao mes no ano 2008 e, 497,01 € ao mes no ano 2009.

Na actualidade, a dita proposta queda á espera da existencia de crédito orzamentario para poder remitila á Intervención Territorial Delegada para a súa fiscalización.”

O informado pola administración confirma o sinalado polo interesado na queixa, isto é, que se promoveu o recoñecemento da situación de dependencia e as prestacións que correspondan hai un tempo moi considerable, en maio de 2008, que se recoñeceu a situación de dependencia en decembro de 2008, cun grao III e nivel 2, e que a pesar do tempo transcorrido aínda non se resolvera sobre a prestación ou o PIA. Tampouco se menciona cando se resolverá, senón unicamente que a data de hoxe existe proposta de PIA e esta “*queda á espera da existencia de crédito orzamentario para poder remitila á Intervención Territorial Delegada para a súa fiscalización*”.

Por tanto, como adiantamos, parece confirmado o motivo da queixa, isto é, o atraso do procedemento de valoración da situación de dependencia e de posterior atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. O Decreto autonómico 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na CA de Galicia, conforma dous procedementos con resolucións propias, sendo ambas susceptibles de recurso. Diso dedúcese que ata tanto non se resolva o *segundo procedemento* non terá efectividade a resolución do primeiro. O decreto establece para o procedemento de recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 6 meses (art. 14.4), e sinala que para a aprobación do PIA tamén se aplicará o prazo de 6 meses (art. 14.7). Por tanto, atribúese a cada fase ou procedemento un prazo de 6 meses. Resulta un prazo que pode cualificarse como *xeneroso* para a propia administración actuante.

Á vista de todo o exposto a primeira conclusión que pode extraerse é a necesidade de estrito cumprimento dos prazos previstos, xa de por si xenerosos, o que so pode

conseguirse cunha tramitación dilixente dos expedientes. Ao respecto o *Defensor del Pueblo Andaluz*, no seu *Informe especial sobre la atención a las personas mayores dependientes*, recomendou á *Consejería de Igualdad y Bienestar Social* que “*se agilicen los procedimientos en los plazos establecidos*” (recomendación sexta), e iso se produce a pesar de que os prazos son moitos mais axustados nesa CA (tres meses).

Neste caso constátase que os prazos previstos se superaron. O expediente debiera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

O interesado que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

“Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral aos cidadáns afectados”.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación rexeitada tácitamente.

2.- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 20 de xaneiro de 2010, debido a un procedemento de dependencia (Q/1551/09).

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D.^a T. M. P., con enderezo en

No seu escrito, esencialmente, indícanos que súa nai, D.^a A. P. S., DNI ..., enderezo na rúa, foi valorada como gran dependente, grao III, nivel 1, no expediente SAAD12 - ..., hai máis de seis meses, prazo máximo establecido. O expediente aínda non foi resolto, o que vai en detrimento da súa saúde tanto física como psicolóxica. Presentouse unha reclamación ante a Consellería o 1 de xuño de 2009. Aos poucos días solicitáronlles un documento que xa estaba entregado, tal e como se como se puido comprobar. Súa nai convive co seu cónxuxe, que debido á súa idade, 75 anos, e ao empeoramento da súa saúde, non pode facerse cargo por máis tempo da situación.

Ante iso solicitamos, como vostede coñece, información á Consellería de Traballo e Benestar, que recentemente nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

"En relación ao escrito do Valedor do Pobo de data 15 de outubro de 2009, con entrada no gabinete da Consellería de Traballo e Benestar o 21 de outubro de 2009; referido á queixa promovida por D.^a T. M. P., en relación á tramitación do expediente de recoñecemento da situación de dependencia de D.^a A. P. S., os datos que constan nesta unidade son os seguintes:

Data de presentación da solicitude de recoñecemento de dependencia 28-2-08. Data de resolución do grao e nivel: 24-10-08. Recoñecéuselle o grao III- nivel I. Estado actual do expediente: Segundo nos informan dende o Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña, en data 25-9-09 fórmulase a proposta do plan individual de atención (PIA), establecéndose como

recurso idóneo a modalidade de servizo de axuda no fogar (70 horas). A súa efectividade, neste caso, correspóndese co 1-3-08, se xa estiver a percibir o servizo que se aprobe no seu programa individual de atención (PIA)."

O informado pola administración confirma o sinalado pola interesada na queixa, isto é, que se promoveu o recoñecemento da situación de dependencia e as prestacións que correspondan hai un tempo moi considerable, en febreiro de 2008, que se recorreu a situación de dependencia en outubro de 2008, e que a pesar do tempo transcorrido aínda non se resolvera sobre a prestación ou o PIA. Tampouco se menciona cando se resolverá, senón unicamente que existe proposta de PIA.

Por tanto, como adiantamos, parece confirmado o motivo da queixa, isto é, o atraso do procedemento de valoración da situación de dependencia e de posterior atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. O Decreto autonómico 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na CA de Galicia, conforma dous procedementos con resolucións propias, sendo ambas susceptibles de recurso. Diso dedúcese que ata tanto non se resolva o *segundo procedemento* non terá efectividade a resolución do primeiro. O decreto establece para o procedemento de recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 6 meses (art. 14.4), e sinala que para a aprobación do PIA tamén se aplicará o prazo de 6 meses (art. 14.7). Por tanto, atribúese a cada fase ou procedemento un prazo de 6 meses. Resulta un prazo que pode cualificarse como *xeneroso* para a propia administración actuante.

Á vista de todo o exposto a primeira conclusión que pode extraerse é a necesidade de estrito cumprimento dos prazos previstos, xa de por si xenerosos, o que só pode conseguirse cunha tramitación dilixente dos expedientes. Ao respecto o *Defensor del Pueblo Andaluz*, no seu *Informe especial sobre la atención a las personas mayores dependientes*, recomendou á *Consejería de Igualdad y Bienestar Social* que "*se agilicen los procedimientos en los plazos establecidos*" (recomendación sexta), e iso prodúcese a pesar de que os prazos son moitos máis axustados nesa CA (tres meses).

Neste caso constátase que os prazos previstos se superaron. O expediente debiera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa moi demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral aos cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

3.- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 25 de xaneiro de 2010, debido a un procedemento de dependencia (Q/1909/09).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. J. F. C. debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que se atopa demorado o expediente de dependencia 1634, relativo ao recoñecemento da situación e o dereito as prestacións as que ten dereito a esposa do interesado, M. T. S. B. (DNI ...), a pesar dos múltiples intentos realizados, tanto por escrito como presenciais, sen obter solución.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que nun primeiro intre confirmou que o expediente se atopaba moi demorado, posto que fora iniciado xa había máis de dous anos e medio e sen embargo aínda non se resolvera na súa última fase. Por iso requirimos aclaración sobre a data na que se aprobaría e daría efectividade ao PIA pendente. Pois ben, a CTB respondeu recentemente a este requirimento da seguinte maneira:

"Informe de tramitación do expediente SAAD ..., de D.^a T.S. B., con DNI ...

1.- Data de presentación da solicitude de valoración de dependencia: 29 de maio de 2007. 2.- Data de resolución de recoñecemento da situación de dependencia en grao II e nivel I, do 27 de decembro de 2007. 3.- Con data do 13 de marzo de 2009, emítese proposta-resolución do programa individual de atención, na que se propón unha libranza para coidados no contorno familiar, sendo o coidador non profesional, J.F.C, cónxuxe da persoa dependente, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2009 e, unha prestación de 285 e ao mes no ano 2009. Esta proposta queda á espera da existencia de crédito orzamentario para poder remitila á Intervención Territorial Delegada para a súa fiscalización e posterior resolución. 4.- É preciso sinalar que, este expediente atópase á espera da súa tramitación debido á existencia de expedientes con datas de entrada anteriores e maior grao de dependencia pendentes da existencia de crédito orzamentario para poder resolverse, xa que, a teor do espírito da Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e do seu artigo 3, alínea q), as persoas en situación de gran dependencia serán atendidas de maneira preferente."

O informado pola administración confirma o sinalado polo interesado na queixa, isto é, que se promoveu o recoñecemento da situación de dependencia e as prestacións que correspondan hai un tempo moi considerable, en maio de 2007, que se recoñeceu a situación de dependencia en decembro de 2007, e que a pesar do tempo transcorrido aínda non se resolveu sobre a prestación ou o PIA. Tampouco se menciona cando se resolverá, senón unicamente que existe proposta de PIA e esta "queda á espera da existencia de crédito orzamentario para poder remitila á Intervención Territorial Delegada para a súa fiscalización e posterior resolución".

Por tanto, como adiantamos, parece confirmado o motivo da queixa, isto é, o atraso do procedemento de valoración da situación de dependencia e de posterior atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. O Decreto autonómico 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na CA de Galicia, conforma dous procedementos con resolucións propias, sendo ambas susceptibles de recurso. Diso dedúcese que ata tanto non se resolva o segundo procedemento non terá efectividade a resolución do primeiro. O decreto establece para o procedemento de recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 6 meses (art. 14.4), e sinala que para a aprobación do PIA tamén se aplicará o prazo de 6 meses (art. 14.7). Por tanto, atribúese a cada fase ou procedemento un prazo de 6 meses. Resulta un prazo que pode cualificarse como xeneroso para a propia administración actuante.

Á vista de todo o exposto a primeira conclusión que pode extraerse é a necesidade de estrito cumprimento dos prazos previstos, xa de por si xenerosos, o que so pode conseguirse cunha tramitación dilixente dos expedientes. Ao respecto o *Defensor del Pueblo Andaluz*, no seu *Informe especial sobre la atención a las personas mayores dependientes*, recomendou á Consejería de Igualdad y Bienestar Social que "se agilicen los procedimientos en los plazos establecidos" (recomendación sexta), e iso se produce a pesar de que os prazos son moitos mais axustados nesa CA (tres meses).

Neste caso constátase que os prazos previstos superáronse. O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento

acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

O interesado que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa moi demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral aos cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación rexeitada tácitamente.

4.- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 9 de febreiro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1978/09).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a M. C. C. referente á tramitación dun expediente de recoñecemento da situación de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que dende hai un ano a súa nai, de 84 anos, ten recoñecida a súa condición de dependencia (exp...), en concreto cun grao II e nivel 1 con carácter permanente. Sen embargo, de momento non recibiron nada máis. A súa situación económica non lle permite pagar a ninguén que se encargue dela.

Ante iso solicitamos información en diferentes ocasións a esa Consellería, que en primeiro termo confirmou que o expediente se atopa demorado, como expoñía a interesada na queixa. A solicitude orixinal é de 30 de xaneiro do 2008 e a resolución coa valoración é de 11 de decembro. A pesar diso a Consellería non sinalaba cando se resolverá e se daría afectividade ao PIA pendente, polo que requirimos aclaración. Esta recibíuse recentemente e nela sinálase o seguinte:

“Achégase o informe da Xefatura Territorial de Lugo desta Consellería en relación coa queixa presentada ante esa institución por D.^a M. C. C. (Exp. ...) sobre a demora no procedemento de dependencia de súa nai D.^a A.C.P.”.

“... a resolución do seu programa individual de atención está supeditado a existencia de crédito orzamentario. Non resulta posible informar sobre unha probable data de resolución ao non ser competencia deste departamento a concesión e dispoñibilidade dos orzamentos, dato que xa puxemos no seu coñecemento no propio informe técnico remitido con data 12 de novembro de 2009”. (Xefatura Territorial de Lugo)

O informado pola administración confirma o sinalado pola interesada na queixa, isto é, que se promoveu o recoñecemento da situación de dependencia e as prestacións que correspondan hai un tempo moi considerable, en xaneiro de 2008, que se recoñeceu a situación de dependencia en decembro de 2008, e que a pesar do tempo transcorrido o expediente está *en fase de proposta de PIA*.

Por tanto, como adiantamos, parece confirmado o motivo da queixa, isto é, o retraso do procedemento de valoración da situación de dependencia e de posterior atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. O Decreto autonómico 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á

dependencia na CA de Galicia, conforma dous procedementos con resolucións propias, sendo ambas susceptibles de recurso. Diso dedúcese que ata tanto non se resolva o *segundo procedemento* non terá efectividade a resolución do primeiro. O decreto establece para o procedemento de recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 6 meses (art. 14.4), e sinala que para a aprobación do PIA tamén se aplicará o prazo de 6 meses (art. 14.7). Por tanto, atribúese a cada fase ou procedemento un prazo de 6 meses. Resulta un prazo que pode cualificarse como *xeneroso* para a propia administración actuante.

Á vista de todo o exposto a primeira conclusión que pode extraerse é a necesidade de estrito cumprimento dos prazos previstos, xa de por si xenerosos, o que só pode conseguirse cunha tramitación dilixente dos expedientes. Ao respecto o *Defensor del Pueblo Andaluz*, no seu *Informe especial sobre la atención a las personas mayores dependientes*, recomendou á *Consejería de Igualdad y Bienestar Social* que “*se agilicen los procedimientos en los plazos establecidos*” (recomendación sexta), e iso prodúcese a pesar de que os prazos son moitos mais axustados nesa CA (tres meses).

Neste caso se constata que os prazos previstos se superaron. O expediente debiera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa moi demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

5.- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 9 de febreiro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/2342/09).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. J. A. S.Q. debido ao atraso dun procedemento de dependencia, a revisión da valoración, e a falta de información sobre as circunstancias do cheque asistencial solicitado xa en 2006.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que súa nai, D.^a P.Q. R., ten recoñecido un cheque asistencial ("cheque axuda no fogar") desde o 6/10/06, cunha valoración de 43.80 puntos, e desde ese momento está incluída en lista de espera (sic). En 2007 solicitóuselle o recoñecemento dun grao de dependencia segundo as súas circunstancias de saúde, e en xullo de 2008 a Delegación Provincial notifícalle o seu grao de dependencia, valorándoa en con grao II e nivel 1 (expediente 10.956). Desde aquel primeiro recoñecemento de cheque asistencial no ano 2006 non percibiu ningunha cantidade que poida corresponderlle polo seu grao de dependencia e que nestes momentos está pendente de valoración pola asistenta social porque as súas circunstancias de saúde xa variaron desde o momento que se lle recoñeceu.

Ante iso solicitamos información á Consellería, que recentemente nola remitiu, co seguinte contido:

“En relación ao escrito do Valedor do Pobo de data 1 de decembro de 2009, con entrada no gabinete da Consellería de Traballo e Benestar o 9 de decembro de 2009, referido á queixa promovida por D. J. A. M. Q., en relación á tramitación do expediente de recoñecemento da situación de dependencia de D.^a P.Q. R., os datos que constan nesta unidade son os seguintes:

Data de presentación da solicitude de recoñecemento de dependencia: 22-8-07. Data de resolución de grao e nivel: 17-7-08. Recoñecéuselle o grao II – nivel I. Pendente da proposta do programa individual de atención (PIA).”

O informado pola administración confirma o sinalado polo interesada na queixa, isto é, que se promoveu o recoñecemento da situación de dependencia e as prestacións que correspondan hai un tempo moi considerable, en agosto de 2007, que se recoñeceu a situación de dependencia en xullo de 2008, e que a pesar do tempo transcorrido aínda non se resolveu sobre a prestación ou o PIA. Tampouco se menciona cando se resolverá, senón unicamente que o expediente está “pendente de proposta de programa individual de atención (PIA)”. Ademais, de acordo co calendario de aplicación progresiva da LD o PIA xa debера ter efectividade.

Por tanto, como adiantamos, parece confirmado o motivo da queixa, isto é, o atraso do procedemento de valoración da situación de dependencia e de posterior atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. O Decreto autonómico 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na CA de Galicia, conforma dous procedementos con resolucións propias, sendo ambas as dúas susceptibles de recurso. Diso dedúcese que ata tanto non se resolva o *segundo procedemento* non terá efectividade a resolución do primeiro. O decreto establece para o procedemento de recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 6 meses (art. 14.4), e sinala que para a aprobación do PIA tamén se aplicará o prazo de 6 meses (art. 14.7). Por tanto, atribúese a cada fase ou procedemento un prazo de 6 meses. Resulta un prazo que pode cualificarse como *xeneroso* para a propia administración actuante.

Á vista de todo o exposto a primeira conclusión que pode extraerse é a necesidade de estrito cumprimento dos prazos previstos, xa de por si xenerosos, o que so pode conseguirse cunha tramitación dilixente dos expedientes. Ao respecto o *Defensor del Pueblo Andaluz*, no seu *Informe especial sobre la atención a las personas mayores dependientes*, recomendou á *Consejería de Igualdad y Bienestar Social* que “*se agilicen los procedimientos en los plazos establecidos*” (recomendación sexta), e iso prodúcese a pesar de que os prazos son moitos máis axustados nesa CA (tres meses).

Neste caso constátase que os prazos previstos se superaron. O expediente debiera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

O interesado que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Polo que se refire á falta de información sobre as circunstancias da solicitude de cheque asistencial en 2006, a Consellería non aclara nada, da mesma forma que no relativo ao empeoramento da dependente, que motivou a solicitude de revisión, sen resposta.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa moi demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados.

E que tamén con urxencia se facilite aclaración sobre as circunstancias da solicitude de cheque asistencial en 2006 e da solicitude de revisión do grao e nivel de dependencia.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación rexeitada.

6.- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar el 22 de febreiro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/2520/09).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de dona M.^a L.C. G. debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que é filla e gardadora de feito de D.^a J. G. R., con DNI D J. solicitou a valoración de dependencia no 2007 e ten recoñecido, con data de 28 de agosto do 2008, o grao II - nivel 1. A lei recoñécelle dependencia severa e o dereito a unha serie de servizos e prestacións que ata agora non son efectivos por estar condicionados á aprobación dun plan individual de atención que non recibiu. Segue sen resposta ningunha.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que recentemente nola remitiu, co seguinte contido:

“En relación ao escrito do Valedor do Pobo de data 30 de decembro de 2009, con entrada no gabinete da Consellería de Traballo e Benestar o 12 de Xaneiro de 2010; referido á queixa promovida por dona M.^a L. C. G., en relación á tramitación do expediente de recoñecemento da situación de dependencia de dona J. G. R., os datos que constan nesta unidade son os seguintes:

Presentación da solicitude de recoñecemento de dependencia no ano 2007. Data de resolución de grao e nivel: 28-08-08. Recoñécéuselle o grao II- nivel 1.Estado actual do expediente: pendente da proposta do programa individual de atención (PIA)."

O informado pola administración confirma o sinalado pola interesada na queixa, isto é, que se promoveu o recoñecemento da situación de dependencia e as prestacións que correspondan hai un tempo moi considerable, en 2007, que se recoñeceu a situación de dependencia en agosto de 2008, e que a pesar do tempo transcorrido aínda non se resolveu sobre a prestación ou o PIA. Tampouco se menciona cando se resolverá, senón unicamente que se atopa "*pendente da proposta do programa individual de atención*".

Por tanto, como adiantamos, parece confirmado o motivo da queixa, isto é, o atraso do procedemento de valoración da situación de dependencia e de posterior atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. O Decreto autonómico 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na CA de Galicia, conforma dous procedementos con resolucións propias, sendo ambas as dúas susceptibles de recurso. Diso dedúcese que ata tanto non se resolva o *segundo procedemento* non terá efectividade a resolución do primeiro. O decreto establece para o procedemento de recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 6 meses (art. 14.4), e sinala que para a aprobación do PIA tamén se aplicará o prazo de 6 meses (art. 14.7). Por tanto, atribúese a cada fase ou procedemento un prazo de 6 meses. Resulta un prazo que pode cualificarse como *xeneroso* para a propia administración actuante.

Á vista de todo o exposto a primeira conclusión que pode extraerse é a necesidade de estrito cumprimento dos prazos previstos, xa de por si xenerosos, O que só pode conseguirse cunha tramitación dilixente dos expedientes. Ao respecto o *Defensor del Pueblo Andaluz*, no seu *Informe especial sobre la atención a las personas mayores dependientes*, recomendou á *Consejería de Igualdad y Bienestar Social* que "*se agilicen los procedimientos .. en los plazos establecidos*" (recomendación sexta), e iso prodúcese a pesar de que os prazos son moitos mais axustados nesa CA (tres meses).

Neste caso constátase que os prazos previstos se superaron. O expediente debера atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento

acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa moi demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral aos cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación rexeitada.

7.- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 22 de febreiro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/2171/09).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa promovido por D.^a F. P. C. debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que por resolución do 7 de marzo de 2008 lle foi recoñecida a situación de dependencia en grao II- nivel I, con carácter

permanente e con dereito aos servizos que na citada resolución se indicaban. Pese ao tempo transcorrido, un ano e sete meses, non volveu ter noticias ao respecto nin recibiu ningunha prestación. Atópase nunha situación moi mala, segundo expresa.

Ante iso solicitamos informe a ese órgano, que xa nos respondeu, da seguinte forma:

“Informe de tramitación do expediente SAAD ..., de D.^a F... P... C..., con DNI ...

1.- Data de presentación da solicitude de valoración de dependencia: 26 de xuño de 2007. 2.- Data de resolución de recoñecemento da situación de dependencia en grao II e nivel 1, do 7 de marzo de 2008. 3.- Con data do 22 de xuño de 2009 faise proposta do programa individual de atención, na que se propón unha libranza para coidados no contorno familiar, sendo a súa coidadora D.^a M P. E. P., con DNI ..., con data de efectos do 1 de xaneiro de 2009, e 285 € ao mes no ano 2009. 4.- A dita proposta queda á espera de existencia de crédito orzamentario para poder remitila á Intervención Territorial Delegada para a súa fiscalización.”

O informado pola administración confirma o sinalado pola interesada na queixa, isto é, que se promoveu o recoñecemento da situación de dependencia e as prestacións que correspondan hai un tempo moi considerable, o 26 de xuño de 2007, que se recoñeceu a situación de dependencia o 7 de marzo de 2008, cun grado II e nivel 1, e que a pesar do tempo transcorrido aínda non se resolvera sobre a prestación ou o PIA. Tampouco se menciona cando se resolverá, senón unicamente que a data de hoxe existe proposta de PIA e esta *“queda á espera da existencia de crédito orzamentario para poder remitila á Intervención Territorial Delegada para a súa fiscalización”*.

Por tanto, como adiantamos, parece confirmado o motivo da queixa, isto é, o atraso do procedemento de valoración da situación de dependencia e de posterior atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. O Decreto autonómico 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na CA de Galicia, conforma dous procedementos con resolucións propias, sendo ambas susceptibles de recurso. Diso dedúcese que ata tanto non se resolva o *segundo procedemento* non terá efectividade a resolución do primeiro. O decreto establece para o

procedemento de recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 6 meses (art. 14.4), e sinala que para a aprobación do PIA tamén se aplicará o prazo de 6 meses (art. 14.7). Por tanto, atribúese a cada fase ou procedemento un prazo de 6 meses. Resulta un prazo que pode cualificarse como *xeneroso* para a propia administración actuante.

Á vista de todo o exposto a primeira conclusión que pode extraerse é a necesidade de estrito cumprimento dos prazos previstos, xa de por si xenerosos, o que só pode conseguirse cunha tramitación dilixente dos expedientes. Ao respecto o *Defensor del Pueblo Andaluz*, no seu *Informe especial sobre la atención a las personas mayores dependientes*, recomendou á *Consejería de Igualdad y Bienestar Social* que “*se agilicen los procedimientos en los plazos establecidos*” (recomendación sexta), e iso se produce a pesar de que os prazos son moitos mais axustados nesa CA (tres meses).

Neste caso se constata que os prazos previstos se superaron. O expediente debiera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa moi demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral aos cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación rexeitada.

8- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar el 17 de marzo de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/175/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a C.R.C. debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que é nai de R.A.P.R. DNI ...n neno que naceu en 1995 e nada máis nacer tivo que ser operado en varias ocasións. Desde os primeiros días toma un antibiótico en doses profilácticas mañá e noite. Co paso do tempo aparecen máis dificultades que afrontaron con valentía. Ramón ten unha perda dun 90% no oído esquerdo e só ten restos auditivos. Con tres anos aparecen uns tics ou manierismos, que despois dun longo peregrinar o levan a ASPANAES, onde lle diagnostican un trastorno xeneralizado da conduta. Valóranos cun grao de discapacidade do 50%. Entón promulgouse a Lei de dependencia. A resolución de recoñecemento de dependencia (expediente Nº X) recoñece que se atopa en situación de dependencia en grao II e nivel 1 o 23 de xullo de 2008. Requírennos para facer unha proposta de plan de coidados, o que no seu momento enviaron. O neno depende de súa nai para todo, para ir ao baño, para ducharse, para atarse os zapatos, para ver a hora no reloxo -que non sabe-, para saber que día é. E así está sempre ao seu carón, pendente del vintecatro horas sobre vintecatro. O seu traballo é Ramón; deixou de traballar por el. A Lei de dependencia non é so para adultos, senón tamén para os nenos, e aos nenos fáiselles máis difícil a espera, porque para un adulto un ano que pasa é unha vitoria ao tempo, pero para un neno é unha derrota, porque ese ano que deixa de ser apoiado e estimulado por falta de recursos e medios é un ano perdido e irrecuperable, segundo expresa.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería de Traballo e Benestar, que recentemente nola remitiu. Nela sinalase o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D.^a C.R.C. núm. expediente ...on relación ao caso sobre dependencia de D. R.A.P.R. e segundo os datos facilitados pola Unidade de Coordinación da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data solicitude: 28/11/2007. Solicitouse documentación con data 10/6/2008. Con data 23/7/2008 recoñécéselle a situación de dependencia en grao II e nivel 1. O órgano técnico de valoración da situación de dependencia de Santiago de Compostela, en xunta de valoración celebrada o día 18 de febreiro de 2010, emite proposta do programa individual de atención (PIA).

Debido á prioridade que se lles está a dar a expedientes con maior grao e nivel (tendo en conta o calendario da lei) e, en función do orzamento destinado ao desenvolvemento da Lei de dependencia do que se dispón nesta data, está pendente de ditar e notificar a resolución.”

O informado pola administración confirma o sinalado pola interesada na queixa, isto é, que se promoveu o recoñecemento da situación de dependencia e as prestacións que correspondan hai un tempo moi considerable, en novembro de 2007, que se recoñeceu a situación de dependencia en xullo de 2008, e que a pesar do tempo transcorrido aínda non se resolveu sobre o PIA. Tampouco se menciona cando se resolverá, senón unicamente que a data de hoxe existe proposta de PIA, sen concretala, e *“debido á prioridade que se lles está a dar a expedientes con maior grao e nivel (tendo en conta o calendario da Lei) e, en función do orzamento destinado ao desenvolvemento da Lei de dependencia do que se dispón nesta data, está pendente de ditar e notificar a resolución”*.

Por tanto, como adiantamos, parece confirmado o motivo da queixa, isto é, o atraso do procedemento de valoración da situación de dependencia e de posterior atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do

chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

Neste caso constátase que os prazos previstos se superaron. O expediente debiera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os familiares e *coidadores* mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A Consellería pretende xustificar o atraso na prioridade que lle está a dar a expedientes con maior grao e nivel, no calendario de aplicación progresiva da Lei de dependencia, e no orzamento destinado ao seu desenvolvemento. Ao respecto é de sinalar que a preferencia dos *grandes dependientes*, que é un dos principios inspiradores da lei, debe poñerse en relación co previsto no calendario de aplicación progresiva da propia lei, que prevé a efectividade dos dereitos recoñecidos aos dependentes *severos* desde o segundo ou terceiro ano (os de nivel 2), ou desde o terceiro ou cuarto ano (os de nivel 1), polo que xa se debería estar atendendo a estes dependentes. Neste caso ademais a solicitude é xa de novembro de 2007, polo que dende entón transcorreron mais de dous anos. Por tanto, o indicado pola Consellería non resulta xustificación para a falta de efectividade dos dereitos dos dependentes *severos*; a preferencia legal dos *grandes dependientes* non debe entenderse como xustificación da demora na efectividade dos actuais dereitos dos dependentes *severos*.

Ademais, dadas as circunstancias da queixa que se mencionaron, reclámase expresamente a efectividade do programa de atención que se promoveu polos interesados, sen que por parte da administración se aclarase sequera se a proposta se fixo neste sentido ou noutro; en calquera caso, non se aclara a proposta de PIA realizada.

Por outra banda, aínda que non se menciona expresamente que se promovera recurso contra a valoración, reclámase unha xustificación desta, posto que, segundo se sinalou, “o neno depende de súa nai para todo, para ir ao baño, para ducharse, para atarse os zapatos, para ver a hora no reloxo -que non sabe-, para saber que día é. E así está sempre ao seu carón, pendente del vintecatro horas sobre vintecatro”.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa moi demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados.

E que tamén con urxencia se aclaren as razóns da valoración de dependencia como grao 2 nivel 1, a pesar de que na queixa se argumenta que o neno depende de súa nai para todo, e que se especifique o servizo ou prestación proposta.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

9- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 31 de marzo de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1892/09).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a B.G.P. debido a falta de resolución dun recurso por valoración de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o 19 de agosto de 2008 a interesada presentou perante a anterior Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar un recurso de alzada contra o grao e nivel asignado mediante resolución do 21 de xullo de 2008, na que se lle comunica o grao e nivel de dependencia, concretamente un grao I e nivel 2 (expediente 11043). Reclama que se lle recoñeza un grao III (gran dependencia), por canto necesita de asistencia constante de terceira persoa para a súa vida diaria. Sen embargo, aínda non se deu ningunha resposta por parte da administración. O 7 de xullo de 2009 volve pedir á administración autonómica que responda, sen que a resposta se dera.

Ante iso solicitamos informe á CTB, que nun primeiro intre respondeu que “*con data 22 de agosto de 2008 presentou recurso de alzada á resolución de recoñecemento da situación de dependencia. O dito recurso está pendente de resolución.*” Ante iso solicitamos información complementaria para coñecer cando se resolvería finalmente, e nesta ocasión a CTB contestou o seguinte: “*1.- Data de presentación da solicitude de valoración de dependencia: 31 de agosto de 2007. 2.- Data da resolución de recoñecemento da situación de dependencia en grao I e nivel 2: 3 de xullo de 2008. 3.- É preciso sinalar que, este expediente se atopa á espera da súa tramitación debido á existencia de expedientes con datas de entrada anteriores e maior grao de dependencia pendentes da existencia de crédito orzamentario para poder resolverse, xa que, a teor do espírito da Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en*

situación de dependencia, e do seu artigo 3, alínea q), as persoas en situación de gran dependencia serán atendidas de maneira preferente.” Así pois, de novo non aclara a resolución do recurso de alzada. Por iso solicitamos aclaración, e nesta ocasión a Consellería sinalou o seguinte: “En relación ao escrito do Valedor do Pobo de data 11 de xaneiro de 2010, con entrada no gabinete da Consellería de Traballo e Benestar o 15 de xaneiro de 2010; referido á queixa promovida por D.^a B.G.P, en relación á tramitación do seu expediente de recoñecemento da situación de dependencia, sinalamos que: Como xa se fixo constar en informes anteriores, dado o elevado número de recursos de alzada presentados, as resolucións dalgúns deles non se están a producir no prazo estipulado no artigo 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Non obstante o exposto e, en cumprimento da normativa vixente, estase dando contestación aínda que estean fóra de prazo. En canto ao contido da resolución, non se pode precisar ata que se proceda ao exame de cada un dos expedientes e se dite esta.”

De todo o anterior debe deducirse que a pesar da nosa insistencia para subliñar que deba resolverse con urxencia o recurso relativo á valoración, que se promoveu hai moito tempo, en concreto o 19 de agosto de 2008, sen embargo seguen sen aclarase as causas da falta de resolución expresa e sobre todo a data na que finalmente se resolverá. O prazo para tal resolución venceu hai moito tempo, posto que de acordo co previsto no art. 115.2 da Lei 30/1992, de RXAP-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de 3 meses.

Non podería xustificarse a falta de resolución expresa nas previsións de silencio negativo ao respecto (tamén art. 115.2 da Lei 30/1992). O transcurso do prazo e as previsións respecto das consecuencias do silencio só pode entenderse como unha garantía para o cidadán afectado polo atraso, que nese caso poderá escoller entre acudir á xurisdición contenciosa-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Por tanto, en ningún caso a administración pode alegar esta circunstancia como escusa ou atenuante da súa abstención, ao permanecer a súa obriga de resolución (art. 42.1 da Lei 30/1992).

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

“Que con urxencia se resolva sobre o recurso pendente e obxecto da presente queixa, que se encontra demorado de acordo cos prazos legalmente previstos, e que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican os cidadáns afectados”.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

10- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 7 de abril de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1206/09 e Q/1230/09).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a M.L.R. relativo ao atraso na resolución dun recurso no seo do procedemento de dependencia que afecta á súa filla, D.^a P.T.S..

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o día 7 de xaneiro do 2009 presentou recurso de alzada contra a resolución de aprobación do PIA correspondente á súa filla, D.^a P.T.S., recoñecida co grao III e nivel 1. A pesar do tempo transcorrido aínda non lle responderon ao recurso, a pesar de ser un deber legal. Na resolución que recibiu a súa filla non se lle outorgou ningún servizo nin prestación que non fora a que xa estaba recibindo.

O 14 de agosto do 2008 a súa filla recibiu a resolución de recoñecemento da situación de dependencia que lle permitía requirir determinados servizos ou prestacións, como prevención e de promoción da autonomía persoal, teleasistencia, axuda a domicilio, centro de día, prestación económica para coidados no medio familiar, ou prestación vinculada. O 18 de decembro do 2008 recibe a resolución de aprobación do programa individual de atención onde só se lle recoñece o servizo de centro de día, intensidade completa 160 e de ámbito comarcal. Este servizo xa o tiña, porque asiste desde hai moitos anos, cando nin sequera existía a Lei da dependencia, dende que deixou de ir a escola especial por idade. Para que acceda a este servizo paga mensualmente un 52,57% do total que recibe da prestación por fillo a cargo, incluído o pagamento do mes de agosto, aínda

que non concorra por permanecer o centro pechado por vacacións. O centro de día funciona de luns a venres de 10 a 17. Pecha todos os festivos e en Antroido, Semana Santa, Nadal, etc. Pecha por vacacións dende o 26 de xullo ata o día 31 de agosto, inclusive. Desde as 17.30 ata as 9.30 está a cargo dos seus coidados, de luns a venres, máis os fins de semana completos e todos os festivos e vacacións do centro.

Logo de pagar a mensualidade do centro ten que cubrir o resto dos gastos que a súa enfermidade require. Calquera actividade ou rehabilitación que lle proporcione supón un gasto extra e inaccesible para ela. Sen embargo, os discapacitados dependentes menores de 18 anos que acoden a escola especial teñen recoñecida na súa propia nai a figura de coidadora, cunha prestación económica para coidados no medio familiar. Polo grao de desgaste físico, psíquico e moral que ocasiona coidar unha persoa dependente total non importa se é menor de 18 anos ou maior de idade (neste caso, 22 anos). O único que a diferencia dos escolares é que ten máis idade e a consecuencia máis trastornos de conduta e máis forza física (bañala, vestila). Necesita 4 persoas para suxeitada e darlle a medicación, levala ao médico, ou para facerlle unha analítica de control de sangue que require periodicamente. Ten que darlle anestesia xeral para facer unha revisión odontolóxica ou realizarlle unha limpeza de oídos. Teñen que suxeitala entre dúas persoas para poder cortarlle as uñas ou o cabelo. Necesita saír á rúa acompañada de alguén para ter a tranquilidade de que a súa filla non vai escapar ou tirarse ao chan ou ocasionar algunha situación que a poña en perigo. A súa filla non le nin escribe, e o seu coeficiente intelectual e idade mental son moi baixos. Está levantada coidándoa dende as 3, 4 ou 5 da mañá ou a hora en que decide levantarse, sen poder facerlle entender que debe volver a deitarse, que é momento de descansar, que non pode gritar ou facer ruídos. A lista de situacións cun cadro de autismo xera sería interminable e ela podería seguir enumerando todo o que implica vivir e coidar dunha persoa autista. Quere que saiba que simplemente é unha nai e ama de casa que o único que fai é coidar da súa filla, polo que pide o recoñecemento de coidadora, dado que nin sequera puido traballar pola imposibilidade de conciliar a vida laboral coa vida familiar.

Subliña que a Administración non lle contesta ao seu recurso e que “non merece ese trato”.

Ante iso solicitamos informe á Consellería de Traballo e Benestar, que no seu momento indicou o seguinte:

“En contestación aos escritos do Valedor do Pobo de data 10 de xullo de 2009, con data de entrada na Consellería de Traballo e Benestar o día 14 de xullo de 2009, e do 9 de xullo de 2009, con entrada o día 13 de xullo de 2009, ambos referidos a escritos de queixa presentados por D.^a M.L.R. solicitando información sobre a tramitación do expediente de recoñecemento da situación de dependencia da súa filla, P.T.S.R., informamos que:

Presentouse solicitude de recoñecemento de dependencia de P.T.S.R., ante a extinta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar o día 29 de setembro de 2007.

Despois de examinar os informes técnicos do equipo de valoración da dependencia, a P.T.S.R., foille recoñecida unha situación de dependencia en grao III e nivel 1, o que se notificou á interesada mediante resolución da delegada provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Coruña de data 14 de agosto de 2008.

En base á esta resolución do grao e nivel de dependencia, e segundo se regula no Decreto 176/07, do 6 de setembro, elaborouse a proposta de PIA en data 24 de novembro de 2008, na modalidade de servizo de centro de día para persoas con discapacidade, proposta que se resolveu na mesma data.

O día 21 de xaneiro de 2008 tivo entrada nesta Consellería de Traballo e Benestar o recurso de alzada interposto polos familiares de P.T..

En relación ao contido do seu recurso, infórmase que segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas e situación de dependencia, "Os servizos do catálogo do artigo 15 terán carácter prioritario".

Sinalamos tamén que ante o elevado número de recursos de alzada con entrada nesta unidade, procedeuse, ante a imposibilidade material de resolución expresa dos

mesmos, ao traslado de parte destes recursos á Subdirección Xeral de Apoio Técnico Xurídico. Non obstante, procede recordar que a non resolución expresa dun recurso de alzada entenderase como silencio negativo, o que non provoca a indefensión do demandante xa que sempre poderá recorrer dende a vía contencioso-administrativa.”

Desa información deducíase que a aínda non resolvera o recurso, o que se pretendía desculpar sinalando que sempre poderá recorrer dende a vía contencioso-administrativa. Sen embargo, a anterior posibilidade non eximía a administración do seu deber legal de responder aos recursos pendentes. Por iso solicitamos aclaración, que xa se remitiu, co seguinte contido:

“En relación ao escrito do Valedor do Pobo de data 9 de Decembro de 2009, con entrada no gabinete da Consellería de Traballo e Benestar o 16 de Decembro de 2009; referido á queixa promovida por D.^a M.L.R., en relación á tramitación do expediente de recoñecemento da situación de dependencia de Dona P.T.S.R., sinalamos que:

Como xa se fixo constar en informes anteriores, dado o elevado número de recursos de alzada presentados, as resolucións dalgúns deles non se están a producir no prazo estipulado no artigo 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común. Non obstante o exposto e, en cumprimento da normativa vixente, estase dando contestación aínda que estean fóra de prazo.

En canto ao contido da resolución, non se pode precisar ata que se proceda ao exame de cada un dos expedientes e se dite esta.”

De todo o anterior debe deducirse que, a pesar da nosa insistencia á hora de subliñar que debера resolverse o recurso pendente, que se promoveu hai mais dun ano, en concreto o 21 de xaneiro de 2009, sen embargo segue sen resolverse, como tampouco se aclaran as causas da falta de resolución expresa e a data na que finalmente se resolverá. O prazo para tal resolución venceu hai moito tempo, posto que de acordo co previsto no art. 115.2 da Lei 30/1992, de RXAP-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de 3 meses.

Non pode xustificarse a falta de resolución expresa nas previsións de silencio negativo ao respecto (tamén art. 115.2 da Lei 30/1992), como recoñece a propia administración no seu último informe. O transcurso do prazo e as previsións respecto das consecuencias do silencio só pode entenderse como unha garantía para o cidadán afectado polo atraso, que nese caso escollerá entre acudir á xurisdición contenciosa-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Por tanto, en ningún caso a administración pode alegar esta circunstancia como escusa ou atenuante da súa abstención, ao permanecer a súa obriga de resolución (art. 42.1 da Lei 30/1992).

Polo que se refire ao fondo do asunto, este parece referido a reclamación dunha atención específica ás necesidades de persoas como a súa filla, que, como expresa a nai, se atopa na mesma situación que antes da aplicación da Lei de dependencia, a pesar de que o colectivo ao que pertence, os afectados de autismo, precisan un grao de atención moi especial, como describe na queixa que trasladamos a ese órgano.

Compatibilizar o servizo actual coa prestación económica por coidados no medio familiar non parece posible, posto que a normativa actual o impide, sen prexuízo da eventual modificación da mesma para casos suficientemente xustificadas, como o tratado. O contraste da situación dos afectados en idade escolar e os que a superaron é moi sintomática da necesidade de abordar esta ou outra solución que se considere adecuada. Esta podería ser tamén unha mellora na intensidade ou no pagamento do servizo, como parece reclamarse, ou o outorgamento dun servizo complementario, compatible co que vén recibindo, de acordo coa normativa actual. Esa parece ser a orientación da primeira resposta da Consellería cando sinala que *en relación ao contido do seu recurso, infórmase que segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas e situación de dependencia, os servizos do catálogo do artigo 15 terán carácter prioritario.*

Non obstante, á marxe da opción que se tome ao respecto, o certo é que o problema neste intre segue a ser a falta de resposta sobre o formulado no recurso, o que fai

que a administración non se definira sobre o fondo deste suposto, que de forma xustificada require unha atención preferente e o máis intensa posible.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o recurso pendente e obxecto da presente queixa, que se encontra demorado, de acordo cos prazos legalmente previstos, e que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican os cidadáns afectados.

E que con respecto ao fondo do asunto, no recurso se defina a posible mellora do servizo que actualmente recibe a afectada, que podería complementarse a través de calquera das formas indicadas na motivación da resolución.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación rexeitada.

11- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 21 de abril de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/128/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a M.S.P. debido ao atraso dun procedemento de dependencia e á falta de efectividade da resolución de PIA finalmente aprobada.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que é filla e gardadora de feito de D.^a M.P.G., DNI, que promoveu o expediente G.6.Q/1374/09. Súa nai era unha persoa dependente, co expediente de dependencia núm. O 30 de novembro finou, o que comunicaron á traballadora social do Centro de Saúde de Fene o 3 de decembro, como era a súa obrigaón, que trasladou a información á Consellería de Traballo e Benestar. O día seguinte recibiu a resolución do PIA de súa nai, que tiña data de aprobación do 16 de novembro de 2009 e data de saída da Consellería do 23 de novembro. Púxose en contacto coa traballadora social, que dixo que a data de aprobación do PIA era anterior ao falecemento, polo que estaban recoñecidos todos os dereitos que ata entón lle puideran

corresponder. O 1 de decembro de 2009 (saída da Consellería de Traballo e Benestar de 4 de decembro) chégalle unha resolución que anula a anterior por mor dun erro na transcripción da primeira carta; o dito erro non ten transcendencia ningunha en canto aos dereitos que lle foron recoñecidos anteriormente. Segundo lle informaron, ese erro de forma, aparentemente sen importancia, pode supor problemas á hora de ver recoñecidos os seus dereitos por mor de que súa nai faleceu. Presentou un recurso de alzada solicitando que non se anule a primeira resolución en canto á data; o erro é de forma e non altera o contido fundamental, polo que non entende que anule a primeira resolución; en todo caso cabería que a modificaran.

Efectivamente, con ocasión do expediente G.6.Q/1374/09 comprobamos o retraso do procedemento e por iso formulamos unha recomendación á Consellería para que se corrixira tal circunstancia. Ese órgano respondeu aceptando a recomendación e comprometéndose a darlle efectividade, ao indicar que *en datas próximas recibirá a resolución e o aboamento da prestación correspondente*.

Ante iso solicitamos informe á Consellería, que nun primeiro intre confirmou todos os extremos da queixa, isto é, que o PIA se resolveu antes do falecemento, pero que posteriormente se anulou por uns supostos "erros materiais", sen que se aclaren os detalles destes, a pesar de que se requiría, ao ser tal circunstancia o principal motivo da queixa. Á vista do anterior requirimos que se aclarara tal cousa, e agora a Consellería sinala o seguinte:

"Ante a queixa presentada por D.^a M.S.P., núm. expediente G.6.Q/128/2010, con relación ao caso sobre dependencia de D.^a M.P.G., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora de Dependencia, infórmase o seguinte:

Como a solicitante faleceu, para poder facer efectiva a débeda a favor de quen corresponda, a efectividade do dereito ás prestación económicas e dos solicitantes falecidos, recoñecerase a persoa que soportara o gasto sempre e cando se reúnan os requisitos que se esixan na normativa vixente para cada tipo de libranza, sempre que se xustifique documentalmente o gasto efectivamente soportado."

Así pois, a Consellería non achega a aclaración requirida e unicamente confirma unha vez máis o exposto na queixa, isto é, que a dependente faleceu despois da aprobación do PIA. Ao respecto se remite ao previsto no Decreto 15/2010 para solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento.

Ademais, tampouco se indican as causas polas que non se resolveu o recurso de alzada promovido contra a anulación da resolución de aprobación do PIA, de decembro de 2009, a pesar de que xa transcorreu o prazo de resolución (art. 115.2 LRXAP-PAC).

En conclusión, no suposto que coñecemos a Consellería de Traballo e Benestar aprobou un PIA que aínda non tivo efectividade, o que pretende xustificarse nuns supostos *erros materiais*, sen que se aclaren os detalles deses *erros*, a pesar de que tal cousa se requiriu en dúas ocasións, posto que é o principal motivo da queixa. O anterior acontece a pesar de que nun procedemento de queixa anterior se comprobou o amplo atraso do procedemento e se formulou unha recomendación para corrixir tal circunstancia, o que a Consellería aceptou, comprometéndose a resolver *en datas próximas*, o que finalmente fixo antes do falecemento da dependente. Non obstante, despois anulou a súa propia resolución sen aclarar os motivos, a pesar da queixa e dos nosos requirimentos ao respecto, como dixemos.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese órgano a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se aclaren as causas que deron lugar á anulación da resolución de aprobación do PIA, e que tamén con urxencia se resolva sobre o recurso de alzada promovido contra esa anulación.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación rexeitada.

12- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 27 de maio de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/693/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D^a C.M.M. debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que solicitou a valoración de dependencia o 18.2.2008, recoñecéndome o 20.11.2008 cun grao II e nivel 1. Non estaba de acordo con esa valoración debido a que, segundo manifesta, ten moitas limitacións a nivel físico e por iso xa ten recoñecido unha minusvalía física cunha porcentaxe do 83%, recoñecéndolle 24 puntos de necesidade de asistencia de terceira persoa. Así, presentou unha reclamación sobre o ditame da valoración de dependencia o 17.12.2008. Xa hai máis dun ano que presentou a reclamación da valoración de dependencia, pero non recibiu resposta ningunha. Ademais, co grao e nivel que ten recoñecido na actualidade recoñéceselle o dereito a unha serie de servizos e prestacións a data 1.1.2009, segundo o calendario de implantación da lei, pero que ata agora non son efectivos por estar condicionados á aprobación dun plan individual de atención do que non recibín notificación.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería de Traballo e Benestar, que confirmou que o expediente se atopaba demorado, posto que a solicitude se deu xa o 18.2.08 e aínda non se resolvera. Ademais, pretendía xustificar o atraso indicando que *o recurso de alzada supuxo un importante atraso na tramitación do expediente*. Por iso, de novo nos diriximos á Consellería para requirir aclaración, e nesta ocasión sinalou o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D.^a C.M.M., núm. expediente G.6.Q/693/2010, con relación ao caso sobre dependencia, e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data de solicitude: 7.8.2008. Data de resolución grao/nivel: 20.11.2008. 11-1. En data 30.12.2008 queda rexistrado o recurso de alzada contra a resolución. En data

30.12.2008: informe técnico desestimatorio do recurso de alzada, asinado polo médico do órgano de valoración en ausencia da presidenta do órgano. O expediente atópase á espera de realizar proposta de PIA, pois estanse aínda realizando as propostas de grandes dependentes grao III e dos severos grao II, nivel 2. Con respecto ao recurso de alzada, cabe sinalar que se están resolvendo por estrita orde de entrada, existindo na actualidade unha demora na resolución debido ao seu elevado número.”

Así pois, segue sen anunciarse nin a resolución do recurso nin tampouco a do procedemento global. Como xa tivemos ocasión de sinalar, non parece adecuado que se indique que un recurso retrasa un procedemento, e menos mais aló do prazo legal para resolvelo. O recurso é un dereito que o ordenamento habilita en contra de calquera acto formal ou de trámite cualificado, e eses recursos deben resolverse en prazo, neste caso en 3 meses como máximo (art. 115.2 LRXAP-PAC). A administración non dá conta da resolución do recurso, a pesar do moito tempo transcorrido, posto que se presentou o 30.12.08; unicamente indica que *se están resolvendo por estrita orde de entrada, existindo na actualidade unha demora na resolución debido ao seu elevado número*, sen indicar que medidas se poñerán en marcha para resolver este problema que se pon de relevo, e, no caso concreto que nos ocupa, cando se resolverá o recurso aínda pendente.

Do anterior dedúcese necesariamente que o expediente se atopa moi demorado, a pesar de terse iniciado en febreiro de 2008; cando finalmente se resolva o recurso aínda restará resolver e dar efectividade ao PIA pendente dende hai moito tempo.

Constátase que os prazos previstos tanto para o recurso como para resolver o procedemento se superaron amplamente. O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron teñen o dereito a percibir a atención que demandan. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

“Que con urxencia se resolva o recurso de alzada pendente, que se atopa demorado respectos do prazo legalmente previsto (art. 115.2 LRXAP-PAC); e que tamén con urxencia se resolva e dea efectividade ao PIA do expediente obxecto da presente queixa, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos no decreto galego 15/2010”.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: aceptada parcialmente.

13- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 27 de maio de 2010, debido a un procedemento de dependencia (Q/74/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito referente á D. M.T. debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

Ante iso solicitamos información á Consellería, que no seu momento sinalou o seguinte:

“Ante a súa queixa con expediente núm. G.6.Q/74/2010 de D M.T.A., con relación ao caso de dependencia de D.ª M.J.I.F. e segundo datos consultados nos programas, infórmase que:

*Data de solicitude de valoración da dependencia de D^a. I.F., M.J. (.....) o día 30/12/2008. Recoñecéuselle á interesada o **grao III nivel 1** mediante resolución de data 2/7/2009. Actualmente atópase en fase de elaboración do programa individual de atención (PIA). Debido á prioridade que se lles está a dar aos expedientes con data de entrada anterior (tendo en conta o calendario da lei) e, en función do orzamento destinado ao desenvolvemento da Lei de dependencia do que se dispón nesta data, está pendente de ditar e notificar a resolución.”*

Ante a insuficiencia do anterior requirimos información complementaria, e nesta ocasión indicou o seguinte:

“Ante a súa queixa con expediente núm. G.6.Q/7412010 de D. Manuel Taibo Ameijeiras, con relación ao caso de dependencia de D.^a M.J.I.F. e segundo os datos consultados nos programas, infórmase que:

Efectivamente debido á falta de crédito orzamentario o expediente encóntrase atrasado e pendente de ditar e notificar a resolución debido á prioridade que se lles está a dar a expedientes con data de entrada anterior.

Non obstante no suposto de resultar acreditada unha variación nas condicións de saúde ou na situación do contorno do solicitante que puidera mostrar unha modificación do servizo ou prestación recoñecida na proposta do seu programa individual de atención, poderase iniciar o procedemento de revisión regulado no artigo 43 do Decreto 15/2010.”

Así pois, o expediente seguía demorado, circunstancia que se coñecera co anterior informe presentado. Xa vencera o prazo para a súa resolución e ao respecto a Consellería indicaba que tal cousa se debía a *falta de crédito orzamentario* e tamén á *prioridade que se lles está a dar a expedientes con data de entrada anterior*, o que lóxicamente non podía servir como xustificación de tal atraso. A Consellería tampouco aclaraba agora cando se resolvería o PIA pendente. Polo anterior reclamamos nova información, que recibimos recentemente co seguinte contido:

“Ante a queixa presentada por D. M.t.a., núm. expediente G.6.Q/74/2010, con relación ao caso sobre dependencia de D.^a M.I.F., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data solicitude: 30/12/2008. Data resolución grao/nivel: 02/07/2009. Nas próximas datas fará se a proposta de PIA do expediente. Cando se faga a proposta de PIA, e se existe crédito, resolverase o PIA e o solicitante poderá percibir o servizo”.

Así pois, non se achegan novos datos en relación co transmitido anteriormente; unicamente se indica que *nas próximas datas se fará a proposta de PIA do expediente. Cando se faga a proposta de PIA, e se existe crédito, resolverase o PIA e o solicitante poderá percibir o servizo.* Por tanto, segue sen coñecerse a data na que finalmente se resolverá e dará efectividade ao PIA pendente. O expediente segue demorado, posto que venceu o prazo para a súa resolución. O anterior resulta rechamante, tendo en conta que os prazos regulamentarios se acurtaron coa aprobación do Decreto 15/2010 (disposición transitoria primeira) e que se trata dun *gran dependente*, polo que debera ter preferencia (art. 3.q Lei de dependencia -LD-).

Confírmase o motivo da queixa, isto é, o atraso na atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

Neste caso constátase que os prazos previstos superáronse amplamente. O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas

prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

O interesado que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

“Que con urxencia se resolva e se dea efectividade ao PIA do expediente obxecto da presente queixa, relativo a un gran dependente e aos servizos ou prestacións que se lle deberan asignar, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos”.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

14- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 2 de xuño de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1310/09).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a M.^a D.C.C.G. debido ao incumprimento do PIA de seu fillo e a falta de resolución dun recurso de alzada.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que é nai e representante legal de R.T.C. Queixase da ausencia de contestación ao recurso de alzada presentado o 5 de agosto de 2008 por incumprimento do plan individual de atención ao seu fillo. Na resolución de aprobación do programa individual de atención (expediente 2265/07) recoñécense os servizos nun centro de atención diúrna de ámbito comarcal a intensidade completa. Non se cumpre a citada resolución, xa que o Centro de Día da Asociación Aspanaes, ao que acode seu fillo, ten horario de luns a venres de 9:00 a 17:00 horas e pecha no mes de agosto, cando o servizo diúrno para ser considerado como tal, debería ser de 9 a 20 horas mínimo e dar unha prestación continuada todos os meses do ano, segundo sinala. Unha persoa co grao de autismo de seu fillo ten toda a mobilidade e forza dun adulto, pero a súa capacidade de razoamento non é superior á dun bebé.

Ante iso solicitamos informe á Consellería, que en primeiro termo sinalou que se entendía implicitamente respondido o recurso polo transcurso do prazo correspondente, sen mencionar nada respecto da posible compatibilidade do centro con outros servizos.

Polo anterior de novo nos diriximos á Consellería, que nesta ocasión sinalou que seguía sen responder ao recurso pendente dende hai moito tempo (foi promovido o 19 de agosto de 2008), e respecto do contido material do PIA, que é a cuestión principal da queixa, indica que se “poderá solicitar revisión do seu programa individual de atención (PIA) para incluír algún dos servizos que sexan compatibles”. Sen embargo, non parecía terse en conta que o que precisamente se solicita no recurso é iso, como resulta lóxico; reclámase a consideración de que o servizo de centro de atención diúrna de intensidade completa teña esa intensidade e sexa completamente gratuíto, non como sucede agora, ou que se conceda prestación para libranza vinculada á adquisición dun servizo de axuda no fogar, posto que o servizo agora dado resulta insuficiente co cuberto polo centro de atención diúrna, como se aclara no escrito da interesada de 2 de xuño de 2009, que complementa ao recurso e no que de novo se pide que se resolva sobre o recurso e sobre o que expresamente se demanda nel.

Polo anterior requirimos aclaración, e nesta ocasión a resposta da Consellería foi a seguinte:

“Expte. núm.: Solicitante: R.T.C. con DNI

1.- Con data de rexistro de entrada do 5 de xuño de 2007 achégase solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia.

2.- A resolución de grao e nivel de dependencia emítese con data 14 de novembro de 2007 atopándose o solicitante en situación de dependencia en grao III, nivel 1.

3.- O 6 de xuño de 2008 o órgano técnico de valoración da situación de dependencia, emite proposta-resolución e posterior resolución da mesma data de aprobación do programa individual de atención pola que se lle concede o servizo de centro de atención diúrna en dedicación completa.

4.- Confirmación da praza concedida para o centro de discapacidade ASPANAES, ao que xa acudía o dependente.

5.- Con rexistro de entrada do 19 de agosto de 2008 achégase, en prazo, un recurso de alzada interposto por D.^a M.^a D.C.C.G. , nai do dependente.

6.- O 10 de xuño de 2009 o órgano de valoración de dependencia emite un informe técnico para a resolución do recurso de alzada e no que se considera que non existen circunstancias debidamente acreditadas que impliquen unha modificación na resolución de aprobación do programa individual de atención.”

De todo o anterior debe deducirse que, a pesar da nosa insistencia a hora de subliñar que debера resolverse o recurso pendente, que se promoveu hai moito tempo, en concreto o 19 de agosto de 2008, sen embargo segue sen resolverse, como tampouco se aclaran as causas da falta de resolución expresa e a data na que finalmente se resolverá. O prazo para tal resolución venceu hai moito tempo, posto que de acordo co previsto no art. 115.2 da Lei 30/1992, de RXAP-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de 3 meses.

Non pode xustificarse a falta de resolución expresa nas previsións ao respecto do silencio negativo (tamén art. 115.2 da Lei 30/1992). O transcurso do prazo e as previsións respecto das consecuencias do silencio só pode entenderse como unha garantía para o cidadán afectado polo atraso, que nese caso escollerá entre acudir á xurisdición contenciosa-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Por tanto, en ningún caso a administración pode alegar esta circunstancia como escusa ou atenuante da súa abstención, ao permanecer a súa obriga de resolución (art. 42.1 da Lei 30/1992).

Polo que se refire ao fondo do asunto, este parece referido á reclamación dunha atención específica ás necesidades de persoas como o seu fillo, que, como expresa a nai, se atopa na mesma situación que antes da aplicación da Lei de dependencia, a pesar de que o colectivo ao que pertence, os afectados de autismo, precisan un grao de atención moi especial, como descríbese na queixa que trasladamos a ese órgano e noutras similares.

Compatibilizar o servizo actual coa prestación económica por coidados no contorno non parece posible, posto que a normativa actual o impide, sen prexuízo da eventual modificación desta para casos suficientemente xustificadas, como o tratado. O contraste da situación dos afectados en idade escolar e os que a superaron é moi sintomática da necesidade de abordar esta ou outra solución que se considere adecuada. Esta podería ser tamén unha mellora na intensidade ou no pagamento do servizo, como parece reclamarse, ou o outorgamento dun servizo complementario, compatible co que vén recibindo, de acordo coa normativa actual. Esa parece ser a orientación das respostas da Consellería en relación a supostos similares.

Non obstante, á marxe da opción que se tome ao respecto, o certo é que o problema neste intre segue a ser a falta de resposta sobre o exposto no recurso, o que fai que a administración non se definira sobre o fondo deste suposto, que de forma xustificada require unha atención preferente e o máis intensa posible.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

“Que con urxencia se resolva sobre o recurso pendente e obxecto da presente queixa, que se encontra demorado, de acordo cos prazos legalmente previstos, e que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican os cidadáns afectados.

E que con respecto ao fondo do asunto, no recurso se defina a posible mellora do servizo que actualmente recibe o afectado, que podería complementarse a través de calquera das formas indicadas na motivación da resolución”

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación rexeitada.

15- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 1 de xuño de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1205/09 e 1229/09).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a M.^a del C.F.L. referente ao atraso na resolución dun recurso en materia de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o 17 de decembro do 2007 se resolveu que o seu fillo, C.C.F., podía requirir os servizos ou prestacións económicas en aplicación da Lei 39/2006, de dependencia. O 1 de xullo do 2008 recibiu a resolución do PIA onde só se lle recoñece o servizo de centro de día, intensidade completa e de ámbito comarcal. Este servizo, o seu fillo veno recibindo dende que pasou da escola especial ao centro de día para adultos, desde hai moitos anos, aínda antes de ser valorado pola Lei de dependencia. Para que o seu fillo poida asistir nesta modalidade ela paga mensualmente, incluído o mes de agosto, aínda que non concorra, un 52,67% do total que recibe da súa prestación por fillo a cargo. Co que resta da prestación non fai máis que cubrir o resto dos gastos que a minusvalía do seu fillo supón. Calquera actividade ou rehabilitación extra que ela queira proporcionarlle ten un custo extra e inasumible polo seu orzamento. Por tanto, este servizo xa o tiña, cunha intensidade de atención dentro do horario de 9.30 ata as 17.30, de luns a venres. O centro permanece pechado todos os festivos e en vacacións, por

exemplo en Antroido, Semana Santa, Nadal, etc., e nas vacacións do persoal, desde o 26 de xullo ata o 31 de agosto, inclusive. O resto do tempo que non permanece no centro de día, ela é a persoa que coida del. Tendo recibo a primeira resolución, que incluía prestación económica para coidados no ámbito familiar, só lle queda agora o centro de día que xa tiña. Presentou un recurso de alzada o 5 de agosto do 2008, pero a día de hoxe non recibiu ningún tipo de resposta. Presentou ante a Delegación Provincial da Consellería de Traballo e Benestar, o 30 de xuño, unha petición para que se respondera o recurso de alzada xa que a demora está a ocasionar graves prexuízos. Pola cantidade de horas que coida a diario ao seu fillo, por renunciar a ter que traballar, por non poder conciliar a vida laboral coa vida familiar, espera que se lle recoñeza o dereito como coidadora do seu fillo á prestación económica para coidados no ámbito familiar.

Ante iso solicitamos información á Consellería, que en primeiro termo sinalou que aínda non resolvera sobre o recurso promovido pola interesada, o que se pretendía desculpar sinalando que *sempre poderá recorrer dende a vía contencioso-administrativa*.

Á vista do informado de novo nos diriximos á Consellería, que nesta ocasión sinalou que *en cumprimento da normativa vixente estase dando contestación aínda que estean fóra de prazo* (os recursos). *En canto ao contido da resolución, non se pode precisar ata que se proceda ao exame de cada un dos expedientes e se dite a mesma*. Por tanto, o recurso aínda non se resolvera e descoñecíamos as previsións ao respecto. Tampouco tiñamos unha resposta ao problema de fondo obxecto da queixa, polo que de novo reclamamos aclaración. Nesta ocasión a resposta foi a seguinte:

“Expte núm.: Solicitante: C.C.F. con D.N.I.”

1.- Con data de rexistro de entrada do 8 de xuño de 2007 achégase solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia.

2.- A resolución de grao e nivel de dependencia emítese con data 17 de decembro de 2007, atopándose o solicitante en situación de dependencia en grao II, nivel 2.

3.- *O 1 de xullo de 2008, emítese resolución de aprobación do programa individual de atención pola que se lle concede o servizo de centro de atención diúrna en dedicación completa.*

4.- *Confirmación da praza concedida para o centro de discapacidade ASPANAES, ao que xa acudía o dependente.*

5.- *Con rexistro de entrada de 5 de agosto de 2008 achégase, en prazo, un recurso de alzada interposto por D.^a M.^a C.F.L., nai do dependente.*

6.- *O 10 de xuño de 2009 o órgano de valoración de dependencia emite un informe técnico para a resolución do recurso de alzada e no que se considera que non existen circunstancias debidamente acreditadas que impliquen unha modificación na resolución de aprobación do programa individual de atención.”*

De todo o anterior debe deducirse que, a pesar da nosa insistencia á hora de subliñar que debера resolverse o recurso pendente, que se promoveu hai moito tempo, en concreto o 5 de agosto de 2008, sen embargo segue sen resolverse, como tampouco se aclaran as causas da falta de resolución expresa e a data na que finalmente se resolverá. O prazo para tal resolución venceu hai moito tempo, posto que de acordo co previsto no art. 115.2 da Lei 30/1992, de RXAP-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de 3 meses.

Non pode xustificarse a falta de resolución expresa nas previsións de silencio negativo ao respecto (tamén art. 115.2 da Lei 30/1992), como recoñece a propia administración. O transcurso do prazo e as previsións respecto das consecuencias do silencio só pode entenderse como unha garantía para o cidadán afectado polo atraso, que nese caso escollerá entre acudir á xurisdición contenciosa-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Por tanto, en ningún caso a administración pode alegar esta circunstancia como escusa ou atenuante da súa abstención, ao permanecer a súa obriga de resolución (art. 42.1 da Lei 30/1992).

Polo que se refire ao fondo do asunto, este parece referido á reclamación dunha atención específica ás necesidades de persoas como o seu fillo, que se atopa na mesma situación que antes da aplicación da Lei de dependencia, a pesar de que o colectivo ao que pertence, os afectados de autismo, precisan un grao de atención moi especial, como describe na queixa que trasladamos a ese órgano.

Compatibilizar o servizo actual coa prestación económica por coidados no medio familiar non parece posible, posto que a normativa actual o impide, sen prexuízo da eventual modificación desta para casos suficientemente xustificadas, como o tratado. O contraste da situación dos afectados en idade escolar e os que a superaron é moi sintomática da necesidade de abordar esta ou outra solución que se considere adecuada. Esta podería ser tamén unha mellora na intensidade ou no pagamento do servizo, como parece reclamarse, ou o outorgamento dun servizo complementario, compatible co que vén recibindo, de acordo coa normativa actual. Esa parece ser a orientación da Consellería, como se deduce de respostas a problemas similares.

Non obstante, á marxe da opción que se tome ao respecto, o certo é que o problema neste intre segue a ser a falta de resposta sobre o formulado no recurso, o que fai que a administración non se definira sobre o fondo deste suposto, que de forma xustificada require unha atención preferente e o máis intensa posible.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

“Que con urxencia se resolva sobre o recurso pendente e obxecto da presente queixa, que se encontra demorado, de acordo cos prazos legalmente previstos, e que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican os cidadáns afectados.

E que con respecto ao fondo do asunto, no recurso se defina a posible mellora do servizo que actualmente recibe a afectada, que podería complementarse a través de calquera das formas indicadas na motivación da resolución”.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación rexeitada.

16- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 25 de xuño de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/133/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a M.J.V.N. debido a un procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que promovera a queixa G.6.Q/785/09, ante a que solicitamos información a esa Consellería, que no seu momento nos indicou que *“presentouse solicitude de recoñecemento de dependencia de D.^a E.N.F. ante a extinta Delegación Provincial da Igualdade e do Benestar da Coruña o día 5 de maio de 2008. Logo de ver os informes técnicos do Equipo de Valoración da Dependencia, a dona E.N.F. foille recoñecida unha situación de dependencia en grao II e nivel 2, o que se notificou á interesada mediante resolución da delegada provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Coruña de data 16 de outubro de 2008. En base á resolución do seu grao e nivel de dependencia, e segundo se regula no Decreto 176/07, do 6 de setembro, elaborouse a proposta de PIA en data 26 de novembro de 2008 na modalidade de libranza vinculada ao servizo de atención residencial. Dende o Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar na Coruña infórmasenos que o expediente se atopa neste momento pendente da resolución final por parte da Intervención Delegada debido á prioridade que se lles está a dar a expedientes con data de entrada anterior e en función do orzamento destinado ao desenvolvemento da Lei de dependencia do que se dispón nesta data. Infórmanos tamén que dona Elena tería dereito a data de hoxe ao cobro de 2755,20 euros en concepto de atrasos, todo isto suxeito á presentación por parte da interesada de certificacións de ingreso en centro residencial e facturas de estancia no dito centro.”*

En base á anterior resposta pola nosa banda indicámoslle á interesada que a administración confirmaba o atraso do expediente dende a data de valoración, posto que xa transcorreran os 6 meses de prazo. Non obstante, a Consellería sinalaba tamén que xa se elaborou a proposta do PIA en data 26 de novembro de 2008 na modalidade de libranza vinculada ao servizo de atención residencial, e que no intre no que definitivamente se

aprobara o PIA tería dereito ao cobro dos atrasos. Esta resolución daríase no momento en que se autorizara o gasto por parte da Intervención Delegada, polo que era presumible que fora en breve.

Non obstante, a interesada viuse na necesidade de acudir novamente a esta institución para promover a presente queixa, posto que a pesar das múltiples xestións realizadas, segue sen recibir o PIA e por tanto sen recibir a axuda que debera ter sido aprobada hai tempo.

Ante iso solicitamos información á Consellería de Traballo e Benestar, que no seu momento sinalou o seguinte:

“En relación ao escrito do Valedor do Pobo de data 27 de xaneiro do 2010, con entrada no gabinete da Consellería de Traballo e Benestar o 2 de febreiro do 2010; referido á queixa promovida por dona M.^a J.V.N., en relación á tramitación do expediente de recoñecemento da situación de dependencia de dona E.N.F., os datos que constan nesta unidade son os seguintes:

Data de presentación da solicitude de recoñecemento de dependencia 5-5-08. Data de resolución do grao e nivel: 16-10-08. Recoñecéuselle o grao II- nivel 2. Data da proposta do programa individual de atención (PIA): 26-11-08, establecéndose como recurso idóneo a modalidade de libranza vinculada ao centro residencial para persoas maiores en situación de dependencia.

Estado actual do expediente: segundo nos informan dende o Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña, está pendente da resolución do programa individual de atención.”

Desa información deduciuse que a pesar do indicado no seu momento en relación coa queixa G.6.Q/785/09, da que se deducía que o expediente se atopaba unicamente á espera da intervención do gasto, o certo é que a situación seguía sendo a mesma que cando se informou o anterior expediente. A pesar de que a resolución de recoñecemento de grao e

nivel é de outubro de 2008 e que a proposta de PIA se elaborou xa en novembro de 2008, aínda non se aprobara o PIA, e tampouco se daba conta da data na que finalmente se aprobaría. Por iso de novo nos diriximos á Consellería, que nesta ocasión sinalou o seguinte:

“Asunto: Informe tramitación para contestación requirimento do Valedor do Pobo. Exp.núm.

Solicitante: E.N.F.. DNI:..... A data de presentación da solicitude de valoración da situación de dependencia é o 3 de febreiro de 2008. A data de resolución de recoñecemento da situación de dependencia en grao II e nivel 2 é do 16 de outubro de 2008.

Con data 26 de novembro de 2008 o órgano de valoración da Coruña, realiza proposta de resolución do seu programa individual de atención, na que se propón unha libranza vinculada á atención residencial con efectos dende o 5 de maio de 2008 e unha contía mensual de 360,0 ao mes no ano 2008 e 368,64 ao mes no ano 2009. A dita proposta queda á espera da existencia de crédito orzamentario para poder remitila á Intervención Delegada para a súa fiscalización e posterior resolución.

A remisión de expedientes á Intervención Delegada se realiza en función do seu grao e nivel, teñen preferencia os expedientes de grandes dependentes, e en función da data de entrada da solicitude no rexistro. En canto a este caso, teño que dicir que non podo dar unha data concreta de resolución deste expediente”.

Así pois, non se achegan novos datos en relación co transmitido anteriormente; unicamente se indica que a proposta queda á espera da existencia de crédito orzamentario para poder remitila á Intervención Delegada para a súa fiscalización e posterior resolución, e que teñen preferencia os expedientes de grandes dependentes, e en función da data de entrada da solicitude no rexistro. Por iso –conclúe- non podo dar unha data concreta de resolución deste expediente.

Por tanto, segue sen coñecerse a data na que finalmente se resolverá e dará efectividade ao PIA pendente. O expediente segue demorado, posto que venceu o prazo para a súa resolución. O anterior resulta rechamante, tendo en conta que os prazos regulamentarios se acurtaron coa aprobación do Decreto 15/2010 (disposición transitoria primeira).

Confírmase o motivo da queixa, isto é, o atraso na atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

Neste caso constátase que os prazos previstos se superaron amplamente. O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración

autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

“Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa moi demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados”.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación rexeitada.

17- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 26 de agosto de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/132/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a M. del M.R. relativo ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que aínda non recibiu o aboamento dos atrasos correspondentes ao PIA aprobado en relación co procedemento de dependencia de súa nai, D.^a C.V.V. (expediente). Anteriormente, a través da queixa G.6.Q/1750/09, coñecemos que recibira a notificación do PIA do 15 de outubro, resolución na que se recoñecían os atrasos e os pagamentos periódicos, e que a súa nai faleceu o 5 de novembro. Por tanto, dado que o falecemento se deu despois da resolución, en principio non debería ter existido obstáculo para o aboamento dos atrasos recoñecidos e da parte de mensualidade que correspondera.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que respondeu da seguinte forma: *“Ante a súa queixa con expediente núm. G.6.Q/132/2010 de D.^a M. del M.R., con relación ao caso de dependencia de D.^a C.V.V. e segundo os datos consultados nos programas, infórmase que: Data da solicitude de valoración da dependencia de D.^a V.Z., C. (.....) o día 26-6-2007. Recoñecéuselle á interesada o grao III, nivel 1, mediante resolución de data 6-3-2009. Posteriormente, en data 18-6-2009, elaborouse a proposta-resolución do programa individual de atención (PIA) na modalidade de libranza para coidados no contorno familiar, establecéndose como persoa coidadora súa filia M. del M.R.V.. Data da resolución do PIA: 19/10/2009. Data de falecemento: 5-11-2009. O falecemento do interesado recoñecido con grao III, nivel 1, co plan individual de atención, foi tida en conta na redacción do proxecto de decreto polo que se regula o procedemento de recoñecemento de nivel e grao.”*

Sen embargo, non se coñece un suposto de falecemento de dependente antes da resolución de PIA, o que podería motivar a remisión ao previsto para estes casos nun decreto entón sen aprobar; polo contrario, o PIA aprobouse antes do falecemento, polo que o que restaría determinar sería en que forma se procedería a facer efectiva a débeda recoñecida a favor de quen corresponda. Por iso, de novo nos diriximos á Consellería, que nesta ocasión sinalou basicamente o mesmo, en concreto que *“segundo o establecido no artigo 40 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia: “A efectividade do dereito ás prestacións económicas e dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento, recoñecerase á persoa que soportara o gasto sempre e cando se reúnan os requisitos que se esixan na normativa vixente para cada tipo de libranza”.*

Á vista desta resposta de novo nos diriximos á Consellería, insistindo en que non se correspondía en absoluto co suposto da queixa, polo que era preciso corrixir a situación, no caso de confirmarse. Sen embargo, a pesar do claro da exposición e da insistencia pola nosa banda, a Consellería respondeu remitíndose, como antes, a nova normativa para o aboamento dos atrasos para dependentes falecidos durante a tramitación do expediente; en concreto sinalou que *“como a solicitante faleceu, para poder facer efectiva a débeda a*

favor de quen corresponda, a efectividade do dereito ás prestacións económicas e dos solicitantes falecidos, recoñecerase a persoa que soportara o gasto sempre e cando se reúnan os requisitos que se esixan na normativa vixente para cada tipo de libranza, sempre que se xustifique documentalmente o gasto efectivamente soportado”.

Polo exposto, de novo nos vimos na necesidade de poñer de relevo á Consellería que a súa actuación non parecía correcta. Nesta ocasión a resposta resultou adecuada, posto que se informou o seguinte: *“Ante a queixa presentada por D.^a M. del M.R., núm. expediente G.6.Q/132/2010, con relación ao caso sobre dependencia de D.^a C.V.V., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte: Data da solicitude: 26.6.2007. Data da valoración: 24.10.2007. Grao e Nivel: III,1. Data da resolución de G e N: 05.03.2009. Data da resolución do PIA: 18.6.2009. Libranza de coidados no entorno. Data de falecemento: 5.11.2009. O expediente atópase á espera de que exista crédito orzamentario para poder percibir os atrasos.”*

Por tanto, a Consellería finalmente rectificara a súa formulación e recoñecía a débeda. Non obstante, a pesar de que se debían os atrasos dende xuño de 2009 e tamén as mensualidades ata novembro, ao respecto do seu pago so se sinalaba que *o expediente se atopa á espera de que exista crédito orzamentario para poder percibir os atrasos*, sen concretar a data na que finalmente se aboarían estes e as mensualidades que tamén formaban parte do global debido. Por iso, de novo nos diriximos á Consellería, co fin de aclarar cando se produciría o aboamento. A resposta, a última recibida da Consellería, foi a seguinte:

“Ante a queixa presentada por D.^a M. del M.R., núm. expediente G.6.Q/132/2010, con relación ao caso sobre dependencia de D.^a C.V.V., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte: A solicitante non recibiu os atrasos e mensualidades porque antes de proceder ao aboamento despois de fiscalizar o documento contable, crúzanse os posibles beneficiarios co GISS, e actualmente tamén co INE neste caso concreto, ao efectuar o cruzamento comprobouse que estaba falecida, polo que se retirou do documento contable. En resposta a cando se aboarán, no artigo 40 do devandito decreto e na súa disposición transitoria sexta regúlase a efectividade do dereito

ás prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento, cos requisitos e condicións que neste artigo e disposición se recollen, así como os demais requisitos establecidos para cada tipo de libranza. Aínda así, faise o desenvolvemento normativo posterior deste dereito co obxecto da clarificación e especificación dos requisitos que se deben de cumprir para a efectividade deste así como a documentación que se debe presentar.”

Logo de avaliar o contido deste último informe dedúcese que, de forma moi rechamante, a Consellería rectifica o expresado no anterior informe, que fora froito dunha rectificación anterior para adecuar a súa actuación aos criterios expresados por esta institución en relación a aplicación do legalmente previsto para supostos como o que se coñece.

Tal e como tivemos ocasión de expresar á Consellería en reiteradas ocasións no seo deste e doutros expedientes de queixa con supostos similares, non se trata dun falecemento acontecido antes da resolución de PIA, o que podería motivar a remisión ao previsto para estes casos no Decreto 15/2010, senón que polo contrario o PIA se aprobou antes do falecemento, polo que o que habería que determinar é en que forma se procede a facer efectiva a débeda xa recoñecida. Non resulta adecuada a posición da Consellería, que se remite á disposición transitoria sexta e o art. 40 do Decreto 15/2010. Estas disposicións non son aplicables ao suposto; o art. 40 e a disposición transitoria sexta refírense expresamente a *solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento*, o que non é o caso, posto que o procedemento se atopaba claramente rematado. De acordo co art. 38 do decreto citado, integrado na *sección terceira*, titulada *terminación*, “recibida a proposta do programa individual de atención e demais documentación que conste no expediente, a persoa titular do departamento territorial da consellería con competencia en materia de servizos sociais ditará, logo das comprobacións que procedan, resolución pola que se aproba o programa individual de atención”. En idéntico sentido prevíase a terminación dos procedementos no decreto vixente anteriormente, o 176/2007 (art. 15.2), posto que contra a aprobación do PIA se prevía a posibilidade de interpoñer recurso de alzada (art. 16). Por tanto, o procedemento rematara nese intre, restando unicamente o cumprimento da

resolución, sen prexuízo de que tamén se atoparan pendentes aspectos instrumentais para ese cumprimento, o que non desvirtúa o anterior.

O único que se menciona como engadido no último informe da Consellería é que antes de proceder ao aboamento, logo de fiscalizar o documento contable, se cruzan os posibles beneficiarios co GISS, e actualmente tamén co INE neste caso concreto, ao efectuar o cruzamento comprobouse que estaba falecida, polo que se retirou do documento contable. Resulta evidente que tales circunstancias non ofrecen ningunha xustificación para non proceder ao aboamento, posto que parecen referirse a unha circunstancia xa coñecida, como é o falecemento do dependente, pero despois da resolución do recoñecemento da débeda, polo que esta xa resultaba indubitadamente incluída no seu patrimonio e, por tanto, agora debe liquidarse a favor de quen corresponda legalmente, igual que sucede con carácter ordinario en supostos similares noutros moitos sectores do dereito administrativo, como as liquidacións de pagos indebidos, as devolucións fiscais, as expropiacións, etc.

Dadas as circunstancias expostas, é dicir, a negativa orixinal da Consellería ao aboamento ordinario; a insistencia pola nosa banda para que se rectificara a posición da Consellería, que respondeu en varias ocasións de forma inadecuada respecto do demandado; a rectificación final, co recoñecemento da necesidade realizar o pago; e a último rectificación, na que de novo a Consellería volve a súa posición inicial, sen máis explicacións; resultan perfectamente comprensibles as expresións de insatisfacción da interesada na queixa, que reclama de forma contundente que despois de moito tempo se lle dea unha resposta adecuada.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se rectifique o criterio inadecuado expresado reiteradamente por parte da Consellería, que remite os supostos de falecemento de dependentes despois da aprobación do PIA ao disposto polo decreto 15/2010 para falecementos acontecidos durante o procedemento, e que, en consecuencia, no suposto coñecido na presente queixa se proceda ao aboamento inmediato, dado o amplo atraso acumulado, dos atrasos e as mensualidades correspondentes ao PIA aprobado a favor da dependente, que faleceu despois da aprobación do seu PIA, e que ese aboamento se produza a favor de quen legalmente corresponda.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de efectividade

18- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 26 de agosto de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/275/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. L.G.V.C., debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o 13.12.08 recibiu resolución de recoñecemento da súa de dependencia (Nº x). A solicitude é de data 4.12.07. O 14.1.09 faise unha solicitude de revisión do expediente achegando informes médicos. Non recibiu ningunha notificación, polo que o 21.10.09 enviou escrito preguntando pola solicitude, e non recibe resposta. O 3.2.10 pregunta na Delegación da Xunta en Vigo e remitírono á Unidade de Valoración, onde compareceu o 4.2.10. Despois de tentar atopar o expediente alegan que teñen que poñerse en contacto coa Delegación, quedando en chamalo cando souberan algo, para o cal facilitou teléfonos de contacto. O 9.2.10 volve presentarse na Unidade de Valoración e dixéronlle que aínda non chegaron as revisións de outubro de 2009.

Ante iso solicitamos información á Consellería, que no seu momento sinalou o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D. L.G.V.C., núm. expediente G.6.Q/275/2010, con relación á revisión sobre a dependencia, e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora de Dependencia, infórmase o seguinte: Data de solicitude de valoración da dependencia de D. V.C., L.G. (.....) o día 4.12.2007. Recoñecéuselle ao interesado o grao II, nivel 1, mediante resolución de data 16.10.2008. En data 14.1.2009 presentouse recurso de alzada (fóra de prazo) contra o recoñecemento do grao e nivel de dependencia. Dado que o servizo prioritario ás prestacións e na actuación de acordo coa disposición final, primeira, da Lei 39/2006 sobre a aplicación progresiva da lei, debido a dispoñibilidade orzamentaria, estase a resolver os expedientes de maior grao e nivel”.

A Consellería de Traballo e Benestar confirmaba que o procedemento se atopaba demorado, tal e como se expresaba na queixa, posto que se iniciou en decembro de 2007 e aínda non se atopaba resolto, sen que tampouco se sinalara nada respecto da data na que finalmente se resolvería. Unicamente se indicaba que “estase a resolver os de maior grao e nivel”. Ao respecto é de sinalar que a preferencia dos grandes dependentes, e en xeral dos graos e niveis superiores, que é un dos principios inspiradores da LD, debe poñerse en relación co previsto no calendario de aplicación progresiva da propia lei, que prevé a efectividade dos dereitos recoñecidos aos dependentes severos desde o segundo ou terceiro ano (os de nivel 2), ou desde o terceiro ou cuarto ano (os de nivel 1), polo que xa se deberían ter resolto os expedientes co prazo vencido e estar atendendo a estes dependentes. Neste caso ademais a solicitude é xa de decembro de 2007, polo que dende entón transcorreron máis de dous anos. Polo exposto de novo requirimos aclaración á Consellería, que nesta ocasión sinalou o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D. L.G.V.C., núm. expediente G.6.Q/275/2010, con relación ao caso sobre dependencia, e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte: Data de solicitude de valoración da dependencia de D. V.C., L.G. (.....) o día 04/12/2007. Recoñecéuselle ao interesado o grao II, nivel 1, mediante resolución de data 16.10.2008. En data 14.1.2009 presentouse

recurso de alzada (fóra de prazo) contra o recoñecemento do grao e nivel de dependencia. En datas 21.10.2009 e 10.2.2010 presentáronse escritos que manifestan o silencio da Administración en relación ao recurso. En data 3.10.08 a traballadora social de base presenta o plan de coidados, sinalando como prestación adecuada libranza para coidados no contorno familiar. A efectividade do servizo ou prestación a recibir terá efectividade dende o 1.1.09, no caso en que xa a estivera a percibir a prestación.” Por tanto, a Consellería non resolvera o expediente e tampouco sinalaba a data na que finalmente se resolvería, a pesar da demora (iniciouse xa en decembro de 2007). Por iso, de novo nos diriximos á CTB, que nesta ocasión sinalou o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D. L.G.V.C., núm. expediente G.6.Q/275/2010, con relación ao caso sobre dependencia, e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte: Data de presentación solicitude de valoración do grao e nivel de dependencia 4.12.2007 (Rexistro, Edificio Administrativo de Vigo). Data da valoración 19.5.2008. Data da recepción do informe social e plan de coidados do Concello de Vigo 3.10.2008 Resolución: grao II, nivel 1: 16.10.2008. Data do certificado de recepción de correos asinado polo solicitante 26.11.2008. O solicitante remite ao delegado provincial da Igualdade e do Benestar de Pontevedra recurso de alzada por desconformidade co grao outorgado con data de rexistro no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o 14 de xaneiro de 2009, que foi remitido ao Órgano de Valoración de Dependencia o 4 de febreiro de 2009.

O Órgano de Valoración de Dependencia emite o informe técnico pertinente o 16 de marzo de 2009, que envía ao órgano competente o 18 do mesmo mes. Foi interponse un recurso de alzada contra a resolución (de recoñecemento do nivel e grao de dependencia), e logo de recibir a documentación do expediente administrativo, procedeuse a emitir a corresponde resolución en aplicación da normativa de aplicación, o que produciu un importante atraso na tramitación do expediente”.

Por tanto, aínda non se resolvera o expediente, e tampouco se sinalaba a data na que finalmente se resolvería. Ao respecto do evidente atraso a Consellería sinalaba que a interposición dun recurso impugnando a valoración produciu un importante atraso na

tramitación do expediente, o que non parece xustificado, posto que os recursos deberan resolverse no prazo de 3 meses, de acordo co previsto no art. 115.2 da Lei 30/1992, e este demórase en exceso con respecto a este prazo. Por iso, de novo solicitamos aclaración á Consellería, que nesta ocasión sinalou o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D. L.G.V.C., núm. expediente G.6.Q/275/2010, con relación ao caso sobre dependencia, e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte: O expediente atópase pendente de aprobación do PIA. O motivo da tardanza no procedemento de aprobación de PIA, débese a que por causas alleas a esta Consellería, a Comunidade Autónoma de Galicia non dispón de dotación orzamentaria suficiente.”

Da información aportada dedúcese que o procedemento segue demorado, sen que tampouco se facilite a data concreta na que finalmente se resolverá e dará efectividade ao PIA pendente. Nin tan sequera se aclarou a data e o sentido da resolución do recurso; só se di que se procedeu a emitir a corresponde resolución en aplicación da normativa de aplicación. Tampouco se achegan novos datos en relación co transmitido anteriormente; unicamente se indica que o motivo da tardanza no procedemento de aprobación de PIA, se debe a que por causas alleas a esta Consellería, a Comunidade Autónoma de Galicia non dispón de dotación orzamentaria suficiente.

A solicitude deuse o 4.12.07, e o recoñecemento e valoración de dependencia produciuse o 16.10.08, polo que se están a superar amplamente os prazos previstos no anterior decreto regulador da materia, 6 meses, e no actual, de 3 meses, de acordo co novo decreto 15/2010, que resulta aplicable a esta fase do procedemento. Por tanto, confírmase o motivo da queixa, isto é, o atraso na atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto

“rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

O expediente debера atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

O interesado que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación:

“Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados”.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación rexeitada.

19- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 26 de agosto de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/499/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. S. G. F. debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que é neto e coidador de D. J.A.F. F., con DNI ..., que ten valoración de dependencia resolta con data de 21 de agosto de 2008 co grao III e nivel 1, gran dependencia. A Lei de dependencia (LD) recoñécelle dereito a unha serie de servizos e prestacións que ata agora non son efectivos por estar condicionados á aprobación dun PIA que non recibiu. Presentou a solicitude o 20 de novembro de 2007. Xa van máis de dous anos desde esa data e segue sen saber nada.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que sinalou o seguinte:

*“Data de solicitude de valoración da dependencia de D. F. F., J.A.(...) o día 20/11/2007. Recoñecéuselle ao interesado o **grao III, nivel 1**, mediante resolución de data 21/8/2008. Posteriormente, en data 30/12/2008, elaborouse a proposta do programa individual de atención (PIA) na modalidade de **servizo de axuda no fogar** (70 h). Está pendente de aprobación da resolución, xa que a súa aprobación non pode ser efectiva ata que o Concello non confirme a praza. Debido a que non hai praza dispoñible de servizo de axuda no fogar público polo concello de Fene, o estado actual do expediente atópase á espera de reconducilo cara a unha libranza vinculada a servizo de SAF privado.”*

Desa información deducíase que o expediente de dependencia se atopa moi demorado, posto que se iniciou xa en novembro de 2007. Por iso de novo nos diriximos á Consellería, que nesta ocasión sinalou o seguinte:

“Debido a que non hai praza dispoñible de servizo de axuda no fogar público polo concello de Fene, o estado actual do expediente atópase á espera de reconducilo cara a unha libranza vinculada a servizo de SAF privado. Dende o Equipo de Valoración de

Ferrol comunicaron que se comprometen a continuar urxentemente coa tramitación do seu expediente, e a por todos os medios ao seu alcance, para que na maior brevidade posible, sexa efectivo o programa individual de atención (PIA), o cal será notificado no seu domicilio.”

Por tanto, indicábase que *se comprometen a continuar urxentemente coa tramitación do seu expediente, pero sen concretar a resolución final do mesmo e a efectividade do servizo ou prestación, polo que de novo pedimos aclaración. Nesta ocasión a resposta foi a seguinte:*

“Data de solicitude: 20/11/2007. Data de resolución grao/nivel: 21/8/2008. III-1. En data 20/8/2008: recíbese proposta plan coidados que propón como opción a libranza vinculada a servizo de axuda no fogar privada. En data 18/12/2008: recíbese nova proposta de plan de coidados, na que se propón como opción SAF público. No expediente aparecen distintas solicitudes en distintas datas de praza pública de SAF ao Concello de Fene, no que se contesta que non hai praza pública dispoñible (a última de data 10/5/2010). O expediente atópase á espera inmediata de reconducir o PIA novamente a libranza vinculada a SAF privado, ante a dificultade que supón conseguir praza pública de SAF, aínda que se intentou de forma reiterada.”

Así pois, a resposta seguía a ser a mesma, polo que insistimos na necesidade de resolver o expediente e dar efectividade ao PIA pendente dende hai moito tempo. Nesta ocasión a resposta foi a seguinte:

“Data solicitude: 20/11/07. Resolución grao/nivel: 21/08/08 III-1, permanente. O 18/12/08 recíbese nova proposta plan de coidados, na que se propón SAF público como nova opción de coidados. No expediente constan distintas solicitudes de praza ao concello as que se contestou que non había dispoñibles (última data 10/5/10). Ante a dificultade de conseguir praza pública, recondúcese o PIA e con data 01/7/10 emítese proposta de PIA de libranza vinculada a SAF privado. O expediente atópase pendente de continuar o seu trámite en función da dispoñibilidade orzamentaria.”

Como sucedera en anteriores ocasións, a Consellería segue indicando que o expediente aínda non se resolveu, a pesar de que se trata dun procedemento promovido en novembro de 2007, e de que o dependente foi valorado co grao III e nivel 1 xa en agosto de 2008. Sinálase que *o expediente se atopa pendente de continuar o seu trámite en función da dispoñibilidade orzamentaria*, co que segue sen concretarse a resolución final deste e a efectividade do servizo ou prestación.

A causa reiteradamente alegada pola Consellería para xustificar o amplísimo atraso do PIA que afecta a este gran dependente é a ausencia de praza pública no SAF do Concello de Fene. Sen embargo, nin neste nin noutros expedientes similares a Consellería explica en que modo esa circunstancia pode xustificar de forma adecuada a falta de resolución e efectividade do PIA; ambas as dúas cousas en principio corresponden á propia Consellería.

A Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, sinala ao respecto (artigo 11, *formas de prestación do servizo*) que “o servizo público de axuda no fogar prestarano as entidades locais, ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas”; o art. 13.1 sinala que “o acceso ao servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención; e o art. 16 establece a o sistema de financiamento compartido das diferentes administracións. Do anterior parece deducirse que o Concello debe prestar o servizo para persoas as que se lles asigne a axuda no fogar no PIA, e dado que a Consellería consulta a existencia de praza con carácter previo, diso non resulta obriga que corresponda ao Concello no conxunto do sistema de dependencia, salvo que esa obriga se concretara doutra forma (por exemplo, convencional), co que resultaría obrigado para os concellos, ou para algúns deles, a aceptación desa modalidade de PIA, que despois deberían asumir. Sen embargo, a Consellería non dá conta de tal circunstancia, nin neste nin noutros expediente similares.

A Consellería é a responsable última da aprobación pendente dende hai tempo e da efectividade futura do PIA; por iso, ante a circunstancia mencionada viuse na

necesidade de modificar a proposta de PIA, que agora se concreta nunha libranza vinculada a SAF privado.

Así pois, segue sen coñecerse a data na que finalmente se resolverá e dará efectividade ao PIA pendente. O expediente segue demorado, posto que hai moito que venceu o prazo para a súa resolución. O anterior resulta rechamante, tendo en conta que os prazos regulamentarios se acurtaron coa aprobación do Decreto 15/2010 (disposición transitoria primeira) e que se trata dun *gran dependente*, polo que debera ter preferencia (art. 3.q LD). Desa forma confírmase o motivo da queixa, isto é, o atraso na atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15), o que agora resulta aplicable a este procedemento, facendo que a demora sexa aínda mais considerable; efectivamente, os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

Neste caso constátase que os prazos previstos se superaron amplamente. O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

O interesado que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva e se dea efectividade ao PIA do expediente obxecto da presente queixa, relativo a un gran dependente e aos servizos ou prestacións que se lle deberan asignar, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

20- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 26 de agosto de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/961/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a C.L.L. debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que en maio de 2008 se inician os trámites de solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia da súa nai, D. A. L. A., con DNI ... En febreiro de 2009 recibe a resolución de recoñecemento de situación de dependencia (expediente ...), recoñecendo un grao III e nivel 2, podendo requirir servizos ou prestacións. Ao falecer en agosto de 2009 e non ter recibido a notificación do PIA por parte da Consellería, o 25 de setembro presentou, como coidadora, filla e herdeira unha solicitude onde pide que se aboén as prestacións económicas que lle correspondían a súa

nai dende a data de solicitude ata a data do seu falecemento. En outubro de 2009 recibiu unha carta da Consellería onde se indica que se procede ao arquivo do expediente por falecemento da súa nai. O 16 de novembro de 2009 presentou outro escrito solicitando que se revisara o expediente. Ao non ter resposta, en marzo de 2010 foi preguntar ao Departamento da Consellería en Lugo en que situación se atopaba o expediente, e respondéronlle que o expediente estaba archivado polo falecemento de súa nai. Sinala tamén que ela non ten a culpa de que a administración non dispoña de medios ante a cantidade de solicitudes de dependencia dos cidadáns, se esa foi a causa pola que ela non recibiu ningunha prestación antes de falecer.

Ante iso solicitamos informe á Consellería de Traballo e Benestar, que no seu momento sinalou o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D.^a C.L.L., núm. expediente G.6.Q/961/2010, con relación ao caso sobre dependencia de D.^a A. L. A., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data de solicitude: 21.5.2008. Data de resolución de grao e nivel: 10.2.2009 (grao III, nivel 2); rexistro de saída 11.2.2009. Data de falecemento da solicitante: 29.8.2009. Data de resolución de arquivo por falecemento: 16.10.2009. Data de presentación de recurso, solicitando a revisión do expediente e que se lle aboen as cantidades debidas dende a data de solicitude ata a data de falecemento: 16.11.2009. Data de envío do recurso a Santiago: 22.2.2010.

Neste expediente a solicitante faleceu antes de que se ditase resolución de PIA, polo que se procedeu ao seu arquivo sen que chegase a cobrar nada. Segundo o establecido no artigo 40 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia: "A efectividade do dereito ás prestacións económicas e dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento, recoñecerase á persoa que soportara o gastos sempre e cando se reúnan os requisitos que se esixan na normativa

vixente para cada tipo de libranza”, sempre que se xustifique documentalmente o gasto efectivamente soportado.”

Así pois, a Consellería recoñeceu que o interesado promoveu un recurso contra o arquivo polo falecemento e o aboamento dos atrasos. Dérase en novembro do pasado ano e ao respecto sinala que se enviou á Consellería en Santiago o 22.2.10, sen aclarar a resolución deste, que xa debe darse (art. 115 Lei 30/1992) e o contido desa resolución. Ante iso de novo requirimos aclaración á Consellería, que nesta ocasión sinalou o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D.^a C.L.L., núm. expediente G.6.Q/961/2010, con relación ao caso sobre dependencia de D.^a A.L.A., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora de Dependencia, infórmase o seguinte: D.^a C.L.L. promoveu un recurso o 16.11.2009 contra o arquivo do procedemento polo falecemento da dependente. O dito expediente archivouse debido a que a solicitante faleceu antes de que se ditase a resolución do PIA. O motivo de que aínda non se contestara o recurso é que se van resolvendo por estrita orde de entrada existindo na actualidade unha demora na súa resolución polo seu elevado número.”

A resposta agora achegada segue sen aclarar o que era obxecto do noso anterior requirimento. Unicamente se engade con respecto ao anterior que *o motivo de que aínda non se contestara o recurso é que se van resolvendo por estrita orde de entrada existindo na actualidade unha demora na súa resolución polo seu elevado número*. Por iso, de novo solicitamos novo informe, que se recibiu recentemente co seguinte texto:

“Ante a queixa presentada por D.^a C.L.L., núm. expediente G.6.Q/961/2010, con relación ao caso sobre dependencia de D.^a A.L.A., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora de Dependencia, infórmase o seguinte:

O motivo de que aínda non se contestara o recurso é que se van resolvendo por estrita orde de entrada existindo na actualidade unha demora na súa resolución polo seu elevado número.”

Así pois, a resposta recentemente recibida non fai máis que reiterar literalmente o expresado anteriormente. Do anterior debe deducirse que, a pesar da nosa insistencia á hora de subliñar que debера resolverse o recurso pendente, que se promoveu hai tempo, en concreto o 16 de novembro de 2009, sen embargo segue sen resolverse, como tampouco se aclaran as causas da falta de resolución expresa e a data na que finalmente se resolverá. O prazo para tal resolución venceu hai tempo, posto que de acordo co previsto no art. 115.2 da Lei 30/1992, de RXAP-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de 3 meses.

Non pode xustificarse a falta de resolución expresa nas previsións de silencio negativo ao respecto (tamén art. 115.2 da Lei 30/1992). O transcurso do prazo e as previsións respecto das consecuencias do silencio só pode entenderse como unha garantía para o cidadán afectado polo atraso, que nese caso escollerá entre acudir á xurisdición contenciosa-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Por tanto, en ningún caso a administración pode alegar esta circunstancia como escusa ou atenuante da súa abstención, ao permanecer a súa obriga de resolución (art. 42.1 da Lei 30/1992).

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o recurso pendente e obxecto da presente queixa, que se encontra demorado, de acordo cos prazos legalmente previstos, e que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican os cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación rexeitada.

21- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 26 de agosto de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1127/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a B.E.R. relativo a un procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que súa nai, D.^a C. B.M., recibiu da Xunta a aprobación do programa individual de atención do seu expediente, o núm. 1989, que se deu por resolución do 13 de febreiro (con saída do 19 de febreiro). Notificánlle detalles da libranza coidados no contorno, con efectos do 12-6-07, condicionado a que como coidadora entregara os trámites do convenio de coidadores non profesionais da Seguridade Social. Entregouno persoalmente na Delegación da Xunta, indicándolle o funcionario que o recolleu e o incluíu no expediente que “nuns días recibiría o aboamento correspondente na súa conta”. Pasaba o tempo e o aboamento non chegaba, polo que fixo algunha consulta persoal na Delegación Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Coruña, onde lle indicaban que esperase, que o aboamento se produciría “en breve”. Sen embargo, agora dinlle que “non se lle pagará” porque non ten dereito a iso, posto que súa nai faleceu o 20 de marzo de 2009, é dicir, máis dun mes despois da resolución de aprobación do PIA.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que sinalou o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D.^a B. E. R. B., núm. expediente G.6.Q/1127/2010, con relación ao caso sobre dependencia de D.^a C. B. M., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora de Dependencia, infórmase o seguinte:

Data solicitude: 11/6/2007. Resolución grao/nivel: 12/2/2008 III-2. Notificado 22/2/2008. En data 26/11/2008 emítese proposta-resolución do programa individual de atención no que se propón libranza para coidados no contorno familiar (coidadora a filla Beatriz Roca Bertojo), con efectos dende o día 11/6/2007 e un importe mensual de 438,30 euros no ano 2007 e 456,26 euros no ano 2008. A dita proposta quedou á espera da

existencia de crédito orzamentario para poder enviala á Intervención Delegada para a súa fiscalización e posterior resolución.

Resolución do PIA: 13/02/2009. Con data 3/3/2009, a coidadora Beatriz Roca Bertojo presenta a alta no convenio especial de coidadores non profesionais de persoas en situación de dependencia da Seguridade Social.

No momento de facer o documento contable OK necesaria para que a administración poida aboar a nómina de dependencia, a solicitante falece (20/03/2009) polo que non se puido incluír na dita nómina.

No Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, no artigo 40 establécese que a efectividade do dereito ás prestacións dos solicitantes falecidos se recoñecerá á persoa que soportara o gasto sempre que lle corresponda de acordo coa normativa de aplicación. En todos os casos xustificárase documentalmente o gasto soportado.”

A información achegada confirmaba o exposto na queixa, isto é, que o PIA se aprobou antes do falecemento da dependente, pero sen embargo a Consellería interpreta que “non se puido incluír en nómina” e que resulta aplicable o previsto no art. 40 do Decreto 15/2010. Sen embargo, indicamos á Consellería que tal criterio non parecía adecuado, posto que o PIA se aprobara estando viva a dependente. Ao respecto tivemos ocasión de sinalar noutros supostos similares que non parecen aplicables as previsións citadas a supostos como este. Efectivamente, o art. 40 e a disposición transitoria sexta refírense expresamente a *solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento*, o que non é o caso, posto que o procedemento se atopaba xa rematado. De acordo co art. 38 do decreto citado, integrado na sección terceira, titulada “terminación”, “recibida a proposta do programa individual de atención e demais documentación que conste no expediente, a persoa titular do departamento territorial da consellería con competencia en materia de servizos sociais ditará, logo das comprobacións que procedan, resolución pola que se aproba o programa individual de atención”. En idéntico sentido prevíase a terminación dos procedementos no decreto vixente anteriormente, o 176/2007 (art. 15.2), posto que contra a aprobación do PIA se prevé a posibilidade de interpoñer recurso de alzada (art. 16). Por tanto, o procedemento rematara nese intre, restando unicamente os

actos materiais precisos para dar cumprimento ás previsións da resolución, sen prexuízo de que tamén se atopen pendentes aspectos instrumentais para ese cumprimento, o que non desvirtúa o anterior.

Ao anterior a Consellería recentemente respondeu da seguinte forma:

“Ante a súa queixa con expediente núm. G.6.Q/1127/2010 de D.^a B.E.R.B., con relación ao caso de dependencia de D.^a C. B. M.s e segundo os datos consultados nos programas, infórmase que:

Cando C. B. M.faleceu o día 20 de marzo de 2009, xa tiña aprobada e notificada a resolución do seu programa individual de atención no que se lle recoñecía unha prestación económica para coidados no contorno con efectos dende o 12 de xuño de 2007. A súa coidadora non profesional, a súa filia E. B., tiña a alta no convenio especia de coidadores da Seguridade Social.

Por causas alleas a esta Consellería, a Comunidade Autónoma de Galicia non dispón de dotación orzamentaria suficiente para proceder a aboar os atrasos.”

Da resposta transcrita dedúcese que a Consellería de Traballo e Benestar rectifica o informado nun primeiro intre e agora si parece recoñecer a débeda relativa aos atrasos, posto que cando faleceu a dependente *xa tiña aprobada e notificada a resolución do seu programa individual de atención no que se lle recoñecía unha prestación económica para coidados no contorno con efectos dende o 12 de xuño de 2007*. Non obstante, engade que *non dispón de dotación orzamentaria suficiente para proceder a aboar os atrasos*, co que segue descoñecéndose cando se producirá o aboamento da cantidade debida. O aboamento desta resulta unha obriga para a administración, posto que se trata dunha débeda recoñecida e líquida, polo que o seu pagamento, xa demorado máis dun ano, debe ser prioritario e urxente.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a

promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se aboén os atrasos recoñecidos e líquidos relativos ao expediente de dependencia obxecto da presente queixa.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de efectividade

22- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 26 de agosto de 2010 debido á resolución recaída nunha solicitude de axudas á discapacidade (Q/1453/09).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. M.I.A. debido á resolución recaída nunha solicitude de axudas a discapacitados.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o 12 de xaneiro de 2009 solicitou axuda a discapacitados, físicos, psíquicos e sensoriais, conforme o artigo 35 do V Convenio Colectivo Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia. O 8 de febreiro de 2009 recibe comunicación de petición de documentación complementaria por parte da Delegación Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. O 13 de febreiro de 2009 fai entrega da documentación solicitada (fotocopia compulsada do INSS da revalorización correspondente a 2009 de P.I.M.; orixinal da Axencia Estatal de Administración Tributaria de imputación do IRPF de P.I.M.). O 9 de marzo de 2009 recibe comunicación da Delegación Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar de petición da mesma documentación feita o 5-2-2009, xa entregada. O 23 de marzo de 2009 volve entregar a mesma documentación. O 27 de abril de 2009 comunicase a resolución onde

se resolve conceder a axuda con efectos do 23-3-2009. O 14 de maio de 2009 pediu a revisión desa resolución, reclamando que se apliquen os efectos con data do 12 de xaneiro de 2009, que é a data na que fai entrega da solicitude no rexistro do centro de traballo, pero non recibe contestación.

Ante iso solicitamos informe á Consellería de Traballo e Benestar, que nos indicou o seguinte:

“En relación ao seu escrito no que solicita informe sobre a queixa presentada ante o Valedor do Pobo por D. M.I.A., relativo á axuda solicitada ao abeiro do artigo 35 do V Convenio Colectivo Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia infórmase o seguinte segundo os datos obrantes no seu expediente, que se achegan:

A dita solicitude foi presentada no rexistro do centro de traballo o día 12-1-2009, tendo entrada no Rexistro deste Departamento Territorial (anteriormente Delegación Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar) o día 21-1-2009, e sendo tramitada á Secretaría xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar o día 28-1-2009, rexistro de saída do 30-1-2009.

O día 3-2-2009 o Servizo de Persoal e Réxime Interno, mediante fax, solicita documentación para os efectos de completar o expediente da axuda solicitada. Este Departamento Territorial (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar) o comunica ao interesado con data do 4-2-2009, rexistro de saída do día 5-2-2009.

O día 2-3-2009 o Servizo de Persoal e Réxime Interno, mediante fax, reitera a petición de documentación. Este Departamento Territorial reitérao igualmente ao interesado o día 5-3-2009, rexistro de saída do día 6-3-2009.

O día 13-2-2009 o interesado presenta a documentación no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia en Santiago e recíbese no Rexistro deste Departamento Territorial o 17-3-2009 tramitándose a Santiago o mesmo día, rexistro de saída do 18-3-2009.”

Así, o informe confirmaba que se presentou a documentación o 13 de febreiro, pero a pesar diso non se daba conta das razóns polas que non se accede á reclamación, isto é, que como mínimo teña efectos do día da reparación, o 13 de febreiro. Ante iso solicitamos informe complementario á Consellería de Traballo e Benestar, que nesta ocasión sinalou que *con respecto ó escrito presentado por D. M.I.A., perante o Valedor do Pobo, con data de 15 de outubro de 2009, cos datos referenciados no mesmo non é posible coñecer de que expediente se trata para poder dar resposta a súa solicitude*, e iso a pesar de que o que se respondía era unha solicitude de información complementaria, por tanto xa respondida anteriormente, aínda que fora de forma insuficiente. Ante iso de novo nos diriximos á Consellería, que nesta ocasión sinalou:

“En relación coa queixa formulada ante esa institución por D. M.I.A., persoal laboral temporal da Xunta de Galicia, grupo III, categoría 6, onde solicita a revisión da resolución do 27 de abril de 2009, pola que se lle concede unha axuda a discapacitados físicos, psíquicos e sensoriais, cómpre INFORMAR:

En data 12 de xaneiro de 2009 tivo entrada no Rexistro da Residencia de Maiores Volta do Castro, escrito de solicitude de axuda mensual prevista no artigo 35 do V Convenio Colectivo Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia. Para os efectos de completar o expediente, con data 5 de febreiro de 2009, dende a antiga Delegación Provincial da Igualdade e do Benestar, requírese documentación. Non recibidos os documentos solicitados, con data 6 de marzo de 2009 reitérase a petición de documentación. Con data 9 de marzo de 2009, o interesado envía un fax, no que xustifica que presentou a documentación requirida á data 13 de febreiro de 2009. En data 23 de marzo, o interesado presenta no Rexistro Xeral da Consellería de Presidencia a documentación requirida. En data 27 de marzo de 2009, a Secretaría Xeral de Traballo e Benestar resolve o aboamento a D. M.I.A. da axuda solicitada, con efectos do 23-3-2009. En data 26 de outubro de 2009, tivo entrada no Rexistro Xeral da Consellería de Presidencia un escrito que o reclamante denomina recurso de alzada e no que se solicita a revisión do expediente. En data 16 de marzo de 2010, dende a Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, realízase consulta á Dirección Xeral de Función Pública, para que en función do disposto no artigo 3 do V Convenio Colectivo Único para

o Persoal Laboral, faga unha interpretación do artigo 35, no senso de establecer a data dos efectos económicos da axuda de 180 € mensuais que teñen dereito a percibir os traballadores que teñan baixo a súa dependencia directa e legal e vivindo ás súas expensas un consorte, fillos/as e ascendentes de primeiro grao que sexan discapacitados físicos, psíquicos ou sensoriais.”

A Consellería confirma de novo que *con data 9 de marzo de 2009 o interesado envía un fax no que xustifica que presentou a documentación requirida á data 13 de febreiro de 2009*. Por tanto, a falta de máis explicación, debe entenderse que con ese fax se xustifica a corrección nesa data, polo que o posterior requirimento sería un erro. Polo que se refire ao aspecto formal, é dicir, aos actos de impugnación pendentes de resposta, foi o 14 de maio de 2009 cando se recorreu. A Consellería sinala que *se realiza consulta á Dirección Xeral de Función Pública*; non obstante, o informe desta debería darse con urxencia, dadas as circunstancias. Ante iso de novo solicitamos aclaración sobre os extremos expostos, e nesta ocasión sinalouse o seguinte:

“En relación ao requirimento efectuado polo Valedor do Pobo, referido ao expediente G.6.Q/1453/2009, por queixa presentada por D. M.I.A., relativa á axuda solicitada ao abeiro do artigo 35 do V Convenio Colectivo Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, solicitando aclaración sobre o desenvolvemento do procedemento referenciado, cómpre informar:

En data 16 de marzo de 2010, dende a Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, realízase consulta á Dirección Xeral de Función Pública, para que en función do disposto no artigo 3 do V Convenio Colectivo Único para o Persoal Laboral, faga unha interpretación do artigo 35, no senso de establecer a data dos efectos económicos da axuda de 180 € mensuais que teñen dereito a percibir os traballadores que teñan baixo a súa dependencia directa e legal e vivindo ás súas expensas un consorte, fillos/ as e ascendentes de primeiro grao que sexan discapacitados físicos, psíquicos ou sensoriais. No momento en que se reciba informe á consulta efectuada continuarase co procedemento.”

Así, a Consellería volvía indicar que estaba á espera do informe da Dirección Xeral de Htada ao abeiro do artigo 35 do V Convenio Colectivo Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, para que con urxencia se facilite a aclaración pendente, cómpre informar:

En data 16 de marzo de 2010, dende a Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, realízase consulta á Dirección Xeral de Función Pública, para que en función do disposto no artigo 3 do V Convenio Colectivo Único para o Persoal Laboral, faga unha interpretación do seu artigo 35, no senso de establecer a data dos efectos económicos da axuda de 180 € mensuais que terán dereito a percibir os traballadores que teñan baixo a súa dependencia directa e legal e vivindo ás súas expensas un consorte, fillos/ as e ascendentes de primeiro grao que sexan discapacitados físicos, psíquicos ou sensoriais. Con esta mesma data, 9 de agosto de 2010, reitérase novamente a consulta nos termos definidos na solicitude inicial. No momento en que se reciba o informe á consulta continuarase co procedemento e informárase a esa institución de inmediato”.

Como pode comprobarse, a pesar da nosa insistencia o certo é que a Consellería segue sen resolver sobre o aspecto de fondo que é obxecto da queixa, isto é, sobre a materia do recurso acerca do momento a partir do cal ten efectos o aboamento das axudas as que tería dereito o interesado por ter baixo a súa dependencia directa e legal un consorte, fillos ou ascendentes de primeiro grao que sexan discapacitados físicos, psíquicos ou sensoriais, de acordo co previsto no V Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Xunta. Preténdese xustificar tal cousa indicando (dende hai tempo) que se demandou informe da Dirección Xeral de Función Pública, pero este aínda non se deu.

O anterior sucede a pesar de que o recurso interpúxose hai moito tempo, en concreto o 14 de maio de 2009, e de que o informe demandouse tamén hai moito tempo, o 16 de marzo, polo que debera terse emitido xa, como tamén debera terse resolto o recurso. Efectivamente, o prazo para a resolución venceu hai moito tempo, posto que de acordo co previsto no art. 115.2 da Lei 30/1992, de RXAP-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de 3 meses. A petición de informe podería interromper ese prazo un máximo de tres meses (art. 42.5), que xa se superou hai tempo; pero é que ademais

neste caso nin tan sequera se acredita que a petición de informe poida xustificar a interrupción do prazo, posto que, de acordo coa normativa que menciona a propia Consellería (os arts. 3 e 35 do convenio), nin resulta que o informe fora preceptivo, como se require para a dita interrupción, nin se indica que a petición de informe fora comunicada ao interesado, cousa tamén necesaria.

Non pode xustificarse a falta de resolución expresa nas previsións de silencio negativo ao respecto (art. 115.2). O transcurso do prazo e as previsións respecto das consecuencias do silencio só pode entenderse como unha garantía para o cidadán afectado polo atraso, que nese caso escollerá entre acudir á xurisdición contenciosa-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Por tanto, en ningún caso a administración pode alegar esta circunstancia como excusa ou atenuante da súa abstención, ao permanecer a súa obriga de resolución (art. 42.1).

Polo que se refire ao fondo do asunto, o feito de que aínda non se resolvera sobre o aspecto formal tratado fai que se estea a demorar a axuda correspondente á situación do pai do interesado.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

“Que con urxencia se resolva sobre o recurso pendente e obxecto da presente queixa, que se encontra demorado, de acordo cos prazos legalmente previstos, e que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican os cidadáns afectados”

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

23- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 26 de agosto de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/2463/09).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a M.M.M.F. debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que é filla e gardadora de feito de D.^a E.F.B., con DNI, que ten valoración de dependencia resolta con data do 30 de outubro do 2008, co grao II-nivel 1, é dicir, dependencia severa, polo que ten dereito a unha serie de servizos e prestacións que ata agora non son efectivos por estar condicionados á aprobación dun plan individual de atención do que non recibiu notificación. Xa hai máis dun ano desde a resolución de grao e nivel de dependencia.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que sinalou o seguinte:

“1.-Data da presentación da solicitude de valoración da situación de dependencia: 5 de xullo de 2007. 2.-Data de resolución de recoñecemento da situación de dependencia en grao II e nivel 1 de 30 de outubro de 2008. 3. –Con data do 4 de xuño, faise proposta de programa individual de atención, no que se propón libranza para coidados no contorno familiar, sendo o coidador, A.M.F., con DNI, con data de efectos do 1 de xaneiro de 2009, e 270 € ao mes. 4.-Na actualidade, a proposta do programa individual de atención está a espera da existencia de orzamento para poder enviala á Intervención Territorial Delegada, para a súa fiscalización e posterior resolución. Temos que recordar que o envío dos expedientes a Intervención faise segundo a orde de entrada do expediente no rexistro e teñen preferencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro, os grandes dependentes.”

A Consellería confirmaba que o procedemento se atopaba demorado, tal e como expresaba a interesada na queixa, posto que se iniciou xa en xullo de 2007 e aínda non se atopaba resolto, sen que tampouco se sinalara nada respecto da data na que finalmente se resolvería. Unicamente se indicaba que *teñen preferencia, de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro, os grandes dependentes*. Sen embargo, a preferencia dos grandes

dependentes e en xeral dos graos e niveis superiores, que é un dos principios inspiradores da LD, debe poñerse en relación co previsto no calendario de aplicación progresiva da propia lei, que prevé a efectividade dos dereitos recoñecidos aos dependentes *severos* desde o segundo ou terceiro ano (os de nivel 2), ou desde o terceiro ou cuarto ano (os de nivel 1), polo que xa se deberían ter resolto os expedientes co prazo vencido e estar atendendo a estes dependentes. Neste caso ademais a solicitude é do 5 de xullo de 2007, polo que dende entón transcorreron máis de dous anos e medio.

Ante iso de novo nos diriximos á Consellería co fin de requirir aclaración sobre os anteriores extremos, e nesta ocasión ese órgano respondeu da seguinte forma:

“1. O 5-7-2007 presentase a solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia de dona E.F.B. (en diante solicitante) con DNI

2. A data de resolución de recoñecemento da situación de dependencia, de grao II nivel 1 , é do 30.10.2008

3. O 4 de decembro de 2008, presentan recurso de alzada. Emítese un informe técnico estimatorio (por advertirse un erro na aplicación do BVD) con data 6-12-2008

4. Con data 10 de febreiro de 2009, realízase unha revisión de oficio de grao e nivel por o órgano de Valoración de Ferrol

5. Con rexistro de saída do 26 de febreiro de 2010 envíase ao usuario unha resolución de revisión de oficio do grao e nivel de dependencia por erro de diagnóstico ou aplicación do correspondente baremo, e na que se lle recoñece o grao III-nivel 1

6. Con data 11 de marzo do 2010 o Órgano Técnico de Valoración de Ferrol, emite unha proposta de PIA para libranza de coidados no contorno e remiten o expediente ao Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal, para o seu trámite e paso a Intervención cando proceda e haxa dotación orzamentaria.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. Aínda que o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, derroga o Decreto 176/2007, do 6 de setembro, aos trámites realizados en relación con este expediente aplícaselles o disposto neste último, tal e como dispón a súa disposición transitoria primeira.

2. O prazo para resolver e notificar unha solicitude de recoñecemento da situación de dependencia era de seis meses dende a súa presentación, de acordo co artigo 14.4 do Decreto 176/2007, do 6 de setembro. Neste caso o prazo non se cumpriu.

3. En virtude do disposto no artigo 14.7 do Decreto 176/2007 a efectividade do acceso ao servizo e/ou prestación económica queda condicionada á aprobación do correspondente programa individual de atención, que se debe producir no prazo máximo de seis meses dende a notificación da resolución de recoñecemento da situación de dependencia á persoa interesada , neste caso hai que ter en conta o período de espera ata a resolución do recurso de alzada.

INFORME

O expediente número, correspondente a dona E.F.B., atópase coa proposta de PIA feita, en espera do seu paso a intervención cando proceda e haxa dotación orzamentaria.”

Así pois, a Consellería sinalou que o interesado promovera un recurso de alzada contra a valoración da dependencia, e que se resolveu en febreiro de 2009, pero non se notifica ata febreiro de 2010, o que non se aclara, a pesar de que de confirmarse se trataría dun atraso moi considerable. Agora o grao e nivel recoñecido é III-1, e o procedemento se atopa a espera da aprobación do PIA. O prazo aplicable (3 meses, segundo o Decreto 15/2010) xa venceu, e ademais trátase dun gran dependente, que por iso debera ter preferencia (art. 3 q LD). Debe terse en conta tamén o amplo atraso constatado na resolución ou notificación da revisión reclamada a través do recurso de alzada, que finalmente a propia administración reconece que resultaba fundado.

Ante iso de novo nos diriximos á Consellería, que nesta ocasión sinalou o seguinte:

“O día 5 de xullo de 2007 achégase unha solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia a nome de E.F.B..

A data de resolución de recoñecemento da situación de dependencia é do 30 de outubro de 2008, onde se lle recoñece un grao II- nivel 1.

Con data 4 de decembro de 2008 achégase un recurso de alzada contra a resolución de grao e nivel. Posteriormente emítese un informe técnico estimatorio por advertirse un erro na aplicación do BVD con data 6 de decembro de 2008.

Con data 4 de xuño de 2009 o órgano de valoración de Ferrol emite unha proposta de PIA para libranza de coidados no contorno familiar, quedando á espera o expediente de que por grao e nivel se lle puidera resolver a axuda.

Con rexistro de saída do 26 de febreiro de 2010 remítese ao dependente unha resolución de revisión de oficio de grao e nivel de dependencia por erro de diagnóstico ou aplicación do correspondente baremo e na que se lle recoñece o grao III-nivel 1.

O órgano técnico de valoración de Ferrol emite, en xunta de valoración do 11 de marzo de 2010, unha revisión da proposta de PIA para libranza de coidados no contorno para un grao III nivel 1.

Ao mesmo tempo, con rexistro de entrada do 10 de febreiro de 2010 a dependente achega unha solicitude de revisión por empeoramento polo que se lle valora o día 16 de marzo de 2010 .

Con data do 25 de marzo de 2010 emítese unha resolución de revisión do grao e nivel de dependencia pola que se lle outorga o mesmo grao que se lle recoñeceu na revisión de oficio, grao III- nivel 1.

O expediente neste momento está á espera de que poida remitirse á Intervención Delegada para a súa fiscalización.

O número elevado de recursos existentes, produce unha demora considerable na súa resolución.”

Como se observa, a situación segue a ser basicamente a mesma que coñeceramos e que dera lugar ao requirimento de aclaración. O certo é que o expediente se comezou en xullo de 2007, hai máis de 3 anos. Despois de tardar mais dun ano na valoración inicial, tardouse moito mais en rectificar o erro advertido ao pouco tempo, ata o punto de que a nova valoración non se deu ata febreiro de 2010. En calquera caso, tal e como xa manifestamos, agora a dependente ten un grao III e nivel 1 e o procedemento se atopa á espera da aprobación do PIA, sen que se indique en que data se resolverá; unicamente se indica ao respecto que *o expediente neste momento está á espera de que poida remitirse á Intervención Delegada para a súa fiscalización*, o que non aclara en que data se resolverá e dará efectividade ao PIA pendente dende hai tempo. Como tamén subliñamos no curso da queixa, trátase dun gran dependente, polo que debera ter preferencia, de acordo co previsto no art. 3.q da Lei de dependencia (LD). Ademais, debe terse en conta tamén o amplo atraso do recurso de alzada, que a administración recoñeceu que resultaba fundado.

Así pois, confírmase o motivo da queixa, isto é, o atraso na atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

Neste caso conségtase que os prazos previstos se superaron amplamente. O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva e se dea efectividade ao PIA do expediente obxecto da presente queixa, relativo a un gran dependente e aos servizos ou prestacións que debéranselle asignar, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación rexeitada.

24- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 26 de agosto de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/2331/09)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. J.L.P.M. debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que é fillo e gardador de feito de D. E.P.R., con DNI, que ten valoración de dependencia resolta con data do 17 de abril de 2009 co grao II e nivel 2. A lei recoñécelle dereito a servizos e prestacións que ata agora non son efectivos por estar condicionados á probación dun plan individual de atención do que non recibiu notificación. Vai haber un ano dende a presentación da solicitude de dependencia de seu pai.

Ante iso solicitamos información á CTB, que no seu momento sinalou o seguinte:

“En relación ao escrito do Valedor do Pobo de data 2 de decembro de 2009, con entrada no gabinete da Consellería de Traballo e Benestar o 10 de decembro de 2009; referido á queixa promovida por D. J.L.P.M., en relación á tramitación do expediente de recoñecemento da situación de dependencia de D. E.P.R., os datos que constan nesta unidade son os seguintes:

Data de presentación da solicitude de recoñecemento de dependencia: 9-12-08. Data de resolución de grao e nivel: 17-4-09. Recoñecéuselle o grao II- nivel 2. Segundo nos informan dende o Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña está pendente da proposta do programa individual de atención (PIA).”

Da información ofrecida entón, en xaneiro de 2010, deducíase que o procedemento se atopaba demorado, posto que o recoñecemento e valoración de dependencia se producira hai case un ano e sen embrago aínda non se resolveu e deu efectividade ao PIA, que xa debiera ser efectivo, de acordo co calendario de aplicación progresiva da lei. Por iso, de novo nos diriximos á Consellería, que nesta ocasión sinalou o seguinte:

“1. A data de presentación da solicitude de valoración da situación de dependencia é o 9 de decembro de 2008.

2. Con data 17 de abril de 2009 resólvese o recoñecemento da situación de dependencia en grao II e nivel 2.

3. Con data 8 de abril de 2010 o órgano de valoración de Ferrol realiza proposta-resolución na que se propón unha libranza para coidados no contorno familiar, sendo o coidador non profesional J.L.P.M., con DNI, con data de efectos dende o 10 de decembro de 2008 e unha prestación de 311,94 euros ao mes no ano 2008 e 319,43 euros ao mes no ano 2009. Tamén se propón un servizo de teleasistencia. A dita proposta queda á espera da existencia de crédito orzamentario para poder remitila á Intervención Territorial Delegada para a súa fiscalización e posterior resolución.”

Á vista de que co anterior non se daba conta da finalización do procedemento, a pesar de que os prazos venceran hai tempo, de novo nos diriximos á Consellería, que recentemente respondeu o seguinte:

“Feitos

A data de presentación da solicitude de valoración de dependencia é de 9 de decembro de 2008.

Con data 17 de abril de 2009 resólvese o recoñecemento de dependencia outorgándolle ao dependente un grao II nivel 2

Con data 8 de abril de 2009 o órgano de valoración de Ferrol realiza unha proposta resolución na que se propón unha libranza para coidados no entorno familiar. Tamén propónse un servizo de teleasistencia.

Consideracións legais

Lei 39/2006, do 14 de decembro : no seu artigo 18.2 sinala que en relación á prestación de coidados no contorno,estableceranse as condicións de acceso a esta prestación en función ao grao e nivel recoñecido.

Decreto 15/2010, do 4 de febreiro: artigo 34 relativo á orde de prelación na instrucción dos procedementos.

Informe

A remisión de expedientes á Intervención Delegada realízase en función do seu grao e nivel, teñen preferencia os expedientes de grandes dependentes e en función da data de entrada no rexistro. Por outro lado dependemos das partidas orzamentarias que nos van chegando.”

Da información ofrecida dedúcese que o procedemento segue demorado, posto que xa se iniciouse en decembro de 2008, sen que se informe a data concreta na que finalmente se resolverá e dará efectividade ao PIA pendente dende hai tempo. Tampouco se achegan novos datos en relación co transmitido anteriormente; unicamente se indica que o 8 de abril de 2009 o órgano de valoración realiza unha proposta resolución, e que *teñen preferencia os expedientes de grandes dependentes*. O recoñecemento e valoración de dependencia se produzo hai máis dun ano, polo que se superou amplamente o prazo previsto no anterior decreto regulador da materia, 6 meses, e o actual, de 3 meses, de acordo co novo decreto 15/2010, que resulta aplicable a esta fase do procedemento.

Confírmase o motivo da queixa, isto é, o atraso na atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a

súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

Neste caso conséctase que os prazos previstos se superaron amplamente. O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

O interesado que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral aos cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación rexeitada.

25- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 2 de setembro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/103/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de A.M.A.F. debido ao atraso na renovación dun PIA correspondente a unha gran dependente.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que en 1996, súa nai, D.^a A.F.R., foi diagnosticada de enfermidade de Alzheimer e desde entón se dedica ao seu coidado. É dependente as 24 horas do día. Cando se publicou a Lei 39/2006, para ela e para súa nai foi unha porta que se abría a moitas esperanzas. O 7 de maio de 2007 presentou a solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia de súa nai; foi o primeiro expediente (1/2007) de Ourense, achegando a documentación que se lle requiría, ata que o 30 de outubro de 2007 se lle recoñeceu o grao III e nivel 2 de dependencia con carácter permanente. O 30 de novembro presentou a proposta de plan de coidados consistente nunha libranza vinculada a servizos; nese momento súa nai levaba uns meses nun centro residencial (vivenda comunitaria) sita a 800 metros do seu domicilio, o que lle permitía estar cerca do seu contorno e lle facilitaba atendela. O 23 de xuño de 2008 resolveuse recoñecer como prestación unha praza nunha residencia de ámbito provincial (non se indicaba onde nin as súas características), na que non chegou a ingresar. Dado que non se adaptaba á súa nova situación, o que se reflectía nun empeoramento da súa enfermidade, e consultado o seu médico e a súa neuróloga, decidiu volver a atendela na casa, e o 28 de agosto de 2008 presentou unha proposta de cambio do PIA, poñendo de manifesto a súa nova situación, achegando informes tanto da traballadora social coma do médico. Dende entón non recibiu resposta da administración a esta solicitude, a pesar da súa insistencia. Falou co xefe de Servizo, cos servizos xurídicos e ultimamente co xefe territorial en Ourense. Tamén presentou un novo escrito o 25 de setembro de 2009 no que solicitaba unha contestación. A súa nai leva 14 anos afectada de Alzheimer, unha enfermidade durísima na que unicamente os coidadores destas persoas saben como repercute na súa propia saúde tanto física como psíquica, segundo sinala. As boas expectativas da nova lei trocáronse pouco a pouco nunha absoluta decepción, a pesar da súa determinación e de ter que enfrontarse a unha

verdadeira carreira de obstáculos administrativos. A data de hoxe a súa nai non ten nada, nin sequera unha resposta, segundo expresa.

Ante iso solicitamos informe á Consellería de Traballo e Benestar, que no seu momento indicou o seguinte: *“Recibiuse solicitude de valoración da Dependencia de D.^a F.R., A. (.....) o día 07/05/2007. Recoñecéuselle á interesada o grao III, nivel 2 mediante resolución de data 30/10/2007. Posteriormente, en data 3/6/2008, elaborouse a proposta-resolución do programa individual de atención na modalidade de **servizo de centro de atención residencial para maiores en situación de dependencia**. En data 19/06/2009 o expediente foi desistido polo interesado.”*

Á vista do anterior requirimos novo informe. Neste caso a Consellería indicou o seguinte: *“Con data 17 de xuño de 2008, o Departamento Territorial de Ourense dita resolución de aprobación do PIA no que se lle concede á solicitante a seguinte prestación: residencia para persoas maiores en situación de dependencia, con intensidade permanente e ámbito provincial. A solicitante non ingresou no centro residencial adxudicado e non deu ningunha xustificación. Con data 22 de Xuño de 2009, o Departamento Territorial de Ourense emite resolución de arquivo do expediente e conclusión do procedemento por renuncia o PIA da solicitante (renuncia implícita por omisión). D.^a A.M.A.F., presenta o 30 de novembro de 2009 no Departamento Territorial unha petición de cambio de PIA: Libranza para coidados no medio familiar. Con data 22 de xaneiro de 2010 emítese escrito de contestación, no que se comunica que non é posible a modificación do PIA outorgado, posto que o expediente atópase archivado e declarado concluído por renuncia. A día de hoxe o expediente atópase archivado e sen posibilidade de recurso administrativo. O procedemento volveuse iniciar pola representante legal da solicitante xa que o 2 de febreiro de 2010 a representante legal da solicitante, D.^a Ana M.^a Arce Fernández, presentou na Delegación Territorial de Ourense una nova solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia.”*

Sen embargo, pola nosa banda reclamamos nova aclaración complementaria sobre a resposta pendente á solicitude. Nesta caso a resposta foi a seguinte: *“O artigo 14.7 do Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regulaba o procedemento para o*

recoñecemento da situación de dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia (vixente no momento de tramitación do expediente), establecía que "a efectividade do acceso aos servizos ou prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia determinados na resolución de recoñecemento de situación de dependencia, quedará condicionada ata á aprobación do correspondente programa individual de atención (PIA)". Con data 17 de xuño de 2008, o Departamento Territorial de Ourense dita resolución de aprobación do programa individual de atención (PIA) no que se lle concede á solicitante a seguinte prestación: Residencia para persoas maiores en situación de dependencia, con intensidade permanente e ámbito provincial. A solicitante non ingresou no centro residencial adxudicado e non deu ningunha xustificación. Con data 22 de Xuño de 2009, o Departamento Territorial de Ourense emite resolución de arquivo do expediente e conclusión do procedemento por renuncia o PIA da solicitante (renuncia implícita por omisión). A representante legal, presenta o 30 de novembro unha petición de cambio de PIA para libranza para coidados no medio familiar, despois de estar aprobado o PIA e de que o expediente se archivara pola non comparecencia sen xustificación na residencia outorgada da solicitante e non ser posible a súa localización. O Departamento Territorial, con data de 22 de xaneiro de 2010, emitiu escrito de contestación á solicitude sobre o cambio de PIA, no que se comunica a representante legal da solicitante que non é posible a modificación do PIA outorgado, posto que o expediente 01/2007 atópase archivado e sen posibilidade de recurso administrativo." Debido ao cruzamento da reiteración do requirimento de aclaración e do informe transcrito, este foi enviado dúas veces.

Por tanto, coñecemos que a nai da interesada tiña atribuído un grao III e nivel 2 de dependencia dende 2007, e cambiou a proposta de plan de coidados orixinal, consistente nun servizo de residencia, que fora concedida no correspondente PIA, por unha libranza para coidados no medio familiar, polas circunstancias que sinala, isto é, porque non se adaptaba á residencia (estaba noutra diferente á asignada, onde non ingresou por atoparse lonxe) e se reflectía nun empeoramento da súa enfermidade -consultado o médico xeral e a neuróloga-. O 28 de agosto de 2008 presentou a proposta de cambio do PIA poñendo de manifesto a situación e achegando informes da traballadora social e do médico. Dende entón non recibiu resposta da administración, a pesar de que falou con diferentes

funcionarios. Tamén presentou un novo escrito o 25 de setembro de 2009 no que solicitaba unha contestación.

A posición da Consellería nos diferentes informes consiste en afirmar que non debe entrar no fondo do que reclama a interesada, un PIA diferente ao atribuído orixinalmente, e iso debido a que o expediente *se atopa arquivado*. A Consellería realizara a correspondente valoración outorgando o grado III e nivel 2, é dicir, o máximo, xa hai case tres anos, en outubro de 2007. Posteriormente, en xuño de 2008, resolveuse sobre o PIA, con ingreso en residencia, e deduce respecto del que *se renunciou tacitamente por inactividade*, polo que entende que *o expediente se atopa arquivado*, ao parecer facendo referencia ao procedemento global. Sen embargo, tal e como xa trasladamos á Consellería na anterior comunicación do 14 de abril, a anterior *renuncia tácita por inactividade* non parece que responda á realidade, ou polo menos só responde ao concreto servizo asignado, posto que na documentación enviada pola reclamante consta a mencionada solicitude de agosto de 2008, con entrada en setembro, na que se reclamaba o cambio de plan de coidados de residencia (o aprobado) a libranza para coidados no medio familiar. A solicitude atópase asinada tanto pola traballadora social como pola reclamante. Tampouco resulta adecuado sinalar que o 30 de novembro de 2009 a interesada presenta unha petición de cambio de PIA, posto que, como dixemos, xa se presentara moito antes. Como consecuencia de todo o anterior tampouco parece adecuado o arquivo indicado, pretendendo xustificar tal cousa en que *non é posible a modificación do PIA outorgado posto que o expediente se atopa arquivado e declarado concluído por renuncia. O procedemento volveuse iniciar*. O anterior non parecer axeitado dende o momento en que se atopa pendente unha resposta expresa da administración á solicitude indicada en primeiro termo, que non pode entenderse dada sobre presupostos ao parecer erróneos. Todos os documentos aludidos foron trasladados á Consellería xunto á solicitude de aclaración do 14 de abril. O PIA asignado en primeiro termo pode interpretarse como renunciado por falta de ingreso e pola solicitude de cambio. Non obstante, diso non pode deducirse que o expediente deba agora comezarse cunha nova valoración. Por tanto, o que restaría sería un novo procedemento de atribución de PIA.

O procedemento global de valoración e atribucións dos servizos ou prestación por dependencia constaba e segue constando (Decreto 176/2007, vixente no momento ao que nos referimos, e Decreto 15/2010, o actual) de dous procedementos con resolucións independentes, o que fai que deba conservarse o primeiro, como resulta perfectamente lóxico. Prescindir duna valoración xa feita con carácter definitivo polo só feito da renuncia a un servizo outorgado e a solicitude dun novo resulta contrario a algún dos principios que deben presidir a actuación da administración, en especial o de eficacia, posto que resulta ocioso avaliar unha persoa que xa foi avaliada con carácter definitivo. Aínda no caso de considerar o procedemento como único debería terse en conta a aplicación do principio de economía procedemental, o que de novo levaría a considerar ociosa unha nova valoración se non existe motivo suficientemente xustificado para prescindir do trámite.

É de subliñar que as necesidades que pretenden atenderse en materia de dependencia, como en xeral calquera servizo de orde social ou asistencial, ten un carácter dinámico, o que significa que as circunstancias resultan cambiantes e por iso debe atenderse de forma áxil a eses cambios inevitables, que veñen dados tanto por situacións obxectivables como pola vontade dos propios interesados, que teñen unha lexítima participación no establecemento do programa de atención, aínda que iso non signifique que necesariamente deba atribuírse o servizo ou a prestación demandados. Esta necesidade de axilidade no procedemento debe concretarse, como mínimo, na evitación de trámites ociosos cando suceden cambios nas circunstancias (saúde, novas necesidades, cambio de vontade do dependente...), de tal maneira que a adaptación se produza o máis rapidamente posible.

Así pois, a valoración atópase realizada de forma adecuada e resulta válida; se prescinde do PIA polas causas expostas pola administración, que son correctas. Resta coñecer a solicitude de novo PIA, asinada pola traballadora social e pola reclamante e na que se reflectía un empeoramento da enfermidade, acreditado por médico xeral e unha neuróloga, sen que isto supoña que deba comezarse un novo procedemento de valoración, que no seu momento se resolveu adecuadamente. O que reclama a interesada é que se atribúa un novo servizo ou prestación por modificación das circunstancias da dependente, solicitude con respecto a que a administración deba pronunciarse expresamente, sen

prexuízo da atribución final do PIA que corresponda, que non necesariamente coincidirá co demandado ou proposto.

A exposición realizada é acorde co previsto na normativa en vigor. Neste caso non se trata dun suposto de *desistencia ou renuncia* no procedemento, regulados no art. 17 do actual decreto, posto que o procedemento xa se atopaba terminado. Sen embargo, é ilustrativo que tamén nestes casos permaneza a valoración durante un prolongado período de tempo, en concreto durante un prazo máximo de dous anos, nos cales o beneficiario poderá solicitar a continuación da elaboración do PIA (art. 17.4). As revisións dos PIA xa aprobados poden facerse de oficio ou de forma periódica, pero tamén “por instancia do interesado ou do seu representante, sempre que se acredite unha variación nas condicións de saúde ou na situación do seu contorno que puidesen motivar unha modificación do servizo ou prestación económica recoñecida”, que é o que sucede no caso examinado. Ademais, nel a revisión ata podería facerse de oficio, posto que existe “proposta, debidamente motivada, do traballador social dos servizos sociais” (art. 43.1.d).

O tratamento dado a este suposto non parece adecuado, e iso a pesar de que se trata dunha gran dependente e por tal causa debera ter prioridade (art. 3 q LD). A súa situación cambiou despois de ser valorada e por tal causa non quixo ingresar na residencia que se lle asignou, de acordo co demandado en primeiro termo. Esa praza tívose por renunciada, o que resulta adecuado; pero despois entendeuse que xa non era preciso estudar e no seu caso atribuír un novo PIA, o que resulta inadecuado. Agora ao parecer coñécese un novo procedemento, incluíndo a valoración, o que supón un amplo atraso na atribución de servizo ou prestación a unha gran dependente.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración

autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facerlle chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación:

Que en supostos de renuncia e nova solicitude de PIA, realizada de acordo co previsto para casos de revisión, en ningún caso se prescinda da valoración xa realizada, prexudicando desa forma a necesaria eficacia e celeridade na resolución do procedemento; e que no caso que examinamos, con urxencia se resolva sobre o servizo ou prestación a atribuír á gran dependente afectada-

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: aceptada parcialmente.

26- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 2 de setembro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1193/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a M.C.L.T. debido ao atraso dun procedemento de dependencia e ao falecemento do dependente antes de aprobarse o PIA.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que seu pai, D. R.L.B., tiña recoñecido un grao II e non recibiu a axuda que lle correspondía por causas da burocracia, segundo sinala. Ela, cunha minusvalía dun 43%, tivo que facer un esforzo moi grande, deixou todo en Andorra, e viu para poder coidalo porque el era viúvo e cun cancro e xa non se valía.

Ante iso solicitamos informe a esa Consellería, que respondeu da forma seguinte:

“Data de solicitude: 13/08/2007. Data de resolución de grao e nivel: 20-02-2009 (grao II, nivel 2). O 07/04/2009 emítese proposta de PIA no que figura "Libranza para coidados no ámbito familiar" e noméase como coidador non profesional a filla do solicitante M.C.L.T.. Data de falecemento do solicitante: 28-05-2009

Neste expediente o solicitante faleceu antes de que se ditase resolución de PIA, polo que se procedeu ao seu arquivo sen que chegase a cobrar nada. Segundo o establecido no artigo 40 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia: "A efectividade do dereito ás prestacións económicas e dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento, recoñecerase á persoa que soportara o gasto sempre e cando se reúnan os requisitos que se esixan na normativa vixente para cada tipo de libranza, sempre que se xustifique documentalmente o gasto efectivamente soportado."

Da información transcrita dedúcese que a Consellería confirma o exposto pola interesada, isto é, que o procedemento de dependencia se demorou (*por causa da burocracia*, sinalaba), posto que se iniciou en agosto de 2007 e a data do falecemento, o 28-05-09, aínda non se aprobara o PIA. Si se dera proposta de PIA, en concreto unha libranza para coidados no ámbito familiar. Por tanto, se o expediente se coñecese sen as demoras que se teñen acreditado o PIA teríase aprobado antes do falecemento, o que suporía o cobro dos atrasos e das mensualidades que corresponderan.

Como amplamente se expresou nos últimos informes desta institución, un dos principais motivos de queixa en materia de dependencia é o falecemento do dependente antes de que a administración resolva a última fase do procedemento e despois de vencer o prazo regulamentario para resolver, é dicir, cun atraso provocado pola administración. Debido aos atrasos constatados nos procedementos non resultan raros os casos nos que se produce o falecemento dos dependentes valorados xa oficialmente como tales e antes da última resolución, a de aprobación do PIA, co prazo vencido para iso. En moitos casos existe proposta de PIA e esta é de prestación económica, en concreto de libranza para coidados no ámbito familiar, como no suposto que examinamos.

Os familiares dos afectados, que normalmente desempeñan a tarefa de *coidadores*, dan mostra dun profundo desgusto porque a avaliación e/ou o programa non se aprobaron a pesar do tempo transcorrido e finalmente o dependente faleceu. Reclaman porque consideran algo contrario á xustiza elemental que non se compensen os coidados realizados cando xa se avaliara o dependente e se constatou a demora da administración.

Este tipo de supostos deu lugar a numerosos recordatorios de deberes legais e recomendacións dirixidos a administración galega. Ao constatar situacións como as descritas, en primeiro termo realizamos un recordatorio de deberes legais, en concreto para que “os expedientes relativos ao recoñecemento das situacións e prestacións derivadas da LD se coñezan nos prazos legal e regulamentariamente previstos, sen demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral a todos os cidadáns afectados”, para despois recomendar que cando se constate o falecemento da persoa dependente despois de vencer o prazo legalmente previsto para resolver, por ese órgano, de oficio ou a instancia de parte, con carácter xeral se dea continuidade ao procedemento ata a resolución e a efectividade do correspondente PIA.

Estas resolucións traen a súa causa no entendemento de que nos atopamos ante un suposto claro de responsabilidade da administración polo atraso constatado. Non se fai unha valoración de oportunidade, posibilidade para a que o Valedor do Pobo está habilitado (suxestións), senón que as resolucións están orientadas ao tratamento estritamente legal das consecuencias prexudiciais da actuación anormal da administración e da súa responsabilidade. A realización de *resolucións sucesivas* (primeiro o recordatorio de deberes legais e despois a recomendación) intenta expresar unha relación de causa-efecto entre a situación constatada en primeiro termo, o atraso e conseguinte vencemento do prazo, e a responsabilidade económica que se produce polo falecemento do dependente con posterioridade a ese vencemento e sen o PIA. O primeiro exprésase en forma de recordatorio de deberes legais (*deber de resolver en prazo*), e o segundo a través dunha recomendación. Ambos teñen por fin orientar a actuación futura da administración á vista do incumprimento constatado e da responsabilidade que diso se deriva.

A responsabilidade que coñecemos pode tratarse por diferentes vías. Existe a posibilidade de que a administración a negue en primeiro termo e con iso faga inevitable que os interesados que así o consideren formulen os correspondentes procedementos de responsabilidade patrimonial da administración, en vía administrativa primeiro e, chegado o caso, na vía xurisdiccional. Fronte a iso, a proposición que se contén nas resolucións do Valedor do Pobo é que se estableza a fórmula que permita recoñecer a evidencia da

responsabilidade que tratamos sen necesidade de obrigar os prexudicados a complexos, custosos e longos procedementos para chegar a un resultado aparentemente previsible.

Resulta evidente, en primeiro lugar, o mal funcionamento da administración nestes casos, pero tamén os prexuízos individuais que desa circunstancia se derivan para os afectados, o seu carácter antixurídico e perfectamente cuantificable, a inexistencia dun deber de soportar os ditos prexuízos e, en definitiva, a presenza dun suposto de responsabilidade da administración. Partindo desa evidencia e da posible articulación da compensación mediante o procedemento ordinario de dependencia que se viña coñecendo, consideramos claramente prexudicial para os afectados remitilos nesas circunstancias a un procedemento de reclamación *ad hoc*, que tería un resultado previsible (insistimos no evidente da situación), pero que sobre todo sería complexo, custoso e longo. Dadas as contías, na nosa Comunidade sería necesario o ditame do Consello Consultivo de Galicia - art. 11.j da Lei 9/1995, do 10 de novembro, modificada pola Lei 16/2008, do 23 de decembro-, co que, aínda que se introduce un elemento de garantía e obxectivación no tratamento da responsabilidade, sen embargo se prolonga aínda máis e de forma innecesaria un procedemento, que, en casos como os que tratamos, o noso criterio é que se deberían resolver no seo do propio expediente de dependencia. Se se establece a necesidade de promover un procedemento *ad hoc* de responsabilidade patrimonial o prexuízo para o reclamante duplicaríase, posto que ao que xa se consumou agora uniráselle o que se derivaría de compelelo a unha actividade que lle vai ocasionar trastornos evitables.

Negar a existencia de responsabilidade da administración resulta, na nosa opinión, dificilmente defendible, aínda que só sexa porque iso suporía premiar a administración polo seu mal funcionamento e promover este de cara a futuras actuacións. En ningún caso a demora nas resolucións debe selo en prexuízo dos interesados e en beneficio da propia administración. Esta “non pode verse beneficiada polo incumprimento das súas obrigacións de resolver expresamente en prazo as solicitudes dos cidadáns, deber este que entronca coa cláusula do estado de dereito -art. 1.1 da Constitución española- así como cos valores que proclaman os arts. 24.1, 103.1 e 106.1 CE (entre outras, SSTC 188/2003, do 27 de outubro, e 14/2006, do 16 de xaneiro).

Ante eses argumentos, trasladados á administración en numerosas ocasións, a Consellería de Traballo e Benestar deunos conta dun borrador que prevía o aboamento dos atrasos xerados neste tipo de supostos e aínda noutros non suxeridos, co requisito de que se tivera recoñecido a situación de dependencia. Por tanto, ese borrador de decreto aceptaba parcialmente o criterio expresado pola nosa banda, recoñecendo a necesidade de aboar os atrasos despois do falecemento do dependente ao menos nos casos de atraso nos trámites do procedemento. A disposición transitoria sexta dese borrador estendía ese efecto aos casos producidos con anterioridade ao mesmo decreto.

O Decreto finalmente aprobado foi o 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, cun texto que modifica parcialmente o borrador enviado no seu momento. Respecto da cuestión que tratamos sinala o seguinte:

“Artigo 40º.-*Solicitantes falecidos*. 1. A efectividade do dereito ás prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento recoñecerase á persoa que soportara o gasto sempre que lle corresponda conforme a normativa de aplicación. 2. Será necesario que a documentación que consta no expediente no momento do falecemento probe cal era o grao e nivel de dependencia do solicitante falecido. Así mesmo, de existir proposta do programa individual de atención terá que constar que se cumprían os requisitos establecidos para cada tipo de libranza. 3. En todos os supostos deberá xustificarse documentalmente o gasto efectivamente soportado.

Disposición Transitoria Sexta.-*Solicitantes falecidos anteriormente á entrada en vigor deste decreto*. “1. A efectividade do dereito ás prestacións económicas dos solicitantes falecidos antes da entrada en vigor deste decreto durante a tramitación do procedemento, producirase cos mesmos efectos e requisitos que os supostos recollidos nos artigos 39 e 40 do articulado. 2. Os prazos establecidos normativamente para o exercicio das accións correspondentes empezaranse a contar desde a data do falecemento do solicitante.”

Así pois, de acordo co novo Decreto 15/2010, a administración finalmente pagaría nos supostos que se citan; restaba coñecer en que senso se interpretarían ou aplicarían as súas previsións para supostos como o que afecta á interesada, isto é, con propostas de libranza para coidados no ámbito familiar, que, ao tratarse de prestacións económicas e non de servizos, non poden acreditar gastos, senón unha falta do aboamento debido. A inmensa maioría das reclamacións sobre esta problemática resultan de expedientes como este, en que os atrasos se concretan no que debera aboarse en concepto de atrasos da prestación económica, fundamentalmente da libranza para coidados no ámbito familiar.

Pois ben, agora, despois dun tempo considerable dende a entrada en vigor do Decreto 15/2010, a Consellería sinala que *o solicitante faleceu antes de que se ditase resolución do PIA, polo que se procedeu ao seu arquivo sen que chegase a cobrar nada*, e cita seu o previsto no art. 40 do decreto (en realidade debe entenderse que a disposición transitoria sexta), co que parece dar a entender que esa eventual reclamación non sería atendible, posto que non implica gastos, como dixemos, senón falta dos ingresos debidos. Noutros expedientes similares, e nos que xa se dera a reclamación expresa de aplicación do previsto na disposición transitoria sexta, a Consellería responda na mesma liña, indicando que non se presentan facturas que acrediten gastos, ou que resulta preciso o desenvolvemento das previsións do art. 40 e da disposición transitoria sexta. Sen embargo, o pronunciamento expreso sobre esta materia resulta perentorio, posto que a alternativa que lle cabe aos afectados, que, como expresamos, é a reclamación dunha posible responsabilidade patrimonial da administración, ten que darse nun prazo relativamente curto, un ano, de acordo co art. 142.5 da Lei 30/1992.

Co anteriormente exposto só pode concluírse que a Consellería rexeita o aboamento dos atrasos nos casos de expedientes atrasados e orientados cara a unha prestación económica, fundamentalmente á libranza para coidados no ámbito familiar, con proposta nese senso xa confeccionada. Non se atende a liña recomendada dende hai tempo como alternativa á reclamacións expresas de responsabilidade patrimonial da administración, recomendación feita tanto ao anterior órgano que coñecía a materia como ao actual.

Así pois, a aplicación do pagamento previsto nos arts. 40 e na disposición transitoria sexta do Decreto 15/2010 limitaríase aos casos de libranzas de servizos contratados privadamente antes da aprobación do PIA. Esta interpretación limita enormemente a efectividade da previsión de aboamento nos casos de falecemento antes do PIA e con atraso, posto que quedan fóra todas as prestacións económicas para o coidado no ámbito familiar orientadas pola propia administración, que resultan o groso das reclamacións deste tipo.

En relación cos atrasos das prestacións económicas derivadas da Lei de dependencia é preciso subliñar que aqueles foron suprimidos recentemente, polo o previsible é que esta problemática cobre outro cariz. Efectivamente, a anterior necesidade de aboamento dos chamados atrasos a que nos vimos referindo queda derogada para as solicitudes posteriores ao 1 de xuño de 2010 polo Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público (art. 5). Non obstante, resta por aclarar todos os casos de posible responsabilidade anterior, como este, e os supostos con solicitude anterior á efectividade da medida, que seguen co mesmo réxime legal, polo que haberá que aboalos dende a data da solicitude e que, por tanto, poden seguir dando lugar aos mesmos problemas que tratamos no caso de falecemento sen o PIA e con atraso.

Pero é que ademais os atrasos poden seguir xerándose se non se cumpren os prazos de resolución dos expedientes de dependencia, algo que observamos con relativa frecuencia. Seguirán xerándose atrasos nos casos de incumprimento dos prazos, que agora se acurtan legalmente a 6 meses (3+3), prazos xa establecidos anteriormente na normativa galega (decreto 15/2010). Por iso, se seguen producindo atrasos nos procedementos tamén seguirán dándose problemas deste tipo, pero cos atrasos a reclamar recortados na medida indicada polo real decreto lei citado, é dicir, reducíndose 6 meses respecto da normativa anterior. Para o aboamento de calquera clase de atrasos a Consellería pode facer uso da habilitación legal para o aprazamento da débeda, con pagos anuais de igual contía, nun máximo de 5 anos.

Así pois, a administración actuou neste caso e nos similares que tamén coñecemos do xeito que describimos. A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a

preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar as seguintes **resolucións**:

Recordatorio de deberes legais:

Que os expedientes relativos ao recoñecemento das situacións e prestacións derivadas da Lei de dependencia se coñezan nos prazos legal e regulamentariamente previstos, sen demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral a todos os cidadáns afectados, como se pon de relevo no caso examinado”.

Recomendación:

Que en todos os casos en que se constate o falecemento da persoa dependente despois de vencer o prazo legalmente previsto para resolver, dada a responsabilidade da administración na xeración desa situación prexudicial para o interesado, con carácter xeral se aboén os atrasos a quen legalmente corresponda; e que, no caso particular que se coñece, se oriente a actuación da administración de cara á solución mencionada anteriormente.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de efectividade.

27- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 8 de abril de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1240/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a M.J.C.R. referente ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o 26-3-09, seu pai, D. A.C.G., solicitou en Lugo o recoñecemento da súa condición de dependente (expediente LU 12.679). En agosto de 2009 fanlle a revisión e en xaneiro de 2010 resolven a dependencia, con grao II e nivel 2. En maio de 2010 aínda non ten o PIA. Debido ao empeoramento de seu pai, cun cancro terminal e con coidados paliativos, fala coa Consellería para que "apliquen o decreto 15/2010", segundo sinala, e dinlle que volva solicitar revisión de grao e nivel por empeoramento, pero tardarían en resolvelo. Por iso, quere que se cumpran os prazos do decreto citado. Tal e como funciona ata a data, seu pai e outros coma el morren antes de que lle sexa recoñecido o PIA, ao tardar a Consellería dous anos en resolver, segundo indica. Posteriormente engadiu que o estado de seu pai é crítico ("meu pai estase morrendo").

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que xa nola remitiu. Nela indícase o seguinte:

"Data da solicitude: 26-3-2009. Data do ditame técnico facultativo: 28-1-2010 Data da resolución de grao e nivel: 01-02-2010, II-2

O expediente atópase á espera de realizar a proposta do PIA, pois estanse aínda realizando as propostas de grandes dependentes, grao III.

En caso de empeoramento sempre podería solicitar unha revisión de grao e nivel."

Da información achegada dedúcese que o procedemento se atopa demorado, tal e como indicara a interesada na queixa, sen que tampouco se aporte a data concreta na que finalmente se resolverá e dará efectividade ao PIA pendente. Só se di que o expediente se

atopa á espera de realizar a proposta do PIA, pois estanse aínda realizando as propostas de grandes dependentes, grao III, e que en caso de empeoramento, como se apunta tamén na queixa, sempre podería solicitar unha revisión de grao e nivel.

A solicitude deuse o 26-3-09, e o recoñecemento e valoración de dependencia produciuse o 1-2-10, polo que se superaron amplamente os prazos para valoración previstos no anterior decreto regulador da materia, 6 meses. Tamén se superou o prazo previsto no actual decreto, o 15/2010, 3 meses, que resulta aplicable a esta fase do procedemento. Por tanto, confírmase o motivo da queixa, isto é, o atraso na atribución e efectividade das prestacións previstas na LD.

Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto "rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores" (disposición transitoria primeira).

O expediente debера atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á

asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación pendente de resposta.

28- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 8 de setembro de 2010 debido a un procedimieto de dependencia (Q/404/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a E. D.J relativo a un procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que en relación co expediente de recoñecemento da situación de dependencia de D.^a C. V.F., con DNI, o 19 de febreiro promoveu un recurso de alzada ante a Consellería de Traballo e Benestar debido a que o pagamento dos atrasos non se axusta a data da solicitude, tal e como se sinala na orde de 17 de decembro de 2007, pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, e na comunicación desta institución, que se baseaba na resposta desa Consellería a queixa G.6.Q/1025/09. A efectividade dos atrasos se deu dende

o 7 de novembro, e sen embargo a solicitude é de 2 de abril. No informe que se trasladou a esta institución se indicaba esta última data como o *dies a quo* para o cálculo dos atrasos.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que no seu momento nola remitiu da seguinte forma:

“Primeiro.- Dona C. V. F. presentou solicitude de valoración de grao e nivel o 1 de marzo de 2008 . **Segundo.-** No informe social adxunto á solicitude de valoración de grao e nivel estipula como recurso que mellor podería cubrir as súas necesidades *SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)*. **Terceiro.-** En data 7 de novembro de 2008, remítese outra proposta de plan de coidados na que se propón libranza para coidados no contorno familiar, nomeando como coidadora á súa neta, dona E. D. J. Considérase, por tanto como data válida, a do 7 do novembro. **Cuarto.-** O 28 de outubro ditouse resolución de recoñecemento de situación de dependencia, recoñecendo un Grao III e nivel 1. **Quinto.-** En data 31 de decembro de 2009 fíxose proposta de PIA e o 21 de xaneiro de 2010 resolución de PIA, pola que se abonaban os atrasos dende o 7-11-2008 ata 31-12-2009. **Sexto.-** Debido ao falecemento da solicitante, o 12 de marzo de 2010 reclamóuselle o importe do recibido indebidamente. **Sétimo.-** O 19 de febreiro de 2010 presentouse recurso de alzada.”

Á vista da insuficiencia da anterior resposta de novo nos diriximos á Consellería, que nesta ocasión sinalou o seguinte:

“Os recursos de alzada vanse resolvendo por estrita orde de entrada existindo na actualidade unha demora na resolución dos mesmos polo seu elevado número.

A día de hoxe, esta Unidade de Coordinación aínda está pendente de recibir o recurso presentado en data 19 de febreiro de 2010.”

Da información aportada dedúcese, no que se refire ao aspecto formal, que non se resolveu o recurso pendente sobre a resolución da Consellería a que se opón a interesada, e tampouco se indica cando se resolverá, a pesar de que xa venceu o prazo. Ao contrario, se sinala que *a día de hoxe esta Unidade de Coordinación aínda está pendente de recibir o*

recurso presentado en data 19 de febreiro de 2010. O prazo para a resolución do recurso venceu hai tempo, posto que de acordo co previsto no art. 115.2 da Lei 30/1992, de RXAP-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de 3 meses. Non pode xustificarse a falta de resolución expresa nas previsións de silencio negativo ao respecto (tamén art. 115.2 da Lei 30/1992). O transcurso do prazo e as previsións respecto das consecuencias do silencio só pode entenderse como unha garantía para o cidadán afectado polo retraso, que nese caso escollerá entre acudir á xurisdición contenciosa-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Por tanto, en ningún caso a administración pode alegar esta circunstancia como escusa ou atenuante da súa abstención, ao permanecer a súa obriga de resolución (art. 42.1 da Lei 30/1992).

Polo que se refire ao fondo do asunto, a administración entende como día a partir do cal se liquidan os atrasos o da nova proposta de plan de coidados. Efectivamente, ao parecer nun primeiro intre dérase unha proposta de servizo de axuda no fogar, para despois modificala e orientala a una *libranza para coidados no contorno familiar, nomeando como coidadora á súa neta, dona E. D. J.* Non se especifican os motivos do cambio de proposta, pero sobre todo non se aclaran as razóns que xuridicamente avalarían ese *dies a quo*. Ao respecto é de sinalar que a proposta é da propia administración, sen prexuízo das consultas aos interesados e das súas peticións, e que a Lei de Dependencia sinala que “o recoñecemento do dereito contido nas resolucións das administracións públicas competentes xerará o dereito de acceso aos servizos e prestacións correspondentes desde o momento da súa solicitude de recoñecemento polo interesado ...” (Disposición Final Primeira), referíndose a solicitude orixinal de recoñecemento da situación de dependencia.

A anterior necesidade de abono dos chamados atrasos a que vímonos referindo queda derogada para as solicitudes posteriores ao 1 de xuño de 2010 polo Real Decreto Lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público (art. 5). Non obstante, permanecen as obrigas xeradas con anterioridade, como a presente; todos os supostos con solicitude anterior á efectividade da medida seguen co mesmo réxime legal, polo que habería que abonalos dende a data da solicitude. Non

obstante, para o abono de calquera clase de atrasos a Consellería pode facer uso da habilitación legal para o aprazamento da débeda, con pagos anuais de igual contía, nun máximo de 5 anos.

En calquera caso, ao marxe da opción que se tome ao respecto, o certo é que o problema neste intre segue a ser a falta de resposta sobre o plantexado no recurso, o que fai que a administración non se definira sobre o fondo deste asunto.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

“Que con urxencia se resolva sobre o recurso pendente e obxecto da presente queixa, que se encontra demorado, de acordo cos prazos legalmente previstos, e que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican aos cidadáns afectados.

E que con respecto ao fondo do asunto, no recurso se defina o dies a quo para o cálculo dos atrasos tendo en conta que este viña definido na anterior versión da LD, vixente cando se produciron os feitos analizados no presente suposto, tendo como referencia a solicitude orixinal do interesado para o recoñecemento da súa situación de dependencia (Disposición Final Primeira)”.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación pendente de efectividade.

29- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 9 de setembro de 2010 debido ao retraso dun procedemento de valoración da discapacidade (Q/1398/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. M.A.S. relativo ao atraso dun procedemento de valoración de minusvalía.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que ten DNI núm. e 87 anos. O 15.10.09 presentou solicitude de emisión de certificado de minusvalía. Xa transcorreron 10 meses e aínda non o chamaron. A administración di que actúa de acordo cos principios de eficacia e sometemento pleno á lei e ao dereito. Sen embargo, vulnera eses principios e incumpre as normas e os fins aos que debera servir, segundo indica. Di que resulta inaceptable a tardanza de tanto tempo en contestar a unha solicitude, sen dar unha cumprida resposta nun tempo prudente, e iso demostra que non ten o máis mínimo interese en resolver os problemas dos cidadáns, segundo se expresa.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que recentemente nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D. M.A.S., núm. expediente G.6.Q/1398/2010, con relación ao caso sobre valoración de minusvalía e segundo os datos facilitados pola Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal, infórmase o seguinte:

O interesado presentou unha solicitude de valoración con entrada no rexistro o 15.10.09. A sección de valoración de minusvalía segue a orde de entrada no rexistro, consonte o procedemento establecido, levando una tardanza nas citacións. Dado a tardanza en poder resolver, debido aos escasos medios de que dispoñen, a dita sección estuda os expedientes para tramitar con urxencia, cando as necesidades estean xustificadas. Non se aprecia neste caso, motivos de urxencia que xustifiquen o cambio na orde regular de citación.”

Da información transcrita dedúcese que o expediente se atopa demorado, como a propia Consellería recoñece cando sinala que se produce unha *tardanza en poder resolver, debido aos escasos medios*. Sen embargo, non se aportan as medidas a adoptar para corrixir tal situación, nin con respecto ao caso concreto analizado nin con respecto a situación xeral que se recoñece. Unicamente se indica que *estuda os expedientes para tramitar con urxencia cando as necesidades estean xustificadas. Non se aprecia neste caso motivos de urxencia que xustifiquen o cambio na orde regular de citación.*

A situación de atraso nas valoracións e resolucións dos expedientes de recoñecemento de situación de minusvalía na comarca de Ferrol é coñecida a través deste e doutros expedientes. Cando se coñeceu a Consellería confirmara os problemas existentes no equipo de Ferrol, pero anunciando a súa solución. Sen embargo, como observamos no presente caso, o problema parece continuar.

Así pois, confírmase o atraso que é obxecto da queixa, sen que se anuncie a solución do problema. O expediente debiera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas, que prexudican os cidadáns afectados, especialmente cando estes contan cunha idade avanzada, como é o caso. A súa reclamación reflicte un importante grao de desgusto que resulta perfectamente comprensible.

O interesado que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49), e obriga tamén a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo a valoración e recoñecemento da situación de minusvalía do interesado, posto que se atopa atrasado, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

30- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 9 de setembro de 2010 debido ao retraso dun procedemento de valoración da discapacidade. (Q/1476/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a M.M.C. relativo ao atraso dun procedemento de valoración de minusvalía.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que ten 85 anos e o DNI Fixo unha solicitude de certificado de minusvalía en Ferrol. Xa transcorreron máis de 9 meses sen recibir ningunha resposta da administración, polo que quere saber cando a van chamar, pois “tanta tardanza demostra deixamento da administración” e “non garante o principio de seguridade xurídica”; a administración non está a cumprir os prazos establecidos e así “os dereitos dos cidadáns quedan baleiros de contido”, segundo manifesta. Fixo unha reclamación, pero non valeu de nada, porque nin lle contestaron. Foi ante a mesma Sección de Minusválidos de Ferrol.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que recentemente nola remitiu. Nela sinalase o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D.^a M.M.C., núm. expediente G.6.Q/1476/2010, con relación ao caso sobre valoración de minusvalía e segundo os datos facilitados pola Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal, infórmase o seguinte:

A interesada presentou una solicitude de valoración con entrada no Rexistro o 15/10/09. A sección de valoración de minusvalía segue a orde de entrada no rexistro, consonte o procedemento establecido, levando una tardanza nas citacións. Dado a tardanza en poder resolver, debido aos escasos medios de que dispoñen, a dita sección estuda os expedientes para tramitar con urxencia, cando as necesidades estean

xustificadas. Non se aprecia neste caso, motivos de urxencia que xustifiquen o cambio na orde regular de citación.”

Da información transcrita dedúcese que o expediente se atopa demorado, como a propia Consellería reconece cando sinala que se produce unha *tardanza en poder resolver, debido aos escasos medios*. Sen embargo, non se achegan as medidas a adoptar para corrixir tal situación, nin con respecto ao caso concreto analizado nin con respecto a situación xeral que se reconece. Unicamente se indica que *estuda os expedientes para tramitar con urxencia cando as necesidades estean xustificadas. Non se aprecia neste caso motivos de urxencia que xustifiquen o cambio na orde regular de citación*.

A situación de atraso nas valoracións e resolucións dos expedientes de recoñecemento de situación de munisvalía na comarca de Ferrol é coñecida a través deste e doutros expedientes. Cando se coñeceu a Consellería confirmara os problemas existentes no equipo de Ferrol, pero anunciando a súa solución. Sen embargo, como observamos no presente caso, o problema parece continuar.

Así pois, se confirma o atraso que é obxecto da queixa, sen que se anuncie a solución do problema. O expediente debiera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas, que prexudican os cidadáns afectados, especialmente cando estes contan cunha idade avanzada, como é o caso. A súa reclamación reflicte un importante grao de desgusto que resulta perfectamente comprensible.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49), e obriga tamén a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de

protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

“Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo a valoración e recoñecemento da situación de minusvalía da interesada, posto que se atopa atrasado, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados”

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

31- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 1 de outubro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1026/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a M.M.M.S. relativo ao atraso no aboamento da prestación de dependencia e a negativa ao aboamento despois do falecemento do dependente.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o 20 de febreiro de 2009 foi notificada a seu pai, D. M.M.P., DNI, a resolución de aprobación do programa individual de atención do seu expediente, o núm. 5570, con efectos do 14.6.07 e atrasos de 8657,11 €. Trasladou todos os documentos que lle pediron e o 10 de marzo de 2009 comunicou que seu pai fora dado de baixa temporalmente no Centro de Día de Euxa-Narón, xa que estaba hospitalizado a causa dunha grave enfermidade. Á vista da falta de aboamento dos atrasos consultou telefonicamente o motivo e respondéronlle que o pago estaba pendente a causa da baixa no centro de día e que se o dependente falecía perdería todos os dereitos recoñecidos con anterioridade. D. Manuel faleceu o 30 de marzo de 2009 sen ter recibido a prestación. Consultada a Xunta con posterioridade a resposta foi que o expediente fora arquivado por falecemento do dependente. D.^a M.M.M.S., como filla e única herdeira, o 19 de maio de 2009 presentou unha reclamación ante a Consellería de

Traballo e Benestar, da que non obtivo resposta. Tras a aprobación do Decreto 15/2010 solicitou información sobre o impreso a utilizar ou a forma de presentar a reclamación de aboamento no caso de falecemento, pero contestaron que non existen impresos nin teñen coñecemento sobre o tema. O 25 de febreiro presentou unha reclamación en base ao establecido no citado decreto. Considera que leva máis dun ano esperando impotente unha comunicación oficial que nunca chega.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que respondeu o seguinte:

“Data solicitude: 13.6.200. Resolución grao.nivel: 29.2.2008 III-1. O Equipo de Valoración de Ferrol elabora a proposta de programa individual de atención (PIA) o 13.11.2008 na que se propón libranza vinculada ao servizo de centro de día. Resolución de aprobación do PIA: 20.2.2009. Desde o 11.2.2009 está hospitalizado polo que de momento de recibir a resolución de concesión da axuda xa non acudía ao centro solicitado, polo que o PIA non tería efecto. Data falecemento: 30.3.2009

O motivo de que aínda non se contestara o recurso é que se van resolvendo por estrita orde de entrada existindo na actualidade unha demora na súa resolución polo seu elevado número.”

Á vista do insuficiente da resposta transcrita requirimos información complementaria. A Consellería respondeu da seguinte forma:

“Ante a queixa presentada por D.^a M.M.M.S., expediente G.6.Q.1026.2010, con relación ao caso sobre dependencia de D. M.M.P., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora de Dependencia, infórmase o seguinte:

A data de resolución do programa individual de atención é do 20 de febreiro de 2009 e foi notificada o 28 de febreiro de 2009. Nesa resolución indicábase: "Para o pagamento desta prestación deberá enviar á Delegación Provincial copia da última factura e certificado do centro que acredite a data de ingreso en praza privada non subvencionada e a súa continuidade ata a actualidade".

Con data 2 de marzo de 2009 recibíuse por fax a última factura do centro correspondente ao mes de febreiro e certificado no que se di que o solicitante permaneceu no centro ata o día 26 de febreiro de 2009. A persoa dependente faleceu con data 30 de marzo de 2009 con anterioridade a poder incluíla na nómina correspondente.”

Despois de examinar en detalle o contido da anterior resposta dedúcese que esta non contradí os argumentos trasladados na nosa última comunicación, aos que nin tan sequera fai mención. Por iso, confírmase a posición da Consellería, que entende que non debe aboar a estancia anterior ou os chamados *atrasos*, a pesar de que o PIA se aprobou con atraso e aínda en vida do interesado, incluída a notificación, tal e como indica a propia Consellería. É mais, o PIA aprobouse co dependente aínda de alta no servizo que recibía.

Efectivamente, a Consellería argumentaba no primeiro informe que *no momento de recibir a resolución de concesión da axuda xa non acudía ao centro solicitado, polo que o PIA non tería efecto*. O anterior criterio supón derivar o suposto ao previsto no novo decreto 15/2010 en relación co aboamento de gastos nos casos de falecidos con anterioridade á entrada en vigor do decreto (disposición transitoria sexta; *solicitantes falecidos anteriormente á entrada en vigor deste decreto*). A interesada fixo esa reclamación, ao parecer de acordo co que lle indicaron, pero non recibiu ningunha resposta. Tanto respecto desta reclamación como da referida ao rexeitamento de pago orixinal, a Consellería limitábase a sinalar que o motivo é que os recursos *se van resolvendo por estrita orde de entrada existindo na actualidade unha demora na súa resolución polo seu elevado número*, o que se confirma que tampouco neste concreto aspecto da queixa se cumpren as obrigas legais.

O criterio de fondo da Consellería non resulta adecuado. O PIA aprobouse estando vivo o dependente. Xa tivemos ocasión de sinalar en outros supostos similares que non resultan aplicables as previsións do Decreto 15/2010 respecto de dependentes falecidos para supostos como este. O art. 40 e a disposición transitoria sexta refírense expresamente a *solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento*, o que non é o caso, posto que o procedemento se atopaba xa rematado. De acordo co art. 38 do decreto citado, integrado na sección terceira, titulada “terminación”, “recibida a proposta do programa individual de atención e demais documentación que conste no expediente, a persoa titular

do departamento territorial da consellería con competencia en materia de servizos sociais ditará, logo das comprobacións que procedan, resolución pola que se aproba o programa individual de atención”. En idéntico sentido prevíase a terminación dos procedementos no decreto vixente anteriormente, o 176/2007 (art. 15.2), posto que contra a aprobación do PIA se prevé a posibilidade de interpoñer recurso de alzada (art. 16). Por tanto, o procedemento rematara nese intre, restando unicamente os actos materiais precisos para dar cumprimento ás previsións da resolución, sen prexuízo de que tamén se atopen pendentes aspectos instrumentais para ese cumprimento, o que non desvirtúa o anterior. Estes trámites procedementais de carácter instrumental, como poden ser cálculos matemáticos para a liquidación, ou a presentación de documentación para eses cálculos, como é o caso, non resultan transcendentais para os efectos que comentamos, como tampouco trámites exclusivamente internos, como o que a Consellería chama *incluir en nómina*, posto que a obriga se contraeu formalmente coa resolución, como subliñamos.

Aínda no caso de que o PIA se dera nun momento posterior á baixa do centro de día, circunstancia que a propia Consellería nega no seu último informe, contradicindo o primeiro, posto que sinala que a baixa nese centro é posterior á resolución de PIA, tal cousa non podería prexudicar o interesado (ou agora os herdeiros) respecto do cobro dos atrasos xerados pola atención anterior e legalmente recoñecida. Unicamente sería razoable deixar de pagar o tempo no que non acudiu ao centro, é dicir, dende a baixa do mesmo. E se falecera antes da aprobación do PIA, entón si resultaría de aplicación o previsto para falecidos no Decreto 15/2010, cousa que sen embargo non sucede neste caos, como expuxemos.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se dea efectividade ao PIA aprobado no expediente obxecto da presente queixa, relativo a un gran dependente e aprobado cun considerable atraso, pero aínda en vida do afectado, e que se aboe a quen agora corresponda legalmente a libranza vinculada ao servizo de centro de día ata o día da baixa do servizo.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de efectividade.

32- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 20 de outubro de 2010 debido un procedemento de dependencia (Q/301/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a D.G.B. debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que en relación co expediente de dependencia do seu cuñado, D. F.C.O., con DNI exp. PO/9444, con dependencia recoñecida en grado II e nivel 2, chamárona da Xunta en Vigo o 27 de xaneiro para que entregue a declaración da renda, que era o que faltaba para que lles concederan a axuda. Dinlle que a presente antes do 5 de febreiro, que é cando proceden a facer os pagos. Presentou a declaración da renda o 4 de febreiro, pero pasa o tempo e non recibe ningunha resposta da Xunta, co cal chama por teléfono e dinlle que ese expediente non se meteu coas pagas que van facer neste mes, que xa hai que esperar. Volveu chamar e explícalles que presentou todo o que lle pediron dentro do tempo que lle sinalaron.

Ante iso solicitamos información á Consellería, que no seu momento sinalou o seguinte:

“Data de solicitude de valoración da dependencia de C.O., F. (.....) o día 10/12/2007. Recoñécuselle ao interesado o grao II, nivel 2, mediante resolución de data 25/8/2008. Posteriormente, en data 25/11/2008, elaborouse a proposta do programa

individual de atención (PIA) na modalidade de libranza para coidados no contorno familiar, establecéndose como persoa coidadora a D.G.B.. Non entrou na partida orzamentaria anterior porque lle solicitaron unha documentación que non entregou en prazo. Estase á espera de recibir a documentación.”

Posteriormente a interesada sinalou que o 4 de febreiro de 2010 enviou mediante fax a declaración da renda de seu cuñado, D. F.C.O., ás dependencias que llo requiriran. Ese era o documento que faltaba á Xunta para poder cobrar a axuda de dependencia, segundo indica. Despois de enviar o fax chamou por teléfono para asegurarse de que recibiran ben todas as follas, xa que eran 10 páxinas, e dixerónlle que si, que todo estaba correcto. Dixerónlle que o entregara antes do 5 de febreiro, que era a data na que pasarían os expedientes ao Departamento Financeiro, e iso foi o que fixo.

Á vista do indicado de novo nos diriximos á Consellería, que recentemente nos respondeu. O informe recibíuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar á Consellería o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertirla da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución, e realizar algunha chamada para urxir o seu envío. O informe sinala o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D.^a D.G.B., núm. expediente G.6.Q/301/2010, con relación ao caso sobre dependencia de D F.C.O., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora de Dependencia, infórmase o seguinte:

Cómpre sinalar, que de acordo coa normativa de aplicación (artigo 18.2 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia), nos supostos de libranza para coidados no contorno familiar, o acceso á prestación económica pola dita libranza virá determinado en función do grao e nivel recoñecido á persoa en situación de dependencia e da súa capacidade económica.

Asemade, hai que ter en conta o calendario de implantación das prestacións de dependencia, contemplado na disposición final, primeira, da Lei 39/2006, que lle dá prioridade no tempo aos grandes dependentes. Por todo isto, é imposible determinar o

momento exacto no que se lle aprobará a resolución do programa individual de atención (PIA) a F.C.O., pois ao ter recoñecido un grao II, outórgaselles prioridade aos graos III.

Polo tanto, este expediente á espera de recibir o orzamento necesario para a aprobación do programa individual de atención.”

A Consellería de Traballo e Benestar confirma que o procedemento se atopaba moi demorado, tal e como se expresaba na queixa, posto que se iniciou en decembro de 2007 e aínda non se atopaba resolto, sen que tampouco se sinala nada respecto da data na que finalmente se resolverá. Unicamente se indicaba que “*se lles outorga prioridade aos graos III*” e que “*este expediente (está) á espera de recibir o orzamento necesario para a aprobación do programa individual de atención*”.

Ao respecto é de sinalar que a preferencia dos *grandes dependentes* a que se alude no informe, e en xeral dos graos e niveis superiores, que é un dos principios inspiradores da Lei de dependencia (art. 3.q), debe poñerse en relación co previsto no calendario de aplicación progresiva da propia lei, ao que a Consellería tamén alude no seu informe. Este calendario prevé a efectividade dos dereitos recoñecidos aos dependentes *severos* desde o segundo ou terceiro ano (os de nivel 2), ou desde o terceiro ou cuarto ano (os de nivel 1), polo que neste caso, un grao II e nivel 2, xa debería terse resolto o expediente, co prazo vencido, e sobre todo debера terse dado efectividade ao PIA mediante a atención do dependente. Da información facilitada dedúcese que o procedemento segue demorado, sen que tampouco se aporte a data concreta na que finalmente se resolverá e dará efectividade ao PIA pendente.

Como dixemos, neste caso a solicitude é xa de decembro de 2007, polo que dende entón transcorreron case tres anos. A solicitude deuse o 10/12/07, e o recoñecemento e valoración de dependencia produciuse o 25/08/08, polo que se están a superar amplamente os prazos previstos no anterior decreto regulador da materia, 6 meses, e no actual, de 3 meses, o previsto no Decreto 15/2010, que resulta aplicable a esta fase do procedemento. Por tanto, confírmase o motivo da queixa, isto é, o atraso na atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o

176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

O expediente debера atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa moi demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral aos cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de efectividade

33- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 20 de outubro de 2010 debido á queixa de oficio iniciada por noticia referente a un procedemento de dependencia (Q/1579/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia da noticia aparecida no diario *La Voz de Galicia* o 22 de agosto de 2010 en relación á situación de D.^a B.S.A. e os servizos ou prestacións que ao parecer se pediron como coidadora ao amparo da Lei de dependencia.

Na noticia sinálase esencialmente que leva agardando quince meses, pero o diñeiro non acaba de chegar. En abril do 2009, D.^a B.S.A., veciña de Cambre, recibiu a documentación que acreditaba que a súa petición de prestación por coidar de seu fillo estaba aprobada, pero aínda non recibiu nada. O fillo de B., B., ten dous anos e medio, e con só uns días diagnosticáronlle un tipo de meninxite moi virulento. Logrou sobrevivir, pero as secuelas son importantes e precisa unha atención constante. Ten un implante coclear para poder oír e unha válvula instalada na cabeza que lle axuda a drenar líquido. Primeiro diagnosticáronlle un nivel de dependencia en grao dous, pero logo un segundo informe elevouno ata o grao tres e nivel dous. As consultas ao médico e as xornadas de rehabilitación para recuperar desenvolvemento muscular impiden que D.^a B. poida traballar para obter outro tipo de ingresos. “Pode ser que non haxa diñeiro, pero que ás veces gástanos en cousas superfluas. Que o dediquen ao que realmente é preciso”, explica, consciente de que cando cobre percibirá tamén “algúns atrasos”. Cando deixou de traballar, D.^a B. comezou a percibir o desemprego e logo, durante seis meses, obtivo a prestación

que ofrece o Goberno a aqueles que xa esgotaron a axuda por desemprego. “Pero hai uns dos meses que se acabou e agora xa non recibo nada. Aínda que busque traballo, onde o vou atopar cando lles diga que teño que faltar uns días á semana. Vai pagar un empresario alguén por non traballar?”, expón. Para D.^a B. o esforzo é continuo, pero merece a pena porque Brais evoluciona ben. “Ten que ir a rehabilitación e tamén vai ao logopeda, ao colectivo de xordos, aínda que está supervisado polo persoal do Materno”, apunta.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que recentemente nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D.^a B.S.A., núm. expediente C.6.Q/1579/2010, con relación ao caso sobre dependencia aparecido no diario "La Voz de Galicia", e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data solicitude: 14/4/2009. Data resolución grao/nivel: 19/11/2009 II-2. O 30/12/2009 e por portelo único, achégase dende o concello o plan de coidados no que se solicita a axuda de coidados no contorno familiar propoñendo como coidadora a nai de B.. Con data 20/1/2010, e despois de pasados 6 meses dende a 1ª valoración, revísase de oficio o grao e nivel de dependencia de B.. Con data 29/1/2010 o órgano de valoración de dependencia da Coruña, emite un ditame técnico facultativo no que propón recoñecerlle ao solicitante un grao III, nivel 2. Resolución de grao/nivel: 29/1/2010 III-2, revisable con data 3/5/2010. Con data 21/4/2010 realízase unha nova revisión de oficio do grao e nivel de dependencia de B.. Revisión resolución de grao/nivel: 13/5/2010 III-2, revisable con data 3/11/2010. O Real decreto 504/2007, do 20 de abril, polo que se aproba o baremo de valoración de situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, regula no anexo II a escala de valoración específica de dependencia para menores de tres anos, indicando que a valoración das persoas entre os 0 e 3 anos terá carácter non permanente, establecéndose revisións periódicas de oficio aos 6, 12, 18, 24 e 30 meses. Aos 36 meses todas as persoas deberán ser de novo avaliadas co baremo de valoración de dependencia para persoas maiores de 3 anos. O artigo 29.2 a) do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, está redactado nos mesmos termos que o anexo II do Real Decreto 504/2007,

do 20 de abril. O expediente de B.M., logo de recoñecer a súa situación de dependencia, está en fase de tramitación para a elaboración do programa individual de atención.”

Da información transcrita dedúcese que o expediente se atopa demorado, tanto respecto dos prazos sinalados no anterior decreto como respecto dos vixentes agora, que os acurta. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15), o que agora resulta aplicable a este procedemento, facendo que a demora sexa aínda máis considerable; efectivamente, os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

Neste caso a solicitude é do 14/4/2009, e a primeira valoración, que xa debiera ter dado lugar ao seu correspondente PIA, é do 19/11/2009, é dicir, de hai case un ano. Por tanto, estase a atrasar a atribución e efectividade das prestacións ou servizos previstos na Lei de dependencia. O expediente debiera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido. Isto sucede a pesar de que se trata dun *gran dependente*, que debiera ter preferencia (art. 3.q LD).

Os interesados nestes procedementos demandan a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do

benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva e se dea efectividade ao PIA do expediente obxecto da presente queixa, relativo a un gran dependente e aos servizos ou prestacións que se lle deberan asignar, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de efectividade.

34- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 25 de outubro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1242/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a C.V.P. debido á falta de efectividade dun PIA aprobado antes do falecemento do interesado.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o 6 de novembro de 2008 foille notificada a resolución de recoñecemento de situación de dependencia, en grao III e nivel 2, a D. J.V.C., con DNI O 8 de xuño de 2009 a Consellería de Traballo e Benestar notifica a resolución de aprobación do programa individual de atención (expediente N^o X), recoñecendo atrasos por unha cantidade de 7461,72€. O día 19 de xuño de 2009 D. J. faleceu. A día de hoxe, despois de varias reclamacións efectuadas ante os responsables da Consellería, Delegación de Ourense, non foi posible obter unha resposta acerca do prazo estipulado para recibir o importe recoñecido en concepto de atrasos, o cal constitúe o incumprimento dos compromisos do actual Goberno da Xunta cara á satisfacción dos atrasos nun prazo non superior a 45 días, segundo sinala.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que no seu momento sinalou o seguinte:

“Data solicitude: 10-8-07. Data resolución grao/nivel: 9-10-08 III-2. O 19-12-08 proposta de resolución do programa individual de atención (PIA) do Órgano Técnico de Valoración de Dependencia de Ourense no que se propón libranza para coidados no contorno familiar (coidador a filla C.V.). Resolución de aprobación do PIA: 2-6-10 concedendo libranza para coidados no contorno familiar (coidadora C.V.). Remitido o 30-6-09 certificado defunción do usuario, con data 19-6-09. O falecemento produciuse antes de que este Departamento Territorial ó puidese incluír en nómina.

O artigo 40 do Decreto 15/2010, establece na alínea 1 "a efectividade do dereito ás prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación recoñecerase á persoa que soportara o gasto sempre que lle corresponda conforme a normativa de aplicación", e na alínea 3 "en todos os supostos deberá xustificarse documentalmente o gasto efectivamente soportado". Neste caso, a reclamante non cumpriu o establecido no artigo 40.3, pois non achegou a esta Consellería as facturas legalmente válidas que acrediten que foi a coidadora non profesional do solicitante durante os períodos comprendidos nos anos 2007, 2008 e 2009. Polo tanto, non ten dereito o cobro da contía económica correspondente aos citados anos.”

Despois de avaliar o contido da información dedúcese que esta non responde ao especificamente requirido e que era obxecto da queixa. Efectivamente, consultábase sobre o pago dos atrasos pendente despois da aprobación do PIA, que se deu estando vivo o dependente (despois faleceu). Sen embargo, a Consellería responde remitindo ao previsto no art. 40 do Decreto 15/2010, por tanto, como se se tratase dun caso de falecemento anterior ao PIA. Por iso de novo nos diriximos á Consellería, que nesta ocasión sinalou o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D.^a C.V.P., núm. expediente G.6.Q/1242/2010, con relación ao caso sobre dependencia de D. J.V.C., e segundo os datos facilitados pola Unidade de Coordinación da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data entrada: 10-08-2007. O órgano de valoración emite ditame técnico facultativo, propoñendo o recoñecemento da solicitante en grao III, nivel 2, con data 8-10-2008. Resolución grao/nivel: 9-10-2008 III-2. Proposta de resolución do programa individual de atención (PIA) do Órgano Técnico de Valoración de Dependencia de Ourense, en Xunta de Valoración celebrada o 19 de decembro de 2008, na que se acorda propoñer o seguinte PIA: libranza para coidados no contorno familiar, nomeando como coidadora non profesional a D.^a C.V.P., con DNI, filla da solicitante.

Resolución de aprobación do PIA do 2-6-10, no que o Departamento Territorial de Ourense resolve conceder ao solicitante o seguinte PIA: libranza para coidados no contorno familiar, nomeando como coidadora non profesional a D.^a C.V.P.. Notificada no domicilio do solicitante a citada resolución con data 12-6-09. Certificado defunción do solicitante: 19-6-2009. O falecemento do solicitante produciuse antes de que este Departamento Territorial de Ourense o puidese incluír en nómina.

A Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común no seu artigo 87.2, sinala que “producirán o remate do procedemento a imposibilidade de continuado por causas sobrevidas.

O artigo 40 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, establece na alínea 1 "a efectividade do dereito ás prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento recoñecerase á persoa que soportara o gasto sempre que lle corresponda conforme a normativa de aplicación", e na alínea 3

En todos os supostos deberá xustificarse documentalmente o gasto efectivamente soportado".

A reclamante non cumpriu o establecido no artigo 40.3, pois non achegou a esta Consellería as facturas legalmente válidas que acrediten que foi a coidadora non profesional do solicitante durante os períodos comprendidos nos anos 2007, 2008 e 2009.

Polo tanto, non ten dereito o cobro da contía económica correspondente os citados anos.

Como pode comprobarse, o informe é basicamente o mesmo que o remitido con anterioridade, sen que se aclaren as circunstancias que se mencionaron pola nosa banda no requirimento de información complementaria do 25 de agosto.

Efectivamente, tal e como sinalabamos entón, trátase dun suposto de pago de atrasos pendentes despois da aprobación do PIA, que se deu estando vivo o dependente (despois faleceu). A Consellería fai alusión a que o dependente faleceu *antes de que este Departamento Territorial ó puidese incluír en nómina*, e ao previsto no art. 40 do Decreto 15/2010 (debera ser á disposición transitoria sexta; *solicitantes falecidos anteriormente á entrada en vigor deste decreto*), entendendo que resulta aplicable a supostos como o descrito.

Noutros supostos similares xa tivemos ocasión de subliñar que as previsións citadas, o art. 40 e a disposición transitoria sexta do Decreto 15/2010, non resultan aplicables a supostos como este, posto que se refiren expresamente a *solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento*, o que non é o caso, posto que o procedemento se atopaba xa rematado. De acordo co art. 38 do decreto citado, integrado na sección terceira, titulada “terminación”, “recibida a proposta do programa individual de atención e demais documentación que conste no expediente, a persoa titular do departamento territorial da consellería con competencia en materia de servizos sociais ditará, logo das comprobacións que procedan, resolución pola que se aproba o programa individual de atención”. En idéntico sentido prevíase a terminación dos procedementos no decreto vixente anteriormente, o 176/2007 (art. 15.2), posto que contra a aprobación do PIA se prevé a posibilidade de interpoñer recurso de alzada (art. 16). O procedemento rematara nese intre, restando unicamente os actos materiais precisos para dar cumprimento ás previsións da resolución, sen prexuízo de que tamén se atopen pendentes aspectos instrumentais para ese cumprimento, o que non desvirtúa o anterior. Por tanto, non resulta aplicable o artigo 87.2 da Lei 30/92, ao que alude á Consellería.

Como adiantamos no requirimento de información complementaria, resulta rechamante que ademais se indicara antes, e agora se repita, que “a reclamante non cumpriu o establecido no artigo 40.3, pois non achegou a esta Consellería as facturas legalmente válidas que acrediten que foi a coidadora non profesional do solicitante durante

os períodos comprendidos nos anos 2007, 2008 e 2009”. Ademais do apuntado anteriormente, esta manifestación contradí a natureza da prestación económica que se atribúe a través da chamada *libranza para coidados no contorno familiar*, a recoñecida no PIA aprobado neste caso, que remunera os coidados familiares prestados por un coidador informal.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se aboén os atrasos referidos ao expediente de dependencia obxecto da presente queixa, cuxo PIA se aprobou e notificou antes do falecemento do dependente, o que por tanto aconteceu co procedemento de dependencia finalizado, restando unicamente os trámites de aboamento

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada

35- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar el 2 de novembro de 2010 debido (Q/1140/10).

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu D.^a R.M.L.A., solicitando a nosa intervención.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que anteriormente coñeceramos a queixa G.6.Q/1333/09, relativa ao atraso do procedemento de dependencia de D.^a R.A.S., con DNI En primeiro termo confirmárase a demora e máis adiante respondeuse que *o 6 de novembro de 2009 R.A.S. faleceu polo que se suspendeu a tramitación deste expediente*. A proposta do PIA, do 29 de decembro de 2008, era para unha libranza vinculada ao servizo de centro de atención residencial con efectos dende o 14 de febreiro de 2008, e *quedou á espera da existencia de crédito orzamentario para poder remitila á Intervención Delegada para a súa fiscalización e posterior resolución*. Agora a interesada indica que súa nai faleceu o 6 de novembro do 2009, como coñecemos a través do informe aludido, e que en febreiro do 2010 cobraron os que estaban na súa mesma situación. Amparándose no decreto 15/2010, o 1 de marzo de 2010 presentou unha reclamación para poder percibir os dereitos adquiridos pola súa nai, ao que non recibiu contestación.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que sinalou o seguinte:

“Feitos: Con data 13 febreiro de 2008, R.A.S. presentou solicitude de recoñecemento da situación de dependencia.

Con data 16 de outubro de 2008 resolveuse a dita solicitude mediante o recoñecemento dunha situación de dependencia en grao III e nivel 1.

Con data 29 de decembro de 2008 realizouse proposta-resolución do seu programa individual de atención na que se propón unha libranza vinculada á adquisición do servizo de atención residencial, con efectos dende o día 14 de febreiro de 2008 e un importe mensual de 548,08 euros no ano 2008. A dita proposta quedou á espera da existencia de crédito orzamentario para poder resolver o programa individual de atención.

Con data 6 de novembro de 2009 a solicitante faleceu polo que se paralizou a tramitación do expediente.

Consideracións legais e técnicas:

1.- O 6 de novembro de 2009 aconteceu o pasamento do solicitante e de acordo co disposto na circular 15/2008, do 5 de xuño, da Secretaría Xeral do Benestar en caso de falecemento do beneficiario durante a tramitación do procedemento, archivarase o expediente, debido á imposibilidade material de continualo por causas sobrevidas, tal e como dispón o artigo 87.2 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. 2.- No que atinxe ao pagamento da prestación económica dos solicitantes falecidos durante a tramitación do expediente estamos á espera do desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención a dependencia, e neste caso concreto, o establecido no artigo 40 do dito decreto.

Conclusión:

O expediente de R.A.S. archivouse por mor do pasamento da solicitante que aconteceu con anterioridade á aprobación do seu programa individual de atención.”

Á vista da insuficiencia do anteriormente transcrito e da valoración que trasladamos á Consellería de novo nos diriximos a ela co fin de requirir que con urxencia aclararan as causas polas que non se resolvera, de acordo coa normativa vixente, a solicitude pendente dende hai tempo, e cando se resolvería. O informe complementario recibíuse recentemente e nel indícase o seguinte:

“Feitos

1 Con data 13 de febreiro de 2008 achégase unha solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia a nome de D.^a R.A.S..

2 Con data 16 de outubro de 2008 emítese unha resolución pola que se lle recoñece á solicitante unha dependencia de grao III, nivel 1.

3 Con data 29 de decembro de 2008 realízase a proposta-resolución do seu programa individual de atención na que se propón unha libranza vinculada á adquisición

do servizo de atención residencial. A dita proposta quedou á espera da existencia de crédito orzamentario para poder resolver o programa individual de atención.

4 Con data 6 de novembro de 2009 a solicitante faleceu.

5 Con data 26 de xullo de 2010 remítese un informe para contestación á queixa presentada ante o Valedor do Pobo, informe que segue vixente porque non hai modificacións respecto ao contestado anteriormente.

Consideracións legais e técnicas

De acordo co disposto na circular 15/2008, do 5 de xuño, da Secretaría Xeral do Benestar, en caso de falecemento do solicitante durante a tramitación do procedemento, o expediente archivarase por causas sobrevidas debido á imposibilidade material de continuar o procedemento tal e como dispón o artigo 87.2 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No que atinxe ao pagamento das prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación do expediente, estamos á espera do desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, e neste caso concreto, ao establecido no artigo 40

Conclusiones: O expediente de dona R.A.S. archivouse polo falecemento da solicitante que aconteceu con anterioridade á aprobación do seu programa individual de atención.

Como pode comprobarse, a resposta complementaria é basicamente a mesma que a achegada anteriormente, que, como sinalamos, deu lugar a un novo requirimento de información debido as causas que detalladamente se referían. Efectivamente, como xa expresáramos entón á Consellería, esta confirma o indicado pola interesada na queixa, isto é, que a pesar das circunstancias coñecidas na anterior queixa e do tempo transcorrido,

aínda non se deu a preceptiva resposta a súa reclamación para que lle sexan aboados os atrasos correspondentes ao expediente do dependente falecido antes de contar co PIA, e iso de acordo co previsto no Decreto 15/2010, en concreto no seu artigo 40 (*solicitantes falecidos*) e na disposición transitoria sexta (*solicitantes falecidos anteriormente á entrada en vigor deste decreto*). Ao respecto a Consellería sinala que *estamos á espera do desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención a dependencia, e neste caso concreto, o establecido no artigo 40 do dito decreto*.

Subliñamos á Consellería que o establecido no decreto é directamente aplicable e por tanto as súas previsións xa forman parte do ordenamento, sen prexuízo da interpretación que se dea finalmente as diferentes disposicións, neste caso ao art. 40 e DT sexta. En calquera caso, de considerarse preciso, ese *desenvolvemento* ao que se alude, sexa do tipo que sexa (orde, instrucións,...), dependería única e exclusivamente da propia administración, polo que a súa actual ausencia non pode desculpar o atraso da resolución pendente, sobre todo tendo en conta o tempo transcorrido dende que por esta institución se coñece a problemática da responsabilidade da administración na materia (falecidos antes do PIA e con amplos atrasos no cursos dos seus expedientes), dende o anuncio da busca dunha solución adecuada, e dende a aprobación do Decreto 15/2010.

Por esta institución insistiuse, tanto ante a anterior Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar como ante esa Consellería de Traballo e Benestar, na necesidade de resolver o problema que tratamos. Efectivamente, como amplamente se expresou nos últimos informes desta institución, un dos principais motivos de queixa en materia de dependencia é o falecemento do dependente antes de que a administración resolva a última fase do procedemento e despois de vencer o prazo regulamentario tal resolución, é dicir, cun atraso provocado pola administración. Debido aos atrasos constatados nos procedementos non resultan raros os casos nos que se produce o falecemento dos dependentes valorados xa oficialmente como tales e antes da última resolución, a de aprobación do PIA, co prazo vencido para iso. En moitos casos existe proposta de PIA e esta é de prestación económica,

en concreto de libranza para coidados no ámbito familiar, como no suposto que examinamos.

Os familiares dos afectados, que normalmente desempeñan a tarefa de *coidadores*, dan mostra dun profundo desgusto porque a avaliación e/ou o programa non se aprobaron a pesar do tempo transcorrido e finalmente o dependente faleceu. Reclaman porque consideran algo contrario á xustiza elemental que non se compensen os coidados realizados cando xa se avaliara o dependente e se constatou a demora da administración.

Este tipo de supostos deron lugar a numerosos recordatorios de deberes legais e recomendacións dirixidos a administración galega. Ao constatar situacións como as descritas, en primeiro termo realizamos un recordatorio de deberes legais, en concreto para que “os expedientes relativos ao recoñecemento das situacións e prestacións derivadas da LD se coñezan nos prazos legal e regulamentariamente previstos, sen demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral todos os cidadáns afectados”, para despois recomendar que cando se constate o falecemento da persoa dependente despois de vencer o prazo legalmente previsto para resolver, por ese órgano, de oficio ou a instancia de parte, con carácter xeral se dea continuidade ao procedemento ata a resolución e a efectividade do correspondente PIA.

Estas resolucións traen a súa causa no entendemento de que nos atopamos ante un suposto claro de responsabilidade da administración polo atraso constatado. Non se fai unha valoración de oportunidade, posibilidade para a que o Valedor do Pobo está habilitado (suxestións), senón que as resolucións están orientadas ao tratamento estritamente legal das consecuencias prexudiciais da actuación anormal da administración e da súa responsabilidade. A realización de *resolucións sucesivas* (primeiro o recordatorio de deberes legais e despois a recomendación) intenta expresar unha relación de causa-efecto entre a situación constatada en primeiro termo, o atraso e conseguinte vencemento do prazo, e a responsabilidade económica que se produce polo falecemento do dependente con posterioridade a ese vencemento e sen o PIA. O primeiro exprésase en forma de recordatorio de deberes legais (*deber de resolver en prazo*), e o segundo a través dunha

recomendación. Ambos teñen por fin orientar a actuación futura da administración á vista do incumprimento constatado e da responsabilidade que diso se deriva.

A responsabilidade que coñecemos pode tratarse por diferentes vías. Existe a posibilidade de que a administración a negue en primeiro termo e con iso faga inevitable que os interesados que así o consideren formulen os correspondentes procedementos de responsabilidade patrimonial da administración, en vía administrativa primeiro e, chegado o caso, na vía xurisdiccional. Fronte a iso, a proposición que se contén nas resolucións do Valedor do Pobo é que se estableza a fórmula que permita recoñecer a evidencia da responsabilidade que tratamos sen necesidade de obrigar os prexudicados a complexos, custosos e longos procedementos para chegar a un resultado aparentemente previsible.

Resulta evidente, en primeiro lugar, o mal funcionamento da administración nestes casos, pero tamén os prexuízos individuais que desa circunstancia se derivan para os afectados, o seu carácter antixurídico e perfectamente cuantificable, a inexistencia dun deber de soportar os ditos prexuízos e, en definitiva, a presenza dun suposto de responsabilidade da administración. Partindo desa evidencia e da posible articulación da compensación mediante o procedemento ordinario de dependencia que se viña coñecendo, consideramos claramente prexudicial para os afectados remitilos nesas circunstancias a un procedemento de reclamación *ad hoc*, que tería un resultado previsible (insistimos no evidente da situación), pero que sobre todo sería complexo, custoso e longo. Dadas as contías, na nosa Comunidade sería necesario o ditame do Consello Consultivo de Galicia - art. 11.j da Lei 9/1995, do 10 de novembro, modificada pola Lei 16/2008, do 23 de decembro-, co que, aínda que se introduce un elemento de garantía e obxectivación no tratamento da responsabilidade. Sen embargo, prolóngase aínda máis e de forma innecesaria un procedemento, que, en casos como os que tratamos, o noso criterio é que se deberían resolver no seo do propio expediente de dependencia. Se establécese a necesidade de promover un procedemento *ad hoc* de responsabilidade patrimonial o prexuízo para o reclamante duplicaríase, posto que ao que xa se consumou agora uniráselle o que se derivaría de compelelo a unha actividade que lle vai ocasionar trastornos evitables.

Negar a existencia de responsabilidade da administración resulta dificilmente defendible, aínda que só sexa porque iso suporía premiar a administración polo seu mal funcionamento e promover este de cara a futuras actuacións. En ningún caso a demora nas resolucións debe selo en prexuízo dos interesados e en beneficio da propia administración. Esta “non pode verse beneficiada polo incumprimento das súas obrigacións de resolver expresamente en prazo as solicitudes dos cidadáns, deber este que entronca coa cláusula do estado de dereito -art. 1.1 da Constitución española- así como cos valores que proclaman os arts. 24.1, 103.1 e 106.1 CE (entre outras, SSTC 188/2003, do 27 de outubro, e 14/2006, do 16 de xaneiro).

Ante eses argumentos, trasladados á administración en numerosas ocasións, a Consellería de Traballo e Benestar deunos conta dun borrador que prevía o aboamento dos atrasos xerados neste tipo de supostos e aínda noutros non suxeridos, co requisito de que se tivera recoñecido a situación de dependencia. Por tanto, ese borrador de decreto aceptaba parcialmente o criterio expresado pola nosa banda, recoñecendo a necesidade de aboamento dos atrasos despois do falecemento do dependente ao menos nos casos de atraso nos trámites do procedemento. A disposición transitoria sexta dese borrador estendía ese efecto aos casos producidos con anterioridade ao mesmo decreto.

O decreto finalmente aprobado foi o 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, cun texto que modifica parcialmente o borrador enviado no seu momento. Respecto da cuestión que tratamos sinala o seguinte:

“Artigo 40º.-*Solicitantes falecidos*. 1. A efectividade do dereito ás prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento recoñecerase á persoa que soportara o gasto sempre que lle corresponda conforme a normativa de aplicación. 2. Será necesario que a documentación que consta no expediente no momento do falecemento probe cal era o grao e nivel de dependencia do solicitante falecido. Así mesmo, de existir proposta do programa individual de atención terá que constar que se

cumprían os requisitos establecidos para cada tipo de libranza. 3. En todos os supostos deberá xustificarse documentalmente o gasto efectivamente soportado.

Disposición transitoria sexta.-*Solicitantes falecidos anteriormente á entrada en vigor deste decreto.* “1. A efectividade do dereito ás prestacións económicas dos solicitantes falecidos antes da entrada en vigor deste decreto durante a tramitación do procedemento, producírase cos mesmos efectos e requisitos que os supostos recollidos nos artigos 39 e 40 do articulado. 2. Os prazos establecidos normativamente para o exercicio das accións correspondentes empezaranse a contar desde a data do falecemento do solicitante.”

Así pois, de acordo co novo Decreto 15/2010, a administración finalmente pagaría nos supostos que se citan; restaba coñecer en que senso se interpretarían ou aplicarían as súas previsións para supostos como o que afecta á interesada, isto é, con propostas de libranza para coidados no ámbito familiar, que, ao tratarse de prestacións económicas e non de servizos, non poden acreditar gastos, senón unha falta do aboamento debido. A inmensa maioría das reclamacións sobre esta problemática resultan de expedientes como este, en que os atrasos se concretan no que debiera aboarse en concepto de atrasos da prestación económica, fundamentalmente da libranza para coidados no ámbito familiar.

Pois ben, agora, despois dun tempo considerable dende a entrada en vigor do Decreto 15/2010, a Consellería sinala que *o expediente ... se arquivou polo falecemento da solicitante que aconteceu con anterioridade á aprobación do seu programa individual de atención*, e indica tamén que está a espera do desenvolvemento do Decreto 15/2010, en concreto do art. 40 (en realidade debe entenderse que a disposición transitoria sexta). Sen embargo, o pronunciamento expreso sobre esta materia resulta urxente, posto que a alternativa que lle cabe aos afectados, que, como expresamos, é a reclamación dunha posible responsabilidade patrimonial da administración, ten que darse nun prazo relativamente curto, un ano, de acordo co art. 142.5 da Lei 30/1992.

Noutros expedientes similares nos que se dera a reclamación expresa de aplicación do previsto na disposición transitoria sexta a Consellería respondera indicando que non se presentan facturas que acrediten gastos, ou que resulta preciso o

desenvolvemento das previsións do art. 40 e da disposición transitoria sexta. Con iso só pode concluírse que a Consellería rexeita o aboamento dos atrasos nos casos de expedientes retrasados e orientados cara a unha prestación económica, fundamentalmente a libranza para coidados no ámbito familiar, con proposta nese senso xa confeccionada. Non se atende a liña recomendada dende hai tempo como alternativa á reclamacións expresas de responsabilidade patrimonial da administración, recomendación feita tanto ao anterior órgano que coñecía a materia como ao actual. Así pois, a aplicación do pagamento previsto nos arts. 40 e na disposición transitoria sexta do Decreto 15/2010 limitaríase aos casos de libranzas de servizos contratados privadamente antes da aprobación do PIA. Esta interpretación limita enormemente a efectividade da previsión de aboamento nos casos de falecemento antes do PIA e con atraso, posto que quedan fóra todas as prestacións económicas para o coidado no ámbito familiar orientadas pola propia administración, que resultan o groso das reclamacións deste tipo.

En relación cos atrasos das prestacións económicas derivadas da lei de dependencia é preciso subliñar que aqueles foron suprimidos recentemente, polo que o previsible é que esta problemática cobre outro cariz. Efectivamente, a anterior necesidade de aboamento dos chamados atrasos a que nos vimos referindo queda derogada para as solicitudes posteriores ao 1 de xuño de 2010 polo Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público (art. 5). Non obstante, resta por aclarar todos os casos de posible responsabilidade anterior, como este, e os supostos con solicitude anterior á efectividade da medida, que seguen co mesmo réxime legal, polo que haberá que aboalos dende a data da solicitude e que, por tanto, poden seguir dando lugar aos mesmos problemas que tratamos no caso de falecemento sen PIA e con atraso.

Pero é que ademais os atrasos poden seguir xerándose se non se cumpren os prazos de resolución dos expedientes de dependencia, algo que observamos con relativa frecuencia. Seguirán xerándose atrasos nos casos de incumprimento dos prazos, que agora se acurtan legalmente a 6 meses (3+3), prazos xa establecidos anteriormente na normativa galega (decreto 15/2010). Por iso, se seguen producíndose atrasos nos procedementos tamén seguirán dándose problemas deste tipo, pero cos atrasos a reclamar recortados na

medida indicada polo real decreto lei citado, é dicir, reducíndose 6 meses respecto da normativa anterior. Para o aboamento de calquera clase de atrasos a Consellería pode facer uso da habilitación legal para o aprazamento da débeda, con pagos anuais de igual contía, nun máximo de 5 anos.

A interesada demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva expresamente sobre a solicitude realizada pola interesada para que se aplique o previsto no art. 40 e na DT sexta do Decreto 15/2010 aos atrasos correspondentes ao expediente referido na queixa, que corresponde a un dependente falecido antes de contar co PIA e con atraso no trámite do procedemento. E que en todos os casos en que se constate o falecemento da persoa dependente despois de vencer o prazo legalmente previsto para resolver, dada a responsabilidade da administración na xeración desa situación prexudicial para o interesado, con carácter xeral se aboen os atrasos a quen legalmente corresponda, e no caso particular que se coñece, se oriente a actuación da administración de cara a solución mencionada anteriormente

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de efectividade.

36- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 4 de novembro de 2011 debido a un procedemento de dependencia (Q/1169/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a R.L.L., en representación de D.^a M.S.R.G., relativo ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que D.^a M.S.R.G., con DNI, solicitou o recoñecemento de dependencia o 21 de febreiro de 2008, recoñecéndoselle o grao III e nivel 2 o 22 de outubro de 2009. Preguntaron en decembro de 2009 e dixéronlle que “estaba recoñecido desde a data da solicitude, 21 de febreiro de 2008, acumulando unhas cantidades elevadas”. Sen embargo, non tiveron máis contestación.

Ante iso solicitamos informe a esa consellería, que recentemente nola remitiu, co seguinte contido:

“Ante a queixa presentada por dona R.L.L., núm. expediente G.6.Q/1169/10, con relación ao caso de dependencia de D.^a S.R.G., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data solicitude: 21/02/2008. Data resolución grao/nivel: 29/01/2009 III-1. Con data 20/4/2009 o órgano técnico de valoración de Santiago de Compostela, emite a proposta-resolución do seu programa individual de atención na que se propón unha libranza para coidados no medio familiar con efectos dende o 22 de febreiro de 2008 e sendo a coidadora non profesional R.L.L., nora da solicitante. Esta proposta quedou á espera da existencia de crédito orzamentario para a súa resolución. Con data 28/8/2009, M.S.R.G. solicitou unha revisión do seu grao e nivel de dependencia. A solicitante foi valorada novamente e con data 22/10/2009 emítese a resolución de recoñecemento de dependencia en grao III, nivel 2. Con posterioridade revísase a súa proposta-resolución do seu programa individual de atención para adaptar as cantidades a percibir ao novo grao e nivel. A nova proposta ten data de 1/3/2010 e está a espera de crédito orzamentario para a súa resolución definitiva e posterior notificación. O artigo 5.2 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, establece que os servizos do catálogo terán carácter prioritario fronte ás

prestacións económicas, tal e como establece o artigo 14 da Lei 39/2006. Este expediente está á espera da existencia de crédito orzamentario para a súa resolución.”

Coa información transcrita confírmase o expresado pola interesada na súa queixa, isto é, que o expediente se atopa moi demorado, posto que foi iniciado en febreiro de 2008 e aínda non se finalizou, a pesar do moito tempo transcorrido. A Consellería sinala que a aprobación e efectividade tanto do PIA que correspondía á anterior valoración como a que agora se atopa pendente, despois de elevar o grao e nivel ata o máximo, non se produciu e non se produce pola falta de crédito orzamentario, sen que tampouco se mencione cando se aprobará o PIA pendente, e iso a pesar de que expresamente se requiría información ao respecto. Por tanto, continúa a incerteza respecto do momento en que finalmente se aprobará e dará efectividade ao PIA pendente dende hai tempo.

O anterior sucede a pesar de que dende a primeira valoración a afectada se identifica como gran dependente, e agora ademais co grao e nivel máximos. Por esta razón debera ter preferencia (art. 3 q LD).

Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Este prazo resulta aplicable ao trámite pendente, posto que os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “se rexerán polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un

importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ás prestacións derivadas da Lei de dependencia para unha gran dependente, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral aos cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de efectividade.

37- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 4 de novembro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1622/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. J.M.A. relativo ao atraso dun procedemento de dependencia.

N seu escrito, esencialmente, indícanos que debido a que miña filla, M.M.F., DNI, ten síndrome de down, solicitaron a prestación correspondente da Lei de dependencia, exp. Núm. SC 15.316. A valoración realizouse o 14.1.09, resultando unha cualificación de II.2, cuxa resolución é do 31.3.09. Sen embargo, ata o día da data non recibiu ningún tipo de prestación nin notificación. Hai que ter en conta que súa esposa non pode desempeñar actividade laboral ningunha ao dedicarse en exclusiva ao coidado da nena, polo que reclaman as xestións oportunas para acelerar o procedemento e facer cumprir a lei.

Ante iso solicitamos informe a esa Consellería, que recentemente nola remitiu, co seguinte contido:

“Ante a queixa presentada por D. J.M.A., núm. expediente G.6.Q/1622/10, con relación ao caso de dependencia de D.^a M.M.F., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

-data da solicitude: 13.1.2009

-data resolución grao/nivel: 16.6.2009 II-2

-O 7.9.2009 o órgano de valoración da dependencia de Santiago emite a proposta do programa individual de atención no que se propón a libranza de coidados no contorno familiar e como coidadora non profesional á nai da solicitante.

O artigo 34 do decreto 15/2010, do 4 de febreiro, sinala que o procedemento para a elaboración do programa individual de atención será ordenado en función do calendario de implantación previsto na disposición derradeira primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de ser o caso, e en función da prioridade no acceso aos servizos, segundo no disposto no artigo 14.6 da devandita lei, que virá determinado polo maior grao e nivel de dependencia, e a igual grao e nivel pola menor capacidade económica do solicitante.

Este expediente, logo de recoñecida a súa dependencia en grao II nivel 2, está en fase de tramitación para a aprobación do programa individual de atención, respectando a orde de prelación na instrución do procedemento.”

O informado pola administración confirma o sinalado polo interesado na queixa, isto é, que se promoveu o recoñecemento da situación de dependencia e as prestacións que correspondan hai un tempo considerable, e a pesar do tempo transcorrido aínda non se resolveu sobre o PIA. Tampouco se menciona cando se resolverá, senón unicamente que a data de hoxe existe proposta de PIA, e o procedemento *está en fase de tramitación para a aprobación do programa individual de atención, respectando a orde de prelación na instrucción do procedemento.*

Por tanto, confírmase o motivo da queixa, isto é, o atraso do procedemento de atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Este prazo é aplicable ao trámite que resta, posto que os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “se rexerán polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

A Consellería parece xustificar o atraso na prioridade que se dá a expedientes con maior grao e nivel. Ao respecto é de sinalar que a preferencia dos niveis superiores debe poñerse en relación co previsto no calendario de aplicación progresiva da propia lei, que prevé a efectividade dos dereitos recoñecidos aos dependentes *severos* desde o segundo ou terceiro ano (os de nivel 2), ou desde o terceiro ou cuarto ano (os de nivel 1). Por tanto, a afectada, cun grao II e nivel 2, debera atoparse xa co PIA aprobado e con efectividade. Por tanto, o indicado pola Consellería non resulta xustificación para a falta de efectividade dos dereitos dos dependentes *severos* de nivel 2. A preferencia legal dos *grandes dependentes*

non debe entenderse como xustificación da demora na efectividade dos actuais dereitos dos dependentes *severos*.

O expediente debера atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Neste caso esas circunstancias resultan especialmente graves, posto que trátase da atención dunha persoa con síndrome de down que precisa o coidado permanente que realiza a súa nai. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os familiares e *coidadores* mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

O interesado que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de efectividade.

38- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 4 de novembro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1838/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. A.P.A. debido ao retraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que no 2008 foi recoñecida a súa nai a axuda para o coidador. Dende entón, despois de moitas visitas a Delegación da Consellería en Ferrol, non son quen de dicirlle cando se fará efectiva a prestación, segundo indica. Súa nai é D.^a I.A.V., DNI, veciña de X, con domicilio en Y.

Ante iso solicitamos información á Consellería de Traballo e Benestar, que recentemente nola remitiu co seguinte contido:

“Ante a queixa presentada por D. A.P.A., núm. expediente G.6.Q/1838/10, con relación ao caso de dependencia de D.^a I.A.V., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data de solicitude: 26/8/2008. Data de resolución grao/nivel: 27/11/2008 III-1.

Con data 17/6/2010 o Órgano de Valoración da Dependencia de Ferrol emite proposta-resolución do seu programa individual de atención na que se propón unha libranza para coidados no contorno familiar. Esta proposta quedou á espera da existencia de crédito orzamentario para a súa resolución.

Os artigos 5.2, 36 e 37 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, establece que os servizos do catálogo terán carácter prioritario e prestaranse a través da oferta pública da rede de servizos sociais pola comunidade autónoma, fronte ás prestacións económicas, tal e como establece o artigo 14 da Lei 39/2006.

Os artigos 26 e 44.4 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, establecen a orde de prelación na tramitación dos procedementos, e os criterios de prelación de acceso aos recursos.

Á solicitante foille recoñecida unha situación de dependencia en grao III e nivel 1 e a proposta-resolución do seu programa individual de atención propón como recurso idóneo a libranza de coidados no contorno.

Na tramitación dos expedientes séguese a orde de prelación destes, de acordo cos artigos 26 e 44.4 do Decreto 15/2010.

Así mesmo, en canto á solicitude de prestación económica para coidados no contorno familiar, actúase de acordo co establecido nos artigos 5.2, 36 e 37 do Decreto.”

Coa información transcrita confírmase o expresado polo interesado na súa queixa, isto é, que o expediente se atopa demorado, posto que foi iniciado en agosto de 2008 e aínda non se finalizou, a pesar do moito tempo transcorrido. A Consellería non dá conta da aprobación e efectividade do PIA pendente, sen que tampouco se anuncie cando se aprobará, a pesar de que expresamente se requiría información ao respecto. Por tanto, continúa a incerteza respecto do momento en que finalmente se aprobará e dará efectividade ao PIA. O anterior sucede a pesar de que a afectada é *gran dependente* e debера ter preferencia (art. 3 q LD).

Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Este prazo resulta aplicable ao trámite pendente, posto que os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “se rexerán polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

O expediente debера atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas

circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

O interesado que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ás prestacións derivadas da Lei de dependencia para unha gran dependente, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de efectividade.

39- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 4 de novembro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1382/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a G.P.V. debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que é nora, coidadora e gardadora de feito de D. J.A.R., con DNI Seu xenro ten recoñecido o grao II e nivel 2 de dependencia con data de 11 de marzo de 2010, pero aínda non recibiu ningunha resposta da Consellería de Traballo e Benestar sobre o seu PIA. Os prazos para contestar a solicitude xa venceron, pero non teñen ningunha resposta, nin positiva nin negativa.

Ante iso solicitamos información á Consellería de Traballo e Benestar, que no seu momento nola remitiu co seguinte contido:

*“Ante a queixa presentada por D.^a G.P.V., núm. expediente **G.6.Q/1382110**, con relación ao caso sobre dependencia de D. J.A.R., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:*

Data da solicitude: 3/11/2009. Data resolución grao/nivel: 11/03/2010 II-2 con carácter permanente. Con data 12/4/2010 recíbese proposta de plan de coidados na que se solicita como axuda a libranza de coidados no contorno e a teleasistencia. O día 23/4/2010 emítase a proposta de PIA para teleasistencia e o día 26/7/2010 a correspondente resolución de concesión da teleasistencia.

O artigo 5.2 sinala que de conformidade co artigo 14 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, os servizos do catálogo terán carácter prioritario e prestaranse a través da oferta pública da rede de servizos sociais pola comunidade autónoma mediante centros e servizos públicos ou privados concertados debidamente acreditados. De non ser posible algún destes servizos procederá o recoñecemento da prestación económica vinculada. O artigo 34 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, establece que o procedemento de elaboración do PIA será ordenado e función do calendario de implantación previsto na disposición última, primeira, da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de ser o caso, e en función da prioridade no acceso aos servizos, segundo o artigo 14.6º da dita lei, que virá determinado polo maior grao e nivel de dependencia, e a igual grao e nivel, pola menor capacidade económica do solicitante. O expediente de D. José Antón Ríos, logo de

recoñecer a súa situación de dependencia en grao II nivel 2, está en fase de tramitación para a elaboración do seu programa individual de atención (PIA), respectando a orde de prelación na instrución do procedemento establecida no artigo 34 do citado Decreto 15/2010.”

Á vista do insuficiente da anterior información requirimos da Consellería aclaración de determinados extremos. Este informe remitiuse recentemente e nel sinálase o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D.^a G.P.V., núm. expediente G.6.Q/1382/10, con relación ao caso de dependencia de D. J.A.R., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

A resolución e a efectividade do seu programa individual de atención (PIA) vai respectando a orde de prelación na instrución do procedemento establecida no artigo 34 do Decreto 15/2010.

Polo que o seu PIA está aínda en fase de tramitación”.

Coa información achegada confírmase que o procedemento de dependencia se atopa demorado, posto que se iniciou en novembro de 2009 e aínda non se resolveu sobre o PIA. Tampouco se menciona cando se resolverá, senón unicamente que a data de hoxe existe proposta de PIA e *o seu PIA está aínda en fase de tramitación.*

Por tanto, confírmase o motivo da queixa, isto é, o atraso do procedemento de atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Este prazo é aplicable ao trámite que resta, posto que os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a

súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

A Consellería parece xustificar o atraso na prioridade que se da a expedientes con maior grao e nivel. Ao respecto é de sinalar que a preferencia dos niveis superiores debe pñerse en relación co previsto no calendario de aplicación progresiva da propia lei, que prevé a efectividade dos dereitos recoñecidos aos dependentes *severos* desde o segundo ou terceiro ano (os de nivel 2), ou desde o terceiro ou cuarto ano (os de nivel 1). Por tanto, o afectado, cun grao II e nivel 2, debera atoparse xa co PIA aprobado e con efectividade. Por tanto, o indicado pola Consellería non resulta xustificación para a falta de efectividade dos dereitos dos dependentes *severos* de nivel 2. A preferencia legal dos *grandes dependentes* non debe entenderse como xustificación da demora na efectividade dos actuais dereitos dos dependentes *severos*.

O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os familiares e *coidadores* mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de efectividade.

40- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar el 5 de novembro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1751/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a F.S.D. debido ao retraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito esencialmente indícanos que o 07/04/08 solicitou o recoñecemento do grao e nivel de dependencia, segundo a Lei 39/2006, de dependencia, e o Decreto galego 176/2007, despois substituído polo Decreto 15/2010. O artigo 14.4 do anterior decreto establecía un prazo de 6 meses para resolver e notificar o recoñecemento da situación de dependencia. Resolveuse en prazo concedéndose un grao II e nivel 2. Sen embargo, a efectividade do servizo ou prestación económica está condicionada a aprobación do programa individual de atención, o que debe producirse no prazo máximo de seis meses dende a notificación da resolución de recoñecemento da situación de dependencia á persoa interesada, de acordo co anterior decreto, e agora no prazo de 3 meses, de acordo co vixente, que resulta aplicable no trámite pendente. O prazo rematou hai moito.

Ante iso solicitamos información á Consellería de Traballo e Benestar, que no seu momento nola remitiu co seguinte contido:

“Ante a queixa presentada por D.^a F.S.D., núm. expediente G.6.Q/1751/10, con relación ao caso de dependencia, e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

- data da solicitude: 7/4/2008

-data da resolución grao/nivel: 25/9/2008, II-2

-con data 18/2/2010 o órgano de valoración da dependencia de Ferrol emite proposta-resolución do seu programa individual de atención na que se propón unha libranza para coidados no contorno familiar, sendo a coidadora non profesional R.I.N.S., filla da persoa solicitante. Esta proposta quedou á espera da existencia de crédito orzamentario para a súa resolución.

Os artigos 5.2, 36 e 37 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, establece que os servizos do catálogo terán carácter prioritario e prestaranse a través da oferta pública da rede de servizos sociais pola comunidade autónoma, fronte ás prestacións económicas, tal e como establece o artigo 14 da Lei 39/2006.

Os artigos 26 e 44.4 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, establecen a orde de prelación na tramitación dos procedementos, e os criterios de prelación de acceso aos recursos.

Á solicitante foille recoñecida unha situación de dependencia en grao II e nivel 2 e a proposta-resolución do seu programa individual de atención propón como recurso idóneo a libranza de coidados no contorno.

Na tramitación dos expedientes séguese a orde de prelación destes, de acordo cos artigos 26 e 44.4 do Decreto 15/2010.

Así mesmo, en canto á solicitude de prestación económica para coidados no contorno familiar, actúase de acordo co establecido nos artigos 5.2, 36 e 37 do decreto.”

Coa información proporcionada confírmase que o procedemento de dependencia se atopa demorado, posto que se iniciou en abril de 2008 e aínda non se resolveu sobre o PIA. Tampouco se menciona cando se resolverá, senón unicamente que a data de hoxe existe proposta de PIA e *esta proposta quedou á espera da existencia de crédito orzamentario para a súa resolución*.

Por tanto, confírmase o motivo da queixa, isto é, o retraso do procedemento de atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Este prazo é aplicable ao trámite que resta, posto que os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os familiares e *coidadores* mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50).

Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de efectividade.

41- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 15 de novembro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1364/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a E. L. C. debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que é cónxuxe, coidadora e gardadora de feito de D. J. A. C. A., con DNI Seu marido ten recoñecido o grao e nivel máximos de dependencia. Anteriormente promovera a queixa G.6.Q/2624/09, a través da que coñeceramos que a solicitude se dera en febreiro de 2009 e o dependente xa fora valorado. Atopábase pendente de proposta e aprobación do PIA. Agora viuse obrigada a acudir novamente a esta institución para manifestar que aínda non recibiu ningunha resposta da Consellería de Traballo e Benestar sobre o PIA de seu marido. Os prazos xa venceron hai tempo (decreto 15/2010), pero non ten ningunha resposta, a pesar de tratarse dun gran dependente.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que xa nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

“Solicitante: D.^a E.L. C., cónxuxe e gardadora de feito do dependente.

Dependente: D. J. A. C. A., DNI ..., expediente núm.: ...

Feitos

1. Con data 11 de febreiro de 2009 achégase unha solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia a nome de D. J.A. C. A.

2 Con data 3 de xuño de 2009 realízase a valoración da situación de dependencia da solicitante.

3 Con data 18 de xuño de 2009 emítase a correspondente resolución de recoñecemento de dependencia pola que se lle outorga ao solicitante un grao III, nivel 2. A dita resolución notifícase con data 7 de xullo de 2009.

4 Con data 16 de xullo de 2009 recíbese do concello a proposta de plan de coidados para libranza de coidados no contorno.

5 Con data 30 de setembro de 2010 o órgano de valoración de dependencia de Ferrol emite unha proposta-resolución para servizo de axuda no fogar, logo de reconducir a proposta inicial ,considerando que actualmente é a mellor opción para a dependente debido á sobrecarga da coidadora.

Consideracións legais e técnicas

O artigo 5.2 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, establece que os servizos do catálogo terán carácter prioritario e prestaranse a través da oferta pública da rede de servizos sociais pola comunidade autónoma.

O artigo 46 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, sinala que no caso do servizo de axuda no fogar, os concellos titulares do servizo procederán a dar de alta ás persoas en

agarda de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos.

Conclusiones

O expediente de D. J.A. C. A. está á espera de que os servizos sociais municipais comuniquen a este Departamento Territorial a dispoñibilidade de praza no servizo de axuda no fogar para proceder a resolver o PIA adxudicándolle este servizo.”

Da información facilitada dedúcese que o procedemento se atopa demorado, a pesar de que se trata dun gran dependente, que por esa razón debera ter preferencia, de acordo co previsto no art. 3.q da Lei de dependencia (LD). Efectivamente, o expediente iniciouse en febreiro de 2009, hai case 1 ano e nove meses; a valoración co máximo grao e nivel aprobouse en xuño de 2009; e aínda non se aprobou o PIA pendente, sen que tampouco se aclare a data na que finalmente se resolverá e dará efectividade a ese PIA.

Confírmase o motivo da queixa, isto é, o atraso na atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

Neste caso constátase que os prazos previstos se superaron amplamente. O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu

momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A Consellería aduce respecto do atraso que este se debe a que *está á espera de que os servizos sociais municipais comuniquen a este Departamento Territorial a dispoñibilidade de praza no servizo de axuda no fogar para proceder a resolver o PIA adxudicándolle este servizo*. Sen embargo, tal e como sinalamos en anteriores ocasións por supostos similares, a administración responsable da aprobación e efectividade do PIA é a autonómica, polo que esta tamén resulta responsable das incidencias que poidan producirse, entre elas o evidente atraso constatado.

Así pois, o PIA oríéntase cara a un servizo municipal respecto do cal non se resposta que existan prazas, ou no que aparentemente non existen prazas. Á marxe da responsabilidade do Concello en canto á falta de resposta, no caso de confirmarse, ou sobre todo pola falta de prazas, se estas estiveran formalmente comprometidas para cubrir todos os PIA, ou se existira cobertura económica de acordo cos convenios que poidan existir, circunstancias que non se aclaran nin neste nin en anteriores informes da Consellería, o certo é que non resulta adecuada esta forma de proceder, posto que o seu resultado, como claramente se comproba neste suposto, é a demora na aprobación e efectividade dun PIA destinado a un gran dependente, o que resulta moi negativo. Ademais, debe terse en conta que, de acordo co art. 44.6 do Decreto 15/2010, a Consellería debera coñecer os datos que parece reclamar, posto que *o programa de asignación de recursos xerará unha actualización automática da listaxe de agrada*.

O método de actuación que previsto no Decreto 15/2010 non coincide co exposto pola Consellería. Para estes supostos en que as propostas de PIA se orientan a servizos sen praza, o art. 37.3.c prevé que a persoa se incorpore á lista de espera (*a persoa solicitante incorpórase a un programa de asignación de recursos*), dando a opción de reclamar en tres

meses o cambio do PIA para orientalo cara a unha libranza. En realidade, o máis operativo é modificar a proposta de PIA no momento anterior a súa aprobación, de oficio, en canto se coñeza que non existe praza; en ningún caso pode xustificarse a ausencia de resolución, como sucede neste caso. Se non se fai así, como parecería lóxico en moitos casos nos que a perspectiva de praza é escasa, entón só cabe a aprobación do PIA e a inmediata alta do afectado na lista de espera, de tal maneira que polo menos dende entón xa corra o prazo de tres meses para reclamar a libranza, un prazo moi amplo, posto que equivale ao tempo dun dos procedementos, o de valoración ou o de aprobación do PIA. Ademais, a administración debe informar periodicamente as persoas solicitantes ou a quen exerza a súa representación sobre a súa situación no programa de asignación de recursos, o que supón que cando menos deba facelo cando se cumpra o prazo de tres meses, de tal maneira que entón tivera a posibilidade de orientar o PIA cara á libranza a que se viu abocado por circunstancias de responsabilidade da propia administración.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

“Que con urxencia se resolva e se dea efectividade ao PIA do expediente obxecto da presente queixa, relativo a un gran dependente e aos servizos ou prestacións que se lle deberan asignar, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos.

E que con carácter xeral non se demoren as resolución dos PIA orientados cara a servizos como consecuencia da falta de prazas, de tal maneira que no caso de darse esa circunstancia de inmediato se cambie a orientación e se aprobe unha libranza de servizo, ou, no caso de existir posibilidade real de acceso ao servizo nun prazo razoable, se aprobe o PIA coa asignación do servizo, pero informando adecuadamente aos interesados das circunstancias da espera e do dereito a solicitar o cambio cara a unha libranza despois dos tres meses.”

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de efectividade.

42- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 15 de novembro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1297/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. J. L. C. relativo ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que promoveu expediente para o recoñecemento da situación de dependencia (8065, Delegación Territorial de Lugo). O 29-7-09 foi recoñecido o grao III e nivel 1. Estando en desacordo co nivel recoñecido recorreu en agosto do 2009, solicitando o nivel 2 do grao III. Cando xa transcorreran máis de 8 meses dende a presentación do recurso e ao non obter ningunha resposta, pediu por escrito do 15-3-10 que a administración cumprira cas súas obrigas legais e resolvese expresamente o recurso. Pasaron 44 días e seguía sen resolverse, polo que se dirixiu ao Gabinete da Conselleira mediante escrito do 29-4-10, expoñendo a situación de demora inxustificada e os prexuízos que se causaban. Sen embargo, a administración continúa sen resolver o recurso.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que recentemente nola remitiu. Nela indícase o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D. J.L. C., núm. expediente G.6.Q/1297/10, con relación ao caso de dependencia e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Respecto ao recurso de alzada, cabe sinalar que os recursos se van resolvendo por estrita orde de entrada existindo na actualidade unha demora na súa resolución polo seu elevado número”.

En relación co moi conciso informe transcrito é de sinalar, en primeiro termo, que non responde a todos os extremos requiridos na nosa comunicación, posto que non se indican as datas de solicitude e valoración, as causas do atraso na resolución xeral, e cando se resolverá e dará efectividade ao programa individual de atención (PIA) pendente. En realidade só confirma o atraso da resolución do recurso de alzada, pero sen indicar a data na que finalmente se resolverá. Polo anterior, ante esa falta de resposta expresa, en principio debemos entender que a Consellería confirma os datos achegados polo interesado.

Do anterior dedúcese que se confirman os dous extremos da queixa, isto é, que a resolución pendente respecto da valoración xa feita se atopa moi demorada, posto que se deu en xuño de 2009 e aínda non se aprobou o PIA; e, en segundo termo, como xa apuntamos, que a resposta ao recurso de alzada tamén se atopa moi demorada, posto que se promoveu en agosto de 2009, hai máis dun ano.

O atraso na atribución e efectividade das prestacións previstas na Lei de dependencia (LD) dedúcese da ampla superación dos prazos para a aprobación do PIA (como indicamos, non se menciona a data de solicitude, que puidera facer ver o posible atraso da valoración). Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do PIA. O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira); por tanto, o prazo para o trámite pendente é de 3 meses.

Neste caso constátase que os prazos previstos se superaron amplamente. O expediente debiera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

O atraso prodúcese a pesar de que se trata dun gran dependente, que por esa cualificación debiera ter preferencia (art. 3.q LD).

En canto ao atraso do recurso de alzada, constátase pola superación hai tempo do prazo para resolvelo. De acordo co previsto no art. 115.2 da Lei 30/1992, de RXAP-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de 3 meses. Non pode xustificarse a falta de resolución expresa nas previsións de silencio negativo ao respecto (art. 115.2). O transcurso do prazo e as previsións respecto das consecuencias do silencio só pode entenderse como unha garantía para o cidadán afectado polo atraso, que nese caso escollerá entre acudir á xurisdición contenciosa-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Por tanto, en ningún caso a administración pode alegar esta circunstancia como escusa ou atenuante da súa abstención, ao permanecer a súa obriga de resolución (art. 42.1).

O interesado que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva e se dea efectividade ao PIA correspondente á valoración xa feita, relativa a un gran dependente e aos servizos ou prestacións que se lle deberán asignar, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos. E que tamén con urxencia se resolva sobre o recurso de alzada pendente, que se encontra demorado, e que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican os cidadáns afectados; e que logo de que sexa resolto, no caso de aumento na valoración, con urxencia se proceda a adaptar o PIA.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de efectividade.

43- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 17 de novembro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1309/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a R.L.T relativo ao atraso na resolución dun recurso de alzada e da aprobación do PIA dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o 11 de marzo de 2009 presentou a través dos servizos sociais do Concello de Santiago a solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, establecéndose como plan os coidados no contorno familiar. A dita petición resólvese mediante resolución do 17 de xullo de 2009 pola Consellería de Traballo e Benestar, recoñecendo a situación de dependencia cun grao II e nivel 1, ofertando unha serie de servizos e prestacións entre as que se inclúe a prestación económica para coidados no contorno familiar. A administración tiña a obriga de resolver nun prazo de seis meses sobre o programa individual de atención, agora en tres. O 7 de setembro de 2009 interpón un recurso de alzada contra o grao e nivel asignado no exp. SC 17.295, a fin de que se lle recoñeza un grao II e nivel 2, por canto necesita da asistencia constante de terceira persoa para a súa vida diaria. Sen embargo, aínda non se deu a resposta da administración. En todo caso, a interposición do recurso non suspendería a execución do acto impugnado nin a

obriga da administración da aprobación do PIA pendente. Ante o silencio da administración, o 20 de xaneiro de 2010 volve a demandar do Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar que dite resolución para aprobar o programa individual de atención que xa tiña que ser aprobado no mes de setembro de 2009 para facer efectivo o dereito da interesada a prestación económica para coidados no contorno familiar, pero a data de hoxe segue sen resposta.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que xa nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

“Ante a queixa presentada por dona R. L. T., núm. Expediente G.6.Q/1309/10, con relación ao caso de dependencia e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

-data de solicitude: 17/3/2009

-data resolución grao/nivel: 17/7/2009 11-1

-Despois de recoñecer a situación de dependencia, o Órgano de Valoración e Asesoramento, impulsa de oficio, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención.

A disposición final primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia establece o calendario de aplicación progresiva desta lei, o prazo de efectividade do dereito ás prestacións para o grao II de dependencia severa, nivel 1 establécese nos anos 2009 e 2010.

Os artigos 5.2, 36 e 37 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, establece que os servizos do catálogo terán carácter prioritario e prestaranse a través da oferta pública da rede de servizos sociais pola Comunidade Autónoma, fronte ás prestacións económicas, tal e como establece o artigo 14 da Lei 39/2006.

O artigo 26 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, establece a orde de prelación na tramitación dos procedementos.

O artigo 44.4 do decreto anteriormente sinalado, establece os criterios de prelación de acceso a un recurso.

Á solicitante foille recoñecida unha situación de dependencia en grao II e nivel 1 e o plan de coidados de servizos sociais de base propoñen como recurso idóneo a libranza de coidados no contorno.

Na tramitación dos procedementos séguese a orde de prelación destes de acordo cos artigos enumerados no Decreto 15/2010.

Así mesmo, en canto á solicitude de prestación económica para coidados no contorno familiar, actúase de acordo co establecido nos artigos 5.2, 36 e 37 do decreto.

Respecto ao recurso de alzada, cabe sinalar que os recursos se van resolvendo por estrita orde de entrada existindo na actualidade unha demora na resolución destes polo seu elevado número.”

O informe transcrito confirma o atraso da resolución do recurso de alzada, posto que se promoveu en setembro de 2009 (o informe non responde expresamente a este extremo, pero tampouco rexeita o dato achegado pola interesada, polo que debemos entendelo como implicitamente confirmado), hai máis dun ano, pero sen indicar a data na que finalmente se resolverá; e tamén confirma que a resolución pendente respecto da valoración xa feita se atopa demorada, posto que se deu en xullo de 2009 e aínda non se aprobou o PIA.

O atraso na atribución e efectividade das prestacións previstas na Lei de dependencia (LD) dedúcese da ampla superación dos prazos para a aprobación do PIA. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do PIA. O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira); por tanto, o prazo para o trámite pendente é de 3 meses.

Neste caso constátase que os prazos previstos se superaron amplamente. O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas

prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

O atraso do recurso de alzada constátase pola superación hai tempo do prazo para resolvelo. De acordo co previsto no art. 115.2 da Lei 30/1992, de RXAP-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de 3 meses. Non pode xustificarse a falta de resolución expresa nas previsións de silencio negativo ao respecto (art. 115.2). O transcurso do prazo e as previsións respecto das consecuencias do silencio só pode entenderse como unha garantía para o cidadán afectado polo atraso, que nese caso escollerá entre acudir á xurisdición contenciosa-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Por tanto, en ningún caso a administración pode alegar esta circunstancia como escusa ou atenuante da súa abstención, ao permanecer a súa obriga de resolución (art. 42.1).

En canto á influencia mutua dun e doutro atraso, dada a valoración neste intre xa feita e a alegación da Consellería ao calendario de implantación progresiva da LD (*o prazo de efectividade do dereito ás prestacións para o grao II de dependencia severa, nivel I establécese nos anos 2009 e 2010*), o que parece máis oportuno é realizar en primeiro termo e con urxencia a resolución correspondente ao recurso, para despois, tamén con urxencia, realizar a aprobación do PIA.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

“Que con urxencia se resolva sobre o recurso de alzada pendente, que se encontra demorado, e que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican os cidadáns afectados; e que logo de resolto, con urxencia se resolva e se dea efectividade ao PIA correspondente á valoración xa feita ou a nova, segundo o caso”.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de efectividade.

44- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar el 17 de novembro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1418/10)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a J. F. G. debido á falta de resolución dun recurso en materia de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que lle foi concedida a incapacidade absoluta e permanente en 2002 debido a unha psicose afectiva de comportamento cicloide. Comezou a estabilizarse dela a finais do devandito ano, logrando superar unha agorafobia. En 2004 faleceu seu marido, tras o cal o papel de coidador tomouno o seu fillo. Co tempo empezaron a aparecer novos problemas, como insomnio severo, alcoholismo (do que logrou saír), problemas gástricos (que a obrigan a inxerir alimentos moi lixeiros), un hematoma subdural agudo (que ao final se absorbeu) e, principalmente, trastornos psicomotrices que fan que non poida saír á rúa soa e incluso no seu fogar se vexa forzada a usar bastón, sufrindo varias caídas e roturas. A aparición de todos estes problemas fixo que seu fillo tivese que dedicar cada vez máis tempo ao seu coidado, ata que finalmente decidiu abandonar a súa formación para atendela. A finais do pasado ano coñecen das prestacións da lei de dependencia e acudiron á Xunta para solicitar as prestacións. Na tramitación especificou que quería como coidador o seu fillo maior, xa que necesita que o seu coidador estea dispoñible as 24 horas. Acudiron a casa unha asistente social e unha doutora. Cando chegou a resposta recoñeceu unha situación de dependencia grao I e nivel 2, e tras informarse sobre o que significaba (que pode facer vida normal, agás para algunha tarefa

específica, algo que non se axusta á realidade, segundo expresa), decidiu interpor un recurso de alzada, solicitando o grao 3. Desde o 20 de abril do presente ano, día en que foi interposto, non recibiron resposta.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que xa nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

“Ante a queixa presentada por dona J. F. G., núm. expediente G.6.Q/1418/10, con relación ao caso de dependencia e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Respecto ao recurso de alzada, cabe sinalar que os recursos se van resolvendo por estrita orde de entrada, existindo na actualidade unha demora na resolución destes polo seu elevado número.”

Da resposta recibida dedúcese que o recurso segue sen resolverse, e tampouco se aclaran as causas da falta de resolución expresa e a data na que finalmente se resolverá. O prazo para tal resolución venceu hai tempo, posto que de acordo co previsto no art. 115.2 da Lei 30/1992, de RXAP-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de 3 meses. Non pode xustificarse a falta de resolución expresa nas previsións de silencio negativo ao respecto (tamén art. 115.2 da Lei 30/1992). O transcurso do prazo e as previsións respecto das consecuencias do silencio só pode entenderse como unha garantía para o cidadán afectado polo atraso, que nese caso escollerá entre acudir á xurisdición contenciosa-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Por tanto, en ningún caso a administración pode alegar esta circunstancia como escusa ou atenuante da súa abstención, ao permanecer a súa obriga de resolución (art. 42.1 da Lei 30/1992).

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o recurso pendente e obxecto da presente queixa, que se encontra demorado, de acordo cos prazos legalmente previstos, e que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican os cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de efectividade.

45- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 18 de novembro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1258/10)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a M. P. P. S. debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que é filla e coidadora de D. M. P. C., con DNI ..., que solicitou o recoñecemento da súa situación de dependencia (...). Recibiu unha carta onde se lle pide un novo informe social emitido pola traballadora social en relación á dependencia que xa lle foi recoñecida ao seu pai, o cal ten un grao III, nivel 2. Á parte envíaselle na mesma carta un novo modelo de solicitude para saber a contía dos seus ingresos e bens. O anterior informe social entrou na Xunta o 7/7/08 e o plan de coidados o 16/1/09, polo que pide que revisen o expediente, pois querenlle aplicar o decreto do 16/2/10, que non ten carácter retroactivo, segundo sinala. No caso de que teña que entregar outro informe social, que foi efectuado o 8/4/10, entón “todos os expedientes anteriores cobraron indebidamente”, sinala, e parécelle que a lei afecta a todos e non só a algúns. Engade que “morren as persoas maiores sen chegar a arranxar a documentación que esixen”.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que sinalou o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D.^a M. P. P. S., núm. expediente G.6.Q/1258/2010, con relación ao caso sobre dependencia de D. M. P. C., e segundo os datos facilitados pola Unidade de Coordinación da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data solicitude: 7/7/08. Data resolución grao/nivel: 20/11/08 II-1 con carácter permanente. En data 7/7/2008 a traballadora social emite proposta plan de coidados onde aparece a muller do solicitante (de 77 anos) como persoa que o coida habitualmente. En

data 16/1/09 a mesma traballadora social emite proposta plan de coidados coa opción de libranza para coidados no contorno familiar, sendo coidadora esta vez a filla, D.^a M.^a P. P.. Solicitud revisión: 2/10/09. É estimada polo órgano de Ferrol en data 6/10/09. Data resolución grao/nivel: 11/03/10 III-1. permanente. O 22/4/10, solicítase unha ampliación do informe social para poder realizar de maneira adecuada o PIA, en base o art. 36.1 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, que é recibido con data 26/5/10.

Aínda que o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, derroga o Decreto 176/2007, do 6 de setembro, aos trámites realizados en relación con este expediente aplícaselles o disposto neste último, tal e como dispón a súa disposición transitoria primeira.

O prazo para resolver e notificar unha solicitude de recoñecemento da situación de dependencia é de 6 meses desde a súa presentación, de acordo o artigo 14.4 de Decreto 176/2007, do 6 de setembro. Neste suposto o prazo cumpriuse.

En virtude do disposto no artigo 14.7 do Decreto 176/2007 a efectividade do acceso ao servizo e/ou prestación económica queda condicionada á aprobación do correspondente programa individual de atención, que se debe producir no prazo máximo de 6 meses desde a notificación da resolución de recoñecemento da situación de dependencia á persoa interesada. Neste suposto o prazo remataría o 7/10/2010, atopándose neste momento en proceso de elaboración.”

Á vista da falta de aclaración de determinados extremos, e sobre todo debido á falta de concreción da data na que finalmente se aprobaría o PIA pendente, que afecta a un gran dependente, de novo nos diriximos á Consellería para requirir información complementaria. A resposta recibíuse recentemente e nela sinalase o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D.^a M. P. P. S., núm. expediente G.6.Q/1258/10, con relación ao caso de dependencia de Don M.P.C., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Con data 7 xullo de 2008 achégase unha solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia a nome de M. P. C..

Con data 20 novembro de 2008 admítase a resolución de recoñecemento de dependencia pola que se lle outorga ao solicitante un grao II, nivel 1. A dita resolución notificouse con data 12 de decembro de 2008.

Con data 7 xullo de 2008 emítase o informe social dende o Consello de Ferrol onde aparece como coidadora habitual, M.^a R. S. D., cónxuxe do dependente, e de 77 anos de idade.

Posteriormente con data 16 de xaneiro de 2009, emítase dende o Concello de Ferrol o plan de coidados de libranza de coidados no contorno familiar, propoñendo como coidadora a M.^a P. P. S..

Con data 2 de outubro de 2009, o dependente achega unha solicitude de revisión de grao e nivel de dependencia por empeoramento, que é estimada polo órgano de valoración de dependencia de Ferrol con data 6 de outubro de 2009.

Con data 11 marzo 2010, emítase a resolución de revisión de recoñecemento de grao e nivel de dependencia na que se lle outorga un grao III, nivel 1. A dita resolución notificouse con data 7 de abril de 2010.

Con data 26 de maio de 2010 recíbese unha ampliación do informe social, especificando que a coidadora é filla do solicitante.

A disposición final primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, establece a aplicación progresiva da lei, sinalando que o grao II, nivel 1, de dependencia implantarase durante o 3º e 4º ano de vixencia da lei (2009 e 2010). Neste caso, ata a data da resolución de revisión do grao e nivel de dependencia na que se lle outorga o grao III, nivel 1, 11 marzo 2010, o dependente tiña un grao II, nivel 1.

Tanto a Orde do 17 de decembro de 2007 no seu artigo 10.4º, como o artigo 36.2º 1) do Decreto 15/2010, do 4 febreiro, establecen como prioritarios os servizos do catálogo respecto das prestacións económicas.

En relación á petición de novo informe social, o artigo 36.1º do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, indica que os técnicos da valoración de dependencia, poderán recadar dos servizos sociais comunitarios os informes que se consideren convenientes para a elaboración do programa individual de atención.

O expediente de M.P.C., logo de recoñecida a súa dependencia primeiro en grao II, nivel 1, e posteriormente, por revisión a petición de parte, en grao III, nivel 1, está en fase de tramitación para a elaboración do seu programa individual de atención, respectando a orde de prelación na instrución do procedemento que sinala o artigo 34 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.”

Da información achegada dedúcese que o grao e nivel outorgado fora revisado no seu momento, que o informe social se solicitara con motivo da primeira valoración, e que posteriormente se reclamou outro informe (ou unha ampliación ou aclaración do anterior) para *a análise das modalidades de intervención máis adecuadas ás necesidades da persoa en situación de dependencia*, de acordo co previsto no art. 36.1 do Decreto 15/2010, que permite recadar *os informes que se consideren convenientes*. O decreto resulta aplicable tamén nos procedementos xa iniciados á súa entrada en vigor en canto aos trámites pendentes, mantendo a súa validez os xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores (disposición transitoria primeira). Por tanto, manténse a valoración feita, pero aplicarase o novo decreto en canto ao trámite pendente, que é o de aprobación do PIA, o que implica que resulte adecuado pedir aclaración, ampliación ou aínda novo informe social, se se considera preciso, como é o caso.

Polo contrario, a información achegada pola Consellería non resulta adecuada en canto ao prazo de resolución do PIA que sinala, 6 meses (*sinala que se debe producir no prazo máximo de 6 meses desde a notificación da resolución de recoñecemento da situación de dependencia á persoa interesada. Neste suposto o prazo remataría o 7/10/2010*), posto que tamén en canto aos prazos dos trámites pendentes se ten que aplicar o novo decreto, que sinala un de 3 meses. Por tanto, o expediente atoparíase demorado, posto que o prazo venceu, e iso aínda descontando o período de espera para esa ampliación

de informe, dende o 22/4/10 ata o 26/5/10, cousa que en principio non parece adecuado facer, posto que esa petición de ampliación do informe é potestativa, e non preceptiva no procedemento (art. 82.3 LRXAP-PAC).

O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido. Ademais, o atraso se produce a pesar de que trátase dun *gran dependente*, que por esa cualificación debera ter preferencia (art. 3.q LD).

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva e se dea efectividade ao PIA pendente, relativo a un gran dependente e aos servizos ou prestacións que se lle deberan asignar, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de efectividade.

46- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar el 26 de novembro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1243/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a J.R.A. debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que é filla e gardadora de D.^a M. A. C., con DNI ..., que ten valoración de dependencia resolta con data de 15 de outubro de 2009, co grao II, nivel 2. A lei recoñécelle dependencia severa e o dereito a unha serie de servizos e prestacións que ata agora non son efectivos por estar condicionados á aprobación dun plan individual de atención do que non recibiu notificación. En maio de 2009 solicitou unha revisión da dependencia por agravamento, tendo transcorrido xa un ano desde entón. O estado de saúde da súa nai cada vez empeora máis e ela segue sen ter unha resposta por parte da administración, polo que sente vulnerados os seus dereitos, segundo expresa.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que no seu momento sinalou o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D.^a J. R. A., expediente G.6.Q/1243/2010, con relación ao caso sobre dependencia de D.^a M. A. C., e segundo os datos facilitados pola Unidade de Coordinación da Dependencia, infórmase o seguinte: Data solicitude: 4/7/08. Data resolución grao/nivel: 20/11/08 I-1, permanente. Este expediente foi arquivado en base á aplicación progresiva da lei para o grao I. O 19/5/09 a solicitante presenta solicitude de revisión, estimada polo órgano de Ferrol o 4/6/09. Resolución grao/nivel: 15/10/09 II-2, permanente. Con data 25/11/09 recíbese o plan de coidados emitido pola traballadora social da zona, no que se marca como opción de coidados adecuada a libranza para coidados no contorno. O expediente atópase no proceso de elaboración do PIA para proceder a emitir a correspondente resolución por parte do Órgano de Valoración de Ferrol.”

Á vista do anterior requirimos información complementaria, posto que non se aclaraba a data na que finalmente se aprobaría e daría efectividade ao PIA pendente. A resposta recibíuse recentemente e nela se sinala o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D.^a Josefa Rodríguez Armada, expediente G.6.Q/1243/2010, con relación ao caso sobre dependencia de D. M. A. C., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data solicitude: 4/7/2008. Data resolución grao/nivel: 20/11/2008 I-1. Notificada o 21/1/2009. O expediente quedou á espera de que entrara en vigor o grao I, nivel 1, segundo o calendario de implantación establecido na disposición final primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

Con data 19/5/2009 a solicitante achega unha solicitude de revisión de grao e nivel de dependencia por empeoramento que é estimada polo Órgano de Valoración da Dependencia de Ferrol con data 4 de xuño de 2009. O día 5 de outubro realízase a nova valoración da solicitante. Con data 15/10/2009 emítese a resolución de revisión de grao e nivel de dependencia pola que se lle outorga a Manuela un grao II, nivel 2. A dita resolución notificouse con data 4/11/2009.

Con data 25/11/2009 recíbese o plan de coidados emitido pola traballadora social de zona e no que solicitan como axuda a libranza de coidados no ámbito familiar.

O artigo 5.2 sinala que de conformidade co artigo 14 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, os servizos do catálogo terán carácter prioritario e prestaranse a través da oferta pública da rede de servizos sociais pola comunidade autónoma mediante centros e servizos públicos ou privados concertados debidamente acreditados. De non ser posible algún destes servizos procederá ao recoñecemento da prestación económica.

O artigo 34 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, establece que o procedemento de elaboración do programa individual de atención será ordenado en función do calendario de implantación previsto na disposición derradeira primeira da Lei 39/2006,

do 14 de decembro, de ser o caso, e en función da prioridade no acceso aos servizos, segundo o artigo 14.6º da dita lei, que virá determinado polo maior grao e nivel de dependencia, e a igual grao e nivel, pola menor capacidade económica do solicitante.

O expediente de dona M. A. C., logo de recoñecerlle a súa situación de dependencia primeiro en grao I, nivel 1 ata o 15 de outubro de 2009 e dende esta data por revisión a instancia de parte en grao II, nivel 2, está en fase de tramitación para a elaboración do seu programa individual de atención, respectando a orde de prelación na instrución do procedemento establecida no artigo 34 do citado Decreto 15/2010.”

Coa información achegada confírmase o exposto pola interesada na queixa, isto é, que o expediente se atopa demorado, posto que foi iniciado en xullo de 2008 e aínda non se resolveu. Malia que ata a renovación da valoración o PIA non debiera ter efectividade debido ao calendario de aplicación progresiva da LD, tal e como expresa a Consellería, dende outubro de 2009, coa nova valoración, que recoñeceu o grado II e nivel 2 con carácter permanente, o PIA debiera terse aprobado nos prazos correspondentes e atoparse efectivo neses mesmos prazos. Na data da renovación da valoración os prazos eran os previstos no anterior decreto, 6 meses, prazo que non vencera á data da aprobación do Decreto 15/2010. Sen embargo, para os trámites pendentes á súa entrada en vigor, neste caso a aprobación do PIA, se aplica o previsto no novo decreto (disposición adicional primeira), que agora prevé un prazo de 3 meses. Por tanto, o prazo xa venceu hai tempo, posto que dende outubro ata agora transcorreu máis dun ano, cando o prazo é de 3 meses. A pesar diso segue sen coñecerse a data na que finalmente se resolverá e dará efectividade ao PIA pendente.

Confírmase o atraso na atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados

conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

O expediente debера atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa moi demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados.

Resposta de la Consellería de Traballo e Benestar: pendente de efectividade.

46- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 2 de decembro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1916/09).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. C. F.A. debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que reclamou a aplicación da Lei de dependencia como “gardador de feito” de seu pai hai moito tempo. O 2.4.09 o SGAD emite (núm. de expediente 15916) resolución de recoñecemento de situación de dependencia de seu pai, D. C. F. R. (DNI ...), onde se lle asigna un grao II e nivel 2. Reside actualmente nunha residencia de anciáns sita en Narón. Solicitou a prestación económica para os seus coidados no dito centro, pero a día de hoxe aínda non ten noticias ao respecto.

Ante iso requirimos información en diferentes ocasións a esa consellería, que no seu momento indicou que *este expediente non correspondente a un gran dependente, polo que a súa tramitación se demora a favor dos expedientes que corresponden a grandes dependentes xa que teñen preferencia*. Non obstante, sinalamos que a preferencia dos *grandes dependentes*, e en xeral dos graos e niveis superiores, que é un dos principios inspiradores da LD, debe poñerse en relación co previsto no calendario de aplicación progresiva da propia Lei, que prevé a efectividade dos dereitos recoñecidos aos dependentes *severos* desde o segundo ou terceiro ano (os de nivel 2), ou desde o terceiro ou cuarto ano (os de nivel 1), polo que xa se deberían ter resolto os expedientes co prazo vencido e estar atendendo estes dependentes.

Máis recentemente a Consellería sinalou o seguinte:

“1. Con data 9 de decembro de 2008 achégase unha solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia a nome de C. F. R.. 2. Con data 1 de abril de 2009, emítase a resolución de recoñecemento de grao e nivel de dependencia, pola que se lle outorga ao solicitante un grao II, nivel 1, de dependencia.

Consideracións legais e técnicas

O artigo 34 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, sinala que o procedemento de elaboración do programa individual de atención será ordenado en función do calendario de implantación previsto na disposición final, primeira, da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de ser o caso, e en función da prioridade no acceso aos servizos, segundo o disposto no artigo 14.6º da devandita lei que virá determinado polo maior grao e nivel de dependencia e, a igual grao e nivel, pola menor capacidade económica do solicitante.

Conclusiones

O expediente de D. C. F. R., logo de recoñecer a súa situación de dependencia en grao II, nivel 1, está en fase de tramitación para a elaboración do seu programa individual de atención, respectando a orde de prelación na instrución do procedemento establecida no artigo 34 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.”

Á vista do anterior de novo nos diriximos á Consellería, que nesta ocasión sinalou o seguinte:

“En relación cos datos solicitados no presente requirimento, sinalar que non hai variación con respecto ao informe remitido con data 28 de setembro de 2010, polo que o expediente de D. C. F. R., logo de recoñecer a súa dependencia en grao II, nivel 1, segue en fase de tramitación para a elaboración do seu programa individual de atención, respectando a orde de prelación na instrución do procedemento tal e como sinala o artigo 34 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.”

A Consellería segue sen concretar a data na que finalmente se resolverá sobre o PIA pendente e insiste en argumentar que o calendario de aplicación progresiva da Lei de dependencia (LD) non fai obrigado que xa teña que atenderse aos dependentes de grao II e nivel 1, como é o caso que coñecemos. Sen embargo, á marxe do evidente que resulta o carácter confuso do calendario de implantación progresiva da LD, o certo é que os PIA para este tipo de dependentes teñen que aprobarse nos prazos regulamentariamente previsto e deberan ter efectividade entón se xa comezara o prazo de acordo co calendario, como a propia Consellería sinalara en diferentes respostas ao respecto, que indicaban que a

efectividade nestes casos terá lugar dende o 1 de xaneiro de 2009. Por tanto, o PIA debe resolverse no prazo regulamentario actual, 3 meses dende a valoración (Decreto 15/2010), para despois darlle efectividade; só no caso de que o PIA se adiantara á data de efectividade sinalada sería aplicable a previsión que demora a efectividade.

A ordenación a que se refire o art. 34 do Decreto 15/2010 parece aludir á ordenación de prioridades, o que non pode interpretarse como unha habilitación para desatender as obrigas, neste caso a resolución do expediente no prazo regulamentariamente establecido. Os prazos para a resolución formal de aprobación dos PIA non se excepcionan, polo que seguen sendo vinculantes. A interpretación da Consellería que pretende que se resolvan os expedientes coa valoración mencionada a finais do prazo de implantación do seu grao e nivel é tanto como pretender que todos os expedientes dese grao e nivel se resolvan de golpe xusto antes de que se estableza o límite para a súa efectividade, que non para resolvelos, o que non responde á lóxica e por iso resulta claramente inadecuado. Nin tan sequera ese calendario de implantación progresiva da LD pode entenderse no senso de que a efectividade das prestacións ou servizos que correspondan aos graos II e nivel 1 podan demorarse ata que finalice 2010, senón no senso de que nese tempo todos os PIA dese grao e nivel deben ter efectividade. A propia Consellería xa aprobou e deu efectividade a PIA correspondentes a este grao e nivel. O indicado pola Consellería non resulta xustificación para a falta de efectividade dos dereitos dos dependentes *severos*; a preferencia legal dos *grandes dependentes* e en xeral dos graos e niveis superiores non debe entenderse como xustificación da demora na efectividade dos actuais dereitos dos dependentes *severos*.

Por tanto, como adiantamos, parece confirmado o motivo da queixa, isto é, o atraso do procedemento de valoración da situación de dependencia e de posterior atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes

da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

Neste caso se constata que os prazos previstos se superaron. O expediente debера atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os familiares e *coidadores* mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

O indicado pola Consellería non resulta xustificación para a falta de efectividade dos dereitos dos dependentes *severos*; a preferencia legal dos *grandes dependentes* non debe entenderse como xustificación da demora na efectividade dos actuais dereitos dos dependentes *severos*.

O interesado que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: resposta pendente.

48- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 2 de decembro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1290/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de dona P.P. E. debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que ela, co DNI núm. ..., en xuño de 2007 solicitou a prestación de dependencia (exp. 54.807). Despois de vir a valorala no seu domicilio o 21-8-09 remitíronlle unha carta na que se recoñecía o grado II e nivel 2. Dende agosto do 2009 non ten noticias. Presentou unha reclamación a través da traballadora social e a resposta foi que non teñen liquidez e non poden aboar ningunha prestación, e así leva 3 anos esperando, segundo sinala. Non se responde por escrito e ten coñecemento de que outras persoas xa están cobrando. A traballadora a social di que non lle collen o teléfono. Necesita coidados e está enferma do corazón. É inxusto que non haxa equidade.

Ante iso requirimos información a esa Consellería, que recentemente nola remitiu. Esta recibíuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar a ese órgano o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución. No informe sinálase o seguinte:

“Ante a queixa presentada por dona P. P. E., núm. expediente G.6.Q/1290/10, con relación ao caso sobre dependencia, e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data solicitude: 20-7-2007.

O 28-3-2008 entregóuselle en mano á traballadora social do Concello de Arbo o requirimento de achegar o informe social do concello ou do centro de saúde correspondente, quedando constancia escrita da dita entrega.

O 20-3-2009 notificóuselle a P. P. o requirimento de incorporar ao expediente o informe social relativo ao expediente.

O 20-3-2009 achegouse, por fax, o informe social relativo ao expediente, no que se sinala como recursos que poderían cubrir as necesidades para libranza de coidados no contorno familiar e a axuda no fogar como respiro do coidador. Consta como coidador o fillo da solicitante, J. F. P..

O 3-9-2009 notificouse a resolución, de data 17-8-2009, II-2.

Con data 15-12-2009 emitíuse unha petición de informe complementario á traballadora social do Concello de Arbo, que motive o cambio no plan de coidados de servizo de axuda no fogar máis a libranza de coidados no contorno familiar para soamente libranza de coidados no contorno familiar. A dita petición notificouse o 7-1-2010.

O 3-2-2010 recibíuse o informe social.

18-2-2010 o Órgano Técnico de Valoración da situación de dependencia de Vigo emitíu unha proposta de programa individual de atención de libranza de coidados no contorno familiar, na que se lle recoñece á solicitante un total de atrasos ata o 31-12-2009 de 7576,44€. A data de efectos desta proposta é do 1-1-2008.

O 24-6-2010 Purificación Pérez presentou unha reclamación, na que solicitou a resolución do seu expediente.

Aínda que no artigo 42.5 c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se contempla a posibilidade de suspender o prazo máximo para resolver e notificar o procedemento, cando deban solicitarse informes que sexan preceptivos e determinantes do contido da resolución, como é o caso do informe social, neste suposto e concreto non se puido suspender o prazo, co que o requirimento do informe social fíxose despois de que transcorrese o tempo para resolver e notificar a resolución de recoñecemento da situación de dependencia.

Aínda que P. P. xa entrou en calendario, segundo a disposición final primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia hai que sinalar que debido a que non existe orzamento suficiente para facer efectivo o dereito de todos os usuarios, se lles está a dar prioridade aos grandes solicitantes, é dicir, aos graos III. Nesta liña, no artigo 18,2 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, establécese que nos supostos de libranza de coidados no contorno familiar, o acceso á prestación económica pola dita libranza virá determinado en función do grao e nivel recoñecido á persoa en situación de dependencia e da súa capacidade económica.

O expediente número ..., que corresponde a P. P. está pendente da aprobación da resolución do programa individual de atención, á espera de recibir orzamento para o efecto.”

Da información achegada dedúcese que o expediente se atopa moi atrasado, tal e como se mencionaba na queixa, que resulta confirmada. Efectivamente, a solicitude é do 20-7-07, e sen embargo a valoración non se deu ata o 3-9-09, máis de dous anos despois. As incidencias de que dá conta o informe non escusan o atraso deste concreto trámite, como a propia administración reconece. Agora resta a aprobación e efectividade do PIA, pendente dende a resolución da valoración, un grao II e nivel 2, pero a Consellería indica que se atopa *á espera de recibir orzamento para o efecto*, co que a incerteza respecto da data de resolución definitiva segue sendo a mesma, despois de máis de 3 anos dende que se iniciou o expediente.

Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

O expediente debера atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa moi demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: resposta pendente.

49- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar el 2 de diciembre de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1421/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a M. L. F. P. debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que é filla e gardadora de feito de D.^a D. P. A., con DNI Súa nai ten recoñecida dependencia severa en grao II e nivel 1, e, segundo lle informan, no seu caso os dereitos recoñecidos entraron en vigor o 1 de xaneiro de 2009. Sen embargo, estes dereitos non teñen efectividade práctica porque a Consellería non resolveu o programa individual de atención. Dende a data de solicitude xa transcorreron uns tres anos. Súa nai empeorou desde aquela e agora ten 87 anos e padece enfermidades crónicas importantes que lle producen deterioración mental e física. É a súa única filla e ten ao seu cargo o coidado do fillo, J. G. F., que padece unha enfermidade mental. A convivencia de ambos xuntos está contraindicada polo psiquiatra, xa que J. ten esquizofrenia e sofre crises agresivas. Reclama que se resolva o PIA de D.^a D., xa que no Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, se fixa un prazo máximo para resolver sobre o PIA de tres meses.

Ante iso solicitamos información á Consellería de Traballo e Benestar, que no seu momento sinalou o seguinte:

*“Ante a queixa presentada por D.^a M.^a L. F.P., núm. expediente **G.6.Q/1421110**, con relación ao caso sobre dependencia de D.^a D.P. A., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:*

Data de solicitude: 20.7.2007.

Data resolución grao/nivel: 2.10.2010 II-1 con carácter permanente (sic).

Con data 27.4.2009 recíbese unha proposta de plan de coidados na que se solicita unha libranza vinculada a axuda no fogar e, con data 26.1.2010, unha ampliación do dito plan de coidados na que se solicita tamén o servizo de teleasistencia.

O día 18.2.2010 realízase a proposta do programa individual de atención (PIA) para teleasistencia e o día 1.6.2010, a correspondente resolución de concesión da teleasistencia.

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción de autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, na disposición final, primeira, alínea 1), sinala que a efectividade do dereito ás prestacións de dependencia realizárase e función do seguinte calendario: o grao II-nivel 1 implantarase durante o 3º e 4º ano (2009 e 2010), este último aínda non rematou.

O artigo 5.2 sinala que de conformidade co artigo 14 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, os servizos do catálogo terán carácter prioritario e prestaranse a través da oferta pública da rede de servizos sociais pola comunidade autónoma mediante centros e servizos públicos e privados concertados debidamente acreditados. De non ser posible algún destes servizos procederá o recoñecemento da prestación económica vinculada.

O artigo 34 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, establece que o procedemento de elaboración do programa individual de atención será ordenado en función do calendario de implantación previsto na disposición derradeira primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de ser o caso, e en función da prioridade no acceso aos servizos, segundo o artigo 14.6º da dita lei, que virá determinado polo maior grao e nivel de dependencia e a igual grao e nivel pola menor capacidade económica do solicitante.

Este expediente, logo de recoñecer a súa situación de dependencia en grao II, nivel 1, está en fase de tramitación para a elaboración do seu programa individual de atención, respectando a orde de prelación na instrución do procedemento establecida no artigo 34 do citado Decreto 15/2010.”

En primeiro termo, a data da valoración resulta errónea, posto que non é coherente co resto dos datos, o que debera aclararse. En calquera caso, a información confirma que o expediente se atopa moi demorado, posto que se iniciou en xullo de 2007 e máis de 3 anos despois, aínda non se resolvera, polo que requirimos información complementaria. Esta recibíuse recentemente co seguinte contido:

“Ante a queixa presentada por D.^a M.^a L. F. P., núm. expediente G.6.Q/1421/1 O, con relación ao caso sobre dependencia de D.^a D. P. A., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Este expediente, logo de recoñecer a súa dependencia en grao II, nivel 1, con data 2.10.2008, segue en fase de tramitación para a elaboración do seu programa individual de atención, respectando a orde de prelación na instrución do procedemento establecida no artigo 34 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.”

Así pois, a Consellería argumenta que, de acordo co previsto no art. 34 do Decreto 15/2010 (*o procedemento de elaboración do programa individual de atención será ordenado en función do calendario de implantación previsto na disposición final, primeira da Lei 39/2006*), o PIA pendente neste caso non debe atoparse resolto, posto que ese calendario indica que *o grao II-nivel 1 implantarase durante o 3º e 4º ano (2009 e 2010), e este último aínda non rematou*. Sen embargo, o expediente xa debera atoparse resolto moito antes de que se publicara oficialmente ese decreto, que é recente; non así a solicitude, que é de hai case 3 anos e medio. Ademais, o argumentado pola Consellería, é dicir, o calendario de implantación progresiva da LD, refírese á efectividade das prestacións ou servizos, sen que afecte por tanto aos prazos de resolución, posto que na normativa de desenvolvemento da LD estes non se alteran; o prazo de resolución era antes de 6 meses dende a valoración, e agora de 3 meses, co novo decreto, sen matices ou suspensións automáticas dos prazos.

Ademais, en ocasións anteriores indicamos á Consellería que a implantación e efectividade dos PIA mencionados debería realizarse dende o comezo do período previsto, é dicir, neste caso dende o 1 de xaneiro de 2009. A ordenación a que se refire o art. 34 do

Decreto 15/2010 parece aludir á ordenación de prioridades, o que non pode interpretarse como unha habilitación para desatender as obrigas, neste caso a resolución do expediente no prazo regulamentariamente establecido. Os prazos para a resolución formal de aprobación dos PIA non se excepcionan, polo que seguen sendo vinculantes. A interpretación da Consellería, que pretende que se resolva un expediente, de xullo de 2007 (por tanto, ordenado temporalmente entre os primeiros) e coa valoración mencionada, a finais do prazo de implantación do seu grao e nivel, é tanto como pretender que todos os expedientes dese grao e nivel se resolvan de golpe xusto antes de que se estableza o límite para a súa efectividade, que non para resolvelos, o que non responde á lóxica e por iso resulta claramente inadecuado. Nin tan sequera ese calendario de implantación progresiva da LD pode entenderse no senso de que a efectividade das prestacións ou servizos que correspondan aos graos II e nivel 1 poidan demorarse ata que finalice 2010, senón no senso de que nese tempo todos os PIA dese grao e nivel deben ter efectividade. A propia Consellería xa aprobou e deu efectividade a PIA correspondentes a este grao e nivel. O indicado pola Consellería non resulta xustificación para a falta de efectividade dos dereitos dos dependentes *severos*; a preferencia legal dos *grandes dependentes* e en xeral dos graos e niveis superiores non debe entenderse como xustificación da demora na efectividade dos actuais dereitos dos dependentes *severos*.

Confírmase o motivo da queixa, isto é, o atraso do procedemento de valoración da situación de dependencia e de posterior atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

O expediente debера atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os familiares e *coidadores* mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa moi demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: resposta pendente.

50- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 2 de decembro de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1970/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a N.P. M. referente ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que seu pai, D. J. P.G., DNI ..., ten 79 anos. Hai 3 ou 4 anos que comezou a deteriorarse, pasando a ser un maior dependente. En marzal deste ano, hai agora 5 meses, foille concedido o grao III e nivel 1 de dependencia. Se agora fixeran a revisión, de seguro que sería nivel II (está encamado; non pode facer nada por el mesmo, non se move, nin come, nin fala....). Vive con súa nai, M. C M. G., DNI ..., que ten case 73 anos. Ela é a que asume a maior parte do seu coidado. Pasou por dous ACV, un ángor e está anticoagulada con Sintrom por unha FA crónica. Ten unha irmá pequena estudando fóra da casa e mantida por eles cunha dúas pensións ínfimas. Este ano tivo que cambiar de domicilio para poder estar preto da casa de seus pais e poder coidalos. Pediron unha axuda económica para poder deixar de traballar, ou ben para contratar alguén que axude a súa nai, pero a axuda non chegou aínda. Como non está aprobado o PIA (plan individual de atención) non temos dereito a nada. Uns veciños prestáronlles unha cama hospitalaria, pero non teñen colchón antiescaras, que teñen que mercar, o mesmo que o guindastre ou o que precisemos para movelo por casa. Ela ten un fillo pequeno e está embarazada. Todos os días teñen que lavar o seu pai, sen poder pagar a axuda de ninguén, xa que non hai recursos económicos, movelo, cambialo de posición, e proporcionarlle todos os coidados que precisa. Mentres tanto hai un Decreto 15/2010, do 4 febreiro, que establece un prazo máximo de 3 meses para recibir a notificación da axuda tras a concesión da dependencia. Subliña que espera que se axude á súa familia, xa que “non podemos continuar con esta situación precaria”.

Ante iso solicitamos información á Consellería de Traballo e Benestar, que xa nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D.^a N. P. M., núm. expediente G.6.Q/1970/10, con relación ao caso sobre dependencia de D. J. P.G., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data solicitude: 3/6/2008.

Con data 7/8/2009 recíbese aínda o informe social xunto con outra documentación.

Data resolución grao/nivel: 13/8/2009 I-2

O 21/1/2010: solicitude revisión de grao e nivel de dependencia por empeoramento que é estimado polo órgano de valoración na mesma data.

O 16/2/2010 a traballadora social do Concello de Fene achega un informe social no que expón como recurso idóneo a libranza de coidados no contorno familiar.

O 16/3/2010 realízase nova valoración.

Data resolución de revisión de grao/nivel: 31/3/2010 III-1. Notificada 22/4/2010.

A disposición final primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, establece a aplicación progresiva da dita lei sinalando na súa aliña 1) que a efectividade do dereito ás prestacións de dependencia exercitaranse de acordo co seguinte calendario a partir do 1/1/2007: o grao I, nivel 2, entrará en vigor no quinto e sexto ano de aplicación da lei, é dicir, anos 2011 e 2012. Polo tanto ata o 21/1/2010, data da solicitude de revisión, o solicitante non tiña recoñecido un grao e nivel que estivese en vigor.

Aínda que o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, derroga o Decreto 176/2007, do 6 de setembro, aos trámites realizados en relación con este expediente aplícaselles o disposto neste último, tal e como sinala a disposición transitoria primeira do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.

O artigo 14.4 do Decreto 176/2007, do 6 de setembro, sinala que a resolución de dependencia deberá ditarase e notificarse á persoa solicitante no prazo máximo de seis meses computados a partir da data de entrada da solicitude (neste caso de revisión). A resolución emitíuse dous meses despois da solicitude de revisión polo que os prazos cumpríronse.

O artigo 34 do novo Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, establece a orde de prelación na instrución dos procedementos.

Este expediente, que ata o 21/1/2010 tiña recoñecido un grao I, nivel 2, e segundo o calendario previsto non está aínda en vigor, logo de recoñecer a súa dependencia en grao III, nivel 1, con efectos dende a solicitude de revisión de data 21/1/2010, está en fase de tramitación para a elaboración do programa individual de atención, respectando a orde de prelación na instrución do procedemento tal e como sinala o artigo 34 do Decreto 15/2010, e en función da dotación orzamentaria existente”.

Coa información agora facilitada descoñécese a data na que finalmente se aprobará e dará efectividade ao PIA, e iso a pesar de que a revisión da valoración do dependente, de marzo do presente ano, ten recoñecido un grao III e nivel 1, e o PIA debera aprobarse no prazo de 3 meses dende esa valoración, de acordo co previsto no Decreto 15/2010, aplicable neste trámite aínda pendente (disposición adicional primeira). Isto sucede a pesar de que se trata dun gran dependente, que por esa razón ten preferencia no seu procedemento e atención (art. 3.q LD).

Confírmase o motivo da queixa, isto é, o atraso na atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria.

Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia no caso dun gran dependente, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: resposta pendente.

51- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar el 2 de diciembre de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/1586/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a M. M. M. debido ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que é filla e gardadora de feito de D.^a M.^a E.M. M., con DNI ..., con valoración de dependencia resolta o de 11 de marzo de 2010, grao III e nivel 1. Desde a valoración do médico de cabeceira, en outubro do 2009, está moito peor. O empeoramento é progresivo. Valorouna o médico da Xunta en febreiro deste ano. Desde aquela segue empeorando, estando actualmente encamada. Necesita unha persoa con ela as 24 horas do día. Sabe que pode solicitar unha revisión, pero, segundo sinala, se aínda non resolveron a primeira, témesse que solicitala só vai alongar máis a espera. A LD reconécelle gran dependencia e o dereito a unha serie de servizos e prestacións, que ata agora non son efectivos por estar condicionados á aprobación dun PIA do que non recibín notificación. Considero que isto é todo unha burocracia e séntese indefensa ante o sistema e que se vulneran os seus dereitos, segundo sinala.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que no seu momento sinalou o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D.^a M.M. R., núm. expediente G.6.Q/1586/10, con relación ao caso sobre dependencia de D.^a E. M. M., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data solicitude: 4/3/2008. Con data 9/10/2008 recíbese dende o concello o informe social. Data resolución grao/nivel: 16/10/2008 I-2, notificado con data 11/11/2008. Con data 12/11/2008 achégase unha solicitude de revisión de grao e nivel. Con data 21/11/2008 emítese unha resolución denegatoria na que se confirma o grao e nivel inicial, notificado o 23/12/2008. Con data 30/11/2009, achégase unha nova solicitude de revisión. O Órgano de Valoración da Dependencia de Ferrol emite un informe favorable, polo que se cita á solicitante para unha nova valoración o 19/2/2010. Con data 30 de novembro remítese o plan de coidados no que se solicita como axuda a libranza de coidados no contorno familiar. Con data 11/3/2010 emítese unha resolución de revisión da dependencia pola que se lle reconece un grao III-1, notificado 25/3/2010.

A disposición final primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, establece a aplicación progresiva da dita lei sinalando na súa alínea 1) que a efectividade do dereito ás

prestacións de dependencia se exercitarán de acordo co seguinte calendario a partir do 1 de xaneiro de 2007: o grao I, nivel 2, entrará en vigor no quinto e sexto ano de aplicación da lei, é dicir, anos 2011 e 2012. Polo tanto ata o 30 de novembro de 2009, data da segunda solicitude de revisión, a solicitante non tiña recoñecido un grao e nivel que estivera en vigor.

Aínda que o Decreto 15/2010 do 4 de febreiro, derroga o Decreto 176/2007, do 6 de setembro, aos trámites realizados en relación con este expediente aplícaselles o disposto neste último, tal e como sinala a disposición transitoria primeira do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.

O artigo 14.4 do Decreto 176/2007, do 6 de setembro, sinala que a resolución de dependencia deberá ditarse e notificarse á persoa solicitante no prazo máximo de seis meses computados a partir da data de entrada da solicitude (neste caso de revisión). A resolución emitiuse catro meses despois da solicitude polo que os prazos se cumpriron.

O expediente de D.^a E. logo de recoñecer a súa dependencia en grao III, nivel 1, está en fase de tramitación para a elaboración do programa individual de atención, respectando a orde de prelación na instrución do procedemento.”

Desa información deducíase que a dependente xa tiña un grado III e nivel 1 dende marzo do presente ano, e que dende entón non se resolvera o PIA, a pesar de que este debiera aprobarse no prazo de 3 meses. Por iso requirimos información complementaria, que se recibiu recentemente co seguinte contido:

“Ante a queixa presentada por D.^a M. M. M., núm. expediente G.6.Q/1586/10, con relación ao caso sobre dependencia de D.^a E. M. e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Este expediente, logo de recoñecida a súa dependencia en grao III, nivel 1, con efectos do 30/11/2009, segue en fase de tramitación para a elaboración do seu programa

individual de atención, respectando a orde de prelación na instrución do procedemento tal e como sinala o artigo 34 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.”

Coa información agora proporcionada segue a descoñecerse a data na que finalmente se aprobará e dará efectividade ao PIA, e iso a pesar de que, como sinalamos na nosa anterior comunicación dirixida á Consellería, a revisión da valoración da dependente, de marzo do presente ano, ten recoñecido un grado III e nivel 1, e o PIA debera aprobarse no prazo de 3 meses dende esa valoración, de acordo co previsto no Decreto 15/2010, aplicable neste trámite aínda pendente (disposición adicional primeira). Isto sucede a pesar de que se trata dunha gran dependente, que por esa razón ten preferencia no seu procedemento e atención (art. 3.q LD).

Confírmase o motivo da queixa, isto é, o atraso na atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia dunha gran dependente, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: resposta pendente.

52- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar el 14 de diciembre de 2010 debido a un procedemento de dependencia (Q/2118/09).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.^a N. G. N. relativo ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que no mes de marzo do presente ano se aprobaron ás solicitudes relativas á lei de dependencia (debe referirse ás valoracións) de D. C. C. E., con DNI ... -núm. expte. ...-, e D.^a J. P.C., con DNI ... – núm. expte. ...-. Sen embargo, aínda non recibiron as prestacións correspondentes.

Ante iso solicitamos informe a ese órgano, que respondeu con moitísimo atraso, ata ao punto de que foi preciso reiterar en numerosas ocasións o requirimento de informe e aínda recordar á Consellería o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertirla da súa posible declaración como hostil e entorpecedora do labor da institución. Na resposta sinalouse o seguinte:

*“INFORME SOBRE A TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES X E Y.
SOLICITANTE: SECRETARÍA XERAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E
BENESTAR*

FEITOS

1. O 26/11/2009 e o 30/3/2010 a Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar require informe deste departamento co obxecto de contestar ó Valedor do Pobo respecto da queixa presentada por N. G. N. respecto da situación do expediente 15660, correspondente a C.r C. E.e do expediente ..., correspondente J.P. C...

2. O 29/07/2008 preséntase a solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia de C. C. E., con DNI ...(en diante o solicitante).

3. Na solicitude noméase como gardadora de feito a súa filla C.C.P., con DNI ...Z, coa que convive o solicitante.

4. O 14/11/2008 recíbese informe social correspondente ao expediente, no que se valora como positivo pola traballadora social a libranza de coidados no contorno familiar.

5.- O 20 de marzo de 2009 o delegado provincial da Igualdade e do Benestar de Pontevedra resolve recoñecerlle ao solicitante un grao II, nivel I de dependencia (escrito con data de rexistro de saída 6/4/2009). A data de notificación non consta no expediente.

6.- O 29/7/2008 preséntase a solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia de J. P. C., con DNI ... (en diante a solicitante).

7.- Na solicitude noméase como gardadora de feito a súa filla C.C.P., con DNI ... coa que convive a solicitante.

8.- O 14/11/2008 recíbese informe social no que se sinala que a solicitante percibe como recurso un cheque de axuda no fogar de tres horas á semana no que a traballadora social valora como positivo a libranza de coidados no contorno familiar.

9. Con data de 9 de marzo de 2009 o órgano técnico de valoración da situación de dependencia de Vigo emitiu un ditame técnico facultativo no que sinalou os servizos ou prestacións que se poden requirir.

10. O 12 de marzo de 2009 o delegado provincial da Igualdade e do Benestar de Pontevedra resolve recoñecerlle á solicitante un grao II, nivel 1 de dependencia (escrito con data de rexistro de salda 26103/2009) . A data de notificación non consta no expediente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Aínda que o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, derroga o Decreto 176/200, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, manteñen a súa validez e réxense por ela, tal e como dispón a disposición transitoria primeira do Decreto 15/2010. De acordo coa dita disposición, aos actos posteriores aplícaselles o novo procedemento.

O prazo para resolver e notificar unha solicitude de recoñecemento da situación de dependencia é de seis meses dende a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, de acordo co artigo 14.4 do Decreto 176/2007, do 6 de setembro. No caso que nos ocupa, o expediente ...correspondente a C. C. P., este prazo que remataba o 29/1/2009 non se cumpriu. No segundo caso que nos ocupa, o expediente correspondente J.P. C., este prazo que remataba o 29/10/2009 tampouco se cumpriu.

O prazo para aprobar a resolución do programa individual de atención (PIA) é de seis meses dende a notificación da resolución de grao e nivel, de acordo co artigo 14.7 do decreto 176/2007. En ambos os dous casos que nos ocupan, a pesar de que na disposición final primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, se establece que para os graos II, nivel 1, a efectividade do dereito ás prestacións de dependencia se producirá no período 2009-2010, debido á non dispoñibilidade orzamentaria, esta aínda non tivo lugar.

INFORME

Os expedientes número ... e ... que corresponden a C. C. P. e J. P. C., respectivamente, atópanse pendentes de aprobación do PIA, á espera de dispoñibilidade orzamentaria.”

A información confirmaba o exposto polo interesado na queixa, isto é, que os expedientes se atopaban demorados, posto que foron iniciados en xullo de 2008 e aínda non se resolveran. Ademais, o informe non resultaba adecuado en canto ao prazo de resolución dos PIA que sinala, 6 meses, posto que en canto aos prazos dos trámites pendentes se ten que aplicar o novo decreto 15/2010, que sinala un de 3 meses (disposición adicional primeira). Por tanto, o prazo xa vencera hai moito tempo, dado que as valoracións son de marzo de 2009. O informe sinalaba que *o prazo para aprobar a resolución do programa individual de atención é de seis meses dende a notificación da resolución de grao e nivel, de acordo co artigo 14.7 do decreto 176/2007*, o que era incorrecto. Á vista diso de novo nos diriximos á Consellería, que tamén neste caso respondeu cun atraso considerable. A resposta foi a seguinte:

“En resposta aos escritos da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, recibidos neste Departamento Territorial de Vigo o 24/8/2010, 27/9/2010, e 5/11/2010, nos que se solicita aclaración sobre a tramitación dos expedientes de C.C. E. (...) e J. P.C. (...), e para evitar reiteracións innecesarias, remítome ao xa sinalado no informe de data 16 de xuño de 2010, enviado o 18/6/2010, xa que non aconteceu ningún cambio na situación do expediente do solicitante.

Cómpre sinalar, que o único motivo polo que non se aprobaron as resolucións de programa individual de atención destes expedientes, foi que debido a falta de orzamento, se lle deu prioridade absoluta aos grandes dependentes (grao III). En efecto, cómpre engadir, que estes expedientes se atopan na mesma situación que todos os graos II, nivel 1, xa que ata agora non se aprobou ningún grao II, nivel 1 de dependencia.

Precisamente, a falta de orzamento determina tamén a imposibilidade de sinalar o momento no que se aprobará finalmente o programa individual de atención.”

Así pois, a Consellería segue sen concretar a data na que finalmente se resolverá sobre os dous PIA pendentes; unicamente indica que o motivo da falta de resolución é a falta de orzamento e a prioridade que por esa razón se dá aos grandes dependentes. Sen embargo, os PIA para este tipo de dependentes, os de grao II e nivel 1, deberan aprobarse nos prazos regulamentariamente previstos, e ter efectividade entón se xa comezara o prazo de acordo co calendario, neste caso dende o 1 de xaneiro de 2009. Ademais, tal e como subliñamos no requirimento de información complementaria, o PIA debe resolverse no prazo regulamentario actual, 3 meses dende a valoración (DT 1ª do Decreto 15/2010). O indicado pola Consellería non resulta xustificación para a falta de efectividade dos dereitos dos dependentes *severos*; a preferencia legal dos *grandes dependentes* e en xeral dos graos e niveis superiores non debe entenderse como xustificación da demora na efectividade dos actuais dereitos dos dependentes *severos*.

Confírmase o atraso do procedemento de valoración das situacións de dependencia e de posterior atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, coma o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados

conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

O expediente debера atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente aos cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os familiares e *coidadores* mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre os expedientes obxecto da presente queixa, relativos ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopan demorados, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral aos cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: Pendente

53- Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 27 de decembro de 2010 debido un procedemento de dependencia (Q/2081/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D^a C.M. F. debido ao retraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que encóntrase en trámite o expediente de dependencia ... , sobre recoñecemento de situación de dependencia e de prestación do seu pai, D. G. M.C., que ten 88 anos e encóntrase afectado dunha grave enfermidade que o ten encamado, precisando da asistencia continua dunha terceira persoa, atención que lle vén sendo prestada durante as 24 horas por ela, o que lle impide a realización de calquera outra actividade. O expediente iniciouse o 05-03-09, recaendo resolución de 15-10-09 que recoñeceu a D. G. un GRADO III e NIVEL 1. Pese ao tempo transcorrido a Consellaría de Traballo aínda non aprobou o Programa Individual de Atención correspondente, o que impide á comparecente percibir as prestacións económicas establecidas pola Lei, tan necesarias no presente caso, dadas as necesidades do dependente e a imposibilidade da comparecente de realizar actividade remunerada algunha ao requirir aquel da súa atención continua, segundo sinala. Solicitada en varias ocasións información sobre a situación do expediente, o persoal do Departamento Territorial da Coruña da Consellería sempre informa de que o expediente está en trámite, á espera de que se resolvan outros expedientes previos, pero sen ofrecer unha data aproximada para a súa finalización ou aprobación.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que xa nola remitiu. Na mesma sinálase o seguinte:

“Ante a queixa presentada por D. C. M. F., nº expediente G.6.Q/208/10, con relación ao caso sobre dependencia de D G. M. C., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data de solicitude: 3/03/2009

Data resolución grao/nivel: 15/10/2009 111-I

Con data 14/04/2010 emítese a proposta do programa individual de atención na que se propón a libranza de coidados no entorno familiar, propoñendo como coidadora a C. M. M. F..

O artigo 5.2 sinala que de conformidade co artigo 14 da Lei 39/2006, de 14 de decembro, os servizos de catálogo terán carácter prioritario e prestaranse a través da oferta pública da rede de servizos sociais pola comunidade autónoma mediante centros e servizos públicos ou privados concertados debidamente acreditados. De non ser posible algún destes servizos procederá o recoñecemento da prestación económica.

O artigo 34 do Decreto 15/2010 de 4 de febreiro establece que o procedemento de elaboración do programa individual de atención será ordenado en función do calendario de implantación previsto na disposición derradeira primeira da Lei 39/2006 de 14 de decembro, de ser o caso, e en función da prioridade no acceso aos servizos, segundo o artigo 14.6º da dita lei, que virá determinado polo maior grao e nivel de dependencia, e a igual grao e nivel, pola menor capacidade económica do solicitante.

Este expediente, unha vez recoñecida a súa situación de dependencia en grao III nivel 1, está en fase de tramitación para a elaboración do seu Programa Individual de Atención, respectando a orde de prelación na instrución do procedemento establecida no artigo 34 do citado Decreto 15/2010 e en función da dotación presupostaria existente.”

Coa información transcrita se confirma o expresado pola interesada na súa queixa, isto é, que o expediente se atopa demorado, posto que foi iniciado en marzo de 2009 e aínda non finalizouse. A Consellería non da conta da aprobación e efectividade do PIA pendente, sen que tampouco se anuncie cando se aprobará, a pesar de que expresamente se requiría información ao respecto. Por tanto, continúa a incerteza respecto do momento en que finalmente se aprobará e dará efectividade ao PIA. O anterior sucede a pesar de que o afectado é un *gran dependente* e debera ter preferencia (art. 3 q LD).

Tanto o anterior Decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o

servizo ou a prestación a través do chamado Programa Individual de Atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Este prazo resulta aplicable ao trámite pendente, posto que os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto “rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores” (disposición transitoria primeira).

O expediente debера atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente aos cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da presente queixa, relativo ás prestacións derivadas da Lei de Dependencia para un gran dependente, posto

que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral aos cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: Pendente

1.8 ÁREA DE EMIGRACIÓN E TRABAJO

1.8.1 INTRODUCCIÓN

No transcurso do ano 2010 nesta área, que comprende as materias de emigración, traballo e seguridade social, recibimos 62 queixas. Se facemos unha desagregación por materias constatamos que soamente 9 se referían a cuestións relacionadas coa emigración, o que supón un 14% do total, 39 se referían a traballo, cunha porcentaxe do 63%, e 14 a seguridade social, cunha porcentaxe do 23%. Das 62 queixas recibidas, 22 foron admitidas a trámite; destas concluímos 18, e 4 continúan en trámite. Das 40 restantes, 27 remitímolas ao Defensor del Pueblo, porque se referían a cuestións competencia de órganos da Administración Xeral do Estado, e así se lle participou ao autor de cada queixa. As 13 restantes non puideron ser admitidas a trámite dado o seu contido; agora ben, aos seus autores informámoslles das razóns polas que a súa queixa non podía ser atendida por esta institución. Tamén tramitamos e concluímos 1 queixa do 2007, 2 do 2008, e do 2009 concluímos as 14 que foron obxecto de tramitación.

A emigración e inmigración

A Constitución española establece no seu artigo 13.1 que os estranxeiros gozarán en España das liberdades públicas que garante o seu título primeiro nos termos que establezan os tratados e a lei; e no seu artigo 42, que o Estado velará especialmente pola salvagarda dos dereitos económicos e sociais dos traballadores españois no estranxeiro e orientará a súa política cara ao seu retorno.

España tradicionalmente era un país de emigración. Agora ben, despois da súa integración na Unión Europea pasou a ser un país de inmigración. Como consecuencia diso procedeuse, a través da denominada Lei de estranxeiría (Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social), a regular o conxunto de dereitos, liberdades e obrigacións que se lle recoñecen aos estranxeiros. No artigo 3 desta lei establécese o seguinte: *“1. Os estranxeiros gozarán en España dos dereitos e liberdades recoñecidos no título I da Constitución nos termos establecidos nos tratados internacionais, nesta lei e nas que regulen o exercicio de cada un deles. Como criterio interpretativo xeral, entenderase que os estranxeiros exercitan os*

dereitos que lles recoñece esta lei en condicións de igualdade cos españois. 2. As normas relativas aos dereitos fundamentais dos estranxeiros serán interpretadas de conformidade coa Declaración Universal de Dereitos Humanos e cos tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias vixentes en España, sen que poida alegarse a profesión de crenzas relixiosas ou conviccións ideolóxicas ou culturais de signo diverso para xustificar a realización de actos ou condutas contrarios a elas". Esta lei foi reformada polas leis orgánicas 8/2000, do 22 de decembro; 11/2003, do 29 de setembro; 14/2003, do 20 de novembro; e 2/2009, do 11 de decembro.

Consideramos conveniente destacar que no 2008, mediante Real decreto lei 4/2008, do 19 de setembro, se estableceu a modalidade de pago anticipado e acumulado da prestación por desemprego a favor de traballadores estranxeiros non comunitarios que retornen voluntariamente aos seus países de orixe. Mediante o Real decreto 1800/2008, do 3 de novembro, procedeuse ao desenvolvemento do dito real decreto lei. Ademais, a través da orde ministerial INT/2058/2008, do 14 de xullo, modificouse a OM do 7 de febreiro de 1997, reguladora da tarxeta de estranxeiro, no concernente ao número de identidade estranxeiro, e a través da Orde ministerial TAS/711/2008 modificouse a OM TAS/3698/2006, pola que se regula a inscrición de traballadores estranxeiros non comunitarios nos servizos públicos de emprego e nas axencias de colocación.

Polo que se refire aos nosos emigrantes no exterior, pola Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Emigración, promóvense distintos programas e proxectos de integración e de axudas a emigrantes retornados, tanto para retornar a Galicia de forma definitiva como para visitala, así como bolsas de estudos, programas de campamentos, subvencións e outro tipo de axudas para a realización de accións de acollida e integración, así como axudas aos galegos residentes no exterior.

A título de exemplo destacamos que mediante resolución do 16 de febreiro de 2010 (DOG 35, do 22 de febreiro de 2010), da Secretaría Xeral de Emigración, se estableceu e se regulou o programa de axudas económicas individuais a galegos residentes no exterior; e mediante resolución do 12 de abril de 2010 (DOG 72, do 19 de abril de 2010), da Secretaría Xeral de Emigración, reguláronse axudas extraordinarias a emigrantes

galegos retornados e aos seus familiares para 2010. Así mesmo, por resolución do 9 de xuño de 2010 (DOG 113, do 16 de xuño de 2010), da Secretaría Xeral de Emigración, establecéronse axudas correspondentes ao programa “Reencontros na terra” para emigrantes galegos residentes en América; e mediante resolución da mesma Secretaría Xeral do 16 de xuño de 2010 (DOG 119, do 24 de xuño de 2010) establecéronse tamén axudas correspondentes ao programa “Vén a Galicia, Ben en Galicia”, para emigrantes galegos residentes en Europa ou que residan noutra comunidade autónoma.

Traballo e Seguridade Social

De conformidade co establecido na Constitución española, o Estado ten competencia exclusiva sobre a lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas (artigo 149.1.7º).

O artigo 29.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia dispón que corresponde á Comunidade Autónoma a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, competencias e servizos que neste ámbito, e a nivel de execución, ten actualmente o Estado con respecto ás relacións laborais, sen prexuízo da alta inspección deste. Así mesmo, o artigo 33.2 do Estatuto establece que en materia de Seguridade Social corresponderá á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado, salvo as normas que configuran o seu réxime económico.

1.8.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

Como adiantamos, no 2010 recibimos nesta área 62 queixas, cuxo estado de tramitación é o seguinte:

Iniciadas	62	
Admitidas	22	35%
Non Admitidas	13	21%
Remitidas ao Defensor del Pueblo	27	44%

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	18	82%
En trámite	4	18%

Ao longo do 2010 tamén foron obxecto de trámite varias queixas presentadas en anos anteriores. O seu estado é o seguinte:

Ano de presentación	En trámite ao 31-12-2009	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-2010
2007	0	1	1	1	0
2008	2	0	2	2	0
2009	7	7	14	14	0

1.8.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

Como pode observarse no anterior cadro, no 2010 foron admitidas a trámite un total de 22 queixas (35 % do total), e destas concluíronse 18 (82%).

Emigración

No 2010 recibimos algunhas queixas formuladas por emigrantes ou fillos de emigrantes solicitando na maioría dos casos axuda para obter documentos relativos a antepasados galegos seus e que no seu día emigraran a países de Hispanoamérica, ou ben acerca de axudas a favor de emigrantes ou dos seus descendentes. Nestes casos informóuselles dos trámites a realizar, e cando foi posible realizáronse as xestións pertinentes tendentes á consecución dos documentos solicitados.

Traballo e Seguridade Social

Varias das queixas presentadas referíanse a cuestións cuxa competencia corresponde ao Servizo Público de Emprego Estatal, tales como as referidas a prestacións por desemprego, e outras a actuacións do Instituto Nacional da Seguridade Social, polo que nos vimos obrigados a remitilas ao Defensor del Pueblo, por se trataren de organismos da Administración Xeral do Estado.

Recibimos varias queixas sobre cursos de formación para desempregados e escolas-taller. Nunha delas o seu autor manifestaba que era capitán da Mariña Mercante en situación de desemprego, e aínda que había tres anos que a administración autonómica asumira as competencias para a formación de desempregados que estaban cobrando prestacións, sen embargo non se estaban convocando os correspondentes cursos, obrigatorios para poder embarcar de novo. Ante esta queixa solicitamos información da Consellería de Traballo e Benestar, indicándonos que por Real decreto 553/2006, do 5 de maio, se traspasaron á Comunidade Autónoma as funcións e servizos en materia educativa, de emprego e formación profesional ocupacional encomendadas ao Instituto Social da Mariña, pero non os centros onde se impartía a formación, que precisan dunhas instalacións específicas que deben ser sometidas a un complexo proceso de homologación da Mariña Mercante. Ante esta situación leváronse a cabo distintas actuacións; en primeiro lugar iniciouse o proceso de homologación por parte da Mariña Mercante do Centro de Formación da Consellería en Bueu en determinadas especialidades, que xa están homologadas; a continuación mantivéronse conversacións co ISM para intentar dar formación a través das súas instalacións aos galegos en situación de desemprego mentres a Comunidade Autónoma non estivese en disposición de impartila nos seus propios centros, prevíndose que nun prazo relativamente curto de tempo todos os desempregados puideran acceder á formación náutico-pesquera. Noutra queixa a súa autora manifestaba o seu malestar porque se lle informaran de que ían denegar o título do curso “Técnico superior de enerxías renovables” por faltar en dúas ocasións a clase nun dos módulos. Na información que nos foi facilitada pola Consellería de Traballo e Benestar faise constar que a información dada á alumna fora errónea, debido a un fallo na interpretación da norma que regula o dereito á obtención de diplomas en cursos de formación que non teñen

asociado un certificado de profesionalidade, polo que a alumna terá dereito á obtención do diploma acreditativo da formación, sempre que asista ás horas lectivas restantes e supere con aproveitamento a avaliación final. Noutra queixa de contido similar o seu autor tamén manifestaba o seu malestar pola información que se lle facilitara ao incorporarse a un curso de electricista de edificios que xa comezara, indicándoselle entón que bastaba con facer o 75% do curso. Na información exhaustiva que se nos remitiu, entre outras cuestións faise constar que se trata dunha especialidade que permitirá obter un certificado de profesionalidade cando o alumno realice o itinerario completo con avaliación positiva, é dicir, supere todos os módulos formativos asociados a cada unha das unidades de competencia que configuran ese certificado de profesionalidade. Agora ben, o autor da queixa incorporouse ao curso cando xa estaba finalizado o primeiro módulo formativo asociado á primeira unidade de competencia, e despois abandona o curso antes de finalizar a totalidade dos módulos formativos asociados á última unidade de competencia. A primeira unidade de competencia tiña un total de 200 horas e deberían ser cursadas polo menos 150 horas para poder acabala con aproveitamento, e cando se incorporou xa se impartiran máis do 75% das horas que corresponderían a esa unidade, polo que xa non podería obter o aproveitamento desa unidade de competencia e non se lle podería outorgar o diploma oficial aínda que chegase a finalizar o curso. Non obstante, si sería posible emitirlle, despois da súa solicitude, certificación das horas e os módulos aos que asistiu. Polo tanto, non ten dereito á expedición do correspondente certificado de profesionalidade, pois non completou todo o itinerario formativo, requisito esencial para a súa obtención.

En materia de axudas para a promoción de emprego destacamos dúas queixas, unha do 2009, na que a súa autora, beneficiaria dunha subvención, manifestaba o seu malestar polo atraso na súa resolución. Do informe facilitado desprendíase que a documentación presentada pola interesada para xustificar o investimento realizado para a creación dunha empresa por parte dunha muller non permitía aboarlle a totalidade da cantidade inicialmente prevista, polo que se lle notificara unha resolución de minoración; despois de realizar os trámites e comprobacións pertinentes procederíase ao pagamento da subvención. En cambio, na outra queixa, do 2010, a súa autora manifestaba a súa desconformidade porque lle revogaran unha axuda de promoción de emprego autónomo, que lle concederan. Da información facilitada pola administración autonómica

desprendíase que o motivo de tal revogación estaba en que a autora da queixa non xustificaran o pago dos gastos obxecto da subvención, mediante o pertinente xustificante bancario acreditativo do seu aboamento, tal como estaba establecido na orde do 21 de abril de 2008 na que se establecían as bases reguladoras do programa para a promoción de emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Por último debemos destacar que a través da nosa xestión se conseguiu que a administración solventase certas deficiencias que se produciran. Así, por exemplo, un reclamante manifestou o seu malestar polo trato recibido nunha oficina do Servizo Público de Emprego Estatal en Ourense, á que acudira a solicitar un certificado de non ser beneficiario de ningunha prestación por desemprego e que se lle fora denegado dicíndolle que o programa informático non o permitía. Segundo a información facilitada pola directora da oficina, non había ningunha razón que impedise emitir o certificado; só unha falta de entendemento por parte da persoa que o atendeu pode explicar o sucedido, pois é bastante frecuente a expedición de certificados de forma “manual”, cando os datos que o interesado quere que se certifiquen non figuran nos certificados que xera o sistema. A directora tamén manifestaba que lamentaba as molestias que lle ocasionaran ao autor da queixa e trasladaba as súas desculpas polo acontecido, engadindo que estaba á súa disposición para calquera aclaración.

1.8.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Como expresamos na introdución, durante 2010 non foron admitidas a trámite 13 queixas debido ao seu contido (21% do total). Non obstante, aos autores de cada unha destas queixas informóuselles das causas polas que a súa queixa non podía ser obxecto de tramitación por esta institución. As causas polas que non foron admitidas a trámite foron as seguintes:

A) Non actuación administrativa previa

Non foron admitidas a trámite 5 queixas por esta causa, posto que do seu estudo se desprendía que os seus autores aínda non se dirixiran á administración afectada, ou

había moi pouco tempo que se dirixiran a ela. En consecuencia, informámoslle que deberían dirixirse á dita administración ou ben esperar a que esta examinase as súas alegacións e puidese adoptar a resolución correspondente.

B) Intervención xudicial

Tivemos que participarlle aos autores de 4 queixas que non podíamos admitir a trámite a súa queixa, porque ou estaban pendentes da correspondente resolución xudicial, ou xa se producira o pronunciamento do xuíz ou tribunal, ou o asunto sometido a nosa consideración debía plantexarse ante os organismos xudiciais competentes.

C) Non competencia do Valedor

En tres queixas tivemos que participarlle aos seus autores que non podíamos admitir a trámite a súa queixa á vista de que a cuestión que expuña no seu escrito quedaba fóra das competencias do Valedor.

D) Relación xurídico privada

Nunha queixa comprobamos que o asunto tiña un carácter netamente privado e, en consecuencia, tivemos que abstermos de intervir.

1.8.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

Das 27 queixas remitidas ao Defensor del Pueblo por tratarse de actuacións da Administración Xeral do Estado, 10 referíanse a cuestións relacionadas coas competencias do Instituto Nacional da Seguridade Social, 13 facían referencia a materias relativas ao Servizo Público de Emprego Estatal, 3 facían referencia a cuestións que afectaban a estranxeiros inmigrantes, e 1 a un español que emigrara ao estranxeiro.

1.9 ÁREA DE SANIDADE

1.9.1 INTRODUCCIÓN

1. O sistema de protección da saúde

Segundo o diccionario da Real Academia Española, a saúde é *o estado en que o ser orgánico exerce normalmente todas as súas funcións*; e de acordo coas definicións contidas na Lei de saúde de Galicia é *o estado da persoa que lle permite realizar as funcións vitais e sociais propias da súa idade, adaptarse e superar dificultades de forma socialmente aceptable e persoalmente satisfactoria*. Este concepto inclúe, por tanto, os aspectos físicos, psíquicos e sociais.

O dereito á saúde é un dos dereitos básicos, sen o que é imposible, ou desde logo moi difícil, poder acceder a outros dereitos. A saúde percíbese como o primeiro e maior ben dos seres humanos; por iso, a súa protección pasa a ser unha política xeral e un dos alicerces fundamentais do *estado do benestar*.

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos desenvolve este dereito no seu artigo 25, cando di que *toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como a súa familia, a saúde e o benestar*.

O Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, da que España forma parte, no seu artigo 152 establece que ao definirse e executarse todas as políticas e accións da Comunidade garantírase un alto nivel de protección da saúde humana. Así mesmo, que a acción da Comunidade, que se complementará coas políticas nacionais, se encamiñará a mellorar a saúde pública, previr as enfermidades humanas e evitar as fontes de perigo para esta, acción que abranguera a loita contra as enfermidades máis graves e difundidas, apoiando a investigación da súa etioloxía e a súa prevención, así como a información e educación sanitaria.

A Constitución española no seu artigo 43 reconece o dereito dos cidadáns á protección da saúde, responsabilizando os poderes públicos da organización e a tutela da saúde pública a través das medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.

De conformidade co Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 33.1) corresponde a esta Comunidade a plena capacidade para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado na materia de sanidade interior.

Neste momento encóntrase en vigor a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que ten *por obxecto a regulación xeral de todas as accións que permitan facer efectivo, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, o dereito constitucional á protección da saúde no marco das competencias que lle atribúe o Estatuto de Galicia, mediante a ordenación do sistema de saúde de Galicia, que comprende os sectores sanitarios público e privado, e a regulación do sistema público de saúde de Galicia e dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía galega, así como dos instrumentos que garanten o seu cumprimento.*

O sistema de saúde de Galicia defínese no artigo 3 da citada lei como o *conxunto de recursos, actividades, servizos e prestacións, públicos e privados, cuxa finalidade é a promoción e protección da saúde, a prevención da enfermidade, a asistencia sanitaria, a rehabilitación e a reinserción social, todo iso baixo unha perspectiva de asistencia sanitaria integral e funcionalmente articulada.*

Na dita lei plásmanse os principios da sanidade galega; os de integración funcional de todos os recursos sanitarios públicos, participación dos profesionais no sistema sanitario, promoción do uso racional dos seus recursos, acreditación e avaliación continua dos servizos de saúde e sanitarios, descentralización, desconcentración e autonomía da xestión de recursos.

A nova lei centra o modelo de saúde na cidadanía e, de feito, tradúcese nun aspecto formal, xa que no seu título I se recollen e establecen os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, cunha pormenorizada relación, estruturación e clarificación dos

mesmos. Contémplanse de maneira nova os dereitos relativos ao acompañamento do paciente e a súa autonomía, os de poder dispoñer dos tecidos e mostras biolóxicas para unha posible segunda opinión médica, ou que se proceda á súa eliminación.

O dereito á protección da saúde e á atención sanitaria con cargo a fondos públicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e de cobertura universal garántese a todas as persoas que residan nos seus municipios, é dicir, o carácter público e a gratuidade do sistema.

A atención sanitaria debe entenderse como de calidade, total, en todos os aspectos e durante todas as etapas da súa vida, e, sobre todo, rápida. Efectivamente, a atención debe de ser de calidade; deben ampliarse os equipos e poñer á súa disposición todos os recursos materiais precisos, incluídos os máis innovadores.

A atención ha de ser total; deberá prestarse durante todas as etapas da vida das persoas, tendo presente que, na actualidade, o desenvolvemento da nosa sociedade provoca un maior envellecemento da nosa poboación, o que obriga, á súa vez, que deba necesitar unha maior asistencia sanitaria. Tamén ha de ser integral; cada persoa ten dereito a unha protección da saúde mediante un tratamento completo e personalizado, e que se ocupe tanto da súa saúde física como psíquica ou mental. Por último, a asistencia ha de ser rápida; como veremos posteriormente, prodúcense excesivas demoras en calquera tipo de nivel e especialidade asistencial.

O catálogo de prestacións sanitarias é o conxunto de servizos preventivos, diagnósticos, terapéuticos, rehabilitadores e de promoción e mantemento da saúde da cidadanía, cuxo obxecto é garantir as condicións básicas e comúns para unha atención integral, continuada e no nivel adecuado. O catálogo de prestacións está definido na lei e comprende as de saúde pública, as de atención primaria, especializadas, de urxencias e emerxencias, sociosanitaria, farmacéuticas, ortoprotésicas, de transporte sanitario, produtos dietéticos e complementarias. Deixan de ser consideradas prestacións independentes, como estaban recoñecidas na precedente lei, a saúde mental e a atención ás drogodependencias, que se incorporan como calquera outro aspecto da saúde. A atención pediátrica, a

fisioterapia e a atención á saúde bucodental inclúense como modalidades de atención primaria.

2. A atención primaria e a asistencia especializada

A atención primaria, como primeiro nivel de atención do sistema sanitario, desempeña un papel primordial nel. É o máis accesible ao cidadán e condiciona o acceso racional á atención especializada. É o primeiro contacto do paciente co sistema e ao tratar os problemas de saúde dunha forma integral contribúe a mellorar o nivel da mesma da poboación.

A atención primaria, como di a Lei 8/2008, de saúde de Galicia, caracterízase por un enfoque global e integrado da atención e por asumir un papel orientador e de canalización da asistencia requirida polo paciente en calquera punto da rede sanitaria ou sociosanitaria.

Foi un elemento clave no *sistema nacional da saúde* en España, pero o transcurso dos anos fai pensar na necesidade da súa modificación. O importante documento auspiciado polo anterior Ministerio de Sanidade e Consumo en outubro de 2006, denominado “*Estratexias para la atención primaria del siglo XXI*” (Proxecto AP21), realiza unha valoración da situación, sinalando a estratexia da súa mellora, ao que obrigan os cambios experimentados na nosa sociedade (envellecemento, incremento das situacións de dependencia, existencia dos usuarios na recepción do servizo, aumento da poboación inmigrante...) e sobre todo o incremento da carga de traballo dos profesionais encargados dela.

Pola súa parte, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) asinan coas organizacións integrantes da Plataforma 10 minutos e outros colectivos profesionais e sindicais, o *Plan de Mellora da Atención Primaria de Galicia 2007-2011* en de abril de 2007. Nel preténdese a modernización da atención primaria, o que exige novas

formas de traballo, que deben estar marcadas por criterios de calidade e de orientación ao paciente. Céntrase en tres áreas estratéxicas claves: a calidade dos servizos, a capacidade de resolución e a continuidade asistencial, todo o que, necesariamente ten que levar aparellada unha mellora da organización da atención primaria.

Non se pon en dúbida a calidade dos servizos que o sistema público sanitario oferta e a capacidade de resolución da atención primaria, na que se resolven diariamente non menos do 85% dos problemas de saúde da poboación. Pero, como se recoñece no plan, en parte desaténdese a promoción da saúde e a prevención das enfermidades, aspectos moi importantes que se pretenden fomentar. Recoñécese no plan que a continuidade asistencial e a coordinación entre a atención primaria e a especializada non están ben resoltas, polo que é necesario acometer a coordinación e comunicación entre elas, de forma que o cidadán non perciba interrupción entre os seus coidados e tratamento.

Pola súa parte, a atención especializada é o nivel de asistencia que, despois de superadas as posibilidades de diagnóstico e tratamento da atención primaria, se caracteriza por unha alta intensidade dos coidados requiridos ou pola especificidade do coñecemento e/ou a tecnoloxía que os pacientes precisan para a súa adecuada atención sanitaria.

3. O estado das listas de espera

O artigo 12.2 da Lei de saúde de Galicia recoñece o *dereito a obter unha garantía de demoras máximas, de modo que determinadas prestacións sanitarias financiadas publicamente lles sexan dispensadas nuns prazos previamente definidos e coñecidos*. Ademais, as esperas para recibir as prestacións sanitarias encóntranse reguladas no noso ordenamento coas seguintes normas:

1.- Orde do 19 de maio de 2003, da Consellería de Sanidade, normalízase o sistema de información e control da demanda de actividade programada de hospitalización, cirurxía e salas na rede de hospitais do SERGAS, disposición na que se establece que o rexistro de pacientes en espera inclúe a todos os que están pendentes da prestación dun servizo asistencial, con prescrición non urxente dunha atención médica indicada por un

facultativo e aceptada polo paciente, para a que está prevista a utilización dun recurso dependente do hospital (propio ou concertado). Esta disposición foi modificada por outra do 13 de maio de 2005.

2.- Real decreto 605/2003, do 23 de maio, polo que se establecen medidas para o tratamento homoxéneo da información sobre as listas de espera no Sistema Nacional de Saúde, tanto das consultas externas, como das probas diagnósticas e as intervencións cirúrxicas, co fin de alcanzar un tratamento homoxéneo que permita unha análise dos seus resultados, garantindo a transparencia e uniformidade na información facilitada ao cidadán, estruturándoas a partir de rexistros de pacientes con indicadores básicos que permitan a homoxeneidade na avaliación global obxectiva, con mellora da súa xestión.

3.- Orde do 13 de xullo de 2004 da Consellería de Sanidade, normaliza o sistema de información e control da demanda de actividade programada de consultas externas médicas da rede de hospitais do SERGAS. Partindo de que estas consultas constitúen o principal sistema de acceso dos pacientes ao hospital, para conseguir que a atención especializada sexa a máis áxil e fluída, efectúanse as definicións normalizadas de consulta externa, consulta inicial e consulta sucesiva. Así mesmo clasifícanse os pacientes en espera estrutural (cando é atribuíble á organización dos recursos dispoñibles) e non estrutural (cando é atribuíble á vontade propia do paciente).

4.- O Decreto galego 104/2005 desenvolve a garantía dos tempos máximos de espera en atención sanitaria, creando un rexistro de tempos de garantía para atención sanitaria non urxente, adscrito na Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade, e integrado co sistema de xestión de listas de espera de cada centro hospitalario. No decreto establécese que o tempo máximo de espera estrutural nas intervencións cirúrxicas será de 180 días naturais e que mediante orde se definirán os tempos máximos de acceso á carteira de servizos incluíndo os tempos máximos de espera estrutural dos servizos sanitarios de consulta, probas diagnósticas e outras modalidades asistenciais. Sinálase a forma de cómputo, e determínase a posibilidade de que, transcorridos 140 días en espera estrutural nas intervencións cirúrxicas, o usuario poderá optar por continuar na lista de espera no centro ou requirir a atención sanitaria en calquera outro centro debidamente acreditado na

Comunidade. Terao que comunicar e se llo aceptan, expresa ou tacitamente, o SERGAS asumirá o pago dos custos coas circunstancias e excepcións contidas no decreto.

Como se pode apreciar, o tratamento das listas de espera está profundamente regulado no noso ordenamento e o SERGAS ten que coordinar os recursos dos centros da rede sanitaria pública, establecendo, de ser o caso, programas de actividade extraordinaria e facilitará a utilización complementaria dos centros concertados, coa finalidade de que as atencións sanitarias programadas se realicen en tempos axustados desde o punto de vista clínico e social. En consecuencia, é necesario facer un pequeno estudo sobre o estado dos pacientes e listas de espera.

A) Consultas de especialidades médicas

Do exame dos datos que se encontran na web do SERGAS resulta que os pacientes que se encontraban pendentes de ser consultados nas diversas especialidades médicas dos distintos hospitais eran:

Pacientes en lista de espera de consultas médicas especialistas	
Data	Total
6-6-2005	197 775
31-12-2005	223 396
6-6-2006	212 390
31-12-2006	231 613
6-6-2007	223 567
31-12-2007	226 646
31-12-2008	207 047
31-12-2009	214 672
31-12-2010	209 672

Do total dos pacientes pendentes de recibir consulta médica, 53 508 dependían do CHU de Vigo, 38 811 do da Coruña e 29 904 do de Santiago, como cifras máis relevantes. Con relación a finais do pasado ano, podemos dicir que se manteñen os números da Coruña, soben en Vigo (un 6,85%), e descenden notablemente en Santiago (un 25,07%).

Deses números totais, o 73,11% (153 288) son os pacientes que se encontran en espera de 0 a 3 meses; o 20,83% (43 677) esperan entre 3 e 6 meses; o 5,95% (12 488),

entre 6 e 12 meses. Os 29 restantes (0,11%) son os únicos que superaban unha espera dun ano.

Se examinamos os datos polos distintos hospitais da rede pública galega resulta que o número de pacientes que estaban incluídos na lista de espera máis de doce meses a finais de 2010 representa un notable descenso en relación co final do ano anterior (de 390 a 29 pacientes, todos na especialidade de xinecoloxía -27 no CHUVI e 2 no Hospital da Barbanza-).

Os que se encontraban pendentes de consulta entre 6 e 12 meses son 12 488 pacientes, o que tamén significa unha diminución con relación o pasado ano, neste caso dun 7,45%. Chama a atención o número de pacientes neste tramo existente no CHU de Vigo (6139), e dentro deles os da especialidade de xinecoloxía (2122). Séguenlle o CHU da Coruña (3967) e CHU de Santiago (1.017). Neste tramo de atraso na consulta, polo que se refire ás especialidades, é significativo que 2507 pacientes (o 20,07%) son de xinecoloxía, 1335 (el 10,69%) de cardioloXía, 1331 de uroloxía, e 1231 de oftalmoloXía.

Por último, neste punto, hai que poñer de manifesto que os datos son incompletos debido a que faltan os correspondentes ao Hospital POVISA de Vigo, de titularidade privada, pero concertado co SERGAS e que ten adscrita as poboacións de Cangas, Moaña e parte de Vigo.

B) Intervención cirúrxica

Continuando co exame dos datos obrantes na web do SERGAS, polo que se refire aos pacientes que se encontran á espera dunha intervención cirúrxica, podemos obter o seguinte cadro de datos.

Pacientes en lista de espera estrutural cirúrxica	
Data	Total
6-6-2005	39 284
31-12-2005	39 512
6-6-2006	36 335
31-12-2006	33 277
6-6-2007	34 296

31-12-2007	33 436
31-12-2008	32 122
31-12-2009	35 318
31-12-2010	34 343

Do total de pacientes en lista de espera, 52 (0,15%) agardan pola súa cita máis de doce meses, que se encontran todos eles no CHU de Vigo nas especialidades de traumatoloxía (17), uroloxía (14), cirurxía xeral e dixestiva (13), otorrinolaringoloxía e xinecoloxía (1 en cada unha delas).

Os pacientes que agardan en lista de espera un período entre 6 e 12 meses totalizan 2507, é dicir, un 7,29%, manténdose as cifras con relación ao pasado ano, que se reparten entre os hospitais do seguinte modo:

PACIENTES EN ESPERA DE 6 A 12 MESES		
Hospital	Pacientes	Porcentaxe
Hospital POVISA	1577	62,90%
CHU A Coruña	445	17,75%
CHU Vigo	209	8,34%
CHU Santiago	160	6,38%
Hospital da Costa	111	4,43%
H. Monforte	4	0,16%
H. Barbanza	1	0,04%

O atraso maior por especialidades corresponde a traumatoloxía, no que esperan 840 persoas; a seguinte especialidade é a de oftalmoloxía, na que esperan 482 pacientes. Séguenlle xeral e dixestiva, con 276 pacientes; cirurxía pediátrica, con 266; cirurxía xinecolóxica, con 154; e plástica e reparadora, con 101.

Cómpre poñer de relevo que as listas de espera, en conxunto, tanto a nivel de primeira consulta como cirúrxica, son relevantemente importantes en todas as especialidades que atenden á saúde da muller, así como as que atenden a enfermos maiores (oftalmoloxía, cirurxía vascular, traumatoloxía, uroloxía), o que, en definitiva, supón un maior prexuízo para estes colectivos.

Neste punto tamén habería que sinalar que os pacientes que esperan ata tres meses a súa primeira consulta médica ou a súa cirurxía son a inmensa maioría, 153 288 (73,11%)

e 24 360 (70,93%), respectivamente. A cifra dos que teñen que esperar ata 6 meses (por tanto, inclúense os anteriores) elévase a 196 965 (94,02%) en primeiras consultas, e a 31 784 (92,55%) en estrutural cirúrxicas. Por tanto, só quedan sen recibir atención por un período superior aos 6 meses o 5,98% en primeiras consultas e o 7,45% en cirurxía.

C) primeiras probas diagnósticas

Por último, sería conveniente estudar os datos das listas de espera de primeiras probas diagnósticas. Á vista dos obtidos da mesma web, encontrámonos que existen unha totalidade de 89 714 probas pendentes de realización en todos os complexos hospitalarios dependentes do devandito SERGAS, a excepción tamén dos que puideran corresponder ás que estean en lista de espera no Hospital POVISA, xa non figuran publicados; en consecuencia, a lista de espera é superior ao número indicado.

Da totalidade das ditas probas, 32 355 (36,06%) están pendentes no CHU A Coruña, 15 743 (17,55%) no CHU de Vigo, 12 329 (13,74%) no CHU de Santiago, 5992 (6,68%) no CH Xeral-Calde de Lugo, 5651 (6,31%) no CH Arquitecto Marcide-Novoa Santos de Ferrol, 5363 (5,98%) no CH de Ourense, e 4335 (4,83%) no CH de Pontevedra.

Sen ter en conta a falta de datos correspondente ao citado hospital de Vigo, resulta que están pendentes de realización por un período superior a 12 meses un total de 2436 probas (un 2,71% do total), das que 1835 se corresponden a probas de radioloxía, 404 a diferentes estudos (sono, respiratorio, alergolóxico...), 147 de endoscopia dixestiva, e 47 de electrofisioloxía. polo que se refire ás probas de radioloxía, chaman a atención: as 885 probas pendentes de ecografía xinecolóxica, todas elas no CHU da Coruña; as 287 probas de radioloxía de mama, das que 280 o están no CHU de Vigo; as 244 resonancias magnéticas pendentes, das que 234 o están no CHU da Coruña; as 184 de radioloxía convencional, todas elas pendentes no CHU de Santiago; as 153 ecografías vasculares, das que 151 están pendentes no CH de Ourense; e as 61 ecocardiografías, das que 59 están pendentes no CHU da Coruña.

Con relación ás restantes probas, polo que se refire aos distintos estudos poñemos de relevo a cifra dos estudos do sono pendentes, 306 neste tramo de espera, dos que 190 o están no CHU da Coruña, 102 no CHU de Vigo, e os 14 restantes no CHU de Santiago.

Á vista dos datos citados, obtidos dos oficiais subministrados polo SERGAS, debemos que poñer de relevo, sen prexuízo de recoñecer o gran traballo realizado pola inmensa maioría dos profesionais sanitarios, a necesidade dunha maior dotación de medios, tanto persoais como materiais, e unha vontade política de melloras na xestión dos centros hospitalarios. É necesario aproveitar ao máximo todos os recursos existentes para rebaixar as listas de espera, tanto de primeira consulta como cirúrxicas, listas que non se presentan como uniformes en todos os centros hospitalarios, senón que cada un deles dá unha imaxe propia e determinada, ás veces mesmo dependendo da especialidade concreta, o que se pode atribuír ás circunstancias existentes no período.

4. As novidades lexislativas destacadas no ámbito sanitario

Neste punto imos comentar as leis do Parlamento de Galicia que se publicaron no 2010 e que tiveron incidencia no ámbito sanitario.

A Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade (DOG, do 28 de decembro), que entrará en vigor aos dous meses da súa publicación, ten por obxecto regular, no marco das competencias que a Comunidade Autónoma ten atribuídas estatutariamente, as actuacións e iniciativas no campo da prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade. Define as características que deberán ter as estratexias da dita prevención, de educación sanitaria e de concienciación social e das familias do grave problema xerado por este consumo. No artigo 7 da lei fíxanse os distintos ámbitos prioritarios de prevención do consumo de bebidas alcohólicas, entre os que está o sanitario, desenvolvéndose no artigo 11 os criterios dos programas de actuación ou medidas de prevención, que son:

- Implicar os profesionais sanitarios, principalmente de atención primaria, dada a súa importancia como axentes de saúde.

- Elaborar protocolos que permitan o diagnóstico precoz de consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade e establecer o desenvolvemento de materiais preventivos de apoio aos profesionais.

- Potenciar os programas de formación continuada específicos nesta materia para os profesionais de atención primaria da saúde.

- Elaborar un protocolo de coordinación sanitaria para a atención de menores de idade por intoxicación etílica para conseguir prever posibles trastornos aditivos.

A entrada en vigor desta lei permitirá incrementar a percepción do risco, así como promover a adopción de opcións persoais e de grupo encamiñada a diminuír os riscos e reducir os danos derivados dos consumos abusivos de alcohol no contexto recreativo que, para moitos grupos, especialmente os comprendidos en idades máis novas e menores de idade, supón o pracer nocturno que, necesariamente, vai unido ao consumo abusivo de alcohol. Encontrámonos cos famosos *botellóns*, forma de divertimento que pasou de ser un fenómeno social a un problema social e unha fonte de conflito. Este aspecto tratámolo de forma ampla no comentario da área C.

A outra lei importante na área sanitaria é a 12/2010, do 22 de decembro, de racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, do 28 de decembro). No seu preámbulo sinala que a CA ten a obrigação de asegurar o mantemento do sistema sanitario público, polo que se considera imprescindible e inaprazable a actuación sobre un dos puntos máis críticos que o poden ameazar na actualidade, como é o incremento do gasto da prestación farmacéutica. A lei implanta un catálogo priorizado de produtos farmacéuticos, que ten como obxectivo último o financiamento selectivo de medicamentos e produtos sanitarios dentro do nomenclátor oficial de produtos farmacéuticos elaborado polo Ministerio responsable en materia de sanidade. Elaborarase un catálogo priorizado, co criterio do menor prezo, de entre dos que teñen un mesmo principio activo, a mesma dose e presentación, e igual número de unidades por envase, que forman o conxunto de intercambio. Os medicamentos intercambiabiles posúen a mesma eficacia, seguridade e calidade.

O artigo 1 da citada lei di que o obxecto desta é establecer as medidas de racionalización do uso de medicamentos e produtos sanitarios no ámbito do SERGAS mediante a implantación dun catálogo priorizado de produtos farmacéuticos, o que se fai polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de decembro de 2010, que aproba o dito catálogo (DOG, do 31 de decembro). Na resolución establécese que o catálogo producirá os seus efectos desde o 3 de xaneiro de 2011, cun período transitorio ata o 31 de xaneiro, e producindo todos os seus efectos a partir do 1 de febreiro.

Contra a Lei 12/2010, de racionalización do gasto farmacéutico anunciouse por representantes do Ministerio de Sanidade do Goberno Central, no momento da redacción deste informe, a interposición dun posible recurso de inconstitucionalidade. De igual maneira, pola representación de industrias farmacéuticas manifestouse a posibilidade de interposición de recurso contencioso-administrativo contra a resolución do 30 de decembro de 2010 que aproba o catálogo. Haberá que esperar ao desenvolvemento dos acontecementos para poder facer un estudo sobre as repercusións da posta en marcha do catálogo de prestacións farmacéuticas.

1.9.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACION

O número de queixas correspondentes ao ano 2010 se distribúe do seguinte modo:

ANO 2010		
Iniciadas	300	
Admitidas	265	83 %
Non admitidas	16	5 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	19	7 %

Das queixas que foron admitidas, ao finalizar o ano, o seu estado é o seguinte:

ANO 2010		
En trámite	32	12 %
Concluídas	233	88 %

No relativo á situación das queixas presentadas en anos anteriores, cuxo trámite estivo activo durante o ano 2010, o cadro é o seguinte:

Ano de presentación	En trámite ao 31-12-2009	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-2010
2005	0	1	1	1	0
2007	1	0	1	1	0
2008	2	0	2	2	0
2009	34	2	36	36	0
Total	37	3	40	40	0

Se facemos un pequeno estudo comparativo co pasado ano, podemos apreciar que no 2009 ingresaran 166 queixas, polo que nos encontramos cun incremento do 80,72% no 2010.

1.9.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

Neste punto faremos mención, en distintas epígrafes, dalgunhas das que tiveron entrada e foron tramitadas nesta institución.

1. Queixas relacionadas coas listas de espera

Neste punto pouco se vai poder engadir ao xa comentado; as queixas relativas a esta materia son consecuencia da situación descrita na introducción. Ingresaron 59 queixas, un 19,66 % das iniciadas e un 22,66% das admitidas a trámite. Admítense a trámite practicamente todas, e delas a inmensa maioría (97 %) refírense á atención especializada.

O número máis importante de queixas, 17, referíronse ao CHU da Coruña. Séguenlles en número o CHU de Santiago, con 16; o CHU de Vigo, con 11; o Arquitecto Marcide de Ferrol e o CH de Ourense, con 4 cada un; 3 procedentes do Hospital de Pontevedra; 2 do Hospital de Lugo; e 1 dos hospitais de Burela e Valedoras. Na maioría dos casos os problemas solucionáronse, adiantándose a consulta ou intervención que estaba sinalada, ou sinalando a que non tiña data.

O número de queixas ingresadas por este motivo durante a anualidade que se comenta non é moi elevado. As 59 queixas por atraso nas listas de espera supoñen un 2,46% do total de queixas que tiveron entrada na institución neste período. Non obstante, existan reclamacións que poden ter outro conduto, como os servizos de atención ao paciente que existen en todos os centros sanitarios, cuxo número se descoñece e que, polo tanto, non se pode valorar.

2. Queixas relacionadas con servizos médicos

O número das queixas desta epígrafe é o máis numeroso: son 151 expedientes os que se tramitaron por reclamacións contra a rede sanitaria galega. Sen embargo, 99 trataron sobre un mesmo asunto (Q/217/10 e 98 más); solicitaban que a Consellería de Sanidade mellorara a sanidade e, en particular, a atención primaria, da zona rural de Folgoso do Courel, asegurando uns servizos básicos de proximidade en cada zona rural e prestando unha atención singular ás urxencias médicas. Tramitáronse as ditas queixas e a Consellería informou:

“A atención urxente extrahospitalaria na Comunidade Autónoma Galega foi regulada polo Decreto 172/1995, do 18 de maio, coa creación dos Puntos de Atención Continuada (PAC), e posteriormente polo Decreto 156/2005, que modifica o anterior parcialmente. Coa súa entrada en vigor, estableceuse unha normativa idónea á nova realidade de atención urxente en Galicia que recolle a necesidade de dotala duns dispositivos para prestar a dita atención urxente no ámbito da atención primaria cun persoal e unha equipación suficiente que sexa garante dunha prestación eficiente, homoxénea, de calidade, adecuada e adaptada ás necesidades e características da estrutura sanitaria de Galicia.

A creación dos distintos PAC ao longo da xeografía galega supuxo tamén a racionalización e a mellora das condicións da asistencia sanitaria tanto para a poboación como para os propios traballadores da sanidade. Os PAC teñen, en xeral, ámbito supramunicipal, determinándose o seu número e a súa situación en función dos seguintes criterios:

- Número de habitantes e demanda atendida. - Dispersión xeográfica e comunicacións varias. - Dificultade ou facilidade de acceso ao hospital de referencia. - Recursos dispoñibles.

Como norma xeral os PAC estrutúranse arredor dunha ratio de poboación de 25 000 habitantes, variando esta cifra en función das comunicacións viarias e tendendo sempre a respectar unha isócrona de 30 minutos entre as localidades de cobertura do PAC e o lugar onde se encontre situado.

O Concello de Folgoso do Courel ten, hoxe en día, 2 médicos (con 510 e 625 TIS respectivamente) e 2 enfermeiras. Traballan en horario de 8.00h a 15.00h, e atenden urxencias dentro do seu horario. Existe un reforzo de tarde presencial composto por un médico e unha enfermeira de 15.00h a 22.00h para atender as urxencias sanitarias do concello nese período. Isto supón que a atención urxente no Concello de Folgoso do Courel está cuberta nese período no concello.

No horario de 22.00 a 8.00h e os domingos e festivos a poboación de Folgoso do Courel recibe asistencia sanitaria no PAC de Quiroga, sito nunha isócrona media de 20 minutos. Neste PAC dispoñen de maior capacidade resolutiva e prestan servizos 2 médicos e 2 enfermeiras.

Polo tanto, segundo os argumentos expostos, a poboación do Concello de Folgoso do Courel, dispón dunha adecuada cobertura das necesidades asistenciais no ámbito da atención primaria”.

Atendidos os recursos dispoñibles na actualidade e a necesidade de que os PAC teñan competencia supramunicipal e atendan un número non inferior aos 25 000 habitantes, procedeuse ao arquivo.

O resto dos expedientes que se tramitaron nesta sección refírense a reclamacións contra os distintos servizos dos hospitais da rede galega. Deles, 11 o foron contra servizos do CHU da Coruña (rehabilitación, neuroloxía, laboratorio, urxencias, laboratorio,

transplantes e outros servizos), 8 do CHU de Santiago (urxencias, hospital de día de psiquiatría, pediatría, pneumoloxía), 5 do CHU de Vigo (urxencias, falta de atención, xinecoloxía), 4 dos hospitais de Ferrol (área de saúde mental infantil, neurocirurxía, urxencias), 3 do CH de Ourense (urxencias e funcionamento), 2 dos hospitais de Lugo (rehabilitación, urxencias) e Pontevedra (xinecoloxía, urxencias) e 1 do hospital do Salnés (urxencias)

O resto das queixas recibidas refírense a distintos centros hospitalarios, puntos de atención continuada e centros de atención primaria. Sirvan como exemplo as relativas a disfuncións nos PAC de Celanova, Vimianzo, Ribeira e Allariz, as 2 recibidas contra o Ambulatorio Concepción Arenal de Santiago de Compostela, e dúas máis, relativas aos Centros de Saúde de Santa Cruz-Oleiros e Cangas.

Como se pode apreciar, existe un índice superior das queixas contra os servizos de urxencia, na maioría dos casos motivados polo que se consideran excesivos atrasos na atención ao paciente que chega aos mesmos.

3. Queixas de oficio abertas nesta área relacionadas cos servizos médicos

Con data 11 de maio de 2010, á vista das informacións aparecidas nos días pasados na prensa escrita sobre a problemática existente no Centro de Saúde de Arteixo pola cota de 1204 nenos que ten asignada a pediatra deste, que presentou seis escritos solicitando un novo pediatra por “estar desbordada”, sen que os ditos escritos foran contestados, ao amparo do art. 16 da Lei do Valedor do Pobo acordouse a apertura dunha queixa de oficio, solicitando da Consellería de Sanidade que facilitase información sobre:

- 1º.- Cotas que corresponden a cada un dos pediatras asignados nos centros de saúde de Arteixo.
- 2º.- Cotas medias que, segundo as normativas, teñen os pediatras dos centros de saúde.
- 3º.- Razóns polas que non foron contestados os escritos remitidos pola pediatra.

A Consellería de Sanidade remitiu un amplo informe sobre o número de especialistas en pediatría con que conta un Servizo de Atención Primaria, que se establece en función das ratios de poboación infantil, o labor desenvolvido polos pediatras en atención primaria, dentro do programa do neno, que se basea na realización dunha serie de revisións

periódicas ao longo do tempo co fin de garantir o normal desenvolvemento do neno e a atención precoz de posibles patoloxías e que non teñen na súa maioría unha data concreta de realización. Sinálase que o número óptimo de nenos por pediatra debería de ser de 1000, malia que a OMS sinala como cota máxima a de 1200. Ponse de manifesto que na actualidade hai escaseza de profesionais desta especialidade e hai serias dificultades para poder cubrir as ausencias dos profesionais habituais por permisos regulamentarios e enfermidades, polo que na actualidade non é posible ampliar as coberturas de prazas de pediatría dos cadros de persoal dos centros de saúde, sen prexuízo de intentar adoptar as medidas organizativas encamiñadas a optimizar a calidade da prestación pediátrica. Á vista do contido do informe, no que se pon de manifesto a situación do SAP de Arteixo, o desenvolvemento das actuacións dos pediatras en atención primaria e todas as conversacións entre a doutora e a Xerencia de Atención Primaria da Coruña, as ofertas doutras prazas, a imposibilidade de creación de novas prazas de pediatría, a posibilidade dunha reestruturación e reorganización de cotas nunha reunión conxunta, pendente de concertar, acordouse o arquivo.

Tamén se abriu outra queixa de oficio Q/1459/10 á vista das informacións aparecidas nos días pasados nos periódicos de Santiago, sobre a situación na que se encontraba un paciente no CHU de Santiago de Compostela, que, segundo se publica, vai ser dado de alta sen que fose tratado dunha intoxicación que padece. O complexo hospitalario puxo de manifesto na súa resposta que o paciente acode a urxencias o 29 de xuño de 2010 e recibe a alta hospitalaria o día 1 de xullo, negándose a abandonar o hospital. O día 2 ingresa nunha unidade médica, estudándose a intoxicación por mercurio, que finaliza o día 20 de xullo, data na se procede a dalo novamente de alta por non precisar hospitalización, negándose a abandonar o hospital. Xestiónase unha segunda opinión a través dunha orde de asistencia ao Hospital Clínico de Barcelona para que o paciente sexa valorado pola súa Unidade de Toxicoloxía Clínica, que non acepta ao paciente por ter sido atendido nela con anterioridade e non diferir as súas conclusións das expresadas no informe do CHU de Santiago de Compostela. Á vista do contido do informe acórdase o arquivo do expediente.

4. Queixas relacionadas coa historia clínica

De conformidade co establecido no art. 10.2 da Lei de saúde de Galicia, recoñécese o *dereito a acceder á súa historia clínica e a obter os informes e resultados das exploracións que sobre o seu estado de saúde ou enfermidade se inclúan nela, así como copia dos ditos documentos*, de conformidade co regulado na Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica do paciente. O Decreto 29/2009 regula o uso e acceso á historia clínica electrónica, que se constitúe como o soporte máis adecuado para a asistencia sanitaria, facilitando o manexo e accesibilidade da documentación clínica do paciente ou usuario e dos profesionais que interveñen. A Consellería de Sanidade desenvólvese polo sistema de historia clínica electrónica denominado IANUS, que configura un modelo de historia único e garanta dun modo seguro o acceso a toda a información clínica por parte dos profesionais que desenvolven a súa actividade para o sistema sanitario público de Galicia.

Nesta anualidade houbo seis queixas, con problemas procedentes do CHU de Santiago, CHU de Vigo, CH de Ourense e Ferrol.

5. Queixas relacionadas con cuestións de persoal

Como se facía constar no informe correspondente ao pasado ano, encontrábanse en trámite dúas queixas contra a falta de celadores no Hospital de Barbanza, razón pola que as auxiliares debían realizar as súas funcións. Ese número viuse incrementado, ao longo do ano, noutras 23 queixas polo mesmo feito. Tamén se iniciaron 8 queixas polo feito da falta de celadores no Hospital Virxe da Xunqueira de Cee, coa mesma fundamentación.

Tramitadas todas as queixas, finalizaron coa recomendación de que polo SERGAS se dispoñan todas as actuacións necesarias para que nos hospitais de Barbanza e de Virxe da Xunqueira se creen as correspondentes prazas de celadores co fin de evitar que as auxiliares de enfermería realicen funcións distintas das que lles correspondan conforme o establecido na orde do 26 de abril de 1973, que contén o estatuto do persoal auxiliar sanitario titulado e auxiliar de clínica (véx. as resolucións desta área).

6. Queixas sobre outras materias

Neste punto, que suman un total de 26 queixas as ingresadas, correspóndense a unha gran variedade de asuntos. Tres delas contra a non tramitación en forma de reclamacións por responsabilidade patrimonial exixidas ao SERGAS, que finalizaron coa súa admisión. Sobre o cambio do correspondente médico de familia asignado tramitáronse 2 queixas. Tamén se presentou reclamación para poñer de manifesto disfuncións no servizo de inspección sanitaria de Burela. Así mesmo por problemas no reintegro de gastos polo SERGAS, trasladados a centros médicos e funcionamento do servizo de ambulancias concertados. Tramitouse a queixa Q/1482/10, presentada polo non recoñecemento dunha enfermidade de intoxicación crónica de mercurio, coincidente coa que de oficio xa citada (Q/1459/10), polo que o seu trámite e finalización coincidiu coa mesma.

Pola asociación xa se promoveu a Q/407/10 como consecuencia de que os servizos de educación maternal do Hospital Teresa Herrera íanse clausurar. O informe recibido puxo de manifesto o traslado de todos os servizos a atención primaria, coidando concluír os xa empezados e preparando o traslado cun tempo suficiente. Xa estaban operativos os grupos do Centro de Saúde San Xosé, tendo intención de abrir o do Centro de Saúde do Ventorrillo, co fin de acercar o servizo á usuaria.

Como consecuencia do cierre do consultorio de Pontevea (Teo) e o seu traslado ao de Cacheiras, un centro cultural promoveu unha queixa (Q/549/09). Reclamado o correspondente informe, remitírono e di que “... *a decisión do traslado desta consulta de Pontevea a Cacheiras estaba determinada pola imposibilidade de garantir uns mínimos exixibles nas actuais condicións. Estes mínimos consistían en: o espazo dispoñible no momento actual é, nos planos, de 22 metros cadrados, e coa reforma proposta aumentaríase unha sala máis de 16 metros cadrados, comprometéndose a sala de espera que se vería reducida a un corredor tal e como pode verse nos propios planos remitidos polo concello onde o tamaño de todas as consultas e espazos distan moito dos estándares mínimos empregados exixidos no Servizo Galego de Saúde, a todas luces insuficiente para un centro cunha presión asistencial media de 50 persoas. (Unha consulta estándar ten un mínimo de 20 metros cadrados). Por outra parte, o número de usuarios adscritos ao*

centro supera con moito a ratio establecida de 1550 TIS máximo polo que se tería que desdobrar a cota para facer outra nova e sen espazo onde situala, o que obrigaría a desprazar a parte da poboación a outro centro, xa que na situación actual non é posible manter a cota aberta para novas admisións nela. É por todo iso, que a pesar da boa intención do concello de facer as remodelacións, o realmente necesario sería construír un novo centro, pois coas medidas actuais non é posible dispoñer das condicións necesarias exixidas para que nos centros se poida prestar un servizo de calidade á poboación. Ademais dado o crecemento demográfico na zona esta situación empeora no futuro. Nestes momentos a alternativa do seu traslado, sen ser a mellor, é a única que posibilita a articulación dunha serie de melloras e a accesibilidade a uns servizos sanitarios que ata o de agora non eran posibles e cuns custos asumibles.”

A situación foi conflitiva e xerou protestas entre a veciñanza. O Concello chegou a un acordo co SERGAS, procedendo á remodelación e ampliación do consultorio, o que permitiu logo de realizaren as correspondente obras, o mantemento deste, coa súa reapertura o 26 de setembro de 2010.

1.9.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Como se sinalou anteriormente, das queixas que foron rexistradas nesta anualidade, foron declaradas non admitidas a trámite por diversos motivos un total de dezaseis, e o foron polas seguintes causas:

1.- Por non apreciar unha actividade administrativa irregular tiveron entrada 2 queixas. 2.- Por non existir actividade administrativa previa, rexistráronse 5 queixas. 3.- Por tratarse dunha relación xurídica privada, 2 queixas. 4.- Por existir competencia xudicial, 4 queixas. 5.- Por transcorrer máis dun ano dos feitos denunciados, 1 queixa. 6.- Por carecer de fundamento, 1 queixa. 7.- Por non ser competencia do Valedor do Pobo, 1 queixa.

1.9.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

Do total da queixas ingresadas na área de sanidade, dezanove remitíronse ao Defensor del Pueblo en cumprimento do establecido no artigo 38.3 da Lei do Valedor do Pobo. Dezasete delas eran queixas de funcionarios adscritos a MUFACE e facían referencia á diminución dos convenios asinados con seguros médicos para a prestacións sanitarias no 2010. As dúas restantes referíanse a reclamacións contra a Seguridade Social por resolucións sobre incapacidade.

1.9.6 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE SANIDADE.

Recomendación dirixida ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS), no ano 2010 para que se creen as correspondentes prazas de celadores no Hospital de Barbanza e no Hospital Virxe da Xunqueira de Cee. (Expedientes: Q/41/10, Q/68/10, Q/69/10, Q/72/10, Q/114/10, Q/142/10, Q/144/10, 201/10, 1732/09, Q/2617/09, Q/39/10, Q/400/10, Q/492/10, Q/493/10, Q/494/10, Q/511/10, Q/601/10, Q/931/10, Q/1506/10, Q/1057/10, Q/1058/10, Q/1220/10, Q/1221/10, Q/1222/10, Q/1223/10, Q/1224/10, Q/1225/10 e Q/1213/10).

“Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceron solicitando a nosa intervención, e con domicilio en

No seu escrito, esencialmente indicábanos que traballaban como (*Auxiliar de enfermería ou ATS/DUE....*) no Hospital de, centro que, antes de estar integrado plenamente na rede pública do Servizo Galego de Saúde, estaba xestionado segundo o modelo de fundación pública. Que no centro se carece da categoría profesional de celador (persoal que se encarga dos traslado de pacientes ás probas, a urxencias, mobilizacións de pacientes, traslado de aparellos e documentos, recepción de material e, en xeral, funcións de apoio ao persoal auxiliar de enfermería e enfermeiras). Ao non ter esta categoría, todas estas funcións recaen sobre o colectivo das auxiliares de enfermería e tamén no persoal de servizos xerais, tendo así unha grande carga asistencial e non podendo atender aos pacientes como se debe. Ademais, as auxiliares de enfermería con praza en propiedade no Servizo Galego de Saúde sentíase prexudicadas e agraviadas con relación ás compañeiras que traballan en centros con celadores. Por último, tiñan enviado unha reclamación á consellería, sen obter resposta.

Reunindo as queixas os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopan, en principio, cobertura constitucional, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, como establece o artigo 103 de dito texto legal, procedeuse a admiti-las a trámite e promoveuse a oportuna investigación sumaria e

informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basean e para os efectos de dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse da Xerencia Xeral do Servizo Galego de Saúde o correspondente informe sobre as queixas, que tivo entrada nesta institución. Nel, a Dirección de Recursos Humanos manifestaba, en primeiro lugar, que *efectivamente, nos Hospitais da Barbanza e Virxe da Xunqueira, non existen prazas da categoría de celador, e as funcións que noutros hospitais corresponden ao persoal desa categoría son desempeñadas parcialmente por persoal da categoría de auxiliar de enfermería.*

Os Hospitais da Barbanza e o da Virxe da Xunqueira comezaron a funcionar no ano 1998 como Fundación Pública con personalidade xurídica propia e con persoal con vínculo laboral. Desde o inicio da súa actividade a Fundación optou por prescindir da categoría de celador. As funcións que na rede de hospitais do Servizo Galego de Saúde corresponderían aos celadores con vínculo estatutario foron desempeñadas desde ese intre no hospital por persoal laboral das categorías de auxiliar de enfermería e persoal de servizos xerais.

No proceso de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade non se contemplou a conversión de prazas das categorías de auxiliar de enfermería e persoal de servizos xerais en prazas de celador. Tampouco se fixo ningunha dotación adicional de prazas de celador.

No proceso de extinción das fundacións públicas hospitalarias e da súa integración no Servizo Galego de Saúde, regulado polo Decreto 183/2008, do 30 de xullo (DOG do 1 de setembro), tampouco se tomou decisión algunha relativa á dotación de prazas de celador no Hospital da Barbanza.

Neste punto, é preciso poñer relevo:

1º.- Que as funcións das auxiliares de enfermería atópanse recollidas na Orde de 26 de abril de 1973, que contén o Estatuto do persoal auxiliar sanitario titulado e auxiliar de clínica da Seguridade Social, na súa Sección 8ª do Capítulo VII (que foi renumerada polo artigo 5 da OM 11 de decembro de 1984, correspondente coa súa anterior Sección 7ª), diferenciándose claramente das correspondentes aos celadores, regulamentados no artigo 14 do Estatuto de persoal non sanitario ao servizo das Institucións Sanitarias da Seguridade Social, aprobado por Orde de 5 de xullo de 1971, e as do persoal de servizos xerais, categoría que foi creada polo Decreto 160/1996 da Xunta de Galicia.

2º.- Que nos Hospitais de Barbanza e Virxe da Xunqueira, como se recoñece no informe remitido pola Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade, non existe a categoría de celador no conxunto das categorías que conforman a estrutura do mesmo, polo que, en consecuencia, as súas funcións son desempeñadas, en parte, polas auxiliares de enfermería de ditos centros.

Á vista de todo o manifestado, de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, formulamos a seguinte **RECOMENDACIÓN**:

Que polo Servizo Galego de Saúde se dispoñan todas as actuacións necesarias para que nos Hospitais de Barbanza e Virxe da Xunqueira se creen as correspondentes prazas de celadores co fin de evitar que as auxiliares de enfermería que presten os seus servizos nos mesmos realicen funcións distintas das que lle correspondan conforme ao establecido na Orde de 26 de abril de 1973, que contén o Estatuto do persoal auxiliar sanitario titulado e auxiliar de clínica da Seguridade Social, na súa Sección 8ª do Capítulo VII (que foi renumerada polo artigo 5 da OM 11 de decembro de 1984, correspondente coa súa anterior Sección 7ª).

Resposta da Xerente do Servizo Galego de Saúde: A recomendación non foi aceptada.

1.10. ÁREA DE XUSTIZA

1.10.1 INTRODUCCIÓN

O obxecto da actuación do Valedor do Pobo nesta área é contribuír, no marco das competencias que lle encomenda a súa lei reguladora, a que a tutela xudicial se converta, día a día, nunha realidade efectiva.

A Constitución española regula o dereito á tutela xudicial efectiva como fundamental (art. 24), cunha garantía de protección máxima. Trátase de protexer con iso unha serie de dereitos procesuais que permitan garantir os demais dereitos. É un dereito dunha extraordinaria potencialidade e a súa instrumentalidade non impide que sexa un auténtico dereito fundamental, con caracteres autónomos e cun contido individual, definido pola ampla xurisprudencia do Tribunal Constitucional; contido que afecta ás prestacións obrigatorias dos poderes públicos, aos que se exige que manteñan a Administración de Xustiza dotada dos medios persoais e materiais suficientes para facer efectivo este dereito, e que o servizo que se presta aos cidadáns teña o maior grao de eficacia posible.

O artigo 24.1 da Constitución española reconece o dereito á xurisdición dun modo xenérico cando establece que todas as persoas teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, se poida producir indefensión. Segundo a interpretación do Tribunal Constitucional (sentenza 26/1983), este artigo comprende os seguintes aspectos:

- 1.- O dereito ao libre acceso aos xuíces e tribunais.
- 2.- O dereito a obter unha decisión xudicial.
- 3.- O dereito á execución da dita decisión.

Este é o contido mínimo do dereito. Ao seu núcleo engádense unha serie de garantías incardinadas na nosa cultura xurídica, como son:

1.- O dereito ao xuíz ordinario predeterminado pola lei (art. 24.2 C.E.), coa prohibición dos tribunais de excepción (art. 117.6 C.E.).

2.- Os dereitos á asistencia de letrado, a ser informado da acusación formulada, ao proceso público sen dilacións indebidas e con todas as garantías, á utilización de todos os medios de proba pertinentes para a defensa, a non declarar contra si mesmo e a non confesarse culpable e á presunción de inocencia (art. 24.2 CE).

3.- As garantías penais e penitenciarias do artigo 25 CE, é dicir, o principio de legalidade e irretroactividade das normas penais, a prohibición de impoñer penas privativas de liberdade pola administración civil e os principios que inspiran o réxime penitenciario.

A posibilidade de intervención da institución nas problemáticas suscitadas vén limitada, como xa se dixo, polas atribucións que na materia establece a Lei do Valedor do Pobo. O principio de independencia xudicial, establecido no artigo 117.1 CE, leva que se desen previsións como as do artigo 2 da Lei orgánica do Poder Xudicial, e ou as do artigo 20 da Lei do Valedor do Pobo. Este último di o *Valedor do Pobo de Galicia non entrará no exame individual daquelas queixas sobre as que estea pendente resolución xudicial e suspenderaos se, iniciada a actuación, se interpuxese por persoa interesada demanda ou recurso ante os tribunais ordinarios ou o Tribunal Constitucional. Isto non impedirá, sen embargo, a investigación sobre os problemas xerais formulados nas queixas presentadas, En calquera caso, velará porque a administración resolva expresamente, en tempo e forma, as peticións e recursos que lle fosen formulados.*

En consecuencia, a actuación do *Valedor do Pobo* está lexitimada só nos casos nos que aspectos formais da Administración de Xustiza son obxecto de queixa, especialmente a dilación inxustificada do proceso. A dilación na resolución dos procedementos xudiciais é un problema constantemente posto de manifesto por todos os estamentos involucrados no mundo da xustiza, ao resultar unha deficiencia que incide moi negativamente sobre ela. Nos diferentes estudos ou memorias das administracións encargadas do mantemento dos órganos xurisdicionais, como tamén nos que realizan as demais institucións relacionadas co mundo da xustiza (colexios profesionais, colectivos...),

trátase amplamente o xeral problema dos atrasos na Administración de Xustiza, circunstancia que non se pode referir ao exclusivo ámbito da nosa Comunidade Autónoma, senón que, en maior ou menor medida, afecta a todas as CC.AA. de España. A necesaria modernización da xustiza, evitando a súa burocratización, cunha completa e definitiva informatización, cun desenvolvemento da nova oficina xudicial que permita desenvolver todas as posibilidades de actualización tanto do persoal como dos procedementos, faría que o dereito á tutela xudicial efectiva fose máis real e actual, no sentido temporal do termo, xa que, como sabemos, unha *xustiza tardía non é xustiza, nin para quen a pide nin para o que a outorga*. É necesario crear e prestar un servizo próximo e de calidade, algo recollido na Carta dos Dereitos dos Cidadáns ante a Xustiza.

É conveniente, unha vez máis, examinar a situación dos órganos xudiciais da nosa Comunidade Autónoma. Na estatística de finais de 2009 e principios de 2010, existía unha pendencia nunha totalidade dos órganos de 181 415 asuntos. Na última, publicada polo Consello Xeral do Poder Xudicial no momento da redacción deste informe, correspondente ao segundo trimestre do dito ano, figuran un total de asuntos pendentes de 176 326, supoñendo un descenso do 2,88%. Non obstante, a nosa xustiza continúa en niveis xerais de pendencia que constatan que o amplo volume de procedementos en trámite non se resolve dunha forma áxil e eficaz ou dentro das prescricións constitucionais.

No Tribunal Superior de Xustiza, na súa Sala do Social, diminúen os procedementos no dito período de 9361 a 9178, o que supón un descenso de 1,99%; na Sala do Contencioso-Administrativo descenden de 18 058 a 15 983, é dicir, un 12,98%. Os datos poñen de manifesto a gran carga de traballo que recae sobre elas; obsérvase un descenso na Sala do Contencioso-Administrativo, pero segue existindo un elevado número de asuntos pendentes.

No conxunto da xurisdición civil, no período estudado os asuntos pendentes eran 64 864, a finais de 2009, e 62 013 ao fin do segundo trimestre de 2010, é dicir, descenden un 4,59%, sobre todo nos xulgados de primeira instancia, xa que nas distintas clases de xulgados non se pode dicir que haxa gran diferenza de asuntos en trámite no período estudado.

Na xurisdición penal, seguindo cos asuntos pendentes nas mesmas datas estudadas, partimos de 66 773 asuntos para finalizar con 65 506, é dicir, descende tamén, neste caso nun 1,93%, sobre todo nos xulgados de instrución.

Os 16 xulgados do contencioso-administrativo da Comunidade Autónoma elevan as súas cifras de pendencia de 6430 a 6647, é dicir, un 3,37%. Por último, os 23 xulgados do social inician o período con 15 929 procedementos e o finalizan con 16 999, elevándose os asuntos pendentes nun 6,71%.

Sen ánimo de ser exhaustivo cos datos citados, pódese apreciar que os números globais son dunha pequena tendencia á baixa, aínda que ascende unha elevada porcentaxe nos xulgados do social, comparado coas restantes xurisdicións, produto quizais da situación económica que está vivindo o país. De todas formas, dado o elevado número de asuntos pendentes en todas as xurisdicións, aínda coas mellores intencións dos integrantes dos órganos xudiciais, encontrémonos fronte a unha grande insuficiencia para poder conseguir unha Administración de Xustiza rápida, áxil e executiva, na forma que está desenvolvida neste momento, o que, como xa salientamos, fai imposible dar efectividade ao dereito á tutela xudicial efectiva (art. 24 CE).

A Constitución española establece que a competencia exclusiva en materia de Administración de Xustiza lle corresponde ao Estado (art. 149.1.5°); pola súa parte, á Comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle exercer as facultades que as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial atribúan ou recoñezan (art. 20.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia).

O Real decreto 581/1982, do 26 de febreiro, determina as normas e o procedemento ao que han de axustarse os traspasos de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia; sobre esta base e cos acordos da Comisión Mixta de Transferencias prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto, ditáronse, en relación ás competencias nesta materia, os seguintes reais decretos:

- RD 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza.

- RD 2397/1996, do 23 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma en materia de medios persoais ao servizo da Administración de Xustiza.

- RD 1380/1997, do 29 de agosto, sobre traspaso complementario ao aprobado por RD 2166/1994 en materia de provisión de medios materiais e económicos.

- RD 233/1998, do 16 de febreiro, sobre ampliación de funcións, servizos e medios traspasados polos reais decretos 2166/1994 e 2397/1996, en materia de provisión de medios persoais, materiais e económicos.

- RD 72/1999, do 5 de marzo, sobre traspaso complementario ao aprobado polo RD 2166/1994.

En toda a normativa citada queda definida cales son as competencias autonómicas e estatais para o conveniente desenvolvemento da nosa administración xudicial. O estado de atraso da nosa xustiza fai necesario que as administracións encargadas do seu mantemento, tanto a nivel de persoal como de medios materiais, leven a efecto unhas actuacións de colaboración para poder conseguir unha mellor efectividade do dereito constitucional á tutela xudicial efectiva. Na consideración de que a xustiza é a garantía última dos dereitos fundamentais da cidadanía, é necesario aproximar a xustiza aos cidadáns, axilizar os seus procedementos, conseguir que sexa valorada positivamente e que confíen nela, a fin de adaptala ás necesidades da sociedade española do século XXI. Estes cambios teñen que inserirse na busca da concertación de esforzos e vontades, a través do diálogo con todos os operadores, xestores e profesionais do mundo do dereito, incluídas as administracións públicas ou diferentes organismos garantes de dereitos, como, por exemplo, o encargado de protexer a privacidade ou a intimidade das persoas no tratamento automatizado dos datos persoais. Este diálogo debe levarse a cabo entre os distintos

operadores xurídicos e as comunidades autónomas, cuxa competencia na xestión dos medios materiais e persoais da Administración de Xustiza as converte en actores principais, e tamén co Consello Xeral do Poder Xudicial, órgano de goberno do mesmo.

A consecución destas metas sobre a base do diálogo fará que a xustiza logre unha maior eficacia. Unha xustiza ineficaz, ademais de ser un lastre político, económico e social, constitúe unha fonte de erosión ao crédito do Estado e un déficit moi difícil de soportar por unha sociedade avanzada en termos de lexitimación democrática. O crecemento da litixiosidade nos últimos anos provocou un notable incremento da cargas de traballo dos órganos xurisdicionais, o que exige a consecuente adaptación da planta xudicial para restablecer o equilibrio necesario. Nun primeiro termo deberase determinar, á vista dos resultados estatísticos e o estudo do funcionamento dos distintos órganos xudiciais tanto unipersoais como colexiados, a necesidade de creación de novas prazas de xuíces e maxistrados que permitan asumir unha carga de traballo razoable. A súa creación corresponde á Administración Xeral do Estado, sen prexuízo das propostas que efectúa a Comunidade Autónoma e as peticións que formula nas súas memorias tanto a Presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia como o Consello Xeral do Poder Xudicial. Certo é que a creación destes novos órganos xudiciais supón un gran desembolso económico, algo difícil nos tempos de crise que padecemos, pero necesítanse para conseguir o que debe ser un servizo público de calidade. É necesario adaptar a planta xudicial ás necesidades reais, deseñando o novo modelo de Administración de Xustiza.

Tamén é necesario abordar os problemas estruturais do noso sistema xudicial desenvolvendo un novo modelo da Administración de Xustiza centrado na oficina xudicial, como a organización de carácter instrumental que serve de soporte e apoio á actividade xurisdicional de xuíces e tribunais, tal e como establece o artigo 435 da Lei orgánica do Poder Xudicial, na súa redacción dada pola Lei orgánica 19/2003. Debe funcionar con criterios de axilidade, eficacia, eficiencia, racionalización do traballo, responsabilidade pola xestión, coordinación e cooperación entre administracións, de maneira que os cidadáns obteñan un servizo próximo e de calidade, con respecto aos principios recollidos na Carta de Dereitos dos Cidadáns ante a Xustiza.

Distínguense dous tipos de unidades: unidades procesuais de apoio directo e servizos comúns procesuais. Enténdese por unidade procesual de apoio directo aquela unidade da oficina xudicial que directamente asiste a xuíces e maxistrados no exercicio das funcións que lles son propias, realizando as actuacións necesarias para o exacto e eficaz cumprimento de cantas resolucións diten; e por servizo común procesual, toda aquela unidade da oficina xudicial que, sen estar integrada nun órgano xudicial concreto, asume labores centralizados de xestión e apoio en actuacións derivadas da aplicación das leis procesuais.

A Lei 13/2009, do 3 de novembro, de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial (BOE de 4 de novembro) xa en vigor, despois de transcorridos os 6 meses de *vacatio* (disposición final 3.^a), reconece no seu preámbulo que a reforma da xustiza se converteu nun obxectivo crucial e inaprazable, tendo presente que os cidadáns teñen dereito a un servizo público da xustiza áxil, transparente, responsable e plenamente conforme aos valores constitucionais. A implantación da nova oficina xudicial ten por obxecto a racionalización e optimización dos recursos que se destinan ao funcionamento da Administración de Xustiza. Esta lei reforma os distintos procedementos, intentando unha maior axilización dos mesmos, coa atribución ao secretario xudicial dunhas determinadas competencias, tendo en conta que é o responsable último da realización de todas as actividades que serven de soporte e apoio á actividade xurisdiccional de xuíces e maxistrados. Atribúese aos secretarios xudiciais, como corpo superior xurídico, a competencia do trámite, garantindo que o xuíz ou tribunal poida concentrar os seus esforzos no labor que lle atribúen a Constitución e as leis como propia e exclusiva, é dicir, xulgar e facer executar o xulgado. Haberá que comprobar como se vai desenvolvendo a posta en práctica desta lei, que inicialmente debe permitir unha maior rapidez na aplicación da xustiza.

Esta lei foi complementada coa Lei orgánica 1/2009, da mesma data e publicada o mesmo día, na que se introducen unha *serie de reformas encamiñadas á axilización da xustiza, que teñen como obxectivo a optimización dos recursos e mellorar a súa prestación en tanto que servizo público esencial*, como di no seu preámbulo.

Como xa se dicía en anteriores informes anuais, a planta xudicial debe mellorarse coa creación de novos órganos xudiciais e novas prazas de maxistrados nos órganos colexiados, o que permitiría un descenso no número de procedementos pendentes na nosa Comunidade. A dita creación levará implícita, loxicamente, as súas consecuencias na oficina xudicial coa creación de novas prazas de persoal adscrito á mesma e a súa dotación de todo o material necesario para o seu funcionamento.

A dotación material e o gasto en persoal corresponden á nosa Administración Autonómica. Resulta especialmente necesario unha perfecta subministración de medios informáticos que permitan a axilidade de funcionamento dos órganos xudiciais, e unha aplicación informática única compatible coa existente no resto do Estado, o que podería permitir a interconexión de información e a transferencia das comunicacións entre eles. Esta situación vaise desenvolvendo pouco a pouco, anque aínda se necesita importantes impulsos e investimentos. É primordial proporcionar información e certeza a todos os estamentos que forman parte do proceso xudicial, e as novas tecnoloxías son o único medio que permiten dar un servizo adecuado aos nosos administrados.

Nestes momentos encóntrase en fase de implantación, desenvolvemento e execución o sistema *Lexnet* naquelas comunidades con competencias transferidas que asinaron o Convenio de cooperación tecnolóxica co Ministerio de Xustiza, como é o caso da Xunta. O sistema nace posible que na Administración de Xustiza os actos de comunicación se realicen a través dos medios electrónicos. O Real decreto 84/ 2007, do 26 de xaneiro de 2007, regula a súa implantación, requisitos de acceso, funcionalidades e características técnicas. Como sinalamos, refírese fundamentalmente á habilitación e o establecemento das condicións para presentar escritos e documentos, trasladar de copias e realizar actos de comunicación procesual por medios electrónicos (art. 1. 1).

Como desenvolvemento da normativa indicada anteriormente, asinouse o Convenio de cooperación tecnolóxica para a implantación e execución da presentación de escritos e notificacións, certificados por vía telemática, nos órganos xudiciais da Comunidade Autónoma de Galicia, do 20 de decembro de 2006, publicado pola resolución do 10 de xaneiro de 2007 da Secretaría de Estado de Xustiza.

Este sistema, desenvolvido polo Ministerio de Xustiza, constitúe un conxunto de comunicacións electrónicas securizadas para a Administración de Xustiza, baseado nun servizo de correo electrónico, que proporciona un servizo áxil, accesible, transparente, de calidade máxima e gran fiabilidade na comunicación, obtendo o usuario un certificado que garante a autenticidade e integridade da transmisión, así como a data e a hora do envío e recepción. Redúcese a un tempo mínimo as operacións de envío e recepción das notificacións, recursos, autos, sentenzas, etc., ás partes. Ten carácter bidireccional: das oficinas xudiciais aos distintos operandos xurídicos (fundamentalmente avogados e procuradores), e destes aos órganos xurisdiccionais (presentación de escritos, documentos e traslado das copias).

Por resolución do 29 de marzo de 2010 (BOE de 19 de abril) publícase que, con data 10 de decembro de 2009, a nosa Comunidade Autónoma, entre outras, subscribiu o Convenio de adhesión ao subscrito entre o Ministerio de Xustiza, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado o 30 de setembro anterior, sobre o Esquema Xudicial de Interoperabilidade e Seguridade (EXIS) no ámbito da Administración de Xustiza. O convenio ten por obxecto acordar a colaboración entre todos os subscritores para o desenvolvemento das actuacións precisas co obxectivo de establecer o dito esquema, que permita, a través das plataformas tecnolóxicas necesarias, o funcionamento integrado e conxunto de todas as aplicacións informáticas ao servizo da Administración de Xustiza.

O EXIS ten por obxectivo facilitar o máximo aproveitamento das tecnoloxías da información e as comunicacións da actividade xudicial en condicións de eficacia, eficiencia, racionalidade económica e calidade, obxectivo que queda condicionado á adopción e cumprimento de estándares que aseguren a interoperabilidade dos sistemas a disposición da Administración de Xustiza, a nivel nacional, con todas as garantías de seguridade. O EXIS artículase en relación con tres aspectos fundamentais: dimensión ou aspecto organizativo, dimensión ou aspecto semántico-xurídico, e dimensión técnica.

Neste momento a Xunta de Galicia ten aprobado o primeiro *Plan de Sistemas Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) na Administración de Xustiza*,

denominado *Senda 2014*. As accións que se contemplan refírense a diferentes liñas que abranguen as áreas de infraestruturas, equipamento e medios, sistemas de información, formación e prestación de servizos TIC. Preténdese conseguir unha Administración de Xustiza máis eficaz, levando o proceso de informatización ata o expediente xudicial electrónico, perseguindo unha xustiza máis transparente e próxima á cidadanía, e garantindo que os servizos TIC prestados sexan dunha maior calidade e ofrezan solucións adaptadas á realidade de Galicia. Segundo recolle o plan, a revisión integral dos sistemas de información permitirá avanzar na dixitalización dos datos e da información ata evolucionar ao expediente electrónico, que garante a calidade da información rexistrada e a súa accesibilidade desde calquera punto xeográfico para todos os operadores que o necesiten, evitando a redundancia de rexistro durante a itinerancia dos asuntos xudiciais.

1.10.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DA SÚA TRAMITACION

O número de queixas iniciadas neste período en materia de xustiza, 116, non é moi elevado; supón menos do cinco por cento do total de queixas de todas as materias (4,84%). Tamén nesta área tivemos un número considerable de consultas e outros trámites.

Nesta área agrupamos as queixas que poidan presentarse en relación co servizo público que prestan os órganos xurisdicionais galegos, a xestión da Administración de Xustiza que é competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, e algunhas materias conexas, como o funcionamento dos colexios profesionais de avogados e procuradores ou dos rexistros e notarías, por exemplo.

En canto ás queixas relativas á administración penitenciaria, esta depende da Administración Xeral do Estado, polo que son remitidas ao Defensor del Pueblo para a súa tramitación, de conformidade co establecido no artigo 38 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo.

O número de queixas correspondentes a 2010 distribúese do seguinte modo:

Iniciadas	116	
Admitidas	27	24 %
Non admitidas	73	62 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	16	14 %

Das queixas que foron admitidas, o seu estado é o seguinte:

En trámite	5	21 %
Concluídas	22	79 %

No relativo á situación das queixas presentadas en anos anteriores cuxo trámite estivo activo durante 2010, o cadro é o seguinte:

Ano de presentación	En trámite ao 31-12-2009	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-2010
1999	0	1	1	1	0
2005	0	1	1	1	0
2006	0	1	1	1	0
2008	0	2	2	2	0
2009	5	12	17	17	0
Total	5	17	22	22	0

En consecuencia, non queda ningunha queixa en trámite correspondente a anualidades anteriores á que se está comentando.

1.10.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

Como xa quedou dito anteriormente, o labor desta institución con relación aos órganos xudiciais é limitada. As queixas que se recibiron e admitiron a trámite contra algún deles foron 14 e referíanse esencialmente a atrasos na tramitación ou resolución dos procedementos xudiciais. Os órganos e os procedementos xudiciais aos que se refiren son distintos. Esta ano deuse unha gran variedade de órganos contra aos que se dirixen as queixas; de feito, non existen dúas queixas contra o mesmo órgano xudicial. En todas elas

iniciábase a tramitación cunha solicitude de informe, en moitas ocasións telefónico, sen prexuízo de reproducilo por escrito, ao órgano xudicial obxecto da reclamación.

Outro motivo de queixa é o funcionamento do sistema de xustiza gratuíta, 6 en total. Expuxeron desconformidades coa non concesión do dito beneficio, por considerar que se reunían os requisitos para poder obtela, e noutros casos denunciouse que os profesionais designados non atenderan debidamente as súas pretensións.

Das outras queixas admitidas, cinco o foron por actuacións de Colexios de Avogados, por considerar que non se resolveran denuncias formuladas contra colexiados dos mesmos.

Por último, das restantes, unha referíase a unha denuncia presentada por un sindicato pola situación en que se encontraban traballando os funcionarios do Xulgado de Violencia contra a Muller na Coruña, por estaren instalados nuns corredores. O escrito de queixa, presentado o 15 de marzo de 2010, poñía de manifesto que desde a súa posta en funcionamento en 2007, os traballadores do dito xulgado realizaban as súas funcións nunhas *condicións e nun medio carente das condicións mínimas exixibles a un posto de traballo*. A Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza informou, con data 25 de maio que, efectivamente, o citado xulgado se instalara, de forma provisional, na planta baixa do Edificio dos Xulgados a finais de 2007, provisionalidade que debía finalizar en 2008, no momento en que se baleiraran os locais que ocupaba o Rexistro Civil, que se encontraba pendente do seu traslado á súa nova instalación, que se estaba acondicionando, na rúa Pardo Bazán. Por problemas na execución das obras o traslado atrasouse ata decembro de 2009. Os antigos locais non se podían ocupar sen unha profunda reforma, traballo que se enmarca dentro do Proxecto “Adecuación de espazos e instalacións dos Xulgados da Coruña”. A previsión é que o inicio das obras sexa a principios de xullo de 2010, tras as cales pasaría o xulgado ás súas dependencias definitivas. A queixa foi arquivada, tras a notificación do informe á representación do sindicato.

A última referíase a un atraso na emisión dun informe pericial polo Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA). No informe recoñécese a situación de atraso polo volume de asuntos pendentes e a existencia dun único equipo psicosocial que atende as necesidades de toda a provincia de Lugo.

1.10.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Como quedou apuntado con anterioridade, neste período houbo un total de 73 queixas declaradas non admitidas. Delas, a maioría, 55 queixas, archiváronse en cumprimento do art. 20 da Lei do Valedor do Pobo, é dicir, pola existencia dun procedemento xudicial en trámite, pendente de sentenza, ou no que, ditándose xa a resolución definitiva deste, se encontrase en trámite a súa execución, sen que en ambos os casos se apreciase un atraso que permitise á institución interesarse pola resolución expresa, en tempo e forma, de todas as peticións ou recursos que puideran formularse polas partes.

De entre as restantes, 7 non foron admitidas por se referiren á desconformidade co contido da sentenza ditada polo xulgado ou tribunal correspondente; 3 por se trataren dunha relación xurídico privada; e outras 3 por non existir unha actuación administrativa previa.

1.10.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

Na sección de queixas remitidas ao Defensor del Pueblo, por incompetencia desta institución, houbo un total de 16, das que, como xa se deixou dito, se deu coñecemento ao mesmo, en cumprimento do art. 38. 3 da lei reguladora do Valedor do Pobo. Delas sobresaen en número as relativas a problemas relacionados con centros penitenciarios, un total de 9. Do resto, 6 refírense a denuncias por discrepancias coa actuación de membros da Fiscalía.

1.11 . ÁREA DE ADMINISTRACIÓN ECONÓMICA E TRANSPORTES

1.11.1 INTRODUCCIÓN

Foron 74 queixas as presentadas no 2010 nesta oficina do Valedor do Pobo, polo que en relación co 2009, ano no que se recibiran 117 queixas, se experimentou un descenso porcentual dun 36%.

Da mesma maneira que fixemos en informes de anos anteriores, as queixas agrupadas nesta área expóñense en varias seccións bastante diferenciadas, entre as que cabe destacar pola súa importancia relativa ao grupo constituído polas queixas que afectan á administración económica ou tributaria. A este respecto, en relación co total da área, que sería de 74, este grupo estaría integrado por 51 queixas, constituíndo polo tanto un 69%. Á súa vez dentro deste grupo poden singularizarse as seguintes seccións: as queixas que afectan á administración local, que son 20 (fundamentalmente tratan de cuestións relacionadas co IBI, ou con taxas por servizos municipais); as queixas que se refiren a tributos ou a organismos estatais (IRPF, IVE, problemas en relación co Catastro), que son 17; e as que afectan á Facenda autonómica (principalmente os impostos de transmisións patrimoniais, e de sucesións), que son 14.

Por outra parte, en materia de transportes presentáronse poucas queixas, foron 9. As demais queixas desta área refírense a temas tan diversos como os servizos prestados por entidades bancarias ou caixas de aforro, o servizo de Correos, ou tamén sobre conflitos relacionados con contratos de seguros.

1.11.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O estado de tramitación das queixas desta área é o seguinte:

Iniciadas	74	
Admitidas	31	42 %
Non Admitidas	28	38 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	15	20 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	26	84%
En trámite	5	16%

A longo deste ano foron obxecto de trámite diversas queixas presentadas en anos anteriores:

Ano de presentación	En trámite ao 31-12-09	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-10
2008	0	1	1	0	1
2009	14	6	20	20	0

1.11.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

Para unha adecuada exposición das queixas tramitadas nesta área describirémolas seguindo unhas epígrafes temáticas ás que xa aludimos na introdución da área.

1.11.3.1 Facenda

1.11.3.1.1 Facenda autonómica

Dentro do grupo de queixas que afectan á Facenda autonómica merecen especial mención as referidas á liquidación do **imposto de sucesións**, dado que é este o grupo no que houbo unha maior incidencia de queixas. É certo, sen embargo, que non houbo un motivo común na queixas presentadas, que se refiren a aspectos bastante dispares.

Así, nalgunhas queixas, como é o caso da Q/1313/10, facíase referencia a problemas derivados da xestión do cobro das cotas do imposto, no caso de que este imposto estivese domiciliado nunha entidade bancaria. Nesta queixa puido comprobarse, tras a información remitida pola Consellería, que a interesada presentara unha certificación do banco na que se poñía de manifesto que a conta tiña saldo suficiente o día do vencemento do pago fraccionado, e que despois de solicitar información aos Servizos Centrais da Dirección Xeral de Tributos, confirmárase que a entidade financeira devolvera a relación de pagos domiciliados por problemas informáticos da propia entidade sen poñelo en coñecemento da Consellería. Así as cousas, a Consellería, coa intención de que a interesada non resultase prexudicada, entregoulle unha nova carta de pago polo importe non cargado para que efectuase o ingreso, tomando ademais as medidas necesarias para que a débeda non pasase a período executivo nin xerase ningunha recarga polo ingreso realizado fóra de prazo por causa non imputable á propia interesada. Por outra parte, procedérase resolver expresamente o recurso de reposición, cuxa demora tamén fora motivo da queixa da reclamante.

Nalgunha queixa expuxéronse problemas moi específicos, como é o caso da Q/505/10, que se refería ao réxime de presentación de escrituras de manifestación ou

aceptación de herdanzas, particións ou adxudicacións hereditarias nas autoliquidacións polo imposto sobre sucesións. Manifestaba a reclamante neste caso algunhas dúbidas sobre a aplicación da Circular 1/1994, do 20 de decembro, en concreto pola obrigação de presentar unha segunda copia da escritura pública a pesar de que xa presentara outra anterior. Neste caso, solicitamos a información correspondente á Consellería de Facenda, que nos remitiu un informe no que se indicaba que a presentación da correspondente escritura pública deberá realizarse con independencia da efectuada para a liquidación do imposto, o que implica a necesidade de que o obrigado tributario presente unha copia autorizada (que se lle devolve, selada, despois de efectuar a presentación) e unha copia simple, que quedará en poder da oficina administrativa como xustificante e para a súa comprobación posterior.

Por outra parte, en relación co **imposto sobre transmisións patrimoniais**, no 2010 houbo pouca incidencia de queixas, polo que neste informe faremos referencia unicamente á queixa Q/671/10, na que se expuña un caso no que erroneamente se aplicara o IVE e posteriormente se aplicou á mesma operación o ITP. A este respecto, a reclamante adquirira a vivenda na que ata ese momento vivía en réxime de alugueiro e que pertencía ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, e aínda que inicialmente pagara o IVE, posteriormente o Servizo de Inspección Tributaria correspondente estimou que debería tributar por ITP, xa que a dita compravenda ao ser a unha persoa física que a adquire a título particular sen ter a condición de empresario nin profesional estaba exenta de IVE, e que en cambio debía aplicárselle a modalidade de transmisións onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais. Por outra parte, en canto ao outro aspecto da queixa relativo á exención do ITP por tratarse da transmisión dunha vivenda de protección oficial, no informe remitido pola Consellería de Facenda indicábase que ao se tratar dunha segunda transmisión non era posible aplicar aquela exención, xa que o IGVS adquirira a vivenda xa terminada.

Tamén en relación coa Facenda autonómica se formulou algunha queixa referida ao **cobro dunha taxa**, como é o caso da queixa Q/1384/10, na que a reclamante se refería á non devolución dunha taxa que pagara pola asistencia dun fillo a un campamento xuvenil, alegando que por graves razóns familiares non puidera asistir o seu fillo ao

campamento. Sen embargo, no caso exposto na queixa a renuncia ao campamento presentárase sen cumprir o requisito que se establecía na orde de convocatoria, xa que nesta se indicaba expresamente que só habería dereito á devolución do prezo pagado no caso de que se comunicase a renuncia á praza por escrito e se solicitase a devolución da cantidade aboada polo menos vinte días naturais antes do comezo da actividade.

Noutro caso, o da queixa Q/512/10, si se procedeu á **devolución dunha multa** que impuxera a Consellería de Sanidade á reclamante, e que posteriormente fora anulada por unha sentenza dun Xulgado do Contencioso-Administrativo. Nun principio a Consellería de Facenda, encargada de executar o cobro, non aceptara a devolución por un defecto formal na solicitude da reclamante, como era o de non presentar un certificado bancario expresivo dos datos da conta na que se debía realizar a devolución, pero despois de corrixir este defecto a Consellería procedeu a facer efectiva a devolución solicitada.

1.11.3.1.2 Administración municipal

En canto ás queixas que afectan á administración municipal, algunhas delas refírense ao **imposto de bens inmobles**, en cuxa xestión ten especial relevancia non só a actuación do concello correspondente ou da deputación provincial a quen se lle encomende a recadación, senón tamén a actuación da Oficina do Catastro. Trátase pois dun tributo de xestión compartida, que se tramita a partir da información contida no padrón catastral e nos demais documentos expresivos das súas variacións elaborados con este efecto pola Dirección Xeral do Catastro. Este padrón, que se forma anualmente para cada termo municipal, contén a información relativa aos bens inmobles e remítese ás entidades xestoras do imposto antes do 1 de marzo de cada ano. A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva dos concellos (e de ser o caso das deputacións provinciais que actúan por delegación dos concellos) e comprenderán as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de

devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os ditos actos e actuacións para a asistencia e información ao contribuínte.

A este respecto, en relación coas queixas referidas ao IBI que recibimos nesta oficina do Valedor do Pobo, algunhas delas debemos remitilas ao Defensor del Pueblo -as que tratan unicamente de actuacións da Xerencia ou oficinas do Catastro- en tanto que afectan a un organismo pertencente á Administración Xeral do Estado. Unicamente poden ser tramitadas por esta institución do Valedor do Pobo as que afectan ás actuacións dos concellos ou das deputacións que teñan encomendada a súa liquidación e recadación.

Neste sentido, nalgunha das queixas, como é o caso da queixa Q/2061/10, un erro na atribución da titularidade catastral pode producir no procedemento de recadación situacións problemáticas (incluso algún procedemento de prema), mentres non se corrixe o erro, xa que neste caso o Servizo de Recadación da Deputación opera co dato inicialmente erróneo facilitado polo Catastro, ata que despois de corrixido se procede á anulación do recibo do IBI.

Noutros casos, como ocorre na queixa Q/1139/10, prodúcese algún problema na xestión do cobro do IBI debido á falta de coordinación entre a entidade bancaria na que se domicilia o cobro e o concello que recada. Así, o reclamante queixábase de que tras saldar o recibo do IBI mediante o pago no Servizo Municipal de Recadación do Concello da Coruña co obxecto de resolver anticipadamente unhas dilixencias de embargo, non se levou a cabo, sen embargo, a devolución e provocouse unha duplicidade no pago. Ademais queixábase de que tampouco lle aboaran xuros coa devolución da cantidade embargada. A este respecto, no informe remitido desde a administración municipal indicáronnos que despois de realizar o embargo na conta bancaria hai un prazo de 20 días para o seu levantamento, por se tratar dun embargo erróneo ou porque nese prazo se fai o pago no Servizo de Recadación, como ocorrera no presente caso. Neste sentido, despois de realizado o pago comunícase á entidade bancaria e prodúcese o levantamento do embargo e a inmediata devolución da cantidade embargada na conta na que se efectuara o embargo. Sen embargo, no caso da queixa produciuse un erro de comunicación entre o Concello e a entidade bancaria, o que deu lugar a que o levantamento non se efectuase, e a cantidade

embargada non se puidera devolver ata que se ingresou na conta xeral do Concello, coincidindo coa mesma data na que se adoptara a resolución favorable á devolución, o que determinaba que non se aboasen xuros coa devolución, por virtude do previsto no artigo 32.2 da Lei xeral tributaria. Sen embargo, á vista de que como consecuencia dun erro administrativo se producira un dano económico ao reclamante, indicámoslle que podería presentar unha reclamación indemnizatoria por responsabilidade administrativa ante o Concello da Coruña, e que no caso de que non lle contestasen no prazo previsto legalmente podería reabrirse o expediente de queixa.

Tamén se presentaron algunhas queixas en relación coa taxa **de recollida de lixo**, como é o caso da Q/1055/10, no que a reclamante se refería ao feito de que o Concello de Ferrol lle negara unha bonificación atendendo aos ingresos da unidade familiar, como lle recoñeceran en anos anteriores. No informe remitido desde o Concello indicábase que este beneficio fiscal era revisado anualmente e que para o exercicio do 2010 a ordenanza fiscal introducira unha modificación á hora de determinar o límite económico dos ingresos susceptibles de modificación, tomándose como referencia non o salario mínimo interprofesional, senón o IPREM, que por ser inferior ao salario mínimo interprofesional supoñía que un gran número de persoas beneficiarias perdían esta bonificación.

Por último, e como ocorreu en anos anteriores, houbo algunhas queixas formuladas por quen, a pesar de non ocupar unha vivenda, teñen que satisfacer a taxa de recollida de lixo. A este respecto, debe salientarse que este servizo ten a consideración de esencial, é de carácter xeral, e de recepción e uso obrigatorio, para calquera vivenda, local ou establecemento que estea situado nos sitios nos que se preste o servizo, polo que a súa non utilización non exime da obrigaón de contribuír. Esta concepción do servizo de recollida de lixo recóllese nas distintas ordenanzas municipais, aínda que é habitual que tamén se recoñezan algunhas excepcións, como é o caso dos inmobles declarados ruinosos ou que teñan a condición de soar ou terreo. Nalgunhas sentenzas xudiciais declarouse que quen se vexa afectado por este servizo deben afrontar o seu custo, con independencia de que polas razóns que sexan, non o recibisen efectivamente.

En relación co **imposto sobre vehículos de tracción mecánica** podemos facer referencia á queixa Q/1039/10, na que o reclamante indicaba que lle transferira un vehículo a un fillo en xaneiro de 2010, e que o novo titular, en marzo de 2010, o dera de baixa definitivamente; sen embargo, pasáranlle o recibo por todo o ano. No informe remitido polo ORAL da Deputación Provincial de Pontevedra indicábannos que polos datos facilitados pola Xefatura Provincial de Tráfico se desprendía que o vehículo fora transferido o 1-2-10, e posteriormente dado de baixa o 9-3-10. Por outra parte, indicábase tamén que o IVTM se xera o primeiro día do período impositivo, que coincide co ano natural (art. 96.1 e 2 do RDL 2/2004), e que o importe se rateará por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou de baixa definitiva do vehículo, pero que o vehículo fora transferido polo reclamante, non dándose de baixa por este, senón polo novo propietario.

1.11.3.2 Ordenación da actividade económica

Unha primeira sección desta subárea estaría constituída polas queixas referidas a entidades bancarias ou caixas de aforro. A este respecto, estas queixas refírense a actuacións de entidades privadas, polo que non poden ser obxecto de supervisión polo Valedor do Pobo, xa que a nosa función de control se refire ao ámbito das administracións públicas (art. 1.3 da Lei do Valedor do Pobo). En todo caso, proporciona ao reclamante a información adecuada para canalizar a súa queixa. Neste sentido, facilítaselle en primeiro termo información sobre o servizo de atención ao cliente da propia entidade, onde teñen que informalo sobre a base legal das relacións que se establecen co cliente. Por outra parte, para o caso de que non estea de acordo con este servizo de atención ao cliente infórmase ao reclamante sobre a posibilidade de presentar unha reclamación ante a Subdirección Xeral de Supervisión de Caixas de Aforro e Entidades Financeiras da Consellería de Facenda, ou de acudir ao Servizo de Reclamacións do Banco de España.

Na sección referida aos seguros recibimos un escaso número de queixas. Nelas, dada a natureza privada das entidades aseguradoras, non é posible a nosa intervención, polo que lles indicamos aos reclamantes que soliciten información á Dirección Xeral de Seguros, dependente do Ministerio de Economía e Facenda.

1.11.3.3 Transportes

En relación con esta materia debemos subliñar que non houbo unha incidencia importante de queixas; presentáronse un total de 9. Unha parte importante das queixas non foron admitidas a trámite, fundamentalmente por non existir unha actuación administrativa previa que puidera supervisar a oficina do Valedor do Pobo; requírese que, antes de tramitarse a correspondente queixa na nosa institución, se producise unha actuación administrativa ou que o reclamante presente a oportuna reclamación ante a administración afectada para que esta se pronuncie. Neste sentido, nas queixas referidas a incumprimentos por parte das empresas de transporte público de viaxeiros sen que previamente se presentase unha denuncia ou reclamación ante os servizos provinciais correspondentes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, dada a natureza privada da empresa afectada pola queixa, a súa actuación non pode ser obxecto de supervisión. Tamén nos encontramos con outras queixas, como as referidas a servizos prestados por RENFE (2 queixas), que deberon ser remitidas ao Defensor del Pueblo.

En canto ás dúas queixas que foron admitidas a trámite, unha delas refírese a posibles irregularidades no servizo de taxis en Santiago de Compostela, que actualmente se encontra en tramitación, e a outra trata dun problema relacionado coa revisión de extintores de incendios na Estación Marítima de Moaña.

1.11.3.4 Outros

Por último, tamén se incluíu nesta área a queixa Q/2556/08, reaberta en 2010, e que se refería á falta de contestación do Concello de Palas de Rei a varias solicitudes do reclamante para consultar unha colección existente no Concello de fotografías dixitalizadas en formato CD referidas a acontecementos de importancia social, e das que quería dispor o reclamante para a realización dunha curtametraxe sobre “O Mintireiro Verdadeiro”, que contaba cunha subvención da Consellería de Cultura. A este respecto, tras diversas reiteracións de solicitude de informe recibimos un escrito do Concello no que se indicaba que se lle contestara verbalmente ás súas solicitudes, explicándolle que a colección de fotografías non podía ser consultada porque non estaba organizada nin ordeada. Desde

esta oficina do Valedor do Pobo lle formulamos ao Concello de Palas de Rei unha recomendación nos seguintes termos: “ Que por parte desa Administración municipal, e tendo en conta o dereito recoñecido constitucionalmente de acceso aos arquivos administrativos, se permita o acceso do reclamante á colección fotográfica que figura nos arquivos municipais, sempre que con carácter previo éste presente un escrito no que conste o obxecto específico da investigación e a natureza dos documentos gráficos que considere relevantes, e se comprometa por escrito a garantir a intimidade das persoas ás que aludan os documentos consultados ”. No momento de elaborarse o presente Informe anual aínda non recibimos a resposta do Concello de Palas de Rei á recomendación formulada.

1.11.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

No 2009 nesta área foron 28 as queixas non admitidas a trámite, constituíndo polo tanto un 39% do total das queixas presentadas. En todas as resolucións de non admisión a trámite os reclamantes reciben unha adecuada información sobre as razóns que motivaron a decisión do Valedor do Pobo. A este respecto, na maioría dos casos o motivo da non admisión a trámite foi a inexistencia dunha actuación administrativa previa. Así ocorre, por exemplo (como xa sinalamos), coas queixas referidas a entidades bancarias ou caixas de aforro; nestes casos a única posibilidade de que poidamos intervir, en tanto que se trata de relacións xurídico-privadas, é que previamente se instara polo reclamante a actuación do órgano autonómico supervisor. Sen embargo, nas queixas presentadas sobre esta materia, probablemente por falta de información do reclamante, non se impulsara previamente a intervención do órgano de supervisión.

Por outra parte, e como ocorreu en anos anteriores, tamén pode sinalarse que dentro das queixas non admitidas a trámite, se encontran algunhas referidas á materia tributaria, nas que non se apreciou unha actuación administrativa irregular; non había fundamento para solicitar información da administración afectada, autonómica ou local.

1.11.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

No 2010 remitimos 15 queixas ao Defensor del Pueblo debido a que se trataba de supervisar actuacións de órganos administrativos, organismos ou entidades dependentes da Administración Xeral do Estado. Desas 15 queixas remitidas ao Defensor del Pueblo, 11 afectaban ao Catastro, e as restantes a RENFE e a Correos.

1.11.6 RESOLUCIÓN DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE ADMINISTRACIÓN ECONÓMICA E TRANSPORTES.

1.- Recomendación dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Palas de Rei en data 19 de novembro de 2010 para que permita o acceso a un arquivo administrativo. (Q/2556/08).

O expediente arriba indicado iniciouse por esta institución do Valedor do Pobo como consecuencia da queixa presentada por D. J. M. de C. B. en relación coa falta de contestación dese Concello de Palas de Rei a varias solicitudes súas (de datas do 2-6-08, 21-7-08 e 11-8-08) para consultar unha colección existente nese Concello de fotografías dixitalizadas en formato CD referidas a acontecementos de importancia social.

A este respecto, o presente expediente de queixa está relacionando cun expediente anterior (referencia L.1.Q/487/07) no que en relación coa realización polo reclamante dunha produción dunha curtametraxe en lingua galega sobre “O Mintireiro Verdadeiro”, facíase referencia á posible existencia nese Concello dunha base de datos informatizada que contiña unhas catro mil fotografías dixitalizadas, así como DVDs e vídeos, coa finalidade de conservar constancia gráfica e visual dos diversos acontecementos de importancia social que teñen lugar no Concello. Manifestaba o reclamante que non tiña acceso a esta base de datos.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, naquel anterior expediente de queixa solicitáramos dese Concello de Palas de Rei información sobre se existía esa base de datos á que se facía referencia na queixa, e, no seu caso, sobre a posibilidade de que fose consultada por D. J.M. de C. B.

A este respecto, recibimos un escrito desa Alcaldía-Presidencia do Concello de Palas de Rei , que tivo entrada nesta oficina do Valedor do Pobo na data do 15-5-08, e no que se indicaba expresamente o seguinte: *“Que no Concello de Palas de Rei non existe unha base de datos informatizada onde se poidan consultar fotografías sobre acontecementos de importancia social. Do que si dispoñemos é dunha pequena colección de fotografías dixitalizadas en soporte CD que fan referencia a algún dos acontecementos anteriormente citados.”*

Así as cousas, co traslado desa información ao reclamante procedimos a concluír a nosa intervención no problema que motivou a queixa.

Sen embargo, posteriormente, recibimos un novo escrito do reclamante no que manifestaba que realizara varias peticións de consulta a ese Concello para acceder a ese arquivo de fotografías dixitalizadas en soporte CD, e que non lle concederan o acceso a ese arquivo fotográfico.

En consecuencia, abrimos un novo expediente de queixa -o actualmente en trámite- e solicitamos na data do 9-1-09 nova información a ese Concello, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, para que nos facilitase un informe sobre as causas da falta de contestación aos escritos do reclamante e os medios que propón o Concello para a consulta solicitada.

A este respecto, tivemos que reiterar a ese Concello a nosa solicitude de informe ata en catro ocasións, nas datas do 19-2-09, do 30-3-09, do 27-5-09, e do 18-12-09, sendo o último destes requirimentos un recordatorio de deberes legais e advertencia de declaración de hostilidade.

Posteriormente, puxémonos en contacto telefónico con ese Concello en reiteradas ocasións ata que recibimos finalmente un novo escrito desa Alcaldía-Presidencia de data do 21-4-10 (RS n.º 419) e no que consta expresamente o seguinte: *“No concello de Palas de Rei contestóuselle verbalmente a todas as súas solicitudes,*

explicándolle repetidamente que a colección de fotografías non pode ser consultada porque non está organizada nin ordenada”.

A este respecto, e unha vez que se lle deu traslado ao reclamante da referida información, recibimos un novo escrito no que manifesta a súa desconformidade co contido do último informe dese Concello, en particular coa afirmación de que a colección de fotografías non pode ser consultada porque non está organizada nin ordenada, afirmación que parece contradicirse co feito de que esa colección de fotografías se atope dixitalizada en formato CD, o que implicaría un mínimo de ordenación previa á súa dixitalización.

Á vista do anteriormente expresado, estimamos nesta oficina do Valedor do Pobo que deberían facerse algunhas consideracións desde a perspectiva xurídica en relación coa solicitude do reclamante de acceso a esta colección de fotografías.

A este respecto, cómpre subliñar que o noso texto constitucional no seu artigo 105, alínea b, recolle expresamente o dereito dos cidadán de acceso aos arquivos e rexistros administrativos, e que este dereito de acceso que se recolle no precepto constitucional reflíctese tamén no ámbito da normativa sobre réxime local, no artigo 70.3 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local “...3. *Todos los ciudadanos tienen derecho a obtener copias y certificaciones acreditativas de los acuerdos de las corporaciones locales y sus antecedentes, así como a consultar los archivos y registros en los términos que disponga la legislación de desarrollo del artículo 105, párrafo b, de la Constitución. La denegación o limitación de este derecho, en todo cuanto afecte a la seguridad y defensa del Estado, la averiguación de los delitos o la intimidad de las personas, deberá verificarse mediante resolución motivada.*” Tamén se establece un precepto similar no artigo 207 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Por outra parte, este dereito de acceso aos arquivos e rexistros administrativos reflíctese tamén no artigo 35 da Ley 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, establecéndose no seu artigo 37 o marco xeral dentro do que haberá de desenvolverse este dereito de acceso.

A este respecto, na normativa indicada queda claro que non se trata dun dereito absoluto, xa que se atopa matizado na propia Constitución, cando establece no citado artigo 105, apartado b, a regulación por Lei do acceso dos cidadáns aos arquivos e rexistros administrativos, agás no que afecte á seguridade e defensa do Estado, ao esclarecemento dos delitos e a intimidade das persoas.

Desde outra perspectiva, debe terse en conta tamén o artigo 44 do noso texto constitucional, no que se fai referencia expresa a que *“os poderes públicos promoverán y tutelarán el acceso a la cultura, a la que todos tienen derecho”*.

A este respecto, cómpre ter en conta o previsto na Lei 8/1995, de 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, que trata no seu Título VII do patrimonio documental e dos arquivos. Así, recóllese no artigo 76 a definición de arquivo: *“Enténdese por arquivo o conxunto orgánico de documentos producidos ou acumulados polas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, no exercicio das súas función e actividades, e conservados como testemuño e garantía dos dereitos e deberes da administración e dos cidadáns e como fonte de información xeral para a xestión administrativa e para todo tipo de investigación”*. Por outra parte, establécese neste mesmo artigo que *“Se entende por colección documental, aos efectos da presente Lei, o conxunto non orgánico de documentos reunido artificialmente en función de criterios subxectivos ou de conservación”*.

Finalmente, no artigo 82 do citado texto legal, que se refire ao acceso á documentación dos arquivos, indícase expresamente que *“Todas as persoas teñen dereito á consulta dos documentos constitutivos do patrimonio documental de Galicia e á obtención de información sobre o contido dos mesmos, de acordo coa lexislación aplicable na materia”*.

En relación co acceso dos investigadores aos arquivos e rexistros administrativos cómpre subliñar tamén que no artigo 37.7 da anteriormente mencionada Lei 30/1992 sobre procedemento administrativo común, establécese que cando os solicitantes sexan investigadores que acrediten un interese histórico, científico ou cultural relevante poderán realizar petición específica sobre a materia obxecto de investigación.

A este respecto, os investigadores, como é o presente caso ao que se refire a queixa estudada, deberán ter acceso a tódolos documentos que se conserven nos arquivos municipais co fin de realizar as súas investigacións, e previo compromiso por escrito de que se garantirá debidamente a intimidade das persoas, que figuren nos documentos aos que se teña acceso.

Neste sentido, estimamos que as características mencionadas da colección de fotografías á que pretende acceder o reclamante non deben ser un obstáculo para o exercicio do seu dereito de acceso á documentación indicada, debendo a este respecto indicar o reclamante especificamente o obxecto da súa investigación e os documentos, neste caso gráficos, que considera relevantes para a súa investigación.

En consecuencia, tendo en conta o anteriormente expresado, e de acordo co previsto no artigo 32.1 formulámoslle a esa Alcaldía-Presidencia do Concello de Palas de Rei unha **RECOMENDACIÓN** nos seguintes termos:

“ Que por parte desa administración municipal, e tendo en conta o dereito recoñecido constitucionalmente de acceso aos arquivos administrativos, se permita o acceso do reclamante á colección fotográfica que figura nos arquivos municipais, sempre que con carácter previo este presente un escrito no que conste o obxecto específico da investigación e a natureza dos documentos gráficos que considere relevantes, e se comprometa por escrito a garantir a intimidade das persoas ás que aludan os documentos consultados ”

Resposta do Concello de Palas de Rei: Pendente de efectividade.

1.12 ÁREA DE OBRAS PÚBLICAS E EXPROPIACIÓNS

1.12.1 INTRODUCCIÓN

Na área de obras públicas e expropiacións constatouse un descenso no número de queixas presentadas, xa que ao longo do 2010 chegaron á oficina do Valedor do Pobo un total de 104 referidas a estas materias, mentres que no 2009 presentáranse 262. Sen embargo, o descenso non é tan acusado como apuntan estas primeiras cifras (que suporía un 60%), se se ten en conta que no 2009 se presentaran dúas queixas en serie ou colectivas que sumaban un total de 207 expedientes, e no 2010 outra queixa en serie achegou un total de 61 queixas. En consecuencia, o descenso nas queixas, tendo en conta a corrección indicada, foi menor do que refliten as cifras globais. A referencia máis aproximada á realidade resultaría de comparar as 55 queixas do 2009 coas 43 queixas do 2010, o que supón un descenso dun 22%, que aínda que apreciable, non resulta tan acusado.

As 43 queixas presentadas no 2010 han de distribuírse entre as diversas materias que se integran na área de obras públicas e expropiacións. A este respecto, na materia referida a expropiacións presentáronse un total de 15 queixas, e no que afecta a obras públicas as queixas foron 11. Poden destacarse tamén as queixas referidas á xestión do dominio público hidráulico, materia sobre a que se formularon 9 queixas. As restantes queixas tratan doutras diversas materias.

1.12.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O número de queixas recibidas na área de obras públicas e expropiacións ao longo do 2010 foi de 104 e o estado de tramitación no que se encontran é o que a seguir expresamos:

Iniciadas	104	
Admitidas	29	28 %
Non Admitidas	7	7 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	68	65 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	19	65 %
En trámite	10	35 %

No relativo ás queixas presentadas en anos anteriores e pendentes de resolución nalgún momento do 2009, a situación actual é a seguinte:

Ano de presentación	En trámite ao 31-12-2009	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-2010
2008	2	4	6	6	0
2009	23	8	31	31	0

1.12.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

1.12.3.1 Os atrasos na fixación e no pagamento dos prezos xustos nas expropiacións forzosas

As demoras no pagamento dos prezos xustos e xuros derivados das expropiacións promovidas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (antes Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes) constitúen o motivo máis habitual de moitas das queixas que se presentaron nesta oficina en materia de expropiacións públicas. As importantes disfuncións que se comprobaron nesta materia e as

súas prexudiciais consecuencias para moitos cidadáns foron obxecto de amplos comentarios críticos nos nosos informes anuais, nos cales sempre se puxo de manifesto a necesidade de tramitar con celeridade os expedientes de fixación de prezos xustos e, sobre todo, o deber legal, frecuentemente incumplido, de facer fronte aos pagamentos (tanto do principal coma dos xuros) con celeridade, sen deixar pasar desproporcionados períodos de tempo, como vén sucedendo.

A este respecto, malia que é certo que a Constitución, lonxe de configurar o dereito á propiedade privada como un dereito de carácter absoluto e ilimitado, o considera definido pola súa función social, non é menos certo que, en contraprestación a esta limitación das potestades dominicais, articula un mecanismo de privación dos dereitos dos propietarios en interese da comunidade, como é a expropiación, no que a administración deberá ser moi meticulosa no respecto ás garantías dos cidadáns que se ven privados dos seus bens ou dereitos.

Neste sentido, a Constitución condiciona o exercicio da potestade expropiatoria á correspondente indemnización, e a que esta se determine e pague de acordo co procedemento sinalado na lei (artigo 33.3 *in fine* CE). O equilibrio nesta institución da expropiación forzosa radica en que a imposición ao propietario dos bens da súa cesión en favor dun determinado beneficiario, debe ir ineludiblemente acompañada dunha xusta contraprestación, que se debe materializar no pagamento da cantidade que se sinala como prezo xusto, nacente a obrigación do pagamento e o correlativo dereito de cobro coa determinación firme do prezo.

Entre as queixas presentadas, algunhas delas refírense ao primeiro defecto que adoita observarse nos procedementos de expropiación forzosa, que é a xeneralizada declaración da *urxente ocupación*, cando só excepcionalmente se podería declarar a inmediata ocupación de bens e dereitos, isto é, antes de que se realice o pagamento. Así as cousas, se a inmensa maioría das expropiacións se consideran *urxentes*, resulta materialmente imposible dar efectividade á súa teórica preferencia na fixación e pagamento do prezo xusto. Como corolario ineludible desta xeneralización inxustificada do procedemento de urxencia nas expropiacións, as declaracións de urxencia normalmente

carecen de motivación, ou polo menos dunha motivación suficiente para xustificar a aplicación da teórica excepción ao caso concreto.

A maioría das queixas presentadas refírense, sen embargo, aos atrasos na fixación e pagamento dos prezos xustos, circunstancia que adoita producirse despois da declaración de urxente ocupación e, por tanto, despois de que o afectado se vexa privado do seu ben ou dereito sen previo pagamento. A partir da ocupación dos terreos expropiados, o ritmo do procedemento caracterízase por unha gran lentitude, sempre en prexuízo do expropiado, e aínda que se trata dun procedemento que correspondería impulsar de oficio á propia administración, sen embargo en moitas ocasións é o propio afectado o que debe impulsar a actuación da administración para que tramite adecuadamente a peza separada de fixación do prezo xusto.

Como reiteramos ao longo dos informe anuais desta institución, a administración autonómica pretende xustificar os atrasos nos pagamentos dos prezos xustos alegando que padece o que chama un *déficit de recursos* para facer fronte en tempo a estas obrigacións, pero as razóns de índole orzamentaria non poden servir de escusa ao estrito cumprimento das obrigacións legais. A única resposta acorde cos principios constitucionais reguladores do dereito á propiedade privada e da potestade expropiatoria é a afirmación da necesidade de que a administración actuante adopte todas as medidas, ordinarias ou extraordinarias, que sexan precisas para resolver definitivamente a acumulación de débedas xeradas polos procedementos expropiatorios, e que se aboan as débedas sen dilacións indebidas.

Os atrasos adoitan afectar tamén á cuantificación e aboamento dos xuros, aínda que a súa liquidación e pagamento deberían realizarse de forma simultánea ao aboamento do capital, xa que se trata dunha cantidade líquida. Sen embargo, o atraso no cálculo de xuros supón a xeración de novos xuros –*xuros de xuros*–, prolongándose a situación irregular.

A este respecto, entre as queixas recibidas e tramitadas polo Valedor do Pobo e que se refiren ás materias indicadas, nalgúns expedientes formulábanse polo reclamante obxeccións á declaración de ocupación urxente, como é o caso da queixa Q/1872/10, na

que se presentara un recurso de reposición contra un decreto de declaración de utilidade pública e urxente ocupación de bens e no que non recaera resolución expresa.

Noutras queixas reflectíase o problema de que despois de tramitar o expediente expropiatorio e habendo mutuo acordo no prezo xusto, sen embargo xurdía algunha incidencia posterior, como no caso da queixa Q/1154/10, na que o reclamante puido acreditar que despois de realizada a obra pública, a ocupación efectiva de terreos fora maior que a prevista no expediente expropiatorio (neste caso sensiblemente maior); logo de admitir a trámite a queixa, a administración recoñeceu o exceso de ocupación de terreos e que aínda non pagara o prezo xusto, polo que reabrimos a queixa.

Hai outras queixas que tratan do atraso na fixación do prezo xusto polo Xurado de Expropiación de Galicia, como ocorre nas Q/1284/09, Q/2630/09, Q/645/10 e Q/1324/10. En relación con este problema debemos salientar, como xa se fixo noutros informe anteriores, que en moitas ocasións no Xurado se demora considerablemente a fixación definitiva do prezo xusto en vía administrativa, acumulándose ás veces este atraso ao xa producido na anterior fase, co que dun modo inevitable se atrasa o pagamento da débeda cos afectados. Non se debe esquecer ademais que estes atrasos se producen en procedementos nos que a propia administración utiliza a excepcional habilitación do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa para declarar a urxente ocupación dos bens afectados e o conseguinte dereito á ocupación inmediata. A este respecto, non debe deixar de salientarse que esta inercia que se está producindo na tramitación dos expedientes expropiatorios non pode considerarse axustada aos principios de eficacia e obxectividade que deben rexer o funcionamento da Administración Pública, de acordo co establecido no artigo 103.1 da Constitución española. É dificilmente comprensible para un cidadán que ve ocupada a súa propiedade e executada a obra de utilidade pública ou interese social, que ao mesmo tempo se dilate a compensación económica que lle corresponde, mentres a privación dos seus bens xa se levou a efecto previamente. Ademais, a tardanza da administración na fixación e no pagamento do prezo xusto xera unha responsabilidade por demora, polo que a administración terá a obrigaón de aboar unha indemnización consistente no pagamento do xuro legal do prezo xusto, prexudicando tamén desa maneira as finanzas públicas.

En relación coas queixas de esta natureza, na Q/2630/09 formulamos á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas unha recomendación nos seguintes termos: “Que se adopten todas as medidas precisas para solucionar o atraso constatado nos expedientes de fixación de prezo xusto que coñece o Xurado de Expropiación de Galicia, de tal maneira que non se demoren os pagamentos dos prezos xustos e dos xuros; e que no caso concreto examinado, con urxencia se resolvan os expedientes de fixación dos prezos xustos e posteriormente se aboen estes e os xuros correspondentes de forma inmediata, tendo en conta o atraso xa sufrido polos expropiados” (véx. a resolución 1 das de esta área). En relación con esta recomendación recibimos dúas respostas, do presidente do Xurado de Expropiacións de Galicia e da directora xeral de Infraestruturas, das que se deduce que no que respecta ao problema xeral de atrasos nos procedementos que coñece o Xurado, a Consellería está tratando de poñer en marcha determinadas actuacións que, segundo indican, mellorarán a situación da importante acumulación de expedientes que se produce nese Xurado. Sen embargo, respecto da resolución dos expedientes que afectaban aos concretos interesados non se engadía nada ao que xa nos informara anteriormente. En consecuencia, entendemos que a Consellería aceptaba a primeira parte da recomendación formulada, pero rexeitaba a segunda, circunstancia pola realizamos este comentario crítico, de acordo co previsto no art. 33.2 da Lei do Valedor do Pobo.

1.12.3.2 Problemas relacionados coa expropiación de vivendas

Entre as queixas que tratan de procesos expropiatorios deben mencionarse especialmente as referidas a expropiacións que afectan a vivendas nas que se reside habitualmente. Neste tipo de queixas encóntranse afectados dereitos constitucionais fundamentais (o dereito á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario; art. 18 CE) e doutra orde (o dereito á propiedade privada, do art. 33 CE, e o dereito á vivenda digna e adecuada, do art. 47 CE). Estas expropiacións, que adoitan ter a súa orixe en proxectos de remodelación ou desenvolvemento urbano, son cada vez máis frecuentes, e nelas o que pretendemos desde o Valedor do Pobo é procurar que a administración obxectibe suficientemente o prezo sinalado xa en vía administrativa e antes de que se proceda á

privación da vivenda. Trátase fundamentalmente de que os afectados vexan garantido o seu dereito á substitución por outra do mesmo valor de mercado.

A este tipo de expropiacións asóciáanse problemas individuais e sociais dunha especial entidade, e aínda que é certo que para resolver as graves situacións persoais e familiares que se xeren nestes casos existen mecanismos específicos, como os dereitos de realoxamento e retorno, tamén é certo que a súa plasmación na realidade práctica non sempre ocorre en termos satisfactorios. A este respecto, consideramos que como eixe vertebrador deste tipo de expropiacións debería sempre terse en conta que cando se pretenda expropiar unha vivenda habitual, a substitución require que se concretase obxectivamente o prezo e que se pagase e, se fose o caso, que se ofrecese e concretase o dereito de realoxamento.

Como xa se sinalou en informes anteriores, como os correspondentes a 2006, 2007, 2008 e 2009, as críticas ao sistema de expropiacións que describimos resulta avalado por determinadas resolucións parlamentarias e sentenzas do Tribunal de Xustiza de Luxemburgo, do Tribunal Constitucional e dos tribunais ordinarios.

A este respecto, e aínda que no 2010 non se abriu ningunha queixa en relación con esta problemática, sen embargo debemos traer aquí dous expedientes de queixa, que xa se mencionaban no Informe anual anterior, e nos que este ano se realizaron actuacións, consecuencia das cales se concluíron definitivamente. Referímonos aos expedientes Q/2208/09 e Q/2385/09.

As dúas queixas formuláronse respecto de actuacións urbanísticas en Santiago de Compostela. A primeira referíase ao caso de 30 familias do barrio de San Ignacio de Loyola que se encontraban nunha difícil situación debido a que as súas vivendas estaban afectadas por un plan urbanístico que contemplaba a *cesión forzosa* a cambio de terreo, sen o fundamental para eles, que era o seu realoxamento a través da atribución de novas vivendas. Manifestaban que o concellos lles prometía que os ía realoxar, pero que ese compromiso non se concretaba por escrito. En relación coa expropiación prevista, cuxo procedemento aínda non se iniciara, indicaba o concello no seu informe que o dereito ao

realoxamento, como en todas as actuacións urbanísticas ata o momento realizadas pola administración municipal, consistía na posta a disposición dunha vivenda, de superficie e características adecuadas, en condicións de venda ou renda análogas ás de protección pública. Ademais, sinalaba no seu informe que no momento de se formular a queixa non se iniciara ningún procedemento para a expropiación ou obtención do solo afectado, estando o planeamento urbanístico de desenvolvemento en fase de información pública, e non de execución, e que polo tanto habería que esperar á fase de xestión do plan especial, co fin de concretar as posibles alternativas para o realoxamento dos ocupantes das vivendas afectadas. Por tanto, informamos os afectados de que o realoxamento debería concretarse no seu momento, pero se observaban que non se daba efectividade ao seu dereito de realoxamento, entón poderían acudir de novo ao Valedor do Pobo.

O segundo dos casos que mencionamos (Q/2385/09) refírese ao desenvolvemento dun sector urbanístico mediante unha expropiación que afectaba a unha vivenda, cunha valoración que o afectado consideraba baixa. O ente local rexeitou as alegacións, pero ademais aprobou unha valoración moi inferior á inicial, ao aceptar a da empresa municipal de vivenda, revisando os seus actos iniciais en prexuízo do propietario. No informe finalmente recibido do Concello de Santiago non consta que se dese a preceptiva oferta de realoxamento desde o comezo da expropiación como unha posibilidade engadida ao prezo, o que resultaba irregular. A este respecto, como xa manifestamos en diversas ocasións, entendemos que cando se trata de expropiación de vivendas habituais resulta preceptiva a oferta de realoxamento, como un aspecto complementario ao resto das compensacións que correspondan. Sen embargo, o Concello sinalou que a beneficiaria da expropiación, a empresa municipal de vivenda, ofrecera ao reclamante dúas vivendas de realoxamento construídas no ámbito do SUNP-12, valoradas como vivendas de protección autonómica, e que esa oferta fora rexeitada polo reclamante. Finalmente, o reclamante optou por unha permuta por unha vivenda promovida por unha cooperativa. En definitiva, finalmente se corrixiu o defecto indicado, ao se producir a oferta de realoxamento, aínda que con atraso.

1.12.3.3 Os danos por obras públicas e responsabilidade patrimonial da administración

En relación con esta materia se tramitou algunha queixa por danos ou molestias sufridas con ocasión da execución de obras públicas, como é o caso da queixa Q/958/10, na que uns veciños de Vilagarcía de Arousa se queixaban de posibles danos nas súas vivendas polas explosións realizadas para efectuar desmontes nunha obra de acceso ao porto de Vilagarcía, adxudicada polo Ministerio de Fomento. No informe remitido da Consellería de Economía e Industria, en relación coa autorización para a utilización de explosivos na obra, indícase que as actuacións materiais realizadas contaban con autorización da Consellería e se realizaran as inspeccións correspondentes.

Tamén poden mencionarse algunhas queixas nas que se poñen de manifesto defectos de mantemento ou de execución en obras públicas e que poderían xerar situacións de risco de danos para persoas ou bens. É o caso da queixa Q/2163/09, referida ao deficiente mantemento da autovía AG-64, en concreto no seus primeiros 18 km, entre os concellos de Ferrol e San Sadurniño. No informe remitido pola Dirección Xeral de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), ese órgano reconece as deficiencias que se mencionan na queixa, no que afecta á conservación da autovía, e indica que xa se aprobou o proxecto de obra para proceder ás actuacións de mellora que correspondan.

Noutra queixa Q/2169/09, a reclamante referíase ás fochas orixinadas por rexistros de sumidoiro nunha estrada na provincia de Ourense, como consecuencia da execución dunhas obras de mellora e ampliación. No informe remitido pola CMATI indícase que o rexistro que se encontra máis baixo que o firme da estrada é só un, que non supón perigo para a circulación, e que se deixou máis baixo para unha mellor evacuación das augas.

Noutra queixa, a Q/1612/10, unha asociación de veciños de Poio refírese á falta de beirarrúas na marxe dereita dunha estrada que discorre por un centro urbano, co conseguinte risco para os transeúntes; esta queixa encóntrase actualmente en tramitación.

Nalgunhas queixas ponse de manifesto o desacordo coas características de execución dunha determinada obra, ou ben co feito de que a obra non chegue a executarse. Así, é o caso da queixa Q/1174/10, referida a un proxecto de mellora da seguridade viaria nunha estrada en Narón. A queixa centrábase en especial no trámite de información pública en relación con ese proxecto. No informe remitido pola CMATI facíase referencia a que a obra non constituía unha nova estrada ou unha variante urbana, e o artigo 15 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, limita o trámite de información pública aos casos indicados.

Por outra parte, hai outras queixas referidas a danos con responsabilidade administrativa, como é o caso da Q/1295/10, na que o usuario dunha estrada autonómica indica o atraso na tramitación dunha reclamación por responsabilidade patrimonial polos danos no seu automóbil como consecuencia dunha focha na estrada. Inicialmente a reclamación presentáraa nas oficinas do Concello de Carballo, pero non foi remitida á CMATI, polo que solicitamos informe ao Concello respecto da tramitación dada á reclamación correspondente; actualmente este expediente de queixa encóntrase en trámite.

1.12.3.4 A xestión do dominio público hidráulico

Por outra parte, no que se refire ás queixas que tratan de problemas relacionados co dominio público hidráulico, na Q/580/10 fórmase un problema referido á fixación dunha indemnización polo establecemento dunha servidume de acueduto para o abastecemento de auga para unha casa da súa propiedade. Neste caso, que xa fora obxecto doutros expedientes de queixa, indicóuselle ao reclamante que debería intentar un acordo indemnizatorio cos donos das terras sobre as que se constituíu a servidume de acueduto, e en caso de falta de acordo debería acudir ao sistema de expropiación forzosa, solicitando a actuación administrativa do organismo autónomo *Augas de Galicia*.

Noutra queixa (Q/1713/09) facíase referencia á interrupción do aproveitamento privativo dun manancial de auga dunha veciña da parroquia do Sar, en Santiago de Compostela, algo que ao parecer sucedera como consecuencia dunha obra de saneamento. No informe remitido por *Aguas de Galicia* indícase que ao parecer se ordenou a reposición

provisional do servizo mediante o abastecemento municipal, ata que se finalicen as obras e se poida repoñer o servizo.

1.12.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Nesta sección recóllense as queixas que non foron admitidas a trámite por non reuniren os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, ou por concorrer calquera das circunstancias enumeradas nos artigos 20 e 21 do mesmo texto legal. As circunstancias que motivan con maior frecuencia a non admisión a trámite son o coñecemento xudicial presente ou pasado da queixa; a non reclamación previa á administración competente; a ausencia de indicios de actuación irregular da administración; e a natureza xurídico-privada do problema. En calquera caso, sempre se comunica a non admisión da queixa e se especifica o motivo concreto desa decisión, informando ao interesado do máis oportuno na defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos, se observamos a existencia dunha actuación alternativa que poida promoverse.

Entre as queixas non admitidas poden mencionarse aquelas nas que se considera que non houbo unha actuación irregular da administración afectada (Q/1348/10), ou aquelas nas que non houbo unha reclamación previa á administración competente (Q/1141/10, Q/1372/10), ou se referían a unha relación xurídico-privada.

1.12.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

O Defensor del Pueblo é a única institución habilitada para a supervisión da actuación da Administración Xeneral do Estado (artigo 54 CE). Por iso, cando recibimos algunha queixa relativa a esa administración, remitímola ao Defensor del Pueblo, dando efectividade desta maneira aos principios de colaboración e coordinación establecidos na Lei 36/1985, do 6 de novembro, pola que se regulan as relacións entre a institución do Defensor del Pueblo e as figuras similares nas distintas comunidades autónomas. Este ano remitimos un numeroso grupo de queixas referidas ao trazado do AVE A Coruña-Betanzos ao seu paso por Piadela e Castro, e tamén por outras obras promovidas polo Estado.

1.12.6 RESOLUCIÓN DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE OBRAS PÚBLICAS E EXPROPIACIÓN.

1.- Recomendación dirixida á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en data 31 de marzo 2010 para solucionar o retraso nos expedientes de fixación de xustiprezo que coñece o Xurado de Expropiación de Galicia. (Q/2630/09).

Nesta institución iniciou un expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. J.M.G.C. e D.^a O.M.R., debido ao atraso na sinalización e pagamento duns prezos xustos.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que anteriormente se promovera unha queixa polo atraso no pagamento dunha expropiación que lles afectaba e que nese intre coñecía o Xurado de Expropiacións de Galicia (expediente 2009/000025) derivado da construción da autovía AG-56 de Santiago de Compostela-Brión. Ante iso solicitamos información á Consellería, que confirmou o exposto na súa queixa, posto que a pesar do noso requirimento expreso acerca das causas do atraso na fixación e por tanto tamén do pagamento, respondeu sen especificar nin esas causas nin cando se resolvería sobre o xusto prezo e se producirá o aboamento. Só se sinalaba que o prezo *nestes momentos* está *pendente de resolución, polo que logo de esta ditarse se procederá sen dilación á tramitación da habilitación de crédito para facer efectivo o pagamento da cantidade que se fixe*. Non obstante, tendo en conta que o XEG ten un prazo de 3 meses para resolver, era de esperar que o expediente se rematara en breve, posto que o dito prazo xa vencera hai tempo. Sen embargo, os interesados acoden de novo á institución para indicar que a pesar do transcurso do tempo, o certo é que aínda non se resolveu e, por tanto, tampouco se aboaron o prezo e os xuros correspondentes.

Ante iso solicitamos informe á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que recentemente nola remitiu. Nese informe sinálase o seguinte:

“ASUNTO: Informe de aclaración do informe remitido en relación á queixa formulada por D. J.M.G.C. e D.^a O.M.R., ante o Valedor do Pobo, relativa ao pagamento dunha expropiación que lles afecta derivada da construción da autovía AG-56, Santiago-Brión.

En relación ao asunto arriba indicado infórmase o seguinte:

O terreo expropiado a D. J.M.G.C. e D.^a O.M.R., correspóndese coa parcela 477 e 477-bis do plano parcelario, (trátase dun mesmo terreo, aínda que se levantaron dúas actas debido á imposibilidade de incluír todos os bens afectados nunha soa). En data 15 de xullo de 2004 tivo lugar o levantamento das actas previas á ocupación destes terreos, pagándose en xaneiro de 2006 os depósitos previos. Ante a falta de mutuo acordo na fixación do xusto prezo cos propietarios, formuláronse as correspondentes follas de aprecio por parte da administración e dos interesados, notificándose en setembro de 2006 a folla de aprecio fundada formulada pola administración expropiante, que non foi admitida pola parte expropiada. Simultaneamente, o 10 de xullo de 2006, o Servizo de Estradas da Delegación na Coruña da entón Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, ditou resolución pola que se acorda corrixir a superficie e bens do terreo 477. Contra esta resolución foi interposto recurso de alzada en prazo e posteriormente foi impugnada en vía xudicial a través do recurso contencioso-administrativo. O recurso xudicial foi resolto por sentenza do 30 de decembro de 2008. Con data 9 de xaneiro de 2009 tivo entrada no Xurado de Expropiación de Galicia a peza separada correspondente ao terreo núm. 477 e 477-bis. Polo tanto, de acordo co informado anteriormente, a peza separada do expediente de expropiación forzosa dos terreos titularidade de D. J.G. e D.^a O.M., foi remitido ao Xurado de Expropiación Forzosa para a fixación do xusto prezo logo de se completar o expediente, continuando nestes momentos pendente de resolución ante este órgano especializado os expedientes referidos á obra da autovía AG-56. As previsións son de que se dite resolución polo órgano especializado no segundo semestre deste ano.”

Da información transcrita dedúcese que a Consellería confirma que o expediente se atopa demorado, posto que nin sequera se sinalou o xusto prezo e anúnciase que as

previsións son de que se dite resolución polo órgano especializado no segundo semestre deste ano, polo que ata entón non poderá iniciarse o trámite do pago tanto do xusto prezo como dos xuros. Xa antes do actual trámite se acumulara un atraso importante, posto que o levantamento das actas previas á ocupación das terras é de 15 de xullo de 2004. Agora o expediente se atopa á espera da resolución do Xurado de Expropiación de Galicia sinalando o xusto prezo en vía administrativa. O art. 11.5 do decreto 223/2005 preceptúa que “a resolución do Xurado se adoptará no prazo de 3 meses”. Sen embargo, este prazo se está a incumprir, xa que o ingreso da peza separada se deu no 9 de xaneiro de 2009 e a día de hoxe aínda non se resolveu, sen que tampouco exista previsión de resolución inmediata, posto que o único que se sinala no informe é o indicado, é dicir, que non se resolverá ata o segundo semestre deste ano, sen concretar máis.

Non podería xustificarse a falta de resolución expresa nas previsións de silencio negativo ao respecto; o transcurso do prazo regulamentario só pode entenderse como unha garantía para o cidadán afectado polo atraso, que nese caso poderá escoller entre acudir á xurisdición contenciosa-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Por tanto, en ningún caso a administración pode alegar esta circunstancia como escusa ou atenuante da súa abstención, ao permanecer a súa obriga de resolución (art. 42.1 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC).

Da mesma forma que a expropiación forzosa impón ao propietario dos bens a súa cesión en favor da administración, á vez impón tamén a esta, como contraprestación, o pagamento da cantidade que se sinala como xusto prezo, nacendo a obrigación do pago e o correlativo dereito de cobro coa determinación firme do prezo. A necesidade de respectar a obrigación antedita vén sendo obxecto de pronunciamentos xurisprudenciais desde hai moito tempo. Así, a STS do 5 de xuño de 1919 sinala que “o propietario expropiado ten dereito ao cobro, sen que poida a administración opoñer ningunha dilación”. Ademais, nos casos de expropiacións urxentes ou con ocupación previa ao pago existe a obriga de sinalización e pago preferente e rápido. O artigo 52.7º da Lei de expropiación forzosa (LEF) preceptúa que “*efectuada a ocupación dos terreos, tramitarase o expediente de expropiación nas súas fases de xusto prezo e pago segundo a regulación xeral establecida nos artigos anteriores, debendo darse preferencia a estes expedientes para a súa rápida*

resolución". Pola súa parte, o artigo 52.8º establece que *"sobre o xusto prezo acordado definitivamente para os bens obxecto deste artigo xirarase a indemnización establecida no artigo 56 desta lei (xuros de demora), coa especialidade de que será data inicial para o cómputo correspondente á seguinte a aquela en que si se produce a ocupación de que se trata"*.

No suposto que coñecemos, o XEG demora considerablemente a fixación definitiva do xusto prezo en vía administrativa, atraso que se vén a acumular ao xa producido na anterior fase. Con iso inevitablemente se atrasa o aboamento da débeda cos afectados. A actuación da administración vén caracterizada por esa demora da que tratamos, que se produce nun procedemento no que a propia administración utiliza a excepcional habilitación do artigo 52 da LEF para declarar a urxente ocupación dos bens afectados e o conseguente dereito á ocupación inmediata. Tal proceder non pode considerarse axustado aos principios de eficacia e obxectividade que rexen o funcionamento da administración pública, segundo o establecido no artigo 103.1 da Constitución española, fundamentalmente porque é dificilmente comprensible para un cidadán que ve ocupada a súa propiedade e executada a obra de utilidade pública ou interese social que se dilate por máis e máis tempo a súa compensación mentres a privación xa foi levada a efecto previamente.

A Constitución española establece a función social da propiedade privada e por iso establece tamén os mecanismos para a privación dos seus dereitos aos propietarios en interese da comunidade, ou, como sinala a propia Constitución, por causa xustificada de utilidade pública ou interese social (artigo 33.2 e 3). Pero ao tempo sinala tamén que cando tal cousa suceda, iso debe traer consigo a correspondente indemnización, e o procedemento debe ser acorde co disposto pola lei (artigo 33.3 *in fine*). Neste suposto que examinamos, utilizada a habilitación excepcional para a inmediata ocupación, da información facilitada parece deducirse que a celeridade non foi nin está sendo característica do trámite de compensación do propietario.

Por outra parte, a tardanza da administración na fixación e aboamento do xusto prezo xera unha responsabilidade por demora, polo que a administración terá a obriga-

de aboar unha indemnización consistente no pago do xuro legal do xusto prezo, prexudicando tamén desa maneira as finanzas públicas.

Xa con anterioridade coñeceramos que o XEG recoñecía os atrasos que se producían no seu seo, que pretendía xustificar con diferentes argumentos rexeitados pola nosa banda (por exemplo, na queixa Q/853/09, que deu lugar a recomendación núm. 1 das *da área de obras públicas e expropiacións* no Informe do 2009). Preocupaba entón e segue a preocupar que ese órgano sinala que o problema tratado non é puntual e que non se indique que se teña previsto aplicar as medidas ordinarias ou extraordinarias precisas para solucionalo.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a seguinte **recomendación:**

“Que se adopten todas as medidas precisas para solucionar o atraso constatado nos expedientes de fixación de xusto prezo que coñece o Xurado de Expropiación de Galicia, de tal maneira que non se demoren os pagos dos prezos e os xuros; e que no caso concreto examinado, con urxencia se resolvan os expedientes de fixación de cadanseu xusto prezo e posteriormente se aboen estes e os xuros correspondentes de forma inmediata, tendo en conta o atraso xa sufrido polos expropiados.”

Resposta da Consellería: Aceptada parcialmente

**1.13 ÁREA DE CORPORACIÓNS LOCAIS, SERVIZOS
MUNICIPAIS E PROTECCIÓN CIVIL**

1.13.1 INTRODUCCIÓN

Un exame comparativo entre as queixas recibidas no ano 2009 –que foron 203- e as iniciadas e tramitadas no 2010 -219 queixas- confirman a tendencia equilibrada de reclamacións no sector público relativo á organización e funcionamento das corporacións locais. Os datos estatísticos que a seguir se relacionan confirman a anterior afirmación.

1.13.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O número total de queixas recibidas no ano 2010 é de 219, coa seguinte desagregación:

Iniciadas	219	
Admitidas	210	96 %
Non Admitidas	9	4 %
Remitidas ao Defensor do Pueblo	0	---

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	162	77 %
En trámite	48	23 %

Ao longo deste ano tamén foron obxecto de trámite diversas queixas presentadas en anos anteriores:

Ano de Presentación	En trámite ao 31-12-09	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-2010
2008	6	1	7	7	0
2009	66	0	66	66	0

1.13.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

1.13.3.1 Dereito de participación nas corporacións locais

Dado o número de queixas tramitadas e as distintas causas que as orixinaron, parece oportuno buscar un criterio de homoxeneidade para o seu desenvolvemento.

1.13.3.1.1 dereito dos membros das corporacións de acceso á información e documentación municipais

Este dereito instrumental, recoñecido como fundamental pola súa vinculación co artigo 23.2 da Constitución española, vén configurado legalmente nos artigos 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (no sucesivo LRBRL), e 226 da Lei autonómica 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (no sucesivo LALGA). Na súa interpretación e aplicación debemos invocar unha constante e reiterada xurisprudencia, da que son testemuña recente as sentenzas do Tribunal Supremo do 22 de novembro e 7 de decembro de 2004, 2 de decembro de 2005, 4 de xuño e 22 de outubro de 2007.

Con frecuencia ábrese unha dialéctica entre o que demandan os grupos municipais da oposición e as respostas que reciben. Para algúns alcaldes as solicitudes de información e documentación resultan improcedentes, abusivas e cando non entorpecedoras do labor municipal. E para os grupos municipais na oposición as respostas son nalgúns casos,

baleiras, insuficientes e tardías. Esta dialéctica ponse de manifesto nas 28 queixas tramitadas no ano 2010.

Algunhas delas destacan pola súa reiteración, como sucede co Concello de Cabanas (expedientes números 644, 1063, 1176 e 1921/10); outras pola súa complexidade, como se pode verificar ao examinar os expedientes tramitados ante os concellos de As Pontes (núm. 196/10), Vila de Cruces (núm. 989/10) e Viveiro (núm. 1584/10); e outras, por último, en función da súa extensión (expedientes números 1487 e 1488/10, do Concello da Coruña).

Intimamente vinculado ao dereito de acceso á información se encontra o dereito á expedición de copias da documentación municipal cuxo exercicio –nalgúns ocasións de forma discriminada– xerou un conflito de intereses para cuxa resolución se invocou a doutrina sentada polo Tribunal Supremo nas súas sentenzas do 29 de marzo de 2006 e 2 de xullo de 2007, destacándose desta as seguintes notas:

- a) *O núcleo básico do dereito fundamental de participación política inherente ao cargo de concelleiro satisfaise co dereito á información e non comprende un dereito a obter copias da documentación existente na corporación local.*
- b) *Ese dereito a obter copias deriva da normativa de réxime local antes mencionada e non é incondicionado, pero a súa indebida denegación, cando é procedente, si incide no dereito fundamental de participación política (porque, pese a que se trata dun dereito non derivado da Constitución, senón da normativa inconstitucional, o certo é que se recoñece como un instrumento para exercer o cargo de concelleiro).*
- c) *As condicións para reclamar ese dereito de obtención de copia son diferentes segundo o título normativo que sexa invocado: cando se exercite ao amparo das aliñas a) e b) do artigo 15 do ROFRX/CL, haberá de precisarse o asunto en relación ao cal se piden as copias; e cando o*

sexa, segundo a aliña c) dese mesmo precepto regulamentario, deberá cumprirse coa exixencia de individualización documental que establecen as aliñas 7 e 8 do artigo 37 da Lei 30/1992.

- d) Cumpríndose con esas condicións, non poderá exixirse ao interesado que xustifique adicionalmente a utilidade ou conveniencia das copias solicitadas para o desempeño da función de control político que corresponde ao cargo de concelleiro.*
- e) Recae sobre o concello destinatario da solicitude de copia a carga de xustificar e motivar a súa denegación.*

Tamén cómpre engadir que o excesivo volume da documentación cuxa copia sexa solicitada e a perturbación que a súa expedición ou entrega poida causar no funcionamento da corporación local, en razón dos medios de que esta dispoña, será un factor de lexítima ponderación na resolución que haxa de ditarse. Pois non podemos esquecer que asegurar a normalidade daquel funcionamento é un imperativo do principio de eficacia que para a actuación da administración pública proclama o artigo 103 CE.

1.13.3.1.2 dereito de participación do veciño na actividade municipal

O artigo 70 bis da LBRL establece o deber que pesa sobre os concellos de facilitar a efectiva participación dos veciños nos asuntos da vida pública local. O correlato dese deber xurídico é o dereito recoñecido aos cidadáns de recibir unha ampla información sobre a actividade municipal e de participar na vida local.

Sen limitar esa participación, pero co propósito de facela máis efectiva, o artigo 72 da LBRL potencia o protagonismo das asociacións veciñais, atribuíndolles nos artigos 227.2 e 228 do ROF unha facultade da que carecen outras entidades, xa que poden ser convocadas para escoitar o seu parecer ou recibir o seu informe respecto a un tema concreto incluído na orde do día dunha comisión informativa ou dunha sesión plenaria.

As razóns xurídicas expostas xustifican a intervención desta institución nalgúnhas das queixas tramitadas. Entre elas citamos as formuladas por veciños interesados ante as respectivas entidades locais en demanda dunha necesaria información, ao seu xuízo, demorada, limitada ou denegada (expedientes 1029, 1075, 1319, 1410, 1624, 1842, 2176, 2189 e 2340/10).

Tamén debemos mencionar as reclamacións formuladas por determinadas asociacións veciñais, como as referidas á utilización dun local social ou á denegación da súa inscrición no rexistro municipal de asociacións (Concello de Mesía); á carencia de axudas económicas para o pagamento de actos culturais ou a desconformidade coas subvencións concedidas (concellos de Ribadeo e Laracha); a falta de participación veciñal na programación de investimentos ou no uso da palabra nas sesións plenarias ordinarias (Moaña); a carencia de servizos municipais nunha parroquia (Concello de Soutomaior). Tamén destaca, pola súa singularidade, a formulada por un partido político constituído en As Pontes que reclama, pola falta de información e participación na vida local en base á documentación presentada (expediente núm. 196/10).

1.13.3.1.3 Organización e funcionamento das corporacións locais

O número de queixas presentadas nesta sección e a súa diversidade, obríganos a realizar unha referencia resumida dalgunha delas e das cuestións suscitadas. Nunha denúnciase a falta de convocatoria dunha sesión plenaria, extraordinaria u ordinaria, dentro do prazo sinalado, ou que no lugar de celebración da sesión plenaria non estivese presente a efíxie do Rei (artigo 85.2 ROF), ou non estivesen colocadas debidamente as bandeiras oficiais. Exemplo diso son as queixas presentadas en relación cos concellos de Carral e Brión.

Outras reclaman contra a falta de debate dunha moción incluída na orde do día, ou polo incumprimento das quendas de intervención concedidas aos grupos municipais, ou pola redución do tempo asignado ao concelleiro (Concello de Cabanas).

E por último, noutra queixa, suscitouse un debate sobre a falta de control pola corporación en pleno do funcionamento da emisora municipal, incumpríndose o establecido no art. 4º da Lei 11/1991, do 8 de abril, neste momento derogado e substituído polo artigo 41.2 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

Na maioría destes casos, a institución tivo que formular os correspondentes recordatorios de deberes legais ás corporacións locais afectadas.

1.13.3.2 SERVIZOS DAS CORPORACIÓNS LOCAIS

1.13.3.2.1 Servizos locais

O artigo 3.1 da Carta europea de autonomía local, ratificada por instrumento estatal o 20 de xaneiro de 1988, entende a autonomía local como o dereito e a capacidade efectiva das entidades locais de ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da lei, baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes.

Unha parte importante da xestión deses asuntos públicos a asume os municipios a través da prestación de servizos públicos, que contribúen a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal. Dentro destes, ocupa un lugar preferente os servizos mínimos de prestación obrigatoria en todos os municipios, servizos que se relacionan no artigo 81, letra a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, e sobre os cales converxen moitas das queixas que seguidamente imos referenciar.

Respecto ao servizo de abastecemento de auga potable a domicilio as queixas son recurrentes. Hai núcleos rurais carentes do dito servizo municipal e noutros sucédense cortes frecuentes, pouca presión da auga, mala calidade da auga subministrada, ou lecturas erróneas dos contadores. Exemplos desta variedade de denuncias encóntranse nos sete expedientes tramitados e concluídos no ano 2010.

Os problemas derivados do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria orixinaron frecuentes queixas. Unhas veces por un funcionamento insuficiente do servizo e, na maioría das ocasións, pola mala situación ou pola distancia dos colectores instalados. En doce expedientes encontramos exemplos ilustrativos da citada motivación.

Un capítulo especial ábrese paso dentro deste sector, que é o referente á limpeza de terreos próximos a vivendas con dezaioito expedientes tramitados.

A defensa do medio ambiente, da saúde pública ou o perigo de incendios forestales –despois dos acontecementos sufridos no verán do 2006- motivaron unha denuncia xeneralizada dos terreos próximos a vivendas, abandonados ou descoidados. Invócase con frecuencia os artigos 9.4 e 199.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbana e protección do medio rural de Galicia, e 7.d) e 22 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestales en Galicia, para fundamentar un importante número de queixas. En oito expedientes tramitados ponse de manifesto unha inquedaña veciñal xeneralizada, situación que se agrava coas dificultades alegadas, nalgúns casos, polos concellos respecto á localización dos seus propietarios.

O estudo das referidas queixas ponos de manifesto a necesidade de establecer uns criterios dirimentes na gradación de responsabilidades.

O propietario é o primeiro obrigado a manter o solo natural e, se fose o caso, a masa vexetal, nas condicións precisas para evitar a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, do aire ou da auga. O problema xorde cando incumpre esa obrigación e hai que acudir á execución subsidiaria dos traballos preventivos.

No suposto de terreos urbanos, a competencia municipal é clara. Pero, qué ocorre coas leiras? Cando se encontran situadas en franxas de especial protección ou nas redes secundarias de xestión de biomasa (ás que se refire o artigo 21.1.b da Lei 3/2007, do 9 de abril) e o propietario incumpre coas obrigacións de conservar e limpar a leira, neste caso, impútase aos concellos a súa execución subsidiaria. Estes, con frecuencia, alegan -sobre todo os pequenos municipios- que para o exercicio desa competencia transferida por lei

necesitan de medios técnicos, persoais e económicos suficientes que a administración autonómica debe dotar en cumprimento do establecido nos artigos 59 da citada Lei 3/2007, do 9 de abril, e 331.1 da Lei 5/97, de administración local de Galicia.

Outro sector que concita un importante número de queixas son as redes de saneamento. A carencia de depuradoras e de redes de sumidoiro nalgúns núcleos rurais e costeiros, e a insuficiencia dos servizos de mantemento e conservación das citadas redes, están presentes nas queixas recollidas en dez expedientes tramitados no ano 2010.

As deficiencias denunciadas e as súas consecuencias no medio ambiente e na preservación da salubridade pública aconsellan un esforzo prioritario das administracións públicas implicadas na prestación deste servizo.

Tamén resultan significativas as queixas relativas á reparación de vías públicas e iluminación para garantir a seguridade das persoas e dos vehículos obrigados á súa utilización. O cumprimento do citado servizo é asumido e recoñecido polos concellos, os cales alegan no seu descargo a insuficiencia de recursos orzamentarios e a ampla rede municipal que xestionan -procedente en moitos casos de vías entregadas polo servizo de concentración parcelaria-. Dentro deste período concluíronse trinta e dous expedientes, dos cales dez foron iniciados no ano 2009 e os restantes vinte e dous tramitáronse no presente exercicio.

Estreitamente vinculado co referido deber de mantemento e conservación das vías públicas, encóntrase o de recuperación de camiños públicos ante actos de invasión ou de limitación do seu uso por algún veciño. As cuestións formuladas son múltiples e, con frecuencia, os conflitos sobre a súa natureza traen causa dunha confusión interesada entre o que é un camiño público, unha servidume de paso ou unha serventía. Os catorce expedientes de queixa tramitados nesta sección xustifican unha recomendación xeral que, desde este informe anual, se dirixe aos concellos para que, en cumprimento dos artigos 32, aliñas 1 e 4, da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas, 86 do Texto refundido da lei de réxime local, do 18 de abril de 1986, e artigos 17 e seguintes do seu regulamento de bens, procedan a rectificar anualmente os inventarios de

bens e se actualice o seu patrimonio cun adecuado programa informático que permita exercer as accións de defensa e recuperación do referenciado patrimonio sen incorrer no que son xa frecuentes procesos xudiciais.

1.13.3.3 Protección civil e outros

Dentro desta sección, e pola incidencia que tiveron algunhas queixas en trámite sobre os servizos prestados por protección civil e policía local, parécenos oportuno abrir un período de reflexión sobre dúas cuestións puntuais que afectan ao funcionamento dos concellos, para cuxa solución, ao noso xuízo, é necesario o auxilio técnico e financeiro da administración autonómica.

Referímonos, en primeiro lugar, á recollida de animais abandonados nos termos municipais. En cincuenta e cinco expedientes tramitados resultou evidente, nun, a carencia, e en cincuenta e catro, a insuficiencia, de medios dos municipios para prestar un servizo de recollida de animais abandonados e a súa posterior atención en centros idóneos. A lexislación vixente atribúe esta competencia ás entidades locais. Unha rápida lectura dos artigos 11.1 e 16 da lei autonómica 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro –e o seu posterior desenvolvemento no art. 54 do Decreto 153/1998, do 2 de abril-, ponnos de manifesto:

- A responsabilidade do alcalde na defensa e protección dos animais no ámbito de cada municipio.
- A obrigaón dos concellos na recollida dos animais abandonados coa conseguinte carga de retelos ata que sexan reclamados ou acollidos e, nalgúns casos, sacrificados.
- O deber de contar cun centro de acollida e tenza de animais para cuxo funcionamento poden concertar convenios de colaboración ou de cooperación coa consellería competente por razón da materia ou ben con

asociacións constituídas para a protección e defensa de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

Se temos presente o custe do servizo, os escasos recursos dos municipios afectados, e a supramunicipalidade da materia, a solución exige unha partición efectiva e eficaz da administración autonómica en este ámbito.

A segunda cuestión que sometemos a consideración ten a súa orixe na Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, e no seu regulamento, aprobado por Decreto 25/2000, do 28 de xaneiro, cuestións que se formulan nos expedientes números 1667, 1946 e 2318/09, e nos expedientes 315/10 e 1285/10. A adaptación dos espazos públicos, de vías e parques existentes, así como de edificios de acceso público obriga aos concellos á execución de proxectos de urbanización e de investimentos para os que carecen, en moitos casos, de medios técnicos e económicos suficientes. Ábrese así outro ámbito no que a colaboración e coordinación da administración autonómica resulta imprescindible.

1.13.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

O seu número cifrouse en 9 polos motivos enumerados nos artigos 14.4, 18.3, 20 e 21 da Lei 6/84, do 5 de xuño, reguladora da institución do Valedor do Pobo. A maioría - seis- por non existir unha actuación administrativa previa que xere o título habilitante da competencia atribuída polo artigo 1.3 da citada lei. Noutros dous máis, por ser a materia non sometida á competencia desta institución. E a última, polo seu carácter anónimo.

1.13.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

Neste exercicio non se remitiu ningunha queixa correspondente a esta área ao Defensor del Pueblo.

Comentario final

Ademais dos expedientes de queixa tramitados, dentro desta área foron sometidos a consideración da oficina do Valedor tres expedientes de escritos diversos referentes a discrepancias xurdidas entre colectivos dedicados á venda ambulante, cambio no deseño artístico de farois destinados á iluminación pública e denuncias formuladas contra entidades locais e organismos autonómicos polo acondicionamento do acceso a unha vivenda illada nun núcleo rural.

Estas iniciativas vinculadas ao exercicio do dereito de petición, tramitáronse ao amparo da Lei orgánica 4/2001, do 12 de novembro, cun procedemento diferenciado das queixas “que se rexerán pola súa lexislación específica” (disposición adicional segunda da referida lei orgánica).

Por tanto o número total de expedientes -sumadas as iniciativas referidas- foron de 219 queixas e 3 expedientes de escritos diversos.

1.13.6 RESOLUCIÓN DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE CORPORACIÓN LOCAIS, SERVIZOS MUNICIPAIS E PROTECCIÓN CIVIL

1. Recomendación do 11 de xaneiro de 2010, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Teo, para reposición da legalidade urbanística no lugar de Texexe. (Q/2087/09).

Notificámoslle a recepción de fotocopias do expediente remitido o pasado día 15 de decembro (registro de saída núm. 5745) en relación co expediente de queixa 2087/09.

Examinados os informes técnicos e policiais achegados ao expediente municipal, verificamos:

- Que a empresa responsable da formación dunha bolsa de auga e dun vertedoiro de entullos, na parcela núm. X do polígono Y do lugar de Texexe é C.y R. R.C, S.L.
- Que malia os requirimentos efectuados mantén a súa inactividade material para repoñer a legalidade urbanística infrinxida.
- Que no expediente en trámite o Concello ten iniciadas as medidas previstas nas aliñas 2 e 4 do artigo 199 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Polo que antecede en no exercicio das competencias atribuídas a esta institución polo artigo 31 da Lei 6/84, do 5 de xuño, debo formularlle a seguinte **recomendación**:

Para garantir as condicións de seguridade, salubridade e ornato público no lugar de Texexe e da súa veciñanza, recomendo o impulso dilixente do expediente de reposición da legalidade urbanística en relación coa parcela núm. X do polígono Y do devandito lugar, adoptando as

medidas previstas no artigo 199 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Resposta do Alcalde de Teo: Aceptada

2. Recomendación do 14 de xaneiro de 2010, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Ourense, para recuperación dun camiño público en Quintela de Canedo (estrada de Vigo a Ourense). (Q/1546/09).

Notificámoslle a recepción do seu escrito do 21 de decembro (rexistro de saída 43699) en relación co expediente de queixa N.7.Q/1546/09.

O exame do documentado informe xurídico que xunta ao escrito referenciado, obríganos a salientar os seguintes feitos:

1º) O expediente de investigación (núm. 17/06) da situación e titularidade do camiño sito na fronte dos números X e Y de Quintela de Canedo debeu iniciarse de contado, a partir do acordo adoptado pola Xunta de goberno local do 25-5-2006, e rematarse no prazo máximo de seis meses, segundo o establecido no artigo 42.3 da Lei 30/92, do 26 de novembro.

2º) Dende o 17 de abril de 2007 *“en que se levou a cabo una reunión entre propietarios y técnicos municipales de la que no consta acta o relación de circunstancias alguna”* non se practicou ningunha actuación nin concorreu ningunha causa xustificativa para explicar a inactividade material da administración municipal na defensa do ben patrimonial sometido a investigación.

3º) O órgano municipal competente debe impulsar o procedemento de investigación, segundo o decreto da Alcaldía do 7 de xullo de 2009.

Os feitos relatados e a súa vinculación cos descritos no expediente de disciplina urbanística núm. 889/09 xustifican a decisión desta institución de exercer as facultades

establecidas no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, e formularlle a seguinte **RECOMENDACIÓN:**

A concelleira delegada de Urbanismo, Patrimonio e Licenzas de Obra e Actividade, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno Local de Ourense, do 25 de maio de 2006 debe impulsar o procedemento de investigación, previsto nos artigos 45 e seguintes do Regulamento de bens das corporacións locais, do 13 de xuño de 1986, do tramo do camiño sito á altura dos números X e Y de Quintela de Canedo e, determinada a súa titularidade pública municipal, exercer a acción de recuperación da súa posesión segundo o prescrito no artigo 71 do citado regulamento.

Resposta do Alcalde de Ourense: Aceptada

3. Recomendación do 21 de xaneiro de 2010, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Parada de Sil, para a apertura de dous tramos pechados dun camiño público nos lugares de Cimadevila e Senre (Q/2384/09).

Notificámoslle a recepción do seu escrito do 30 de decembro, que tivo entrada no rexistro desta institución o día 7 de xaneiro co número 39, en relación coa reclamación presentada por D.^a R.M.P.P..

O exame da documentación que xunta ao escrito referenciado, obríganos a salientar os seguintes feitos:

1º.- O sr. alcalde, con data 26 de marzo de 2009, comunicoulle á interesada a formación do “inventario de todos os bens e dereitos” por un equipo técnico da Deputación e que, de comprobar que o camiño é un ben de uso público, o Concello tomaría as medidas oportunas para a súa apertura.

2º.- O arquitecto técnico municipal, no seu derradeiro informe do 16 de decembro de 2009, revisa e rectifica o seu anterior do 22 de abril coa seguinte conclusión:

“A la vista de lo anteriormente expuesto, y la situación que se plantea sobre la indefinición de la titularidad del camino, rectifico en lo expuesto en informe anterior en cuanto a que "deberá de instarse a las personas que lo han interrumpido a que lo repongan en su estado original,...", en tan.. dicha titularidad u otras causas, que deberán de ser competencia de los tribunales de justicia”

3º.- Sobre o peche de dous tramos do camiño, que comunica os lugares de Cimadevila e Senra, e a súa posterior inclusión nos terreos lindeiros dos veciños J.A. e I. V., existen en trámite dous expedientes administrativos complementarios e non excluíntes. Por unha banda atópase aberto un expediente Sil-100/2008 para investigar a titularidade pública do camiño denunciado e comprobar a existencia de actos de ocupación realizados por dous veciños, investigación que no seu desenvolvemento debe someterse ao procedemento establecido nos artigos 46 e seguintes do Regulamento de bens das corporacións locais, do 13 de xuño, e rematarase no prazo máximo de seis meses (artigo 42.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).

Pola outra, comezaron os traballos para a formación do inventario municipal de bens segundo o preceptuado no artigo 17 e seguintes do referenciado regulamento de bens.

Porén ambas as actuacións, reiteramos, non son excluíntes. É máis, resulta necesario cualificar a natureza pública do camiño en litixio para autorizar a súa inclusión no inventario como ben de dominio público.

Os feitos relatados e a documentación obrante no expediente en trámite xustifican a decisión desta institución de exercer as facultades establecidas no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, e formularlle a seguinte **recomendación**:

O Concello de Parada de Sil debe impulsar o procedemento de investigación da titularidade do camiño en litixio, de conformidade co disposto nos artigos 45 e seguintes do Regulamento de bens das

corporacións locais, do 13 de xuño de 1986, e resolvelo de xeito expreso, notificando a dita resolución ás partes interesadas para que as cuestións de natureza civil que se susciten poidan someterse á xurisdición ordinaria. Esta actuación é complementaria da que se realiza para a elaboración e aprobación do inventario municipal de bens, en cumprimento da obriga establecida no artigo 17 do regulamento de bens referenciado, que debe impulsarse e rematar no prazo máximo establecido no artigo 42.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Resposta do Alcalde de Parada de Sil: Aceptada.

4. Recomendación do 27 de xaneiro de 2010, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Carral, para a convocatoria dunha sesión extraordinaria. (Q/1908/08).

Notificámoslle a recepción do seu escrito de saída núm. 36 e data 12 de xaneiro en relación co expediente de queixa 1908/08.

O contraste entre o informe solicitado, nos dous parágrafos derradeiros do noso escrito de 17 de setembro de 2009, e a resposta recibida, xustifica a decisión desta institución de exercer as facultades establecidas no artigo 32 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, e formularlle a seguinte **recomendación**:

Na tramitación das solicitudes de sesión extraordinaria e cunha interpretación literal, sistemática e finalista do artigo 46.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local, aconsellamos aos Sres. alcaldes, con carácter xeral, que se axusten ao seguinte procedemento:

- Abrir o expediente e decretar a convocatoria da sesión extraordinaria dentro dos catro días seguintes ao da solicitude.

- Notificar a convocatoria e a orde do día aos concelleiros alomenos con dous días hábiles de antelación.

- Celebrar ou ter lugar a sesión extraordinaria dentro dos 15 días hábiles seguintes ao de presentación da solicitude no rexistro público do concello.

Así mesmo, lémbrolle que transcorrido o prazo legal o pleno queda automaticamente convocado para o décimo día hábil seguinte ao da finalización do prazo citado, ás doce horas, o cal será notificado polo secretario da corporación a todos os seus membros sen que esta convocatoria automática legal poida ser acurtada ou adiada, á vista da redacción que deste parágrafo estableceu a Lei 11/1999, do 21 de abril”.

Resposta do Alcalde de Carral: Aceptada

5. Recomendación do 8 de febreiro de 2010, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Cabanas, para o exercicio do dereito de acceso á información e documentación municipal (Q/546/09).

Notificámoslle a recepción do seu escrito do 29 de xaneiro (rexistro de saída núm. 118) que tivo entrada nesta institución o día 2 de febreiro co número 459.

Examinado o seu contido e vistas as reiteradas queixas tramitadas neste ano sobre o cumprimento do artigo 77 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (expedientes números 56, 526, 546, 1117 e 2266), esta institución, de acordo co establecido no artigo 32 da Lei 6/85, do 5 de xuño, reguladora do Valedor do Pobo, formúlalle a seguinte **recomendación**:

No seo das corporacións locais hai que garantir os membros que as integren o pleno exercicio do dereito de acceso á información e documentación obrantes nas dependencias municipais e que afecten ao ámbito de competencias locais, de acordo co artigo 23.2 da Constitución española e coas normas do réxime local, na medida en que se trata dun dereito instrumental ao servizo do dereito de participación nos asuntos

públicos e resulta necesario para que os cargos públicos representativos poidan cumprir cabalmente as funcións que teñen encomendadas, non podendo estar sometido, na súa plasmación práctica, a criterios de oportunidade ou conveniencia por parte dos Alcaldes. Obstaculizar, restrinxir ou perturbar o citado dereito previsto no art. 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 226 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, e administración local de Galicia, supón a lesión do dereito fundamental recoñecido polo art. 23.2 da Constitución, non admitindo máis limitación que a xustificada para manter o correcto funcionamento dos servizos administrativos municipais.

Resposta do Alcalde de Cabanas: Aceptada

6. Recomendación do 11 de febreiro de 2010, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Sada, para o exercicio do dereito de acceso á información e documentación municipal. (Q/1945/09).

O presente expediente de queixa trae causa do escrito presentado ante esta institución por D. D.B.V., na súa condición de voceiro do grupo mixto do Concello de Sada. Tivo entrada no rexistro da institución o día 30 de setembro co número 4759.

A cerna da súa reclamación é o exercicio do dereito de acceso ao informe de liquidación do orzamento, correspondente ao exercicio económico 2008 da Sra. interventora do Concello que, segundo o interesado, solicitou por escrito o 24 de abril de 2009 (rexistro de entrada 3533). O devandito informe, de ser aprobada a liquidación do orzamento do 2008, establecía a necesidade de elaborar un plan económico financeiro no prazo de 3 meses, en cumprimento do disposto no artigo 21.2 do Real decreto 1463/2007.

O exame do complexo e extenso expediente de queixa tramitado e a necesidade de concretar aqueles datos que permitan fundamentar a nosa decisión, obríganos a relatar os seguintes feitos:

- A Sra. interventora emitiu, coa ata de 26 de febreiro, o seu informe verbo a liquidación do orzamento do exercicio económico 2008.

- A devandita liquidación aprobouse o 22 de abril de 2009 acadando un remanente de tesourería negativo na contía de 1 748 002,79 €

- O Sr. alcalde subliña que o sr. B.V., no seu escrito inicial do día 24 de abril, solicitaba o acceso ao informe de execución orzamentaria “Evidentemente confunde o Informe de execución orzamentaria e o Informe de liquidación orzamentaria, porque respecto do primeiro hai que dicir que o coñece desde o 14 de novembro de 2008, data de celebración da sesión extraordinaria do Pleno” (figura como punto sétimo da orde do día).

- O Decreto da Alcaldía núm. 593/09, do 22 de abril, polo que se aproba a liquidación do orzamento municipal do exercicio 2008, xunta o informe de intervención, da que se dá conta ao Pleno da cámara na sesión ordinaria que tivo lugar o 30 de abril de 2009 (punto terceiro da orde do día).

- Na acta da sesión extraordinaria da Comisión Especial de Contas do 12 de xuño de 2009 consta que “... O Sr. presidente invita a intervir aos Sres. vogais representantes dos distintos grupos, que declinan o ofrecemento, agás o sr. Brandariz, que pide que figuren no expediente os informes de execución orzamentaria de 2008 e o de reparos emitidos nese exercicio pola intervención, sendo informado pola Sra. interventora que eses informes non teñen porque figurar no expediente da conta, malia que non hai problema para informar o Pleno deles neste momento.”

- O Sr. B. declara que, na exposición pública da conta xeral do 3 ao 31 de xullo, non figurou o informe de liquidación de orzamento 2008, senón o informe de execución do orzamento 2008, confusión de termos utilizada de forma reiterada. Por este motivo o 15 de setembro de 2009 pediu o informe da interventora municipal, escrito de rexistro de entrada núm. 8988, sendo incluído o 22 de setembro no expediente para aprobación definitiva da conta xeral de 2008.

- Na sesión plenaria de 29 de outubro de 2009 os grupos municipais da oposición incluíron unha moción sobre o Plan de saneamento económico-financeiro como punto 9 da orde do día. Ao longo do seu debate, os voceiros dos grupos municipais sinatarios manifestaron que existía un informe da Sra. interventora sobre a execución orzamentaria desde febreiro de 2009, que eles non coñecían e que obrigaba ao Concello a elaborar e aprobar, no prazo de 3 meses, un plan económico-financeiro. Pola súa banda, o Sr. alcalde “manifesta que o dito informe estaba no expediente da conta xeral que se aprobou en xuño, como confirma a Sra. interventora”.

- Con data 19 de novembro todos os voceiros dos grupos municipais da oposición manifestan *“Nunca hemos tenido acceso a través de ningún expediente necesario para la toma de decisiones en las correspondientes sesiones de los órganos colegiados en los que participo como concejal del informe de liquidación del presupuesto 2008 hasta el día 22 de septiembre de 2009 que se incluyó en el expediente para la celebración de la sesión ordinaria celebrada por el Pleno del Ayuntamiento el 24 de septiembre de 2009.”*

A lectura sumaria dos antecedentes relatados evidencian unha contradición sobre o acceso ao informe requirido á Sra. interventora. O reclamante solicitou, ao parecer, no seu escrito de 24 de abril, o acceso ao informe de execución orzamentaria, documento que, segundo o Sr. alcalde, xa coñecía desde o 14 de novembro de 2008. Posteriormente o reclamante reitera a súa petición de acceso ao informe da Sra. interventora sobre a liquidación orzamentaria do exercicio económico 2008, do que non tivo coñecemento (segundo consta no escrito colexiado e conxunto dos voceiros municipais) ata o 22 de setembro de 2009.

Chegados a este punto, a institución debe facer unha dobre consideración:

- A contradición existente sobre o documento contable requirido e a súa incidencia na tramitación e aprobación do plan económico e financeiro, son cuestións sometidas ao pronunciamento do Consello de Contas cando supervise e examine a conta xeral do concello correspondente ao exercicio económico 2008.

- O expediente pon de manifesto que a petición de acceso ao documento contable (sexa en principio o informe de execución orzamentaria sexa posteriormente o informe de liquidación do orzamento de 2008) non se tramitou na forma e no prazo establecidos no artigo 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Esta segunda consideración lévanos a reiterar a **recomendación** feita o 23 de xaneiro de 2007, ao abeiro do artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, reguladora da institución do Valedor do Pobo, nos seguintes termos:

“No seo das corporacións locais -e da súa en particular- hai que garantir os membros que as integren o pleno exercicio do dereito de acceso á información e documentación obrantes nas dependencias municipais e que afecten o ámbito de competencias locais, de acordo cos principios constitucionais descritos e as normas do réxime local, na medida en que se trata dun dereito instrumental ó servizo do dereito de participación nos asuntos públicos e resulta necesario para que os cargos públicos representativos poidan cumprir cabalmente as funcións que teñen encomendadas, non podendo estar sometido, na súa plasmación práctica, a criterios de oportunidade ou conveniencia por parte dos Alcaldes. O obstáculo, a restrición ou a perturbación do citado dereito previsto no art. 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 226 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, e administración local de Galicia, supón a lesión do dereito fundamental recoñecido polo art. 23.2 da Constitución, non admitindo máis limitación que a xustificada para manter o correcto funcionamento dos servizos administrativos municipais.

Así mesmo debe de procederse á expedición de copias de documentos concretos solicitados polos concelleiros cando se dean os requisitos esixidos –como é o caso- no articulado do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.”

Resposta do Alcalde de Sada: Aceptada.

7. Suxestión do 26 de abril de 2010, dirixida á Alcaldesa-Presidenta do Concello de Arteixo, para a instalación dun valado na Travesía de Meicende. (Q/1586/09).

Notificámoslle a recepción do seu escrito de saída núm. 2948 e data 14 de abril, en relación co expediente de queixa núm. 1586/09.

A súa lectura pon de manifesto dous feitos:

- O valado permanece instalado aínda que rematou o prazo dun ano da súa autorización cunha prórroga tácita.
- O cerramento do soar resulta necesario para corrixir o desnivel existente e “coa finalidade de garantir a seguridade, ornato e hixiene de persoas e bens”.

Avaliadas estas razóns e no exercicio das facultades previstas no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, formulámoslle a seguinte **suxestión**:

Dado o desnivel existente entre a travesía de Meicende e o acceso á area recreativa e coa finalidade de garantir a seguridade, ornato e hixiene de persoas e bens, deben considerar a oportunidade de prorrogar a autorización do valado, de xeito provisorio, ata que se dispoña o cerramento definitivo da finca sinalada co núm. 28 da travesía de Meicende.

Resposta da Alcaldesa de Arteixo: Aceptada

8. Recomendación do 27 de maio de 2010, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Malpica de Bergantiños, para o deslindamento do sendeiro das Grilas. (Q/1/10).

Notificámoslle a recepción do seu escrito do 14 de maio (registro de saída do día 18, núm. 1715) en relación co expediente de queixa núm. 1/10.

O exame da documentación achegada ao expediente e, de xeito especial os informes técnicos do 30 de novembro de 2009, e o xurídico do 21 de decembro de 2009, obríganos a salientar os seguintes feitos:

- O Sendeiro “das Grilas” é unha vía de dominio público municipal.
- Non se pode determinar con claridade o seu trazado na parte norte do sendeiro, ao ser os límites imprecisos ou ao existir indicios de usurpacións.
- Resulta conveniente determinar o seu ancho en relación cos terreos lindeiros mediante a apertura dun expediente de deslindamento, tal como se propón no documentado informe xurídico recibido.

Os feitos relatados e a obriga legal que teñen os municipios de exercer as accións necesarias para a defensa do seu patrimonio xustifican a decisión desta institución de exercer as facultades establecidas no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, e formularlle a seguinte **recomendación**:

No exercicio da potestade de deslindamento dos seus bens recoñecida nos artigos 4.1.d) e 82.b) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Corporación de Malpica de Bergantiños debe promover e executar o deslindamento do “Sendeiro das Grilas” desenvolvendo o procedemento administrativo establecido nos artigos 56 a 68 do Regulamento de bens das entidades locais, do 13 de xuño de 1986.

Con esta finalidade debe adoptar o correspondente acordo de inicio do expediente e impulsalo en todos os seus trámites, así mesmo lembrámoslle que o procedemento ten un prazo de duración máximo de 12 meses, segundo o establecido no anexo I da Lei autonómica 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei estatal 4/1999, do 13 de xaneiro.

Resposta do Alcalde de Malpica de Bergantiños: Aceptada

9. Recomendación do 7 de setembro de 2010, dirixida ao Presidente do Consorcio As Mariñas, para a devolución da taxa por lixo liquidada a unha casa pendente de habitabilidade. (Q/1450/10).

Notificámoslle a recepción do seu escrito rexistro de saída 2481/2010, do 18 de agosto, en relación co expediente de queixa referenciado.

Neste caso a interpretación correcta é a segunda “na que non se requirise o cobro da taxa ate que se concedese polo concello a licenza de primeira ocupación. Considerando esta segunda interpretación danse as instrucións oportunas para regular a situación e reintegrar o importe aboado”.

E fundaméntase tal interpretación no punto 3 do artigo 2º da ordenanza que considera realizado o feito imponible nas vivendas que estean en condicións de habitabilidade. Situación que non concorre no suposto considerado xa que o mesmo Concello reconece que “a vivenda aínda non conta coa preceptiva licenza de ocupación” e recomenda ao Consorcio que revise a imposición da taxa (achégolle unha fotocopia do escrito remitido polo Sr. alcalde do Concello de Culleredo do 4 de agosto).

Polo que antecede e non exercicio das atribucións conferidas a esta institución no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, formúlase ao Consorcio das Mariñas a seguinte **recomendación:**

De conformidade co disposto no artigo 2, alínea 3 da ordenanza reguladora da taxa por recollida de lixo, “considerarase realizado o feito imponible naquelas vivendas que estean en condicións de habitabilidade”, cualificación que esixe que o Concello de Culleredo outorgue á vivenda unifamiliar en construción na rúa últimos de Filipinas a correspondente licenza de ocupación.

Xa que logo procede a devolución a D.ª M.I.C.V. da taxa xirada por recollida de lixo por importe de 29’59 € e a suspensión de novas

liquidacións ata que o Concello lle conceda a licenza de primeira ocupación, criterio que, ao noso entender comparte o Sr. alcalde do Concello de Culleredo.

Resposta do Presidente do Consorcio As Mariñas: Aceptada.

10. Recomendación do 14 de outubro de 2010, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Cervo, para a exposición e información pública do Plan Xeral de Ordenación Urbana Municipal. (Q/1603/10).

Notificámoslle a recepción do seu escrito do 5 de outubro (registro de saída núm. 2810) ao que xunta una fotocopia do acordo da Xunta de Goberno local do 30 de setembro.

Logo da súa lectura, tomamos coñecemento do estado de tramitación do expediente do PXOM do Concello de Cervo e de dous feitos:

- Que, con data 15 de xullo de 2010, o Concello comunicou aos redactores que adaptaran a súa elaboración ás modificacións introducidas pola Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Que namentres non se introduzan as modificacións previstas non ten lugar a reunión informativa solicitada.

Ante a razón exposta, semella oportuno lembrar que na formulación do planeamento urbanístico debe garantirse a participación dos cidadáns e, en particular, o dereito de información das entidades representativas dos intereses afectados.

Supoñemos que o plan se atopa na fase de redacción dun anteproxecto de planeamento (artigo 84.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural) para propiciar unha reunión cos membros da corporación local. Porén esta demora non debe obstaculizar o dereito de acceso ao expediente en trámite para consultalo e informarse sobre o seu contido.

Polo exposto e motivado, en exercicio das facultades establecidas no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, reguladora da institución do Valedor do Pobo formulámoslle a seguinte **recomendación**:

“Sen prexuízo de convocar unha reunión informativa cos membros da corporación local para coñecer o anteproxecto de planeamento urbanístico previsto no artigo 84.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, debe garantir o cumprimento dos principios de transparencia e participación (artigo 3.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común) e o dereito de acceso á información facilitándolle á concelleira solicitante a consulta do expediente administrativo en trámite para a redacción do Plan xeral de ordenación urbana do Concello de Cervo.”

Resposta do Alcalde de Cervo: Aceptada.

11. Recordatorio de deberes legais do 14 de outubro de 2010, dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira, para a reparación da legalidade urbanística no bordo dun camiño público no lugar de Edreiras (Q/2051/09).

Notificámoslle a recepción dos seus escritos do 29 de xullo e 2 de agosto (rexistro de saída núm. 3297 e 3366) en relación co expediente núm. 2051/09.

Lido o informe técnico do arquitecto municipal de data 2 de agosto sobre as obras realizadas “no bordo dun camiño público cunha leira” por D. L.E.S.D., no solo non urbanizable de núcleo rural.

Tendo en conta as conclusións formuladas:

CONCLUSIONES:

Resultan polo tanto obras NON REMATADAS, SEN LICENZA.

As obras resultan NON LEGALIZABLES por seren NON COMPATIBLES co ordenamento urbanístico. Resultando do artigo 209.3.a da Lei 9/2002, polo que se acordará a demolición a costa do interesado, impedir os usos que se deran lugar, e no seu caso reconstrución do indebidamente demolido.

Verifícase a procedencia de incoación de expediente administrativo de reposición da legalidade urbanística.

A vista da clasificación do solo como de núcleo rural, e en virtude do convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística do Concello de Cedeira, procede a remisión do expediente a este organismo.

Acredítase o incumprimento do disposto no artigo 28.1.d da Lei 9/2000, do 30 de decembro, de ordenamento urbanístico e protección do medio rural , e declárase vixente o convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

Como consecuencia de todo o exposto no exercicio das facultades establecidas no artigo 32 da Lei do Valedor do Pobo, formulámosllo seguinte **recordatorio de deberes legais**:

En cumprimento do disposto no artigo 209.3.a) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenamento urbanístico e protección do medio rural, o Concello de Cedeira debe proceder á incoación do expediente administrativo de reposición da legalidade urbanística e proceder á súa remisión á Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística para que proceda a sancionar a realización de obras non legalizables no bordo dun camiño público cunha leira privada, propiedade de don L.E.S.D. en solo non urbanizable de núcleo rural no lugar de Edreiros no Concello de Cedeira.

Resposta do Alcalde de Cedeira: Aceptado

12. Recomendación e recordatorio de deberes legais do 2 de novembro de 2010, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Viveiro, para a remisión de actas e acordos municipais e a súa transcripción ao libro de actas. (Q/1584/10).

Notificámoslle a recepción do seu escrito do 11 de outubro (registro de saída núm. 6003) ao que xunta o informe do secretario municipal sobre o contido da reclamación contida no expediente de queixa núm. 1584/10.

O exame do informe remitido pon de manifesto, de xeito resumido, tres feitos:

- Os motivos do atraso existente no envío das actas e dos acordos municipais.
- As medidas adoptadas para a súa reparación e o impulso dos vieiros procedentes para facilitar a información cidadá.
- E a non transcripción dos acordos municipais ao libro de actas desde finais do ano 1990.

A consideración conxunta dos feitos referenciados ponnos de manifesto un compromiso de mellorar as canles de información e participación cidadá e de reparar algunhas das eivas existentes na administración municipal.

Son estas omisións acusadas as que nos obrigan, segundo o disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, reguladora da institución do Valedor do Pobo, a formularlle a ese Concello a seguinte **recomendación** de cumprimento futuro:

“En desenvolvemento do artigo 252 bis da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia debe impulsar, coa colaboración da Deputación Provincial de Lugo e a Xunta de Galicia, a utilización interactiva das tecnoloxías da información e comunicación para facilitar a participación e comunicación cos veciños.”

E así mesmo o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Comprendemos que a situación fáctica exposta transcende á xestión do actual secretario, que se ve na obriga de reparar unha inactividade material anterior, importante para a seguridade xurídica xa que os libros de actas de sesións das corporacións locais e mais os libros de resolucións dos seus presidentes constitúen un instrumento público e solemne para a constancia dos seus actos administrativos e das súas resolucións.

Por este motivo deben cumprirse e executarse os mandatos contidos nos artigos 198 a 200 do Regulamento de réxime xurídico, organización e funcionamento das corporacións locais, do 28 de novembro de 1986, e as prescricións contidas nos artigos 1 dos decretos da Xunta de Galicia 101/1983, do 14 de xullo e 418/2001, do 29 de novembro, que afectan aos libros de actas de acordos e de resolucións das corporacións locais.”

Resposta do Alcalde de Viveiro: Pendente de efectividade.

13. Recordatorio de deberes legais do 11 de novembro de 2010, dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de A Guarda, sobre a instalación ilegal dun valado publicitario. (Q/1563/10).

Notificámoslle a recepción do seu escrito do 22 de outubro (rexistro de saída núm. 5005) ao que se achega o informe do técnico municipal en relación co contido da reclamación formulada por don E.B.B..

A súa lectura permitirlle coñecer a fundamentación do comunicado municipal. Porén o interesado ten dereito, ademais, a unha resolución expresa -favorable ou non- da súa petición co ofrecemento dos recursos procedentes, no prazo máximo de tres meses, ao abeiro do artigo 42.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Esta falla dunha resolución expresa da solicitude do interesado lévanos a facerlle algunhas reflexións:

Esta institución vén pronunciándose de forma reiterada nos seus informes anuais sobre a obriga da administración de contestar debidamente as reclamacións ou recursos que os cidadáns lle presenten, e así, o noso texto constitucional no seu artigo 103.1 establece taxativamente: *“A Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e mais ao dereito”*. Neste senso, o principio de eficacia esixe das administracións públicas que se cumpran razoablemente as expectativas que a sociedade lexitimamente lle demanda. Precisamente, unha das máis importantes tradúcese no deber da Administración de resolver expresamente as peticións e reclamacións que lle presenten os interesados, xa que o coñecemento cabal polo administrado da fundamentación das resolucións administrativas, constitúe un presuposto inescusable para unha axeitada defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A este respecto, cómpre subliñar a intención que, en relación coa problemática suscitada polo silencio administrativo, anima o lexislador na última reforma do procedemento administrativo común. Na exposición de motivos da Lei 30/92, do 26 de novembro, LRXPAC, sinálase literalmente que *“o silencio administrativo, positivo ou negativo, non debe ser un instituto xurídico normal, senón a garantía que impida que os dereitos dos particulares queden baleiros de contido cando a súa administración non atende eficazmente e coa celeridade debida as funcións para as que se organizou”*. Así mesmo indícase *“o obxecto da lei non é dar carácter positivo a inactividade da administración cando os particulares diríxense a ela; o carácter positivo da inactividade da administración é a garantía que se establece cando non se cumpre o verdadeiro obxectivo da lei, que é que os cidadáns obteñan resposta expresa da administración e, sobre todo, que a obteñan no prazo establecido”*.

Desde esta perspectiva, non debe esquecerse que o primeiro dos preceptos da Lei 30/92, dedicado ao silencio administrativo é o artigo 42, que se titula *“obriga de resolver”*, poñéndose de manifesto neste precepto a importancia e primacía que quixo dar o lexislador ao deber da administración de ditar resolucións expresas.

En consecuencia hai que subliñar que o silencio administrativo é unha práctica que xera nos cidadáns inseguridade xurídica e indefensión material obrigándoos a acudir á orde xurisdiccional para a resolución das súas peticións facendo, deste xeito, ineficaz a vía administrativa.

Neste senso hai que lembrar a STC 71/2001, do 26 de marzo, na que se di “*é evidente, como declaramos en reiteradas ocasiónes, que a administración non pode verse beneficiada polo incumprimento da súa obrigaón de resolver expresamente, en prazo, as solicitudes e recursos dos cidadáns, deber este que entronca coa cláusula do estado de dereito (art. 1.1. CE), así como cos valores que proclaman os artigos 24.1, 103.1 e 106.1 CE*”.

Polo motivado, esta institución diríxese a V.S. e, segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, formúlalle o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Que de conformidade co establecido no artigo 103.1 da Constitución española e no artigo 42 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a administración está obrigada a ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación. Neste suposto concreto debe resolverse expresamente a reclamación formulada o 16 de novembro de 2009 para que o interesado, coñecendo os fundamentos da administración local, poida decidir sobre a procedencia ou non de interpoñer os recursos recoñecidos pola lexislación vixente”.

Resposta do Alcalde de A Guarda: Pendente de efectividade.

14. Recordatorio de deberes legais do 22 de novembro de 2010, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Portas, para corrixir a concesión en precario dun bar-cafetería en instalacións de propiedade municipal. (Q/1345/10).

Notificámoslle a recepción do escrito dese Concello, que tivo entrada no rexistro desta institución o día 10 de novembro, co número 5343 e de cuxo contido se deu traslado literal ao reclamante.

En todo caso, semella oportuno facerlle as seguintes consideracións:

Da lectura dos documentos achegados ao expediente, salientamos os seguintes feitos:

- No edificio da Azucreira, onde está sito o auditorio e conta con ampla salas de exposicións, hai en funcionamento un bar-cafetería.
- Estas instalacións son utilizadas por unha asociación de xubilados para a práctica de distintas actividades (relacionadas no informe municipal) e por un matrimonio que atende o bar-cafetería, en precario e sen contraprestación económica.
- Como compensación en especie, o citado matrimonio encárgase da apertura e peche das instalacións e da súa atención diaria cunha periodicidade de dúas horas.

Estes feitos son avaliados polo sr. alcalde en canto que é consciente de que a utilización das instalacións debería outorgarse mediante unha licitación pública e *que se está a facer un estudo para licitar os tres locais*, aínda que entende que o conxunto de prestacións e servizos ofrecidos aos seus usuarios é difícil que sexa rendible coa imposición dun canon de explotación.

Chegados a este punto, tanto o titular da reclamación como o sr. alcalde coinciden que a explotación das instalacións debería adxudicarse mediante unha licitación pública, aínda que existen dúas perspectivas distintas na solución do problema.

- A do sr. concelleiro que solicita a revogación *de forma inmediata da autorización e que se convoque unha poxa pública establecendo previamente unhas bases con criterios obxectivos que garantan a igualdade de oportunidades dos interesados na explotación do bar.*
- E a do sr. alcalde que tenta buscar unha solución á situación existente axustándoa á legalidade mediante a apertura dun procedemento de licitación das tres instalacións.

Polo motivado e sen prexuízo de que o sr. concelleiro poida exercer as accións necesarias para a defensa do patrimonio municipal ante a inactividade da corporación respecto á súa petición, acudindo á orde xurisdiccional competente, esta institución formula ao sr. alcalde, segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

De conformidade co establecido no artigo 78 do Regulamento de bens das corporacións locais, do 30 de xuño de 1986, o Concello de Portas debe iniciar a tramitación do expediente administrativo procedente para adxudicar o goce e aproveitamento das instalacións existentes no edificio municipal de Azucreira mediante unha licitación pública. Namentres se tramita dentro dos prazos legais establecidos, entendemos que debe respectarse a situación fáctica creada, mantendo a prestación regular dos servizos de atención existentes para non prexudicar os intereses dos veciños beneficiados.

Resposta do Alcalde de Portas: Pendente de efectividade.

15. Recomendación do 22 de novembro de 2010, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de A Coruña, para o exercicio do dereito de acceso á información e documentación municipal. (Q/1488/10).

Notificámoslle a recepción do seu amplo informe de 26 de outubro (rexistro de saída núm. 4408), en relación co expediente de queixa núm. 1488/10.

A detallada información remitida transcribiuse, de xeito literal, ao portavoz do grupo municipal popular e sobre o seu contido formúlanse as seguintes reflexións:

1.- Cumprimento do artigo 77 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e do artigo 120 do Regulamento orgánico municipal.

A autoridade municipal reitera o alegado nos informes precedentes e, tamén, no último remitido como resposta ao expediente de queixa núm. 1487/10.

Polo tanto, neste punto, hai que ratificarse nas consideracións xerais e nas específicas que constitúen a cerna da nosa comunicación do 18 de novembro (rexistro de saída núm. 10740).

2.- Peticións de información sobre as que non houbo contestación por estimarse repetitivas.

Neste punto temos que disentir da xustificación formulada, aínda que sexa de xeito parcial. Sempre que se exerce o dereito de acceso a unha información concreta nace o deber xurídico de darlle unha resposta, positiva ou negativa, dentro de termo legal establecido. Os artigos 77, parágrafo 2º da devandita Lei 7/1985 e 14.2 do Regulamento de réxime xurídico, organización e funcionamento das corporacións locais fixan o termo e mailas súas consecuencias.

O termo, computado en cinco días naturais para adoptar unha resolución motivada, certamente é curto logo da modificación introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril. Tempo dispoñible que obriga os concellos a establecer unhas pautas de comportamento, a

través do correspondente regulamento orgánico ou mediante un acordo municipal ad hoc, que permitan o coñecemento inmediato da reclamación e a formulación dunha decisión motivada da súa tramitación, por parte da presidencia da corporación.

As consecuencias son notorias. De non ditarse a resolución dentro do termo legal, o silencio torna en positivo entendéndose que existe unha autorización de acceso á información con dous efectos consecutivos:

- O primeiro e principal é facer operativo o dereito de acceso obtido que esixe unha actividade prestacional da administración local requirida. Debemos ter presente que a realización efectiva do dereito á información non se obtén polo nacemento dun acto presunto estimatorio, senón co acceso á documentación solicitada e, se é o caso, pola súa entrega.

Neste ámbito a experiencia resulta aleccionadora. Cando a actuación municipal non vén presidida polos principios de transparencia e participación, a consolidación material do dereito de acceso convértese nunha carreira de obstáculos e o coñecemento tardío da información facilitada devén en estéril ou insuficiente. Ante a situación descrita ou, nos supostos máis graves, ante a inactividade material da administración, ábrese un baleiro normativo que impulsa o concelleiro a acudir ao procedemento especial establecido nos artigos 114 a 122 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

- O segundo, e non menos importante, é o contido e alcance do dereito obtido por silencio administrativo positivo. Remata tan só na consulta e exame da documentación requirida ou alcanza obter fotocopia dos documentos?

A sentenza do Tribunal Supremo do 5 de maio de 1995 di o seguinte:

Resumiendo, pues, cuanto llevamos expuesto queda claro que la autorización presunta por silencio positivo, en relación con la solicitud

presentada por los concejales reclamantes queda circunscrita a la toma de conocimiento mediante el acceso directo a la documentación informativa, en los términos y con los requisitos que el texto legal menciona o detalla, pero no se extiende automáticamente a que ese conocimiento se facilite a través de la entrega de copias de documentos interesadas en la solicitud.

Esta é a doutrina dominante pero, de xeito recente, abriuse outra vía, ao abeiro do vixente artigo 71 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, no sentido de que a decisión xudicial, ao entrar no fondo do asunto, debe facer efectivo o cumprimento dun acto positivo e prestacional, obtido por silencio, coa obriga accesoria imposta á administración de entregar a documentación obxecto da solicitude formulada. O primeiro paso nesta dirección represéntao a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Castela-A Mancha do 1 de xuño de 2000. Nesta sentenza, ante a negativa por silencio administrativo dun concello a facilitar os informes de intervención respecto aos estados da débeda municipal coas entidades bancarias e cos provedores, as cantidades pendentes de pagamento á Seguridade Social, ao Consorcio de Incendios..., decide estimar o recurso e condenar o concello “a que proceda a la entrega de los informes solicitados” coa seguinte fundamentación xurídica:

d) Ahora bien, no es menos cierto que esa misma configuración legal es la que establece que si en cinco días no se responde a lo solicitado, habrá que entender estimada la solicitud. De forma que es la propia configuración legal del derecho constitucional la que determina, en primer lugar, los documentos a que hay derecho a acceder (los que obren en poder de la Corporación y no nuevos informes) pero también la que determina, secundariamente, cuáles hay derecho a obtener por concesión tácita o expresa de los mismos por parte de la autoridad competente para concederlos o denegarlos. Es decir, al margen de lo que en principio haya derecho a exigir, la Sala entiende que también forma parte del derecho de información ínsito en el de participación política el derecho a la entrega de los documentos cuya entrega se ha concedido por la autoridad competente

para ello (en este caso, el Alcalde, por silencio). Lo cual lleva, en el caso de autos, a la conclusión de que, concedido como fue, por silencio, el derecho y autorización a la obtención de los informes solicitados, forma parte del ejercicio de su participación política e información el derecho a que sean efectivamente entregados (previa elaboración previa, de ser preciso) tales informes. Lo cual impone la estimación íntegra del recurso contencioso- administrativo planteado.

A devandita sentenza foi confirmada en casación polo Tribunal Supremo na súa sentenza do 20 de xuño de 2003.

3.- Acceso a documentación dos asuntos incluídos na orde do día dos órganos colexiados.

O artigo 15.b) do ROF establece a obriga de que os servizos administrativos faciliten a información solicitada aos membros da corporación, sen necesidade de acreditar a súa autorización, en relación cos asuntos sometidos ao debate e votación dos órganos colexiados. Esta obriga afortálase, respecto ás sesións plenarias coa esixencia establecida no artigo 46.2.b) da Lei 2/1985, do 7 de abril, de que se atope a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día desde a súa convocatoria, na secretaría da corporación respectiva.

Ambos os dous artigos habilitan, polo tanto, o acceso á información e documentación correspondentes. Porén para obter, ademais, unha fotocopia deles, o artigo 84 do ROF límitaa aos documentos concretos, precisión que atopamos, entre outras, na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 30 de xullo de 2003, que no seu fundamento xurídico un di;

... Pues por lo que del conjunto de las actuaciones se deduce su pretensión era y es la de que se le entregase una copia de todo ello para poder disponer de la misma, diríase con carácter personal y para el grupo mixto en la Corporación del que es portavoz; ahora bien, el derecho de que se trata, como por lo demás ocurre con todos los demás (y es ello un principio general de toda actuación amparable por el Ordenamiento jurídico) ha de ser ejercitado con razonabilidad o, si se

quiere llamar de otra manera, con buena fe; de modo que, se realice la convivencia o relación entre personas y entre estas y el Poder público en la forma más adecuada a las circunstancias concretas de cada caso, contempladas desde al perspectiva de cada una de las partes implicadas en tal relación y en una apropiada visión coordinadora de los intereses de cada una de ellas; pues bien, en el contenido del oficio a que antes se hizo mención, como firmado por el Secretario -de lo cual no se hace contradicción en autos- se expresan como tales circunstancias en el caso de autos las de que la documentación de interés en este supuesto estuvo como va dicho en las oficinas del Concello a disposición de los Concejales desde la fecha de convocatoria de la sesión en la que iban a ser tratados los asuntos a que tal documentación se refería y que la misma constaba de cientos de folios y 104 planos de gran tamaño; así pues, no parece razonable que se haga una costísima copia de todo ello para entregarla a un Concejel; y, en cambio, resultaría razonable que este acudiese a las oficinas de mención y consultase allí los documentos correspondientes y acaso, hecho eso, pidiese la copia de algunos muy concretos si no era factible informarse suficientemente de ellos en dichas dependencias por falta de tiempo u otra circunstancia originante de dificultad al respecto; y también se refiere el Secretario a la entrega al aquí recurrente de copia de 23 de los folios de esa documentación; por consiguiente, dicha persona gozó de una situación que le ofreció la oportunidad de informarse suficientemente sobre lo que habría de tratarse por la Corporación y así no puede decir que se haya vulnerado su derecho a ejercer el cargo en ese respecto y a que alude como fundamento de su pretensión en el presente.

4.- Peticions de información denegadas.

Algunha das peticións denegadas son merecentes dun breve comentario.

En primeiro lugar as solicitudes de información formuladas ao Consorcio de Turismo. Os consorcios locais, ao abeiro dos artigos 2 e 149 da Lei autonómica 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, son definidos como entidades locais dotadas de personalidade xurídica propia e de capacidade para o cumprimento dos seus fins específicos segundo o disposto nos seus estatutos. Estas entidades locais institucionais, tanto polo procedemento de creación -semellante ao establecido no artigo 137 para as mancomunidades de municipios- como pola xestión encomendada de servizos de competencia local, están vencellados á súa Administración local de orixe, debendo recoñecerse aos representantes locais un dereito de acceso a aquela documentación relativa á súa actividade funcionalmente local.

En segundo lugar hai que referirse a sociedades mercantís locais. Foron constituídas baixo a forma de sociedades anónimas, con capital subscrito integramente polo municipio, con un obxecto inequivocamente vencellado á prestación dun servizo público e cun réxime xurídico reordenado en cumprimento da disposición adicional duodécima da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En relación con elas, o dereito de acceso dos concelleiros da corporación respectiva a obter a información solicitada debe vir vinculada á súa representatividade local, como lembra a sentenza do Tribunal Supremo do 18 de outubro de 2002, no seu FX segundo porque *con ello, además se evita la llamada huida del derecho administrativo y de los consiguientes controles por parte de entidades que gestionan servicios públicos, en las que debe hacer efectivo el derecho de participación en los asuntos públicos que garantiza el artículo 21.1 de la Constitución.*

O anteriormente motivado xustifica a decisión desta institución de exercer as facultades establecidas no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, formulándolle as seguintes **RECOMENDACIÓNS**:

PRIMEIRA.- A autoridade municipal debe resolver, de forma motivada e dentro do termo de cinco días naturais, a solicitude de acceso autorizado á información local -aínda que a súa petición sexa reiterativa-, de conformidade co disposto no artigo 77 da Lei 2/85, do 7 de abril. O seu incumprimento xera un silencio administrativo positivo (artigo 14.2 do ROF) e o deber de programar unha actividade prestacional da administración local requirida para a realización efectiva do dereito de acceso autorizado a información, nos seus xustos termos.

SEGUNDA.- De conformidade co disposto no artigo 84 do ROF, logo de convocada unha sesión ou unha reunión dun órgano local colexiado, a documentación referente aos asuntos incluídos na súa orde do día debe atoparse a disposición dos membros da corporación, os cales

poderán examinala e, incluso, obter copias de documentos que a integran sempre que sexan precisos para o desenvolvemento das súas funcións.

TERCEIRA.- Débese facilitar o acceso á información existente nos consorcios e nas sociedades mercantís, de capital integramente local, naqueles aspectos vinculados á representatividade municipal e sempre que sexa precisa para o desenvolvemento da súa función de control do goberno local.

Resposta do Alcalde de A Coruña: Aceptada.

1.14 ÁREA DE MENORES

1.14.1 INTRODUCCIÓN

O número total de queixas recibidas no ano 2010 é de 61, coa seguinte desagregación:

Iniciadas	61	
Admitidas	30	49 %
Non Admitidas	26	43 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	5	8 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	18	60 %
En trámite	12	40 %

Os expedientes tramitados nesta área durante 2010 foron 73, aos que hai que sumar 22 que se iniciaron no 2009 e se concluíron no 2010. A desagregación dos expedientes iniciados no 2010 é a seguinte: 18 queixas concluídas, 12 en trámite, 26 non admitidas, 5 remitidas ao Defensor del Pueblo, e 12 escritos diversos.

O Valedor do Pobo mantén un intenso compromiso coas persoas menores de idade tendo en conta a súa especial vulnerabilidade e as súas específicas necesidades. Téñase en conta, ademais, que a lexislación sectorial insiste no dito compromiso. En efecto, a Lei galega 3/1997, da familia, infancia e adolescencia, atribúe a unha vicevalería a supervisión dos asuntos relacionados con este colectivo, outorgando unhas amplas competencias para iso.

A forma en que chegan a esta institución os problemas dos menores é en gran parte reflexo da propia característica vulnerable deste sector de poboación, que non acode directamente senón por medio de adultos e familiares. Iso obriga en ocasións a un esforzo interpretativo e de contextualización maior que noutras materias. Téñase en conta, como xa explicamos noutras ocasións, que os problemas xurídicos dos menores son certamente complexos, polo menos por dúas razóns básicas: unha, polas propias características dos menores, que aínda non teñen desenvolvidas todas as súas capacidades; e dúas, porque os problemas dos menores requiren resolver eficazmente o contexto no que se producen e non só o concreto dereito específico de determinado menor. Isto exige que o enfoque das queixas recibidas deba facerse con especial coidado e que as resolucións emitidas teñan en conta este especial marco xurídico no que se move o dereito dos menores.

De igual forma, como tamén ocorría no exercicio pasado, as actuacións nesta área estiveron vinculadas coas propias da área de sociedade da información, baixo a supervisión en ambos os casos do vicevaledor José Xulio Fernández Rodríguez, tendo en conta a conexión que a día de hoxe evidencian eses dous ámbitos.

1.14.2 ANÁLISE DOS EXPEDIENTES TRAMITADOS

En canto ás **queixas non admitidas**, en case todos os supostos a razón diso foi a natureza estritamente xudicial do asunto. Recordemos que o art. 20 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, nos impide entrar en procesos xudiciais. Adoitan ser casos referidos ao réxime de visitas dos fillos, casos especialmente problemáticos e delicados. Malia que, como dicimos, se trata dun asunto de competencia xudicial, cremos necesario neste momento facer unha reflexión adicional. Este tipo de conflito entre os pais, cando se radicaliza, resulta particularmente agresivo cos fillos, que se ven prexudicados, desde o punto de vista psicolóxico e físico, pola irracionalidade dun ou ambos os proxenitores, que converten, dunha maneira vergoñenta, os seus fillos no obxecto da disputa e en arma arreboladiza contra a outra parte. Desde o Valedor do Pobo queremos polo menos denunciar publicamente estes comportamentos e apelar á sociedade para que trate de

encamiñar de maneira correcta estes pais para que os seus desencontros non prexudiquen os seus fillos, vítimas dunha situación ante a que non poden facer nada.

Nas queixas admitidas e xa concluídas contamos cun intenso grao de colaboración por parte da Xunta de Galicia. A continuación destacamos as que presentan unha transcendencia máis xeral ou que podería xeneralizarse máis alá do caso concreto no que nace. Polo tanto, non aludimos ás que teñen un marcado carácter individual.

Neste sentido, o expediente Q/290/10 ten por obxecto certas **atraccións de feira** no Concello de Ourense. Un cidadán queixábase polo tipo de cancións que as atraccións de feira usaban nun parque de Ourense, desaconsellables para os menores. A falta de resposta do Concello obrigounos a formular un recordatorio de deberes legais dirixido ao alcalde de Ourense para que cumprise co deber de remitir ao Valedor do Pobo o informe solicitado, e para informalo de que a súa negativa neste sentido podería ser considerada hostil e entorpecedora das funcións do Valedor. Tras iso, por fin, o Concello contestou a esta institución, aínda que dunha forma insatisfactoria. En efecto, o enviado ao Valedor foi un simple papel no que se preguntaba que día ocorreron os feitos investigados. Esta forma de proceder resultaba extemporánea e fóra de lugar. Daba a impresión que se intentaba dilatar aínda máis a resolución do problema, o que denotaba unha preocupante falta de sensibilidade para resolver os asuntos que afectan aos menores.

Entendemos que unha concreción do interese superior do neno, que prevé a Convención de Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno de 1989, é a necesidade de que os espazos de ocio dos menores estean adaptados ás peculiaridades formativas, psicolóxicas e de comportamento destes. Iso é unha obrigaón para os poderes públicos co obxecto de axudar á correcta socialización dos nenos e das nenas, e unha manifestación dos deberes públicos de tutela e protección dos menores. Estas medidas supervisoras xa existen en diversos concellos galegos, e articúlanse a través de reunións, informacións orais e escritas, e certa vixilancia pola policía municipal.

Sobre esta base o Valedor emitiu unha recomendación para que se articulen en Ourense mecanismos que permitan que as atraccións de feira destinadas aos menores

estean correctamente adaptadas a eles, o que tamén ten que incluír as cuestións de imaxe e música. O Concello respondeu afirmativamente a esta recomendación. En concreto, comprometeuse a levar a cabo varias actuacións: esixir, nas autorizacións que expida para calquera tipo de actividade na vía pública que estea dirixida aos menores, que se respecten escrupulosamente os dereitos deles, en canto se refiren aos contidos de carácter gráfico ou musical; impulsar un maior control por parte dos axentes da policía local para comprobar que estas condicións se cumpren rigorosamente; e adoptar as medidas sancionadoras preceptivas naqueles casos nos que non se observen as condicións impostas nas autorizacións correspondentes.

As queixas referidas ao funcionamento dos **puntos de encontro familiar** (por exemplo, a Q/248/10 ou Q/1004/10, ou iniciadas no 2009 e concluídas no 2010, como a Q/80/09, Q/1982/09, Q/2017/09, Q/2314/10, ou Q/2474/09) resultan complicadas polas razóns que xa se explicaron en informes anteriores. Estamos ante un tipo de centros onde concorren circunstancias que poden xerar tensión, aínda que, sen dúbida, a positiva labor que teoricamente se pode lograr neles compensa tales riscos e aconsella a súa existencia. As queixas sobre estes puntos reflicten uns problemas en cuxo relato se contradín a persoa que presenta a queixa e a administración na súa resposta. Isto provoca que, polas características de funcionamento da institución, o asunto acabe cerrándose sen unha concreta recomendación ou suxestión. Non obstante, nestes supostos cremos que a mera intervención do Valedor, solicitando informes e expoñendo os problemas denunciados, mellora por si mesma o funcionamento dese servizo público. Neste sentido, a Consellería de Traballo e Benestar interesouse en mellorar a asistencia en tales puntos, realizando, incluso, algunha inspección derivada das queixas tramitadas polo Valedor.

Nun destes asuntos que versan sobre os puntos de encontro preguntábase se era procedente que estes emitisen informes a petición de parte. Desde un punto de vista xeral, entendemos que tal emisión non contravén a normativa que regula ese tipo de centros. Hai que ter en conta que o principio de interese superior do menor pode aconsellar a emisión deste tipo de informes. Ademais, a información que os puntos teñan das actitudes e aptitudes parentais pode servir para defender os dereitos dos menores noutras instancias

administrativas ou xudiciais, polo que os mencionados informes poden responder tamén, teoricamente, a este obxectivo.

Tamén existiron queixas referidas ao tema das **adopcións** (como a Q/1262/10 e a Q/1300/10). Aludíase aos problemas existentes nos procesos de adopción en Etiopía. Os recentes problemas con este país africano no presente ámbito remóntanse a maio de 2009 cando o Tribunal de Primeira Instancia de Addis Abeba suspendeu temporalmente os xuízos de adopción relativos a nenos abandonados. Isto deu lugar a varias iniciativas por parte da Comisión Interautonómica de Directores Xerais de Infancia, que hai que entender adecuadas. Ao longo de 2010 as autoridades xudiciais etíopes informaron ás autoridades españolas de novas medidas de garantía. Tamén se denunciaron problemas con relación a Vietnam, o que fixo que a Secretaría Xeral de Familia e Benestar abrise en marzo de 2010 un expediente informativo. En xuño de 2010 a Comisión Interautonómica de Directores Xerais de Infancia tomou varios acordos para ofrecer garantías, como a exixencia que as propostas de asignación de menores cumpran a Convención sobre Dereitos do Neno, a creación dun grupo de traballo mixto, ou a suspensión durante seis meses da tramitación de novos expedientes. O Valedor entendeu, nestes casos, que as actuacións administrativas foron correctas, aínda que tamén indicou que se a problemática subsiste sería conveniente remitir a queixa ao Defensor del Pueblo.

De igual forma, tratouse a imposibilidade que existe en Galicia de ter abertos dous expedientes en adopcións internacionais (art. 89.2 do Decreto 42/2000, de 7 de xaneiro, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro). Esta institución considera razoable e proporcionada tal regulación e, nas circunstancias actuais, non proporá de momento a súa modificación. Esta posición é acorde co principio de interese superior do menor. É certo que é unha situación que podería discutirse, como o proba o feito de que a regulación sexa diferente nalgunha outra Comunidade Autónoma, aínda que estas diferenzas normativas son admisibles no actual Estado descentralizado.

Respecto ás queixas sobre o funcionamento dos **equipos de menores** (Q/70/10 ou Q/1272/10), a investigación non revelou mal funcionamento destes. Así mesmo,

entendeuse que non se deben entregar copias da acta da Comisión de Propostas de Especial Transcendencia cando deben protexerse datos persoais.

Por último, en cuanto ás queixas admitidas e xa concluídas, queremos aludir a un asunto referido ao **contido de blogs** accesibles desde unha web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Q/1906/10). O núcleo do problema exixía determinar previamente ata onde chega a responsabilidade dos poderes públicos no ámbito das súas páxinas web. Neste sentido, é indubidable que tal responsabilidade tamén é unha categoría xurídica presente nas web cando a súa titularidade lle corresponde a un órgano público. Tal responsabilidade, en termos xenéricos, e non referida exclusivamente ao sentido patrimonial, se deriva do art. 9.3 da Constitución, e, xa de forma máis concreta, da Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Nesta última lei, o seu art. 4.h recolle o principio de responsabilidade nos servizos ofrecidos polas administracións públicas por medios electrónicos. Á súa vez, o artigo 10.2 desta Lei 11/2007 establece que os enderezos electrónicos das administracións públicas están suxeitos, entre outros, ao principio de responsabilidade.

Polo tanto, non se trataba de analizar a extensión e límites da liberdade ideolóxica ou de expresión, aínda que estas, e dito agora de modo xeral, en ningún caso xustifican os contidos ilícitos. É evidente que a publicación de fotos de persoas condenadas polo delicto de danos coa finalidade de subverter a orde constitucional converte o contido en ilícito para as funcións propias dunha administración pública. Sen embargo, como dicimos, ese non é o núcleo deste problema. Trátase, pola contra, de determinar o alcance da citada responsabilidade en Internet e das obrigacións que para as administracións se derivan daquela.

A consecuencia directa desta responsabilidade neste ámbito é a necesidade de que os órganos públicos supervisen os contidos das web que dependen deles, o que tamén se estende aos hipervínculos que nelas existan. A tradución xurídica de tal responsabilidade xenérica é unha potestade de control por parte dos poderes públicos, que estes deben exercer como manifestación daquela responsabilidade. Neste sentido, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia ten que revisar os contidos da

súas web para que sexan acordes coas funcións propias das administracións públicas, da citada Consellería e do sistema educativo.

Así as cousas, un contido do blog aludido na queixa era ilícito, inapropiado e inadecuado para as finalidades que debe perseguir unha administración pública e un sistema educativo democrático. Un enlace, co mesmo título do blog, sito nun enderezo electrónico que depende do dominio xunta.es, daba acceso ao mencionado blog. A web, ao ser de titularidade pública, debe estar suxeita á supervisión da administración titular dese enderezo electrónico que aloxa tal hipervínculo. E como xa dixemos, o control de contidos tamén ten que estenderse aos hipervínculos. Por iso emitíuse unha recomendación dirixida á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, en exercicio da súa potestade de control de contidos das súas páxinas web, retirase o hipervínculo que daba acceso ao blog controvertido.

Así mesmo, no marco desta investigación analizáronse as normas de uso do servizo de aloxamento web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Nelas debería facerse constar a citada responsabilidade dos poderes públicos e, polo tanto, eliminar as exoneracións de parte de responsabilidade que se contiñan nelas, e que non se correspondían coas previsións da citada Lei 11/2007. Polo tanto, emitíuse unha segunda recomendación para que esa Consellería reformase tales normas de uso co fin de reflectir con claridade o principio de responsabilidade e a potestade de supervisión de contidos.

A Consellería respondeu afirmativamente a ambas as recomendacións.

En canto ás queixas iniciadas no 2009 e concluídas no 2010 (algunhas xa citadas ao aludir aos puntos de encontro), podemos destacar a Q/925/09, que tivo o programa denominado **“Correlingua”**. Un pai presentou a queixa ao entender que, con este programa, certos centros educativos fan un uso inadecuado dos menores de idade, alienándoos interesada e politicamente. O informe emitido polo secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ante o noso requirimento, fixo constar que aquela actividade, de carácter extraescolar, a organizan entidades e institucións

alleas á Consellería, como a Asociación Socio-Pedagóxica Galega, CIG-Ensino, *Mesa pola Normalización Lingüística* e diversos concellos (Lugo, Pontevedra, Santiago ou Vigo). O alto comisionado parlamentario cerrou este asunto cunha resolución na que afirma que, con independencia de que nestes feitos concorra ou non a intervención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, é evidente que o dito organismo non pode subtraerse á súa primordial obrigaón de velar pola liberdade e independencia do alumnado, máxime cando se trata de menores de idade cuxa participación en actos de carácter político e ideolóxico, calquera que sexa a súa tendencia ou orientación, debe estar condicionada pola autorización expresa dos seus representantes legais, ao non entenderse incluída aquela na autorización xenérica dos pais para actividades extraescolares. Como consecuencia deste razoamento, a prol da especial tutela e protección que merecen os menores de idade, emitiuse a seguinte suxestión: “Que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia adopte as medidas oportunas para que, no sucesivo, presuposta sempre a exixible neutralidade política dos centros educativos públicos e concertados, se impida a concorrencia dos seus educandos a aquelas actividades que poidan supoñer a súa utilización para fins ideolóxicos ou partidarios, calquera que sexa a súa orientación, sen contar, dada a súa minoría de idade, coa autorización expresa dos seus representantes legais”.

1.14.3 ACTIVIDAD DE PEDAGOXÍA DE DEREITOS

Como é sabido, o labor de pedagogía e difusión de dereitos da infancia é un dos eixes clave da actividade do Valedor do Pobo. Todos os anos, en función das disponibilidades orzamentarias, se intenta elaborar un conxunto de iniciativas que permitan mellorar a concienciación social neste ámbito e a propia sensibilización dos responsables públicos fronte aos problemas dos menores. Tamén estas actuacións axudan a que os propios nenos e nenas se formen nos seus dereitos e deberes. Citamos a continuación as máis destacadas.

Elaborouse un **cartel informativo** para divulgar entre a poboación escolar galega os dereitos da infancia. Os 6000 pósteres desta campaña enviáronse a cerca de mil centros

de educación infantil e primaria da Comunidade Autónoma. Os carteis recollen unha selección dos dereitos recoñecidos pola Declaración dos Dereitos do Neno. Ao lado dunha ilustración dun neno e dunha nena portando globos nas súas mans sobre un fondo verde, pódense ler dez dereitos acompañados por un número. Este número trata de converter tamén o cartel nun xogo no que os máis pequenos deben intentar poñer en orde tales números. Os dereitos que se citan son o dereito a ter unha familia, a unha boa educación, a vivir sen discriminación, a non sufrir maltrato, a xogar, a ser escoitados, a crecer en liberdade, a non ser manipulado e a ter unha identidade.

As canles de comunicación que a institución mantén coas **organizacións non gobernamentais** intensificáronse para intercambiar distintas informacións e recibir suxestións, en especial sobre os puntos de encontro familiar.

Polo que respecta ás **conferencias**, destacamos a pronunciada polo vicevaledor responsable desta área titulada “Menores e redes sociais”, que tivo lugar no Colexio compostelán A Salle o 17 de marzo. Nela analizáronse tanto os riscos coma as vantaxes da interacción entre a sociedade da información e os menores, con especial incidencia na problemática das redes sociais; explicáronse diversas medidas de protección (formación, diálogo, software específico de protección, configurar correctamente as opcións de navegación), os mecanismos de reacción ante posibles abusos, e a necesidade de afrontar este tema con razoabilidade e adecuada formación.

De igual forma, a institución acudiu a diversos **cursos, congresos e xornadas** sobre temas de menores, sobre todo a través do vicevaledor responsable da área. Neste sentido, mencionaremos algúns deles:

- I Xornadas sobre acollemento familiar en Galicia, celebradas o 8 de maio de 2010, nas que o vicevaledor participou na mesa redonda titulada “O futuro dos menores: actuar hoxe para garantir o mañá”;

- Curso de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo sobre “a mediación como alternativa ao proceso penal de menores”, celebrado o 20, 21 e 22 de xullo de 2010.

O Vicevaledor defendeu unha ponencia sobre a situación dos menores infractores en Galicia.

- XIV Conferencia Anual da Rede Europea ENOC (*European Network of Ombudspersons for Children*), que se celebrou en Estrasburgo en outubro baixo o lema “Escoitando os nenos e involucrándoos na promoción e implementación dos seus dereitos”. Unha das novidades foi a participación de mozos nas actividades, que colaboraron e interactuaron cos representantes dos valedores. Tamén houbo talleres específicos sobre violencia, educación, saúde, privacidade e os riscos derivados do uso das novas tecnoloxías. Deste modo púidose avanzar no intercambio de boas prácticas e estratexias entre os valedores e as diferentes institucións implicadas na protección aos menores, tales como o Consello de Europa, o Parlamento Europeo, o Comité de Nacións Unidas para os Dereitos do Neno, a Axencia de Dereitos Fundamentais da Unión Europea ou Unicef, entre outras.

- Xornada organizada polo *Defensor del Pueblo* sobre a determinación da minoría de idade de menores estranxeiros cando non pode ser establecida con seguridade, celebrada en Madrid o 10 de novembro. Nela analizáronse as deficiencias no protocolo establecido para a determinación da idade, ademais do problema que supón a existencia de prácticas distintas en función da provincia onde son detectados os presuntos menores estranxeiros.

- Seminario sobre programas de protección contra o maltrato infantil, organizado pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar, e celebrado o 25 de novembro. Nel o vicevaledor impartiu a conferencia “Dereitos dos menores: retos no tempo presente”. Nela abordou a minoría de idade como un aspecto problemático para o exercicio dos dereitos dos menores; as limitacións ao exercicio de dereitos; a necesaria contextualización dos problemas que afectan aos dereitos dos menores; a supervisión pública; o concepto “interese superior do menor”; os retos que as novas tecnoloxías representan para os máis novos; as ameazas emerxentes neste ámbito; e o reflexo sobre os fillos dos problemas dos pais.

Por último, queremos facer referencia a que neste ano 2010 comezaron os preparativos para a elaboración dun importante informe sobre o **uso de Internet entre os e as adolescentes galegos**, que sairá á luz no primeiro trimestre de 2011. Trátase de conseguir datos fiables e científicos sobre as percepcións, motivacións, crenzas e hábitos no uso de Internet por parte dos adolescentes da nosa Comunidade Autónoma. Con esa base poderanse elaborar as oportunas conclusións e, sobre todo, as recomendacións que a institución pode efectuar coa intención de salvagardar o interese superior destes menores ante a delicada problemática que a Rede Iles presenta.

1.14.4 SEGUIMIENTO DO INFORME EXTRAORDINARIO DO VALEDOR DO POBO SOBRE MENORES EN SITUACIÓN DE DESPROTECCIÓN

No ano 2007 o Valedor do Pobo elaborou un informe extraordinario titulado *Menores vulnerables: desprotección e responsabilidade penal*. Nel formulábanse unha serie de recomendacións referidas tanto aos menores en situación de desprotección, como aos menores infractores.

Así as cousas, neste ano 2010 fíxose un seguimento do grao de cumprimento das ditas recomendacións. O resultado final hai que entendela como certamente positivo, pois desde a Xunta de Galicia realizáronse diversas actuacións que en parte responden ás recomendacións plasmadas no citado informe extraordinario do Valedor.

Neste sentido, no ámbito da **prevención**, potenciáronse os servizos sociais de atención primaria e a coordinación por medio de varias medidas. Entre elas, complementáronse 16 equipos de inclusión social, desenvolvéronse accións formativas de moi diverso tipo, e avanzouse nun sistema de notificación tecnolóxica de alertas de posibles indicadores de risco de desprotección infantil. Con relación á prevención primaria, potenciáronse os programas de preservación familiar ou o programa de atención de día. Para mellorar a detección precoz e a notificación das situacións de desprotección infantil, efectuouse unha campaña divulgativa do teléfono da infancia e implantouse o Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI) policial e educativo.

Respecto ás cuestións relativas á **protección**, melloráronse os equipos técnicos de menores ao incorporarse 26 profesionais que proveñen do proceso selectivo do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia. Iso permitiu rebaixar a ratio do número de menores/profesional responsable do caso. Tamén se redistribuíron os profesionais en equipos por obxectivos de traballo e puxéronse en marcha de maneira definitiva os protocolos de acollemento residencial. De igual modo, promocionouse o acollemento familiar por medio de campañas, formación, incremento das contías e unificación dos criterios do procedemento de acollemento familiar con circulares internas. Nesta liña, ampliouse o número de profesionais dos equipos de acollemento, potenciouse de maneira especial o acollemento familiar de menores de tres anos e apoiouse economicamente as familias acolledores a través dunha dedución no tramo autonómico do IRPF de 300 € por cada menor acollido (Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas). Paralelamente, incidíuse na idea de evitar o acollemento residencial prolongado: estudouse e revisouse o estado dos menores con tempos prolongados de institucionalización, establecéronse criterios de intervención e prelación a ter en conta na asignación de medidas de acollemento residencial, elaboráronse protocolos de actuación en centros de protección de menores, e destináronse dous centros propios á atención específica de menores con dificultades de conduta (Santo Anxo de Rábade en Lugo, e Montealegre en Ourense).

Á súa vez, no marco da **reeducación**, activáronse estratexias de asistencia social, entre elas: servizos de tratamento ambulatorio, ofertas de tempo libre, e posta en marcha de distintos programas (Programa Espabila para adolescentes tutelados ou en garda, programa de atención a familias con problemas cos seus fillos, ou programa de intervención ambulatoria en adolescentes).

É de esperar que todas estas actuacións sirvan para avanzar nun cambio de modelo de intervención, que responda á complexidade dos problemas actuais dos menores, e á propia diversidade dos recursos existentes. É preciso incidir nos tratamentos individualizados de cada situación familiar e na capacitación das familias nas que se produciron casos de desprotección.

1.14.5 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE MENORES

1.- Suxestión dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria en data 27 de xaneiro de 2010 para que se adopten as medidas oportunas para que o alumnado dos centros educativos públicos e concertados non acuda á actividades que poidan supoñer a súa utilización para fins ideolóxicos ou partidarios sen contar coa autorización, previa e expresa, dos seus representantes legais para cada unha de ditas actividades (Q/925/09).

O 26 de maio de 2009 tivo entrada nesta Institución correo electrónico remitido por Don J. M. D. G. no que denunciaba un uso pouco educativo, ao seu entender, con falta de liberdade e de alternativa na asistencia pola parte de centros educativos ao “*Correlingua*”, o que supón unha utilización inadecuada de menores de idade con finalidade ideolóxica ou partidaria.

Da recepción nesta oficina de dita reclamación acusouse recibo ao interesado o día 2 de xuño de 2009, sendo admitida a trámite, baixo o número de queixa O.11Q/925/09, o día 30 de xuño do mesmo mes, data na que se promoveu a oportuna investigación sumaria e informal, solicitando da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o correspondente informe sobre a causa que motivou a reclamación.

O 9 de setembro de 2009 o Secretario Xeral da citada Consellería emitiu o referido informe no que fixo constar que “*aquela actividade, de carácter extraescolar, ven sendo organizada por entidades e institucións alleas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como son: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), CIG-Ensino, Mesa pola Normalización Lingüística e diversos Concellos (Lugo, Pontevedra, Santiago e Vigo, entre outros)*”.

Con independencia de que nestes feitos concorra ou non a intervención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, é evidente que dito organismo non pode subtraerse a súa primordial obriga de velar pola liberdade e independencia dos educandos, máxime cando se trata de menores de idade cuxa

participación en actos de carácter político e ideolóxico, calquera que sexa a súa tendencia ou orientación, debe vir condicionada pola autorización expresa dos seus representantes legais, ao non entenderse incluída aquela na autorización xenérica dos pais para actividades extraescolares.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 32 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, en aras da especial tutela e protección que merecen os menores de idade, procede emitir a seguinte

SUXESTIÓN:

Que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia adopte as medidas oportunas para que, no sucesivo, presuposta sempre a esixible neutralidade política dos centros educativos públicos e concertados, se impida a concorrencia dos seus educandos a aquelas actividades que podan supoñer a súa utilización para fines ideolóxicos ou partidarios, calquera que sexa a súa orientación, sen contar, dada a súa minoría de idade, coa autorización expresa dos seus representantes legais.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria:
Aceptación expresa.

2.- Recomendación dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Ourense na data 24 de setembro de 2010 para que dito Concello estableza os mecanismos adecuados para que as atraccións de feira destinadas aos menores estén correctamente adaptadas aos mesmos.(Q/290/10).

O escrito presentado por M. R. V. ante esta Institución o 15 de febreiro de 2010 deu lugar ao expediente O.11.Q/290/10, que foi admitido a trámite e promoveu una investigación sumaria e informal por parte do Valedor do Pobo con base no artigo 22.1 da Lei 6/1984.

O problema sustanciado referíase a incorrecta adaptación das atraccións de feira destinadas aos menores ás necesidades e esixencias que estes plantexan, en especial no que se refire ao tipo de cancións que empregan.

O Valedor do Pobo tivo que dirixirse ata en tres ocasións ao Concello para tratar de que este cumprise coa obriga legal de contestar ao requirimento desta Institución (os días 22 de marzo, 4 de maio e 24 de agosto). Neste sentido, tivemos que formular un recordatorio de deberes legais sobre a obriga dos poderes públicos de Galicia de colaborar co Valedor, e a posibilidade de que a negativa ou neglixencia no envío dos preceptivos informes dera lugar a declaración pública de hostilidade e entorpecemento.

O 2 de outubro chega ao rexistro do Valedor do Pobo un sinxelo papel firmado por un técnico asesor do Concello de Ourense no que pregunta que día ocorreron os feitos investigados. Esta forma de proceder resulta extemporánea e fora de lugar. Da a impresión que se intenta dilatar aínda máis a resolución do problema, o que denota unha preocupante falta de sensibilidade polo arranxo dos asuntos que afectan aos menores. O que debería facer o Concello é informarnos da existencia dos mecanismos de protección existentes dos nenos e nenas nos espazos de ocio, ou do seu compromiso para a previsión de tales mecanismos de cara ao futuro. Preguntar nove meses despois polo día exacto dos feitos é, cando menos, dilatorio, e descoñece as pautas de actuación do *Ombudsperson* galego, que busca a xustiza material e non os remedios de índole provisional e formal.

Entendemos que unha concreción do “interese superior do neno”, que prevé a Convención de Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno de 1989, é a necesidade de que os espazos de ocio dos menores estean adaptados ás peculiaridades formativas, psicolóxicas e de comportamento dos mesmos. Elo é unha obriga para os poderes públicos co obxecto de axudar á correcta socialización dos nenos e das nenas, e unha manifestación dos deberes públicos de tutela e protección dos menores. Estas medidas supervisoras xa existen en diversos concellos galegos, e se articulan a través de reunións, informacións orais e escritas, e certa vixilancia pola policía municipal.

Polo tanto, en con base no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, emitimos a seguinte **RECOMENDACIÓN**:

Deben articularse no Concello de Ourense mecanismos que permitan que as atraccións de feira destinadas aos menores estean correctamente adaptadas aos mesmos, o que tamén ten que incluír as cuestións de imaxe e música.

Resposta do Alcalde-Presidente do Concello de Ourense: Aceptación expresa.

3.- Suxestión dirixida á Conselleira de Traballo e Benestar en data 4 de outubro de 2010 para que o servizo de menores faga un seguimento cercano da nena T.M.C.H. (Q/1292/10).

A entrada nesta Institución de diversos escritos de carácter confidencial deron lugar ao expediente O.11.Q/1292/10, que foi admitido a trámite e orixinou unha investigación sumaria e informal.

O problema analizado refírese á situación da menor T. M. C. H., que podería atoparse nalgún suposto de risco.

O informe que a Consellería trasladou a esta Institución empeza cun erro que debe ser corrixido: afirmase que a queixa a presentou a citada menor. Elo é falso, a queixa ten unha natureza confidencial. Polo tanto debe modificarse ese dato nos arquivos da Consellería, se realmente fíxose constancia do mesmo, dado que eventualmente podería causar algún prexuízo á menor.

Con base en dito informe e noutros datos recabados na investigación efectuada no presente expediente, non se pode probar a situación de desprotección, pero sí constan diversos problemas emocionais e psicolóxicos que poderían ter consecuencias moi negativas para a menor.

Polo tanto, e con base no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, emítase a seguinte **SUXESTIÓN**:

Os servizos de menores deberían facer un seguimento cercano e continuo da situación da menor T. M. C. H., coa finalidade, se resulta necesario, de adoptar algunha medida que protexa a dita menor.

Resposta da Conselleira de Traballo e Benestar: Aceptación expresa.

4 e 5.- Dúas recomendacións dirixidas ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria en data 15 de novembro de 2010. A primeira para que retire un hipervínculo inadecuado que depende dunha web da consellería, e a segunda para que a consellería reforme as súas “normas de uso do servizo de aloxamento web” para adecualas á Lei 11/2007. (Q/1906/10).

O escrito presentado por Dona M. G. L. C. (*Presidenta da Asociación Galicia Bilingüe*), deu lugar ao expediente O.11.Q/1906/10, o cal foi admitido a trámite por entender que cumpría cos requisitos esixidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo. Tras elo abriuse unha investigación sumaria e informal para o estudo do problema plantexado, referido a diversos contidos aos que se pode acceder dende a web www.edu.xunta.es.

O núcleo do problema esixe determinar previamente ata onde chega a responsabilidade dos poderes públicos no ámbito das súas páxinas webs. Neste senso, é indubidable que tal responsabilidade tamén é unha categoría xurídica presente nas webs cando a súa titularidade correspóndelle a un órgano público. Tal responsabilidade, en termos xenéricos, e non referida exclusivamente ó sentido patrimonial, derívase do artigo 9.3 da Constitución, e, xa de forma máis concreta, da Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Nesta última lei, o seu artigo 4.h recolle o principio de responsabilidade nos servizos ofrecidos polas administracións públicas por medios electrónicos. A súa vez, o artigo 10.2 desta Lei 11/2007 establece que as direccións

electrónicas das administracións públicas están suxeitas, entre outros, ao principio de responsabilidade.

Polo tanto, non se trata de analizar a extensión e límites da liberdade ideolóxica ou de expresión, aínda que estas, e dito agora de modo xeral, en ningún caso xustifican os contidos ilícitos. É evidente que a publicación de fotos de persoas condenadas polo delito de danos coa finalidade de subverter a orde constitucional converte o contido en ilícito para as funcións propias dunha administración pública. Sen embargo, como dicimos, ese non é o núcleo deste problema. Trátase, polo contrario, de determinar o alcance da devandita responsabilidade en Internet e das obrigas que para as administracións se derivan daquela.

A consecuencia directa desta responsabilidade neste ámbito é a necesidade de que os órganos públicos supervisen os contidos das webs que dependen dos mesmos, o que tamén se estende aos hipervínculos que nelas existan. A tradución xurídica de tal responsabilidade xenérica é unha potestade de control por parte dos poderes públicos, que estes deben exercer como manifestación daquela responsabilidade. Neste senso, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia ten que revisar os contidos da súas webs para que sexan acordes coas funcións propias das administracións públicas, da citada Consellería e do sistema educativo.

Así as cousas, un contido do blog “*Na lingua de tod@s*” é ilícito, inapropiado e inadecuado para as finalidades que debe perseguir unha administración pública e un sistema educativo democrático. Estamos aludindo a un vídeo de “Skarnio” que aparece nunha entrada de 26 de maio de 2008, que se atopa, nese blog, nas direccións:

<http://www.blogoteca.com/nalinguadetodos/index.php?mes=5&ano=2008>

<http://www.blogoteca.com/nalinguadetodos/index.php?cod=40004>

Un link, co mesmo título do blog, ubicado na dirección electrónica <http://centros.edu.xunta.es/cuntiscpi>, da acceso ao mencionado blog. Esta web é de titularidade pública polo que debe estar suxeita á supervisión da administración titular desa

dirección electrónica que aloxa tal hipervínculo. E como xa dixemos, o control de contidos tamén debe estenderse aos hipervínculos.

Deste xeito, e mentres o vídeo de “Skarnio” que acompaña ao artigo do 26 de maio de 2008 dese blog permaneza no mesmo, emítese a seguinte **RECOMENDACIÓN**, ao amparo do artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo:

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en exercicio da súa potestade de control de contidos das súas páxinas webs, debe retirar o hipervínculo que no URL <http://centros.edu.xunta.es/cuntiscpi/> aparece titulado como “Na lingua de tod@s”.

Asimesmo, no marco desta investigación analizáronse as “Normas de uso do servizo de aloxamento web” da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, que se poden consultar en:

http://centros.edu.xunta.es/portal/taxonomy_menu/1/4.

Nelas debería facerse constar a citada responsabilidade dos poderes públicos e, polo tanto, eliminarse as exoneracións de parte de responsabilidade que se conteñen nos puntos 2 e 6, que non se corresponden coas previsións da Lei 11/2007.

Polo tanto emítese unha segunda **RECOMENDACIÓN**:

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria debería reformar as súas “Normas do uso do servizo de aloxamento web” para reflexar con claridade o principio de responsabilidade e a potestade de supervisión de contidos, de acordo co establecido na Lei 11/2007.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria:
Aceptadas expresamente as dúas recomendacións.

1.15. ÁREA DE CULTURA E POLITICA LINGÜÍSTICA

1.15.1 INTRODUCCIÓN

As queixas tramitadas na área de cultura e política lingüística inciden, de forma maioritaria, na falta de adecuada protección a determinados elementos do patrimonio cultural galego e en discriminacións no uso dunha das dúas linguas oficiais Galicia.

O cumprimento do deber de colaboración coa institución nas súas investigacións por parte da Consellería de Cultura e Turismo non se levou a cabo sempre coa dilixencia desexable. Foi común ter que reiterar o requirimento de informe, a solicitude de informes complementarios por falta de exhaustividade na documentación remitida, e incluso a repetición de requirimentos para que fosen contestadas as recomendacións e os recordatorios de deberes legais. A xustificación habitual dos servizos da Consellería é a insuficiencia de persoal para atender a carga de traballo a que ha de facer fronte.

1.15.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

Ao longo do 2010 recibíronse nesta área 141 queixas co seguinte estado:

Iniciadas	141	
Admitidas	101	72 %
Non Admitidas	34	24 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	6	4 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	86	85 %
En trámite	15	15 %

1.15.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

1.15.3.1 A protección do patrimonio cultural

Unha parte das queixas admitidas a trámite e concluídas en materia de cultura foron presentadas polo colectivo ecoloxista *Luita Verde*, centradas principalmente na falta de protección de determinados petróglifos (As Abelaires, Torre de Meira, Devesa do Rei, Laxe de Chan, Bronlle, Borna...). En xeral, o grao de protección e vixilancia sobre estes elementos da arte rupestre galega, pouco coñecidos e menos valorados, deixa moito que desexar. Nalgunha ocasión, da que tivo coñecemento esta institución, a escasos metros das pedras que soportan este ben patrimonial realizáronse vertidos (Q/45/10, Q/47/10, Q/378/10, en Cangas), feitos que foron posteriormente constatados polos servizos técnicos do departamento territorial da Consellería de Cultura e Turismo en Pontevedra. Resulta moi negativo que, tras levar a cabo un labor de inventario e catalogación complementario dos petróglifos como monumentos e conxuntos histórico-artísticos obxecto de protección, non se preste toda a atención necesaria a estes bens culturais. O caso das Abelaires é significativo, porque o petróglifo, nun estado de total abandono e rodeado de lixo, se encontra nun soar que é propiedade municipal.

As queixas que chegaron a esta institución foron, polo xeral, pola falta de resposta das administracións implicadas e a súa pasividade ante as denuncias feitas por particulares ou por grupos ecoloxistas, sinaladamente *Luita Verde* e ADEGA, e concluíron con recomendacións ou recordatorios dos seus deberes legais.

O mesmo cabe dicir da protección de bens de interese cultural como os denunciados nas Q/185/10, Q/186/10, na aldea de Froxán; de xacementos como os da Cunchosa ou Castro Leboeiro (Q/84/10, Q/86/10); a protección da mina romana da Toca (Seoane do Courel), denunciada nas queixas Q/200/10, Q/203/10, Q/206/10 e Q/207/10 a Q/210/10; a falta de protección do patrimonio histórico cultural afectado por obras públicas na zona das Nogais-Becerreá; a indebida legalización dunha obra a menos distancia da

permitida legalmente xunto a un hórreo de máis de trescentos anos de antigüidade en Lousame (Q/1439/10); ou a demolición dunha igrexa por Iberdrola (Q/604/10). Tamén algunhas actuacións de *Unión-Fenosa* foron especialmente lesivas para elementos patrimoniais, como a colocación dun poste de formigón do tendido eléctrico ao lado dun cruceiro (Q/1625/10), ou a corta de árbores nos xardíns do Pazo de Sistallo, en Cospeito, en aplicación da normativa antiincendios por parte da Consellería de Medio Rural, cando os xardíns estaban atravesados por uns cables de tendido eléctrico sen habilitación nin título para iso (Q/1164/10).

Contra a Consellería de Cultura e Turismo presentáronse tamén queixas por subvencións (Q/2162/10), polo funcionamento da oficina de restauración de bens culturais (Q/2252/10) e os criterios de adxudicación de proxectos de restauración en bens culturais de propiedade eclesiástica.

1.15.3.2 Deportes

En materia de deportes, as queixas presentadas foron, en xeral, polo inadecuado funcionamento de polideportivos e piscinas municipais (Q/669/10, Q/1446/10 ou Q/1562/10), ou por problemas con algunhas federacións deportivas galegas.

1.15.3.3 Os dereitos lingüísticos no ámbito das administracións públicas

A Constitución española (en diante CE) supuxo un importante e novidoso instrumento a favor do recoñecemento da realidade plurilingüe de España. Tanto o castelán como “as demais linguas españolas serán oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos (art. 3.1 e 2 CE); ao ordenar constitucionalmente a *realidade plurilingüe da nación española* establece un réxime de cooficialidade lingüística (véx. a sentenza do Tribunal Constitucional 337/1994, do 23 de decembro, fundamento xurídico 6). Así, na organización territorial do Estado Autonómico que configuraron a Constitución e os estatutos de autonomía existen territorios, como é o caso de Galicia, dotados dun *estatuto de cooficialidade lingüística* nos que -como establece a STC 82/1986, fundamento xurídico 3- o uso polos particulares de calquera lingua oficial efectivamente ten plena

validez xurídica nas relacións que manteñan con calquera poder público radicado no dito territorio, “sendo o dereito das persoas ao uso dunha lingua oficial un dereito fundado na Constitución e no respectivo estatuto de autonomía”. Por tanto, establécese a cooficialidade dos idiomas e o principio de non discriminación idiomática. O Estatuto de Autonomía de Galicia (en diante EAG), establece (art. 5) o que segue:

“1- A lingua propia de Galicia é o galego. 2- Os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar. 3.- Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. 4- Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.”

Así pois, un dos dereitos que nos compete tutelar é o dereito ao uso normal do galego como idioma propio de Galicia, como tamén supervisar a efectividade do deber estatutario que afecta aos poderes públicos da Comunidade de garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas e da potenciación do emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

O artigo 4, aliña 1, da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, especifica que o galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa administración, da administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma, e que tamén o é o castelán, como lingua oficial do Estado.

O plan xeral de normalización da lingua galega marca como obxectivo asegurar que na administración autonómica o galego sexa a lingua habitual nas relacións internas, nas relacións entre as administracións e nas relacións cos cidadáns, co que se logrará, deste modo, consolidar o galego como lingua xeral de referencia na administración autonómica.

O art. 54, aliña 11, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto do empregado público establece que os empregados públicos garantirán a atención ao cidadán na lingua que o solicite e sempre que sexa oficial no territorio.

O art. 7 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, especifica que o galego, como lingua propia de Galicia, tamén o é da súa administración local.

a) Actuacións da administración autonómica

Neste ámbito pódese facer mención dun grupo de queixas presentadas por particulares cuxo contido tiña por obxecto supostos incumprimentos por parte da administración autonómica da Lei de normalización lingüística, nuns casos, ou da Constitución española, noutros.

Compróbase que contra a administración sanitaria hai denuncias tanto pola non utilización de modelos en lingua galega como en lingua castelá (falta de impresos en castelán nalgún centro sanitario, e falta deles en galego noutros). A administración sanitaria indicou que se están realizando todas as actuacións posibles para cumprir a normativa vixente e para que todos os documentos dos centros sanitarios estean nas dúas linguas oficiais da Comunidade Galega.

Tamén se presentaron denuncias contra outras consellerías pola non utilización da lingua galega tanto nas páxinas *web* como nas plataformas de teleformación. Polo contra, outros cidadáns facían referencia nos seus escritos á discriminación do castelán nos mesmos medios. Todas estas queixas foron tramitadas ante os departamentos correspondentes, recordándolles a lexislación aplicable e conseguindo un compromiso por parte daqueles de facer as xestións precisas para solucionalo

Respecto da sinalización das estradas producíronse varias reclamacións pola ausencia de rotulacións coa toponimia adecuada, como no caso dos sinais na intersección das estradas AC-566 e AC-112, circunstancia corrixida (Q/2095/11). Algunhas delas

remitíronse ao Defensor del Pueblo, por se trataren de actuacións da Administración xeral do Estado que escapan ás nosas competencias.

Hai que sinalar que ante todas a queixas presentadas nesta materia, nos diferentes informes remitidos polos distintos departamentos da administración autonómica, se ratificaba o compromiso, que xa reflectimos en informes anteriores, de facilitar ao administrado a información oral e tamén a documentación de que se trate en cada caso, na lingua que voluntariamente o cidadán elixa.

b) Actuacións da administración local

Dentro desta eido presentáronse queixas referentes á inexistencia de formularios de petición para os administrados nalgunha das dúas linguas cooficiais. Así, no Concello de Valdoviño non dispoñían de modelos en lingua galega. Polo contrario, outro cidadán denunciaba a non utilización do castelán nos escritos por parte do Concello de Cariño.

Ante estas queixas, tras a investigación realizada pola institución e á vista da información subministrada polas diferentes entidades locais, recordóuselles a normativa aplicable en materia lingüística. As administracións afectadas manifestaron o seu compromiso de poñer todos os medios para dar resposta á petición dos cidadáns.

Hai que mencionar tamén neste lugar a presentación de varias queixas pola utilización de toponimia incorrecta en sinalizacións de obras, rúas e prazas de diferentes concellos, como Pedrafita do Cebreiro ou Cangas. Por parte desta institución comunicouse que a toponimia oficial de Galicia foi aprobada en base aos principios establecidos na Lei de normalización lingüística, que sinala que os topónimos terán como única forma oficial a galega e habilita a Xunta para a determinación dos nomes oficiais dos municipios, os territorios, os núcleos de poboación, as vías de comunicación interurbanas e os topónimos de Galicia. Polo demais, o nome das vías urbanas será determinado polo concello correspondente. Estas denominacións son as legais para todos os efectos e a rotulación terá que coincidir con elas.

Na Q/1548/09 poñíase en coñecemento desta institución que no Concello de Ribeira, todos os documentos, impresos e escritos tiñan o membrete de Ribeira con v. O Concello contestou no informe solicitado que se trataba dun acordo adoptado polo Pleno do Concello ante a decisión acordada pola Consellería de Presidencia aprobando o nome oficial do Concello sen lle dar audiencia á Corporación e sen realizar ningún estudo con fundamento sólido. Esta institución, ao igual que se fixo en supostos similares, en base á lexislación vixente en materia de toponimia, realizou un recordatorio de deberes legais ao Concello (véx. as resolucións incluídas nesta área no Informe de 2009), que finalmente respondeu rexeitando a resolución, o que resaltamos, de acordo co previsto no art. 33.2 da Lei do Valedor do Pobo.

En relación coa utilización dunha das dúas linguas oficiais da comunidade houbo máis queixas contra diversos concellos, todas elas relativas á utilización dunha soa das linguas, como consecuencia do rexeitamento por parte da administración local correspondente da tradución dos documentos.

Respecto á elección de linguas no funcionamento interno das corporacións locais, presentouse unha queixa por un membro da corporación do Concello de Brión, ao non ser incluída na orden do día dun pleno unha moción por estar redactada en lingua castelá (Q/1327/10). Solicitada información, foinos remitida indicando que a moción non fora incluída non só por estar redactada unicamente en lingua castelá, senón tamén por outras razóns que sinalaba o escrito de contestación. Pola nosa parte, e tras avaliar as alegacións do Concello, elaboramos o oportuno informe recollendo tanto a lexislación aplicable como a xurisprudencia ditada nesta materia, concluindo cun recordatorio de deberes legais ao Concello (véx. a resolución 2 das de esta área), que foi aceptado.

1.15.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS

Nesta epígrafe recóllense as queixas que non foron admitidas a trámite por non reuniren os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, ou por concorrer calquera das circunstancias enumeradas nos artigos 20 e 21 do mesmo texto legal. As circunstancias que motivaron con maior frecuencia a non admisión a trámite son

a natureza xurídico-privada do problema (por exemplo, por discriminación do galego por empresas como a Mutua Galega, Orange, ou en determinadas programacións de actividades) ou a non existencia de actuación administrativa. En calquera caso, sempre se comunica a non admisión da queixa e se especifica o motivo concreto desa decisión, informando ao interesado do máis oportuno na defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos, se observamos a existencia dunha actuación alternativa que poida promoverse.

1.15.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

Das seis queixas remitidas ao Defensor del Pueblo, dúas referíanse á falta de utilización da lingua galego na sinalización de dúas vías pertencentes á Rede de Estradas do Estado do Ministerio de Fomento. Outra queixábase pola discriminación do galego na documentación da Axencia Estatal de Administración Tributaria. Outra referíase ao tramo aragonés do Camiño de Santiago. Outra era unha reclamación ante o Colexio Notarial. Por último, presentouse un escrito de queixa contra unha sanción en materia deportiva por parte dunha federación deportiva nacional.

1.15.6 RESOLUCIÓN DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE CULTURA E POLÍTICA LINGÜÍSTICA

1.- Suxestión dirixida ao Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en data 30 de marzo de 2010 para que se estude a conveniencia de proceder a da-las ordes oportunas, para que na autovía Santiago-Brión a sinalización da mesma este nos dous idiomas oficiais desta comunidade autónoma. (Q/2398/09).

Con data do 30 de novembro de 2009, recibíuse por parte da interesada, un escrito de queixa, que quedou rexistrado nesta Institución co número P.3.Q/2398/09, no que nos indicaba esencialmente *que a vía de alta capacidade AG 56 A Rocha-Brión, de titularidade autonómica, está sinalizada na súa totalidade con indicacións que exclúen a lingua galega. Que eso contradí o artigo 5.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o artigo 35 da Lei 30/1992; os artigos 1,2,3,4 e 6 da Lei 3/1993, e o Real Decreto 334/1982, do 12 de febreiro entre outras.*

Unha vez estudada a súa queixa, foi admitida, en referencia neste caso á vulneración dos artigos 3 da Constitución Española e 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ao entender que reunía os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopaba, en principio, cobertura constitucional. Solicitados os preceptivos informes a esa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sendo remitido o correspondente informe e no mesmo esencialmente indícase:

Que en relación ao asunto indicado, a sinalización da autovía Santiago-Brión, correspóndese coa establecida no Proxecto modificado nº 1 da Autovía Santiago-Brión e o corredor Pardiñas-As Galanas, aprobado por resolución da entón Dirección Xeral de Obras Públicas de data 15 de novembro de 2007. Este proxecto contempla sinais en lingua castelá.

Posteriormente engadiuse a sinalización da poboación de Milladoiro, no enlace de Santiago-Sur, en febreiro de 2009.

Así mesmo, na sinalización dos paneis de mensaxeira variable instalados nesta autovía, emprégase a lingua castelá e galega en períodos alternados de 3 segundos de duración.

Que examinados en primeiro lugar o escrito presentado polo recorrente en queixa, e tendo en conta así mesmo o informe remitido pola Dirección Xeral de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, esta institución considera que por parte da administración non se está dando cumprimento ao establecido:

No artigo 3 da Constitución Española no que se prescribe: *“O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala”*. Continuando no apartado 2º *“As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos”* E no 3º *“A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección”*.

No artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia, no que se sinala: *“A lingua propia de Galicia é o galego”*. Seguindo no apartado 2º *“que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar”*. Continuando no 3º dos seus apartados que *“os poderes públicos de Galicia, garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa e disporán dos medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento”*. Rematando o citado artigo *“ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua”*.

No artigo 4 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, régúlase que: *“O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma”*. Tamén o é o castelán como lingua oficial do Estado e no artigo 6 que *“os cidadáns teñen dereito ó uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma”*.

E por último tampouco se está a cumprir co Real Decreto 334/1982, do 12 de febreiro, sobre sinalización de estradas, aeroportos, estacións ferroviarias, de autobuses e marítimas e servizos públicos de interese xeral no ámbito da comunidades autónomas constituídas con outra lingua oficial distinta do castelán, que nos seus artigos 1 e 2 dispoñen que a sinalización e indicacións escritas nas estradas e autoestradas efectuaranse en lingua castelá e na outra lingua oficial da comunidade autónoma que está recoñecida no seu respectivo estatuto de autonomía; e tamén que corresponderalle a execución da normativa anterior á Administración pública, Entidades ou concesionarios responsables das estradas, estacións etc.

Polo que por parte desta institución de conformidade co artigo 29 de la Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, aínda que coñecedora dos grandes esforzos que a administración está a realizar, para cumprir coa normativa lexislativa vixente na presente materia, de conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulámoslle á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas a seguinte :

SUXESTIÓN:

Estudar a conveniencia de proceder a dar as ordenes oportunas, para que na autovía Santiago-Brión a sinalización da mesma este nos dous idiomas oficiais desta comunidade autónoma, tal e como xa figura na sinalización dos paneis de mensaxería variable, para así poder cumprir co establecido na Constitución Española, Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei de Normalización Lingüística e Real Decreto 334/1982, de 12 de febreiro.

Resposta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras:
Aceptada.

2. Recordatorio de deberes legais do 24 de setembro de 2010, dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Brión, para a tramitación de documentación presentada en lingua castelá. (Q/1327/10).

Ante esta Institución, mediante escrito de queixa, compareceu C. T. F., portavoz municipal do Partido Popular, solicitando a nosa intervención, en relación coa posible discriminación da lingua castelán nese concello.

Solicitado o preceptivo informe a ese concello, foinos remitido e esencialmente indicase no mesmo que a moción obxecto desta queixa foi tratada no pleno e rexeitada por motivos políticos e, ademais, segundo se sinala pola alcaldía, por estar redactada en castelán.

Continúa o informe da Administración correspondente facendo unha valoración daquel proceder e presentando os argumentos que considera pertinentes para xustificar a súa adaptación a dereito, e en concreto ás normas vixentes reguladoras da política lingüística, así como mencións a determinada xurisprudencia, facendo unha interpretación de aquelas, e concluíndo que a Alcaldía “nunha interpretación sistemática de ambas normas entende que desde o ano 1988 a lei determina que documentos teñen de realizarse polo menos en galego...”.

Examinados os antecedentes , en primeiro lugar o escrito presentado polo recorrente en queixa, e tendo en conta así mesmo o informe remitido polo Concello de Brión, esta Institución diríxese a vde. para facer as seguintes reflexións na defensa, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas recoñecidos na Constitución así como para a tutela dos dereitos individuais e colectivos emanados do Estatuto de Autonomía, en especial, os sancionados no seu Título Preliminar (art. 1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo).

A Constitución Española (en adiante CE) supuxo un importante e novedoso instrumento a favor do recoñecemento da realidade plurilingüe da Nación española. En efecto, o artigo 2 da mesma proclama a unidade da Nación española á vez que recoñece as

nacionalidades e rexións que a integran ás que garante o seu dereito á autonomía e á solidariedade entre todas elas. En correspondencia con este presuposto (ver a *Sentencia do Tribunal Constitucional 337/1994, do 23 de decembro, Fundamento xurídico 6*) ao ordenar constitucionalmente a chamada “*realidade plurilingüe da Nación española*” establece un réxime de cooficialidade lingüística do castelán “*lingua oficial do Estado*”(art. 3.1 CE) e das demais linguas españolas, as cales serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos (art. 3.2. CE). Así na organización territorial do Estado Autonómico que configuraron a Constitución e os Estatutos de Autonomía existen uns territorios -caso de Galicia- dotados dun “*estatuto de cooficialidade lingüística*” nos que -como establece a *STC 82/1986, fundamento xurídico 3- o uso polos particulares a súa elección dunha das dúas linguas oficiais ten efectivamente plena validez xurídica nas relacións que manteñan con calquera poder público radicado en dito territorio.*

Cooficialidade dos idiomas, non obrigatoriedade de coñecer o galego e principio de non discriminación idiomática que polo que se refire á lexislación autonómica tamén recolle o Estatuto de Autonomía para Galicia (en adiante EAG) aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, que establece textualmente no seu artigo 5 o que sigue:

“1- *A lingua propia de Galicia é o galego.*

2- *Os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.*

3.- *Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.*

4- *Ninguén poderá ser discriminado par causa da lingua.”*

Pois ben, un dos dereitos que aplicando a nosa Lei reguladora compétenos tutelar por ser sancionado o mesmo no Estatuto de Autonomía de Galicia e, en concreto, no seu Título Preliminar (art. 5), é o dereito ó uso normal do galego como idioma propio de

Galicia, tendo a obriga estatutaria os poderes públicos desta Comunidade Autónoma de garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas cooficiais, potenciando o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa.

Pero non é menos certo que as nosas facultades esténdense á supervisión da Administración Autonómica e Local para garantir o sometemento das súas actuacións á Lei, e dentro destas e en primeiro lugar a propia Constitución Española, que nos seus artigos 9.1 e 103.1 consagra o principio de legalidade no senso de someter os poderes públicos ao disposto na mesma e no resto do Ordenamento Xurídico, establecendo a propia CE no seu artigo 3 que a lingua oficial do Estado é o castelán sendo a única da que se preconiza o “*deber*” de coñecer.

Polo demais, e no presente suposto, débese facer mención á Lei de Normalización Lingüística de Galicia (en adiante LNLG) en especial o seu artigo 6 que establece

1. Os cidadáns teñen dereito ó uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

2. As actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada.

3. Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.

4. A Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As Corporacións Locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta Lei.

Asemade, ter en conta tamén a Lei 5/1988, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais. Dita norma establece no seu artigo 1 que “*as convocatorias de sesións, ordes do día , mocións, votos particulares propostas de acordo, ditames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia redactaranse*

en lingua galega”, e continúa no seu apartado 2 “sen prexuízo do disposto no apartado anterior, ditas entidades poden facelo, ademais, na outra lingua oficial”.

Polo tanto do anterior se infire **o principio de liberdade total de elección polos cidadáns das linguas cooficiais** para dirixirse ás Administracións radicadas nesas Comunidades Autónomas, sexan estas Administracións estatais, autonómicas ou locais. Principio de liberdade que estimamos tamén debe rexer na relación entre os membros das corporacións locais na súa calidade de representantes dos cidadáns polos que foron elixidos.

É dicir vista a situación idiomática e no caso que nos ocupa de rexeitamento de moción por, entre outros motivos sinalados pola Alcaldía, “estar redactada en castelán”, hai que ter en conta que naquelas Comunidades Autónomas que teñen linguas cooficiais - como establece la *STC 337/1994* citada- **non existe o deber para os cidadáns de coñecer as linguas oficiais distintas da oficial do Estado, aínda que si exista o dereito a coñecelas e usalas** e iso en contraposición co establecido no artigo 3.1 de CE cando despois de afirmar que o castelán é a lingua española oficial do Estado, di que todos teñen o deber de coñecela e o dereito a usala, conclusión esta avalada polo Tribunal Constitucional e que ten a súa razón de ser no xogo, entre outros, do **artigo 14 da CE que prohibe todo tipo de discriminación entre os españois**, consagrando así o principio de igualdade, e o 139.1 en relación co 3.1 e 2 da CE xa que si, segundo aquel, todos os españois teñen os mesmos dereitos e obrigas en calquera parte do territorio do Estado, sería contrario a dito mandato a imposición nunha parte de España dunha obriga inexistente en outras CC.AA onde non existan dúas linguas cooficiais.

A interpretación dos preceptos normativos citados foi realizada, entre outras, pola *Sentencia de 25 de septiembre de 2000 del Tribunal Supremo, Sala Tercera, de lo Contencioso-administrativo, Sección 4ª, en recurso 7249/1994*. Nela, no seu fundamento de dereito sexto se sinala, entre outras cousas, que

“.. del régimen de doble cooficialidad, del castellano y gallego, proclamado directamente por el artículo 3.1 CE y reconocido por el artículo 4.2 EAG, resulta un

estatus básico integrado por la igualdad de las lenguas y territorialidad, del que derivan una serie de principios y derechos que articulan la relación de ambas lenguas.

La igualdad supone la posibilidad de que castellano y gallego sean utilizados como medio de comunicación válida entre los poderes públicos y los ciudadanos, convirtiéndose así en lenguas válidas para cualquier actuación jurídicamente relevante; y la territorialidad, a su vez, comporta que tal validez se proyecte en relación con las actuaciones jurídicamente relevantes que se produzcan en el ámbito de la Comunidad Autónoma, no solo de la Administración comunitaria sino también de las Administraciones locales gallegas. De esta manera los derechos básicos en materia lingüística indisponibles para el legislador ordinario son: a) el derecho de uso de dichas lenguas para realizar válidamente y con plena eficacia actuaciones de relevancia jurídica en el ámbito territorial gallego; b) el principio de no discriminación por razón de lengua, de manera que una actuación realizada en gallego no puede otorgar unos efectos diferentes respecto a la misma actuación realizada en castellano, y viceversa; y c) el derecho de elección de lengua oficial, como derecho que asiste a los ciudadanos derivado directamente del artículo 3.2 CE. Al mismo tiempo, no cabe ignorar que la libertad lingüística se plasma en los llamados derechos lingüísticos que, sobre la base estatutaria, comprenden: el conocimiento de las dos lenguas oficiales, expresarse pública y privadamente en cualquiera de ellas, ser atendido en una y otra; utilizarlas libremente en todos los ámbitos; y no ser discriminado en razón de la lengua oficial que se utilice.

No apartado sétimo a Sentencia fai un análise das consecuencias xurídicas da declaración contida no EAG art. 5.1 (declaración do galego como lingua propia de Galicia) e integrante do bloque de constitucionalidade:

“Corresponde al legislador autonómico, al Parlamento de Galicia, la competencia lingüística, de acuerdo con el artículo 5.3 EAG que atribuye a los poderes públicos gallegos la garantía del uso normal y oficial de los idiomas [castellano, como idioma oficial en todo el Estado, y gallego, como lengua propia del Galicia] y la potenciación del uso del gallego en todos los órdenes de la vida pública, además de en la vida cultural e informativa. y dentro de esta habilitación/mandato, con una clara

orientación teleológica encaminada a la «normalización lingüística», caben distintas opciones encaminadas a asegurar el respeto y fomentar el uso de la lengua propia de la Comunidad Autónoma y cooficial en ésta, según ha reconocido la STC 337/1994, de 23 Dic. De esta manera cabe que por ley autonómica resulte un uso prioritario del gallego, siempre que se respeten los límites que representa el modelo lingüístico constitucional, a que se ha hecho referencia, y, por tanto, el derecho de todo ciudadano a usar el castellano tanto en sus relaciones con los poderes públicos-- incluyendo la facultad de solicitar traducción al castellano cuando se alegue incomprensión del gallego--, como en su participación, en condiciones de igualdad, en los asuntos y funciones públicas (art. 23 CE). Debe, en suma, tenerse en cuenta que el artículo 3.2 CE al instaurar la cooficialidad de las respectivas lenguas españolas en determinadas Comunidades Autónomas tiene consecuencias para todos los poderes públicos en dichas Comunidades, y, de forma destacada, el derecho de los ciudadanos a usar cualquiera de las dos lenguas ante cualquier Administración en la Comunidad respectiva con plena eficacia jurídica.

En consecuencia, es constitucionalmente posible que la legislación autonómica incorpore un uso preferente de la lengua gallega en las Administraciones Públicas, de la propia Comunidad Autónoma y de las Entidades locales gallegas, que se traduce, en lo que aquí importa en que éstas actúen de acuerdo con lo dispuesto en la LNLG (art. 6.4), y que no ofrezca dudas de constitucionalidad, siempre que sea interpretada ex constitutione según los límites expuestos, la disposición legal, que reproduce la sentencia recurrida, establecida en el artículo 1 de la Ley del Parlamento de Galicia, Ley 5/1988, de 21 Jun., sobre uso del gallego como lengua oficial por entidades locales.

Así, la interpretación del precepto, según el modelo lingüístico constitucional requiere distinguir las actuaciones internas de las Administraciones locales gallegas, relacionadas en el artículo 1.1 de Ley del Parlamento de Galicia, Ley 5/1988, de 21 Jun., sobre uso del gallego como lengua oficial por entidades locales, y las actuaciones externas o ad extra; de manera que el uso prioritario del gallego en la primeras respeta los derechos subjetivos de los ciudadanos y se concilia también con el derecho de utilización de cualquiera de las dos lenguas oficiales en el ejercicio de las funciones y cargos públicos municipales, si se entiende que la posibilidad de que las entidades locales

gallegas utilicen también el castellano, a que se refiere el artículo 1.2 de la misma Ley, se traduce en un correlativo deber de la Administración Local cuando concurren los referidos derechos.”

Dos textos normativos analizados -Constitución Española; Estatuto de Autonomía, Lei de Normalización Lingüística e Lei 5/1988 de uso do galego polas entidades locais-, así como da interpretación xurisprudencial que daquelas normas fan os nosos Tribunais, derívase a necesaria e pacífica coexistencia de ámbalas dúas linguas nas actuacións administrativas a fin de evitar calquera posible discriminación por razón da lingua.

Por todas as argumentacións xurídicas expostas entende esta Institución que sería atentatorio ó disposto nos artigos 3.1 e 14 da Constitución Española -que establecen respectivamente o réxime de dobre cooficialidade do uso do castelán e o galego, e sobre o principio de igualdade dos cidadáns prohibindo toda clase de discriminación dos españois por razón de nacemento, raza, sexo, relixión opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social- e o artigo 4.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia- que establece que tamén é o castelán lingua oficial do estado-, a admisión da utilización exclusiva do galego na redacción de convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, proposicións de acordos, ditames das Comisións informativas e as actas nas entidades locais.

Por todo o anterior, á vista da normativa reseñada e de conformidade co establecido no artigo 32 apartado 1 da lei 4/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, por esta Institución formulase a esa administración local o seguinte *recordatorio de deberes legais*:

Que por parte dese Concello de Brión, se dea cumprimento o disposto nos artigos 3.1 e 14 da Constitución Española, o artigo 4.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e o artigo 2, 3, e 4, da Lei 2/1983, do Parlamento de Galicia , de normalización lingüística, na súa organización

e funcionamento non excluindo a tramitación de documentacións presentadas en lingua castelán.

Resposta do Concello de Brión: Aceptado.

3.- Recordatorio de Deberes Legais dirixido á Alcaldesa-Presidenta do Concello de Cangas, en data 1 de outubro de 2010 para que se proceda a ditar resolución expresa no expediente promovido como consecuencia dos escritos presentados polo Colectivo Ecoloxista “L.V.”, con data 13 de agosto de 2008. (Q/45/10).

Nesta institución como consta nese concello, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención o Colectivo Ecoloxista “L. V.”.

No seu escrito, esencialmente indicábanos que con data 13 de agosto de 2008 presentaran dous escritos nese concello, sobre a instalación na área de protección do petróglifo Laxe da Chan dun poste con caixa e unha torreta de cableado eléctrico por parte da empresa Unión Fenosa, sen a correspondente autorización da Dirección Xeral de Patrimonio, así como a falta de protección do petróglifo As Abelaíres, tanto un como outro Bens de Interese Cultural de Galicia, catalogados cos números 36.008.048 e 36.008.025, respectivamente.

Reunindo a queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional sobre a base do artigo 27 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, como establece o artigo 103 de dito texto legal, acordouse con data 14 abril admiti-la mesma a trámite, promovéndose a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos de dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse dese concello informe sobre as actuacións denunciadas, que foi remitido con data 8 de marzo deste ano, relacionado co petróglifo de Laxe da Chan, no que fai contar segundo informara a Inspección de Obras, tratábase dun poste situado no lugar hai máis de dez anos, polo que dende o Departamento de Urbanismo nos se apreciaba a necesidade de iniciar expediente administrativo, acordándose o seguinte día 15 o arquivo da queixa.

O colectivo reclamante presentou novo escrito solicitando a reapertura, por non terse resolto sobre as outras denuncias a que se refería o seu escrito, acordándose dita reapertura con data 8 de abril e reclamándose o correspondente informe, que tivo entrada nesta institución e nel se expón que:

“Respecto á construción do punto limpo, esta foi proxectada e executada pola Xunta de Galicia que entregou ao Concello a obra xa rematada polo que entendemos que o Concello é alleo a calquera problema derivado da instalación.

Polo que respecta aos vertidos estes foron obxecto de investigación sen que se puidese determinar a orixe dos mesmos.

En calquera caso este Concello en uso das competencias que ten asignadas en materia de patrimonio cultural está a traballar na procura dunha protección axeitada dos petróglifos dos Abelaire. As actuacións precisas de protección non poden ser acometidos cos medios propios do Concello dado que precisan de persoal coa cualificación profesional axeitada o que obriga a unha contratación externa que se está a retrasar polos dificultades económicas polas que están a pasar as administracións públicas en xeral pero moi especialmente os concellos.”

Á vista do contido da reclamación e do consignado nos escritos da administración procede acordar o arquivo do presente expediente polo que se refire ás cuestións de fondo das queixas.

Nembargante, o colectivo reclamante pon de relevo que non lle foron contestadas as reclamacións que, no seu día, presentara, o que en ningún momento contradí o informe do concello contra o que se dirixe a queixa, polo que, tendo en conta:

1º.- A obrigatoriedade que ten a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación, que establece o nº 1 do artigo 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

2º.- Que de conformidade co número 2 do devandito artigo o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o que fixe a norma reguladora do correspondente procedemento, que non deberá de exceder de seis meses, e, segundo o número 3, cando as normas reguladoras non fixen prazo máximo, será de tres meses que, nos expedientes iniciados a solicitude do interesado, se contará desde a data que dita solicitude tivera entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

3º.- A responsabilidade directa do persoal ao servizo das Administracións públicas que teñan ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como dos titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver os mesmos, do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa en prazo, todo iso sen prexuízo das responsabilidades a que puidera dar lugar o incumprimento, que establece o nº 7 do citado artigo.

Procede, á vista do establecido no artigo 32 nº 1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, procede efectuar o seguinte **RECORDATORIO DOS DEBERES LEGAIS:**

“Que polo Concello de Cangas se proceda a dar cumprimento ao establecido no artigo 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e, en consecuencia, se proceda a ditar resolución expresa no expediente promovido como consecuencia dos escritos presentados polo

Colectivo Ecoloxista “L. V.” con data 13 de agosto de 2008 e ase mesmo a notificala a dito colectivo.”

Resposta do Concello de Cangas: Acepta o recordatorio de deberes legais.

4.- Recomendación dirixida ao Conselleiro de Cultura e Turismo, en data 8 de outubro de 2010 para que presente un proxecto de modificación da LMT Vilalba-Cospeito ao seu paso polo Pazo de XX, ben soterrando a liña ou ben afastándoa do ben inventariado, co fin de evitar o impacto sobre o ben protexido e alterar as árbores do seu xardín (Q/1164/10).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención don J. L. R., e con domicilio no Concello de Cospeito (Lugo).

No seu escrito, esencialmente indicábanos que é propietario do *Pazo de X*, que está incluído no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia coa categoría de ben catalogado e que, con relación ao mesmo, sucederon os seguintes feitos:

- a) Que no ano 2007 o comparecente recibiu un requirimento da Consellería de Medio Rural no que se lle instaba a que permitise á empresa Barras Eléctricas Galaico Asturianas S.A. (BEGASA) a entrada para que procedera a cortar o arborado que estivese nunha franxa de 25 metros a cada lado da liña eléctrica que -ilegalmente- atravesaba os xardíns do pazo. Que o tendido da liña foi colocado sen autorización ou permiso e sen que houbera expropiación, polo que nos atopamos diante dunha situación manifestamente ilegal e contraria a dereito.
- b) Que diante dos termos do requirimento, presentou un escrito na Delegación Provincial de Lugo da Consellería de Cultura, na que solicitaba amparo pola situación e, ademais, pedía que se aplicase a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia de 30 de outubro de 1995 e a

Lei de Patrimonio Histórico de 25 de xuño de 1985, leis que establecen a obriga de retirar os cables eléctricos dos xardíns históricos, proponendo que, ou ben se soterrara a liña ou ben se desprazase.

- c) A citada delegación non contestou ás peticións, contestando so que “*informaba favorablemente al expediente de referencia*”, que limitaba a tala a tres árbores, pero en ningún momento insta a aplicación das leis de patrimonio, polo que se ampara, coa súa actuación, unha situación de ilegalidade, ao utilizar as normas para permitir a unha empresa privada unha auténtica confiscación.
- d) Os anteriores feitos provocou que se iniciase un expediente sancionador contra o comparecente, seguido co número LU-025/2009-IO, no que se ditou resolución con data 14 de setembro de 2009 pola que se lle sanciona. Presentou recurso de alzada na Consellería do Medio Rural, expoñendo a ilegalidade da conduta e, ao mesmo tempo, poñía de manifesto que tiña presentado o 16 de outubro de 2009 un escrito diante do Conselleiro de Cultura e Turismo pedindo a súa intermediación, solicitando por iso, a medio de outrosí a suspensión do expediente sancionador mentres non resolvera a Consellería de Cultura.
- e) O recurso de alzada foi resolto sen contestar os argumentos do recorrente e facendo caso omiso da solicitude de suspensión para a espera do informe.
- f) A Consellería de Cultura e Turismo trasladou, segundo participou, o escrito e a documentación á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para que a valoraran. Pasaron máis de seis meses sen que tivera resposta algunha a dito escrito e, telefonicamente manifestáronlle que

está pendente de resolución, tratándose do expediente 68/09-LU do Servizo de Vixilancia de dita consellería.

- g) Que deuse o paradoxo de que a Consellería de Medio Rural resolveu o expediente sancionador sen contestar as alegacións do comparecente e sen esperar o informe da Consellería de Cultura e Turismo e esta non contestou, polo que pódese consumir unha agresión contra o noso patrimonio cultural.
- h) En consecuencia, presenta a queixa contra a actuación de ámbalas dúas consellerías pola súa forma de actuar nos expedientes e polo atentado contra o dereito de propiedade e o patrimonio cultural.
- i) Con data 23 de xuño pasado, co obxecto da súa incorporación ao expediente, presentou o comparecente un novo escrito ao que xunta outro de 21 anterior, no que solicita da Consellería de Medio Rural a revisión de oficio e a revogación da sanción interposta, declarando a nulidade por inexistencia da conduta infractora.

Reunindo a queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional, derivada do artigo 46 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, como establece o artigo 103 de dito texto legal, procedeuse a admiti-la mesma a trámite e promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos de dito precepto legal.

Reclamáronse os correspondentes informes ás Consellerías de Cultura e Turismo e de Medio Rural, que tiveron entrada nesta institución o pasado día 27 de xullo.

A Consellería de Medio Rural manifesta no seu informe que:

“No seo do procedemento sancionador INC-LU-0025/2009-I0, seguido contra J. L. R. o xefe territorial do Departamento Territorial desta Consellería en Lugo ditou a resolución do procedemento, na que xustificaba xuridicamente a adecuación a dereito da devandita resolución.

No feito Décimo desta resolución se fai referencia a unha petición de informe que se efectuou ao Subdirección Xeral de Apolo Xurídico da Consellería do Medio Rural co obxecto de fundamentar xuridicamente a contestación ás alegacións presentadas polo inculpado. No presente informe extráctase parte deste informe clarificador da normativa aplicada.

Con data do 01.03.2010 o secretario xeral por delegación do conselleiro do Medio Rural resolveu o recurso de alzada que fora interposto polo interesado contra a resolución do procedemento sancionador.

Nesta resolución indícaselle expresamente que, debido a similitude do contido do recurso de alzada con respecto ás anteriores alegacións formuladas, considéranse suficientemente contestadas, polo que se fai unha remisión as argumentacións xurídicas xa formuladas e notificadas debidamente ao inculpado na resolución do procedemento sancionador.

A maior abundamento, cómpre puntualizar o que segue:

Non foi obxecto do procedemento sancionador, como así pretende facer ver o inculpado, a forma xurídica en que se procedeu no seu día á instalación da infraestrutura eléctrica, nin o procedemento que se seguiu para isto.

O procedemento sancionador que instruía e resolveu a Consellería do Medio Rural versa sobre unha competencia expresamente atribuída a esta, cal é a prevención e defensa contra os incendios forestais, polo que procedeu ao exercizo das súas competencias, velando polo cumprimento da normativa vixente na actualidade en materia de prevención de incendios, contida na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de

Galicia e no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación dos aproveitamentos e repoboacións”.

“A todo isto, debe engadirse, que actuación da Consellería do Medio Rural, en contra do alegado polo interesado, non ampara en modo ningún un atentado contra o dereito de propiedade, máis ao contrario, a aplicación da normativa citada diríxese precisamente a preservar a propiedade fronte aos incendios forestais e prevéndooos e a protexer ás persoas deles, velando polo interese público.

Con base na fundamentación xurídica efectuada a través do presente informe pode concluíse que a Consellería actuou consonte a dereito garantindo, durante a tramitación do procedemento, os dereitos do inculpado e adecuando o seu contido á normativa vixente de aplicación ao caso.”

O Conselleiro de Cultura e Turismo, no seu escrito que tivo entrada o día 27 de xullo, fai constar o seguinte:

“Segundo consta no "Informe sobre o Pazo de X", de resposta ao expediente P.5Q/1164/10, asinado pola Xefa de Servizo, A. M. C., en data de 19 de xullo de 2010, e referente ao contido do escrito do día 16 de outubro de 2009, presentado por J. L. R., co DNI xx, e co domicilio no Pazo de X:

"O Pazo de X aparece relacionado no apartado de arquitectura civil do Concello de Cospeito no anexo 3 das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial (Orde do 3 de abril de 1991). Dito Pazo inclúese no catálogo das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cospeito, no apartado de arquitectura civil (aprobado o 14 de abril de 1997).

Segundo a disposición adicional segunda da Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia queda incluído no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

O artigo 30.2 das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial determina que ten un contorno de protección de 100 metros "desde o elemento ou vestixio máis exterior do ben que se protexe".

Na fachada do Pazo atópase un escudo ao que lle é de aplicación o Decreto 571/1963 de 14 de marzo, polo que ten a categoría de Ben de Interese Cultural (BIC). En virtude da disposición adicional primeira da Lei 8/1995, ten a consideración de BIC e queda sometido ao mesmo réxime xurídico de protección que estes bens.

O pazo de X debe entenderse como un conxunto definido, sendo inseparable a edificación do seu entorno pechado.

Calquera intervención no Pazo de X., ou no seu contorno de protección, debe ser autorizada previamente pola Consellería de Cultura, en virtude do artigo 37 da Lei 8/1995.

Na xuntanza da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Lugo de xullo de 2008 foi informado o expediente 12202 promovido pola Delegación da Consellería do Medio Rural en Lugo, para a poda de árbores nos xardíns do Pazo de X. en cumprimento da normativa de prevención de incendios no entorno das liñas eléctricas.

Dito expediente foi autorizado por resolución de data 8 de agosto de 2008. No informe técnico recollido na citada resolución indícase literalmente " ...estímase... que o trazado da liña eléctrica....non debería invadir o contorno de protección dun ben inventariado...."

En resposta ao escrito presentado por D. J. L. R. o 19 de outubro de 2009 no rexistro da Consellería de Cultura e Turismo en Santiago, remitido á Xefatura territorial da Consellería en Lugo o 29 de xaneiro de 2010; emítese o seguinte

INFORME

Visto o anteriormente exposto, considérase que sería conveniente que a empresa que realizou a instalación eléctrica presentase un proxecto de modificación da LMT Vilalba-Cospeito ao seu paso polo Pazo de X., ben soterrando a liña ou ben afastándola do ben inventariado. Con isto evitaríase o impacto sobre o ben protexido e non sería necesario alterar as árbores do seu xardín. Dito proxecto deberá ser informado pola Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Lugo para autorización da Consellería de Cultura."

Tendo en conta todo o transcrito anteriormente, resulta:

1º.- O Pazo de X., de conformidade co establecido na disposición adicional segunda da Lei 8/1995, de 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, queda incluído no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia e na fachada do Pazo atópase un escudo ao que lle é de aplicación o Decreto 571/1963, de 14 de marzo, polo que ten a categoría de Ben de Interese Cultural (BIC), polo que, queda sometido ao mesmo réxime xurídico de protección destes bens, de conformidade co establecido na disposición adicional primeira da Lei 8/1995 citada. Por outro lado, seguindo o informado polo Conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia no seu informe citado, o Pazo de X debe entenderse como un conxunto definido, sendo inseparable a edificación do seu entorno pechado, polo que calquera intervención nel e no seu contorno de protección, debe ser autorizada previamente pola citada consellería.

2º.- Como expresamente se contén no citado escrito, polo informe técnico que recolle a resolución de 8 de agosto da Comisión do Patrimonio Histórico de Lugo, se di que o trazado da liña eléctrica non debería invadir o contorno de protección dun ben inventariado, sen necesidade de ter que entrar a dilucidar aquí, que non é a institución axeitada, se a empresa de electricidade ten título válido para a colocación e mantemento da liña eléctrica ao longo dos xardíns do pazo.

Á vista de todo o manifestado, de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, formula a seguinte **RECOMENDACIÓN**:

Que tal como se informa, considérase conveniente que a empresa que realizou a instalación eléctrica, ou a que no seu caso a poida substituír, presente un proxecto de modificación da LMT Vilalba-Cospeito ao seu paso polo Pazo de XX, ben soterrando a liña ou ben afastándoa do ben inventariado, co fin de evitar o impacto sobre o ben protexido e alterar as árbores do seu xardín, previo informe da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Lugo para a súa autorización pola Consellería de Cultura e Turismo.

A tal fin, pola citada Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, xa que nos atopamos ante a protección dun ben coa consideración de BIC, de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 8/1995, se procederá a iniciar de oficio o correspondente expediente para a consecución do recomendado.

Resposta da Consellería de Cultura e Turismo: Pendente de efectividade.

5.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Director Xeral do Patrimonio da Consellería de Cultura e Turismo, en data 9 de novembro de 2010 para que se proceda a ditar resolución expresa, no prazo legalmente establecido, do recurso de alzada interposto por don M. V. M., rexistrado de entrada con data 6 de maio de 2008 e que ten asignada a referencia RA-L-12.08 (Q/397/09).

Nesta institución como consta nesa consellería, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención don M. V. M., co DNI nº XXX, e con domicilio en Alcorcón (Madrid), na rúa S..

No seu escrito, esencialmente indicábanos que o 15/11/2006, solicitara do Concello de Palas de Rei, permiso de obras (xa iniciadas), de rehabilitación de casa unifamiliar sita no lugar onde naceu, Vilar de Remonde, Palas de Rei Lugo. Que o 21/11/2006 o concello mediante unha denuncia que coincidiu no tempo coa solicitude, mediante Decreto 534/2006, ordenou a paralización das obras iniciando un expediente de

reposición da legalidade e sancionador se era procedente. Con data 8/08/2007 o expediente foi arquivado coa legalización das obras de acondicionamento da parcela. O 01/10/2007 solicitouse ante o citado concello, ampliación de obras e modificación parcial de parte da autorizada e non executada, co correspondente informe técnico, informado favorablemente polo concello, este remitiu o expediente á Dirección Xeral de Patrimonio, que co número de expediente 330/2007, acordou non autorizar o solicitado, e informando desfavorablemente. O 14/05/2008 presentou ante a citada Dirección Xeral, recurso contra tal decisión aportando toda a documentación dispoñible, facendo o mesmo o concello xa que foi requirido para iniciar expediente de reposición da legalidade. O recurso ao día de presentación da queixa estaba sen resolver.

Reunindo a queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional sobre a base do artigo 46 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, como establece o artigo 103 de dito texto legal, acordouse con data 14 abril admitir a mesma a trámite, promovéndose a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos de dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse informe sobre as actuacións denunciadas, con data 9 do marzo de 2009 foi reclamado o correspondente informe desa consellería, o que tivo que ser reiterado en datas 8 de maio, 17 de xuño, 24 de xullo, 23 de setembro e 1 de decembro de 2009, 21 de xaneiro, 23 de febreiro e 6 de abril de 2010. O 26 de abril de 2010 fáiselle un novo recordatorio con apercibimento expreso de poder ser declarada administración hostil e entorpecedora ás funcións do Valedor do Pobo, o que lle foi reproducido con datas 18 de xuño, 23 de xullo e 9 de setembro de 2010. Con data 4 de novembro pasado tivo entrada nesta institución o informe, no que se reconece que o recurso de alzada está á espera de ser resolto e que, con data 28 de outubro solicitárase un informe técnico á Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural.

Á vista do contido da reclamación, tendo en conta:

- 1.- A obrigatoriedade que ten a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación, que establece o nº 1 do artigo 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
- 2.- Que de conformidade co número 2 do artigo 115 de dita lei o prazo máximo no que debe notificarse a resolución do recurso de alzada será de tres meses.
- 3.- A responsabilidade directa do persoal ao servizo das Administracións públicas que teñan ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como dos titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver os mesmos, do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa en prazo, todo iso sen prexuízo das responsabilidades a que puidera dar lugar o incumprimento, que establece o nº 7 do artigo 42 citado.

Procede, á vista do establecido no artigo 32 nº 1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, efectuar o seguinte **recordatorio dos deberes legais**:

“Que pola Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia se proceda a ditar resolución expresa, no prazo legalmente establecido, do recurso de alzada interposto por don M. V. M., rexistrado de entrada con data 6 de maio de 2008 e que ten asignada a referencia RA-L-12.08”

Resposta do Director Xeral do Patrimonio da Consellería de Cultura e Turismo: Pendente de efectividade.

6.- Recordatorio de deberes legais do 12 de novembro de 2010, dirixido á Alcaldesa-Presidenta do Concello de Valdoviño, para poñer a disposición dos cidadáns formularios xenéricos de petición tanto en lingua galega como en castelán. (Q/1343/10).

Recibida a información que vostede nos facilitou que tivo entrada nesta institución o 29 de setembro pasado, e transmitido o seu contido ao interesado na queixa, por este se nos remitiu escrito insistindo na inexistencia e falta de disposición para os cidadáns de impresos e formularios en lingua galega.

Á vista do informe por vostede remitido e tras as argumentacións e alegacións do interesado na queixa, e en virtude do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, reguladora da institución do Valedor do Pobo formulámoslle o seguinte **recordatorio de deberes legais** :

Que por parte do Concello de Valdoviño, en cumprimento do disposto nos artigos 3.1 e 14 da Constitución Española, o artigo 4.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e o artigo 2, 3, e 4, da Lei 2/1983, do Parlamento de Galicia, de normalización lingüística, se den as instrucións oportunas para que na sede do Concello existan a disposición dos cidadáns formularios xenéricos de petición tanto en lingua galega como en castelán.

Resposta do Concello de Valdoviño: Aceptado.

7.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Conselleiro de Cultura e Turismo, en data 23 de novembro de 2010 para que se proceda a ditar resolución expresa, no prazo legalmente establecido, do recurso de alzada interposto por don M. V. M., rexistrado de entrada con data 6 de maio de 2008 e que ten asignada a referencia RA-L-12.08 (Q/397/09).

Nesta institución como consta nesa consellería, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención don M. V. M., co DNI nº XXX, e con domicilio en Alcorcón (Madrid), na rúa S..

No seu escrito, esencialmente indicábanos que o 15/11/2006, solicitara do Concello de Palas de Rei, permiso de obras (xa iniciadas), de rehabilitación de casa unifamiliar sita no lugar onde naceu, Vilar de Remonde, Palas de Rei Lugo. Que o 21/11/2006 o concello mediante unha denuncia que coincidiu no tempo coa solicitude, mediante Decreto 534/2006, ordenou a paralización das obras iniciando un expediente de reposición da legalidade e sancionador se era procedente. Con data 8/08/2007 o expediente foi arquivado coa legalización das obras de acondicionamento da parcela. O 01/10/2007 solicitouse ante o citado concello, ampliación de obras e modificación parcial de parte da autorizada e non executada, co correspondente informe técnico, informado favorablemente polo concello, este remitiu o expediente á Dirección Xeral de Patrimonio, que co número de expediente 330/2007, acordou non autorizar o solicitado, e informando desfavorablemente. O 14/05/2008 presentou ante a citada Dirección Xeral, recurso contra tal decisión aportando toda a documentación dispoñible, facendo o mesmo o concello xa que foi requirido para iniciar expediente de reposición da legalidade. O recurso ao día de presentación da queixa estaba sen resolver.

Reunindo a queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional sobre a base do artigo 46 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, como establece o artigo 103 de dito texto legal, acordouse con data 14 abril admitir a mesma a trámite, promovéndose a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o

artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos de dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse informe sobre as actuacións denunciadas, con data 9 do marzo de 2009 foi reclamado o correspondente informe desa consellería, o que tivo que ser reiterado en datas 8 de maio, 17 de xuño, 24 de xullo, 23 de setembro e 1 de decembro de 2009, 21 de xaneiro, 23 de febreiro e 6 de abril de 2010. O 26 de abril de 2010 fáiselle un novo recordatorio con apercibimento expreso de poder ser declarada administración hostil e entorpecedora ás funcións do Valedor do Pobo, o que lle foi reproducido con datas 18 de xuño, 23 de xullo e 9 de setembro de 2010. Con data 4 de novembro pasado tivo entrada nesta institución o informe, no que se reconece que o recurso de alzada está á espera de ser resolto e que, con data 28 de outubro solicitárase un informe técnico á Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural.

Á vista do contido da reclamación, tendo en conta:

- 1.- A obrigatoriedade que ten a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación, que establece o nº 1 do artigo 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
- 2.- Que de conformidade co número 2 do artigo 115 de dita lei o prazo máximo no que debe notificarse a resolución do recurso de alzada será de tres meses.
- 3.- A responsabilidade directa do persoal ao servizo das Administracións públicas que teñan ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como dos titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver os mesmos, do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa en prazo, todo iso sen prexuízo das

responsabilidades a que puidera dar lugar o incumprimento, que establece o nº 7 do artigo 42 citado.

Procede, á vista do establecido no artigo 32 nº 1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, efectuar o seguinte **recordatorio dos deberes legais**:

“Que pola Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia se proceda a ditar resolución expresa, no prazo legalmente establecido, do recurso de alzada interposto por don M. V. M., rexistrado de entrada con data 6 de maio de 2008 e que ten asignada a referencia RA-L-12.08”

Resposta da Consellería de Cultura e Turismo: Pendente de efectividade.

8.- Recordatorio de Deberes Legais e Recomendación dirixidos ao Conselleiro de Cultura e Turismo, en data 23 de novembro de 2010 para que se cumpra o prazo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro de RXAP e PAC, para resolve-lo recurso de reposición e que se proceda a facilita-los medios persoais e materiais para que se podan resolve-los recursos, respectivamente. (Q/1971/09).

Nesta institución como consta nesa consellería, mediante escrito de queixa presentado o día 5 de outubro de 2009, compareceu solicitando a nosa intervención o *Colectivo Ecoloxista Luita Verde*.

No seu escrito, esencialmente indicábanos que presentaba a queixa en base á falta de resposta por parte desa consellería ás denuncias e alegacións en relación co expediente sancionador S-P-12/07 de data de resolución de 27 de xullo de 2007. Que desde o ano 2008 teñen reclamado tanto na delegación como na consellería a execución da resolución do expediente, sen que tivera lugar tal execución.

Reunindo a queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional sobre a base do artigo 27 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, como

establece o artigo 103 de dito texto legal, acordouse con data 14 de outubro de 2009 admitir a mesma a trámite, promovéndose a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos de dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse informe sobre as actuacións denunciadas, que foi remitido e con data 12 de novembro de 2009 infórmase que o expediente sancionador S-P 12/07 foi incoado a *Excongall* pola realización de obras na área de protección do petróglifo Pozo Garrido, sen a preceptiva autorización. Que con data 27 de xullo de 2007 impúxose a dita empresa unha sanción de 130.000 euros como responsable da comisión de dúas infraccións administrativas. Que contra esta resolución o 14 de agosto de 2007 interpúxose recurso de alzada, que se atopa nese momento pendente de resolución expresa, por razón da acumulación de traballo na unidade competente para o estudo, tramitación e formulación da proposta de resolución do recurso.

O seguinte día 18 de novembro de 2009, esta institución acordou o arquivo da reclamación notificándollo á entidade recorrente en queixa, que o 12 de xaneiro de 2010 presenta novo escrito no que se solicita a reapertura do expediente, solicitando que a consellería dera cumprida resposta as denuncias que presentara e se lle notificaran as resolucións como parte interesada no expediente sancionador.

Por acordo do 19 de xaneiro de 2010 continúaase coa tramitación da queixa, solicitando desa consellería que se remitise no prazo de quince días novo informe sobre o pedido polo Colectivo Ecoloxista Loita Verde. Transcorrido dito prazo, o 23 de febreiro, o 6 de abril, o 31 de maio, o 6 de xullo, o 5 de outubro e o 10 de novembro seguintes reiterouse a remisión de dito informe.

Con data 18 de novembro último tivo entrada escrito da secretaría xeral desa consellería pola que se informa de que o anterior día 4 ditárase, por delegación do conselleiro de Cultura e Turismo, a resolución desestimatoria do recurso interposto por *Excongall*, non como de alzada senón como de reposición, ao terse detectado un erro na

cualificación polo recorrente, resolución que foille notificada a dita entidade e da que se lle deu traslado ao concello de Moaña e ao *Colectivo Ecoloxista Luita Verde*.

Á vista do contido da reclamación e do consignado nos puntos anteriores, resulta que a *Sociedade Excavaciones y Conducciones de Galicia S.L. (Excongal)* interpuxo recurso de alzada con data 14 de agosto de 2007 contra a resolución de 27 de xullo anterior, no procedemento sancionador S-P-12/07, que foi resolto por outra de 4 de novembro de 2010. En consecuencia, tendo en conta:

1º.- A obrigatoriedade que ten a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación, que establece o nº 1 do artigo 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

2º.- Que de conformidade co número 2 do artigo 115 de dita lei o prazo máximo no que debe notificarse a resolución do recurso de alzada será de tres meses e, no suposto do recurso potestativo de reposición, como foi cualificado definitivamente o recurso, o artigo 117.2 o sinala en un mes.

3º.- A responsabilidade directa do persoal ao servizo das Administracións públicas que teñan ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como dos titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver os mesmos, do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa en prazo, todo iso sen prexuízo das responsabilidades a que puidera dar lugar o incumprimento, que establece o nº 7 do artigo 42 citado.

Procede, á vista do establecido no artigo 32 nº 1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, efectua-lo seguinte **RECORDATORIO DOS DEBERES LEGAIS:**

“Que a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común no seu artigo 115.2 sinala como prazo máximo no que debe notificarse a resolución do recurso de alzada o de tres meses dende a súa interposición

e, no suposto do recurso potestativo de reposición, como foi cualificado definitivamente o recurso a que se refire esta queixa, o artigo 117.2 establece o prazo dun mes”.

E a seguinte **RECOMENDACIÓN:**

“Que por esa Consellería de Cultura e Turismo se coide que, no sucesivo, se proceda a subministrar ás unidades competentes para o estudo, tramitación e formulación da proposta de resolución dos recursos os medios persoais e materiais necesarios para que se poidan resolver nun prazo próximo ao establecido na lei de procedemento administrativo”

Resposta da Consellería de Cultura e Turismo: Pendente de efectividade.

9.- Recordatorio de Deberes Legais e Recomendación dirixidos ao Conselleiro de Cultura e Turismo, en data 30 de novembro de 2010 para que se cumpra o prazo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro de RXAP e PAC, para resolve-lo recurso de alzada e que se proceda a facilita-los medios persoais e materiais para que se podan resolve-los recursos, respectivamente (Q/77/10).

Nesta institución como consta nesa consellería, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención o Colectivo Ecoloxista “Luita Verde”

No seu escrito, esencialmente indicábanos que nesa consellería se estaban a tramitar os procedementos sancionadores nº S-P-128.07 e S-P-129-07 por denuncias presentadas por actuacións sen autorización no ámbito de protección do petróglifo de Borna, situado en Domaio, termo municipal de Moaña.

Reunindo a queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional sobre a base do artigo 27 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, como establece o artigo 103 de dito texto legal, acordouse con data 26 de xaneiro de 2010

admitir a mesma a trámite, promovéndose a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos de dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse informe sobre as actuacións denunciadas, e transcorrido o prazo e non tendo entrada o mesmo nos rexistros desta institución, foi reclamado novamente dito informe con datas 2 de marzo, 12 de abril, 31 de maio, 6 de xullo, 9 de setembro e 10 de novembro seguintes.

O pasado día 26 tivo entrada nesta institución o informe desa consellería no que se di:

*A) En relación co **procedemento sancionador S-P-128.07**, con data 28 de abril de 2008 o director xeral do Patrimonio Cultural dita resolución pola que se sobresé o procedemento incoado a J. S. G., en representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Domaio, porque non se pode concluír que a dita Comunidade sexa responsable da tala realizada no contorno do petróglifo de Borna, situado en Domaio, temo municipal de Moaña, sen a preceptiva autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural.*

O Colectivo Ecoloxista Luita Verde interpón recurso de alzada contra a dita resolución:

- Está rexistrado de entrada na consellería o 9 de xuño de 2008 e repartido á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.*
- Ten asignada a referencia RA-P-57.08.*

*B) En relación co **procedemento sancionador S-P-129.07**, con data 25 de abril de 2008 o director xeral do Patrimonio Cultural dita resolución pola que impón unha sanción de 480 euros ao Moto Clube M. como responsable da comisión dunha infracción administrativa de carácter grave en materia de protección do patrimonio cultural, polo feito de organizar unha*

proba do campionato galego de trial o 7 de maio de 2006 no ámbito do petróglifo de Borna, situado en Domaio, temo municipal de Moaña, sen a preceptiva autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural.

O Colectivo Ecoloxista Luita Verde interpón recurso de alzada contra a dita resolución:

- Está rexistrado de entrada na consellería o 9 de xuño de 2008 e repartido á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.*
- Ten asignada a referencia RA-P-56.08.*

Con data 16 de outubro de 2008, achéganse os expedientes RA-P-56.08 e RA-P-57.08 ao Servizo Técnico-Xurídico, dependente da Secretaría Xeral da extinta Consellería de Cultura e Deporte, que ten atribuída, entre outras funcións, o estudo, tramitación e formulación de propostas de resolucións dos recursos administrativos que debe resolver o titular da consellería.

Á data deste escrito, por razón da acumulación de traballo na dita unidade debida á falta temporal de medios persoais, están pendentes de ditarse resolución expresa.

Á vista do contido da reclamación e do consignado no informe da consellería, tendo en conta:

1.- A obrigatoriedade que ten a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación, que establece o nº 1 do artigo 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

O número 2 do citado artigo establece que o prazo máximo para resolver as solicitudes que se formulan polos interesados será o que resulta da tramitación do procedemento aplicable a cada cas. Cando a norma do procedemento non os fixe, o prazo

máximo será de tres meses. O dereito a obter unha resolución sobre o pedido á Administración impón a esta un prazo máximo para resolver, co fin de evitar esperas interminables ao cidadán, sen prexuízo de poder aplicar a normas de silencio positivo ou negativo. A exposición de motivos da lei xa di que o silencio administrativo, positivo ou negativo, non debe ser un instituto xurídico normal, senón a garantía que impida que os dereitos dos particulares queden baleiros de contido cando a súa Administración non atenda eficazmente e coa celeridade debida as funcións para as que se organizou.

A Administración está obrigada a responder ao cidadán que non acude a ela, non dando máis do que pode e debe facer, pero tampouco menos do que se poida esperar dela e, o mínimo que debe ofrecer ao cidadán é unha resposta directa, rápida, exacta e legal. Estamos diante dunha das manifestacións lexislativas do dereito a obter unha resolución expresa dentro de prazo.

A obriga administrativa de cumprir coas normas que rexen os procedementos, coidando ao máximo todos os trámites que constitúen o expediente, dimana directamente do mandato constitucional do artigo 103 dunha Administración eficaz que serve con obxectividade aos intereses xerais e que actúa con sometemento á lei e ao dereito, con suxeición da actuación pública ao procedemento administrativo establecido na lei e segundo os principios garantidos polo artigo 9.3 da Constitución española.

2.- De conformidade co número 2 do artigo 115 de dita lei o prazo máximo no que debe notificarse a resolución do recurso de alzada será de tres meses.

3.- A responsabilidade directa do persoal ao servizo das Administracións públicas que teñan ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como dos titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver os mesmos, do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa en prazo, todo iso sen prexuízo das responsabilidades a que puidera dar lugar o incumprimento, que establece o nº 7 do artigo 42 citado.

Procede, á vista do establecido no artigo 32 nº 1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, efectua-lo seguinte **RECORDATORIO DOS DEBERES LEGAIS:**

“Que a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común no seu artigo 115.2 sinala como prazo máximo no que debe notificarse a resolución do recurso de alzada o de tres meses desde a súa interposición”.

E a seguinte **RECOMENDACIÓN:**

“Que por esa Consellería de Cultura e Turismo se coide que, no sucesivo, se procedan a subministrar ás unidades competentes para o estudo, tramitación e formulación da proposta de resolución dos recursos, os medios persoais e materiais necesarios para que se poidan resolver nun prazo próximo ao establecido na lei de procedemento administrativo”.

Resposta da Consellería de Cultura e Turismo: Pendente de efectividade.

1.16 ÁREA DE SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

1.16.1 DATOS XERAIS E INTRODUTORIOS

Os expedientes tramitados na área de sociedade da información durante o 2010 foron 13, aos que hai que sumar 14 que se orixinaron no 2009 e se concluíron no 2010. A desagregación dos expedientes iniciados no 2010 é a seguinte: 7 queixas concluídas, 1 en trámite, 4 non admitidas e 1 remitida ao Defensor del Pueblo.

Esta área foi creada no 2009 para satisfacer as novas exigencias que neste ámbito presenta a sociedade galega, incluídas as cuestións de protección de datos. A partir dese momento converteuse nun eixe clave da nosa estratexia institucional. Non obstante, e a pesar de que a presenza das novas tecnoloxías na nosa Comunidade Autónoma é relevante, o número de queixas que recibiu esta área é escaso. A explicación xurídica diso é o carácter transversal da materia: en efecto, as cuestións propias da sociedade da información e das novas tecnoloxías teñen unha natureza horizontal e afectan a un elevado número de cuestións. Por iso, diversas queixas que inciden na sociedade da información están tratadas noutras áreas do Valedor do Pobo.

Hai que recordar, como ocorría no exercicio pasado, que as actuacións desta área se realizaron en conexión coas propias da área de menores, baixo a coordinación, en ambos os casos, do vicevaledor José Julio Fernández Rodríguez. A razón diso é a especial perigosidade que as novas tecnoloxías representan para os menores, o que obriga a unha atenta supervisión neste sentido.

Así mesmo, a institución tamén seguiu modernizándose tecnoloxicamente na súa actuación interna, como exigencia ineludible de calidade. Sirva como exemplo a incorporación á Plataforma de Contratación Pública da Xunta de Galicia, que representa por si mesma unha medida máis de transparencia. Este sistema permite acceder desde un menú principal aos procedementos de contratación en cada unha das súas etapas. A Plataforma adminístrase mediante un sistema de certificación electrónica, co que se garante a confidencialidade da información e se brinda a posibilidade de realizar calquera tipo de modificación nos procedementos en tempo real.

1.16.2 ANÁLISE DOS EXPEDIENTES TRAMITADOS

O número total de queixas recibidas no ano 2010 é de 13, coa seguinte desagregación:

Iniciadas	13	
Admitidas	8	62 %
Non Admitidas	4	30 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	1	8 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	7	88 %
En trámite	1	12 %

Con relación aos expedientes que **non se admitiron**, a principal causa da dita non admisión foi o carácter privado que presentaba o problema trasladado ao Valedor. En efecto, de acordo cos artigos 1.3 e 13 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, as funcións do Valedor refírense ao control da actuación dos poderes públicos autonómicos, non dos privados. Nesta orde de cousas, o expediente Q/100/10 referíase á liña informativa dun xornal; e o expediente Q/2194/10 a unha posible vulneración de datos por parte dunha empresa privada. Así mesmo, non se admitiu o expediente Q/2130/10 por non transcorrer o tempo necesario para que a falta de resposta do órgano público puidera entenderse como un suposto de mala administración. Respecto ao expediente Q/160/10, na que unha nai denunciaba a existencia de fotografías das súas fillas en diversas páxinas web, a pesar do seu carácter privado e da conseguinte non admisión, déronse unha serie de consellos para que puidera enfrontarse a este delicado, e cada vez máis común, problema. Así as cousas, recomendóuselle que deseñara coas súas fillas estratexias de prevención e

formación en novas tecnoloxías, que se dirixise á persoa que “colgou” as fotos e ás web implicadas para que as retirasen, e que presentase unha queixa ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Respecto ás queixas admitidas e xa concluídas, quizá os asuntos de maior transcendencia se referiron a problemas no sinal da **Televisión Dixital Terrestre** (TDT): en Porto do Cabo (núcleo que pertence aos concellos de Valdoviño, Cedeira e Cerdido, na provincia da Coruña; expediente Q/394/10); en San Fiz do Varón (municipio do Carballiño, en Ourense; expediente Q/1172/10); en Corme (A Coruña; expediente Q/1662/10).

O fondo xurídico do dito tema é de relativa complexidade pois o deslindamento competencial fai que interveñan distintos entes públicos que pertencen a niveis territoriais diferentes. Tamén, a través da técnica da concesión, están presentes empresas privadas, que son as responsables directas da difusión do sinal. O aspecto referido ao servizo de telecomunicacións e ás obrigacións relativas aos servizos de interese xeral deste sector correspóndese con competencias do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio do Estado central. Isto fixo que unha destas queixas (Q/394/10), inicialmente admitida, se acabase reenviando ao Defensor del Pueblo para buscar unha maior eficacia na súa resolución.

Nestes problemas analizados da TDT, a Xunta de Galicia, a través da súa Secretaría Xeral de Medios, buscou diversas opcións técnicas para afrontalos, que estimamos adecuadas e correctas. Os plans de implantación da TDT estanse aplicando de forma razoable, tendo en conta a dispersión da poboación e a orografía propias de Galicia. Neste sentido, a Xunta de Galicia colabora cos concellos para a extensión da cobertura da rede oficial, por exemplo a través de estacións transmisoras de TDT de baixa potencia en rede de frecuencia única (baseadas na disposición adicional duodécima do Real decreto estatal 944/2005). As medidas adoptadas parece que foron eficaces para solucionar os cortes de sinal.

De igual forma, a administración autonómica abriu unha liña de subvención para a recepción vía satélite en zonas onde non chega o sinal da TDT por medios terrestres, para colectivos en risco de exclusión social (resolución do 2 de xuño de 2010 –DOG do 8 de xuño de 2010-).

De todos modos, o Valedor do Pobo permanece atento á evolución desta problemática. Por iso indicou aos cidadáns reclamantes que informen da aparición de novos problemas de cobertura, o que nos obrigaría a adoptar novas medidas que ata o momento non se consideraron necesarias.

O expediente Q/1988/10, tras o seu estudo, archivouse por entender que do conxunto de documentos da web da Xunta sinalados polo reclamante **non** se desprende a **linguaxe sexista** denunciada nin resulta, en ningún caso, discriminatorio.

Así mesmo, no caso Q/1853/10, no que se recollen diversos desacordos coa **redacción dunha noticia** na TVG, entendeuse que a concreta selección dun feito noticiable e a ulterior redacción da noticia forman parte da liberdade de información do xornalista que a efectúa. Neste caso, ademais, non se menciona o nome da reclamante, nin se produciu agresión ao honor nin á intimidade.

Por último, encóntrase en trámite o expediente Q/1471/10. Trátase dunha interesante queixa sobre a existencia nalgún servizo da web da Xunta dun **determinado navegador**, que podería ser contrario ao desexable principio de neutralidade tecnolóxica.

Tamén no 2010, como se dixo, se cerraron unha serie de queixas cuxa tramitación comezou o ano anterior. Neste ámbito encontramos a Q/1461/09, na que un cidadán protestaba pola **presunta censura** da opinión dun membro da plataforma "Galicia, mellor sen touradas" con relación a unha noticia emitida o 6 de agosto de 2009, noticia que se dicía que na web www.agalega.info non aparecía. O asunto pechouse tras entender o Valedor que non se produciu ningún tipo de censura por parte da CRTVG. En efecto, a noticia obxecto da queixa emitíuse no *Telexornal Serán*, con declaracións tanto a favor como en contra. a transposición da dita noticia á páxina web www.agalega.info

encontrouse cun problema técnico que fixo que non tivese titular propio. Este problema, que existía nese momento (agosto 2009), facía que nalgúns ocasións a última noticia dun programa ou dalgún bloque deste non se identificase de forma independente polo seu titular. Sen embargo, a noticia en cuestión aparece na mencionada web tal e como foi emitida no *Telexornal Serán*, anque por ese problema técnico non apareceu nos titulares.

A queixa Q/2428/09 concluíuse no 2010 considerando que a TVG actuou correctamente. Trátase dun cidadán que protesta pola falta de **veracidade de certas informacións da TVG**, que lle incumbían, e pola ausencia de rectificación destas. O Valedor entendeu que estas informacións se atopaban claramente amparadas no dereito fundamental de liberdade de información (artigo 20 da Constitución española). Este dereito cobre as informacións obtidas seguindo o procedemento periodístico habitual, o que as fai veraces. Iso é independente do seu estrito axuste á realidade. Así mesmo, había que ter en conta que noticias similares saíron noutros medios de comunicación, o que proba a xeneralidade da fonte, o que é relevante para a veracidade. Respecto ao escrito de solicitude de rectificación da noticia, este prodúcese moito máis alá do prazo de sete días naturais que prevé a O 2/1984, reguladora do dereito de rectificación, no seu artigo 2, polo que non procede a aplicación do citado dereito.

Do mesmo modo, a queixa Q/2450/09 concluíuse no 2010: o obxecto desta era o **tratamento informativo** que se deu na TVG a certos acontecementos. Esta institución entendeu que a concreta selección dun feito noticiable e a ulterior redacción da noticia forman parte da liberdade de información do periodista que a efectúa. O tratamento dunha noticia concreta debe ser examinado desde a óptica da dimensión individual da liberdade de información, e non das exixencias constitucionais que se refiren á actividade xeral dun medio de comunicación público.

Tamén no 2010 se concluíron dúas queixas iniciadas no 2009 sobre os problemas de **recepción da TVG no Bierzo**, tras o paso da televisión analóxica á dixital (Q/1543/09 e Q/2388/09). Ambas as queixas acabaron sendo remitidas ao Procurador do Común de Castela e León para que actuase como considerase oportuno no marco das súas competencias. Para que esta recepción se produza sería necesario asinar un convenio entre

as comunidades autónomas afectadas. O *Procurador* castelán-leonés formulou unha resolución á Consellería de Fomento da Xunta de Castela e León para que se inicien as negociacións coa Xunta de Galicia co obxectivo de subscribir un convenio de colaboración que permita a emisión da TVG na Comarca do Bierzo e na zona de Alta Sanabria.

En fin, a queixa Q/2612/09, sobre a falta de **subtitulado de películas e series** pola TVG, deu lugar a unha suxestión dirixida ao director da CRTVG para que se acelere o proceso de subtitulado das emisións ou se emitan produtos xa subtitulados, co obxecto de favorecer as persoas con dificultades auditivas. Esta suxestión foi plenamente aceptada polo dito director, que manifestou o seu compromiso para acelerar este subtitulado. Así mesmo, comentou as dificultades deste proceso porque, en principio, o subtitulado en galego debería facelo integramente a TVG xa que non é posible comprar produtos audiovisuais subtitulados nesa lingua. Tamén se recorda que na actualidade se traballa nun sistema de recoñecemento de voz para automatizar o mencionado subtitulado.

1.16.3 ACTIVIDADE DE PEDAGOXÍA DE DEREITOS

Desde esta área tamén se realizou un labor de difusión e pedagogía de dereitos. Parte dela fíxose en conexión coa **área de menores** porque, como xa se dixo, as novas tecnoloxías, mal empregadas, poden supoñer un elevado risco para estes, e, ao mesmo tempo, ofrécenlles novas posibilidades formativas. Iso xustifica a necesidade de prestar especial atención a este tipo de cuestións. Neste sentido, remitímonos ao que se di na área de menores do presente informe, onde se recollen distintas actividades de promoción de dereitos que poñen en conexión as novas tecnoloxías e a minoría de idade.

Esta actividade de difusión de dereitos relacionada coas novas tecnoloxías incardínase na liña que marca **Plan Estratéxico de Actuación** do Valedor do Pobo para o período 2008-2012. Nel recóllese o impulso da sociedade da información, a cal ten que ser un avance que aumente a calidade de vida das persoas e facilite o exercicio dos seus dereitos. Os poderes públicos deben tratar, no terreo dos dereitos, de maximizar o positivo e mitigar as restricións que o mundo dixital supón para estes. Os dereitos son as primeiras categorías afectadas polos cambios que a evolución social impón. Por iso é necesario

analizar este tipo de cuestións para manter plenamente operativa a eficacia dos dereitos á marxe das mutacións que a evolución tecnolóxica depare. O labor de pedagogía de dereitos axuda neste sentido a concienciar as persoas e a proporcionarlles información que poden usar na súa protección.

Nesta orde de cousas, o vicevaledor responsable acudiu a diversas **xornadas e eventos** relacionados coa problemática desta área. Así mesmo, o propio valedor participou nunha mesa redonda sobre e-administración e dereitos, organizada polo *Defensor del Pueblo* de Castela-A Mancha. Nesta intervención recordouse que as reformas normativas dos últimos anos representaron o paso do “poder” ao “deber” na prestación de servizos electrónicos por parte dos poderes públicos e, polo tanto, na instauración da e-administración. Iso tivo unha relevante tradución no terreo dos dereitos da cidadanía, que se configuran como unha das claves xurídicas que permitirá avanzar o proceso, se efectivamente logramos un adecuado desenvolvemento e aplicación dos mesmos. Neste sentido, permanecen cuestións abertas, que aínda permiten unha formulación xurídica diversa. Serven como exemplo, o dereito a escoller o medio, dixital ou non, de relacionarse coa administración; a busca dun adecuado equilibrio entre o dereito de acceso á información administrativa e o dereito de protección de datos persoais; ou o risco da desigualdade, é dicir, o perigo da temida fenda dixital, converteuse nunha arma silente que pode acabar coa instauración da e-administración.

De igual forma, nas **visitas** que os centros de ensino fan á sede do Valedor do Pobo, o vicevaledor insiste nos perigos que pode supoñer o mal uso das novas tecnoloxías, tanto para o propio usuario como para terceiros, en especial no ámbito das redes sociais. Así as cousas, coméntase, por exemplo, que non se faciliten datos a descoñecidos, nin propios nin da familia, que se fale cos pais ou profesores ante cuestións estrañas que aparezan na navegación, ou que se respecte os dereitos de terceiros, o que significa, entre outras cousas, que non se debe publicar fotos sen o permiso dos que aparecen nelas.

Por último, e como xa se comentou na área de menores, cómpre salientar que a finais do 2010 se comezou o deseño e a preparación dun **informe extraordinario sobre os e as adolescentes galegos e Internet**, que en principio verá a luz no primeiro trimestre de

2011, recollendo as oportunas conclusións e recomendacións que permitan mellorar a complexa problemática que a día de hoxe a rede de redes presenta a este sector da poboación. Trátase dun estudo pioneiro en Galicia que esperamos axude a resolver parte dos crecentes problemas que se aprecian en tal ámbito.

1.16.4 RESOLUCIÓN DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

1.- Suxestión dirixida ao Director Xeral da Compañía de Radiotelevisión de Galicia en data 21 de maio de 2010 para que se acelere o proceso de subtitulado de emisións co obxecto de favorecer ás persoas con dificultades auditivas. (Q/2612/09).

O escrito presentado por D. J. L. P. L. ante esta Institución deu lugar ao expediente R.11.Q/2612/09, que foi admitido a trámite e deu lugar á oportuna investigación con base no artigo 22 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo.

O problema plantexado refírese á emisión de contidos televisivos subtitulados, ao entender do reclamante moi escasa na TVG, o que podería afectar á comprensión das persoas con problemas auditivos.

A igualdade material recoñecida no artigo 9 da Constitución española esixe que se removan os obstáculos que impiden ou dificulten o pleno desfrute dos dereitos. Elo diríxese especialmente ás persoas con necesidades especiais ou con diversidade funcional. Este é o caso dos cidadáns con dificultades auditivas. Neste senso, o Valedor do Pobo recoñece o compromiso da TVG co colectivo de persoas xordas, que se reflicte en diversas medidas e actuacións, e tamén os intentos de avanzar nun incremento da programación subtitulada, como se afirma no informe remitido a esta Institución.

Nesta liña de compromiso, entendemos que dito proceso debe reforzarse. Polo tanto, e con base no artigo 32.1 da Lei 6/1984, emítase a seguinte **SUXESTIÓN**:

Que, con obxecto de favorecer ás persoas con dificultades auditivas, se acelere o proceso de subtitulado das emisións ou se emitan produtos audiovisuais xa subtitulados.

Resposta do Director Xeral da Compañía de Radiotelevisión de Galicia:
Aceptación Plena

1.17 QUEIXAS DE OFICIO

Área de medio ambiente

Nesta área iniciamos diferentes queixas de oficio polos prexuízos ocasionados por *botellóns* ou celebracións sen as medidas adecuadas de prevención e control.

En relación co *botellón* do Carballiño iniciamos a Q/1044/10 debido á noticia de *La Región* (26-4-10), aínda que tamén coñecemos outra promovida por un afectado (Q/1381/10). Na primeira o Concello mostrábase remiso a intervir (“non existe ningunha normativa que o prohiba”, dicía), polo que lle indicamos a normativa que citamos na área de medio ambiente deste informe e lle indicamos que debían evitarse as consecuencias que os *botellóns* teñen para os veciños afectados, fundamentalmente polas desordes e o ruído. Reclamamos unha intervención municipal eficaz para preservar os dereitos dos veciños (arts. 18.1 e 2, 43 e 45 CE), pero a pesar diso a queixa promovida polo veciño aínda non foi respondida polo Concello, sendo preciso recordarlle o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución.

En relación co desenvolvemento deste mesmo fenómeno en Santiago iniciamos unha queixa de oficio, a Q/995/10, debido á noticia de o *Correo Gallego* do 17-04-10 na que se dicía que se fixera un gran *botellón* no Campus. Solicitamos información á Universidade de Santiago de Compostela (USC), que recoñeceu que unha escola *celebrara* o que denominaba “día da Escola” no exterior e con alt falantes, sen aclarar que contara con autorización municipal, de acordo coa normativa de espectáculos públicos (Real decreto 2816/1982, regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas). Pero sobre todo a USC subliñaba que este era un caso puntual, en contraste co *botellón* que periodicamente se celebra no Campus e que o Concello non impedía. O reitor sinalaba que “se realizaron xestións desde a USC cos responsables do Concello de Santiago, a quen corresponde a competencia na materia, con ocasión da deslocalización dos botellóns masivos desde a Alameda á praza dos Colexios Maiores... sen que ata o momento se chegase a unha solución”. Así, requirimos informe ao Concello, indicándolle que de confirmarse tal cousa se estaría incumprindo a normativa municipal en relación coa materia. O Concello respondeu en primeiro termo sen aclarar as medidas aplicadas para

impedir ese botellón denunciado pola USD, e, despois de pedir aclaración, que non coñecía as concretas xestións realizadas pola USC neste sentido e que ademais non era un asunto da súa competencia, razón pola cal continuamos coñecendo a queixa para que finalmente se impida a celebración periódica deste botellón, que prexudica os residentes na zona.

En canto ás celebracións sen as medidas adecuadas de prevención e control, autorizadas ou consentidas por autoridades, foi especialmente grave o caso protagonizado pola Universidade da Coruña -UDC- (Q/914/10). A UDC negou que o que se dera fose *botellóns*, o que contrastaba co indicado unanimemente nos medios de comunicación e incluso polos promotores e protagonistas. Sinalouse que “o botellón volve ao Campus” (*La Voz de Galicia*, 19-3-10); “clase maxistral de botellón” (*La Voz de Galicia*, 28-03-10); “o organizador da festa cre que o botellón de Informática se lles foi das mans” (*El Ideal Gallego*, 28-3-10); “Económicas da Coruña suspende a festa do patrón para evitar un novo macrobotellón” (*La Voz de Galicia*, 6-4-10); etc. O aspecto que máis chama a atención do ocorrido e que acredita a falta de organización e a inadecuada actuación das autoridades académicas foi a invasión e consumo de alcohol nas aulas, con respecto ao cal a UDC non sinalou absolutamente nada, a pesar de que os medios o mencionaban e se indicara no requirimento de información que achegamos no inicio da queixa de oficio. Diso deducimos que se recoñecía implicitamente e subliñamos que resultaba especialmente negativo e mostra de que a UDC non actuara adecuadamente, a pesar de ser coñecedora das previsións e de autorizar o evento. Polo tanto, nin tan sequera se controlou o interior, dándose un uso claramente inapropiado a un centro público habilitado para as funcións docentes e investigadoras que son propias de calquera institución universitaria. O que sucedeu excedeu con moito dunha sinxela e organizada celebración e o que realmente se deu foi algo similar a un botellón, expresión que utilizan todos os medios, cun número importante riscos, molestias e problemas, e cunha organización escasa e que non conseguiu o obxectivo propio desta, garantir a orde, a seguridade, limitar o aforo, etc. Por iso, recomendamos á UDC (véx. a recomendación 5 da área de medio ambiente) que no caso de producirse novas solicitudes de autorización para celebracións ou espectáculos no exterior dos recintos universitarios, con previsible afluencia masiva, esa Universidade se absteña de outorgalas, e no caso de coñecer a súa previsible celebración sen autorización, se realicen ou impulsen as actuacións precisas para impedir que se produzan esas

concentracións masivas con consumo de alcohol no perímetro dos centros universitarios e incluso dentro deles, como sucedeu no caso examinado, por resultar contrarias aos fins que son propios das universidades. A UDC respondeu cos mesmos argumentos e rexeitando a recomendación, o que resaltamos polo seu carácter negativo neste Informe ao Parlamento, de acordo co previsto no art. 33.2 da Lei do Valedor do Pobo, ao non obter unha xustificación adecuada e considerar que era posible unha solución positiva.

Unha consecuencia asociada á mala xestión do fenómeno do *botellón* coñecémolo na queixa de oficio Q/2147/10. O xornal *La Opinión* do 20 de novembro sinalaba que un lume arrasara o parque infantil dun patio nun colexio da Coruña, San Pedro de Visma. O patio era utilizado por grupos de mozos que saltaban os valados e facían botellóns polas noites. No colexio estaban fartos de ver polas mañás o lugar de recreo dos pequenos repleto de latas e cristais abandonados polos vándalos, ademais de sufrir estragos nos xogos; o patio convertérase nun *botellonódromo*. Na noite do xoves os bombeiros tiveron que acudir alertados por un veciño que viu as lapas. “O colexio está cerrado cun valado, pero os mozos saltan para dentro”, lamenta o conserxe do colexio. “Rompen os xogos, fan as súas necesidades, deixan cristais, latas de cervexa, botellas enteiras...”, di unha docente. Requirimos informe ao Concello da Coruña e á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e na actualidade estamos á espera deses informes.

Por ruídos en xeral iniciamos unha queixa de oficio relativa a Vigo (Q/1666/10), debido á noticia que sinalaba que o ruído nocturno volvera ás rúas Real e Teófilo Llorente ao ano de declararse zona protexida. Desapareceu o *botellón*, pero denuncian as aglomeracións de mozos fronte aos pubs. “A declaración de zona protexida funcionou moi ben nun principio e os veciños incluso nos estrañabamos pola tranquilidade que se respiraba para durmir despois de tantos anos sufrindo o botellón, pero ultimamente descendeu a presión policial e estamos volvendo ao mesmo”. Repuntaron as concentracións de mozos ás portas dos locais de copas. “Ás veces chamamos (á policía local) e nin sequera veñen, alegando que hai falta de efectivos. Noutras ocasións, preséntanse e non fan absolutamente nada...”. A última denuncia está asinada por 42 persoas. Moitas persoas do barrio mudaron de residencia. O Concello aínda non

responderon ao requirimento de informe, a pesar de reiteralo e de recordarlle o seu deber legal de envialo en prazo.

Debido á situación das zonas acusticamente saturadas de Vigo seguimos coñecendo a queixa de oficio Q/2431/08, que ten por antecedentes as Q/258/06, Q/1640/06 e Q/937/07. A pesar do moito tempo transcorrido desde que se comezaron o certo é que o asunto segue sen aclararse, como detallamos no comentario da área de medio ambiente.

En relación con incidentes con cans perigosos iniciamos unha queixa de oficio (Q/1286/10) como consecuencia das noticias contidas en diferentes diarios nas que se daba conta do falecemento dun neno de dous anos atacado por un pitbull, en Pazos de Borbén, do ataque doutro can pitbull en Escairón, e do ataque dun bull terrier en Lugo.

Nos xornais sinalábase que no primeiro caso “todo apunta a que un descoido da familia permitiu que o menor se acercase ao recinto valado onde se gardaba o can, que o enganhou e o matou a dentadas” (*El País*, 16-5-10). Investígase se gardaron as medidas de seguridade en relación con razas perigosas, como é esta. A normativa sinala que este tipo de animais deben estar atados ou nun habitáculo que protexa as persoas ou animais que accedan ou se acerquen ao lugar, e na rúa deben ir con buceira e cadea ou correa non extensible. Ademais, os donos deben ter unha autorización administrativa municipal con validez por 5 anos, o que obriga a probar unha serie de requisitos, como a aptitude física e psíquica, e a ter un seguro de responsabilidade civil. O neno, de 24 meses, estaba familiarizado co can porque ambos se criaran xuntos nun piso de Vigo. O pai trasladou o can a casa do avós no Mosteiro hai catro meses. Por esa razón, os veciños nunca viran o animal, aínda que oían os seus ladridos.

Na segunda noticia (*La Voz de Galicia*, 14-6-10) sinálase que un can de presa atacou outro can e o dono deste. Trátase dun pitbull que se lle escapara á súa dona en Monforte. Despois duns días vagando polo monte foi aparecer a quince quilómetros de distancia, en Escairón. Eran as seis da tarde e numerosos veciños gozaban da tarde no parque da Devesa. Entre eles, unha muller e o seu pai octoxenario paseaban a súa cadela. De súpeto, o pitbull botouse enriba dela e agarrou coa boca polo pescozo. Pouco despois,

soltouna xa morta. No forcexo para intentar espantar o can agresor o ancián sufriu unha forte mordedura na man. Minutos despois unha ambulancia recollía o ferido e trasladáboo ao hospital de Monforte.

Na terceira noticia (*El Progreso*, 17-06-10) sinalábase que un can ceibo atacou unha muller e rompeulle un brazo e unha costela. O marido e o fillo da vítima perseguiron ata a súa casa ao dono do animal, un bull terrier, e despois presentaron denuncia. O can ía ceibo e sen buceira e abalanzouse sobre a muller, facendo que caese e provocándolle a rotura dos ósos citados. Ademais, partiu os dentes e sangrou pola boca. Pedíronlle ao dono que collese o animal, pero non o fixo; despois do sucedido botouse a correr. Isto sucedeu o día 2 de xuño. Nesta noticia engádese que a Sociedade Protectora de Animais de Lugo detecta cada vez máis conflitos derivados da presenza de cans ceibos, sen correa, nos paseos do Rato e do Miño. Os paseantes consideran a súa presenza como unha ameaza.

A Consellería de Medio Rural, competente na materia, e os concellos de Lugo e Monforte, tamén competentes en parte, responderon dando conta de forma satisfactoria do cumprimento das súas responsabilidades en relación co asunto. En Monforte toda a documentación sobre o asunto se trasladou ao xulgado, polo que resta coñecer o resultado das actuacións xudiciais e se en consecuencia se debe proseguir coas actuacións no ámbito administrativo. En Lugo a policía local denunciou o caso por incumprimento de determinados deberes dos propietarios, como son a retención do animal ou a posesión do pasaporte sanitario. Sen embargo, despois de moito tempo desde o inicio da queixa seguimos sen recibir ningún informe do Concello de Pazos de Borbén, polo que diriximos ao seu alcalde un recordatorio do seu deber legal de responder e unha advertencia de declaración de hostilidade e entorpecemento.

A queixa de oficio Q/956/10 iniciámola polas noticias referentes a casos de vandalismo en Palmeira-Ribeira. Da información recibida do Concello de Ribeira puido coñecerse que o ente local realizou unha serie de actuacións a través da súa policía local para atallar a situación. Agora a situación está tranquila, aínda que ocorren feitos illados, sen que se poida considerar que existen bandas xuvenís organizadas, senón que se trata de mozos da localidade que se reúnen causando algunha molestia e intranquilidade. Pola súa

parte a Delegación do Goberno sinala que a Policía Nacional dispuxo a actuación dos protocolos oportunos, e en contacto co Concello activáronse as actuacións de vixilancia e control tendentes a normalizar a situación desde o punto de vista da seguridade cidadá, tomando as decisións oportunas para a exixencia, se é o caso, das responsabilidades administrativas ou penais que correspondan.

Área de educación

Na queixa de oficio Q/955/10, aberta en abril de 2010, esta institución tivo coñecemento a través dos medios de comunicación que os case 300 comedores escolares que xestiona directamente a Xunta se encontraban afectados porque desde o mes de xaneiro non recibían as subvencións para manter o servizo. Realizáronse diversas xestións por parte da dirección dos centros educativos para solucionar o problema sen que, segundo se recollía na prensa, lles deran contestación. Sinalábase que o atraso dos pagos afectaba sobre todo no medio rural e que consideraban que aproximadamente unha vintena de centros estaban considerando cerrar o comedor. No informe enviado pola Consellería xustificouse o atraso na complexidade dos trámites administrativos, derivados da apertura do exercicio económico no mes de febreiro; na non xustificación no expediente de que os importes das bolsas fosen calculados excluindo as cantidades que deben aboar os alumnos pola utilización do comedor, que motivou a devolución dos expedientes por parte de intervención; e en dificultades de contabilización e outros aspectos relativos á xestión. Un deles, con bastante incidencia, xurdiu do feito de que este ano os centros careceron das achegas directas dos comensais nas súas contas, xa que desde o curso actual tales achegas pasan ás contas do Tesouro, en calidade de prezos públicos.

Outras dúas queixas abríronse por problemas nas instalacións escolares. Nun caso refírese a un centro acabado de construír con graves defectos construtivos. É o caso da queixa de oficio Q/1667/10, aberta a raíz das informacións aparecidas na prensa sobre as altas temperaturas do CEIP Nazaret, en Cangas. Esta institución solicitou á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que nos informase sobre as obras que se realizaran para solucionar un problema que se agudizou este ano, pero que existía desde había tres cursos; sobre a activación dun plan de emerxencia ante a insoportable temperatura das aulas a partir da primavera, para evitar que os pais tivesen que recoller os nenos a media mañá, sen poder finalizar a xornada lectiva, e sobre a realización de estudos ou auditorías da calidade ambiental do edificio, dado que os pais informaban de frecuentes ingresos por bronquite ou pneumonías en nenos de curta idade, consecuencia das altas temperaturas do interior en relación co exterior. A Consellería informou de que o incremento do illamento e da estanquidade das edificacións deu como resultado inesperado o aumento do efecto

invernadoiro nas aulas de diversos centros de nova construción na provincia de Pontevedra como o CEIP de Cangas, CEIP Chano Piñeiro de Gondomar, CEIP Castrillón-Coiro de Cangas e o CEIP A Lomba de Vilagarcía de Arousa. Para resolver estes problemas, instaláronse láminas de control solar nas ventás das fachadas máis castigadas polo sol para rebaixar o grao de insolación co que se conseguiu baixar as temperaturas interiores. A falta de ventilación impide renovar o aire interior, polo que se decidiu introducir un sistema de ventilación forzada para baixar a humidade relativa e a temperatura. Non obstante, o problema non pode considerarse definitivamente resolto e haberá que valorar a súa eficacia cando aumente de novo a temperatura exterior. Por outra parte, os técnicos da Consellería manifestan que non se dispón de ferramentas de análise e cálculo deste tipo de problemas termodinámicos.

Outro caso que deu lugar á apertura dunha queixa de oficio foi o estado das instalacións do CEIP Couceiro Freijomil, algúns de cuxos espazos estaban sometidos a constantes asolagamentos, filtracións de auga desde unha pasarela cuberta situada encima do corredor das aulas de infantil, desprendementos de pranchas de falso teito e problemas de sobretensión eléctrica que orixinaron cortes e avariaron equipos do centro derivados do incorrecto traslado da caixa xeral de protección (Q/2126/10). A administración puxo en coñecemento da institución a visita realizada ao centro e as medidas executadas para solucionar estas incidencias, polo que se procedeu ao se arquivo.

Área de servizos sociais

Para coñecer a situación xeral da dependencia en Galicia iniciamos un procedemento de oficio (Q/1578/10). Indicamos á Consellería de Traballo e Benestar (CTB) que o diario *La Voz de Galicia* sinalaba en agosto de 2010 que había unas 40 000 persoas á espera da axuda da Lei de dependencia, nalgún punto do seu longo proceso burocrático, fronte ás 37 500 que xa a reciben. Aínda que a Xunta asume que un terzo dos dependentes están sen atender, “a cifra que manexa o Ministerio de Sanidade e Política Social é moito maior. Este ten en conta aos que presentaron a solicitude pero aínda non recibiron o primeiro ditame, que lles di o seu grao e nivel, que son unas 20 000 persoas”. A resposta ao anterior proporcionada pola CTB detallámola na área de servizos sociais. De todo o informado pola CTB na súa resposta debe resaltarse que parecen acertadas algunhas das súas obxeccións á hora de realizar unha estatística adecuada dos expedientes activos e por tanto dos que dentro dese grupo se encontrarían pendentes e atrasados. Obsérvase o que a Consellería llama múltiples incidentes acumulados nas estatísticas. A análise real debe ter en conta algunhas desas circunstancias (falecidos, desistidos, renunciados, duplicados, arquivados, situacións administrativas imputables aos interesados -principalmente por requirimentos-, etc.). Non obstante, da súa propia conclusión ponse en evidencia un número importante de expedientes pendentes. Ademais, a análise dos que se encontran atrasados non ten en conta o prazo para resolver é agora de 3 meses, e non de 6, como sinala en dúas ocasións, e iso tanto para os expedientes posteriores ao Decreto 15/2010 como para os anteriores (disposición transitoria primeira dese decreto). Tampouco parece terse en conta que moitos dos expedientes arquivados se refiren a casos de PIA atrasados e con falecemento do dependente, como expoñemos amplamente no desenvolvemento da área. Por iso, respecto deles a valoración non pode concluír na simple mención do arquivo, posto que estes expedientes (os de falecido con PIA sen aboamento de atrasos, claramente, pero tamén os de falecidos sen PIA, pero con atraso no procedemento) xeraron unha débeda que a administración terá que asumir con cargo aos orzamentos dedicados á dependencia.

A queixa de oficio Q/1579/10 iniciámola debido á noticia aparecida en *La Voz de Galicia* o 22 de agosto de 2010 en relación á situación de atraso dun procedemento de

dependencia. O dependente, fillo da reclamante, ten dous anos e medio, e con só uns días lle diagnosticaron un tipo de meninxite, moi virulenta. Logrou sobrevivir, pero as secuelas son importantes e precisa unha atención constante. Ten un implante coclear para poder oír e unha válvula instalada na cabeza que lle axuda a drenar líquido. Primeiro diagnosticáronlle un nivel de dependencia en grao dous, pero logo elevouse ata o grao tres e nivel dous. As consultas ao médico e as xornadas de rehabilitación para recuperar desenvolvemento muscular impiden que a nai poida traballar. “Pode ser que non haxa diñeiro, pero ás veces gástanos en cousas superfluas. Que o dediquen ao que realmente é preciso”, explica. Cando deixou de traballar comezou a percibir o desemprego e logo, durante seis meses, obtivo a prestación para aqueles que xa esgotaron a axuda por desemprego. “Pero hai uns dous meses que se acabou e agora xa non recibo nada. Aínda que busque traballo, onde vou encontrar cando lles diga que teño que faltar uns días á semana. Vai pagar un empresario a alguén por non traballar?” Para a nai o esforzo é continuo, pero merece a pena porque o seu fillo evoluciona ben. “Ten que ir a rehabilitación e tamén vai ao logopeda ao colectivo de xordos, aínda que está supervisado polo persoal do Materno”, apunta.

Pois ben, a pesar do expresado, despois de recibir o correspondente informe sobre o caso foi preciso formular á Consellería de Traballo e Benestar unha recomendación (véx. a recomendación 33 das da área de servizos sociais) debido ao atraso na resolución do procedemento. A pesar do tempo transcorrido desde a formulación da recomendación, o 20 de outubro de 2010, ao peche do Informe aínda non se responderan.

Tamén iniciamos unha queixa de oficio (Q/2133/10) debido á noticia de prensa que sinalaba que unha persoa cunha filla con discapacidade, á que leva de forma habitual ao Hospital Universitario de Santiago desde O Porto do Son, con frecuencia encóntrase con dificultades porque as prazas para discapacitados están ocupadas de forma inadecuada. Presentou unha reclamación no servizo de atención ao paciente do hospital; sinalou que “están aparcando coches sen tarxeta e ás veces ata algúns condutores se riron de nós dicíndonos que chame a quen queira, que non lle van facer caso”. Cando protestou “os vixilantes contestáronnos que eles chaman á policía, pero dinlles que deixen de molestar”. Pero “un día que aparquei un momento nunha praza reservada para taxistas, a pesar de que

os gardas me viron baixar coa miña filla da acercala á porta, non dubidaron en pedirme que retirase inmediatamente o coche xa que molestaba, pero as prazas para minusválidos estaban ocupadas por persoas a quen non lles correspondían”. A noticia sinala que “en Conxo tamén reclaman máis espazo, e que as que hai se usan mal”. Unha acompañante dun familiar con discapacidade que acudiu alí para recibir o tratamento encontrou o espazo habilitado para eles ocupado por un coche co cartel de “se vende” e sen autorización para estacionalo alí. Protestou e dixéronlle que ao parecer era dun traballador do hospital. Sinala que as prazas para utilizar por discapacitados “son totalmente insuficientes”, a pesar de que a presenza da Unidade Pluripatolóxica de Idade Avanzada e outros servizos fan que o número de discapacitados que acoden sexa elevado. Ao peche do Informe seguimos á espera da resposta da Consellería de Sanidade, e recibimos a resposta do Concello de Santiago, que indicou que non é un asunto da súa competencia, circunstancia que imos matizar no próximo escrito que lle dirixamos, cando contemos cos dous informes reclamados nesta queixa.

Área de sanidade

1.- A tramitada co número Q/1064/10

Con data 11 de maio de 2010, á vista das informacións aparecidas nos días pasados na prensa escrita sobre a problemática existente no Centro de Saúde de Arteixo pola cota de 1204 nenos que ten asignada a pediatra deste, a doutora CIFIC, e que, segundo consta nelas, presentou seis escritos solicitando un novo pediatra xa que está desbordada, sen que fosen contestados, esta institución acordou a apertura dunha queixa de oficio, solicitando da Consellería de Sanidade que facilitase información sobre:

1º.-Cotas que corresponden a cada un dos pediatras asignados nos centros de saúde de Arteixo. 2º- Cotas medias que, segundo as normativas, teñen os pediatras dos centros de saúde. 3º.- Razóns polas que non foron contestados os escritos remitidos pola pediatra, a doutora FC.

A Consellería de Sanidade remitiu, no seu día, un amplo informe sobre o número de especialistas en pediatría con que conta un Servizo de Atención Primaria, que se establece en función das ratios de poboación infantil, o labor desenvolvido polos pediatras en atención primaria, dentro do programa do neno, que se basea na realización dunha serie de revisións periódicas ao longo do tempo co fin de garantir o normal desenvolvemento do neno e a atención precoz de posibles patoloxías e que non teñen na súa maioría unha data concreta de realización. Sinálase que o número óptimo de nenos por pediatra debería de ser de 1000, malia que a Organización Mundial da Saúde sinala como cota máxima a de 1200. Ponse de manifesto que, na actualidade, hai unha escaseza total de profesionais desta especialidade en situación de desemprego, e, en moitas ocasións, hai serias dificultades para poder cubrir as ausencias dos profesionais habituais, no caso dos seus permisos regulamentarios e enfermidades, polo que, na actualidade non é posible ampliar as coberturas de prazas de pediatría dos cadros de persoal dos centros de saúde, sen prexuízo

de intentar adoptar as medidas organizativas encamiñadas a optimizar a calidade da prestación pediátrica.

Á vista do contido do informe, no que se pon de manifesto a situación do SAP de Arteixo, o desenvolvemento das actuacións dos pediatras en atención primaria e todas as conversacións entre a doutora F.C. e a Xerencia de Atención Primaria da Coruña, as ofertas doutras prazas, a imposibilidade de creación de novas prazas de pediatría, a posibilidade dunha reestruturación e reorganización de cotas nunha reunión conxunta, pendente de concertar, e que con data 27 de maio pasado se deu resposta escrita ás cuestións formuladas no escrito do 16 de abril anterior, entendeuse que non era preciso manter aberta esta información, acordándose, en consecuencia, o arquivo.

2.- A tramitada co número Q/1459/10

Con data 26 de xullo de 2010, á vista das informacións aparecidas nos días pasados nos periódicos desta cidade de Santiago, reclamouse informe sobre a situación na que se encontraba o paciente don SPD no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, que, segundo se publica, ía ser dado de alta sen que lle fose tratada unha intoxicación de mercurio que padece.

O seguinte día 5 de agosto recibimos escrito dese complexo hospitalario do 30 de xullo anterior, no que se pon de manifesto que o paciente acode a Urxencias o día 29 de xuño de 2010 e recibe a alta hospitalaria o día 1 de xullo, negándose a abandonar o hospital. O día 2 ingresa na Unidade Médica de Alta Precoz, estudándose a situación sobre a intoxicación por mercurio, que finaliza o día 20 de xullo, data na se procede a darlle novamente a alta por non precisar hospitalización, negándose a abandonar o hospital. Xestiónase unha segunda opinión a través dunha orde de asistencia ao Hospital Clínico de Barcelona para que o paciente sexa valorado pola súa Unidade de Toxicoloxía Clínica, que non acepta ao paciente por ter sido atendido nela con anterioridade e non diferir as súas conclusións das expresadas no informe do CHU de Santiago de Compostela. Por todo iso, comunícase ao xulgado de garda a negativa do paciente a abandonar o hospital. Á vista do

contido do seu informe e de estar pendente, na data do mesmo, dunha resolución xudicial, acórdase o arquivo do expediente.

Área de corporacións locais, servizos municipais e protección civil

Na área de corporacións locais, servizos municipais e protección civil e, en concreto, no sector referente á prestación de servizos locais, co carácter de mínimos e obrigatorios, impulsáronse no ano 2010 seis queixas de oficio.

A primeira delas tivo a súa orixe na turbidez da auga destinada a consumo doméstico no Concello de Lugo. A través dos diferentes medios de comunicación e de chamadas telefónicas, tívose coñecemento de que a auga da traída municipal se recibía nos domicilios particulares sen reunir as condicións de pureza exixidas. Iso motivou unha suspensión temporal dalgúns ramais da rede, para proceder á súa limpeza, e á práctica dun conxunto de medidas para sanear o depósito municipal de captación coa finalidade de garantir a potabilidade da subministración.

Revisadas as canles de captación e distribución e garantida polas autoridades sanitarias para o seu consumo, continuouse o servizo en condicións de regularidade e salubridade. A comunicación da alcaldía acreditando o cumprimento destas condicións motivo a conclusión do expediente de queixa 263/10.

As restantes cinco queixas de oficio tramitadas tiveron como obxecto común coñecer a situación creada pola folga do servizo de recollida de residuos sólidos nos Concellos de Santiago de Compostela, Padrón, Ourense, Ames e Carnota.

Para paliar as consecuencias da dita folga, recomendouse aos concellos a necesidade urxente de adoptar as medidas programadas para que non afectasen á salubridade e ornato públicos e realizar os esforzos adecuados para proseguir a prestación dos servizos mínimos esenciais.

O restablecemento da situación e a prestación do servizo de recollida de lixo, en condicións de continuidade e regularidade, motivaron a conclusión dos expedientes de queixa números 1130/10, 1878/10, 2042/10, 2115/10 e 2116/10

CAPÍTULO 2
ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DO DEBER DE COLABORACIÓN
DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS NAS INVESTIGACIÓNS
DA INSTITUCIÓN

2.1 O DEBER LEGAL DE COLABORACIÓN NAS INVESTIGACIÓNS DA INSTITUCIÓN

O deber de colaboración en xeral

Para o correcto desempeño das funcións estatutarias do Valedor do Pobo é fundamental a prestación dunha leal e rápida colaboración por parte das administracións obxecto de supervisión. Por esta razón, o artigo 26.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, establece que *“os poderes públicos de Galicia están obrigados a prestar o auxilio e cooperación que lles sexan demandados polo Valedor do Pobo nas súas investigacións e actuacións”*.

Para os supostos máis graves de desatención ao deber legal de colaboración coas investigacións, o artigo 22.2 da Lei do Valedor do Pobo prevé a **declaración de hostilidade e entorpecemento** do seu labor. En concreto esta alínea preceptúa que *“a negativa ou neglixencia de calquera organismo, funcionario ou dos seus superiores responsables ao envío dos informes solicitados poderá ser considerada polo Valedor do Pobo de Galicia como hostil e entorpecedora das súas funcións, facéndoa pública de inmediato e destacando tal cualificación no seu informe anual ou especial, se fose o caso, ao Parlamento. Tamén porá os ditos feitos en coñecemento do seu superior xerárquico, informando sobre o seu comportamento por se fose susceptible de corrección disciplinaria”*.

No presente exercicio non foi necesario formular declaracións de hostilidade e entorpecemento. Non obstante, si tivemos que facer numerosos recordatorios de deberes legais e advertencias de declaración de hostilidade.

Ofrecemos a continuación unha avaliación resumida dos niveis de colaboración das administracións públicas coa nosa institución durante o ano 2010. Ofrecemos unha lista das administracións ou órganos aos que foi preciso recordar formalmente o seu deber de colaborar en prazo coa institución e advertilos da posible declaración de hostilidade e entorpecemento da súa actitude con respecto a unha ou varias concretas investigacións. Por

último, ofrécese unha lista das administracións ou órganos aos que foi preciso reiterar ata en dúas ocasións a solicitude de informe, xunto co número de casos (ou queixas) en que foi preciso facer estas reiteracións a cada unha desas administracións ou órganos.

2.1.1 AS ADVERTENCIAS CONSTRINXENTES

Como xa tivemos ocasión de sinalar, en ocasións a institución vese na necesidade de facer advertencias especialmente enérxicas para obter a colaboración demandada, advertencias ás que acompañamos un recordatorio de deberes legais. En concreto sinalamos o seguinte:

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS:

O artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo impón a todos os organismos e dependencias administrativas aos que o Valedor lles solicite datos sobre a tramitación das queixas, a obrigaón de remitir estes informes “no prazo de quince días”. Ademais, na alínea 2 do mesmo artigo engade: “A negativa ou neglixencia de calquera organismo, funcionario ou dos seus superiores responsables ao envío dos informes solicitados poderá ser considerada polo Valedor do Pobo de Galicia como hostil e entorpecedora das súas funcións, facéndoa pública de inmediato e destacando tal cualificación no seu informe anual ou especial, sé é o caso, ao Parlamento”.

De aquí que deba dirixir a seguinte **ADVERTENCIA:**

Que se no prazo máximo de 15 días desde a data deste escrito non se recibe nesta institución o informe, que unha vez máis lle requirimos, segundo o prescrito no artigo 22.2, o Valedor do Pobo procederemos a facerlle a declaración de “*hostil e entorpecedor das nosas funcións*” en canto se refire á tramitación desta queixa.

Enumeramos aquí as administracións e órganos aos que nos vimos obrigados a facer este tipo de advertencia.

Administración Autonómica:

- Consellería de Traballo e Benestar : 17 veces .

(Q/2118/09; Q/690/10; Q/881/10; Q/126/10; Q/301/10; Q/1028/10; Q/1274/10; Q/1290/10; Q/1043/10; Q/158/10; Q/909/10; Q/1336/10; Q/1502/10; Q/1232/10; Q/1523/10; Q/1353/09; Q/1578/10)

- Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: 1 vez (Q/2164/08).

- Consellería de Cultura e Turismo: 1 vez (Q/397/09)

Administración Local:

Provincia da Coruña

Concello de Abegondo : 1 vez (Q/2043/08)

Concello de Boiro: 1 vez (Q/1266/10)

Concello de Camariñas: 1 vez (Q/146/10)

Concello de Cee: 1 vez (Q/2519/09)

Concello de Cedeira: 1 vez (Q/2051/09)

Concello de Coristanco: 2 veces (Q/990/08 e Q/2367/09)

Concello de Culleredo : 1 vez (Q/2140/09 e acumulados)

Concello de Fene : 1 vez (Q/2467/09)

Concello de Ferrol: 1 vez (Q/315/10)

Concello de Fisterra: 1 vez (Q/1323/09)

Concello de Laracha: 2 veces (Q/390/10 e Q/395/10)

Concello de Muros: 1 vez (Q/1362/10)

Concello de Muxía: 1 vez (Q/1341/08).

Concello de Narón: 1 vez (Q/1634/09)

Concello de Oroso: 2 veces (Q/ 289/09, Q/ 311/09)

Concello de Padrón : 1 vez (Q /1261/10)

Concello das Pontes: 1 vez (Q/196/10)

Concello de Ribeira: 7 veces (Q/273/09, Q/1840/07, Q/1616/10, Q/1231/10,
Q/1548/09, Q/652/09 e Q/602/09)

Concello de Santiago de Compostela: 1 vez (Q/297/09)

Provincia de Lugo

Concello de Chantada: 1 vez (Q/1128/10)

Concello de Lugo: 2 veces (Q/542/09, Q/1229/10)

Concello de Monforte: 3 veces (Q/1650/09, Q/104/09, Q/579/10)

Concello de Pol: 1 vez (Q/1710/09)

Concello de Valadouro: 1 vez (Q/2223/09)

Provincia de Ourense

Concello de Barbadás: 1 vez (Q/1626/09)

Concello do Carballiño: 1 vez (Q/1381/10)

Concello de Xinzo de Limia: 1 vez (Q/1830/07)

Concello de Ourense: 1 vez (Q/290/10)

Concello de Vilar de Barrio: 1 vez (Q/633/09)

Provincia de Pontevedra

Concello de Arbo: 1 vez (Q/92/08)

Concello de Cangas: 1 vez (Q/1049/10)

Concello da Estrada: 2 veces (Q/434/09, 597/09)

Concello de Gondomar: 1 vez (Q/820/08)

Concello do Grove: 1 vez (Q/57/10)

Concello de Moaña: 1 vez (Q/909/08)

Concello de Ponteareas: 2 veces (Q/16/09, Q/766/07)

Concello de Pontevedra: 4 veces (Q/1907/08, Q/1133/10, Q/1348/09;
Q/1353/09).

Concello de Porriño: 3 veces (Q/1154/09, Q/1155/09, Q/762/09).

Concello de Salceda de Caselas: 3 veces (Q/1605/09, 2007/08, 1605/09)

Concello de Silleda: 1 vez (Q/2186/09)

Concello de Tui: 2 veces (Q/2065/07, Q/2101/09)

Concello de Vigo: 3 veces (Q/2431/08, Q/2431/08 -segunda vez-, e
Q/889/10)

Concello de Vila de Cruces: 1 vez (Q/1247/09)

Concello de Vilanova de Arousa: 1 vez (Q/1802/08)

Concello de Pontecesures: 1 vez (Q/503/10).

Concello de Barro: 2 veces (Q/2335/09 e Q/2465/09).

2.1.2 ADMINISTRACIÓNS OU ÓRGANOS AOS QUE SE REITEROU A PETICIÓN DE INFORME ATA EN DÚAS OCASIÓNS, E NÚMERO DE VECES EN QUE TAL CIRCUNSTANCIA SE DEU

A) XUNTA DE GALICIA

ADMINISTRACIÓN	Núm. Queixas
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	4
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	33
Consellería de Economía e Industria	8
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	13
Consellería de Sanidade	13
Consellería de Cultura e Turismo	2
Consellería de Traballo e Benestar	106
Consellería do Medio Rural	9
Consortio Galego de Igualdade	1

DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS

Deputación Provincial	Núm. Queixas
A Coruña	1

CONCELLOS

A CORUÑA

Concello	Núm. Queixas
Abegondo	1
Ares	2
As Pontes	2
Bergondo	1
Betanzos	1
Boiro	4
Camariñas	2
Cambre	1
Culleredo	10
Carral	1
Cedeira	2
Cee	2
Coristanco	2
Coruña, A	4
Fene	2
Ferrol	4
Fisterra	1
Irixoa	1
Laracha	5
Mazaricos	1
Muros	2
Muxía	1
Narón	3
Oleiros	3
Oroso	2
Padrón	5
Pobra do Caramiñal, A	1

Concello	Núm. Queixas
Ponteceso	3
Pontedeume	2
Porto do Son	1
Ribeira	3
Rois	2
Santiago de Compostela	6

LUGO

Concello	Núm. Queixas
Antas de Ulla	2
Chantada	2
Lugo	3
Mondoñedo	1
Monforte	1
Ribadeo	2
Pol	3
Triacastela	1
Valadouro	2

OURENSE

Concello	Nº Queixas
Barbadás	1
Carballiño, O	2
Castrelo do Val	1
Ourense	3
Vilar de Barrio	1

PONTEVEDRA

Concello	Nº Queixas
Barro	2
Bueu	1
Cangas	4

Concello	Nº Queixas
Covelo, O	1
Golada, A	1
Gondomar	4
Grove, O	4
Estrada, A	2
Forcarei	1
Marín	1
Moaña	2
Mondariz	1
Neves, As	1
Pazos de Borbén	1
Poio	1
Ponteareas	1
Pontecesures	1
Pontevedra	4
Porriño, O	1
Portas	1
Salceda de Caselas	1
Sanxenxo	1
Silleda	3
Soutomaior	2
Tui	2
Vigo	9
Vila de Cruces	3
Vilanova de Arousa	1

CAPÍTULO 3
AS RESPOSTAS ÁS RESOLUCIÓNS FORMULADAS POLO
VALEDOR DO POBO

3.1 AS RESPOSTAS DAS ADMINISTRACIÓNS OU ÓRGANOS AOS QUE SE DIRIXIU ALGUNHA RESOLUCIÓN

3.1.1 INTRODUCCIÓN

O artigo 32.1 da Lei do *Valedor do Pobo* preceptúa que a institución poderá “formular ás autoridades e funcionarios das administracións públicas advertencias, recomendacións, recordatorios de deberes legais e suxestións para a adopción de novas medidas”, mentres o parágrafo 2 do mesmo artigo impón a funcionarios e autoridades o deber de responder “sempre por escrito e no prazo dun mes” a estas resolucións. Polo tanto, establécese unha obrigaón de colaboración relacionada coa formulación das resolucións: o deber de responder a estas.

Se a administración acepta a resolución, con iso non acaba o labor da institución respecto dese concreto asunto; faise preciso coñecer tamén se se lle dá efectividade. Cando resulta necesario requírese que, ademais da aceptación formal, se dea conta das medidas adoptadas para dar efectividade ás resolucións, ou se establecen as medidas oportunas para facer un adecuado seguimento desa efectividade, xeralmente solicitando ao reclamante que nos traslade a falta de cumprimento do recomendado. No caso de confirmar esa falta de efectividade a resolución terase por rexeitada, a pesar da aceptación formal. O mesmo sucede coas resolucións pendentes de resposta durante moito tempo; se se esgotan as posibilidades de recibir unha resposta, despois de reiterala insistentemente, a resolución tense por rexeitada.

A Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, establece para os casos de rexeitamento das resolucións un mecanismo de publicidade específica que faga manifesto o reproche que esta circunstancia merece. O artigo 33.2 sinala que “se (non) obtívase unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise”.

Por iso, facemos constar detalladamente o contido das respostas proporcionadas polas administracións ou órganos aos que se dirixiu algunha resolución. Esta mención realízase tamén no comentario de cada unha das áreas, destacando as resolucións rexeitadas, de acordo co citado artigo 33.2.

É importante destacar que as resolucións pendentes de resposta expresa se entenden aceptadas despois de transcorrido o prazo de resposta (un mes), sen prexuízo de que se siga requirindo a resposta expresa e que se concrete a forma en que se deu efectividade á resolución. Por esta causa nalgúns comentarios damos un mesmo tratamento ás resolucións aceptadas e ás “pendentes de efectividade”, sen prexuízo do que se resolva finalmente en relación con estas últimas. As que figuran como *pendentes nas* listaxes que se mencionan a continuación formuláronse hai pouco tempo, polo tanto non poden considerarse aceptadas tacitamente.

3.1.2 RESPOSTAS DAS DIFERENTES ADMINISTRACIÓNS E ÓRGANOS ÁS RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO


Administracións ou órganos	Resolucións formuladas	Aceptadas	Non aceptadas	Pendientes
Consellería de Facenda	1	1	0	0
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	3	2	1	0
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	13	13	0	0
Consellería de Sanidade	2	1	1	0
Consellería de Cultura e Turismo	5	5	0	0
Consellería de Traballo e Benestar	56	32	17	7
Consellería do Medio Rural	2	2	0	0
Universidade da Coruña	1	0	1	0
CRTVG	1	1	0	0
Concello de Ribadumia	1	1	0	0
Concello de Bergondo	1	0	1	0
Concello de Coles	1	1	0	0




Administracións ou órganos	Resolucións formuladas	Aceptadas	Non aceptadas	Pendientes
Concello de Redondela	1	1	0	0
Concello de Curtis	1	1	0	0
Concello de Tomiño	1	0	0	1
Concello de Cedeira	1	1	0	0
Concello de Portas	1	1	0	0
Concello da Coruña	2	2	0	0
Concello da Guarda	1	1	0	0
Concello de Viveiro	1	1	0	0
Concello de Ourense	3	3	0	0
Concello de Brión	1	1	0	0
Concello de Cangas	1	1	0	0
Concello de Valdoviño	1	1	0	0
Concello de Vilagarcía de Arousa	1	1	0	0
Concello de Monforte de Lemos	3	1	2	0
Concello de Paderne de Allariz	1	1	0	0
Concello de Mondariz	1	1	0	0

Administracións ou órganos	Resolucións formuladas	Aceptadas	Non aceptadas	Pendientes
Concello de Oroso	1	0	1	0
Concello de Melide	1	1	0	0
Concello de Ponteceso	1	1	0	0
Concello de Baiona	1	1	0	0
Concello de Camariñas	1	1	0	0
Concello de Ribeira	1	0	0	1
Concello de Palas de Rei	1	1	0	0
Concello de Teo	1	1	0	0
Concello de Carral	1	1	0	0
Concello de Cabanas	1	1	0	0
Concello de Sada	1	1	0	0
Concello de Parada do Sil	1	1	0	0
Concello de Malpica	1	1	0	0
Concello de Cervo	1	1	0	0
Concello de Muxía	1	1	0	0

3.1.3 RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO E DA SÚA ACEPTACIÓN POLAS CORRESPONDENTES ADMINISTRACIÓNS

<i>RESOLUCIÓNS FORMULADAS</i>	<i>TOTAL</i>	<i>ACEPTADAS</i>		<i>NON ACEPTADAS</i>		<i>PENDENTES</i>	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
<i>Recordatorios deberes legais</i>	25	23	92 %	1	4 %	1	4 %
<i>Recomendacións</i>	90	58	65 %	23	25 %	9	10 %
<i>Suxestións</i>	7	7	100 %	0	0 %	0	0 %
<i>Total resolucións</i>	122	88	72 %	24	20 %	10	8 %





3.1.4 AS RESPOSTAS ÁS RESOLUCIÓN

A) RECORDATORIOS DE DEBERES LEGAIS

Área de urbanismo e vivenda

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/2337/09	Concello de Ribadumia	Aceptado
Q/633/10	Concello de Bergondo	Non aceptado
Q/1170/10	Concello de Coles	Aceptado
Q/325/09	Concello de Redondela	Aceptado
Q/63/10	Concello de Curtis	Aceptado
Q/261/10	Concello de Tomiño	Pendente

Área de educación

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/923/10	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptado
Q/1970/09	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptado
Q/655/10	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptado
Q/1610/10	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptado

Área de agricultura, montes e pesca

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1406/10	Consellería do Medio Rural	Aceptado
Q/1407/10	Consellería do Medio Rural	Aceptado

Área de organización e funcionamento de réxime local e protección civil

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/2051/09	Concello de Cedeira	Aceptado
Q/1345/10	Concello de Portas	Pendente efectividade
Q/1488/10	Concello da Coruña	Aceptado

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1563/10	Concello de A Guarda	Pendente efectividade
Q/1584/10	Concello de Viveiro	Pendente efectividade

Área de menores

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/290/10	Concello de Ourense	Aceptado

Área de cultura e política lingüística

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1327/10	Concello de Brión	Aceptado
Q/45/10	Concello de Cangas	Aceptado
Q/397/09	Consellería de Cultura e Turismo	Pendente efectividade
Q/1343/10	Concello de Valdoviño	Aceptado
Q/397/09	Consellería de Cultura e Turismo	Pendente efectividade
Q/1971/09	Consellería de Cultura e Turismo	Pendente efectividade
Q/77/10	Consellería de Cultura e Turismo	Pendente efectividade

B) RECOMENDACIÓNS

Área de emprego público e interior

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1502/08	Concello de Vilagarcía de Arousa	Aceptada
Q/1868/09	Concello de Monforte de Lemos	Non aceptada
Q/2042/09	Concello de Monforte de Lemos	Non aceptada
Q/886/10	Consellería de Facenda	Aceptada
Q/1073/10	Consellería de Sanidade	Aceptada

Área de urbanismo e vivenda

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/272/09	Concello de Paderne de Allariz	Aceptada
Q/534/09	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	Non aceptada
Q/1118/09	Concello de Mondariz	Aceptada

Área de educación

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1754/10	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada
Q/1667/10	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Pendente de efectividade
Q/999/10	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada

Área de medio ambiente

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/636/09	Concello de Oroso	Non aceptada
Q/1903/08	Concello de Melide	Aceptada
Q/1483/09	Concello de Ponteceso	Aceptada
Q/1650/09	Concello de Monforte de Lemos	Aceptada
Q/914/10	Universidade da Coruña	Non aceptada
Q/1429/10	Concello de Baiona	Pendente de efectividade
Q/146/10	Concello de Camariñas	Pendente de efectividade

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1840/07	Concello de Ribeira	Pendente

Área de servizos sociais

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/2141/09	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/1551/09	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1909/09	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/1978/09	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2342/09	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/2520/09	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/2171/09	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/175/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1892/09	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1206/09	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/1230/09	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/128/10	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/693/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada Parcialmente
Q/74/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1310/09	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/1229/09	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/1205/09	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/133/10	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/132/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente de efectividade
Q/275/10	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/499/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/961/10	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/1127/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente de efectividade
Q/1453/09	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2463/09	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/2331/09	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/103/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada Parcialmente
Q/1193/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente de efectividade
Q/1240/10	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/404/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente de efectividade
Q/1398/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1476/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1026/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente de efectividade
Q/301/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente de efectividade
Q/1579/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente de efectividade
Q/1242/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1140/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente de efectividade
Q/1169/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente de efectividade
Q/1622/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente de efectividade

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1838/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente de efectividade
Q/1382/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente de efectividade
Q/1751/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente de efectividade
Q/1364/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente de efectividade
Q/1297/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente de efectividade
Q/1309/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente de efectividade
Q/1418/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente de efectividade
Q/1258/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente de efectividade
Q/1243/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente de efectividade
Q/1916/09	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente
Q/1290/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente
Q/1421/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente
Q/1970/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente
Q/1586/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente
Q/2118/09	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente
Q/2081/10	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente

Área de sanidade

QUEIXAS	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1732 e 2617/09; Q/39, 41, 68, 69,72,114,142,144, 201, 400, 492, 493, 494, 511, 601, 931, 1056, 1057, 1058, 1213, 1220, 1221, 1222, 1223, 1224 e 1225/10	Consellería de Sanidade	Non aceptada

Área de administración económica e transportes

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/2556/08	Concello de Palas de Rei	Pendente

Área de obras públicas e expropiación

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/2630/09	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	Aceptada Parcialmente

Área de organización e funcionamento de réxime local e protección civil

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/2087/09	Concello de Teo	Aceptada
Q/1908/08	Concello de Carral	Aceptada
Q/546/09	Concello de Cabanas	Aceptada
Q/1546/09	Concello de Ourense	Aceptada
Q/1945/09	Concello de Sada	Aceptada
Q/2384/09	Concello de Parada do Sil	Aceptada
Q/1/10	Concello de Malpica	Aceptada
Q/1488/10	Concello da Coruña	Aceptada
Q/1603/10	Concello de Cervo	Aceptada

Área de menores

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/290/10	Concello de Ourense	Aceptada
Q/1906/10	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada
Q/1906/10	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada

Área de cultura e política lingüística

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1164/10	Consellería de Cultura e Turismo	Pendente de efectividade

C) SUXESTIÓNS

Área de educación

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1591/10	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada
Q/1631/10	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Pendente de efectividade
Q/1626/10	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada

Área de menores

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/925/09	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada
Q/1292/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada

Área de cultura e política lingüística

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/2398/09	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	Aceptada

Área de sociedade da información

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/2612/09	CRTVG	Aceptada

CAPÍTULO 4
RELACIONES INSTITUCIONAIS

Á marxe do intenso labor de supervisión da actividade dos poderes públicos que desprega o Valedor do Pobo no seu intrínseco afán de conquista dunha máis eficiente administración, así como da tarefa pedagóxica, que tamén ten encomendada, en prol da difusión e defensa dos dereitos fundamentais das persoas, o Valedor do Pobo desprega cada ano unha viva axenda institucional que o mantén en contacto coa realidade, con outras entidades públicas e coa propia cidadanía, que se ofrece condensada nas liñas que suceden.

Como alto comisionado seu, o Valedor do Pobo mantén unhas fluídas relacións institucionais co Parlamento de Galicia, ante o que cada ano tramita os seus informes ordinarios e extraordinarios, colabora na organización de eventos, envía publicacións, e informa sobre as súas diferentes iniciativas e estratexias. Estes contactos non resultaron menos habituais na anualidade que se somete a repaso co poder executivo galego, e non só por dirixirse, a petición propia ou dos cidadáns, case de forma permanente aos seus diferentes departamentos en busca de informes ou do cumprimento das súas resolucións, senón porque de maneira bidireccional, máximos responsables da administración galega, tanto autonómica como local, resultaron frecuentes interlocutores á hora de emprender proxectos comúns ou tratar asuntos que estaban ocasionando algún prexuízo aos reclamantes.

O 2010 supuxo, por outra parte, avances en prol da transparencia perseguida por parte do actual titular da institución, Benigno López, desde a súa chegada á mesma. De feito, desde principios de ano o Valedor do Pobo forma parte da Plataforma de Contratación Pública de Galicia, é dicir, que todos os procedementos de contratación iniciados desde a oficina son incluídos na base de publicacións da administración galega. Tamén con ese mesmo propósito, un ano máis organizáronse sesións de portas abertas aproveitadas por diferentes grupos de universitarios e alumnos de educación secundaria e bacharelato para coñecer de cerca o Valedor, o seu funcionamento e utilidade.

O contacto do titular da institución con diferentes colectivos unidos por problemáticas comúns, ben de índole profesional, veciñal ou persoal, foi permanente coñecendo o Valedor durante este exercicio, de boca dos afectados, as dificultades coas

que se encontran enfermos de fibromialxia, celadores de hospitais públicos, colectivos de gais e lesbianas, de cidadáns de etnia xitana, de defensores da gratuidade dos libros de texto, ou dos *bateiros*, entre outros.

Noutra orde de cousas, e como terceiro Valedor do Pobo de Galicia, Benigno López, tivo ocasión de reunir na súa sede ao seu predecesor, José Ramón Vázquez Sandes, así como á familia do primeiro titular da institución xa falecido, José Cora, con motivo da conmemoración do XX aniversario da posta en funcionamento da entidade. En homenaxe ao bo facer de ambos, e “por sentar as firmes bases que esta institución hoxe representa”, Benigno López, procedeu a inaugurar no mes de xullo unha galería cos seus retratos na terceira planta da oficina.

4.1 ACTIVIDADES PARLAMENTARIAS. INFORMES ORDINARIOS E EXTRAORDINARIOS

4.1.1 INFORME ORDINARIO

O informe ordinario anual correspondente ao ano 2009 iniciou a súa tramitación parlamentaria o día 15 de marzo de 2010, ao serlle entregada a versión definitiva do documento á presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, nun lapis de memoria USB. Seguindo o protocolo normal, deuse difusión pública ao contido do informe nesa mesma xornada a través dos medios de comunicación e das páxinas web do Valedor do Pobo e do Parlamento de Galicia.

Benigno López González puido ver cumprido neste exercicio o seu propósito de presentar a memoria da actividade institucional dentro do primeiro trimestre do ano, para así poder acercar máis ao seu contexto a radiografía que cada ano realiza das preocupacións da sociedade galega.

O documento entregado daba conta do exercicio do 2009, no que se tramitaron un total de 2634 queixas, 76 máis que no exercicio anterior. A estrea da VIII Lexislatura e o traballo desenvolvido polo novo Executivo na súa etapa inicial, así como a crise fixo entón

que gañaran peso as queixas máis vinculadas ás políticas sociais acaparando cerca do 14% do total das iniciadas.

O resto das comparecencias do Valedor do Pobo no Parlamento galego vinculadas ao devandito Informe, realizáronse consonte a seguinte cronoloxía:

_Intervención do Valedor ante a Comisión de Peticións do Parlamento para expoñer con máis detalle o informe anual correspondente ao exercicio 2009. Realizada o 22 de marzo de 2010. Benigno López compareceu ante os representantes dos tres grupos parlamentarios para mostrar de maneira resumida os asuntos que preocuparon ás persoas que se dirixiron a el. Ao afondar nos temas que causaron máis inquietude aos galegos, o alto comisionado destacou o peso que naquela anualidade ganaron as reclamacións relacionadas cos asuntos sociais como motivo de queixa dentro dun contexto xeneralizado de crise.

_O Valedor resumiu o contido do Informe Ordinario 2009 ante o pleno do Parlamento de Galicia o 13 de abril do 2010. Coa exposición de Benigno López González e as deliberacións realizadas polos tres grupos representados na Cámara concluíu a tramitación parlamentaria do documento. "Por primeira vez permítome ver satisfeito o meu desexo de darlles a coñecer os resultados da memoria nos tres primeiros meses do ano, para acercar máis os resultados ao seu contexto real", manifestou cara ao final da súa intervención.

O repaso en sesión plenaria incluíu descrições dos asuntos máis relevantes tratados en cada unha das áreas en que estruturan as queixas, en función da súa natureza e as administracións afectadas, e permitiu afondar nas estatísticas xerais e sociolóxicas da anualidade.

Para finalizar, o Valedor do Pobo recordou que é a súa misión “trasladarlles o diagnóstico que os cidadáns nos fixeron chegar ao longo de doce meses sobre as deficiencias que, segundo o seu criterio, afectaron á administración á hora de exixirle maior eficacia e calidade". Neste sentido incidiu en que o informe se realiza cada ano

desde unha perspectiva analítica e gardando fidelidade aos principios de independencia e vocación de servizo ás persoas xa que "son estas coa súa actitude e interactividade as que converten este alto comisionado en portavoz da súas inquietudes ante os poderes públicos”.

4.1.2 INFORME EXTRAORDINARIO

O informe extraordinario *As persoas sen fogar en Galicia* foi entregado á presidenta da Cámara, Pilar Rojo, o 25 de novembro de 2010. O documento, que analiza a situación que padecen as persoas que viven e dormen nas rúas galegas, vítimas da exclusión social, foi remitido nesa mesma xornada aos medios de comunicación, Xunta de Galicia, entidades sociais, ONG e servizos que traballan en prol dese colectivo, entre outros destinatarios.

O informe proseguiu a súa tramitación parlamentaria normal, que concluíu coa comparecencia ante a Comisión de Peticións da Cámara galega do titular da institución o día 16 de decembro. O Valedor do Pobo destacou na súa intervención a existencia dunha nova xeración de *sen teito* á que se lle está outorgando prestacións de exixencias mínimas “de cara á subsistencia en situación de pobreza extrema” sen garantirlles “unha vía de saída clara cara á súa posible integración”; algo que, ao seu parecer, debe chamar a atención dos poderes públicos.

De feito, no seu repaso do informe, o valedor galego criticou ante os representantes dos tres grupos parlamentarios o prevalente carácter asistencial dos servizos dirixidos aos indixentes, sendo as canles máis empregadas na comunidade as de aloxamento e manutención. “O problema non se afronta desde un aspecto de atención integral do necesitado, senón desde un plano parcial, proporcionando aloxamento e manutención puntual, pero obviando políticas públicas e xerais a medio prazo”, aseguraba.

A modo de conclusión, Benigno López dirixiu un total de 20 recomendacións á Xunta de Galicia e aos concellos co obxecto de que incidan nas políticas de prevención, a coordinación entre dispositivos ou a posta en valor do traballo dos voluntarios, con carácter xeral.

4.2 OUTRAS ACTIVIDADES DA INSTITUCIÓN

4.2.1 CONTRATACIÓN PÚBLICA

Desde xaneiro do 2010, os procedementos de contratación iniciados pola institución do Valedor do Pobo son difundidos a través da Plataforma de Contratación Pública da Xunta de Galicia, como unha medida máis a favor da transparencia. No momento de iniciar o procedemento, os interesados teñen constancia dos mesmos por medio da sección de contratación da páxina web da institución www.valedordopobo.com, así como a través de www.contratosdegalicia.com, onde se publican todos os actos de contratación da administración galega.

A inclusión do Valedor do Pobo no sistema supón un avance máis no camiño da transparencia comprometido polo titular da institución, Benigno López González no seu Plan Estratéxico vixente hasta o ano 2012. Este sistema permite acceder desde un menú principal aos procedementos de contratación en cada unha das súas etapas. As fichas de cada un deles permiten obter a información completa, desde a fase na que se encontran, ata a tipoloxía do contrato, importe, datas de publicación nos boletíns oficiais, etc.

O Valedor do Pobo xa consta entre as decenas de órganos contratantes incluídos na base de publicacións da plataforma, que ademais se administra mediante un sistema de certificación electrónica desde a propia institución, co que se garante a confidencialidade da información e se brinda a posibilidade de realizar calquera tipo de modificación nos procedementos en tempo real, para que teñan coñecemento das mesmas todos os usuarios da plataforma e posibles interesados en presentar ofertas.

4.2.2 CAMPAÑA DE DIVULGACIÓN DE DEREITOS

A institución do Valedor do Pobo completou durante o mes de abril a distribución en Galicia de 6000 carteis divulgativos sobre os dereitos da infancia entre un millar de centros escolares públicos, privados e concertados que imparten Educación Infantil e Primaria na comunidade. A campaña formou parte do conxunto de iniciativas que con

asiduidade desenvolve o alto comisionado parlamentario na súa tarefa de facer pedagogía dos dereitos entre a poboación de menor idade.

Os pósteres en cuestión recollían, cunha linguaxe moi sinxela, unha selección dos dereitos recoñecidos na Declaración dos Dereitos do Neno, proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en novembro de 1959. Ao lado dunha ilustración dun neno e dunha nena portando globos nas súas mans sobre un fondo verde, poden lerse dez dos "dereitos da infancia" acompañados dun número, polo que a proposta do Valedor se converte tamén nun xogo no que os máis pequenos deben proceder a poñelos en orde. Entre os principios figuran o dereito dos menores a ter unha familia, unha boa educación, a vivir sen discriminación, a non sufrir maltrato, a xogar, a ser escoitados, a crecer en liberdade, a non ser manipulados e incluso a ter unha identidade.

Coa iniciativa, o Valedor consolida unha vez máis o seu especial compromiso para con este colectivo de poboación, tanto polas características de vulnerabilidade que presenta, como polas previsións da lexislación sectorial, xa que a Lei galega 3/1997, da familia, a infancia e a adolescencia atribúe unha vicevaledoría de modo permanente á supervisión dos asuntos relacionados con menores.

4.2.3 VINTE ANOS DO VALEDOR

A institución conmemorou o 10 de xuño o XX aniversario do nomeamento do primeiro Valedor do Pobo de Galicia. Con esta ocasión, Benigno López González descubriu os retratos dos seus dous predecesores nun acto solemne ao que asistiron representantes parlamentarios dos tres grupos, así como o ex valedor José Ramón Vázquez Sandes e fillos e netos do primeiro valedor xa falecido, José Cora.

O primeiro valedor do pobo de Galicia, José Cora Rodríguez, foi nomeado polo Parlamento de Galicia reunido en sesión plenaria o 30 de maio de 1990, a pesar de que a lei da institución fora aprobada seis anos antes, o 5 de xuño de 1984. Deste modo, o 8 de xuño de 1990 tomaba posesión do seu posto o primeiro valedor do pobo en Galicia. Transcorridos vinte anos, e para conmemorar esa data, o actual valedor do pobo, Benigno

López González, quixo render homenaxe aos seus predecesores e procedeu a inaugurar na sede da institución unha galería de retratos de José Cora Rodríguez e José Ramón Vázquez Sandes, primeiro e segundo valedores do pobo respectivamente. As obras están asinadas por José Míguez, que, en palabras do valedor do pobo “soubo plasmar nos lenzos, con fidelidade case fotográfica, os trazos e características físicas de Pepe e de José Ramón e, principalmente, o que é máis difícil, penetrar no interior dos seus espíritos, reflectindo, a través dos seus ollos, da súa limpa mirada, a bondade e a bonhomía que sempre os caracterizou”.

O actual Valedor do Pobo, Benigno López González, dirixiu unhas palabras aos asistentes coas que quixo destacar o bo facer dos seus predecesores, recoñecendo o seu importante labor para o devir democrático da institución. “Tanto Pepe Cora como José Ramón Vázquez Sandes, coa súa rectitude de miras, coa súa bondade, coa súa honestidade e coa súa independencia fixeron posible sentar as firmes bases do que esta institución hoxe representa, consolidando, á súa vez, o seu innegable prestixio, pois, na miña opinión, son as persoas as que prestixian as institucións e non á inversa, despregando unha traxectoria sen fallo e unha brillante actuación, primeiro na súa etapa xudicial, como máximos representantes da xustiza galega e, posteriormente, como valedores exercendo a fermosa e transcendental función de velar pola defensa dos dereitos humanos, dos dereitos fundamentais das persoas e das liberdades públicas dos cidadáns”, indicou.

4.2.4 SESIÓNS DE PORTAS ABERTAS

Diferentes grupos de estudantes universitarios e de alumnos de educación secundaria e bacharelato de centros repartidos por toda Galicia tiveron a oportunidade de percorrer as dependencias do Valedor do Pobo e coñecer, de man do seu persoal, tanto a súa orixe e funcións como o seu compromiso e/ou utilidade para con estes colectivos. Nas súas visitas, os participantes adoitan expoñer as súas dúbidas ou comentarios sobre a institución algo que co tempo, repercute en beneficio dunha maior difusión exterior do Valedor do Pobo.

Entre os representantes universitarios, o Valedor recibiu a grupos procedentes da Facultade de Dereito de Vigo (5 de marzo), Facultade de Ciencias Sociais do Campus de Pontevedra (22 de abril) e Facultade de Dereito de Ourense (17 de decembro). En canto aos institutos, puideron coñecer a institución en persoa grupos de alumnos procedentes do IES Pedro Floriani de Redondela (8 de febreiro), do IES Isidro Pondal de Carballo (11 de maio), do IES Río Cabe de Monforte (15 de decembro), do IES Auga de Laxe de Gondomar (20 de decembro) e do IES A Paralaia de Moaña (21 de decembro).

4.2.5 PUBLICACIÓNS

O Valedor do Pobo enviou durante xaneiro do 2010 cincocentos exemplares de revista resumo do seu informe ordinario, nesta ocasión correspondente á actividade despregada durante o ano 2008. A publicación, que inclúe o documento íntegro da memoria nun CD no seu interior, pretendía acercar á cidadanía "aos principais aspectos da actividade despregada no transcurso do exercicio 2008". Tratouse da segunda edición da publicación coa que xa o ano anterior substituíra o tradicional formato do informe en libro por outro máis manexable, accesible e próximo á cidadanía.

A institución do Valedor do Pobo tamén executou, ao principio do exercicio, a distribución dun centenar de exemplares da revista *Dereitos Ciudadáns* editada polos valedores autonómicos españois. Tratábase do terceiro e último número a publicación que versou sobre as *persoas en situación de desprotección grave, a defensa dos seus dereitos*, o mesmo tema que centrara os relatorios e as mesas de traballo das xornadas anuais de coordinación dos valedores españois celebradas en Asturias no ano 2008. Entre os contidos, algúns deles traducidos ao galego, catalán e éuscaro, destacan seis capítulos dedicados a repasar parte da actividade despregada polas diferentes institucións españolas de defensa dos dereitos, e entre elas, repásanse os informes presentados, as resolucións máis exemplarizantes e póñense exemplos de situacións de vulneración de dereitos constitucionais nos diferentes ámbitos.

Entre os casos tratados polo Valedor do Pobo na revista, destaca a situación vivida por un grupo de nenos motóricos da localidade coruñesa de Carballo, que se encontraban

con serias deficiencias co transporte adaptado que utilizaban para trasladarse ás aulas, o que incluso nalgúns semanas, os obrigara a ausentarse das mesmas. A Consellería de Educación asumiu a situación denunciada e atende as peticións reflectidas na queixa aberta pola institución, comprometendo unha nova furgoneta.

Durante a anualidade, a oficina do Valedor do Pobo tamén publicou a versión en papel do informe ordinario correspondente ao ano 2009 no seu formato resumido. Deste modo, antes de finalizar o ano foron entregados cincocentos exemplares da *Revista resumo informe ordinario 2009* a diferentes entidades públicas, Xunta de Galicia, Parlamento, concellos e outros alto comisionados da comunidade e do exterior, entre outros.

Tamén no 2010 se deu a coñecer no Parlamento de Galicia e ante os medios de comunicación o informe extraordinario *As persoas sen teito en Galicia*. Nel facíase un retrato da poboación afectada na comunidade pola carencia de vivenda e que habitan e dormen nas rúas das diferentes cidades. O documento entregouse nun formato novo, de reducidas dimensións, que incluía un caderno coas principais conclusións e un CD co informe completo. Ao igual que co informe ordinario, realizáronse cincocentos exemplares que se fixeron chegar aos organismos públicos das administracións autonómica, provincial e local, así como a varios centenares de organizacións sociais, centros de acollida de persoas sen fogar e entidades benéficas interesadas.

Como quedara instaurado hai xa tres exercicios, o Valedor do Pobo publica e difunde mensualmente un exemplar do seu boletín informativo electrónico dirixido tanto ao resto dos valedores autonómicos españois, como ao Defensor do Pueblo así como á administración galega e a todos os cidadáns interesados, ao estar a súa disposición cada mes a través da páxina web oficial: www.valedordopobo.com.

4.2.6 PRESENZA EN INTERNET

A descarga de documentos emitidos polo Valedor do Pobo a través da páxina web consolídase como a vía elixida polos cidadáns galegos para conseguir de maneira áxil e accesible copias das publicacións dirixidas polo Valedor do Pobo. Ata a data de peche do

presente informe, por exemplo, un total de 850 usuarios descargaran o texto íntegro do informe ordinario correspondente ao ano 2009 nalgunha das súas versións e que se puxo á súa disposición con data 15 de marzo. A pesar de estar publicado no sitio web do Valedor case ao final do ano, en concreto o 25 de novembro, cerca de 200 persoas tamén se fixeran ao final do exercicio cunha copia en formato dixital do informe completo *As persoas sen fogar en Galicia*.

Por outra parte e grazas á inclusión de información detallada na aplicación Google Maps, o Valedor do Pobo encóntrase desde os primeiros meses do ano máis localizable, xa que ao resultado de localización da institución no famoso motor de busca se incorporaron datos complementarios sobre como enviar as queixas e algunhas fotografías da sede.

4.3 VISITAS E ACTOS OFICIAIS E PROTOCOLARIOS

O Valedor do Pobo recibiu a visita de personalidades do ámbito da administración, do mundo profesional e da cidadanía, asistiu a innumerables actos oficiais e protocolarios e se encontrou con representantes doutros valedores autonómicos durante a anualidade. A seguir enuméranse algunhas das súas actividades máis destacadas.

4.3.1 RECEPCIÓNS NA SEDE DA INSTITUCIÓN

Colectivos e personalidades que visitaron a institución do Valedor do Pobo:

-Capitán de Navío, José Abad Vila, Delegado de Defensa.

-Xeneral de División, Xefe da Forza Loxística Operativa, Juan Enrique Aparicio Hernández-Lastras.

-Representantes da Asociación Colega Galicia que representa os colectivos de persoas gays, lesbianas, bisexuais e transexuais da comunidade.

-Asociación Galega de Celadores.

- Conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato Otero.
- Grupo de alumnos do IES Pedro Floriani de Redondela.
- Alumnos de Practicum da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo.
- Director do Instituto de Criminoloxía da Universidade de Santiago, Fernando Vázquez Portomeñe.
- Representantes da Plataforma galega pola gratuidade dous libros de texto.
- Asociación de promoción e integración xitana de Lugo.
- Estudantes da Facultade de Ciencias Sociais do Campus de Pontevedra.
- Secretaria Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Beatriz Cuíña Barja.
- Grupo de alumnos do IES Isidro Parga Pondal de Carballo.
- Asociación coruñesa de Fibromialxia.
- Laureano Barreiro, esposo de María Luz Pose.
- Representantes do sector dos *bateiros*.
- Alcalde de Fisterra, José Manuel Traba Fernández.
- Roberto García González, Secretario Xeral de Unións Agrarias.
- Esperanza Fernández Lago, Directora Xeral de Recursos Humanos do SERGAS.
- Director da Unidade de Psicoloxía do Consumidor e Usuario (PSICOM) da Universidade de Santiago, Jesús Varela Mallou.

-Xosé Sánchez Bugallo, alcalde de Santiago de Compostela.

-Xeneral de División, Xefe da Unidade Militar de Emerxencia (U.M.E.), Rogelio García de Dios Ferreiro.

-Doutor Marco Labella, profesor da Universidade de Catania (Italia).

-Representante da Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPAS) do Carballiño, Ricardo Paz Díaz.

-Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Jesús Vázquez Abad.

-Comisión de afectados do Parque eólico da Baña.

-Presidente de Unicef Galicia, Manuel Sande.

-Alumnos do IES Río Cabe de Monforte.

-Grupo da Facultade de Dereito de Ourense.

-Alumnos do IES Auga de Laxe de Gondomar.

-Alumnos do IES A Paralaia de Moaña.

4.3.2 ENCONTROS INSTITUCIONAIS

Institucións e personalidades visitadas polo Valedor do Pobo durante a anualidade.

-Conselleiro de Educación, Jesús Vázquez Abad. Sede da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Director da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), Pablo Figueroa Dorrego.

-Presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera.

-Conselleira de Mar, Rosa Quintana Carballo.

-Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, Pazo de Raxoi de Santiago de Compostela.

-Conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadín.

4.3.3 OUTROS ACTOS PROTOCOLARIOS

-Cea de Ano Novo convocada polo Concello da Coruña. Pazo de María Pita, A Coruña (4 de xaneiro).

-Acto de celebración da Pascua Militar no Palacio de Capitanía da Coruña (6 de xaneiro).

-Inauguración do programa de actos con motivo do XX Aniversario de Proxecto Home Galicia. Reitorado da Universidade de Santiago de Compostela (20 de xaneiro).

-Acto académico na Facultade de Dereito de Santiago de Compostela con motivo da celebración de San Raimundo de Peñafort (28 de xaneiro).

-Encontro co Arcebispo de Santiago, Julián Barrio Barrio, dentro dos almozos informativos organizador por Fórum Europa. Hostal dos Reis Católicos, Santiago de Compostela (26 de xaneiro).

-Acto académico na Universidade da Coruña con motivo da festividade de Santo Tomás de Aquino. Paraninfo do Taller de Artillaría e Armamento, A Coruña (28 de xaneiro).

-Entrega do Premio Pérez Lugín ao xornalista Javier Quintana. Concello da Coruña (3 de febreiro).

-Acto institucional de constitución do Grupo 5º Operativo da Unidade de Intervención da Policía Nacional e entrega da Medalla ao Mérito Policial a José Luis Méndez, presidente de Caixa Galicia. Praza de María Pita, A Coruña (3 de febreiro).

-Inauguración dun novo centro social de Caixanova. Praza de Cervantes, Santiago de Compostela (4 de febreiro).

-Presentación dun libro-homenaxe e imposición da Medalla de Ouro da Universidade de Santiago ao ex presidente da Xunta de Galicia, Gerardo Fernández Albor. Pazo de Fonseca, Santiago de Compostela (24 de febreiro).

-Parada militar, demostración de Instrución de Orde Cerrada e concerto da banda de música con motivo do 473º aniversario da creación do Corpo de Infantería de Mariña. Cuartel de Dolores, Ferrol (26 de febreiro).

-Conferencia de Javier Losada de Azpiazu, alcalde da Coruña, organizada prol o Foro Cívico. Fundación Caixa Galicia, A Coruña (25 de marzo).

-Ingreso na Orde de Cabaleiros de María Pita de Andrés Fernández-Albalat Lois. Palacio Municipal da Coruña, A Coruña (8 de abril).

-Inauguración do novo edificio de Xulgados no Barco de Valdeorras (9 de abril).

-Concerto con motivo do 250º Aniversario do Ilustre Colexio Provincial de Avogados da Coruña. Teatro Colón da Coruña (20 de abril).

-Homenaxe ao xenetista veterinario Cruz Gallástegui Unamuno no Día do Científico Galego organizado pola Real Academia das Ciencias. Pazo de San Roque, Santiago de Compostela (22 de abril).

-Presentación do libro *O grito* de Ipiranga de Luís Manuel García Mañá. Sede da Fundación Barrié da Maza da Coruña (23 de abril).

-Nomeamento como Fillo Predilecto da Coruña ao ex ministro César Antonio Molina. Palacio Municipal de María Pita. A Coruña (23 de abril).

-Función do Voto en honor á Virxe do Rosario organizada polo Concello da Coruña. Igrexa de Santo Domingo, A Coruña (9 de maio).

-XVI edición de Premios do Periodismo Europeo Salvador de Madariaga. Hotel de San Francisco, Santiago de Compostela (11 de maio).

-Acto literario con motivo do Día das Letras Galegas dedicado a Uxío Novoneyra, organizado pola Real Academia Galega e consistente na presentación do libro *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*. Sede da Real Academia Galega, A Coruña (12 de maio).

-Almorzo informativo coa conselleira de Sanidade, Pilar Farjas, organizado polo Fórum Europa. Hotel Finisterre da Coruña (14 de maio).

-Acto convocado con motivo do Día das Letras Galegas. Fundación Luís Seoane da Coruña (14 de maio).

-Recepción a bordo do portaavións Príncipe de Asturias presidida polo Almirante Xefe do Arsenal Militar, Santiago Bolívar. Peirao de Transatlánticos da Coruña (24 de maio).

-Semana das Forzas Armadas, organizada polo Xeneral Xefe da Forza Loxística Operativa. Concerto no Teatro Rosalía da Coruña (25 de maio), recepción no Palacio de Capitanía da Coruña (27 de maio).

-Cea de clausura do Consello Europeo de Odontólogos organizado polo Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos de España (28 de maio).

-Visita ao portaavións Juan Carlos I con motivo das súas probas de mar. Arsenal Militar de Ferrol (2 de xuño).

-Entrega da Medalla ao Mérito da Avogacía a Jesús Palmou Lorenzo e Modesto Barcia Lago. Pazo de Fonseca de Santiago (4 de xuño).

-Xantar institucional co Presidente da Cámara de Comercio de Estados Unidos. Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela (7 de xuño).

-Inauguración na sede do Valedor do Pobo a cargo de Benigno López González dunha galería de retratos en honor aos seus predecesores no cargo, como conmemoración do XX Aniversario da institución (10 de xuño).

-Ofrenda do Antigo Reino de Galicia a Jesús Sacramentado con motivo da festividade do Corpus Christi. Concello e Catedral de Lugo (13 de xuño).

-Acto de xura da 60ª promoción de xuíces no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (14 de xuño).

-Inauguración da IX edición da Escola de Verán do Ministerio Fiscal. Pazo de Mariñán, Bergondo (15 de xuño).

-Toma de posesión do novo reitor da Universidade de Vigo, Salustiano Mato de la Iglesia. Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo (18 de xuño).

-Gala do Deporte Coruñés. Palacio dos Deportes de Riazor, A Coruña (18 de xuño).

-Inauguración da Escola de Verán do Poder Xudicial. Pazo de Mariñán, Bergondo (22 de xuño).

-Toma de posesión do novo reitor da Universidade de Santiago, Juan José Casares Long. Salón Nobre do Colexio Fonseca, Santiago de Compostela (25 de xuño).

-Acto institucional de constitución do Grupo de Operacións Especiais de Seguridade (GOES) do Corpo Nacional de Policía e entrega de medallas a axentes xubilados. Praza do Obradoiro, Santiago de Compostela (6 de xullo).

-Conferencia *A educación en España: dun extremo ao oposto*, pronunciada polo maxistrado xuíz de menores de Granada, Emilio Calatayud. Real Club Náutico da Coruña (9 de xullo).

-Acto de Xura de Bandeira e Entrega de Reais Despachos presidido por SS.AA.RR. os Príncipes de Asturias na Escola Naval de Marín (16 de xullo).

-Ofrenda Nacional ao Apóstolo Santiago presidida por S. M. o rei Juan Carlos I (25 de xullo).

-Entrega de Medallas Galicia 2010 a Víctor Manuel Vázquez Portomeñe e ao Cabido da Catedral de Santiago. Palacio de Congresos e Exposicións de Santiago de Compostela (25 de xullo).

-Almorzo informativo co ex presidente da Xunta, Manuel Fraga Iribarne, dentro do ciclo que organiza Fórum Europa. Hostal dos Reis Católicos, Santiago de Compostela (26 de xullo).

-Acto de apertura do curso académico na Universidade da Coruña e investidura como Doutora Honoris Causa de María Wonenburger. Paraninfo da Universidade, A Coruña (20 de setembro).

-Actos de conmemoración de San Ivo, patrón dos procuradores, organizados polo Colexio de Procuradores da Coruña (24 de setembro).

-Entrega da bandeira ao buque LHD Juan Carlos I, a cargo de S. M. o rei Juan Carlos I. Arsenal militar de Ferrol (30 de setembro).

-Función do Voto en honor á Virxe do Rosario, Patroa da Coruña. Igrexa de Santo Domingo, A Coruña (7 de outubro).

-Recepción a bordo da fragata americana USS Taylor da Armada de Estados Unidos. Porto da Coruña (8 de outubro).

-Acto oficial organizado pola Garda Civil en honor á súa patroa, a Virxe do Pilar. Pazo de Mariñán, Bergondo (12 de outubro).

-Inauguración VII Xornadas de Xuntas de Goberno de Procuradores organizadas polo Consello Xeneral de Procuradores de España. Hotel Porta do Camiño, Santiago de Compostela (14 de outubro).

-Actos de celebración do 250º aniversario do Colexio de Avogados da Coruña. Representación teatral do *mercader de Venecia*. Teatro Colón, A Coruña (4 de novembro).

-Apertura do curso na Escola de Práctica Xurídica do Colexio de Avogados da Coruña (5 de novembro).

-Celebración eucarística na Praza do Obradoiro oficiada por S.S. o Papa Bieito XVI con motivo da súa visita a Galicia polo Ano Santo. Santiago de Compostela (6 de novembro).

-Cea solidaria da Fundación Ollo do Mundo presidida polo Síndic des Greuges, Rafael Ribó. Hostal dos Reis Católicos (12 de novembro).

-Cea homenaxe ao doutor Juan Ángel Sánchez-Harguindey Pimentel organizada polo Colexio de Odontólogos. Restaurante Miradoiro de San Pedro, A Coruña (13 de novembro).

-Clausura da exposición *As pegadas da Xustiza* no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A Coruña (19 de novembro).

-Acto de homenaxe á Armada Española organizado polo Concello da Coruña e a Real Orde de Cabaleiros de María Pita. Praza de María Pita, A Coruña (21 de novembro).

-Entrega do Premio Fernández-Latorre de Xornalismo a José Luís Méndez Ferrín. La Voz de Galicia, Arteixo (25 de novembro).

-Conferencia *Resolución de problemas nun mundo complexo* a cargo de Tim Harford, organizada polo Instituto de Estudos Económicos de Galicia. Fundación Barrié, A Coruña (30 de novembro).

-Inauguración da exposición *Boinas verdes en acción*. Cuartel de Atocha, A Coruña (1 de decembro).

-Cea solidaria Fundación Andrea. Pazo de San Lorenzo. Santiago de Compostela (2 de decembro).

-Festividades de Santa Bárbara e a Virxe da Inmaculada organizadas pola Xefatura da Forza Loxística Operativa. Cuartel de Atocha, A Coruña (3 de decembro).

-Festividade da Nosa Señora do Patrocinio. Colexio de Avogados da Coruña (3 de decembro).

-Acto de conmemoración do 32º Aniversario da Constitución Española. Delegación do Goberno. A Coruña (3 de decembro).

-Presentación da nova marca de cidade da Coruña. Teatro Rosalía de Castro. A Coruña (9 de decembro).

-Actos de celebración en homenaxe á Virxe de Loreto. Aeródromo Militar de Lavacolla (10 de decembro).

-Acto de presentación de iniciativas de turismo de Galicia. Palacio da Ópera. A Coruña (15 de decembro).

-Entrega dos Premios da Cultura Galega 2010. Palacio de Congresos. Santiago de Compostela (17 de decembro).

-Recepción de Fin de Ano ás autoridades organizada polo Concello da Coruña. Palacio Municipal, A Coruña (20 de decembro).

-Recepción de Nadal organizada pola Presidenta do Parlamento de Galicia (21 de decembro).

-Concerto de Nadal de Caixa Galicia. Teatro Colón da Coruña (22 de decembro).

-Recepción de Nadal do Colexio de Procuradores de Santiago (23 de decembro).

-XV Concerto de Nadal de Unión Fenosa. Palacio da Ópera. A Coruña (29 de decembro).

-Acto de translación dos restos do Apóstolo Santiago. Catedral de Santiago (30 de decembro).

-Acto de peche da Porta Santa como clausura do Ano Santo 2010. Catedral de Santiago (31 de decembro).

4.4 REUNIÓN DE TRABALLO NACIONAIS E INTERNACIONAIS

- Xornada de presentación do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura

Benigno López González asistiu o 10 de maio, na sede do Senado en Madrid, á *Xornada de presentación do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura*, cuxas funcións ten encomendadas o Defensor del Pueblo de España. Nun acto inaugurado polo presidente do Senado e presidido polo entón defensor del pueblo, Enrique Múgica Herzog, interveu o vicepresidente do Subcomité para a Prevención da Tortura das Nacións Unidas, Mario Coriolano, quen disertou acerca dos *esforzos da comunidade internacional na loita contra a tortura: o papel do Subcomité*.

Tras o relatorio marco desenvolvéronse dúas mesas redondas, a primeira delas sobre o *concepto de supervisión preventiva e o papel dos axentes nacionais e internacionais*, na que se leu unha mensaxe do presidente da Organización Mundial contra a Tortura, e a segunda sobre as *experiencias comparadas e sistemas mundiais de mecanismos nacionais de prevención*.

No marco desta última, por parte dos representantes do Defensor del Pueblo pediu a colaboración de todos os valedores autonómicos para a posta en marcha de medidas para evitar actos de tortura e para a prevención dos mesmos.

-IV Foro Mundial de Dereitos Humanos

Entre o 28 de xuño e o 1 de xullo de 2010 celebrouse na cidade francesa de Nantes o *IV Foro Mundial de Dereitos Humanos*, co título *Fronte á crise, os dereitos humanos?* Á cita acudiron máis de 2500 representantes, actores e militantes dos dereitos humanos, provenientes de todos os recunchos do planeta. Durante catro días, someteuse a estudo a situación dos dereitos humanos fronte ao período actual de crise en busca de solucións consensuadas.

-Taller sobre boas prácticas dos valedores

O titular da institución participou do 13 ao 15 de setembro no XVI Seminario taller dos valedores do pobo no ámbito local e o III Encontro internacional de valedores locais e metropolitanos celebrados en Montevideo.

Convocado polo Programa Rexional de Apoio ás Valedores do Pobo en Iberoamérica, o alto comisionado galego puido asistir ás diferentes actividades encamiñadas a analizar o proceso de municipalización das políticas públicas en Iberoamérica desde unha perspectiva de dereitos humanos e compartir experiencias encamiñadas a mellorar as prácticas dos valedores arredor de tres aspectos: a participación cidadá, o acceso aos servizos públicos e a protección de dereitos sociais e o dereito á cidade, que inclúe urbanismo e medio ambiente.

O encontro pretendía abrir unha liña de traballo para reforzar estas institucións, en coordinación coa Federación Iberoamericana de Ombudsman, da que o Valedor do Pobo é membro de pleno dereito.

-XXV Xornadas de Coordinación de Valedores

Benigno López González desprazouse os días 27, 28 e 29 de setembro á Rioxa para tomar parte nas XXV Xornadas de Coordinación de Valedores do Pobo que nesta edición versaron sobre o impacto da crise económica no exercicio dos dereitos das persoas. O titular do Valedor galego actuou como relator no debate que sucedeu á lectura das conclusións do taller *Avaliación do impacto da crise na actividade dos valedores do pobo*, no que tamén participaron os representantes de Andalucía e Cataluña, moderados polo Justicia de Aragón, Fernando García Vicente.

O encontro, de carácter anual, permitiu unha vez máis aos representantes de todas os valedores, tanto autonómicas como do Defensor do Pueblo, compartir as súas experiencias na protección dos dereitos dos cidadáns.

Como en anteriores ocasións, as Xornadas coincidiron coa celebración dun foro cidadán que, neste caso, versou sobre os dereitos das persoas con especiais dificultades ante a crise económica. Nel deuse voz a representantes das entidades sociais destacadas polo seu labor en favor dos dereitos humanos.

A continuación, reproducense as conclusións alcanzadas no encontro anual de valedores:

O impacto da actual crise económica tivo o seu reflexo na actividade dos valedores do pobo a través de consultas, queixas e de actuacións de oficio nas que se notan os seus efectos no exercicio dos dereitos e das liberdades constitucionais das persoas.

Ante esta situación, os valedores e valedoras do pobo, nestas XXVª. Xornadas de Coordinación reflexionamos sobre o impacto da crise económica nos dereitos das persoas, e deducimos unha serie de conclusións que, se obtiveron como suma da experiencia e do día a día na protección e defensa dos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

O presente documento conta con tres partes:

I. Síntomas; trátase dunha sección en que as valedorías analizamos o perfil das persoas que acoden a nós así como as materias consultadas ou obxecto de queixas.

II. Diagnóstico da situación; que encerra unha aproximación á raíz dos principais problemas que se detectan nesta conxuntura económica.

III. Conclusións; que reflicten as propostas das valedorías aos poderes públicos ante a actual situación, para garantir os dereitos e liberdades fundamentais das persoas.

I. SÍNTOMAS

Este sección divídese á súa vez nas seguintes:

Perfil das persoas que acoden aos valedores.

A crise por materias consultadas ou obxecto de queixas.

A) Sobre o perfil das persoas que acoden aos valedores.

En termos xerais os valedores coincidimos en que non hai un perfil concreto de afectados especialmente pola crise, posto que as consecuencias da presente situación económica son tan variadas que, con maior ou menor intensidade, abranguen colectivos diversos. A deterioración psicolóxica sería o común denominador de todos.

Malia que, sistematicamente, poderíamos englobar as persoas que afectadas pola crise acoden ás nosas institucións nos seguintes perfís: persoas desempregadas, traballadores autónomos e titulares de pequenas empresas, mulleres de mediana idade en paro e sen formación, usuarios de servizos sociais, persoas e colectivos en situacións de emerxencia, poboación inmigrante, maiores e pensionistas e recentemente, as persoas empregadas no sector público ante a aplicación do Real decreto lei 8/2010.

B) A crise por materias consultadas ou obxecto de queixas.

A crise económica notouse tamén nas materias tratadas nos valedores. Por áreas temáticas podemos relacionalas da seguinte forma, citando en cada unha delas as máis significativas:

Benestar social: denegación e atraso na percepción de axudas económicas e asistenciais, insuficiencia orzamentaria para atender o incremento da demanda, recortes no financiamento público das entidades sociais e asistenciais de carácter privado, prestacións de renda mínima de inserción e prestacións económicas de urxencia social, entre outras.

Vivenda: necesidades de axudas ao alugamento, insuficiencia de VPO en réxime de renda, persoas adxudicatarias de VPO ás que finalmente non se lles concede o préstamo e se ven obrigadas a renunciar coa conseguinte penalización, atrasos no cobro da renda básica de emancipación, situacións extremas e desesperadas ante desafiuzamentos e embargos, conflitos cos bancos e caixas, etc.

Traballo: quebra de empresas, a maioría relacionadas directa ou indirectamente co sector da construción (impago de salarios e horas extras, mostrando a súa desconformidade co despido laboral), procedemento de aprobación dos ERE, falta de axudas públicas para as persoas traballadoras en réxime de autónomos “en paro” e persoas desempregadas de colectivos especialmente desfavorecidos (por razón de idade, formación, etc.), dificultades económicas de pequenas empresas e persoal autónomo (impagos á Seguridade Social e á AEAT), filas de espera nas oficinas dos servizos públicos de emprego, falta de coordinación entre o Servizo Público Estatal de Emprego e os Autonómicos, deficiencias na información facilitada sobre as prestacións, cursos de formación, axudas de autoemprego, entre outras.

Seguridade Social: discrepancia co escaso incremento da pensión recoñecida, desconformidade coa denegación do subsidio por desemprego, cómputo de períodos de cotización, atrasos na devolución de ingresos indebidos e reclamacións de prestacións indebidas por parte do INSS, entre outras.

Administracións Públicas: paralización ou redución da oferta pública de emprego e incremento do número de persoas opositoras, recortes orzamentarios e deficiente xestión dos plans de formación e emprego, morosidade das administracións públicas nos pagos ás empresas contratadas o cal dificulta a supervivencia de moitos profesionais, como os autónomos e as pequenas empresas (entre outras).

Xustiza: atrasos na tramitación dos procesos xudiciais relacionados directa ou indirectamente coa crise (reclamacións de cantidade, desafiuzamentos, xuízos concursais, etc.).

II. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN

Unha das principais consecuencias da crise económica foi o incremento do desemprego derivado do peche das empresas e da paralización da actividade económica. O desemprego figura como o primeiro problema da poboación española, ante unha taxa que supera o 20% da poboación activa. Esta situación provocou que moitas persoas se vexan na imposibilidade de facer fronte ás débedas contraídas coas entidades financeiras, agravándose, en particular, en relación cos créditos hipotecarios subscritos para a adquisición da súa vivenda. O desemprego incide no descenso do consumo, o que á súa vez afecta á actividade económica obrigando a cerrar un gran número de empresas, o que acaba xerando un círculo vicioso.

O aumento do desemprego e a destrución de postos de traballo implican tamén un incremento do número de persoas que requiren a intervención pública, co conseguinte aumento do gasto público.

O déficit público comporta o risco de recortes nas partidas orzamentarias destinadas ás políticas públicas que caracterizan o modelo do estado do benestar social: sanidade pública, educación, rendas básicas de asuntos sociais, prestacións de desemprego, pensións de xubilación e viuvez, e recursos destinados tanto á investigación e á tecnoloxía, como ao investimento público e o fomento do investimento privado (programas de I+D+i).

A isto únese o sempre presente risco de descoordinación entre distintas administracións públicas, o que, ademais de redundar prexudicialmente na xestión dos servizos prestados, implica un incremento do gasto público. As persoas teñen dereito a unha boa xestión dos seus impostos e a que o gasto público redunde nunha mellora dos servizos recibidos.

De acordo con todo o exposto, as institucións dos valedores, como garantes dos dereitos e liberdades constitucionais das persoas, cremos oportuno abordar a cuestión desde unha aproximación realista que non lle vire as costas ao contexto no que nos encontramos, conscientes da tensión entre o aumento das demandas sociais e a limitación dos recursos públicos para atendelas. Desta maneira pretendemos dar a nosa visión sobre a actuación que os poderes públicos aos que supervisamos, han de emprender para tratar o problema en busca de solucións.

III. CONCLUSIÓN

Ante esta situación económica e social, os valedores do pobo podemos deducir as seguintes conclusións:

1. A nosa razón de ser como valedores do pobo comporta a convicción de que só desde unha decidida razón reguladora do mercado financeiro por parte dos poderes públicos, así como da súa supervisión, ha de ser o motor central para evitar situacións críticas como as actualmente padecidas, e tal normativa debe ser dirixida cara á garantía dos dereitos das persoas e a promoción dos principios do estado social.

2. A crise económica non pode traducirse nunha mingua nos dereitos do estado social. Os poderes públicos deben garantir o impulso da sanidade, a educación, protección ao desemprego e os servizos sociais, especialmente en favor das persoas que padecen un maior risco de esquecemento ou exclusión social.

As dotacións de partidas orzamentarias deben ser suficientes para os distintos programas sociais vinculados cos dereitos, é fundamental priorizar distinguindo as prestacións esenciais das accesorias.

3. A educación como instrumento excepcional para a igualdade de oportunidades e a equidade, require unha atención específica dos nosos gobernantes

e unha supervisión moi activa dos valedores para evitar a perda e/ou desvalorización das prestacións educativas.

4. As distintas administracións e os seus órganos deben actuar de maneira coordinada e deben xerar confianza. Sería conveniente abrir un debate sobre o modelo de sector público, co obxectivo de tender cara a unha administración moderna, transparente, eficaz e que mellore os servizos que presta ás persoas.

A transparencia e claridade administrativa exigen que en materia de axudas, dada a diversidade dos entes que as convocan, se implante un mecanismo centralizado de información de todas as convocatorias de axudas existentes, para persoas, familias e empresas e que a concesión destas sexa fácil tanto na súa tramitación como na súa consecución.

5. Os poderes públicos deben garantir a protección das necesidades mínimas das persoas desempregadas, así como establecer programas de formación que permitan a súa rápida reinserción laboral.

As autoridades laborais deben someter a controis rigorosos a aprobación dos ERE para evitar que se convertan nun instrumento de execución de despedimentos improcedentes.

6. A necesidade de ingresos públicos non poden prexudicar os principios de xustiza e progresividade do sistema tributario debendo reforzar a loita contra a fraude fiscal.

7. Debe reforzarse a efectividade e extensión do dereito á vivenda, con atención específica a colectivos con especial necesidade, e garantindo que o solo cumpra a súa verdadeira función social tutelada constitucionalmente.

Nos procesos de adxudicación das vivendas protexidas debe garantirse a publicidade, concorrência e transparencia, establecendo un baremo baseado en criterios obxectivos e en cotas de colectivos preferentes. Así mesmo, debe reforzarse

a inspección da administración para garantir o cumprimento das obrigacións que corresponden aos adquirentes ou arrendatarios de vivendas protexidas e sancionar as condutas infractoras.

8. Debe procurarse un crecemento racional dos núcleos urbanos, evitando procesos de segregación parcial vinculados á marxinalidade, e debe favorecerse a utilización das vivendas xa construídas. Neste sentido, os plans urbanísticos e de vivenda deberían priorizar a reutilización do parque de vivendas existente, favorecendo a reforma interior, a conversión de vivendas libres non absorbidas polo mercado, en vivendas protexidas, e moi especialmente, o alugamento de vivenda.

9. Debe manterse o acceso das persoas inmigrantes aos dereitos sociais e a todos os servizos públicos universais evitando todo posible brote de xenofobia ou racismo.

10. O recorte do gasto público non debe supoñer unha mingua substancial para o apoio daquelas asociacións e entidades privadas sen ánimo de lucro en épocas de crise, que desenvolvan actividades de interese social en favor dos colectivos máis necesitados.

11. Dado que a administración local é a máis próxima ás persoas que demandan diariamente dos seus servizos públicos, urxe adoptar un novo sistema de financiamento municipal que permita ás entidades locais garantir a súa actividade con cargo aos seus orzamentos, fuxindo dun financiamento finalista.

REFLEXION FINAL DE PECHE DE DOCUMENTO: os valedores e as valedoras aquí presentes comprometémonos a asumir e promover a difusión dos principios e obxectivos da Declaración de 2010 como Ano Europeo da Loita Contra a Pobreza e a Exclusión Social como vía de defensa e garantía dos dereitos sociais.

-Conferencia Europea e Asemblea Xeral do Instituto Internacional do Ombudsman (IOI)

O valedor galego tomou parte no mes de outubro en Barcelona na conferencia e asemblea anuais que cada ano celebra nunha cidade diferente o Instituto Internacional do Ombudsman. Nesta ocasión, os titulares das institucións (valedores de toda Europa, estatais, rexionais e locais) reuníronse verbo do lema *Europa, sociedade aberta?* para reflexionar acerca dos dereitos propios dos inmigrantes.

Entre os invitados que acudiron á convocatoria destacaron o comisario dos dereitos humanos do Consello de Europa, Thomas Hammarberg; o valedor do pobo da Unión Europea, Nikiforos Diamandouros, e o presidente do IOI e ombudsman sueco, Mats Melin.

A sesión de apertura correu a cargo de Michael Villan, presidente da Comisión de Migracións do Consello de Europa, e serviu como argumento de partida para que os asistentes participasen nos catro talleres sobre os dereitos dos inmigrantes desde a perspectiva da súa participación política, a infancia, a exclusión social e a crise, e a integración ou asimilación.

O programa brindou, así mesmo, aos valedores a oportunidade de debater acerca da aplicación do Tratado de Nacións Unidas sobre a Prevención da Tortura e outros Tratos ou Penas Cruéis, Inhumanos ou Degradantes, un asunto para o que se contou coa presenza como relatores, de Malcolm David Evans (Subcomité para a Prevención da Tortura, de Nacións Unidas), Mauro Palma (Comité para a Prevención da Tortura, do Consello de Europa) e Bárbara Berneth (Asociación para a Prevención da Tortura).

Como conclusión, os valedores de toda Europa reafirmáronse na validez dos argumentos legais que recolle a Declaración Universal dos Dereitos Humanos para facer fronte ao debilitamento da cultura de valores democráticos na sociedade que observaron en diferentes países.

-Asemblea anual da ENOC

O vicevaledor do pobo especializado en materia de menores, José Julio Fernández acudiu en Estrasburgo ao XIV Encontro Anual da ENOC, a *European Network of Ombudspersons for Children* (Rede Europea de Valedores de Menores) da que a institución do Valedor do Pobo é membro de pleno dereito.

O encontro tivo lugar no European Youth Centre do Consello de Europa, na cidade francesa, e adoptou como lema: *Listening to children and involving them in the promotion and implementation of their rights* (*Escoitando os nenos e involucrándoos na promoción e implementación dos seus dereitos*).

Unha das novidades desta convocatoria radicou en abrir a participación nos grupos de asesoramento a mozos de 15 países membros da ENOC, favorecendo a súa colaboración e interactividade cos valedores. Estes, pola súa parte, asistiron a sesións específicas nas que se trataron asuntos relacionados cos máis novos tales como a violencia, educación, saúde, privacidade e os riscos derivados do uso das novas tecnoloxías.

Segundo a organización, a conferencia permitiu brindar "unha oportunidade única aos mozos para desenvolver os seus puntos de vista, análises e propostas vinculadas aos dereitos dos menores" e favoreceu, como cada ano, o intercambio de boas prácticas e estratexias entre os valedores e as diferentes institucións implicadas na protección aos menores, tales como o Consello de Europa, o Parlamento Europeo o Comité de Nacións Unidas para os Dereitos do Neno, a Axencia de Dereitos Fundamentais da Unión Europea ou Unicef, entre outras.

-Congreso e Asemblea Anual da Federación Iberoamericana de Ombudsman

Cartaxena de Indias, en Colombia, foi a cidade elixida nesta ocasión para acoller o XV Congreso e Asemblea Anual da Federación Iberoamericana de Ombudsman (FIO) celebrada a última semana de setembro e na que tomou parte o Valedor do Pobo.

O encontro deste ano tivo como sede o centro de Formación da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, e permitiu poñer sobre a mesa de debate cuestións como a seguridade cidadá e os dereitos humanos. Os valedores participantes expuxeron as medidas que ao seu xuízo poden garantir a protección e seguridade dos migrantes, das persoas vítimas da violencia, os individuos en condición de refuxio e os do delito transnacional de trata de persoas.

A inauguración contou coa presenza de Judith Pinedo, alcaldesa de Cartaxena de Indias, Beatriz Merino, presidenta da FIO, Serge Malé, director adxunto da Oficina do ACNUR para as Américas e Marcelo Pisani, xefe de misión da Organización Internacional para as Migracións en Colombia.

Ademais da representación do Valedor do Pobo, o Congreso contou coa presenza de valedores titulares dos países membros da Federación Iberoamericana, entre os que se encontran o Defensor del Pueblo español, valedores autonómicos e de países iberoamericanos. Así mesmo participaron no encontro o equipo directivo da *Valedoría del Pueblo* de Colombia, axencias do Sistema de Nacións Unidas como a Organización Internacional para a Migración-OIM e a Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados-ACNUR- ; axencias de cooperación internacional, etc.

No marco do XV Congreso e Asemblea Anual da Federación Iberoamericana do Ombudsman (FIO), a Rede de Valedorías da Muller, da que forma parte a institución do Valedor do Pobo, emitiu unha declaración sobre as cidades seguras para as mulleres, que se reproduce a continuación:

No marco do XV Congreso e Asemblea Anual da Federación Iberoamericana do Ombudsman, FIO, realizado en Cartaxena de Indias, Colombia, os días 26 ao 28 de Outubro do 2010, a Rede de Valedorías de Mulleres da FIO,

CONSIDERANDO:

I. Que a violencia contra as mulleres nas súas diversas manifestacións atenta contra os dereitos humanos, en especial o dereito á vida e á integridade física, psicolóxica, social e moral. A violencia contra as mulleres é un fenómeno naturalizado e difícil de recoñecer social e xuridicamente como delito na maioría dos países de Iberoamérica. De feito, o espazo público é un ámbito de inseguridade para as mulleres,

II. Que a pesar da realidade en todos os países de Iberoamérica, coexiste unha cultura de tolerancia con ese delito, mentres que os avances lexislativos e de coordinación interinstitucional para protexer os dereitos das mulleres se demostran insuficientes sobre todo en América Latina,

III. Que é imprescindible crear un espazo de debate que promova a xeración de propostas, desafíos e unha axenda de acción na rexión sobre como traballar a transversalización do enfoque de xénero en materia de seguridade, contemplando as necesidades específicas das mulleres para vivir e convivir en cidades seguras,

IV. Que, así mesmo, en todos os países de Iberoamérica, os gobernos da rexión deben mellorar os rexistros de incidencia e respostas institucionais á violencia de xénero; dando maior visibilidade ao tema, reducir a impunidade ante o fenómeno, contribuír a erradicar a violencia coas mulleres na rexión e implementar políticas públicas acordes á problemática,

V. Que é indispensable adoptar outro enfoque e decidir cambios estruturais na aplicación de políticas de ordenamento urbano, que contemplen os intereses e necesidades específicas das mulleres, para facer fronte ás dificultades descritas. As solucións exixen inevitablemente a participación activa das mulleres, por lexitimidade democrática e por ser un axente esencial de renovación da dinámica social,

VI. Que as institucións de defensa e exhibibilidade dos dereitos humanos, temos o mandato ético e constitucional, en respecto dos tratados internacionais, especialmente a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a Convención Internacional sobre a Eliminación de Todas as Formas de Discriminación en Contra da Muller, a Convención Interamericana para Previr, Sancionar e Erradicar a Violencia contra a Muller (Convención de Belem do Pará) de protexer e promover interna e externamente os dereitos humanos de quen require especial protección, como son as mulleres, suxeitas claves desta declaración.

A RED DE VALEDORÍAS DE MULLERES ACORDA:

1º. Promover, a creación de observatorios de violencia de xénero (no ámbito público e privado) nos países, provincias ou estados en onde non haxa e fortalecer os existentes, a fin de velar pola garantía e respecto dos dereitos humanos das mulleres,

2º. Incidir para a maior participación das mulleres en todos os niveis de decisión relacionados coa seguridade nas cidades, tales como o ordenamento territorial, o espazo urbano, a vivenda, o transporte e o medio ambiente, a fin de crear plans, programas e proxectos en prol da loita contra a violencia coas mulleres.

3º. Recomendar aos municipios ou gobernos locais, tomando en conta a súa xurisdición e proximidade coa cidadanía, facer un seguimento e mantemento permanente dos espazos públicos con sinalización clara e iluminación suficiente, de tal maneira de que sexan espazos seguros e amigables para toda a poboación, en particular para as mulleres na súa diversidade.

4º. Impulsar investigacións relativas a esa problemática, a fin de que os seus resultados acheguen criterios para orientar os procesos de xudicialización e de soporte emocional e psico-social, así como os procesos de reparación integral;

5°. Fomentar unha maior sensibilización sobre a violencia e as súas consecuencias entre as e os operadores do sistema de xustiza, especialmente no órgano xurisdiccional, o persoal de medicina legal e o persoal médico que atende as vítimas da mesma; ademais dun amplo coñecemento dos recursos dispoñibles para as mulleres vítimas de agresións.

6°. Solicitar ao Congreso da Federación Iberoamericana do Ombudsman facer súa esta Declaración da Rede de Valedoras das Mulleres e incorporala á Declaración Final do XV Congreso da FIO, para que teña o peso político que se require e poidamos executala en cada un dos nosos países.

Asinada na cidade de Cartaxena de Indias, Colombia, polas integrantes da Rede de Valedorías de Mulleres da FIO, reunidas no marco do XV Congreso e Asemblea Anual da Federación Iberoamericana do Ombudsman, aos vinte e seis días do mes de outubro do ano dous mil dez.

-Seminario de valedores rexionais europeos

A localidade austríaca de Innsbruck acolleu os días 8 e 9 de novembro o *VII Seminario Rexional da Rede Europea de Valedores do Pueblo*, convocado polo valedor do pobo europeo, Nikiforos Diamandouros e organizado polo valedor do Tirol, Josef Hauser.

Na axenda dos asistentes incluíronse asuntos relacionados co papel dos valedores rexionais e problemas medioambientais. Así, durante a primeira xornada e, tras a inauguración na que estiveron presentes o valedor europeo e as máximas autoridades do Tirol, abriuse o debate co relatorio *O papel dos valedores do pobo rexionais* a cargo de Anna Gamper, catedrática de Dereito Público da Universidade de Innsbruck. Sucedéronlle dúas sesións de traballo convocadas baixo os lemas *Compartindo coñecementos de dereito europeo* e *a Rede europea de valedores do pobo*, nas que tomaron parte representantes de diferentes valedorías.

Os asistentes, entre os que se encontraba o valedor do pobo, Benigno López González, puideron participar, así mesmo, nos talleres sobre cuestións ambientais convocados durante a segunda sesión e que trataron *os últimos avances en dereito ambiental europeo* e os *Problemas medioambientais e o papel dos valedores do pobo rexionais*.

4.5 RELACIÓN CON OUTROS COMISIONADOS AUTONÓMICOS

-Rafael Ribó, reelixido Síndic de Greuges de Cataluña

O Valedor do Pobo participou o 1 de marzo no Parlamento Catalán no acto de toma de posesión de Rafael Ribó como Síndic de Greuges de Cataluña, posto para o que resultara reelixido o 10 de febreiro por 117 votos a favor, superando a maioría de tres quintas partes necesarias para a súa designación.

Xunto ao Valedor do Pobo desprazáronse á localidade catalana altos comisionados do resto das comunidades autónomas, para brindar apoio a Ribó, que ocupaba o posto de Síndic desde o 1 de xullo de 2004 e exercía o cargo en funcións desde o 2 de xullo. A toma de posesión ademais foi a primeira que se celebrou en Cataluña desde que se reformara a lei dos seu valedor, que dota a institución de maiores competencias, a adapta ás previsións do Estatut e prolonga a nove anos os mandatos dos titulares.

-Talleres de valedores do pobo en Zaragoza e Murcia

Unha representación do Valedor do Pobo asistiu en Zaragoza no mes de maio, xunto a membros de todas as valedorías autonómicas e do Defensor del Pueblo, a un dos talleres preparatorios das xornadas de coordinación de valedores celebradas na Rioxa.

Os participantes puxeron en común a súa experiencia en relación coa situación de crise económica dentro do taller titulado *O impacto da crise no traballo das valedorías*.

Encontro anterior

O taller sumouse ao celebrado os días 26 e 27 de maio en Murcia co título: *O impacto da crise económica no sector da vivenda e a súa repercusión sobre as familias e as persoas*, que tamén contou coa presenza de persoal da institución galega.

4.6 COMUNICACIÓNS E CONFERENCIAS

A institución emitiu unha declaración institucional para recordar a conmemoración, o pasado 25 de novembro, do Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra as Mulleres. A continuación reproducécese o seu contido de maneira íntegra:

“A Organización de Nacións Unidas ten institucionalizado cada 25 de novembro como Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, entendendo por esta, todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino, ou que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual, psicolóxico para a muller; así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se produce na vida pública como na vida persoal. Nesta xornada, o Valedor do Pobo, na súa encomenda de salvagardar os dereitos das persoas mediante a supervisión das políticas públicas das administracións, quere denunciar abertamente toda forma de comportamento violento que xermine nunha cuestión de xénero.

Nun día como hoxe, pero tamén durante o resto do ano, as nosas institucións teñen o deber moral de contribuír a facer visible unha das grandes lacras que asolan as sociedades desenvolvidas. É a nosa tarefa defender a muller como colectivo vulnerable e facer visibles os males que a asolan, xulgalos e condenalos para que non se repitan. Tamén temos que acompañala no seu camiño cara unha nova vida, brindarlle os instrumentos precisos, protexela e acollela para que eses feitos poidan ir cicatrizando.

Como Valedor do Pobo, no ámbito das funcións que teño encomendadas, brindo unha man, no día de hoxe, e nos que quedan por vir, a todas as mulleres, a todas as nenas, ás persoas, que son vítimas dalgún tipo de agresión; e comprométome, coas ferramentas que teño á miña disposición, a facer pedagogía de dereitos con estes

colectivos xa que, só a través do coñecemento, da concienciación social e da información comezaremos a albiscar unha luz ao final do túnel.”

O valedor do pobo, Benigno López González, participou como relator o 20 de outubro no Congreso *E-administración: administración electrónica e cidadáns* organizado en Toledo polo Defensor del Pueblo de Castela- A Mancha en colaboración coa Escola de Administración Rexional da Xunta das Comunidades de Castela- A Mancha. Nunha mesa de debate moderada polo seu homónimo manchego, José Manuel Martínez Cenzano, Benigno López realizou unha breve exposición da súa experiencia coa administración electrónica.

Entre outras reflexións, o titular do Valedor destacou a necesidade de manter a igualdade entre os que se relacionen coa administración por medios electrónicos e os que o fagan por outros medios para evitar o efecto negativo colateral sobre os que están afastados das novas tecnoloxías. Neste sentido tamén incidiu na necesidade de traballar con maior intensidade na busca dun adecuado equilibrio entre o dereito de acceso á información administrativa e o dereito de protección de datos persoais.

Así mesmo destacou que os valedores están chamados a xogar un papel de protagonista, tanto na resolución das concretas queixas que versen sobre este tipo de cuestións como no labor pedagóxico sobre estes novos dereitos. “Este labor antóllasenos extremadamente útil pola nosa especial capacidade de penetración na cidadanía e nos poderes públicos”, manifestou Benigno López e engadiu que “a fascinación tecnolóxica non debe ocultar o substrato axiolóxico dos sistemas democráticos, que beben dos dereitos fundamentais. O mundo dixital non salvará a democracia (porque a tecnoloxía é un medio, non un fin en si mesmo), pero poderá ser un dos alicerces nos que apoiarse ao revitalizala”.

CAPÍTULO 5
APÉNDICE ESTATÍSTICO

5.1 INTRODUCCIÓN

Neste capítulo ofrecemos unha visión global e esquematizada das queixas e documentos tramitados durante o ano 2010, reflectidos en gráficos e cadros acompañados dun breve comentario.

Recordamos ao mesmo tempo que as queixas incluídas no presente informe foron obxecto de comentario, e nalgún caso, de exposición pormenorizada no capítulo 1, na área correspondente.

5.2 ENTRADAS E SAÍDAS DE DOCUMENTOS


As entradas de documentos que se recibiron na institución durante o ano 2010 foron en total 6207, o que dá unha media mensual de 517 entradas. Neste mesmo ano, a institución emitiu un total de 12 186 documentos, o que supón unha media de 1015 saídas.

ENTRADAS E SAÍDAS DE ESCRITOS POR MESES ANO 2010

Mes	Entradas de escritos	Saídas de escritos
Xaneiro	431	1044
Febreiro	629	1120
Marzo	907	1337
Abril	484	1396
Maio	527	1022
Xuño	473	907
Xullo	446	692
Agosto	320	534
Setembro	476	952
Outubro	476	1002
Novembro	572	1221
Decembro	517	1015
Total	6207	12186

Media mensual de entradas: 517
Media mensual de saídas: 1015

ENTRADAS E SAÍDAS DE ESCRITOS POR MESES



5.3 EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2010

O número de expedientes iniciados polo Valedor do Pobo de oficio ou a proposta dos cidadáns durante o ano 2010 ascendeu a 2698, o que supón un fito na historia da institución, ao se tratar da cifra máis elevada desde que o Valedor do Pobo iniciase a súa actividade no ano 1990; e confirma a tendencia alcista rexistrada nos últimos 5 anos. Neste tempo, duplicáronse en número os expedientes e mantívose un incremento notable cada ano, respecto de 2009, de 64 iniciativas.

Rexistrouse unha media mensual de 225 expedientes, cun máximo de 552 no mes de marzo e un mínimo de 134 en agosto.


Aos expedientes citados, deben engadirse un número importante de actuacións de consulta presencial ou telefónica, que non cuantificamos nestas páxinas.

ENTRADA DE EXPEDIENTES ANO 2010

Mes	Entrada de expedientes
Xaneiro	181
Febreiro	275
Marzo	552
Abril	168
Maio	186
Xuño	144
Xullo	160
Agosto	134
Setembro	278
Outubro	201
Novembro	208
Decembro	211
Total	2698

Media mensual de expedientes: 225

ENTRADA MENSUAL DE EXPEDIENTES




Total: 2698

5.3.1 COMPARACIÓN CON EJERCICIOS ANTERIORES

ENTRADA DE EXPEDIENTES POR AÑOS

Ano	Total
1990 (6 meses)	372
1991	781
1992	733
1993	805
1994	1301
1995	1056
1996	1615
1997	1397
1998	1900
1999	1581
2000	1188
2001	2656
2002	1635
2003	1307
2004	1400
2005	1309
2006	1805
2007	2280
2008	2558
2009	2634
2010	2698
Total	33011

ENTRADA DE EXPEDIENTES POR ANOS




5.3.2 DISTRIBUCIÓN DE EXPEDIENTES POLA SÚA NATUREZA

O número de expedientes iniciados na institución durante o ano 2010 foi de 2698, que, nesta anualidade, por primeira vez, se distribuíron en función da súa natureza. Ata este ano, todos os expedientes se tramitaban de maneira uniforme como “queixa”, algo que no exercicio sometido a repaso se modificou en atención a economizar os procedementos e darlles unha maior coherencia. No momento de entrada de documentos no rexistro da institución, en función da súa natureza e contido os expedientes clasifícanse en queixas, consultas e asuntos diversos. Teñen a condición de queixa aqueles escritos que de acordo co art. 18.1 da Lei do Valedor do Pobo, se formulan por escrito no cal consta a identificación do que subscribe e o feito que a motiva. As consultas poden ser realizadas tanto por escrito como oralmente con comparecencia do cidadán. Tramítanse como asuntos diversos aqueles expedientes que non poden ser identificados como queixas por non reunir os requisitos antes citados. Tras o primeiro estudo das consultas e dos expedientes diversos, e á vista do seu contido, estes poderán ser reclasificados coa categoría de queixas.

Quedando do seguinte modo a repartición estatística en función da súa natureza:

* Queixas	2396 (89 %)
* Asuntos diversos	279 (10 %)
* Consultas	23 (1 %)
TOTAL	2698



5.3.3 QUEIXAS: DISTRIBUCIÓN SEGUNDO AS ÁREAS DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA ÁS QUE SE REFIREN

Distribuímos no seguinte cadro as queixas iniciadas no ano 2010 segundo as áreas administrativas ás que se refiren. Como se pode comprobar, as áreas que concentraron un maior número de queixas foron a de educación, con 343 queixas (14,32%), seguida polas de sanidade, con 300 queixas (12,32 %) e emprego público e interior, con 229 queixas (9,56 %)

ÁREAS	NÚMERO	PORCENTAXE
Emprego público e interior	229	9,56
Urbanismo e vivenda	146	6,09
Medio ambiente	178	7,43
Educación	343	14,32
Industria, comercio e turismo	160	6,68
Agricultura, gandería e pesca	40	1,67
Servizos sociais	210	8,76
Emigración e traballo	62	2,59
Sanidade	300	12,52
Xustiza	116	4,84
Administración económica e transportes	74	3,09
Obras públicas e expropiacións	104	4,34
Corporacións locais, servizos municipais e protección civil	219	9,14
Menores	61	2,55
Cultura e política lingüística	141	5,88
Sociedade da información	13	0,54
Total	2396	100

Non obstante, o anterior reconto inclúe as queixas presentadas “en serie”, promovidas por unha pluralidade de persoas, pero cun mesmo contido. Se nos fixamos só nas queixas presentadas sobre asuntos diferentes, considerando as “en serie” ou iguais só como unha, entón as áreas con máis queixas son emprego público e interior, con 229 (11,94 %), servizos sociais, con 210 (10,95 %) e sanidade, con 181 (9,44 %). As queixas

individuais (contabilizando as colectivas só como unha), distribúense por áreas da forma que expoñemos no seguinte cadro.

ÁREAS	NÚMERO	PORCENTAXE
Emprego público e interior	229	11,94
Urbanismo e vivenda	146	7,61
Medio ambiente	162	8,45
Educación	130	6,78
Industria, comercio e turismo	143	7,46
Agricultura, gandería e pesca	40	2,09
Servizos sociais	210	10,95
Emigración e traballo	62	3,23
Sanidade	181	9,44
Xustiza	116	6,05
Administración económica e transportes	74	3,86
Obras públicas e expropiacións	44	2,29
Corporacións locais, servizos municipais e protección civil	166	8,65
Menores	61	3,18
Cultura e política lingüística	141	7,35
Sociedade da información	13	0,68
Total	1918	100


De entre as queixas colectivas ou en serie destacan polo seu número as seguintes:

- Q/705/10 e outras: pola obrigatoriedade de cursar o novo máster universitario en formación do profesorado de ESO e bacharelato (171 queixas).
- Q/217/10 e outras: pola situación da atención sanitaria no Courel (91 queixas).
- Q/317/10 e outras: trazado do AVE A Coruña-Betanzos (61 queixas).
- Q/1763/10 e outras: por determinados proxectos do Concello de Vigo en relación cos gatos (55 queixas).

5.3.4 ALGÚNS DATOS SOCIOLÓXICOS REFLECTIDOS NAS QUEIXAS

No primeiro termo damos conta das queixas individuais, as colectivas ou “en serie” (as presentadas por diferentes persoas, pero todas elas cun mesmo contido), e as de oficio (promovidas pola propia iniciativa da institución).

* Individuais	1845 (79 %)
* Colectivas	9 (479) (20 %)
* De oficio	21 (1 %)
TOTAL (contabilizando as “en serie”só como unha).....	1875



Nos seguintes cadros ofrecemos algúns datos sociolóxicos reflectidos nas queixas: as presentadas por unha soa persoa ou asinadas por máis dunha; en idioma galego, castelán ou outros; xénero dos reclamantes (masculino ou feminino); se proceden do medio urbano ou do rural; se viven en Galicia ou nalgunha outra comunidade autónoma; modo de presentación (correo, internet...). Loxicamente, estes datos exclúen as queixas de oficio (21).

TOTAL DE QUEIXAS PRESENTADAS EN 2010: 2396


DATOS SOCIOLÓXICOS:

(referidos a 2375, dado que 21 queixas son de oficio)

XÉNERO DOS RECLAMANTES: (*)


Homes	1245
Mulleres	1100

(*) Excluídas as 30 queixas de máis dun reclamante




IDIOMA:

Galego	1263
Castelán	1112




HÁBITAT DO RECLAMANTE:

Medio urbano	2051
Medio rural	324




PROCEDENCIA TERRITORIAL:

Residencia na Comunidade Autónoma	2189
Residencia fóra da Comunidade Autónoma	186




CARÁCTER:

Un reclamante	2345
De máis dun reclamante	30



MODO DE PRESENTACION DAS QUEIXAS:

Correo postal	1243
Páxina web do Valedor do Pobo	921
Correo electrónico	211



5.3.5 ENTRADA DE QUEIXAS POR MESES


O número de queixas iniciadas na institución durante o ano 2010 foi de 2396 entre as recibidas dos cidadáns e as abertas de oficio, o que dá como resultado unha media mensual de 199 queixas, cun máximo de 460 no mes de marzo e un mínimo de 97 no de agosto.

ENTRADA DE QUEIXAS ANO 2010

Mes	Entrada de queixas
Xaneiro	181
Febreiro	275
Marzo	460
Abril	143
Maio	168
Xuño	139
Xullo	116
Agosto	97
Setembro	258
Outubro	185
Novembro	181
Decembro	193
Total	2396

Media mensual de queixas: 199

ENTRADA MENSUAL DE QUEIXAS



Total: 2396

5.4 DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR RAZÓN DAS PROVINCIAS E MUNICIPIOS DE PROCEDENCIA

Nos cadros que seguen presentamos as queixas por razón das provincias e municipios dos que proceden. En canto ás provincias, ofrecemos tamén a porcentaxe representada por cada unha delas no conxunto da Comunidade Autónoma, así como o número de queixas por cada dez mil habitantes. No tocante aos municipios, limitámonos a ofrecer o número de queixas procedentes de cada un deles. Aqueles dos que non recibimos ningunha queixa aparecen coa cuadrícula en branco.


5.4.1 POR PROVINCIAS

Como se pode observar no seguinte cadro, o maior número de queixas procede da provincia da Coruña, e o menor provén da provincia de Lugo. Tamén A Coruña é a provincia que promove maior número de queixas por cada 10 000 habitantes.

Provincia	Núm. de queixas presentadas	Porcentaxe sobre a Comunidade Autónoma	Queixas por cada 10 000 habitantes
A Coruña	1120	51,16 %	9,76
Lugo	217	9,91 %	6,13
Ourense	249	11,38 %	7,42
Pontevedra	603	27,55 %	6,26
Total CA	2189		
Fóra da CA	186		
TOTAL	2375 (*)		

(*) Exclúense as 21 queixas de oficio

DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR PROVINCIAS



5.4.2 POR CONCELLOS

Como podemos observar, a cidade desde onde se presentaron máis queixas foi Santiago de Compostela (240), seguida da Coruña (201) e Vigo (193). Tamén no ámbito dos municipios intermedios destacan as moitas queixas presentadas en Betanzos (79), Ribeira (46) e Barbadás (46).

A CORUÑA

Concello	Núm. Queixas
Abegondo	8
Ames	30
Aranga	
Ares	7
Arteixo	18
Arzúa	4
Baña, A	20
Bergondo	8
Betanzos	79
Boimorto	
Boiro	20
Boqueixón	1
Brión	11
Cabana de Bergantiños	1
Cabanas	5
Camariñas	3
Cambre	24
Capela, A	2
Carballo	11
Cariño	2
Carnota	

Concello	Núm. Queixas
Carral	4
Cedeira	3
Cee	5
Cerceda	
Cerdido	1
Cesuras	1
Coirós	2
Corcubión	4
Coristanco	4
Coruña, A	201
Culleredo	16
Curtis	9
Dodro	2
Dumbría	2
Fene	36
Ferrol	65
Fisterra	2
Frades	3
Irixoa, A	
Laracha	7
Laxe	

Concello	Núm. Queixas
Lousame	2
Malpica de Bergantiños	2
Mañón	1
Mazaricos	2
Melide	8
Mesía	2
Miño	
Moeche	3
Monfero	1
Mugardos	4
Muros	6
Muxía	3
Narón	22
Neda	3
Negreira	3
Noia	5
Oleiros	22
Ordes	8
Oroso	3
Ortigueira	1
Outes	6
Oza dos Ríos	
Paderne	4
Padrón	14
Pino, O	1
Pobra do Caramiñal , A	6
Ponteceso	3
Pontedeume	6
Pontes de García Rodríguez, As	6
Porto do Son	6
Rianxo	11
Ribeira	46

Concello	Núm. Queixas
Rois	2
Sada	8
San Sadurniño	1
Santa Comba	2
Santiago de Compostela	240
Santiso	1
Sobrado	
Somozas, As	
Teo	16
Toques	2
Tordoia	2
Touro	
Trazo	3
Val do Dubra	
Valdoviño	7
Vedra	2
Vilarmador	
Vilasantar	
Vimianzo	3
Zas	1
TOTAL A CORUÑA	1120

LUGO

Concello	Núm. Queixas
Abadín	
Alfoz	1
Antas de Ulla	3
Baleira	
Baralla	1
Barreiros	1
Becerreá	2
Begonte	3
Bóveda	2
Burela	5
Carballedo	
Castro de Rei	1
Castroverde	
Cervantes	
Cervo	2
Corgo, O	
Cospeito	1
Chantada	7
Folgoso do Courel	30
Fonsagrada, A	2
Foz	8
Friol	
Guitiriz	3
Guntín	1
Incio, O	1
Láncara	
Lourenzá	

Concello	Núm. Queixas
Lugo	66
Meira	1
Mondoñedo	4
Monforte de Lemos	11
Monterroso	2
Muras	
Navia de Suarna	1
Negueira de Muñiz	
Nogais, As	1
Ourol	1
Outeiro de Rei	
Palas de Rei	1
Pantón	2
Paradela	1
Páramo, O	1
Pastoriza, A	1
Pedrafita do Cebreiro	
Pobra de Brollón, A	
Pol	
Pontenova, A	3
Portomarín	
Quiroga	4
Rábade	3
Ribadeo	10
Ribas de Sil	
Ribeira de Piquín	1
Riotorto	
Samos	1
Sarria	5
Saviñao, O	

Concello	Núm. Queixas
Sober	1
Taboada	1
Trabada	
Triacastela	1
Valadouro, O	
Vicedo, O	1
Vilalba	7
Viveiro	9
Xermade	1
Xove	2
TOTAL LUGO	217

OURENSE

Concello	Núm. Queixas
Allariz	4
Amoeiro	1
Arnoia, A	1
Avión	
Baltar	1
Bande	
Baños de Molgas	1
Barbadás	46
Barco de Valdeorras, O	2
Beade	
Beariz	
Blancos, Os	
Boborás	1
Bola, A	
Bolo, O	
Calvos de Randín	
Carballeda de Valdeorras	
Carballeda de Avia	
Carballiño, O	6
Cartelle	
Castrelo de Miño	
Castrelo do Val	1
Castro Caldelas	
Celanova	4
Cenlle	
Coles	1
Cortegada	1
Cualedro	
Chandrexa de Queixa	2

Concello	Núm. Queixas
Entrimo	2
Esgos	
Gomesende	
Gudiña, A	
Irixo, O	
Larouco	
Laza	1
Leiro	
Lobeira	
Lobios	1
Maceda	
Manzaneda	
Maside	1
Melón	
Merca, A	2
Mezquita, A	
Montederramo	
Monterrei	
Muños	2
Nogueira de Ramuín	
Oímbra	
Ourense	139
Paderne de Allariz	
Padrenda	
Parada de Sil	
Pereiro de Aguiar	1
Peroxa, A	
Petín	2
Piñor	2

Concello	Núm. Queixas
Pobra de Trives, A	
Pontedeva	
Porqueira	
Punxín	
Quintela de Leirado	
Rairiz de Veiga	
Ramirás	
Ribadavia	6
Riós	
Rúa, A	
Rubiá	
San Amaro	
San Cibrao das Viñas	2
San Cristovo de Cea	
San Xoán de Río	
Sandiás	
Sarreaus	
Taboadela	
Teixeira, A	
Toén	1
Trasmiras	
Veiga, A	
Verea	
Verín	9
Viana do Bolo	1
Vilamarín	
Vilamartín de Valdeorras	
Vilar de Barrio	1
Vilar de Santos	
Vilardevós	
Vilariño de Conso	
Xinzo de Limia	3

Concello	Núm. Queixas
Xunqueira de Ambía	1
Xunqueira de Espadanedo	
TOTAL OURENSE	249

PONTEVEDRA

Concello	Núm. Queixas
Agolada	1
Arbo	2
Baiona	9
Barro	1
Bueu	1
Caldas de Reis	7
Cambados	9
Campo Lameiro	
Cangas	39
Cañiza, A	2
Catoira	1
Cerdedo	
Cotobade	1
Covelo, O	1
Crecente	1
Cuntis	2
Dozón	
Estrada, A	19
Forcarei	2
Fornelos de Montes	1
Gondomar	13
Grove, O	10
Guarda, A	7
Illa de Arousa	2
Lalín	9
Lama, A	6
Marín	30

Concello	Núm. Queixas
Meaño	1
Meis	3
Moaña	14
Mondariz	
Mondariz-Balneario	
Moraña	
Mos	9
Neves, As	2
Nigrán	11
Oia	3
Pazos de Borbén	1
Poio	13
Ponteareas	13
Pontecaldelas	2
Pontecesures	3
Pontevedra	58
Porriño, O	6
Portas	3
Redondela	21
Ribadumia	1
Rodeiro	1
Rosal, O	2
Salceda de Caselas	3
Salvaterra de Miño	1
Sanxenxo	8
Silleda	4
Soutomaior	2

Concello	Núm. Queixas
Tomiño	1
Tui	13
Valga	
Vigo	193
Vila de Cruces	3

Concello	Núm. Queixas
Vilaboa	3
Vilagarcía de Arousa	27
Vilanova de Arousa	2
TOTAL PONTEVEDRA	603


5.5 CURSO DADO ÁS QUEIXAS RECIBIDAS

Aquí clasificamos as queixas en tres grupos, por razón do procedemento seguido na súa tramitación. Incluímos no primeiro grupo as queixas que admitimos a trámite, distinguindo neste grupo aquelas cuxa tramitación concluímos durante o ano 2010 e as que aínda continuaban en trámite a finais do exercicio descrito. No segundo grupo describimos as queixas que decidimos rexeitar, por non reunir as condicións exixidas pola lei que rexe a nosa institución, mencionando a causa. E no terceiro, as queixas que tivemos que enviar ao *Defensor del Pueblo* ou a comisionados autonómicos, por ser da súa competencia.

CURSO DAS QUEIXAS

QUEIXAS PRESENTADAS	Núm.	
Admitidas:	1637	
	En trámite	442
	Concluídas	1195
Non admitidas	383	
	Causas:	
	Non actuación administrativa irregular	46
	Non actuación administrativa previa	142
	Relación xurídico-privada	55
	Asunto sub júdice	1
	Competencia xudicial	92
	Non competencia do Valedor	22
	Sentenza firme	7
	Carencia de fundamento	3
	Queixa inconcreta	6
	Non interese lexítimo	3
	Queixas anónimas	3
	Prazo superior a un ano	3
Remitidas ao Defensor del Pueblo e outros comisionados parlamentarios	376	

DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS PRESENTADAS



ESTADO PROCEDEMENTAL DE QUEIXAS POR ÁREAS


POR ÁREAS	NUM. QUEIXAS EN CADA ÁREA	QUEIXAS ADMITIDAS		QUEIXAS NON ADMITIDAS		QUEIXAS REMITIDAS AO DP	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
Emprego público e interior	229	169	73,80	39	17,03	21	9,17
Urbanismo e vivenda	146	112	76,71	28	19,18	6	4,11
Medio ambiente	178	161	90,45	9	5,06	8	4,49
Educación	343	145	42,27	20	5,83	178	51,9
Industria, comercio e turismo	160	91	56,88	64	40,00	5	3,13
Agricultura, gandería e pesca	40	37	92,50	3	7,50	0	0
Servizos sociais	210	199	94,76	10	4,76	1	0,48
Emigración e traballo	62	22	35,48	13	20,97	27	43,5
Sanidade	300	265	88,33	16	5,33	19	6,33
Xustiza	116	27	23,28	73	62,93	16	13,8
Administración económica e transportes	74	31	41,89	28	37,84	15	20,3
Obras públicas e expropiacións	104	29	27,88	7	6,73	68	65,4
Corporacións locais, servizos municipais e protección civil	219	210	95,89	9	4,11	0	0
Menores	61	30	49,18	26	42,62	5	8,2
Cultura e política lingüística	141	101	71,63	34	24,11	6	4,26
Sociedade da información	13	8	61,54	4	30,77	1	7,69
TOTAL	2396	1637	68,41	383	15,98	376	15,7

5.6 AS CAUSAS DE NON ADMISIÓN POR ÁREAS

As queixas que non foron admitidas a trámite durante 2010 son en total 383. Hai que salientar que a “non admisión” non significa ausencia de atención á queixa formulada; sempre se motiva amplamente esa non admisión e sobre todo se informa do máis conveniente na defensa dos dereitos ou intereses do reclamante, se observamos a existencia dunha actuación alternativa. No cadro que segue ofrecemos esquematicamente e por áreas as causas polas que non foron admitidas. No capítulo 1, ao facer a descrición das queixas por áreas, xa se fixo unha exposición pormenorizada de moitas delas

ÁREA	Número queixas	Non actuación administrativa irregular	Non actuación administrativa previa	Relación xurídico-privada	Asunto sub júdice	Competencia xudicial	Non competencia do valedor do pobo	Carencia de fundamento	Queixa inconcreta	Non interese lexítimo	Queixa anónima	Sentenza firme	Prazo superior a un ano
Emprego público e interior	39	6	24	1	0	4	2	0	1	0	1	0	0
Urbanismo e vivenda	28	9	9	4	0	4	1	0	1	0	0	0	0
Medio ambiente	9	3	3	0	0	0	1	0	2	0	0	0	0
Educación	20	2	13	2	0	0	0	0	0	3	0	0	0
Industria, comercio e turismo	64	8	34	20	0	0	2	0	0	0	0	0	0
Agricultura, gandería e pesca	3	0	1	1	0	1	0	0	0	0	0	0	0
Servizos sociais	10	2	5	1	0	0	0	0	1	0	1	0	0
Emigración e traballo	13	0	5	1	0	4	3	0	0	0	0	0	0
Sanidade	16	2	5	2	0	4	1	1	0	0	0	0	1
Xustiza	73	0	6	3	0	55	2	0	0	0	0	7	0
Administración económica e transportes	28	5	6	11	1	0	2	2	0	0	0	0	1
Obras públicas e expropiacións	7	2	2	1	0	0	2	0	0	0	0	0	0
Corporacións locais, servizos municipais e protección civil	9	0	6	0	0	0	2	0	0	0	1	0	0
Menores	26	1	0	1	0	19	4	0	0	0	0	0	1
Cultura e Política Lingüística	34	6	22	4	0	1	0	0	1	0	0	0	0
Sociedade da información	4	0	1	3	0	0	0	0	0	0	0	0	0
TOTAL	383	46	142	55	1	92	22	3	6	3	3	7	3

CADRO DE DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POLA CAUSA DA NON ADMISIÓN A TRÁMITE



5.7. DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS ADMITIDAS POR RAZÓN DAS ÁREAS DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA ÁS QUE SE REFIREN

No cadro que segue ofrecemos as queixas que foron admitidas a trámite, distribuídas por razón das áreas da administración pública ás que se refiren. Distinguimos aquí tamén entre as queixas que estaban concluídas ao finalizar o ano 2010 e as que seguían aínda en proceso de tramitación.

ÁREAS	NÚM. QUEIXAS ADMITIDAS	EN TRÁMITE		CONCLUÍDAS	
		Núm.	%	Núm.	%
Emprego público e interior	169	44	26,04	125	73,96
Urbanismo e vivenda	112	52	46,43	60	53,57
Medio ambiente	161	70	43,48	91	56,52
Educación	145	38	26,21	107	73,79
Industria, comercio e turismo	91	17	18,68	74	81,32
Agricultura, gandería e pesca	37	5	13,51	32	86,49
Servizos sociais	199	84	42,21	115	57,79
Emigración e traballo	22	4	18,18	18	81,82
Sanidade	265	32	12,08	233	87,92
Xustiza	27	5	18,52	22	81,48
Administración económica e transportes	31	5	16,13	26	83,87
Obras públicas e expropiacións	29	10	34,48	19	65,52
Corporacións locais, servizos municipais e protección civil	210	48	22,86	162	77,14
Menores	30	12	40,00	18	60,00
Cultura e política lingüística	101	15	14,85	86	85,15
Sociedade da información	8	1	12,50	7	87,50
TOTAL	1637	442	27,00	1195	73,00

5.8 DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS REFERIDAS Á ADMINISTRACIÓN PÚBLICA GALEGA, SEGUNDO NIVEIS


Ofrecemos no seguinte cadro as queixas que se refiren ás administracións públicas galegas, distribuídas entre cada unha, isto é, segundo que afecten á Xunta de Galicia, aos concellos, ás deputacións provinciais ou ás universidades. Quedan polo tanto fóra desta clasificación as que se refiren á administración xeral do Estado e os órganos xurisdicionais.

Administración	Queixas	
	Número	Porcentaxe
Administración autonómica galega	1012	65,63 %
Concellos	482	31,26 %
Deputacións provinciais	29	1,88 %
Universidades galegas:	19	1,23 %
* Santiago de Compostela 6		
* Vigo 6		
* A Coruña 3		
* CIUG 4		
Total	1542	

TOTAL DE ACTUACIÓNS

Administracións galegas	1542
Outras (Estado, órganos xurisdicionais, etc.)	95
TOTAL	1637

DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POLAS ADMINISTRACIÓNS AFECTADAS




5.9 DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS QUE SE REFIREN Á XUNTA DE GALICIA, SEGUNDO CONSELLERÍAS

As queixas que se refiren á Xunta de Galicia presentámolos no seguinte cadro distribuídas por consellerías. Como se observa no cadro, as máis numerosas son as que se refiren á Consellería de Sanidade e á Consellería de Traballo e Benestar, con porcentaxes do 30,83 % e 21,94 %, respectivamente.

Consellerías	Núm. queixas	Porcentaxes
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	23	2,27 %
Consellería de Facenda	22	2,17 %
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	87	8,60 %
Consellería de Economía e Industria	60	5,93 %
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	133	13,14 %
Consellería de Sanidade	312	30,83 %
Consellería de Cultura e Turismo	57	5,63 %
Consellería de Traballo e Benestar	222	21,94 %
Consellería do Medio Rural	89	8,79 %
Consellería do Mar	7	0,69 %
Total	1012	

DISTRIBUCIÓN POR CONSELLERIAS DAS QUEIXAS QUE AFECTAN Á XUNTA DE GALICIA



Totales: 1012

5.10. QUEIXAS REFERIDAS ÁS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS E AOS CONCELLOS

Nestes cadros constan os datos numéricos sobre as queixas referidas ás deputacións provinciais e aos concellos. Os datos referidos aos concellos presentámoslos distribuídos por provincias. Observamos que o concello con máis queixas é Vigo, con 64 queixas. Os seguintes foron Marín (26), A Coruña (22), e Santiago de Compostela e Gondomar, con 19 cada un.

5.10.1 QUEIXAS REFERENTES ÁS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS:

Deputación da Coruña	2
Deputación de Lugo	26
Deputación de Ourense	0
Deputación de Pontevedra	1

5.10.2 QUEIXAS REFERENTES AOS CONCELLOS:

5.10.2.1 A CORUÑA

Concello	Núm. Queixas
Abegondo	6
Ames	7
Aranga	
Ares	2
Arteixo	5
Arzúa	1
Baña, A	
Bergondo	1

Concello	Núm. Queixas
Betanzos	3
Boimorto	
Boiro	4
Boqueixón	
Brión	5
Cabana de Bergantiños	
Cabanas	8
Camariñas	1

Concello	Núm. Queixas
Cambre	6
Capela, A	
Carballo	4
Cariño	2
Carnota	2
Carral	
Cedeira	3
Cee	
Cerceda	
Cerdido	
Cesuras	
Coirós	1
Corcubión	
Coristanco	
Coruña, A	22
Culleredo	4
Curtis	2
Dodro	
Dumbría	
Fene	
Ferrol	9
Fisterra	
Frades	
Irixoa, A	
Laxe	
Laracha	4
Lousame	1
Malpica de Bergantiños	3
Mañón	
Mazaricos	1
Melide	2
Mesía	1

Concello	Núm. Queixas
Miño	
Moeche	1
Monfero	1
Mugardos	
Muxía	2
Muros	4
Narón	
Neda	2
Negreira	
Noia	
Oleiros	4
Ordes	
Oroso	
Ortigueira	1
Outes	1
Oza dos Ríos	
Paderne	
Padrón	8
Pino, O	
Pobra do Caramiñal, A	1
Ponteceso	2
Pontedeume	3
Pontes de García Rodríguez, As	1
Porto do Son	1
Rianxo	2
Ribeira	5
Rois	2
Sada	3
San Sadurniño	
Santa Comba	1
Santiago de Compostela	19
Santiso	1

Concello	Núm. Queixas
Sobrado	
Somozas	
Teo	2
Toques	
Tordoia	
Touro	
Trazo	
Val do Dubra	
Valdoviño	3
Vedra	3
Vilarmajor	
Vilasantar	
Vimianzo	
Zas	
TOTAL A CORUÑA	183

5.10.2.2 LUGO

Concello	Núm. Queixas
Abadín	
Alfoz	
Antas de Ulla	1
Baleira	
Baralla	1
Barreiros	1
Becerreá	1
Begonte	
Bóveda	
Burela	
Carballedo	
Castro de Rei	
Castroverde	
Cervantes	
Cervo	1
Corgo, O	
Cospeito	
Chantada	1
Folgoso do Courel	1
Fonsagrada, A	
Foz	2
Friol	
Guitiriz	
Guntín	
Incio, O	
Láncara	
Lourenzá	
Lugo	16
Meira	

Concello	Núm. Queixas
Mondoñedo	2
Monforte de Lemos	6
Monterroso	
Muras	
Navia de Suarna	
Negueira de Muñiz	
Nogais, As	
Ourol	
Outeiro de Rei	
Palas de Rei	1
Pantón	
Paradela	
Páramo, O	
Pastoriza, A	
Pedrafita do Cebreiro	1
Pobra de Brollón, A	
Pol	
Pontenova, A	1
Portomarín	
Quiroga	
Rábade	
Ribadeo	3
Ribas de Sil	
Ribeira de Piquín	1
Riotorto	
Samos	1
Sarria	
Saviñao, O	
Sober	
Taboada	
Trabada	
Triacastela	1

Concello	Núm. Queixas
Valadouro, O	1
Vicedo, O	
Vilalba	1
Viveiro	4
Xermade	
Xove	
TOTAL LUGO	48

5.10.2.3 OURENSE

Concello	Núm. Queixas
Allariz	1
Amoeiro	
Arnoia, A	
Avión	
Baltar	
Bande	
Baños de Molgas	
Barbadás	
Barco de Valdeorras, O	1
Beade	
Beariz	
Blancos, Os	
Boborás	
Bola, A	
Bolo, O	1
Calvos de Randín	1
Carballeda de Valdeorras	
Carballeda de Avia	
Carballiño, O	3
Cartelle	
Castrelo de Miño	
Castrelo do Val	1
Castro Caldelas	
Celanova	3
Cenlle	1
Coles	1
Cortegada	
Cualedro	
Chandrexa de Queixa	3

Concello	Núm. Queixas
Entrimo	
Esgos	
Gomesende	
Gudiña, A	
Irixo, O	
Larouco	
Laza	2
Leiro	2
Lobeira	
Lobios	
Maceda	
Manzaneda	
Maside	
Melón	
Merca, A	
Mezquita, A	
Montederramo	
Monterrei	
Muños	1
Nogueira de Ramuín	1
Oímbra	
Ourense	17
Paderne de Allariz	
Padrenda	
Parada de Sil	
Pereiro de Aguiar, O	
Peroxa, A	
Petín	1
Piñor	

Concello	Núm. Queixas
Pobra de Trives, A	
Pontedeva	
Porqueira	
Punxín	
Quintela de Leirado	
Rairiz de Veiga	
Ramirás	
Ribadavia	2
Ríos	
Rúa, A	
Rubiá	1
San Amaro	
San Cibrao das Viñas	
San Cristovo de Cea	1
San Xoán de Río	
Sandiás	
Sarreaus	
Taboadela	
Teixeira, A	
Toén	
Trasmiras	
Veiga, A	
Verea	
Verín	2
Viana do Bolo	
Vilamarín	
Vilamartín de Valdeorras	
Vilar de Barrio	1
Vilar de Santos	1
Vilardevós	1
Vilariño de Conso	
Xinzo de Limia	2

Concello	Núm. Queixas
Xunqueira de Ambía	
Xunqueira de Espadanedo	
TOTAL OURENSE	51

5.10.2.4 PONTEVEDRA

Concello	Núm. Queixas
Agolada	1
Arbo	
Baiona	3
Barro	
Bueu	1
Caldas de Reis	
Cambados	1
Campo Lameiro	
Cangas	9
Cañiza, A	
Catoira	
Cerdedo	
Cotobade	
Covelo, O	1
Crecente	2
Cuntis	
Dozón	
Estrada, A	3
Forcarei	1
Fornelos de Montes	
Gondomar	19
Grove, O	2
Guarda, A	3
Illa de Arousa, A	
Lalín	1
Lama, A	
Marín	26
Meaño	

Concello	Núm. Queixas
Meis	
Moaña	9
Mondariz	
Mondariz-Balneario	
Moraña	
Mos	5
Neves, As	1
Nigrán	1
Oia	1
Pazos de Borbén	2
Poio	3
Ponteareas	2
Pontecaldelas	
Pontecesures	3
Pontevedra	10
Porriño, O	1
Portas	2
Redondela	6
Ribadumia	
Rodeiro	
Rosal, O	1
Salceda de Caselas	2
Salvaterra de Miño	
Sanxenxo	3
Silleda	1
Soutomaior	1
Tomiño	1
Tui	2
Valga	

Concello	Núm. Queixas
Vigo	64
Vila de Cruces	1
Vilaboa	
Vilagarcía de Arousa	5
Vilanova de Arousa	
TOTAL PONTEVEDRA	200

ANEXO

Liquidación orzamento (artigo 37.4 da Lei 6/1984)

En cumprimento do establecido no artigo 37.4 da Lei 6/84, do Valedor do Pobo, os artigos 27 e 28 do seu Regulamento de organización e funcionamento, así como o disposto no artigo 18 do Regulamento de réxime presupostario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo, achégase liquidación do presuposto da Institución do Valedor do Pobo referida ao ano 2010.

É de sinalar que no momento de presentación deste informe, está en curso a súa tramitación ante o órgano da Cámara competente para a súa ulterior aprobación.

VALEDOR DO POBO

Data de Referencia: 31/12/2010
Data de Creación: 03/03/2011

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS
I.- LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE INGRESOS

CONCEPTO	MODIFICACIÓN DE PREVISIONS			DEREITOS RECONOCIDOS NETOS	RECADACIÓN NETA	DEREITOS CANCELADOS	DEREITOS PDTES. DE COBRO NO 31/12
	PREVISIONS INICIAIS	MODIFICACIONES	PREVISIONS DEFINITIVAS				
3	0,00	0,00	0,00	13.665,11	13.286,24	0,00	378,87
4	2.036.125,00	0,00	2.036.125,00	1.684.220,80	1.508.268,72	0,00	175.952,08
Total operacións correntes	2.036.125,00	0,00	2.036.125,00	1.697.885,91	1.521.554,96	0,00	176.330,95
7	75.300,00	0,00	75.300,00	75.300,00	75.300,00	0,00	0,00
Total operacións capital	75.300,00	0,00	75.300,00	75.300,00	75.300,00	0,00	0,00
5	30.050,00	0,00	30.050,00	48.504,18	48.504,18	0,00	0,00
Total operacións patrimoniais	30.050,00	0,00	30.050,00	48.504,18	48.504,18	0,00	0,00
Total operacións non financeiras	2.141.475,00	0,00	2.141.475,00	1.821.690,09	1.645.359,14	0,00	176.330,95
8	15.000,00	0,00	15.000,00	8.673,25	8.673,25	0,00	0,00
Total cap. 8 e 9	15.000,00	0,00	15.000,00	8.673,25	8.673,25	0,00	0,00
Total operacións financeiras	15.000,00	0,00	15.000,00	8.673,25	8.673,25	0,00	0,00
Total Xen.:	2.156.475,00	0,00	2.156.475,00	1.830.363,34	1.654.032,39	0,00	176.330,95

VALEDOR DO POBO

Data de Referencia: 31/12/2010

Data de Creación: 03/03/2011

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS
I.- LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE GASTOS

CL. ORGÁNICA **0102** **VALEDOR DO POBO**

CL. FUNCIONAL **111B** **Actividade legislativa**

ECONÓMICO	CRÉDITOS ORZAMENTARIOS			COMPROMETIDOS	OBRIG. REC. NETAS	REMANENTES CRÉDITO	PAGOS	OBL. PDTES. NO 31/12
	INICIAIS	MODIFICAC.	DEFINITIVOS					
1	1.631.425,00	-8.168,83	1.623.256,17	1.427.374,79	1.427.374,79	195.881,38	1.427.290,29	84,50
2	434.650,00	8.168,83	442.818,83	417.976,24	417.976,24	24.842,59	375.692,53	42.283,71
4	100,00	0,00	100,00	0,00	0,00	100,00	0,00	0,00
Total operacións correntes	2.066.175,00	0,00	2.066.175,00	1.845.351,03	1.845.351,03	220.823,97	1.802.982,82	42.368,21
6	71.300,00	0,00	71.300,00	26.228,35	26.228,35	45.071,65	22.414,58	3.813,77
7	4.000,00	0,00	4.000,00	2.690,20	2.690,20	1.309,80	2.057,07	633,13
Total operacións capital	75.300,00	0,00	75.300,00	28.918,55	28.918,55	46.381,45	24.471,65	4.446,90
Total operacións non financeiras	2.141.475,00	0,00	2.141.475,00	1.874.269,58	1.874.269,58	267.205,42	1.827.454,47	46.815,11
8	15.000,00	0,00	15.000,00	7.173,49	7.173,49	7.826,51	7.173,49	0,00
Total cap. 8 e 9	15.000,00	0,00	15.000,00	7.173,49	7.173,49	7.826,51	7.173,49	0,00
Total operacións financeiras	15.000,00	0,00	15.000,00	7.173,49	7.173,49	7.826,51	7.173,49	0,00
